DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

HOMENAXE Ó PROFESOR
Constantino García

TOMO II

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

HOMENAXE Ó PROFESOR

Constantino García

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

HOMENAXE Ó PROFESOR
Constantino García

Coordenado por
MERCEDES BREA
e
FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

TOMO II

1991

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

HOMENAXE ó profesor Constantino García / [Patrocinado polo] Departamento de Filoloxía Galega ; Coordenado por Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei. — Santiago de Compostela : Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1991. — 2 v. (542, 639 p.) ; 24 cm.— D.L.: C-1581-1990. — ISBN 84-7191-690-8 (v. 1). ISBN 84-7191-691-6 (v. 2). ISBN 84-7191-692-4 (obra completa).

I. Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Filoloxía Galega, patroc.; II. Brea, Mercedes, coord.; III. Fernández Rei, Francisco, coord.; IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

8

© Universidade de
Santiago de Compostela, 1991

EDITA: Servicio de Publicacións
e Intercambio Científico
Casa Gradín
Campus Universitario

IMPRIME: Imprenta Universitaria
Pavillón de Servicios
Campus Universitario

Dep. Leg.: C-1581-1990
ISBN: 84-7191-692-4 (obra completa)
ISBN: 84-7191-691-6 (v. 2)

II

HISTORIA EXTERNA, HISTORIOGRAFÍA, SOCIOLINGÜÍSTICA

O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)

XESÚS ALONSO MONTERO

Para Constantino García, polas súas obras, nomeadamente por ese milagriño de 1971: o Instituto da Lingua Galega.

1. INTRODUCCION: DA HABANA A CORUÑA

1.1. Unha Academia serodia

En setembro de 1906, data do nacemento oficial da Real Academia Galega (1), o noso Rexurdimento literario cumprira, "grosso modo", medio século (2). Polo menos desde 1875 existen voces (3), algunhas moi autorizadas, que propoñen a creación dun Instituto Literario que entenda en cuestións idiomáticas e dictamine sobre elas. Vista a anarquía gráfica dos impresos en galego e vistos os criterios lingüísticos dos autores, a miúdo moi distintos, algúns escritores senten a necesidade de que se constitúa unha Academia que teña como misión exclusiva, ou fundamental, estudia-lo idioma do país e establecer unhas certas pautas normativas.

Nas propostas uns e outros insisten non só na necesidade senón tamén na urxencia dunha Academia, e o que sorprende hoxe é que haxa que chegar ó ano 1906 para que o cobizado proxecto se materialice. En realidade, houbo máis ca proxectos e propostas. En 1895 unha Comisión Xestora redactara xa un regulamento. Parece que manobras beocias (4), ademais de certos personalismos, impediron que a Academia se constituíse nese ano.

1.2. A Asociación Iniciadora...: Curros Enríquez e Fontenla Leal

Dez anos despois, en 1905, a idea e a iniciativa xorde na Galicia Emigrante, na Habana, onde un grupo de "patriotas" funda a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. Presídea coa súa extraordinaria categoría de escritor Manuel Curros Enríquez, sen embargo convén ter moi en conta que a peza

(1) Desde agora RAG ou AG (Academia Galega).

(2) Contemos desde 1853 *(A gaita gallega)* ou desde 1863 *(Cantares gallegos).*

(3) Vid. o meu art. "Prehistoria da Academia Galega (A procura da norma culta de 1875 a 1905)", *Grial*, 99, 1988. Hoxe podería ofrecer máis pronunciamentos.

(4) Vid. o art. de Curros, que se exhuma por primeira vez, no Apéndice I.

clave e o motor desta Institución foi Xosé Fontenla Leal, unha personalidade que está a reclamar unha pormenorizada biografía. Nun artigo meu de 1987 (5) fago unha semblanza deste litógrafo ferrolán, emigrante en Cuba desde neno, que hai tempo agarda, repito, a man dun biógrafo. Sen o seu traballo e o seu entusiasmo non abondaría o prestixio de Curros para que a Asociación se consolidase e fose eficaz. Debo aclarar que, ó suliña-la entrega deste emigrante case anónimo, non pretendo diminuí-lo papel e o compromiso de Curros Enríquez. O propio Curros recoñece, en carta a Murguía, o papel decisivo de Fontenla, "el más entusiasta coleccionador de cosas gallegas que tenemos en La Habana, un noble obrero que le quiere a usted mucho y a quien le ruego le envíe un ejemplar de *Los Trovadores*" (6).

Así pois, o que non conseguiu, *en Galicia,* un grupo significativo de escritores, autoconvocados para crearen en unha institución académica, conséguese, *desde Cuba,* dez anos despois. Fundada a Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega, Curros e Fontenla diríxense, en 1905, ás mesmas persoas, grosso modo, que se autoconvocaran, sen éxito, en 1895. Nunha e noutra data o nome fundamental é o de Manuel Murguía. Por conseguinte, unha mesma iniciativa calla se vén de fóra. Parece claro que a autoconvocatoria implicaba ou desataba graves personalismos.

A Academia á que se refire Curros Enríquez no seu artigo de 1895 é, claramente, unha Academia da Lingua, e no fundamental esta é a concepción da Asociación Iniciadora, polo menos no comezo. No seu primeiro comunicado, dirixido a Murguía a mediados de xullo de 1905, a Asociación prodúcese nestes termos: "Por acuerdo de la Comisión de Reglamento de la *Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega,* que acaba de constituirse en la Habana a los fines y sobre las bases de que trata la adjunta circular, y en cumplimiento de lo que ordena el art. 2º apº 7º de dicho Reglamento, tengo el honor de comunicar a V. que ha sido designado por dicha Asociación para proceder con el concurso de los Sres. don José Pérez Ballesteros y D. Andrés Martínez Salazar, de la Coruña; don Indalecio Varela Lenzano y D. Jesús Rodríguez López, de Lugo; don Arturo Vázquez y D. Benito Fernández Alonso, de Orense; D. Casto Sampedro y D. Víctor Said Armesto, de Pontevedra, y D. Ángel Amor Ruibal y D. Juan Barcia Caballero, de Santiago, a la creación y constitución, conforme a los Estatutos que Vds. crean mejores, de la Academia Gallega que *ha de formar el Diccionario y Gramática de nuestra lengua,* y que deberá establecerse en la localidad que Vds. estimen más a propósito para reunir a sus miembros" (O suliñado é noso) (7).

1.3. ¿Unha Academia da Lingua?

Desde o principio a Academia non é totalmente consoante coas ideas do artigo de Curros e coas do primeiro comunicado da Asociación. A Comisión

(5) "Un obreiro, Curros e a Academia", *A Nosa Terra* (A nosa cultura 9), Vigo, 1987.

(6) R. Villar Ponte, *Días hechos y hombres de la Real Academia Gallega*, La Coruña, Impr. Roel, 1953, p. 11.

(7) *Boletín de la Real Academia Gallega*, La Coruña, nº 1, p. 1 (Desde agora, *Boletín*).

Xestora, na súa primeira xuntanza (4-9-1905), acorda: "Dado cuenta de que la Academia deberá constar de las secciones de Ciencias, Historia, Literatura y Bellas Artes, según lo prescrito en el Reglamento de la Asociación de La Habana..." (8). En efecto, no Regulamento da Asociación Iniciadora establécese:

> "Art. 2º La Asociación tendrá por objeto:
>
> 1º Constituir en el punto que mejor convenga de Galicia una Academia Gallega ajena a toda idea política y religiosa sin más carácter que el de dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una Gramática y un Diccionario; estudiar nuestras ciencias; cultivar la literatura y las artes, inclusas las industriales; recoger nuestros cantos populares y nuestros monumentos arqueológicos, y realizando cuanto tienda a enaltecer y glorificar el buen nombre de Galicia.
>
> 2º La Academia se organizará con las secciones siguientes:
> 1º Ciencias. 2º Historia y Literatura. 3º Bellas Artes." (9)

Está claro que os "cubanos" propoñen a creación dun Instituto poligráfico e non, exactamente, unha Academia da Lingua Galega, pero tamén é evidente que para eles unha tarefa fundamental, quizais a máis importante, sería a lingüística. Nesta idea insiste a Asociación Iniciadora na mensaxe que envía ós Académicos para ser lida (e foino) na sesión inaugural da Corporación: "Tócaos ahora entrar libremente en el ejercicio de vuestra cultísima misión. Bajo el lema «Colligit, Expurgat, Innovatque», inspirándoos en sus elevados preceptos, acometeréis en primer término la formación de un Diccionario y la Gramática oficial de nuestra lengua; y tanto para éste, como para los demás fines..." (10).

Por tanto, aínda que no Regulamento da Asociación non se define a Academia como unha Academia da Lingua (stricto sensu), existen pronunciamentos desta institución que proban, elocuentemente, que o estudio e normativización da Lingua debería se-la tarefa principal.

Vexamos agora como se define a Academia. No artigo 1º dos seus Estatutos establece: "El objeto de la Academia, patrocinada por la *Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega,* de la Habana, es cultivar las Bellas Letras en general y especialmente aquellos estudios que más pueden contribuir al conocimiento de la historia, antigüedades y lengua de Galicia." (11).

Está claro, ó meu ver, que a Academia é pouco consecuente, en materia lingüística, co regulamento da Asociación que a promoveu. O protagonismo da Lingua (ou un certo protagonismo), presente na Habana, desaparece na Coruña. Non hai nos Estatutos ningunha puntualización como a do artigo 2º, 1º do regulamento da Asociación ("...dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una Gramática y un Diccionario".

Así as cousas, examinémo-lo acto inaugural da RAG para ver en que medida este acto está ou non inspirado polo criterio e os pronunciamentos dos fundadores da Asociación Iniciadora. A sesión inaugural tivo lugar no salón de festas

(8) *Boletín,* nº 1, p. 3.
(9) *Ibid.*, nº 2, p. 25.
(10) *Ibid.*, nº 6-7, p. 134.
(11) *Ibid.*, nº 3, p. 49.

da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña o 30 de setembro de 1906 ás 7,30 da tarde (12).

2. A SESION INAUGURAL: PROTAGONISTAS, CONTIDOS, AUSENCIAS, LINGUAS, INCOHERENCIAS...

2.1. Programa do acto

I. Lectura, polo secretario Sr. Carré Aldao, do Real Decreto no que se aproban os Estatutos da Academia e se lle outorga o título de Real (13).

*A Academia fora constituída na Casa Consulado da Coruña un ano antes: o 4 de setembro de 1905.

II. O Sr. Secretario le unha carta da Presidenta de Honra Dª Emilia Pardo Bazán na que excusa a súa ausencia debido a "una indisposición repentina" (14).

*Todo fai supoñer que a carta é unha forma civilizada, por parte de dona Emilia, para non sentar á beira de don Manuel Murguía. Sabido é que don Manuel e dona Emilia estaban moi encontrados desde 1885. Murguía, pois, presidirá o acto sen ter que comparti-la presidencia.

III. Discurso de D. Manuel Murguía, Presidente da RAG, lido polo académico numerario don Manuel Banet Fontenla.

*Unha revista fala dos achaques e da pouca voz, nesas datas, de Murguía (15).

IV. "Memoria de secretaría", lida por don Uxío Carré Aldao, na que se fai unha breve historia da xestación e primeiras actividades da Academia.

V. Lectura das adhesións.

VI. Breve gabanza do académico numerario don Valentín Lamas Carvajal, que falecera en Ourense o 4 deste mes de setembro. Pronunciou esta oración don Manuel Lugrís Freire, membro numerario da Corporación (16). Tamén leu o poema de Lamas "Amor da patria".

VII. Lectura, polo académico numerario D. Salvador Golpe, de "Mensaje que la Directiva de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega dirige a tan docta Corporación con motivo de su inauguración oficial".

VIII. Lectura, por Manuel Lugrís Freire, do poema "Ja chegáran os días", escrito polo membro numerario Eduardo Pondal "ad hoc".

---

(12) E non ás 7 como se pode ler nalgúns periódicos antes do 30.

(13) *Gaceta de Madrid*, 2-9-1906.

(14) *Boletín*, nº 6-7, p. 125.

(15) *Galicia*, Habana, nº 42, 27-10-1906.

(16) Se a escribiu, quero facer constar que o texto non se recolle no nº 6-7 do *Boletín* (20-11-1906).

IX. O Sr. Carré Aldao le o discurso de don Manuel Lago González "Elogio de la lengua gallega".

X. D. Salvador Golpe le o poema "Galicia" do académico numerario don Juan Barcia Caballero.

XI. O Sr. Lugrís Freire le o longo discurso "Protesta de Pedro Padrón" do que era autor o membro de número don Leandro de Saralegui y Medina.

XII. O poema de Curros Enríquez "Introducción" de *Aires da miña terra* é lido polo Sr. Lugrís Freire.

XIII. Palabras de clausura do Alcalde da Coruña Sr. Sánchez Anido.

2.2. Presencias e ausencias

Galo Salinas, que era arquiveiro-bibliotecario da Corporación, nun editorial da *Revista Gallega,* que el dirixía, publicado o mesmo día da inauguración (30-9-1906), escribe:

> "Hoy es día de gloria.
>
> Los periódicos todos de la región debieran orlar su primera plana con un himno de salutación.
>
> A ello les obliga, no sólo su patriotismo, sino el deber a que les conmina la misión que cumplen.
>
> Galicia entra de lleno en el goce de las preeminencias reservadas a las regiones más cultas.
>
> La Real Ccademia Gallega inaugurará sus funciones a la hora en que el astro diurno se pone.
>
> Un sol aparece para suplir al sol que se oculta y que al surgir de nuevo en la inmediata alborada, confundirá sus ígneos destellos con los que irradien de la resplandeciente institución".

As palabras de Galo Salinas, non exentas de retórica, están cheas de entusiasmo. Mais o certo é que, en xeral, os periódicos do país estiveron lonxe de orlaren a súa primeira páxina cun "himno de salutación" (17). En canto ó acto en si, foi, como acto social, de certa pobreza. Na Crónica que se estampa no *Boletín* da Academia lemos:

> "Muchos señores académicos, no residentes en la localidad, delegaron su representación para el acto inaugural, en académicos domiciliados en La Coruña.
>
> Dificultades de última hora impidieron que una orquesta amenizase el acto de la inauguración interpretando música popular y de los maestros gallegos Adalid, Montes, Veiga, Chané y otros" (18).

Cómpre precisar que o 30 de setembro era domingo, circunstancia que facilitaba, sen dúbida, a asistencia á sesión. Pois ben, faltaron "muchos señores académicos", entre eles Pondal, Lago e Saralegui, autores de traballos escritos para o acto inaugural. A estas ausencias hai que engadi-la de Emilia Pardo Bazán, Presi-

(17) Ademais da *Revista Gallega* (A Coruña), sempre entusiasta da Academia, debe destacarse o nº 42 de *Galicia* (Habana, 27-10-1906). Non creo que haxa páxinas semellantes nos periódicos galegos deses primeiros días de outubro.

(18) *Boletín*, nº 6-7, p. 124.

denta de Honra da Institución. Sobre o estamento das autoridades, o Cronista precisa: "Invitadas las autoridades, nos honraron con su asistencia el Alcalde de La Coruña y el Presidente de la Diputación provincial. Los señores Capitán General, Presidente de la Audiencia y Gobernador Civil, por sus ocupaciones unos y por indisposición otros, no pudieron asistir". Pero o Cronista non aclara se o Gobernador Civil, o Presidente da Audiencia e o Capitán Xeral "xustificaron" e lamentaron a ausencia, como o fixo a Presidenta de Honra. Cabe sospeitar que non o fixeron.

Verbo do público, puntualiza o Cronista oficial: "Con numerosa y selecta concurrencia, entre la que predominaban el elemento femenino y distinguidos escritores, literatos y artistas...". Non é esta a apreciación doutros observadores.

Pobre é, case mísero, o capítulo de adhesións, se ben hai unha, a do escritor sueco Gorän Björkman (19), que debería ser reproducida en letras de ouro. Trátase dun telegrama en latín con este texto: "Viva, floreat natio galaica". Semellante texto desentoaba un pouco naquela velada. Sete anos despois (1913), ó felicitar a don Manuel Murguía no seu octoxésimo aniversario, fala, esta vez en castelán, da "brava nación gallega" (20).

2.3. Unha crónica non oficial

Interesa, non pouco, reproduci-lo artigo que, co título "A inauguración da nosa Academia Gallega", publica Valentina Lago-Valladares (21) no nº 606 da *Revista Gallega* o 28 de outubro de 1906, ou sexa, días despois da sesión inaugural.

> O meu curmán e sempre entusiasta galego Manuel Pereira Moiño, alumno da Escola superior de Guerra.
>
> Eu, non saberei desemular a vanidá tan grande que sentín cando recibín a invitación para asistir ó solene acto, logo de tere sido nomeada académica correspondiente.
>
> Priguiceira pra salir do currunchо do meu lar; achacosa por unha salú sempre nubrada, ben poucas veces estando mais aló ó voar das miñas aspiracións e dos meus gustos artísticos, mirando o mesmo paisaxe de todol-os días cal fondal de convento, cercado por altas murallas, onde as avelaiñas da cencia e da literatura, me enteran do que pasa no mundo; alá lonxe noutros hourizontes...
>
> Dous anhelos moy grandes, duas ansias soliñas leváronme o pobo da Cruña, aquela pracenteira tarde de setembre: contemprar a inauguración d'un dos mais grandes entusiasmos da miña vida, sentir pretiño de min o refrexo dos nosos ideás, e dar fé da rexeneración e cul-

(19) Académico correspondente da Galega, Björkman (1860-1923), poeta innovador, extraordinario políglоto, un dos seis membros do Instituto Nobel..., traduciu á súa lingua poemas de Rosalía, Curros, Pondal, Lamas, etc. Pese á nota necrolóxica de páxina e media que publica o *Boletín* (nº 159, 1-1-1924), ben merecía un estudio.

Non se confunda a este escritor sueco con C. Viktor E. Björkman, quen, coa colaboración da súa muller, traduciu ó alemán poemas de Rosalía (Vid. *Boletín*, nº 71, 1-4-1913, p. 280).

(20) *Boletín*, nº 73, 1-6-1913, p. 33.

(21) Trátase da ferrolá Hipólita Muíño. Na lista de Académicos correspondentes que publica o *Boletín* (nº 2, p. 26) figura como Hipólita Muíño de Landrove. -Téñase en conta que á nosa Academia, como proclamaba na sesión inaugural o Secretario, "tócale ser la primera que da cabida en su seno a la mujer [...] y seguidamente se acordó fuesen académicas correspondientes todas las mujeres que en Galicia se consagran al cultivo de las artes, ciencias y letras" (*Boletín*, nº 6-7, p. 130).

tura do noso mimoso idioma, e logo conocer á ilustre presona da Sra. Pardo Bazán, e sentila parolar c'a ademiración que se merece tan notabre escritora.

E asina, chea de emociós a miña y-alma pol-o que iba á ver e escoitar n'aquela apertura de tanta groria pra Galicia, sain en direución a calle de San Andrés, onde ten o bonito local á sociedá que lle chaman *Reunión de Artesanos*. Hora, á das sete, oficial, xa entrada á noite, e cando o ceo pechaba á lus do día.

Cheguei á porta d'aquel tempro do arte, e quedeime un pouco parva cando vin tanto silencio. ¿Será cedo? -dixen eu pra min- pois coidei que a inauguración da Academia, sería unha festa grande pra todol-os gallegos, unha festa que semellase á un día do patrón nos nosos rueiros, con múseca da terriña, e as doces cántigas dos nosos soutos e das nosas fiadas. Alguén mofouse da miña creencia. Un anaco de pesar cravóuseme no corazón, y entrei un pouco apenada, caladiña, sen dar outra fala pois podían chamarme montañesa, ou gallega moi vella, que ben á ser ó mesmo. Unhos señores, que non sei se eran académicos, estaban parolando n-unha antesala, e fixéronnos unha gran riverencia.

O salón da artística sociedá, xa tiña algunha xente. O púbrico non era moito, pro ben escollido, mais tan caladiño estaba que me parecía non asistir á un bautizo das nosas grorias galáicas, se non ás tristuras de quen morre.

Entramentres non encomenzou o acto, eu senteime nun sitiño modesto onde ninguén se decatase de min. Dendes d'alí, ollei á xente que había no salón. Non sei se contei unha ducia de mulleres, e doume pesar. ¿Onde están as intelectuales? -dixen en paseniño- ¿Onde están as maestras que saen de esas Normales, un pozo de cencia, e que son as chamadas a adornar estas festas da patria pequena? ¿Onde están esas oetisas, esas escritoras gallegas que tanto bruan de literatas e rexionalistas? Non me deu tempo á mais refreusiós unha adevertencia que me fixeron: diante de min, n-un diván roxo, estaba sentada unha ilustrada maestra da Cruña (22). Unha rapaciña nova que está encomenzando á lucir ó moito que vale, unha nena á quen xa premiaron por segunda vez en púbrico certamen: rapaza que promete se non se torna muda como tantas outras lumbreiras do Magisterio.

Un académico correspondiente, chegouse á min pra saludarme, e darme ó mesmo tempo, unha mala nova.

A Sra. Pardo Bazán, non asistía á festa, por irlle moi mal de salú. Así o decía nunha expresiva carta que mandara a Academia, e que mais tarde leeu ó Sr. Carré.

Eu non conozo á Dª Emilia, e xa vou perdendo á esperanza de cumprir este antoxo. Fai moitos anos que busco á ocasión pra ademirala, e sempre por unhas cousas ou por outras, deixei de vela e escoitala: sei que unha meiga ma leva de diante.

Encomenzou o acto, e n'aquel escenario onde se xuntaban un fato de académicos é escritores e de verdadeiros gallegos, parecíame un niño de paxariños que cantan n-as arboredas e nos pinares n-as escuras tardes de outono. Presideu D. Manuel Murguía, que é presidente efeutivo da Academia, e dábame xenio ver aquela venerable cabeza, mais branca que á neve das nosas montañas, e aqueles ollos cheos de emoción vendo á verdá de un sono, que él tamén tanto persigueu. O discurso do señor Murguía foi unha folla chea de bellezas literarias. Leu o señor secretario unha ben escrita Memoria, e os descursos do Sr. Saralegui e Lago González, foron un puñado de cencia e historia da terriña. Moi sentidas as poesías de Pondal e Barcia Caballero. O señor Lugrís recita á poesía gallega do primeiro d'estes señores moi adimirablemente, oindo, maxinábame estar o pé dos castiñeiros e das fontiñas marmuladoras. O Sr. Golpe, non desmereceu nada de fai algunhos anos... é un poeta que moito vale; moi patrióticó ó Mensaxe dos galegos da Habana, e sempre un anaco de alma gallega, a poesía que do Sr. Curros Enríquez leeu ó Sr. Lugrís. E acabouse a velada con un recordo -e Dios llo pague- pra duas mulleres gallegas, duas grorias que xa dormen o derradeiro sono: a doce cantora dos nosos vales, a que visteu de galas e amor á nosa terriña, Rosalía Castro, e a sabia pensadora, autora dos estudios penitenciarios, Concepción Arenal.

O Alcalde da Cruña, Sr. Sánchez Anido, levantouse pra decirnos que aquela cirimonia xa se acabara.

O púbrico foi salindo caladiño o mesmo que entrou. Eu tamén salín do local, lamentando os cortos momentos da apertura, e pedíndolle á Dios, longos anos de vida pra nosa Academia, e limpando da miña alma, as garridas emociós que eu soñara pra aquel festival tan grande e tan solene...

---

(22) "A Srta. María Barbeito Cerviño, nosa ilustrada colaboradora (N. da R.)".

Na *Revista Gallega* é autora dalgún artigo sobre o esperanto. Coruñesa (1880-1970), destacará polas súas preocupacións e estudios pedagóxicos.

Creo que esta crónica capta mellor o espírito da sesión inaugural cás páxinas do cronista oficial. No fondo esta entusiasta galeguista, preocupada pola "rexeneración do noso... idioma", muller que "non sei se contei unha ducia de mulleres", sae do acto bastante allea ás "garridas emocións que... soñara". Defraudada.

2.4. Verso e prosa

Os poemas lidos no acto, todos, están en galego, e en castelán os traballos en prosa. Esta distribución reflexa, non mal, o bi-lingüismo existente nas Letras galegas de 1906, unhas datas nas que a utilización da lingua B na poesía non adoitaba suscitar controversias. Agora ben, a prosa, sobre todo a prosa didáctica (que é o noso caso), reclamaba, naquel esquema cultural, a lingua A.

Sáibase, sen embargo, que un dos poemas lidos, a "Introducción" de Curros Enríquez, é un canto de compromiso co idioma galego ademais de ser unha entusiástica caracterización da súa dimensión popular:

> ...fala ... en que os parias
> de trévoa e polvo e de sudor cubertos
> piden á terra o gran da cor da sangue
> que ha de cebar a besta do laudemio.

Respecto do poema de Pondal, escrito para esta ocasión, trátase, en certo modo, dun manifesto galeguista no que, despois de proclamar que xa chegou a hora anunciada polos bardos, ínstanos a loitar e a afia-la fouce (unha fouce máis ou menos metafórica). O poema debe ser reproducido:

> Já chegáran os días,
> Q'os bardos anunciáran;
> D'as gándras largazías,
> As brétomas escuras s'alongaran.
>
> Véu a maturidade,
> Vosa miés verdecente;
> Gallégos, despertáde,
> Baruda e forte gente;
> Vosa fouce afiade,
> Como agudo crecente,
> Vosa fouce famosa,
> Vosa fouce robusta e fulgente.
>
> Diante de vós ondea,
> A barda d'ouro ardente:...
>
> Segáde á vosa herdáde;
> ¡Ay d'aquél que non sea valente!
> Segáde, gallégos, con forza segáde. (23)

¿Que opinarían desta invitación á sega as autoridades, sobre todo as ausentes? Sen dúbida, era moito menos desacougante o poema de Barcia Caballero,

(23) *Boletín*, nº 6-7, p. 135. Somos totalmente fieis ós rasgos gráficos desta edición.

quen, aínda que aguilloa a Galicia ("espértate e latexa"), termina a composición desexando que vivan

> ...vida de venturas
> Galicia enxebre na fidalga España.

2.5. Discursos en castelán comprometidos radicalmente co idioma galego

As páxinas en prosa, todas, foron redactadas e lidas en castelán, lingua A, moi claramente, naquel esquema socio-cultural. A Academia, os académicos, nada fan por, desde aquela instancia, exonerar ó galego da súa condición de lingua B. Teña en conta o lector que os discursos de Murguía e Lago González ben se podían titular "Defensa e ilustración da lingua galega". Foron, en efecto, como mínimo, unha defensa, defensa que, como sempre, é unha resposta a unha ofensa, resposta formulada polo defensor, paradoxicamente, no idioma do ofensor.

Vexamos agora en que termos caracterizaban a lingua que con tanta paixón gababan.

A Manuel Lago pertence esta afirmación: "...esta lengua... me ha parecido siempre (y perdonadme si juzgáis que exagero) la más hermosa de las lenguas neolatinas y aun acaso la más bella de cuantas se hablan en el mundo" (24). En principio, non se comprende ben por que fai esta afirmación en castelán.

Aínda é máis sorprendente Murguía nun discurso no que hai párrafos verbo da Lingua que podería suscribir hoxe o galeguista máis radical. Abondan, quizais, dous:

> a) "Por eso, y para recoger en Galicia su verdadero léxico, dar a conocer su gramática... se fundó esta Academia. Porque el idioma de cada pueblo es el característico más puro y más poderoso de la nacionalidad. Gentes que hablan la lengua que no les es propia, es un pueblo que no se pertenece"
>
> b) "Ellos nos lo han dicho: quieren que empecemos por el estudio del idioma que hablamos hace más de diez siglos. Hacen bien; pueblo que olvida su lengua es un pueblo muerto" (25).

Se Lago no seu discurso se centra na "estética" da Lingua, Murguía, situado máis na ética, entende que o abandono dun idioma desvirtúa gravemente ó pobo que o falaba. De tódolos xeitos, reparemos no feito de que Murguía en ámbolos dous párrafos atense ó pensamento lingüístico que parecía primordial nos fundadores da Asociación Iniciadora y Protectora da Academia Galega. Xa aquí, non só temos que suliñar, unha vez máis, a incoherencia entre os criterios da Asociación da Habana e os da Academia da Coruña, senón tamén sinalar -e suliñar- a incoherencia entre a teoría e a praxe de Manuel Murguía (26).

Convén saber que os discursos de ingreso na Academia foron lidos sempre, nos tres primeiros anos, en castelán. Hai que chegar ó 13 de decembro de 1909 para atopármonos co primeiro en lingua galega: o de Amador Montenegro titu-

(24) Lago non é orixinal. Estes "piropos" suscítanos a cotío as linguas B. Sábese por que.

(25) *Boletín*, nº 6-7, pp. 128 e 126.

(26) Sen embargo, Murguía xa pronunciara un discurso en galego: o dos Xogos Florais de Tui en 1891.

lado "Alma da poesía gallega". Tamén foi redactada en galego a resposta de Barcia Caballero.

Cómpre engadir que as cartas asinadas polos académicos, cando agradecen o seren designados membros numerarios da recén creada institución, todas elas están redactadas en castelán.

De feito, terán que pasar non poucos anos para que a Real Academia se empece a identificar coas fermosas palabras escritas por Curros en 1895 e co espírito dos entusiastas promotores da Asociación Iniciadora (1905). Aínda en 1934 tiña que expresarse deste xeito Antón Vilar Ponte:

> Cando ingrese farei unha proposta "pra que no termo de cinco anos, como mínimo, tódolos académicos de número se poñan en condicións de saberen falar e escribir o galego, pra que nas sesións, cando menos, o empreguen en troques do castelán..." (27).

2.6. Final

Cando alguén escriba, con rigor, a historia da Real Academia Galega (1906-1990), os estudiosos do galeguismo disporán dun traballo especialmente valioso para achegárense a algúns dos problemas importantes cos que os galeguistas deste século tiveron que enfrontarse. É unha historia que debe escribirse axiña. As presentes páxinas constitúen, *en parte,* o primeiro capítulo desa historia. Para que este capítulo fose menos incompleto, cumpriría unha consulta minuciosa dos periódicos galegos que se publicaban no outono de 1906. Só despois desta esculca hemerográfica saberemos con precisión qué pensaban os distintos sectores ilustrados de Galicia verbo dunha Academia creada para a defensa e ilustración dun idioma que tantos problemas orixinaba ós mesmos académicos.

(27) "O que foi e o que ten de ser a Academia Gallega", *Céltiga*, Buenos Aires, 24-7-1934.

APÉNDICE

LA ACADEMIA GALLEGA

Desde que comenzó en Galicia el movimiento literario con la aparición de los versos de Puente y Brañas, Camino, Rosalía Castro, Pintos, Añón, García Mosquera, Pondal y algunos otros publicists, a quienes corresponden los honores del patriarcado de las letras gallegas en el siglo actual, echáronse de ver, como no podía menos, grandes diferencias en la escritura de nuestro idioma, reveladoras de una lamentable falta de unidad en la ortografía y en la fonética del mismo.

El impulso dado a nuestra lengua por aquellos ilustres escritores fue inmenso; y no pasó mucho tiempo sin que les secundara, seducida por una popularidad merecedísima, toda una falange de jóvenes entusiastas, ganosos de llevar el contingente de su esfuerzo al renacimiento que acababa de iniciarse y en el fondo del cual palpitaba, como en el catalán, que nos precedió cerca de medio siglo, un plausible sentimiento de amor a la pequeña patria.

Demasiado espontáneo el ejemplo de los iniciadores para ser reflexivo y ordenado, hubieron de seguirlo sus discípulos con la misma inconsciencia e ingenuidad de sus maestros, inclinándose al sistema tecnográfico de aquellos por los cuales sentían mayor preferencia, sin pararse, en la fiebre de producción de que se sentían acometidos, a meditar en los resultados de su obra, encaminados todos a perpetuar la anarquía de una lengua que, si mientras no fue cultivada, pudo dividirse en dos o tres dialectos, desde el momento en que se escribió no ha debido presentar más que una sola forma, inteligible y fácil en todas las provincias gallegas.

No creemos nosotros que a esta anarquía haya contribuido el capricho ni la ignorancia de los apóstoles ni de los catecúmenos. En los primeros pudo influir a determinarla el deseo de reflejar en sus producciones el lenguaje, más o menos correcto, del pueblo para el que escribían, ya porque es deber del escritor recoger en sus obras todas las pulsaciones, digámoslo así, del alma popular, pues de lo contrario se colocaría fuera de las condiciones del medio, ya por que si prescindiera de escribir como los suyos hablan, se expondría a no ser comprometido y sería completamente ineficaz su trabajo; y en los segundos pudo influir, y de hecho influyó, el respeto debido a los maestros, dado que, si escribiendo ellos como escriben, han logrado la alta consideración de que disfrutan, es natural que crean sus secuaces obtener iguales éxitos imitándoles en lo posible, aun sacrificando su propio criterio en aras de la veneración que todo prestigio merece.

Así vemos que, apenas Rosalía Castro publica sus *Cantares Gallegos*, su ortografía es sin discusión acogida por una gran parte de los poetas y prosistas de nuestro país, desde Saco y Arce y Valentín Lamas Carvajal hasta Muruais, Aureliano J. Pereira y Heraclio P. Placer, pudiendo decirse que ella y Pondal representan hoy las dos grandes divisiones que se observan en la escritura de nuestro idioma.

Perfectamente marcada de antiguo esa división y tratando de buscar la armonía y unidad necesarias a nuestra lengua, se han publicado trabajos muy apreciables de algunos años a esta parte, entre ellos una gramática, dos diccionarios y varias series de artículos acerca de nuestra prosodia, por hombres como Saco y Arce, Valladares, Cuveiro Piñol, González y otros. Todo fue inútil, sin embargo: la anarquía preestablecida continuaba en aumento con la protesta de todos, pero sin que nadie se decidiese a realizar el menor sacrificio para desterrarla.

Era menester, pues, para salir de semejante situación un esfuerzo supremo y este esfuerzo debía encaminarse a establecer ó crear con el concurso de todos los elementos literarios de Galicia, una autoridad soberana en asuntos lingüísticos y someterse a sus decisiones. Fundada por la cooperación colectiva, esta autoridad debía ser acatada por todos y sus deliberaciones tendrían fuerza de ley como la tienen iguales instituciones en los paises cultos.

Se pensó entonces en la *Academia Gallega*.

No era nuevo el pensamiento. Mucho antes de ahora lo había desarrollado *El Heraldo Gallego* de Orense y lo aceptaron como bueno los periódicos de las cuatro provincias, considerándolo más que útil, necesario al mayor brillo y esplendor de nuestra literatura.

La Coruña tuvo la gloria de librar la última campaña en favor de esa idea.

No hace todavía un año, varios escritores entusiastas, antiguos socios del *Folk-lore gallego*, y miembros de su junta Directiva, se reunieron en aquella capital y después de disolver esta sociedad cuya vida anémica no respondía a los fines que se había impuesto, acordaron levantar sobre sus ruinas la *Academia*, destinando a su creación los fondos que aquella tenía depositados en el banco de España.

Nombróse una comisión gestora. Se celebraron juntas; se repartió con profusión una convocatoria; se recibieron y publicaron listas de socios protectores y, cuando por la calidad de las personas que constituían dicha comisión, entre las que figuraban nombres como los de Murguía, Pondal, Paz

Novoa, Martínez Salazar, López Seoane, Golpe, etc., todos esperaban impacientes la inauguración de la Academia cuyo Reglamento estaba ya terminado; he aquí que de la noche á la mañana, la prensa de Galicia nos anuncia que la Academia ha muerto antes de nacer y que todos los trabajos que se realicen para darle vida serán absolutamente inútiles.

¿Qué ha podido ocurrir en la Coruña para que así se burlen las aspiraciones de todo un pueblo y para que los hombres ilustres que habían aceptado el compromiso de satisfacer esas aspiraciones, en bien de las letras patrias, hayan retrocedido en su empresa?

Algunos periódicos que miraban con recelo la fundación de la Academia, se contentan con arrojar sarcasmos sobre los individuos de la comisión gestora y nada dicen por donde pueda justificarse el fracaso de tanta actividad y tantas esperanzas. Pero, a través de ese estudiado silencio, y del que observan nuestros propios corresponsales, de quienes no hemos recibido carta en los dos últimos correos, nosotros creemos ver claro atribuyendo a la política, a esa politiquilla rebajada, que Galicia alimenta con su propia dignidad y con las hojas más brillantes de su historia, la verdadera causa de lo que acontece.

Vienen en apoyo de esta opinión algunas frases del discurso pronunciado por el señor Pérez Costales en el acto de dar cuenta en la Asamblea celebrada el 17 de Febrero en los Salones de la Diputación Provincial de la Coruña, de las gestiones hechas para fundar aquella institución, frases que, bien estudiadas, nos dan la clave del enigma y bastan para esclarecer todo lo que hay de oscuro en el asunto.

"Recelan algunos, decía el orador, para prestarnos su concurso, que en esta Academia va a encarnarse el regionalismo gallego y yo he de decir muy claro y muy alto que nada menos cierto que tal aserto. Aquí caben los gallegos de buena voluntad; los que son regionalistas y los que no lo son, en el estricto sentido de la palabra y hasta los que no son gallegos, pero que aman a Galicia, como yo, sin serlo, la amo."

¿Para qué cansarnos en investigar más? Cuando el señor Costales hizo semejante declaración, es que lo creyó necesario; es que, como suele decirse, veía mar de fondo y era preciso calmar las susceptibilidades caciquiles de los *montescos y capuletos* que creían posible que una Academia de la lengua se convirtiese en un club político contrario a cualquiera de esos bandos.

Por consiguiente, no hay que pensar ya en limpiar el gallego de los vicios que lo afean. Las voces dudosas, los vocablos neológicos, lo giros bárbaros, habrá que consultarlos, antes de escribirlos, con hombres más bárbaros todavía: con los lacayos de Montero Rios, los siervos de Elduayen o el portero de Linares Rivas. Ellos, sólo ellos, tienen derecho a constituir Academias y a velar por la pureza de nuestra habla. Nadie desde hoy se atreverá a ocupar un puesto en la inmortalidad, sin la previa autorización del Secretario del Ayuntamiento de Coles, del Recaudador de Fechiñas o del Peatón de Cecebre.

Todo libro gallego, si ha de aspirar al éxito, deberá llevar en la primera página una papeleta de votación por la que el autor acredite ser partidario del candidato oficial, siempre que éste resulte persona grata a nuestros caupolicanes.

Y ahora, vosotros, pobres escritores, que soñabais con la gloria de Milton, de Shakespeare, del Dante, de Cervantes; que viviais halagados por la esperanza de obtener un día el aplauso de vuestro país, como premio al trabajo que os costara perfeccionar su lengua y hacerla admirar de todos los pueblos del mundo en obras inmortales; arrojad la pluma, desprendeos de esa válvula de seguridad tan necesaria al talento y no aspiréis a otros triunfos que a los que se obtienen yendo a gatas o de rodillas a la piscina madrileña o al Santuario de Lourizán para recoger a cambio de la ofrenda de vuestra dignidad y vuestro patriotismo, una piadosa sonrisa del Fetiche, o una credencial que os permita asistir en paz a las batallas intelectuales de nuestra época, desde una modesta plaza de escribiente con 999 reales de sueldo.

Así se sirve a la patria. Erigiéndola un altar en el estómago o algo más abajo: en el duodeno.

[*La Tierra Gallega*, Habana, nº 70, 19-5-1895] (28).

(28) Aínda que anónimo, non temos dúbida ningunha sobre a autoría deste artigo editorial aparecido nun semanario do que era director Curros Enríquez.

Á procura dunhas bases para a unificación: A contribución de Antonio Couceiro Freixomil

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO

Don Antonio Couceiro Freixomil (Pontedeume 1888-Santiago de Compostela 1955) foi un home erudito e polifacético que deixou tras de si unha producción moi diversificada. O seu nome vencéllase á historia da cultura galega máis adoito polo seu labor como historiador, como pedagogo, como xornalista ou como biógrafo que polas súas incursións no campo da filoloxía; pero analisadas desde a perspectiva actual, despois de máis de cincuenta anos, as ideas lingüísticas que guiaron a súa proposta dunhas normas ortográficas unificadas e dun modelo de lingua galega culta sorprenden pola súa coherencia e pola súa modernidade.

Iniciou a súa contribución filolóxica na revista *Nós*, co que parecía ser unha serie de artigos titulada *A nosa ortografía*, interrompida trala segunda contribución: "Sobre o emprego do apóstrofo", en *Nós*, 24, 15-12-25, pp. 5-8 e "De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras", 15-1-26, pp. 7-9. Contemporaneamente debeu prepara-la primeira edición de "El Idioma Gallego", inserto no Tomo de *Generalidades* da *Geografía General del Reino de Galicia*, publicado pola Casa Editorial Alberto Martín en Barcelona a principios de 1926.

Mais a súa preocupación pola ortografía galega non rematara aí. No ano 1928 presentou unha proposta ortográfica na IV Xuntanza Xeral do Seminario de Estudos Galegos: "Nos días de Páscoa tivo a sua xuntanza anual en Pontevedra, o Seminario de Estudos Galegos. (...) Nas sesións privadas (...) nomeouse unha ponencia composta pol-o Doctor Moralejo, profesor de latín na Universidade Compostelán e pol-o noso colaborador Sr. Couceiro Freixomil pr'estudal-o asunto da unificación ortográfica, en col do qual o Sr. Couceiro leeu un lumioso informe que se pubricou no *Pueblo Gallego*" (1). Eses traballos serviron de base ó labor da Comisión nomeada en outono de 1931 para reconsidera-lo asunto, da que xa non formou parte Couceiro Freixomil. Finalmente, no curso 1932-33, unha ponencia formada por Pedret Casado, Pereira Rial, González García, Filgueira Valverde e Lourenzo Fernández, redactou as *Normas* aprobadas na Xuntanza Xeral de 1933 e imprentadas inmediatamente (2). Nelas dise, en nota de cortesía ó pé, que "Os

(1) "O Seminario d'Estudos Galegos", en *Nós*, 54, 16-6-28, pp. 118-119.

(2) Véxase, S.E.G., *Dez anos de traballo 1923-1934*, 1934, pp. 46-47, e Ricardo Carballo Calero, "O idioma no Seminário de Estudos Galegos", *Problemas da Língua Galega*, p. 114.

asisados estudos destes autores [Couceiro e Moralejo], son dinos da maor loubanza, e moito nos serviron na nosa laboura" (3).

A súa proposta ortográfica foi publicada no ano seguinte en Ourense como *Ortografía Gallega. Bases para su unificación, con un Apéndice del Profesor Abelardo Moralejo, de la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago,* pola Imp.Pap. Relieves "La Popular". A *Ortografía* foi incluída posteriormente, con algúns retoques e reduccióǹs, e sen o apéndice de Abelardo Moralejo, na segunda edición revisada e moi aumentada de *El Idioma Gallego. Historia, Gramática, Literatura*, Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona, 1935.

É notorio que dentro do Seminario de Estudos Galegos a investigación lingüística, sorprendentemente, apenas tivo presencia, e que nel o nivel da Filoloxía estivo sempre moi por baixo do acadado noutras seccións coma Arqueoloxía, Historia, Etnografía, Xeografía ou Ciencias Naturais. Tampouco no desenvolvemento científico e cultural producido na Galicia da época, fose como extensión dos traballos do Seminario fose por iniciativas independentes deste, teñen un lugar propio e destacado os estudios filolóxicos. Disto son conscientes os propios membros do Seminario, que promoven o convite a ilustres conferenciantes que palien a situación (4), ou que saúdan deste xeito a publicación do *Vocabulario castellano-gallego* das Irmandades da Fala: "Estábamos faltosos d'un vocabulario d'esta caste. Unha chea de materias (prehistoria, historia, arqueoloxía, folklore, etc.) van sendo ben estudadas; en troque, a filoloxía témola ben atrasada. Podemos dicir d'unha vez qu'en Galicia non s'estuda o idioma galego" (5).

Carballo Calero responsabiliza desta situación, en última instancia, á falta de estudios de Filoloxía na Universidade de Santiago: "Nunca dispuxo o Seminário de lingüístas profissionais de formaçom especializada e dedicaçom plena que imprimissen o impulso necessário aos estudos sobre o galego. A Universidade de Santiago, viveiro onde geralmente se formavam os membros do Seminário, nom contava com umha Faculdade nem umha Secçom de Filologia. O atraso dos estudos lingüísticos na nossa terra continuava sendo umha realidade, e, como nos tempos de Mirás, Cuveiro e Valhadares, eram afeiçoados, e nom técnicos com preparaçom universitária, os bem-intencionados e às vezes meritórios lexicógrafos, ou gramáticos, que forneciam o material informativo aos interessados pola língua galega" (6). Coidamos que esta explicación non xustifica totalmente a precariedade dos estudios de Filoloxía, pois, como o propio Carballo Calero indica, o Seminario contou con filólogos tan destacados coma Armando Cotarelo, catedrático de lingua e Literatura Española, que dirixiu a sección de Filoloxía de 1923 a 1928,

(3) S.E.G., *Algunhas normas pra a unificazón do idioma galego*, Nós, Pubricazóns galegas e imprenta, Santiago, 1933, p. 3.

(4) Na Revista *Nós* dáse noticia da presencia en compostela de importantes conferenciantes, coma o Prof. Ernst Gamillscheg. Ademais, anúnciase a colaboración entre a Universidade e o SEG para que o Dr. Reisekron sexa convidado a explicar un curso de Filoloxía Románica destinado a "preparal-os socios do Centro que s'adican á taes estudos" (*Nós*, 94, 15-10-31, p. 195; véxase tamén *Nós*, 98, 15-2-32, para a noticia da súa chegada e inicio dos seus traballos).

(5) Reseña en *Nós*, 118, 15-10-33, p. 228.

(6) Ricardo Carballo Calero, "O idioma no Seminário de Estudos Galegos", *Problemas da Língua Galega*, pp. 111-112.

e Abelardo Moralejo, catedrático de Latín, director da mesma de 1928 a 1930. O certo é ningún dos dous dispuxo nin do tempo nin do empeño suficientes para crea-lo ambiente adecuado para espertar vocacións de filólogos ou aproveita-las existentes, e con iso non constituíron equipos estables de traballo nin estableceron unha coordenación entre actividades particulares, co que a sección de Filoloxía non funcionou de xeito similar ás demais.

Neste sentido, unha persoa que ó noso xuício non foi debidamente valorada e aproveitada no seu momento foi Antonio Couceiro Freijomil. Iso pode atribuírse en parte ó estado de semiabandono en que se atopaba a sección, en parte tamén á á súa actitude persoal e á polémica que mantivo coa intelectualidade do momento, singularmente cos homes da Xeración Nós.

Se ben é certo que non é un especialista con formación universitaria, coidamos que o seu labor vai máis aló có dos simples "bem-intencionados e às vezes meritórios lexicógrafos, ou gramáticos" de que falaba Carballo Calero. A súa é a obra dun erudito que asimila e expón correctamente os seus coñecementos sobre a historia da lingua e sobre o galego falado, conseguidos sen dúbida non só a través dunha lectura demorada e proveitosa da bibliografía existente no seu momento, que refire de xeito exhaustivo, senón tamén, necesariamente, da súa propia observación e reflexión sobre os datos. A asunción da súa falta de autoridade como especialista na materia, lévao a adoptar continuamente un ton de humildade que se manifesta dunha parte no desexo de cubrirse co autorrecoñecemento explícito desta eiva:"Non se cre o autor de estas liñas unha autoridade na materia, nin moito menos: da o seu parecer como un profano e deixa que os outros falen, si queren." (7). Doutra, na necesidade de apoia-los seus argumentos en criterios de autoridade científica, que lles recoñece especialmente a Menéndez Pidal, García de Diego e Saco y Arce, ou na de somete-las súas propostas ó refrendo dos demais: "N'oustante as dificultades que n'elo hai, atrevémonos a dar a nosa opinión, cinguíndonos pol-o de hoxe a un punto concreto e someténdonos ô fallo dos escritores rexionás, ôs que toca dicir si vamos ou non por bo camiño" (8).

O seu pensamento lingüístico e o modelo de lingua que propuña como estándar defínense polos seguintes riscos fundamentais:

A) O VALOR E MERITOS DA LINGUA GALEGA

A pesar de partir do recoñecemento do valor intrínseco do galego como lingua, vese na necesidade de facer precede-la exposición da historia da lingua, a gramática e a literatura, dun capítulo propagandístico, titulado "Consideraciones generales". Con el trata de xustifica-la obra, concordando con Saco y Arce, e con outros escritores, mesmo de fóra do país, que cita como autoridades, en que a lingua galega é "la más dulce y melíflua de cuantas han aparecido en Europa sobre

(7) Antonio Couceiro Freixomil, "A nosa ortografía. Sobre o emprego do apóstrofo", en *Nós*, 24, p. 5.

(8) *Ibidem.*

las ruinas del antiguo idioma del Lacio" (9). No marco desta exposición laudatoria engade a mención explícita ó glorioso pasado do galego, lingua que avantaxou a tódalas peninsulares no cultivo da poesía lírica, tanto por se-la primeira no tempo coma por se-la que mellores froitos ten dado: "y esa misma floración poética supone en el idioma gallego una perfección tal, que hizo que muchos admitiesen su aparición con anterioridad a las otras lenguas romances de la Península" (10). Lingua chamada a prevalecer sobre tódalas demais e só "entorpecida en su marcha triunfal por los obstáculos que las vicisitudes políticas interpusieron en su camino" (11).

Lingua e non dialecto, pois, asegura, o galego non pode ser chamado tal nin no sentido que dialecto ten de lingua corrompida, groseira, atrasada, propia só para o uso de xentes de ínfima condición..., nin no de lingua viva pero sen cultivo literario, pois, como xa se dixo, o galego ten unha espléndida literatura desde épocas en que na Península os demais dialectos do latín só comezaran a tatexar; e a esta literatura súmase a moderna, nada despreciable. Mais, por se estas razóns non fosen abondas para demostraren a excelencia do galego en canto que lingua, entoa un canto entusiasta, con Joan Maragall e Curros, sobre a excelencia e superioridade expresiva das linguas rexionais, vivas, libres, en perpetuo movemento, frente á frialdade e á momificada perfección das linguas completamente fixadas (12) e da absurdamente pretendida lingua universal.

En todo caso, insiste, foron circunstancias políticas, e non condicións ou deficiencias lingüísticas, as que determinaron a decadencia literaria do galego durante catro séculos, provocando con iso que a lingua quedase abandonada a si mesma e que, a pesar do admirablemente que a conservou a tradición, non chegase a nós coa fixeza que caracteriza os idiomas cultivados.

B) NECESIDADE DUNHA LINGUA ESTANDAR, ESTABLECIDA POR CONSENSO

Consciente da necesidade da existencia dunha lingua estándar, ou con palabras súas de "un lenguaje común literario, una manera de hablar unificada, oficial, que responda a todas las exigencias culturales presentes" (13), e da falta dunha entidade dictaminadora, Couceiro Freixomil decide traballar a prol da súa

(9) Antonio Couceiro Freijomil, *El idioma gallego. Historia, Gramática, Literatura*, Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona, 1935, p. 7.

(10) *Ibidem*, p. 8.

(11) *Ibidem*, p. 8.

(12) Esta é unha idea recorrente tamén entre os homes de Nós: "Fai pouco tempo, escribía Vicente Risco -un dos bós- sobre da superioridade das línguas virxes en comparanza coas línguas traballadas. Mais esto somentes é comprensibel pra aqueles que se decaten do que hay de feitizo, de enerxía emocional acobexada nas falas do pobo. Y-eu quero que lembredes eiquí o "Elogi de la paraula" do grande Johan Maragall" (A. Losada Diéguez, "Encol da prosa galega", *Nós*, 73, p. 4). Esa é tamén a defensa expresada por Otero Pedrayo a través de Adrián Solovio: "desque Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado, non tiña que loitara contr'a lingoa demasiado feita e traballada que li'impuña unha retórica moitas veces enxoitadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión habí aunha garantía de mocidade" (R. Otero Pedrayo, *Arredor de sí*, Nós, p.145).

(13) A.C.F., *El idioma*, p. 16.

formación. Por iso comezou a publicación da serie *A nosa ortografía* na revista *Nós*: "Cousa moi importante e o tratar de fixal-a ortografía da nosa fala (...). Hastra o día cada un escribeu como lle veu âs mentes, y-esto non pode ser. É tan arbitraria a nosa ortografía que si fundándonos en testos dos literatos do país quixéramos formar unha escolleita de regras de escritura, sería conto de nunca acabar y-habería para todol-os gustos. ¿Non se pode poñer mau n'esa anarquía? ¿non se pode reducir esa tan vasta multipricidade de normas gráficas? Coidamos que sí, y-a tal fin deben ir os esforzos dos que se xuzguen capaces para tratar da custión." (14).

Aínda que aceptou emprende-la tarefa, nunca pareceu entendela como traballo individual e illado. Así, non só somete á consideración dos demais as súas propostas parciais, senón que cando artella unhas bases para a unificación da ortografía galega é para llelas presentar ós socios do Seminario de Estudios Gallegos, "en atención a habérsenos anunciado que la cuestión de nuestra ortografía, hoy tan anárquica, sería tratada por la referida colectividad" (15).

É consciente, como tamén o eran os homes de Nós, de que esa lingua común, unificada, non se consegue soamente coa elaboración dunha ortografía. De aí que considere necesario un estudio científico serio da fonética, da morfoloxía, da sintaxe e do léxico, e non só de tódalas variantes da lingua moderna, senón de maneira moi especial da súa evolución ó longo da historia lingüística. Por iso, entre outras razóns, afirma que esa lingua á que aspira debe ser "formada" por homes de letras.

Así, propón crear un modelo de galego culto que, baseándose nos datos fundamentais da súa evolución a partir do latín, dea conta de canto de peculiar presenta o galego, creando ou tomando en préstamo tódolos elementos lingüísticos que lle permitan compensar un atraso de séculos, superando o ruralismo e cantas desviacións vulgares se producisen e unificando no posible as variantes dialectais, mais sen caer na invención, na acollida de termos tomados innecesariamente doutras linguas nin no empobrecemento da viveza e espontaneidade da propia. Ademais de se apoiar en sólidas bases científicas, ese modelo debe caracterizarse pola súa relativa simplicidade, pois, ó seu xuício, o galego escrito non pode seguir sendo patrimonio duns poucos.

C) UN MODELO ASENTADO NA HISTORIA SOBRE BASES CIENTIFICAS

En *El idioma gallego*, o capítulo correspondente á "Gramática" ábrese cun extenso apartado adicado á fonética histórica, destacable pola súa corrección e polo esmero na presentación dos datos. Seguindo o camiño de investigadores autorizados, distingue con bo criterio entre "cambios fonéticos espontáneos" e "cambios fonéticos condicionados": os primeiros obedecen ás leis fonéticas xerais que regulan a evolución do latín ó galego, e polo tanto son os que marcan a súa peculiaridade frente ás outras linguas; os segundos son fenómenos accidentais, ocasio-

(14) A.C.F., *Nós*, 24, p. 5.
(15) A.C.F., *Ortografía*, p. 5.

nais, por contaxio ou analoxía, e que por iso non serven para caracterizar ningún idioma, xa que se dan, en parecidas circunstancias, en tódolos tempos e lugares.

Do dito despréndese a importancia que lle concedemos á introducción, por parte de Couceiro, desa distinción. O coñecemento en profundidade dos cambios fonéticos espontáneos é fundamental para a fixación do estándar, pois só eles permiten recoñece-los rasgos peculiares do galego, que loxicamente hai que preservar; permítenlle, ademais, actuar con certa seguridade para suprimir dese modelo lingüístico calquera proposta que supoña unha solución allea, tema que, como veremos, tamén o preocupaba.

Na mesma liña, debe ser sinalado o rigor na presentación destes datos. Separa, en primeiro lugar, os cambios que afectan ás vocais dos que afectan ás consoantes. Entre os primeiros atende diferenciadamente á vocal tónica, á vocal átona -e dentro destas á posición da sílaba dentro da palabra: inicial, protónica interna, postónica interna ou final- e ás combinacións de vocais, latinas ou secundarias. Entre os segundos, diferencia os que afectan ás consoantes simples dos das consoantes duplicadas ou agrupadas, atende á posición na palabra e, asimesmo, distingue entre consoantes latinas e consoantes secundarias. Por último, trata separadamente a evolución das combinacións de consoante e semiconsoante.

Ademais, na súa exposición hai continuas chamadas de atención sobre o feito de que unha mesma unidade pode ter distintas evolucións segundo as épocas, de xeito que diferencia entre palabras 'recientes', 'modernas', 'tardías'... e as patrimoniais (p. ex., PLATU > *chato* ou *prato*; -ANU > *-ao* = *au*, *-an*, pero non en palabras tardías, que manteñen *-n-*, etc.). Tampouco lle escapa a evidencia de que as solucións poden ser distintas segundo o contexto fonético que envolva a unidade afectada nin, e isto é moi importante, que as regras fonéticas están pragadas de excepcións debidas a múltiples causas (non cabe, por exemplo, a mesma solución para tódolos -E finais latinos, pois desaparecen tras L, LL, N, S e R; consérvase cando está precedida de c, se a esta antecede á súa vez unha consoante, pero non se C é intervocálico: por iso propón *sal*, *can*, *cras*, *amar*, *peixe* e *cruz* e non *sale*, *amare*, *cruce*, etc.). Todas estas distincións, incontestables desde o punto de vista científico, permítenlle ter unha visión máis pormenorizada e exacta de como evolucionou o galego e, sobre todo, imposibilitan a elaboración sistemática de regras xerais, de validez universal, de que tanto gustaban algúns dos seus contemporáneos e que encheron o galego escrito da época de solucións disparatadas. Unicamente nun caso parece deixarse levar desta tendencia: segundo el, os grupos latinos de oclusiva ou labiodental e líquida lateral resólvense en consoante palatal nas voces antigas (*choca*, *cheirar*, *chumbo*, etc.) e mudando a lateral en vibrante nas voces tardías (*cravo*, *frauta*, *pranto*, etc.); ó non distinguir neste punto entre a evolución das semicultas e das cultas, atribúe a todas elas a mesma solución, o que o leva a propoñer, sistematicamente, *bredo*, *craro*, *cramor*, *grobo*, *groria*, *pruma*, *subrevar*, *aprauso*, etc., etc., en lugar das correspondentes formas con *-l-* concordes coa práctica actual (16).

(16) A.C.F. *El idioma*, pp. 117-123.

Tamén lle resulta indispensable coñecer con detalle os cambios condicionados, e isto por dúas razóns fundamentais. En primeiro lugar, porque son fenómenos accidentais, ocasionais, que non poden servir para caracteriza-lo idioma, e que por iso deben ser considerados de distinta maneira na fixación dunha norma escrita; pois, como o propio autor afirma deles, "han producido en el gallego una gran variedad de formas, como no podía menos de ocurrir en un idioma poco cultivado, en el que no fueron restringidas ni encauzadas las diversas tendencias fonéticas" (17). En segundo lugar, porque o coñecemento desta fonética condicionada é unha tarefa urxente, segundo afirma expresamente, para poder describir con corrección a axeitada pronuncia do galego e mais para poder evitar grande parte da gama de "defectos" comúns no galego escrito no seu tempo; volvendo ás súas palabras, "tiene esta materia una importancia excepcional para el mejor dominio de la lengua nativa, cuyas tendencias fonéticas regulares, por el abandono en que estuvo durante más de cuatro siglos, no fueron restringidas ni encauzadas, originándose una gran variedad de formas. El penetrarnos bien del mecanismo de los cambios condicionados, perturbadores de la evolución normal de las palabras, contribuiría a darnos un exacto sentido de aquellas formas y a orientarnos acerca de la selección y recto empleo de las mismas." (18).

Na presentación dos cambios condicionados obsérvase o mesmo esmero e o mesmo interese por distinguir claramente os distintos tipos. Diferencia os puramente fonéticos, de influencia duns sonidos sobre outros (asimilación, disimilación, metátese, adición -prótese, epéntese e parágoxe- e sustracción -aférese, síncopa e apócope), dos fonético-morfolóxicos (cambios por analoxías de diverso tipo, incluída a etimoloxía popular) e dos fonético-sintácticos, dependentes do encontro de palabras na cadea (sinalefa, asimilación e disimilación, contracción, adición, perda de consoantes simples e reducción de dobres e agrupadas). Así, segundo el, presentan cambios fonéticos condicionados *sintir* por *sentir*, *cevil* por *civil*, *arrodeo* por *rodeo*, *feyo* por *feo*, *mullere* por *muller*, *croa* por *coroa*, *alcontrar* por *encontrar*, etc.; a consideración de todos estes casos como 'desviación' do que debe se-lo estándar, a pesar da avantaxe do seu diferencialismo, coincide co criterio adoptado modernamente para actuarmos sobre palabras afectadas por todos estes fenómenos.

En definitiva, o estudio científico resulta previo, ó seu xuício e ó noso, para poder establece-las bases dun modelo de galego culto común, que debe supera-los "defectos más comunes del gallego modernísimo, especialmente en prosa: palabras arbitrarias, castellanismos a granel, portuguesismos que no necesitamos, adopción de arcaísmos que es vano empeño querer resucitar, derivaciones absurdas, términos de significación dislocada, formas del más bárbaro ruralismo, vulgarismos a los que se pretende dar la categoría de voces cultas, olvido de la sintaxis genuína y, como coronamiento de todo ello, la ortografía más anárquica..." (19).

(17) *Ibidem*, p. 130.

(18) *Ibidem*, p. 19.

(19) *Ibidem*, pp. 18-19. Recolle palabras propias publicadas en "Los problemas actuales del habla gallega, Unha conversación con el Sr. Couceiro Freijomil", *El Pueblo Gallego*, 28 de abril de 1928.

D) UN MODELO ENRAIZADO NA FALA DO POBO

Ademais do coñecemento histórico da lingua, resulta indispensable un bo coñecemento da realidade lingüística moderna, pois a elaboración dun estándar supón unha "depuración del habla del pueblo" e a "sintetización de sus variedades dialectales" (20). A isto débense as frecuentes referencias ás maneiras de pronunciar ou a precisión con que localiza as variantes dialectais existentes no galego. Aínda que non elabora unhas normas morfolóxicas, e por iso non sempre escolle entre as variantes dialectais que cita, nalgúns casos mostra unha clara preferencia por solucións maioritarias no galego falado, que non coinciden nin coa práctica xeneralizada no galego escrito ata a súa época, nin coa solución adoptada con posterioridade a el (p. ex., propón como plurais *sinás*, *tonés*, *cadrís*, *rousiñós*, *azús*, *lambós*, etc.). O respeto á lingua realmente falada fai que denuncie a existencia de dislocacións nos significados dos términos, a aplicación dos sufixos ó gusto de cadaquén, a escolla de ortografías contrarias á fonética e calquera outra solución que violente a maneira natural de se-lo galego, establecida de acordo coas regras espontáneas de evolución a partir do latín e un bo coñecemento da lingua moderna.

Nas súas propostas ortográficas hai referencias continuas, como xustificación, á maneira de ser da fonética do galego. Así, propón escribir *-x-* ante consoante, *expansión*, a pesar de que se poida pronunciar con *-s-*, e rexeita outras solucións comúns no galego escrito, "porque el pueblo ... jamás ha dicho *eispansión*, *eistravio*, como algunos escriben" (21); non acepta escrituras "innovadoras" como *strela*, nin as grafías *ç* ou *-m* final por consideralas alleas á nosa tradición e por non corresponder a ningunha pronuncia real e diferenciada do galego; tamén lle parece absurdo resucitar arcaísmos ortográficos como *Sant-Iago* ou *Sant-Yago* cando todo o mundo pronuncia *Santiago*.

Mais este respeto pola lingua falada non o leva a construír unha lingua estándar como calco directo dela, pois considera que hai que depurala. Por iso non acepta a geada, que lle parece pronunciación defectuosa, intolerable en linguaxe culta; nin plurais como *leises* e *reises*, por *leis* e *reis*; nin un sistema ortográfico que dea conta da resolución fonética dos encontros de vocais na cadea, e propón no canto unha reducción drástica no uso do apóstrofo e do guión, de que tanto abusaron moitos dos seus predecesores e contemporáneos.

E) UN MODELO RESPETUOSO COA TRADICION ESCRITA MODERNA

Efectivamente, un principio que ó seu xuício debe guiar toda proposta é a prudencia á hora de contraria-lo uso establecido entre os escritores, por maáis que poida parecer curto o camiño andado desde o rexurdimento. Así o fai ver ó

(20) *Ibidem*, pp. 16-17.
(21) A.C.F., *Ortografía*, p.21.

enxuicia-las propostas dos máis: "En el referido año 1888, y cuando el uso constante de la "x" era aceptado por la casi totalidad de los escritores, ocurriósele a don Antonio de la Iglesia González proponer el empleo de la ortografía etimológica. Don Antonio de la Iglesia, (...) fuera de considerar nuestra habla regional como originaria del castellano, no lleva mal la cuestión. Pero ya era tarde. En cosas del lenguaje vale mucho la fuerza del uso" (22).

E, consecuentemente, el mesmo renuncia en máis dunha ocasión a propostas que lle parecen preferibles, por consideración á práctica unánime ou case unánime dos nosos escritores ou por medo a parecer reformista de máis. Así, por exemplo, cando tras facer unha reforma drástica que con moi bo criterio elimina o uso de apóstrofos e guións nas contraccións e nos encontros na cadea (*do, de ir, cho, mandoume o libro, qué hora, cô...* e non *d'o, d'ir, ch'o, m'o libro, qu'hora, c'o* ou *c-o...*), concede que, aínda sendo preferibles por coherencia as solucións *cun* e *coeste*, se escriba *c'un* e *co-este*, pois "non queremos ser tan reformistas como para chegar a preconizar n'este particular a ortografía fonética, inda que o poidéramos asimilar ô da combinación de *co* y-o artículo determinante. Por esta vez vámonos cá práitica unánime dos nosos escritores, en razón, precisamente, de esa mesma unanimidade" (23).

F) UN MODELO DE LINGUA CULTO

O galego común, sen renunciar á súa peculiaridade frente ás linguas veciñas, debe ser culto. Couceiro Freijomil refírese en varias ocasións á necesidade de supera-lo atraso lingüístico que leva o galego con respecto ás outras linguas de cultura. Aínda partindo da evidencia de que o galego é unha lingua válida para a expresión de calquera tipo de conceptos e para vehicular nel calquera materia, non pode menos que concordar con Saco y Arce, e con tantos outros, na carencia dos términos cultos necesarios; mais para isto, en lugar de retorce-la linguaxe, considera preferible acudir, coma as outras linguas, ó latín e ó grego, tomando deles os términos, que logo deben ser adaptados para dárlle-lo aire e a estructura da lingua propia. Non ten por tanto ningún escrúpulo en aceptar, como voces cultas galegas, palabras como *flamíxero, euritmia, dióptrica, obsceno, axioma, hebdomadario, ictiófago*, etc.

Aínda que sempre teña presentes as posibilidades de pronunciación espontánea das voces cultas, que en tantas ocasións ofrecen grupos consonánticos nunca existentes nas palabras patrimoniais, en ningún momento esquece a diferencia entre términos coloquiais, familiares, populares... e términos cultos, mesmo na súa morfoloxía. Por iso, e por considerar que a non pronunciación deses grupos se debe tamén ó noso atraso lingüístico e non a unha regra evolutiva espontánea do galego, propón respetalos escrupulosamente na grafía: "Esta decisión

(22) A.F.C., "Un problema fundamental de Ortografía Gallega. Solución propuesta por don Antonio de la Iglesia hace 58 años", en *La Noche*, 21-III-1946, p. 4.

(23) A.F.C., *Nós*, 24, p. 7. A súa reforma foi fundamental; o paso seguinte xa foi o acordo tomado modernamente de eliminalos na súa totalidade.

acaso parezca, cuando menos, un tanto atrevida, toda vez que la escritura de los vocablos cultos se ha practicado bastante, entre nosotros, de acuerdo con la pronunciación vulgar; pero se hace de todo punto indispensable el escribirlos según preconizamos, porque si el gallego ha de ser una lengua que permita expresar todas las creaciones de la cultura, y si, por tanto, necesita de las palabras cultas con que se enriqueció el caudal de los idiomas humanos, en tanto el nuestro permanecía estancado y abandonado en boca del vulgo, esas palabras cultas, siguiendo la natural tendencia de las hablas que las adoptaron, será fuerza representarlas, de ordinario, como en las lenguas de donde proceden. (...) Cuando en gallego necesitábamos un vocablo culto acudíamos al castellano, mientras las lenguas hermanas habían ido al latín y al griego, y luego adaptábamos ese vocablo a nuestro peculiar fonetismo, el cual, por ser preferentemente rural, imponía la ruralización del nuevo vocablo; así se dijo y se escribió, y se dice hoy y se escribe, *ouxeto, austrauto, pauto, ouservación*. Debemos ir en contra de tal ruralismo. En portugués y en francés, igualmente que en castellano, no se dan tales concesiones a la manera de pronunciar del público indocto." (24).

Así a todo, o respeto á compoñente culta da lingua non debe conducir de xeito ningún a esaxeracións. Critica, por exemplo, a introducción dunha grande cantidade de grafías innecesarias, contrarias á pronunciación popular, que se produce na época renacentista pola imitación desmedida do latín (*rhetorica, philosophia*, etc.); e, en concreto, cita o exemplo do portugués, que por analoxía chegou a aplica-la pretendida ortografía culta a voces en que non estaba xustificada etimoloxicamente.

G) UN MODELO LINGÜISTICO INDEPENDENTE

A lingua común debe reflexar fielmente as peculiaridades que definen o galego frente a outras linguas. Reclama a súa independencia con respecto ó castelán, non só denunciando reiteradamente o que el considera unha "invasión" da nosa sintaxe, do noso léxico e do noso fonetismo por parte do español, senón tamén avisando do risco de caer por ultracorrección no defecto contrario: "Los castellanismos no sólo se oyen en la conversación corriente, sino que es frecuente hallarlos en los escritores de mayor nombradía, aun poseyendo el gallego la voz adecuada; si bien en los autores modernos se nota el cuidado, a veces excesivo, de no incurrir en aquel vicio" (25).

E certamente son moi poucos os casos en que parece facerlle concesións. Así, nos casos de dificultades ortográficas de consoantes dubidosas *-h, b/v*, grupos cultos...-, tras considerar que a escritura fonética parece radical de máis e que a escritura etimolóxica estaría ó alcance de moi poucos, conclúe que o máis sensato é aceptar como criterio as solucións castelás, incluso en casos coma *hirmán* ou *España*, que contradín claramente a etimoloxía. Baséase para isto na notoria perfección da ortografía castelá sobre a portuguesa e no feito de ser xa coñecida po-

(24) A.C.F., *El idioma*, pp. 192-193.
(25) *Ibidem*, p. 72.

los galegos; só tratándose de palabras inexistentes en español propón recorrer ó portugués, mais sen que iso supoña engadir novos signos nin combinacións que choquen cos do castelán; se aínda houbese palabras en que este recurso non solucionase o problema, habería que optar nelas por un criterio fonético, escribíndoas sen *h* e con *b*.

Parece tamén concesión ó castelán, e non só prudencia ante o uso xeneralizado, que acepte o sonido interdental e a súa representación gráfica, a pesar de que considera o non seseo unha interferencia lingüística: "el sonido *z*, que nunca ha sido propio del gallego, domina en algunas partes, mientras que otras se han decidido por el sonido *s*" (26), "Tampoco es propia del gallego la z, que con el sonido que actualmente tiene en castellano era desconocida en la lengua antigua: poseía esta, en lugar de z, un sonido silbante ante vocal débil, reforzándose algo cuando iba en posición fuerte, esto es, al comienzo de vocablo o precedido de consonante, y debilitándose hasta poder confundirse con s entre vocales; tal sonido se representaba por z, ç y hasta s, según los casos, de modo harto complicado para tratar de detallarlo aquí. Hoy el empleo de z en la escritura, coincidiendo con el castellano, es aceptado generalmente, con muy raras excepciones, que no hay por que tener en cuenta." (27).

Para exemplifica-lo feito evidente de que as interferencias lingüísticas se producen en dobre dirección, usa o termo *Galicia*, atribuíndo ó galego a presencia de *-l-* en vez do *-ll-* esperable en castelán, e ó castelán a terminación *-cia* en lugar da arcaica galega *-za*. Mais iso non lle impide adoptar como forma galega moderna *Galicia*, fronte á antiga, subsistente en portugués, *Galiza* (28).

Por último, é calco do castelán, probablemente inconsciente, a presentación que fai do paradigma verbal, no que distingue tantos tempos simples e compostos (naturalmente con *ter*) coma na lingua veciña.

A independencia lingüística debe marcarse tamén con respecto ó portugués. Ademais de adicar un apartado específico á separación entre galego e portugués, onde fai referencia ás opinións sobre a unidade primitiva, á procedencia galega do portugués, á galeguidade da literatura medieval e ás hipóteses sobre a datación da bifurcación linguística, ó longo da exposición dos capítulos restantes fai repetidas manifestacións sobre a relación entre galego e portugués en dous sentidos fundamentais: dunha banda expresa o seu orgullo como galego de que unha ponla esgazada da nosa lingua tivese mellor fortuna e agromase vigorosa en Portugal, entre outras razóns porque iso proba que non foron razóns de mérito lingüístico senón acontecementos e vicisitudes políticas os que lle impediron facelo igualmente en Galicia; doutra banda denuncia o recurso de solucionar problemas do galego acudindo a portuguesismos innecesarios, mesmo esaxerando as tendencias desta lingua.

O ton deste rexeitamento é especialmente duro cos innovadores que propoñen o seguimento do portugués en cuestións ortográficas: "El capricho, el afán

(26) *Ibidem*, , p. 16.
(27) A.F.C., *Ortografía*, p. 10.
(28) A.F.C., *El idioma*, p. 73.

de singularidad, la ignorancia o cualquier otro motivo de igual fuste, fueron causa de que ciertos escritores, muy pocos felizmente, procurasen traer al gallego las grafías portuguesas *lh* y *nh* en vez de *ll* y *ñ*." (29). Coa mesma contundencia rexeita o uso de *g, j* en lugar de *x*, o de *-m* final, e o de *ç*; os seus razoamentos xiran en torno ó grao de dificultade que introducirían, á complicada base etimolóxica dalgúns destes sonidos, á falta de distinción fonética en galego que xustifique tanta diversidade gráfica e ó feito de non seren signos tradicionais en galego, e algúns nin sequera en portugués. Esta repulsa obecede, ademais, á consideración de que "la propensión de algunos de nuestros escritores a adoptar una ortografía imitación o copia de la portuguesa, más imperfecta que la castellana, se opone, no solamente a la tradición del gallego, sino a los progresos a que la escritura debe siempre tender, con miras a la simplificación, y es, además, dar por bueno lo que hoy se reconoce en todos los países, al lamentar complicaciones ortográficas, como obra funesta de la pedantería de los pseudo-eruditos en colaboración muchas veces con la ignorancia" (30).

H) UN MODELO LINGÜISTICO SIMPLE

Non podería actuar doutro xeito quen, a pesar de desexar un modelo de lingua culta e independente, non ten un criterio elitista da lingua como patrimonio exclusivo duns cantos privilexiados. Por iso, ó analisa-las distintas procedencias etimolóxicas de 'nuestro sonido de *ch* francesa", comenta: "Fácilmente se comprende que si hubiera que tener todo esto en cuenta para la escritura correcta, la convertiríamos en un privilegio exclusivo de los filólogos o punto menos, y no es ésa, ciertamente, la solución que mejor cuadra proponer por parte de quienes aspiramos a la máxima difusión del cultivo escrito de la lengua gallega." (31). E ó se pronunciar sobre a conveniencia de escribirmos -x-, afirma: "(...) queda resuelto de plano un importante problema y allanado para el público en general, lo que, de otro modo, sobre tratarse de una innovación que de seguro no sería bien recibida, alejaría a las masas del cultivo escrito de nuestra lengua." (32). O desexo de evitar complicacións fai que tamén renuncie a representar na escritura os sete fonemas vocálicos existentes no galego.

E, en definitiva, o desexo de que as normas sexan simples é tamén o que provoca que o criterio da ortografía etimolóxica ou o da ortografía fonética, ó seu xuício máis coherentes e desexables, cedan por estas consideracións ante o recurso a imita-lo español. Ocorre ademais que o galego non precisa en absoluto desa complicada vestimenta, que só obedece a un complexo de inferioridade, pois, como el di, "La lengua gallega goza de una personalidad propia y bien definida que arranca de otras cosas que nada tienen que ver con los aditamentos ortográficos que venimos criticando y que se le quisieron colgar a fin de distinguirla del

(29) *Ibidem*, p. 181.
(30) *Ibidem*, p. 184.
(31) A.F.C., *El idioma*, p. 177.
(32) A.F.C., *El idioma*, p. 178.

castellano. No es conocer el idioma regional, sino muy al contrario, el considerar que gana en sustantividad porque se le preste una risible vestimenta ortográfica, ni es ello tampoco enaltecerlo, ni lograr que los extraños lo aprecien en lo mucho que vale." (33).

Estes son os criterios que guiaron a proposta feita por Antonio Couceiro Freixomil en 1928. As normas longamente discutidas, aprobadas e publicadas polo Seminario de Estudos Galegos cinco anos despois, de grande importancia histórica en canto que é a primeira vez en que unha corporación e unha institución prestixiada deciden poñer freo á anarquía e diversidade existentes, son debedoras en tódolos seus avances a proposta de Couceiro. Pero son excesivamente esquemáticas, superficiais e pouco decididas, de tal xeito que, en certo modo, defraudaron as expectativas creadas e, en definitiva, supuxeron un paso atrás en ambición, en rigor e en coherencia con respecto ó documento que lles serviu de base. Houbo que agardar medio século para que a Real Academia Galega, como institución obrigada desde o seu nacemento á elaboración dunhas normas ortográficas, asumise de xeito efecto, por primeira vez, o seu compromiso e para que, por outra banda, o alento dun pequeno grupo de filólogos, na Universidade de Santiago, permitise acadar unha proposta que superase en extensión e en pretensións aquela de 1928.

(33) A.F.C., *El idioma*, p. 182.

A cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago: datos para a historia dunha reivindicación

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO - FERNANDO R. TATO PLAZA

INTRODUCCION

Vénse considerando o primeiro tercio do século XX como un momento en que o labor de dignificación da lingua pasa pola procura dos ámbitos que ata aquela lle estiveran vedados. Por iso non é de estrañar que a consecución de estudios universitarios para o noso idioma e a nosa literatura ocupase un lugar destacado nas angueiras de homes na súa meirande parte vinculados ós movementos galeguistas, principais valedores da reivindicación idiomática. Con este artigo pretendemos demostrar que a cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago foi unha vella aspiración non só da propia institución universitaria senón tamén de moitos outros sectores cidadáns. As pescudas en diversas publicacións periódicas da época que consideramos, de 1910 a 1936 (*El Eco de Santiago*, *Estudios Gallegos*, *El Compostelano*, *Galicia. Diario de Vigo*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Ultreya* e outros), completadas con outras fontes históricas e documentais, achegan unha serie de datos que consideramos de interese para o estudio da historia externa da lingua galega neste período, nalgúns puntos aínda escuro.

1910: UN MES DE PROTESTAS A TRAVES DE *EL ECO DE SANTIAGO*

As primeiras noticias que temos sobre a docencia da lingua e literatura galegas na Universidade galega sitúanse a primeiros de século nas clases que dispensaba o profesor Armando Cotarelo Valledor. Otero Pedrayo cóntanos que no seu programa do ano 1906 "figura un grupo de leucións adicadas á nosa literatura medioeval e moderna deica o derradeiro valor de entón" (Otero Pedrayo, 1930). Efectivamente, no completo programa que publicou (Cotarelo Valledor, 1906), un total de nove leccións atenden os distintos ámbitos de estudio da lingua e literatura galega. Así, nas leccións 21 e 22 achégase á historia, extensión e dialectoloxía, á fonética e morfoloxía histórica; a lección 30 está dedicada á poesía galaico-portuguesa; a 32 céntrase na figura de Afonso X, con especial atención ás *Cantigas*, e, da 96 á 99, a literatura galega, do Rexurdimento ata os novísimos da súa época. Unha última lección, a nº 100, repasa as figuras que desde a filoloxía ou a crítica

literaria se ocuparon da lingua galega, así como unha análise da prensa rexional. Este ensino continuou ó longo de sucesivas promocións, como testemuña Carballo Calero falando do curso 26-27: "el explicava Língua e Literatura Españolas, pero combinando-a co estudo da Língua e da Literatura Galegas" (Fernán-Vello, M.A. / F. Pillado Mayor, 1986:42).

Sen embargo, as primeiras voces que de forma explícita reclamaban a creación dunha cátedra específica que se dedicase a esta materia como unha necesidade urxente da Universidade galega encontrámolas en 1910.

O detonante foi a creación de dúas Cátedras: unha de Lingua e Literatura Catalana na Universidade de Barcelona e outra de Lingua e Literatura galaico-portuguesa na Universidade Central. A inxustiza manifesta desta localización motivou pronto unha serie de protestas, cunha forte mobilización de tódalas forzas vivas a prol da causa.

O 8 de novembro de 1910 Barcia Caballero, nun artigo intitulado "Mi protesta", escribe:

> se presentó al Congreso una enmienda en cuya virtud se propone la creación de una cátedra de lengua catalana en Barcelona y de otra de lengua gallega... creerá cualquiera que en Santiago ¿verdad? Pues no: en Madrid.

O día seguinte reúnese o Claustro da Universidade para tratar este asunto e acórdase opoñerse á devandita concesión e nomear unha comisión formada por Barcia Caballero, Cabeza de León e Cotarelo Valledor. Así mesmo, o Claustro solicita o apoio da Real Academia Galega, da prensa e dos deputados galegos (9-novembro-1910). A partir de aquí sucédense as voces que reclaman a creación destes estudios na Universidade Galega.

Nicolás Díaz López, catedrático de Instituto, redacta un escrito de protesta nestes termos:

> 1.- Natural es que, existiendo una región, en los labios de cuyos hijos vive una habla propia, en la Universidad de esa misma región, antes que fuera de esta, se establezca el estudio de dicha habla. [...] Consecuencia: El estudio oficial del gallego debe establecerse, antes que en ninguna otra parte, en la Universidad de Galicia [...]. 2.- El estudio del "Gallego", para ser lo más perfecto y provechoso posible, debe hacerse, sobre todo si ha de ser establecido en Universidad, según el procedimiento científico alemán. [...] Consecuencia: Debe pedirse que se cree en la Universidad de Santiago no solo la Cátedra de "Lengua y Literatura Galaico-Portuguesa", sinó también toda la sección de "Ciencias Lingüísiticas" para poder hacer más perfectamente el estudio del "Gallego" (12-novembro-1910).

O mesmo día da publicación desta nota anúnciase un mitin de protesta organizado por "Joven Galicia" (1). Dous días máis tarde, baixo o titular "Sigue la protesta", dásenos noticia dunha mobilización estudiantil:

> Esta mañana los escolares recorrieron en manifestación las calles de la ciudad patentizando su disgusto por la creación de una cátedra de literatura galaico-portuguesa en Madrid (14-novembro-1910).

(1) Asociación recén constituída -a primeira vez que a prensa a nomea é o 25 de outubro deste ano- formada por escolares e que ten como obxectivo loitar contra o caciquismo. En *El Eco de Santiago* dicíase que dela "puede salir el gonfalonero de la causa gallega, tan justa y digna de defensa como la que más" (26-outubro-1910).

Non é *El Eco de Santiago* o único xornal galego que se preocupa por esta cuestión; tamén se fan eco *La Concordia* e *Noticiero*, de Vigo, *El Regional* de Ourense, *Diario de Galicia* de Santiago e incluso *Equis*, revista satírica. O día seguinte, 15 de novembro, ten lugar o anunciado mitin de "Joven Galicia", que preside o alcalde interino de Santiago e catedrático de dereito, Cabeza de León, xunto cos catedráticos de Farmacia e Dereito Deulofeu e Castroviejo. Decídese dirixir unha exposición ó Senado (2) en apoio da do Claustro, e telegrafar ó Presidente do Consello de Ministros, Canalejas ("pues es gallego, no pospondrá los intereses de su región"), ó Deputado por Santiago e ó Senador pola Universidade. Este mesmo día publícase a noticia da protesta que o Claustro envía ó Senado; nela dise:

> Tal vez se arguya que en Santiago no existe Facultad de Filosofía y Letras; cierto, pero hay una Sección de ella; quizá se diga que de crearse aquí la deseada cátedra vendría a tener el curso Preparatorio de Derecho cuatro asignaturas mientras en las restantes Universidades sólo cuenta tres: mejor para los alumnos que irían instruidos en una disciplina más y tan importante y cara para ellos por tratarse de la principal gloria de su región.

O día 17, tras unha moción asinada por Cabeza, Mosquera e Moreno, e a lectura dunha carta do Rector, Cleto Troncoso, o concello santiagués admite esta moción, e, polo tanto, decide pedir que a cátedra sexa creada en Santiago, segundo lemos na sección "La vida municipal". No mesmo día publícase o telegrama enviado polo Ministro de Estado, García Prieto, ó Alcalde de Santiago:

> Me complazco contestar telegrama hoy, manifestándole apoyaré eficazmente en Senado concesión Cátedra Lengua y Literatura Galaico-portuguesa, deseando como siempre contribuir al fomento de los intereses de esa ciudad.

e outra noticia máis relacionada co caso:

> Los senadores por las provincias gallegas celebrarán una reunión para acordar la presentación de la enmienda, al presupuesto de Instrucción, relativa al establecimiento de la Cátedra de Literatura galaico-portuguesa en Santiago.

O 23 de novembro encontramos unha relación das persoas e institucións adheridas (3), entre as que non se encontra a Real Academia Galega, a pesar de que esta se reunira o día 18. O día 29 o estudiantado compostelano fai unha folga; e o 3 de decembro,

> Después de la reunión que ayer celebraron los escolares y en la cual acordaron investigar si contarían con el apoyo de los catedráticos, una comisión visitó al señor Rector y este respondióles que contasen siempre con su apoyo pues era cuestión de honor para la Universidad, en prueba de lo cual dirigió un telegrama al Senador señor Casares el cual respondió hoy y del texto del telegrama se desprende que todo queda reducido á nada, es decir que ni habrá Cáte-

(2) No *Diario de sesións do Senado*, extracto oficial nº 70 do 21 de novembro de 1910 acúsase a recepción dunha solicitude dos escolares da Universidade de Santiago con este pedimento.

(3) A relación é a seguinte: José Canalejas, presidente do Consello de Ministros. Manuel García Prieto, Ministro do Estado. Senadores: José de Santos Fdez. Lara, Marqués de Santa María, Rafael María de Labra, José Pardo Belmonte. Ramón Casal y Amenedo, Director do Instituto xeral e técnico da Coruña. José Benito Pardo, Presidente da Deputación de Lugo. Alcalde de Ourense. Xornais: Directores de *El Norte de Galicia* (Lugo), *El Progreso* (Lugo), *El Noroeste* (A Coruña), *La Región* (Ourense), *La Correspondencia Gallega* (Pontevedra), *La Juventud Católica* (Ourense). Os alumnos da Cátedra de Literatura presididos polo seu Catedrático D. Marcelo Macías, Académico da Real Academia Gallega.

dra de Literatura Galaico ni Catalana y por consiguiente no se establecerá ni aquí ni en Barcelona ni en Madrid.

Na mesma información dise que Eduardo Torres Taboada, senador pola Coruña, presentara unha emenda ó proxecto do Goberno, segundo a cal a cátedra de Literatura galaico-portuguesa debía establecerse non en Madrid, senón en Santiago. Finalmente, o 5 de decembro reséñanse os actos do día anterior, entre os que se incluían unha manifestación:

> A ella asistieron los alumnos de todas las facultades y centros de Santiago, con sus estandartes, así como otras muchas personas. Los manifestantes, recorrieron las calles y dirigieron telegramas á Madrid interesando que dicha cátedra, al crearse, sea asignada á la Universidad de Santiago. Reinó completo orden.

E publícase o telegrama que marca o remate desta serie de protestas:

> el Gobierno no prejuzgaba designación de lugar para la enseñanza Literatura galaico-portuguesa, unicamente queda consignada en el Presupuesto la cantidad para su dotación, pero la naturaleza de la enseñanza, su determinación, y la Universidad en que deban darse, ha quedado fuera de la acción del Parlamento. El Gobierno oirá en primer término al consejo de Instrucción pública, según establece para las cátedras de nueva creación la ley de 1857. La Universidad de Santiago y la opinión en general deben estar seguras de que el Gobierno no procederá en el asunto sin oir á cuantas entidades merezcan respeto y deban ser tenidas en cuenta por imperativas, legales y por propias del Gobierno.

Como vemos, case tódalas intervencións na prensa son favorables á localización da cátedra en Santiago. Tan só atopamos unha en contra, xa non da súa situación, senón da súa mesma creación. En *El Eco de Santiago* (3-decembro-1910) dáse noticia dun artigo publicado por Leopoldo Pedreira en *Tierra gallega* titulado "La Cátedra de Gallego", no que se afirma:

> Sé que, para la mayoría de los lectores coruñeses, resulta repulsivo el epígrafe de este artículo. Coruñés, en nuestras relaciones nacionales y en nuestras relaciones mundiales, significa tanto como burgalés, logroñés ó sevillano; somos españoles, y españoles á secas. Aquí aborrecemos el regionalismo.

Quizais non faga falta dicir que o asinante deste artigo era coñecido polos seus ataques ó rexionalismo (4). O articulista de *El Eco* critica estas afirmacións por considerar que a literatura galaico portuguesa é nai da lírica castelá e, polo tanto, como fonte da literatura española, debe ser coñecida polos burgaleses e sevillanos igual ca polos galegos. Remata dicindo:

> Véase pues como desbarra D. Leopoldo Pedreira al afirmar que 'resulta repulsivo el epígrafe de este artículo' para los españoles. Y véase como sus afirmaciones, pese á la buena intención, constituyen un crimen de lesa patria.

As palabras de Leopoldo Pedreira e a contestación do articulista, unido ó feito de que entre os principais inspiradores e promotores da reivindicación figuren personaxes como Barcia Caballero ou Cabeza de León, entre os máis significados, falan do protagonismo que asumiron os rexionalistas neste asunto. Pero non tódalas voces foron unánimes. En 1911 publícase *Literatura gallega* de E. Carré Aldao na que se nos proporciona unha perspectiva distinta. A súa voz, que

(4) A súa obra máis polémica, *El regionalismo en Galicia* (Madrid, 1894), caracterizábase precisamente por isto.

tamén procede do rexionalismo, non fai fincapé no feito de que a cátedra marche para Madrid, senón na importancia de que esta exista (5). Máis adiante, en 1917, na homenaxe póstuma dedicada á figura de quen ocupou finalmente esta cátedra na Universidade Central, amosa claramente o alto grao de acidez que provocou a controvertida cuestión:

> Esta cátedra espertou cobizas e sementou envexas. N-uns, por se creeren d'ela mais merecentes, e n-outros porque, aniñadas nos seus peitos as mais baixas pasiós, pretestando un mintireiro amor â patria, traballaron de tal xeito que mais somellaban deseios de botar por terra o pensamento que non o de que se lle dera cima (Tettamancy, 1917:44).

1914: A CREACION DA CATEDRA EN MADRID

Debemos esperar a 1912 para encontrar novas noticias sobre a cátedra. Será coa publicación dun tan interesante como esquecido estudio sobre a lingua galega de Manuel García Blanco (6). Este afirma:

> El reciente establecimiento de la cátedra de Lengua galaico-portuguesa en la Universidad Central es un hecho de innegable importancia, con el cual ha quedado oficialmente reconocido que la lengua y literatura regionales constituyen algo digno de atento estudio. [...] Esta cátedra no funciona todavía, a pesar de haber sido establecida por ley del Reino y de haber votado las Cortes, pronto hará dos años, crédito para las atenciones de la nueva enseñanza, lo cual, después de todo, no es cosa que pueda causar asombro en este país clásico de leyes incumplidas y de hacienda mal administrada (García Blanco, 1912:17-18).

Un ano media entre a queixa de García Blanco e o inicio dos trámites na *Gaceta de Madrid* para facer efectiva a cátedra. O día 4 de xullo de 1913 o goberno trunca as aspiracións que dous anos antes motivaran as protestas, determinando que os novos estudios universitarios terían a súa localización definitiva en Madrid e non en Santiago:

> En la plantilla de Catedráticos de Universidades, consignada en el vigente presupuesto de gastos de este Ministerio, está previsto el nombramiento de uno de Literatura galaico portuguesa, para el cual se consigna además un crédito especial por razón de residencia.
>
> Bastaría esto para probar, aunque en la discusión de los presupuestos no hubiera sido, como fué, el asunto plenamente esclarecido, que la Cátedra creada por dicha Ley corresponde á la Universidad de Madrid y al Doctorado de la Facultad de Filosofía y Letras, *ya que se trata de una especialidad que no tiene natural cabida en las enseñanzas de más general y extensa aplicación que constituyen el plan de estudios de la Licenciatura de las distintas Secciones.*
>
> Así pues, para dar cumplimiento á lo dispuesto en la ley de Presupuestos,
>
> S.M. el Rey (q.D.g.) ha tenido á bien disponer que se proceda á la provisión de una Cátedra de Literatura galaico portuguesa, que quedará incorporada, con el carácter de voluntaria, á los estudios correspondientes al Doctorado de la Facultad de Filosofía y Letras, sección de Literatura." (*Gaceta de Madrid*, núm. 185).

En contraste coa chea de comunicados e actos organizados un par de anos antes, a penas encontramos reaccións na prensa a este anuncio. *El Correo de Gali-*

(5) Carré Aldao, 1911:104, n. 1 e Carré Aldao, 1915:323, n. 1.

(6) Alonso Montero no seu *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* exhumara xa dúas pasaxes deste libro. Véxase tamén, do mesmo autor, a voz García Blanco na *G.E.G.*

cia faise eco dunha protesta que, cos mesmos argumentos que entón, denuncia a falta de lóxica e xustiza que leva consigo este feito:

> Leemos en la Voz de Galicia lo siguiente: "[...] Se expresa en la citada disposición que la Cátedra que se crea corresponde á la Universidad de Madrid y al Doctorado de Filosofía y Letras. Y esto ya no parece tan lógico y acertado. Una Cátedra de Literatura galaica debiera figurar en la plantilla de las de la Universidad compostelana ¿por que no? [...] Que en Madrid existen, en Bibliotecas y Museos, cuantiosos datos acerca de aquellos estudios, es innegable. Pero que ello autorice para que una Cátedra de la índole de la recién creada se establezca á cien leguas de la región en que aún se habla la lengua que habrá de estudiarse y en la que se hallan los materiales propios para observar la evolución del idioma y su actual estado, es cosa sin razón clara. [...] A tanto equivale crear en Madrid la Cátedra única de Literatura galaica, como instalar la Real Academia en la capital de Cataluña". Conformes con lo que dice el colega coruñés. (7-xullo-13)

Pero os seguintes trámites van caendo inexorablemente: o 12 de agosto dispónse o anuncio da oposición, anúnciase a oposición xunto cos requisitos esixidos (*Gaceta de Madrid,* núm. 224), e o 14 do mesmo mes noméase o tribunal (7):

> "Presidente: Augusto González Besada, consejero de Instrucción Pública.
>
> Vocales: Jacinto Octavio Picón, académico; José Alemany Bolufer, catedrático de la Universidad Central; Federico de Onís y Sánchez, catedrático de la Universidad de Oviedo; Alfredo Vicenti, competente.
>
> Suplentes: Eugenio Sellés, marqués de Gerona, académico. Antonio Rubio Llunch, catedrático de la Universidad de Barcelona. Armando Cotarelo y Valledor, catedrático de la Universidad de Santiago. Andrés Martínez Salazar (Coruña), Competente." (*Gaceta de Madrid,* núm. 226).

O 19 de novembro faise pública a relación de candidatos: Antonio Sánchez y Sánchez, José Ruano y Carbo e Víctor Sáiz Armesto (*Gaceta de Madrid,* núm. 323). Por último, o 8 de marzo de 1914 publícase o nomeamento:

> "S.M. el Rey (q.D.g.) ha tenido á bien nombrar á D. Víctor Said Armesto, Catedrático numerario de Literatura galaico portuguesa de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad Central, con el sueldo anual de 5.000 pesetas y demás ventajas de la ley" (*Gaceta de Madrid,* núm. 67).

Said Armesto convértese, así, no primeiro catedrático de lingua e literatura galega na Universidade, pero non chega a desempeñar tal posto, pois morre o 17 de xullo dese mesmo ano.

Agora ben, para analizármo-las causas polas que a Cátedra se instalou definitivamente en Madrid e non en Santiago, pese á manifesta oposición de amplos e significados grupos sociais, debemos voltar á xénese da cuestión. Se ben a tese gobernamental xustifica a localización destes estudios na Universidade Central por carece-la compostelana dunha facultade de Filosofía e Letras, outras voces apuntan a que a súa creación fa encamiñada a favorecer a unha persoa determinada máis ca á iniciación destes estudios no ciclo superior de ensino. Efectiva-

(7) Pedro de LLano López y Juan Naya Pérez afirmaban en 1946 que Martínez Salazar, nomeado por R.O. vocal do tribunal de oposicións á cátedra de literatura portuguesa (sic) na Universidade Central, "Por motivos de delicadeza -entre los aspirantes figuraba su excelente amiga doña Emilia Pardo Bazán-, declina el honor, pretextando una cortedad de oído que en efecto padecía" (Martínez Salazar, 1981:474). En efecto, Martínez Salazar era membro do tribunal, pero á parte de ser suplente, a condesa non figura na relación de aspirantes. Con todo, a condesa ocupou unha cátedra na Universidade Central en 1916, a de Literaturas Neolatinas.

mente, neste sentido manifféstase un articulista que se agocha trala sinatura de "Fausto". Nas súas "Impresiones madrileñas" afirma:

> Conozco al dedillo el proceso íntimo del asunto; y como todo ello, como ya ahí presumíamos, partió del deseo de hacer un lugar en Madrid a un gallego -y ya se ve como en todas partes tropezamos con paisanos- joven aprovechado sin duda, pero no *hecho* todavía, todo lo que no sea eso no será aceptado. No es posible predecir lo que resultará (*El Eco de Santiago*, 18-novembro-1910).

Non é aventurado supoñer que a persoa a quen se refire Fausto é a mesma que finalmente acadou o posto, Víctor Said Armesto. Manuel Molina Mera, nunha breve biografía póstuma publicada no *Eco*, afirma:

> Pero una cátedra en el Instituto de Reus o en cualquier capital de provincia significaba muy poco para quien valía tanto, y un ministro, consciente de sus deberes y conocedor de los altos méritos de nuestro biografiado, creó en la Universidad Central, exclusivamente para que Said Armesto la explicase, la asignatura de "Orígenes y desarrollo de la lengua y literatura galáico-portuguesa". Muerto nuestro joven profesor, fué suprimida aquella asignatura, exclusivamente voluntaria en la Facultad de Letras (13-novembro-1922).

Apoiando esta tese podemos presenta-lo testemuño da súa propia filla:

> [Said Armesto] necesita una cátedra donde enseñar todo ese mundo maravilloso descubierto por el. Hombres de preclara inteligencia -Menéndez y Pelayo y Giner de los Ríos, ayudados por Eduardo Vincenti- se interesan vivamente en este asunto y solicitan del Ministerio la creación de una cátedra para Said-Armesto en la Universidad Central (Said Santoro, 1971:43).

Efectivamente, a determinante intervención de Menéndez Pelayo tampouco se lle escapa a Fausto:

> Buscando apoyo para el acuerdo del Congreso se trató de inquirir la opinión del ilustre Menéndez y Pelayo [...] pero encerrándose en prudente reserva remitió á los curiosos á lo que tiene dicho en sus libros (*El Eco de Santiago*, 29-novembro).

O silencio de Menéndez Pelayo só se explica pola imposibilidade de defende-la cátedra en Madrid pois anteriormente defendera a postura contraria, ata o punto de que o propio Claustro universitario se baseaba na súa autoridade para argumenta-la súa demanda. O 15 de novembro de 1910 publicárase a xa citada noticia da protesta que o Claustro enviara ó Senado; nela citábase a Menéndez Pelayo defendendo a creación de cátedras doutras literaturas que non sexan a española: hispano-latina, hispano-semítica, catalana e galaico-portuguesa; en canto á localización desta última, di que debería estar en Santiago, porque

> no parece justo que Madrid disfrute de todo género de ventajas y preeminencias, antes conviene vigorizar el espíritu provincial en donde quiera *(La Ciencia española*, I, Madrid, 1887, p. 203).

Por outra banda, tanto Vincenti como Giner de los Ríos foron parlamentarios de grande sona e especialmente influentes en temas de instrucción pública. A concepción de ambos, partidarios da reforma educativa, non é proclive, sen embargo, á causa das linguas rexionais, pois a súa concepción da política educativa é basicamente centralizadora (cf. Costa Rico, 1989:42, 69). Non pode estrañar, pois, que o destino final da cátedra fose Madrid no canto de Santiago.

Sen embargo, a través da nosa pescuda en ningún momento puidemos constatar que por parte dos opoñentes á localización da cátedra en Madrid se

cuestionase a figura do filólogo pontevedrés. Os rexionalistas non podían ver nel un inimigo, dado que el mesmo, nos anos anteriores á oposición, estaba moi próximo ó galeguismo político (8). Tampouco non o consideraron así os nacionalistas das Irmandades da Fala, institución que lle organizou unha homenaxe en Galicia nos anos seguintes á súa morte: no *Eco* (13-agosto-1917) atopamos noticia dunha velada necrolóxica organizada polas Irmandades da Fala no local da Academia na súa memoria, acto no que participaron Villar Ponte, o bispo de Tui, Lago González, Carré, Tettamancy e outros (9). En *A nosa terra* anúnciase unha homenaxe en proxecto en Pontevedra a Said Armesto, quen "conquireu a cadeira da cátedra de Língoa e Literatura galaico-portuguesa da Universidade Central, por propio merecemento" (*ANT* 17, 30-abril-1917) (10). Tettamancy redactou un opúsculo sobre o profesor pontevedrés cun prólogo de Murguía e un colofón de Carré Aldao, daquela secretario da Academia (Tettamancy, 1918). O mesmo Castelao lle dedica unha caricatura a raíz do seu pasamento na sección "Gallegos ilustres" do Seminario "La Voz de Galicia" de Bos Aires (agosto-1914). Finalmente, tamén podemos consigna-lo feito de que foron os galeguistas os que se queixaron da pasividade dos parlamentarios galegos en Madrid por deixar que a viúva de Said Armesto vivise practicamente na indixencia, reivindicando unha vez máis a figura do filólogo como unha gloria de Galicia (*ANT* 142, 15-xuño-1921).

A cátedra madrileña pasou por un longo período de vacancia ata que Cotarelo a ocupou finalmente. A pesar de que se vén repetindo que tomou posesión dela en 1939 (Carballo Calero 1981:625; Fontoira / García s.d.; Tarrío 1984:6), hai quen retrotrae este dato a 1929 (Filgueira 1984a:13). O certo é que no ano 1933 lle foi concedida a excedencia voluntaria como catedrático numerario da facultade de Filosofía e Letras de Santiago (*Gaceta de Madrid* 20, 20-I-1933); o ano seguinte aparece unha orde do Ministerio de Instrucción Pública na que a Cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa, adscrita como materia voluntaria ó doutoramento da Sección de Letras da Facultade de Filosofía e Letras de Universidade Central, que se atopaba vacante, volve ser dotada no presuposto, polo que se resolve a celebración dun concurso entre catedráticos numerarios para a súa provisión (*Gaceta de Madrid* 201, 20-VII-1934). Finalmente, o nomeamento recae en Cotarelo (*Gaceta de Madrid* 241, 29-VIII-1934). Xa como titular da cátedra madrileña publica o seu *Cancionero de Payo Gomez Chariño* (1934), e dirixe a tese de doutoramento de Filgueira Valverde, xulgada o 15-XI-1935 (Filgueira, 1982:14). A confusión xerada en torno a este punto explícase pola escuridade que envurulla certos aspectos da súa biografía; de feito, fálase do seu absentismo na cátedra compostelana a partir de 1920 e sobre todo de 1924 (Tarrío 1984:6). Queda tamén sen aclarar cal é a súa verdadeira posición na paisaxe política da época. A súa figura provoca nos galeguistas reaccións encontradas, desde a gabanza ó ataque, que ben pagaría a pena pescudar. Sirva como mostra disto un significativo artigo

(8) Cf. García Velasco, s.d., Martínez Risco y Macías, 1972 e Carballo Calero, 1972.

(9) Tamén se reseña en *ANT* (28-29, 30-agosto-1917). Tivo lugar o 3-agosto-1917 (Carballo Calero, 1972; Martínez Risco y Macías, 1972).

(10) Tamén temos noticia dunha velada homenaxe celebrada en Madrid polo Ateneo desta cidade o 12 de febreiro de 1915, organizado por Jacinto Benavente e no que participaron Unamuno, Galdós e J. Alvarez Quintero (cf. Said Santoro, 1971:54 ss).

de Villar Ponte no que afirma que "Nuestro ilustre amigo D. Armando Cotarelo no ha sido nunca capaz de entender a Risco ni entendernos a nosotros cuando hablamos de nacionalismo" (12-III-1924. *Galicia. Diario de Vigo*).

1914-1922. OITO ANOS DE ESPERA

Coa exposición de motivos que o goberno central dera para a adxudicación da cátedra á Universidade Central de Madrid e non á de Santiago, a creación das Facultades de Filosofía e Letras e de Ciencias, unha aspiración que xa databa de 1879, reaparece agora vencellada á reivindicación da cátedra. En realidade, a cuestión xa se recrudecera no curso 1912-13 (cf. Varela, 1989:34 ss). Por eso tampouco non nos pode estrañar que a cuestión da cátedra quedase mesmo nun segundo plano, como se desprende da exposición dirixida polo Concello de Santiago, sendo alcalde Cabeza de León, ó Ministro de Instrucción pública, "en súplica de que se conceda á esta Universidad una Sección de la Facultad de Ciencias y otra de la de Filosofía y Letras":

> ¿No es también una prueba irrecusable en favor de los deseos del Ayuntamiento de Santiago, la creación con carácter oficial de la cátedra de Lengua y Literatura gallega, cuya enseñanza habrá de darse en la Universidad de Madrid o en la de Santiago, según juzgue más conveniente el Consejo de Instrucción pública? (*El Eco de Santiago / El Correo de Galicia*, 15-febreiro-1913).

Aínda que entre novembro 1915 e novembro de 1916 non atopamos ningunha alusión directa á catedra, son abundantes as reclamacións para a creación destas facultades. Será na revista *Estudios gallegos* que dirixía Aurelio Ribalta onde reaparece a cuestión. Antón Costa Rico avalía do seguinte xeito as angueiras de Ribalta neste eido: "a súa proposta de galeguización lingüística convértese na formulación máis radical que en moitos anos se fixo en Galicia. Cómpre agardar a tempos da II República para dar con formulacións semellantes. Aurelio Ribalta é, por outra parte, o gran e inicial animador da galeguización lingüística da escola a partir de 1915" (Costa Rico, 1989:340). Baixo o título "Cátedras de gallego", dá noticia da Cátedra creada en Madrid que ocupara Said Armesto e que nese momento é só nominal:

> O gallego débese deprendere en Galizia en todas partes. Nas escolas das aldeas débese deprender o gallego. E na nosa Nubersidá débese poñere esa cátedra de Lêngôa e Literatura gallega fundada na Nubersidá de Madrí polo malogrado Said Armesto, cátedra qe ûxe e meramente nominal, e qe, sin estudiante ningún, está confiada por "acumulazión" a un señor profesor qe non sabe gallego (*Estudios gallegos* 21, novembro-1916, p. 258).

O mes seguinte insiste na mesma cuestión:

> E perziso qe a nosa Nubersidá, por estensión nubersitaria, poña cátedra de Lêngûa gallega e mais de Literatura de Galizia, ou qe oficialmente pida e logre o traslado pra Santiago da cátedra de "Lengua y literatura gallega" pouco fai suprimida na Nubersidá de Madrí. Si non estibéramos asoballados por caziqes, xa esto estaría feito. Si os nosos diputados a Cortes foran, os diputados catalás, sêrbidores do seu país e non dos mandós, xa estaría remediada esta tremenda falta de cultura. Si as nosas diputazións, antros da pûlítica local qe nin xiqera se comunican unha coa outra, estiberan xuntas coma e debido, pra loitaren polo interés de Galizia, a cátedra de Lengua e Literatura gallega sería un feito, tal e como en Barzelona funziona unha cá-

tedra de Lengua e literatura catalana, desempeñada polo sêñor Rubió y Lluch, fillo do famoso Rubió y Ors, e paga pola Mancomunidá de Cataluña (*Estudios gallegos* 22, decembro-1916, p. 283).

Coa creación das Irmandades da Fala en 1916 a reivindicación da cátedra para a Universidade galega enmárcase dentro dun proxecto moito máis amplo de galeguización. En 1917 Xohán Vicente Viqueira solicita a creación dunha escola galega "converténdose no primeiro gran formulador dun proxecto para unha escola máis axeitada para as necesidades de Galicia. Os seus escritos de 1917 e 1918 a prol da galeguización lingüística e cultural e da adecuación dos currículos ás necesidades productivas galegas serían moi tidos en conta en diante" (Costa Rico, 1989:341). Así vemos que, tras pedir creación de cátedras nas Escolas Normais, que daquela non tiñan rango universitario, considera que

> condición indispensabel para o denantes exposto [o ensino do galego nas escolas] é que o mestre en Galicia seipa galego, e isto non abranguerase verdadeiramente sinón exixíndolle nas oposicións unha materia de custionario e creando Cadeiras de Língoa e Literatura galega nas Escolas Normaes (Viqueira, 1917).

Non tarda moito en pedi-lo mesmo para a Universidade:

> N'esta facultade de Filosofía craro é que temos de crear a cadeira de língua e literatura galaico-portuguesa [...] Creio conveñente que para obter o grado de Doctor, si esta materia se exige, que as teses se escriban en língua galega (Viqueira, 1918:51, 55).

En 1919 atopamos varias noticias vinculadas ó movemento nacionalista nas que volve a estar presente a petición da cátedra. O 26 de xaneiro celébrase unha Xuntanza Escolar Nazonalista, en Santiago, con asistencia de Villar Ponte, Paz Andrade, Pita Romero e outros, presidida por un concelleiro, Francisco Vázquez Enríquez. Este acto de afirmación galeguista rematou con dúas conclusións, das que a primeira era: "Pedirlle ó Goberno o creamento d'unha cátedra de Literatura e Língua Gallega". E a segunda, a autonomía integral para Galicia. Envióuselle un telegrama ó ministro de Instrucción (11).

No "Manifesto" de II Asemblea Nacionalista que se celebrou en Santiago no mes de novembro de 1919, na que tiveron representación tódalas Irmandades, moitas sociedades agrarias, e na que xa aparecen os personaxes máis sobranceiros do nacionalismo galego (Risco, Castelao, Cabanillas, Losada Diéguez, Villar Ponte, etc.), apróbase, co nº 28, a seguinte conclusión:

> Imprantación na Universidade de Santiago das cátedras de Direito, Estoria e Língoa e Literatura Galegos, cousa doada logo da aprobación do Estatuto autónomo d'aquela (ANT 104, 15-novembro-1919).

Por outra banda, no mesmo ano, Casás Fernández, que máis tarde sería presidente da Real Academia Gallega (1936-1960), fundou e presidiu un "Instituto de Estudios Gallegos" que organizou na Coruña o "Primer Congreso de Estudios Gallegos" (24-31 agosto). Nesta asemblea, onde tiveron representación o monarca Afonso XIII e o goberno, por medio do rector da Universidade Central, trazouse un plan a prol do desenvolvemento cultural e do progreso de Galicia. Na Sección

(11) Deste acto faise unha recensión en *ANT* 79, 5-febreiro-1919, pp. 5-6. Tamén témo-lo testemuño dun asistente, José Romero Lema, que nunha carta a Manoel Antonio lle comenta as súas impresións do acto (Manoel Antonio, 1979:43).

de Filoloxía e Literatura acordaron organizar un labor sistemático de recollida de datos para efectuar un estudio tan completo como fose posible da lingua, e xestionar unha Cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa (Casás Fernández, 1943:9).

A primeiros dos anos vinte os nacionalistas non deixaron a reivindicación das cátedras, como mostra a xuntanza que organizou a Xuventude Nazonalista - creada ese mesmo ano e presidida por Paz Andrade (*ANT* 110, 10-xaneiro-1920)- e que xa se anunciaba uns días antes baixo o título "La cátedra de lengua galaico-portuguesa":

> Organizada por la Xuventude Nazonalista se celebrará en la tarde del próximo sábado una importante Asamblea para pedir al gobierno el traslado a nuestra Universidad de la Cátedra de Lengua y Literatura galaico portuguesa que como se sabe figura actualmente como asignatura voluntaria en el Doctorado de la Facultad de Filosofía y Letras y en donde no se estudia por falta de alumnos. En el acto del sábado tomarán parte algunos catedráticos de nuestra Universidad y también algunos Institutos de la región. La sociedad organizadora ha dirigido circulares a los principales centros de cultura, corporaciones y periódicos gallegos para que se adhieran al movimiento y soliciten del ministro la petición de dicha cátedra (*El Eco de Santiago*, 9-marzo-1920).

O 13 de marzo dáse conta da reunión antes anunciada. O artigo titúlase "El meeting escolar".

> Con un lleno completo formado de catedráticos, auxiliares, doctores y estudiantes, amén de otras muchas distinguidas personas, celebróse esta magna asamblea cuyo objeto exclusivo era reclamar del Gobierno el traslado a la Universidad de Santiago de la Cátedra de literatura galaico portuguesa establecida en Madrid hace diez años (*El Eco de Santiago*, 13-marzo-1920).

A asemblea estaba presidida polo rector Lino Torre, o vice-rector Barcia Caballero, o catedrático de dereito Felipe Gil, os catedráticos de Instituto Xohán V. Viqueira e A. Losada Diéguez e mais por Paz Andrade en calidade de presidente da Xuventude Nazonalista. Estes tres últimos fixeron as súas intervencións en galego. No discurso de Losada este chama a atención sobre a necesidade de crea-la facultade de Filosofía. En palabras do articulista:

> Estima necesario que para que haya gallegos que estudien su lengua, se cree antes la Facultad de Filosofía y Letras. Afirma que la culpa de que no se estudie el gallego la tenemos nosotros mismos (*El Compostelano*, 13-marzo-1920).

Ó remata-lo acto os asistentes dirixíronse ó concello para entregarlle ó alcalde unha mensaxe para o ministro de Instrucción pública. O texto do telegrama que o alcalde dirixiu ó ministro era o seguinte:

> "Presidida por Rector Universidad con asistencia catedráticos y representaciones Centros enseñanza Región y numerosísimos escolares celebróse hoy asamblea haciendo uso palabra varios oradores y votándose por unanimidad con gran entusiasmo la conclusión de solicitar establecimiento Cátedra Lengua y Literatura galaico portuguesa en Universidad compostelana. Al terminar el acto visitáronme Casa consistorial entregándome mensaje que envío por correo. Identificado con esta loable y legítima aspiración ruego Vuecencia la acoja y resuelva favorablemente". Máximo de la Riva. (*El Eco de Santiago*, 13-marzo-1920).

Este acontecemento encontrou eco tamén nas páxinas de *El Compostelano* (13 e 15 de marzo), de *A Nosa Terra* (114, 20-marzo-1920) e da revista *Ultreya* (17, 14-marzo-1920). Respecto a esta importante reunión, cabe sinalar que a Universidade iniciara un proceso autonómico que alentaba a esperanza da creación das

Facultades de Filosofía e Letras e de Ciencias. Por iso non é de estrañar que tanto Losada Diéguez como Viqueira na devandita reunión fagan referencia á creación da Facultade de Filosofía e Letras como ámbito natural ó que a cátedra se debía incorporar. O recensionista de *Ultreya* di que Viqueira

> Espera que con la autonomía se creará en Santiago la Facultad de Filosofía y Letras y que entonces habrá ambiente para la cátedra de Lengua Gallega.

O 8 de abril na sesión do Concello lese un telegrama enviado polo diputado á Cortes por este distrito, Cotarelo Valledor, comunicando que no Congreso se acordara crear nesta Universidade as Facultades de Letras e Ciencias e que se esperaba que no Senado se fixese o mesmo (*El Compostelano* e *El Eco de Santiago*). Dous días máis tarde, os nacionalistas celebran a nova, que interpretan como a consecución automática da vella aspiración: o ensino da lingua galega na Universidade. Lémolo en *A Nosa Terra*, nun artigo titulado "Outro trunfo do Nazonalismo Galego":

> Os nazonalistas galegos conquerimos un novo loureiro. O que non lograron endexamais nin catedráticos, nin políticos da nosa Terra, lográmol-o nós, en vintecatro horas.
> Referímonos â Cadeira de Língoa e Literatura galego-portuguesa, qu'era de fonda xusticia eisistise na Universidá de Compostela e que levara a Madrí pra que aló fracasase o noxento e asoballadore centralismo, namentras se lle tiña dado â Universidá barcelonesa a Cadeira somellante de língoa e Literatura catalano-provenzale.
> En primeiro termo, este éisito que oxe rexistramos débeselles ôs exemprares e meritorios rapaces da patriótica e santa "Mocedá Escolar Nazonalista de Santiago. Pro élo foi froito indiscutibre da II Asambleia nazonalista, obra das groriosas e históricas "Irmandades da Fala".
> Tódol-os xornaes o reconoceron así, agás a laberca e perniciosa "Voz de Galicia" da Cruña, defensora dend'antigo de cantos cacicatos noxentos e ruiños eisisten na Galicia. "A Voz de Galicia", tan adulona e servil coma de cote, quer adicarlles os loureiros da vitoria ô Lino Torre, i-o garcipretista Cotarelo.
> E isto faceríanos escachar de risa se non resultara aldraxante pr'a verdade honrada e prâ xusticia reuta (*ANT* 117, 10-abril-1920).

En *Ultreya* dáse noticia dunha comida de escolares compostelanos para "festejar cual se merece la concesión de las facultades de Filosofía y Letras y Ciencias a la Universidad Literaria de Santiago, y la de la Cátedra de Lengua Galaico-Portuguesa" (19, 1-maio-1920).

A nova, ó parecer desmentida pouco despois, foi corroborada uns días máis tarde cun telegrama que José Casares, senador, enviou ó rector, no que escuetamente lle dicía: "Senado aprobó lo referente Facultades"; un pouco máis explícito foi o Subsecretario de Abastecementos:

> A pesar oposición Presidente Comisión Presupuestos, gracias defensa hecha por mi buen amigo Gascón y Marín, Senado ha acèptado íntegramente mi enmienda sobre Facultades de Letras y Ciencias de conformidad con Congreso. Noticia contraria procede de que alteró su colocación en el detalle del Presupuesto incorporándolo al Escalafón general Catedráticos (*El compostelano*, 22-abril-1920).

Non obstante este anuncio, a creación real destas Facultades non tería lugar ata 1922.

Aínda que ó longo do ano 21 non atopamos referencia ningunha á celebración de actos ou mobilizacións a prol da creación da cátedra, desde sectores nacionalistas segue a reclamarse esta dentro do contexto máis amplo da galeguización da Universidade. No artigo "Nazonalización da cultura. Galizia e-a Universi-

dade de Compostela", asinado por Paz Andrade, co gallo da creación dunha "Asociación de amigos de la Universidad Gallega", este sostén que

> na Galizia a Universidade non pode ter "amigos" nin pode erguerse licitamente diante ninguen c-o cetro espiritual do pobo galego [...] Namentras da Universidade sallan licenciados sen ter saudado a lingua e literatura galega-portuguesa, nin o noso direito foral, nin a Estoria do Reino de Galizia (*ANT* 133, 1-febreiro-1921).

Outros dous artigos publicados o mesmo ano, sen faceren referencia concreta á cuestión que nos ocupa, si que participan sen embargo na creación do ambiente necesario para revitalizala. Son noticias sobre a presencia do galego noutros centros universitarios: un fálanos do ciclo de conferencias pronunciadas por José M. Osma na Universidade de Kansas (*ANT* 135, 28-febreiro-1921), e outra dos estatutos autónomos da Universidade Catalana, no que se establece que as teses de doutoramento se poderán facer en castelán, catalán e galaico-portugués. Ante a noticia de que o Claustro da Universidade de Valencia acordou crear unha cátedra da lingua daquel país, *A Nosa Terra* publica un artigo co transparente título "Outro exemplo para a Universidade de Compostela" (*ANT* 152, 30-novembro-1921).

No curso 22-23 a Asociación de Estudiantes Católicos intenta "resucitar y dar vida al pleito de la cátedra de Literatura gallega" (*Galicia. Diario de Vigo*, 4-novembro-1922), visitando ó rector, alcalde e demais autoridades, ós presidentes de sociedades e persoas de significación académica e social, e buscando o apoio das Deputacións e concellos galegos. Dúas foron as reaccións que localizamos a raíz desta iniciativa. Nunha delas, A. Villar Ponte aplaude:

> Creemos de gran interés y digna de ser apoyada por todos, esta patriótica iniciativa de los escolares compostelanos. Como ellos no cejen en su empeño, triunfarán al fin. Porque les acompaña la lógica y la razón les asiste (*Galicia. Diario de Vigo*, 9-novembro-1922).

Esta actitude optimista contrasta co escepticismo e un certo cansazo que denota o breve comentario que lle dedica Leandro Carré:

> Eu teño pouca fe nas peticiós feitas ao Goberno d'ese xeito, e menos ainda en certa crás de peticiós que fan os Concellos e Diputaciós de Galicia. Xa é sabido que as nosas Diputaciós teñen pouco de *galegas*, e no tocante aos Concellos, non falemos. [...] Por eso, eu coido que a Cátedra de galego non existe xa porque non se quere que esista; porque non hai o menor interés na sua creación (*ANT* 173, 15-novembro-1922).

As palabras de Carré amosan como en certos sectores non se considera viable a consecución da cátedra polos medios que se viñan utilizando alomenos desde 1910. Por iso chama á iniciativa individual para conseguir na práctica o que por medio dos poderes públicos non se dá alcanzado:

> Temos entendido que o Sr. Cotarelo incorporóu xa algunhas leiciós e non sería difícil outer d'él por un simple rogo que as faga máis estensas. Agardámolo así polo seu amor á Galicia e ás suas letras.

Remata Carré lamentándose de que a nosa lingua e literatura espertase máis interese nas Universidades estranxeiras (Yale, Lubeck, Coimbra, etc.) ca na propia.

O curso conclúe cunha petición da Facultade de Filosofía e Letras ó Goberno por iniciativa de Cotarelo para que se estableza a cátedra (*ANT* 189, 25-xullo-1923). Como tódolos esforzos anteriores, este tamén resultou van.

1923-1929: O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

En 1923, o cambio de réxime provoca tamén unha mudanza na estratexia de elevación da lingua e literatura galega ó ciclo superior do ensino. Ata finais da década non encontraremos novas solicitudes de creación da cátedra. Sen embargo, óptase agora pola vía dos feitos e así, o 12 de outono de 1923, na Casa do Castro de Ortoño, nace o Seminario de Estudos Galegos, "pol-o esforzo de un fato de escolares, de universitarios, xuntos pol-o degaro de coñecer á sua Terra e de xunguir os seus traballos nunha laboura colectiva, homilde e xenerosa, pra o soerguemento da cultura galega" (Seminario de Estudos Galegos, 1934:7).

Cremos que só desde a perspectiva da atmosfera coercitiva creada pola dictadura e, en dirección contraria, da creación do Seminario, que viña supli-las deficiencias da Universidade (cf. Castelao, 1974:107), é posible entender que teñamos que esperar a 1929 para oír outro chamado á creación das cátedras. En efecto, o Seminario non só é unha institución de carácter universitario, senón que nela se congregan, por unha parte, estudiantes que traballan a prol da galeguización da Universidade (Bouza Brey, Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Martínez López, etc.), e por outra, figuras de recoñecido prestixio dentro da institución universitaria. Por exemplo, Cotarelo, daquela Vicerrector da Facultade de Letras, foi o seu primeiro presidente, e Cabeza de León, catedrático e decano da Facultade de Dereito, o segundo; ámbolos dous foran protagonistas desde 1910 das primeiras peticións da cátedra.

Debemos salientar que Cotarelo, durante estes anos, ata a súa marcha definitiva a Madrid, dispensou algunhas leccións de lingua e literatura galegas. Durante o curso 23-24 pronunciou unha serie de conferencias sobre a historia da literatura galega; no diario *Galicia. Diario de Vigo* non só se dá a noticia deste curso senón que se inclúen resumes dalgunhas das leccións (12). Dentro do labor desenvolvido no Seminario, este catedrático pronunciou tamén un curso sobre "As orixens do galego", no ano 27, e o profesor Luis Tobío Fernández outro sobre "Fonética Galega"; en palabras de Carballo, foi un "curso-pasantia de Fonética Histórica Galega para facilitar o estudo da mesma aos discípulos de don Armando Cotarelo. Isto foi unha das primeiras actividades que eu recordo que se desenrolasen no Seminário de Estudos Galegos a pouco de eu chegar" (Fernán-Vello / Pillado Mayor, 1986:52).

En 1929 volvemos atopa-la cuestión da creación da cátedra de lingua e literatura galaico-portuguesa nun artigo asinado por C. M.; despois de recordar que cando se creara na Facultade de Letras de Madrid levantara a protesta de toda

(12) Véxanse os días 14, 15, 19, 22 de febreiro e 23, 26 e 28 de marzo. Cf. Filgueira (1951).

Galicia, e como despois a morte impediu que Said Armesto desenvolvese alá o seu labor, afirma:

> É iste o tempo de fundala en Compostela. [...] No fogar compostelán, baixo o voar ledo das bateladas ecuménicas viviría como en ningures a cátedra de literatura galaico-portuguesa. Dado o valor do seu coñecemento, está tamén indicado no cadro d'outos estudos de Madrid. Mais en Santiago non sería un luxo erudito -un luxo necesario- sinón unha precisión vital pr'a cultura galega. (ANT 261, 1-xuño-1929).

OS ANOS 30: A ACTIVIDADE UNIVERSITARIA

Otero Pedrayo, nun significativo artigo titulado "Un deber do profesorado galego", chama á galeguización efectiva da Universidade nos seguintes termos:

> No mesmo caso [de ter lugar no seu seo para a cultura galega] está a nosa Universidade. Namentras non viva oficialmente unha verdadeira facultade galega, hai espazo nas cátedras, hai o dereito dos cursos libres e das enseñanzas comprementarias (Otero Pedrayo, 1930).

E precisamente, coa chegada ó Rectorado de Rodríguez Cadarso, malia a ausencia da tan desexada cátedra, as palabras do señor de Trasalba cobran unha viva actualidade. Recordémo-las palabras de Cadarso no seu discurso parlamentario do 3 de marzo de 1932:

> Y supliendo la Universidad con el entusiasmo las deficiencias económicas, ha dotado enseñanzas regionales; y a las de Lengua, Literatura y Arqueología, etc., sumará [...] laboratorios para estudios e investigaciones [...] ya iniciada esta labor, en arte, por profesores universitarios que trabajan también en la institución fraterna de la Universidad, el Seminario de Estudios Gallegos (Cores, 1989:214).

Entre 1930 e 1934 organizáronse 4 cursos libres, de 15 días cada un, de historia, literatura, idioma e xeografía de Galicia, dos que só se celebraron dous, que, segundo Risco, tiveron un éxito extraordinario (Castro, 1985:452). Na revista *Nós* encontramos diversas noticias sobre cursos e conferencias que tiveron lugar na Universidade; entre os conferenciantes aparecen os nomes de Filgueira Valverde (13), Risco e Otero Pedrayo (14), e unha lección pronunciada por Carballo (15). Moi significativo é o cursiño de lingua galega de quince leccións que durante o ano 1933 deu Filgueira Valverde (16). No curso 33-34 o profesor Abelardo Moralejo dispensou 20 leccións sobre "Gramática histórica de la lengua gallega" (Pérez Bustamante / González García-Paz, 1934:107).

(13) Organizada pola Asociación de Estudantes de Filosofía e Letras, titulábase "Tópicos da sátira antigalega no século XVII" (*Nós* 100, 15-abril-32, p. 71).

(14) "Convidados pola Seición de Estudos Galegos que funciona na Facultade de Filosofía e Letras"; a de Risco titulábase "Introducción ô estudo do folk-lore galego", e a de Otero "As vilas galegas" (*Nós* 102, 15-xuño-32, p. 110).

(15) *Nós* 87, 15-marzo-31. Levaba por título "Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea". Reeditado en Carballo Calero (1987).

(16) Foi organizado polo "Instituto de Estudios Regionales" da Universidade; as leccións trataban da lírica e a prosa medievais, a decadencia e o rexurdimento. Segundo a noticia, asistiu "grande cantidade de público de todal-as crases sociás" (*Nós* 110, 15-febreiro-33, p. 37).

No ano 32, Alvaro das Casas realizou unha enquisa (*Nós*, 15-I-32) a persoas relacionadas co mundo académico (17). A unha das preguntas incluídas, "O que supón a galeguizazón da Universidade", dúas persoas fan mención do problema da cátedra: Cadarso e García Sabell. O Rector contesta: "Eu entendo por galeguizazón estabrecer cadeiras de histórea, histórea da literatura, economía, xeografía, etc., de Galiza. O conocemento da nosa realidade". E García Sabell, expresidente da FUE, di: "Dende logo, hai que poñer axiña cadeira de histórea de Galiza, xeografía de Galiza, idioma galego, literatura galega, etc., etc.". Outros fan alusións ó idioma e á cultura propia de Galicia aínda que sen mencionaren explicitamente as cátedras.

No curso seguinte, 1932-33, subscribiuse un "Manifesto dos universitarios galegos" (suscrito, entre outros moitos, por Carballo Calero, Fernández del Riego, Xaquín Lourenzo e Alvaro Cunqueiro), no que os escolares daban entre os "puntos concretos das nosas aspiracións", o establecemento de cátedras permanentes de cultura galega: xeografía, historia, etnografía, filoloxía e literatura (18).

O discurso inaugural do seguinte curso académico, o 1933-34, correu a cargo do alumno da Facultade de Dereito Francisco Fernández del Riego. Baixo o título "La Universidad gallega en el momento actual" recolle as aspiracións dos nacionalistas universitarios no proceso de galeguización que se reclama e que en certa medida se está a vivir. O discurso, redactado en castelán por causa da ausencia dunhas "normas que, si rigiesen en el presente me facultarían para expresarme en este discurso en el propio idioma, sin verme precisado, por razones de protocolo oficial, a emplear el castellano" (19), fai especial fincapé na necesidade da incorporación do idioma a tódolos ámbitos universitarios. Por boca de Fernández del Riego, os estudiantes solicitan: "la creación inmediata de cátedras permanentes de estudios gallegos: Geografía, Historia, Etnografía, Filología y Literatura" (Fernández del Riego, 1933:11). Para os universitarios o idioma é o cerne da cultura galega e o seu problema máis importante. O conferenciante recorda unhas palabras de Risco (20) nas que se facía mención da cátedra:

> Aquí no se enseña el gallego ni aún como se enseñaría una lengua extranjera. Es más, en la Universidad de Madrid hay unha Cátedra de Lengua y Literatura Galaico-portuguesa y en la nuestra, llamada gallega, no hay ninguna. Aquí se puede ser todo sin saber nada acerca de Galicia. EL ESTADO CONCEDE GRATUITAMENTE EL DERECHO A IGNORARLA. He aquí el modo absurdo que se tiene de culturizar nuestro país: forzándole a ignorarse a sí mismo (Fernández del Riego, 1933:11-12).

(17) Rector, vicerrector, secretario, decano de letras, lentes de letras e ciencias, 2 profesores de liceo, 2 profesores de instituto, 2 auxiliares de universidade, 1 axudante da universidade e 1 estudiante.

(18) *Nós* 111, 15-marzo-33, p. 55. Reprodúcese completo en Carballo (1987:105-112). O propio Carballo declara que foi el o redactor deste manifesto: "...el manifiesto en favor de la galleguización de la Universidad que redacté y publiqué en 1933, y que firmaron conmigo representantes de todas las Facultades. Lo tomo de El Pueblo Gallego, diario de Vigo, número correspondiente al miércoles 13 de marzo del año indicado" (Carballo, 1987:9).

(19) Cumpriu agardar case cincuenta anos para que a lección inaugural da Universidade Compostelana fose pronunciada en galego: foi no curso 77-78, e correu a cargo do catedrático de Filoloxía Románica Constantino García González, co título "Galego onte, galego hoxe".

(20) Risco, Vicente: "Sobr'a Universidade compostelán". *Céltiga*, 25-IV-1931.

Del Riego preséntasenos como un dos máis activos denunciantes da situación. Son numerosos os artigos seus nesta época publicados en *A Nosa Terra* reclamando a galeguización da Universidade. Así, en 1935, preguntándose polo mellor programa que debe realiza-la Federación de Estudiantes Galegos di: "compre non desistir, nin interrumpir un soio intre os propósitos de lograr n-eles [os nosos centros de ensino] cátedras de estudos galegos e conquerir a cooficialidade dos dous idiomas" (*ANT* 352, 9-II-1935). Esta mesma organización xa insistira na mesma reclamación uns meses antes (*ANT* 351, 6-X-1934).

Observamos pois, que nestes anos, ó tempo que as reivindicacións galeguizadoras cobraban forza, sobre todo por parte das organizacións estudiantís, a Universidade daba os primeiros pasos nesta dirección (21). Neste ambiente, é lóxico pois que a cuestión da cátedra volvese a cobrar por terceira vez en vinte anos nova forza. Sen dúbida o acceso ó Rectorado do profesor Cadarso propiciou esta atmosfera favorable ás teses que viñan defendendo os sectores galeguistas. Infelizmente, esta incipiente comuñón da Universidade co país viuse truncada coa morte do Rector Cadarso. *A Nosa Terra* glosaba así a súa figura:

> home que soupo ser guieiro no intre de se iniciar o camiño de ascensión da nosa máis outa Escola de Cultura no pluriforme producirse de galeguidade. [...] O que hai alí [na Universidade] feito a prol da cultura autóctona, anque en mui pequena medida, débeselle a íl. [...] o esprito de Cadarso arrodeado da súa laboura galega e universitaria, coma un mollón dende o que ía adecorrer a eispresión trascendente da nosa cultura dentro da Universidade (*ANT* 319, 28-nadal-1933).

Sucedeuno no posto o Rector Montequi, quen, coincidindo co bienio cedista, supuxo un claro retroceso no camiño iniciado. Se Cadarso falaba da Universidade galega, Montequi fala da Universidade Española de Galicia (Castro, 1985:452; Varela 1989:111-113).

OS ANOS 30: A ACTIVIDADE POLITICA

Este bulir galeguista que se vivía na Universidade ten o seu correlato na organización política do galeguismo; as súas máis destacadas figuras non deixan de reclama-la creación da cátedra. Villar Ponte, que xa intervira en diversas ocasións na cuestión, incide de novo cun artigo titulado "O que temos que pedir no día de Galicia e no día da Universidade", que remata cunhas conclusións que hai que elevar ó Goberno central:

> 2. "Establecimento d'unha cátedra de lingua, literatura e historia galegas, outra de temas económicos e outra de temas portugueses, base d'un intercambio co'a república veciña, na Universidade de Santiago. 3. Establecimento de cátedras de lingua, literatura, historia e xeografía galegas nas Escolas Normais da nosa terra (*ANT* 275, 1-setembro-1930).

Nos pasos previos á elaboración do Estatuto de Galicia, atopamos dúas referencias directas nas que a reivindicación da cátedra busca unha plasmación lexislativa. Nas *Bases para un proyecto de estatuto gallego* do Secretariado de Gali-

(21) Para unha información rica e detallada do proceso de galeguización da Universidade de Santiago, véxase o capítulo do mesmo nome en Varela (1989:98-110).

cia en Madrid (30-maio-1931), dise: "...nuestra Universidad debe crear Cátedras de Lengua y Literatura gallegas, y nuestras Normales deben tener enseñanza del gallego usual...". (García Cotarelo, 1986:238.) Nas *Bases para un anteproxecto de Estatuto político de Galicia* do Instituto de Estudios Gallegos (4-xuño-1931), dise, no punto 15: "En la Universidad gallega, además de las enseñanzas de sus Facultades, se organizarán otras especiales de cultura regional, y singularmente las de historia hispanoamericana y de idioma y literatura galaico-portuguesa" (García Cotarelo, 1986:256).

Tamén localizamos unha certa actividade nos círculos da emigración. Así, nunha conferencia pronunciada en Bos Aires o 15 de xullo de 1931 reclámase a creación de cátedras de Literatura, Arte, Xeografía e Historia de Galicia na Universidade compostelana (Sánchez Mosquera 1931:38).

É máis doado localizar reivindicacións de cátedra de galego para as escolas normais. Evidentemente, a incidencia destas sobre o conxunto do ensino era moito máis importante no proceso de galeguización, pois nelas formábanse os mestres. En consecuencia, os políticos galeguistas de diferentes ideoloxías reclaman cátedras para estes centros, hoxe xa universitarios. Recordaremos, en primeiro lugar, un artigo de Portela Valladares titulado "Cátedras de idioma gallego en las normales de Galicia", no que dicía:

> No debe celebrarse mitin en Galicia sin reclamar que se creen en nuestras Normales cátedras de lengua gallega (*El pueblo gallego*, 6-X-31).

Castelao levou ó parlamento a cuestión da cooficialidade do galego e o bilingüismo escolar, incluíndo tamén unha referencia á cátedra universitaria. Lemos en *Sempre en Galiza*:

> Xa morrera Rosalía, Curros e Pondal, e creouse en Madrid unha "Cátedra de Língoa e Literatura galaico-portuguesa"; pero esta mesma Cátedra fóille negada á Universidade de Galiza, que é onde debía eisistir. [...] Eu recibín, por tres veces, a promesa de que se crearían Cátedras de galego nas Escolas normaes de Galiza, e na derradeira conquerín autorización para comunicalo â prensa; pero eran promesas falsas" (p. 242; vid tamén p. 107)

Otero Pedrayo, compañeiro de Castelao no Parlamento, no discurso pronunciado o 25-V-1933 sobre "Os problemas de Galicia", dedica un grande espacio ós asuntos universitarios e, en xeral, de ensino a tódolos niveis. Reclámase, en concreto, a creación dunha facultade de estudios rexionais, e noutro momento do discurso, afirma: "Es un poco absurdo [...] que en nuestras escuelas normales no existan todavía cátedras de la lengua gallega" (García, 1978:137-151).

Pese a que a cuestión chega ó Parlamento, o certo é que a Universidade Compostelana debeu agardar ata 1965 para que a lingua e literatura galegas tivese lugar no currículo universitario, e ata 1972 para que se celebre a oposición para a cátedra de lingüística e literatura galega, que obtería Ricardo Carballo Calero.

CONCLUSIONS

A primeira conclusión que se pode establecer trala análise dos datos aquí presentados é que desde 1910, ano que sinalamos como *terminus ad quo*, en nin-

gún momento deixou de se reivindica-la creación da cátedra, se ben son tres os momentos en que o asunto cobra unha maior intensidade: 1910, ano en que se anuncia a creación da cátedra en Madrid, o curso 1919-20, en estreita relación co pedimento da creación da Facultade de Filosofía e Letras, e, finalmente, o período republicano, 1931-1936, no cal os avances políticos do nacionalismo teñen o seu reflexo na actividade universitaria.

Polo que respecta ós grupos sociais que ergueron e mantiveron aceso o facho, podemos sinalar que nun primeiro momento as protestas aparecen moi vinculadas ás forzas vivas locais de Santiago e ó estamento universitario, pero xa desde o inicio se detecta a presencia de destacados personaxes do rexionalismo. A partir da creación das Irmandades da Fala é cando os protagonistas aparecen claramente alineados no movemento nacionalista, que se converte no principal impulsor da demanda.

Finalmente, cómpre menciona-lo feito de que, a pesar das continuas promesas frustradas e pasos atrás, non por iso os estudios sobre a nosa lingua e literatura deixaron de estar presentes no ámbito universitario. Complementando a estratexia de reivindicación política aparece unha acción cultural decidida que coa forza dos feitos leva o galego e a súa literatura á Universidade compostelana por riba da inexistencia da tan desexada cátedra: velaquí onde o labor dos membros do Seminario de Estudos Galegos e mailos avances conseguidos polo rectorado de Rodríguez Cadarso cobran a súa merecida significación.

BIBLIOGRAFIA

Carballo Calero, Ricardo (1931): "Manifesto dos universitarios galegos", *Nós*, 13-III-1933. Reeditado en *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares. (1930-1933)*. Ed. do Castro, Sada-A Coruña, pp. 107-112.

——— (1972): "No centenario de Said Armesto", in *Centenario de Said Armesto. 1871-1914*. Museo de Pontevedra. 1972.

——— (1981): *Historia da literatura gallega contemporánea*. Galaxia. Vigo. 3ª edición.

——— (1987): *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*. Ed. do Castro. Sada-A Coruña.

Carré Aldao, Eugenio (1911): *Literatura gallega*. Casa Editorial Maucci. Barcelona.

——— (1915): *Influencias de la literatura gallega en la castellana. Estudios críticos y bibliográficos*. Francisco Beltrán. Madrid.

Casás Fernández, Manuel (1943): *Carolina Michaëlis de Vasconcellos (un recuerdo y un homenaje)*. Imp. Roel. A Coruña.

Castro, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. 2 vols. Publicacións da Deputación de Ourense. Ourense.

Cores Trasmonte, Baldomero (1989): *Ciencia e galeguidade na II República*. Xunta de Galicia. Santiago.

Costa Rico, Antón (1989): *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Xunta de Galicia. Santiago.

Cotarelo Valledor, Armando (1906): *Programa de Lengua y Literatura españolas*. Tipografía Galaica. Santiago. 2ª ed. reformada.

——— (1934): *Cancionero de Payo Gomez Chariño*. Madrid. Librería General de Victoriano Suárez. Ed. facsímil con prólogo e apéndices de E. Monteagudo Romero. Xunta de Galicia. Santiago, 1984.

Fernán-Vello, M.A. / F. Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Sotelo Blanco. Barcelona.

Fernández del Riego, Francisco (1933): *La Universidad gallega ante el momento actual.* Discurso inaugural do curso 33-34. Santiago.

Filgueira Valverde, José (1951): "D. Armando Cotarelo Valledor y los estudios gallegos". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VI, Madrid.

——— (1982): *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval. (La cantiga CIII)*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo.

——— (1984a): *Armando Cotarelo Valledor (1879-1950)*. Publicacións da Real Academia Galega. A Coruña.

——— (1984b): "Cotarelo, mestre dos estudos galegos", in *A presencia de Armando Cotarelo en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago, pp. 9-20.

Fontoira Surís, Lydia / García Rodríguez, Carmen (s.d.): "Cotarelo Valledor", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 7, pp. 256-257.

García Blanco, Manuel (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega.* Imp. El Norte de Galicia. Lugo.

García Cotarelo, Xosé Antonio / Rubén Víctor Lois Calviño / Fernández Jiménez (eds.) (1986): *A Autonomía Galega (1846-1981)*. Xunta de Galicia. Santiago.

García Velasco, José Luis (s.d.): "Said Armesto", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 27, pp. 155-156.

García, X. L. (1978): *Discursos parlamentarios (Escolma, limiar e notas*. Ed. do Castro. Sada-A Coruña.

Manoel Antonio (1979): *Correspondencia*. (Edición, limiar e notas de D. García-Sabell). Ed. do Castro. Sada-A Coruña.

Martínez Risco y Macías, Sebastián (1972): "Víctor Said y la cultura gallega", *Centenario de Said Armesto. 1871-1914*. Museo de Pontevedra.

Martínez Salazar, Andrés (1981): *Algunos temas gallegos*, vol. II. Gráficas do Castro/Moret. A Coruña.

Otero Pedrayo, Ramón (1930): "Un deber do profesorado galego", *Céltiga*, 138. Reproducido en A. Marco (ed.): *Ramón Otero Pedrayo. Prosa miúda*. Ed. do Castro. Sada-A Coruña, 1988, p. 226.

Pérez Bustamante, Ciriaco / González García-Paz, Sebastián (1934): *La Universidad de Santiago. El pasado y el presente.* Imp. del Seminario. Santiago.

Risco, Vicente: "Sobr'a Universidade compostelán". *Céltiga*, 25-IV-1931.

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel (1974): *Sempre en Galiza.* Ediciós Galicia. Centro Gallego de Buenos Aires / Instituto Argentino de Cultura Gallega. 2ª edición.

[Said Santoro, María] (1971): *Said Armesto. Datos para una biografía*. Madrid.

Sánchez Mosquera, Constantino (1931): *La Universidad de Compostela y otros problemas gallegos*. 1er curso de conferencias de propaganda galleguista organizado por la Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires.

Seminario de Estudos Galegos (1934): *Dez cursos de traballo 1923-1934*. Compostela, 2ª edición.

Tarrío, Anxo (1984): "Limiar" a *Trebón de Cotarelo Valledor*. Departamento de Filoloxía Galega. Universidade de Santiago de Compostela, pp. 5-15.

Tettamancy Gastón, Francisco (1918): *Víctor Said Armesto. Traballo leido na noite do 3 de agosto de 1917 con motivo do homenaxe consagrado pol-a "Irmandade da Fala" na Cruña para honral-a memoria de tan ilustre escritor. C'unha folla de Murguía e un colofón de Carré Aldao*. Imprenta Obreira. Cruña.

Varela, Isaura (1989): *La Universidad de Santiago. 1900-1936. Reforma universitaria y conflicto estudiantil*. Ed. do Castro.

Viqueira, Xoán Vicente (1917): "O galego na escola", *ANT* 40-41, 30-decembro-1917.

——— (1918): "Nosos problemas educativos", conferencia pronunciada na Irmandade da Fala da Coruña en marzo de 1918, publicada en *ANT*, 30-marzo-1918 e ss., e reproducida en *Escolma de traballos*, Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1974, pp. 42-60.

Ideas sobre a fragmentación dialectal do galego no século XIX

ERNESTO X. GONZÁLEZ SEOANE

A preocupación polo estado de dialectalización da lingua galega constitúe un dos lugares comúns que se repiten unha e outra vez en boa parte dos estudios e traballos que sobre o galego se produciron durante a segunda metade do século XIX. Aínda que con finalidades distintas, coinciden no diagnóstico tanto os partidarios da recuperación dos idiomas minoritarios como os que se declaran inimigos dos "dialectos". Para os primeiros este é un argumento que aboa a necesidade de establecer unha norma superadora e aglutinadora desta variedade, aínda que logo as gramáticas non se recaten á hora de admitir como igualmente válidas formas procedentes de áreas dialectais diferentes (1). Os segundos, en cambio, ven neste feito a demostración da inviabilidade de que o galego poida converterse algún día nun idioma capaz de satisfacer tódalas necesidades que debe cubrir unha lingua moderna e de cultura (2).

Este proceso de dialectalización que uns e outros coinciden en sinalar non pode resultar estraño nunha lingua que, como o galego, acababa de pasar por unha longa fase de total abandono, de marxinación da vida oficial e de escaso cultivo escrito, e que se encontraba naquel momento dando os primeiros pasos no lento e difícil camiño da súa recuperación. De tódolos xeitos, cómpre recoñecer que o panorama que se debuxa desde as dúas posicións citadas parece un pouco esaxerado, sobre todo á luz dos escasos argumentos que se aducen. Así, resulta difícil admitir, como pretenden algúns, que a fragmentación lingüística sexa tal que impida mesmo a intercomprensión entre falantes de áreas veciñas. Esta idea, aínda viva incluso hoxe, de que o galego varía substancialmente de parroquia en parroquia, máis que fundamentarse na realidade lingüística, parece apoiarse en impresións subxectivas, ou, no mellor dos casos, en exemplos puntuais e anecdóticos. Un destacado antigaleguista, o ferrolán Joaquín de Arévalo, para pór de relevo as dificultades para entendérense os falantes de distintos puntos de Galicia, cita como exemplos os seguintes casos:

(1) Resulta sumamente significativo o pronunciamento de Saco contra o "exclusivismo" dos que pretenden que só son xenuinamente galegas as características da lingua da súa área de procedencia. Cfr. J.A. Saco Arce, *Gramática gallega*, Impr. de Soto Freire, Lugo, 1868, p. x.

(2) Este argumento vai ser unha constante en toda a literatura antirrexionalista da segunda metade do século.

> Unos dicen *estadullo*, otros *fungueiro*, otros *fueiro* y todo ello es un palo. Unos llaman á la mariposa *abelaiña*, otros le dicen *volvoreta*. Unos dicen *zamelo*, otros *mamota*, otros *zoncho*, total, lo mismo: castañas. Unos pronuncian *barrelo*, otros *berce*, otros *arrulo*, que es la cuna (3).

Esta falta de fundamentación é en boa parte lóxica se temos en conta o escaso coñecemento do galego vivo, por causa da inexistencia de traballos de recollida de información sobre o terreo. Non é así casual que só contemos neste período con unha tentativa de clasificación das falas galegas baseada en criterios estrictamente lingüísticos, a do gramático ourensán Saco Arce. Aínda así, o propio Saco recoñecía, coa súa honradez característica, as limitacións da súa proposta, debidas á escasez e asistemacidade dos datos de que dispoñía, así como á natureza das súas fontes de información, case exclusivamente literarias:

> Para trazar este cuadro de las diferencias subdialécticas del gallego, nos hemos apoyado principalmente en el exámen de las pocas composiciones que existen escritas en el mismo, atendiendo al lugar de nacimiento ó residencia de sus autores. Si personas inteligentes tuviesen á bien comunicarnos las particularidades mas notables del gallego de sus respectivos lugares, podriamos sin duda presentar un cuadro mas extenso y completo, á la vez que exacto, de los subdialectos gallegos (4).

Outras propostas como a do furibundo antigaleguista Leopoldo Pedreira (5) só merecen citarse no capítulo da anécdota pintoresca. Igualmente disparatada é a caracterización que ofrece Augusto González Besada, quen, discrepando da clasificación de Saco por considerala demasiado sinxela, propón unha baseada na suposta predilección que os falantes de cada provincia manifestan por unha ou outra vocal (6).

Non obstante, aínda que as informacións sexan pouco precisas, fragmentarias, e, nalgúns casos, de dubidosa fiabilidade, atopamos máis dunha noticia sobre a existencia de determinados fenómenos ou formas con distribución dialectal. Tendo presentes todas estas limitacións, tentaremos recoller aquí os datos que nos proporcionan tanto as gramáticas aparecidas no século pasado coma outros escritos da época nos que de forma máis ou menos incidental se trata sobre a situación e o porvir da lingua galega. Pese a que os materiais só permiten nuns poucos casos deduci-la distribución xeográfica destas formas e fenómenos, considero que poden ser útiles para termos unha idea de cal era o coñecemento que os ho-

(3) Joaquín de Arévalo, "El dialecto", en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), p. 308.

(4) Saco, *Gramática*, p. 233 n. De aquí en diante tódalas referencias ás páxinas desta obra consignaranse entre parénteses.

(5) Vid. R. Carballo Calero, "Sobre dialectoloxía do galego", *Grial*, 61 (1978), pp. 348-353 (especialmente p. 349 n.). Neste artigo o profesor Carballo resume as ideas de Pedreira, que na súa obra *Descripción de España* (A Coruña, 1912) distingue os subdialectos *mariñao*, "doce e sinxelo"; *bergantiñán* "duro e áspero"; o *montañés*; o *ullán*, "tenro, musical, cariñosísimo", e algunha variedade máis, como a falada nas rías de Pontevedra ou o galego ourensán, que considera próximo ó portugués.

(6) "En la provincia de Pontevedra se habla el gallego de distinta suerte que en Lugo; en la primera se abusa de la *a* y del diptongo *ei*; en la segunda de la *u*. En la de la Coruña hay una tendencia á pronunciar muy abiertas todas las vocales, llegando á dar á la *ó* un sonido parecido á la *a* un poco oscura. Por el contrario, dentro de la misma provincia, en Santiago, hay una tendencia manifiesta al empleo de la *u*, que sin ser tanto como en Lugo, se acerca más al de esta provincia que á otro ninguno. En Orense usan la *e* con preferencia á otras vocales". Augusto G. Besada, *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, vol. I, La Voz de Galicia, A Coruña, 1887, p. 53.

mes do XIX tiñan da súa lingua, así como para ilustra-la historia das ideas lingüísticas sobre o galego (7).

1. FENOMENOS DE ALTERACION DO VOCALISMO TONICO

Se ben dentro do estudio descritivo da lingua galega a fonética ocupa un lugar secundario e case marxinal nestes textos, o certo é que xa desde os primeiros estudios existe a conciencia da relevancia funcional da oposición entre as vocais de abertura media aberta e as de abertura media pechada. Xa Pintos, na súa *Gaita gallega*, poñía de manifesto esta circunstancia enfrontando parellas de palabras opostas polo timbre da vocal tónica (8). Menos frecuente é, sen embargo, que se repare no feito de que en certos casos o timbre das vocais tónicas de abertura media non é común a tódalas falas galegas. De feito só contamos con dúas referencias breves e pouco precisas que quizais poderían aludir a procesos como a metafonía nominal ou a influencia que sobre a vocal tónica exerce unha consoante nasal trabando a sílaba. Non obstante, a falta de exemplos impídenos precisar moito máis.

A primeira destas referencias é unha indicación de José Pérez Ballesteros sobre a correcta utilización dos tiles grave e agudo para representa-las vocais abertas e pechadas respectivamente. Segundo o colector do *Cancionero Popular Gallego*, resulta difícil adoptar un criterio para o emprego destes sinais gráficos que sexa válido para toda Galicia. Pola contra, o seu uso deberá variar "según los subdialectos; pues la *é* cerrada de los unos es *è* abierta en los otros" (9). Dada a fidelidade con que Pérez Ballesteros segue a doutrina gramatical de Saco (10), a utilización do termo "subdialecto" non pode interpretarse como casual, senón como referencia ás falas de Santiago e de Ourense, que lle serven ó ourensán para caracteriza-los subdialectos "setentrional" e "meridional". Os estudios posteriores revelarían a inadecuación destas denominacións, peron non a caracterización lingüística, que en liñas xerais seguiría sendo válida só con cambiarmos estes termos polos de "occidental" e "centro-meridional" respectivamente. Así pois, de aceptarmos que Ballesteros, cando fala de "subdialectos", se está a referir a estas falas, non sería arriscado supoñer que as variantes ás que alude son as do tipo [éla] - [ɛ́la] ou [dé̩nte] - [dé̩nte].

Moi semellante, aínda que máis imprecisa, é a información ó respecto de Marcial Valladares, que recoñece as dificultades para que triunfe o sistema de acentuación gráfica que el mesmo propón (til grave para as vocais abertas e agudo

(7) Na enumeración dos fenómenos e formas con distribución dialectal seguirémo-la proposta polo profesor Francisco Fernández Rei no se traballo "Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno", *Grial*, 77 (1982), pp. 257-296 (especialmente pp. 259-281).

(8) Xoán Manuel Pintos, *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro*, Impr. de José y Primitivo Vilas, Pontevedra, 1853, pp. 69-70.

(9) José Pérez Ballesteros, "Indicaciones acerca de la Prosodia y Ortografía gallegas", en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), p. 383.

(10) Nas notas ó seu *Cancionero* temos abondosas mostras. Sirva como exemplo a xustificación da grafía única para o / /, na que repite case literalmente os argumentos de Saco. Cfr. *Cancionero Popular Gallego*, vol. I, Librería de Fernando Fé, Madrid, 1885, p. 5 n.

para as pechadas), pois "las vocales que se pronuncian abiertas en unas localidades, en otras se pronuncian cerradas y al contrario" (11). Aínda que non cite ningún exemplo para demostralo, a súa aseveración queda confirmada só con que confrontémo-la forma *èla* (ou *aquèla*), cun til grave que indica a súa pronuncia aberta, que propón Valladares (p. 42), co *ela* con vocal pechada de Saco, que a distingue de *êla* [ɛ́la], resultado do encontro da preposición *a* e do pronome *ela* (p. 18).

2. A PALATALIZACION DO /A/ ATONO

Saco rexistra este fenómeno no galego ourensán ("meridional" segundo a súa terminoloxía), sempre diante de vocal tónica /i/, e xustifícao pola preferencia que, segundo el, mostra este subdialecto polas vocais pechadas (p. 232). Os exemplos que cita (*eí*, *elí*, *esí*) son, se non exclusivos, si moi característicos desta área dialectal.

3. A GHEADA

A pesar das numerosas referencias que nos textos se fan á aspiración do /g/, normalmente para deostala, son moi poucas as alusións á súa condición de fenómeno con distribución dialectal. Se exceptuamos algúns vagos apuntes (12), o habitual é que se poña a énfase no seu carácter de vulgarismo. Nesta liña sitúase, por exemplo, Marcial Valladares, quen parece entende-la gheada máis como un fenómeno xeral con distribución social que como fenómeno con distribución xeográfica. Así pois, para el trataríase dun risco característico das persoas con menor nivel de instrucción:

> Las geadas son inadmisibles, así en gallego, como en castellano, manera incivil de hablar; solo disculpable en boca de gente zafia (p. 20).

En parecidos termos se pronuncian tamén Martínez Salazar, que sinala ó respecto que a gheada está moi arraigada "entre los campesinos y pueblo bajo de las ciudades galicianas" (13), ou o propio Saco, que, aínda que con menor violencia verbal que Valladares, atribúe a gueada, que non a gheada, ós "gallegos sin instrucción" (p. 13 n.).

(11) Marcial Valladares, *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1970, p. 16. Tódalas referencias a esta obra irán entre parénteses a partir de aquí.

(12) Ramón Martínez García, por exemplo, na súa obra *Curiosidades gramaticales*, Viuda de Hernando y Cª, Madrid, 1896, sinala que nalgunhas partes de Galicia a xente confunde "la *g* en *j* y viceversa, diciendo en alguna parte *paja* por *paga*" (p. 419).

(13) A. Marsal, "En tela de juicio", en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 4 (04.1888), p. 164.

4. SESEO E CECEO

Tocante ó seseo en posición implosiva final, a referencia máis clara con que contamos é obra de Valladares, que mesmo chega a precisa-la súa distribución xeográfica:

> Las terminaciones castellanas en *az, ez, iz, oz, uz*, usuales en las provincias de Orense y Lugo, hacen en las de Coruña y Pontevedra *as, es, is, os, us* (p. 39).

Ora ben, resulta sumamente curioso, e mesmo contradictorio, que o autor de *Maxina* admita o seseo implosivo como gramatical e normativamente válido (14), cando considera o explosivo un vicio de pronunciación equiparable á gheada:

> Las *geadas*, siendo un defecto, un abuso de simple pronunciacion, lo mismo que el decir *berse, Visente, senteo, siudá*, etc. [...], en ninguna gramática, en ningún vocabulario, pueden hallar cabida (15).

O seseo explosivo, pola súa parte, é característico, segundo Saco, do galego occidental ("setentrional" na súa terminoloxía) (p. 233). Algo máis precisa González Besada, que documenta este fenómeno "en algunos puertos de mar, especialmente en Bayona" (16).

Se as referencias ó seseo son relativamente comúns, non podemos dici-lo mesmo do ceceo, que pasa case desapercibido. A este respecto só podemos aduci-lo testemuño de Ramón Martínez García, que, sen ningunha precisión xeográfica, explica que "en algunos puntos de Galicia convierten la *z* en *s*, en otros las *s* en *z*" (17).

5. RESULTADOS DE -ANUM, -ANAM

En varios dos textos estudiados atribúeselle unha importancia sobranceira á diversidade de resultados destas terminacións latinas, na medida en que se considera este feito decisivo á hora de traza-las fronteiras dialectais.

En concreto, Saco (p. 233) destaca a confluencia en *-án* das terminacións masculina e feminina como característica do galego occidental, e contrapona ós resultados propios do seu galego natal, que diferencia o masculino *-ao* / *-au* e o feminino *-á*.

Cuveiro, pola súa parte, utiliza este risco para distingui-la fala das catro provincias galegas:

> En la provincia de Pontevedra, por ejemplo, pronunciamos y escribimos *mans* -manos- en la de la Coruña *mas*; en la de Lugo *maus* y en la de Orense *maos* (18).

---

(14) De feito, na exemplificación dos *Elementos* son frecuentes as voces con seseo implosivo (*rapás* / *rapaza*, p. 39), igual ca no seu *Diccionario* (*rapás* / *rapaces*).

(15) Marcial Valladares, *Diccionario gallego-castellano*, Tip. del Seminario Conciliar Central, Santiago, 1884, p. vi.

(16) Augusto G. Besada, *Historia*, p. 53.

(17) Martínez García, *Curiosidades*, p. 419.

(18) Juan Cuveiro, *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Imp. de José A. Antúnez y Cª, Pontevedra, 1868, p. vi. En diante citarémo-las páxinas entre parénteses.

Aínda que a distribución dos resultados é evidentemente errónea debido ó intento de facer coincidi-las fronteiras lingüísticas coa recente e arbitraria distribución en provincias do territorio, cabe deducir das palabras de Cuveiro algunha conclusión válida. Así, por unha parte parece claro que as formas en *-ao* e en *-au* se senten como formas non occidentais. Por outra parte, os resultados *-án* e quizais tamén *-á* (tralo plural *mas* podería moi ben agocharse un singular *ma*, característico dunha pequena área localizada na zona de Betanzos e Ferrol) caracterizarían, en cambio, o galego occidental.

Os *Elementos* de Valladares non engaden ningún dato novo, xa que neles só se constata a existencia de resultados diversos para ámbalas terminacións: *vran / vrao*, *mao / mau*, *mazá / mazán*, etc. (p. 35).

6. PLURAL DOS NOMES REMATADOS EN -N

Saco recolle os resultados que hoxe coñecemos como occidental e central (*cancións / canciós*) e emprégaos para caracteriza-las falas de Santiago e Ourense respectivamente (pp. 32 e 233). Non rexistra en cambio a solución característica do galego oriental (*canciois*).

Quen si o fai é Cuveiro, se ben non en tódolos exemplos que cita: "*razones*, razons y razós [...]; *perdones*, perdós, perdons, perdoes etc. etc. segun las respectivas comarcas" (p. 8).

7. PLURAL DOS NOMES REMATADOS EN -L

Para os nomes en *-l* non contamos con tanta información coma no caso anterior. Saco, por exemplo, unicamente cita a solución tipo *animás* (pp. 31-32), que rexistra na provincia de Ourense. Valladares, pola súa parte, recolle para o singular *coral* as solucións *coráes* e *corás*, "según las localidades" (p. 30), pero sen maiores precisións.

8. O PARADIGMA DO DEMOSTRATIVO

Saco presenta dous paradigmas, un deles propio do galego compostelán, e coincidente co do galego común: *este(s)*, *esta(s)*, *esto*; *ese(s)*, *esa(s)*, *eso*; *aquel(es) / aqués*, *aquela(s)*, *aquelo*, e outro, característico segundo el do galego ourensán, mais con nivelación analóxica en favor do masculino nos dous primeiros membros do sistema: *iste(s)*, *ista(s)*, *isto*; *ise(s)*, *isa(s)*, *iso*; *aquil(es)*, *aquela(s)*, *aquelo* (pp. 58-59 e 232). Valladares recolle a proposta de Saco reproducíndoa case nos mesmos termos. Quizais confiando na solvencia de Saco como bo coñecedor do galego ourensán, insiste na diferencia que separa os dous primeiros membros do paradigma, onde hai, sempre segundo el, nivelación analóxica, do terceiro, onde o masculino aparece dobremente caracterizado.

9. TI / TU

Nos textos considerados non atopamos referencias ó feito de existiren dúas solucións diferentes para o pronome suxeito de segunda persoa. En case tódolos casos a única forma que se rexistra é a innovadora *ti*. Así o fan Mirás (19), Cuveiro, Saco, Valladares ou Martínez González (20). O único que se inclina pola forma *tu*, quizais por considerala máis conforme coa súa orixe etimolóxica, é o erudito Manuel Rodríguez Rodríguez, que non cita a outra solución (21).

10. EL(ES) / IL(ES)

A oposición entre estas dúas formas permítelle a Saco engadir un risco máis á súa caracterización dialectal. De acordo coa súa terminoloxía, *el* sería a forma propia do galego "setentrional", mentres que *il* caracterizaría o galego "meridional" (p. 232). Valladares recolle tamén as dúas variantes, sinalando que *il*, *iles* é a solución que se escoita na provincia de Ourense (p. 42 n.)

11. LLE / ÑE

Nos textos gramaticais propiamente ditos non se rexistra en ningures a variante *ñe*, característica dalgunhas áreas dialectais. Contamos sen embargo con algunha anotación marxinal, como a que nos proporciona Antonio de la Iglesia, que utiliza a forma *ñe* (e a contraccción *ño*) aclarando que se trata dunha peculiaridade da fala da comarca das Mariñas (22). Aboan esta indicación as numerosas documentacións que na zona de Ares recolle José Pérez Ballesteros, que indica que nesta zona "pronuncian con la *ñ*, las palabras que en otros puntos se pronuncian con la *ll*. Tienen casi todos sus habitadores voz agradable y bastante musical" (23).

(19) Francisco Mirás, *Compendio de gramática gallega-castellana*, Establ. tip. de Manuel Mirás, Santiago, 1864.

(20) Manuel Martínez González, *Poemas gallegos, seguidos d'un tratado sobre o modo de falar e escribir con propiedade o dialeuto*, Tip. de J.M. Madrigal, Pontevedra, 1883, p. 124.

(21) Manuel R. Rodríguez, "Un bosquejo filológico sobre las lenguas neo-latinas", en *Santiago. Revista literaria*, III, n. 3 (1902), p. 12.

(22) Antón d'a Igreja González, "Reseña stórica de Galicia", en *A Monteira*, II, n. 58 (08.11.1890), p. 42 n., e n. 63 (13.12.1890), p. 81 n.

(23) José Pérez Ballesteros, *Cancionero* I, p. 149.

12. LLO / LLELO

Saco salienta a existencia en galego da correlación de número no resultado do encontro dos pronomes dativo e acusativo de terceira persoa, unha correlación que non existe no español, que neste contexto substitúe as formas *le* e *les* por *se* (pp. 57-58). A seguridade con que Saco se manifesta, unida á predilección que manifesta polo galego popular e ourensán, podería inducirnos a pensar que a isoglosa que delimita os territorios con e sen distinción numérica, que hoxe serve para distingui-las falas luguesas e ourensás da área lucu-auriense, estivese situada máis ó sur do que o está hoxe en día. Con todo, os datos con que contamos non abondan para afirmalo con rotundidade.

13. CANTEI / CANTIN

A solución *cantín*, analóxica das formas correspondentes da segunda e terceira conxugación, documéntana tanto Valladares (p. 51) como Saco (p. 77 n.), que, sen embargo, debía coñecela só a través da literatura, e non como forma viva (24). De calquera xeito, ningún dos dous ofrece datos sobre a súa distribución.

Tamén Rodríguez Rodríguez informa sobre a existencia desta forma, que el considera vulgar e inaceptable, pero, aínda que sinala que só se escoita "en algunos puntos de Galicia", non precisa máis (25).

14. COLLICHES / COLLECHES

Esta oposición na vocal temática da segunda persoa de singular dos perfectos fracos da segunda conxugación permítelle a Saco engadir un risco máis á súa clasificación dialectal. Segundo o gramático ourensán, a forma con vocal temática *-e-* é característica do dialecto que el denomina "setentrional", e que corresponde, segundo vimos xa, ós falares occidentais. A solución *colliches* con vocal etimolóxica *-i-* correspondería, en cambio, á súa fala nativa. Prescindindo dos erros terminolóxicos vemos unha vez máis como Saco acerta á hora de sinala-los riscos de máis importancia para a caracterización das falas occidental e central.

15. COLLEU / COLLIU, PARTIU / PARTEÜ

Na súa *Gramática* Saco sinala por dúas veces (pp. 76 e 232) a alternancia na vocal temática da terceira persoa de singular dos perfectos fracos en *-ir* (*pidiu / pedeu*, *recibiu / recebeu*), suliñando en ámbalas ocasións que se trata de "formas

(24) Segundo sinala en nota, recolleuna nun "acreditado libro de poesías gallegas" (p. 77 n.), probablemente nos *Cantares gallegos* de Rosalía.

(25) Manuel R. Rodríguez, "Declinación gallega", en *Galicia. Revista Regional*, I, n. 6 (12.1892), p. 340 n.

subdialécticas". Aínda que no último exemplo cabería pensar na pervivencia dun infinitivo *receber*, creo máis ben que o noso gramático alude en realidade á oposición existente entre unha zona, que identifica coa súa área de procedencia, na que neste punto se manteñen diferenciadas a segunda e a terceira conxugacións (*colleu / partiu*), e outra na que se produce un sincretismo entre os verbos en *-er* e en *-ir* en favor da vocal temática *-e-*, característica dos verbos da segunda (*colleu / parteu*). Non cita en cambio Saco o proceso contrario, isto é, a extensión da vocal temática *-i-* á terceira persoa de singular dos perfectos fracos en *-er* (*colliu / partiu*), característica dalgunhas falas do occidente coruñés.

Valladares, pola súa parte, sinala, aínda que sen aludir á súa distribución, a existencia de dúas variantes, tanto nos verbos da segunda, *fendeu / fendiu* (p. 55), coma nos da terceira, *ispeu / ispiu* (p. 58), *saeu / saíu* (p. 87).

16. CANTADES / CANTAS

A existencia de dúas variantes para o sufixo de número e persoa correspondente á segunda de plural dos tempos verbais (a solución hoxe maioritaria *-des* e a occidental *-s*) aparece testemuñada nas gramáticas de Saco (p. 78), Cuveiro (p. 14) e Valladares. Sen embargo, non podemos asegurar que exista neles a conciencia de que se trata de formas correspondentes a áreas dialectais distintas. De feito, Cuveiro e Valladares nin sequera lle adican un comentario, e Saco, que si o fai, semella considera-la segunda (*cantás*) unha simple variante sincopada da primeira. Algo semellante ocorrerá, como veremos, coas tres solucións que rexistra para o sufixo de número-persoa da segunda persoa de plural do perfecto (*-stes*, *-chedes* e *-stedes*) ou do imperativo (*-de*, *-θ*). Quizais puidese pensarse que a solución *cantás* gozaba daquela dunha extensión maior cá que hoxe ten. Ora ben, tampouco podemos saber con certeza se a súa presencia nas gramáticas se debe a esta razón ou ben ó feito de se tratar dunha forma moi difundida no galego literario.

17. CANTADE / CANTAI / CANTA

O caso da segunda persoa de plural do imperativo é moi similar ó anterior. As tres formas sinaladas están rexistradas nas obras de Valladares, que non indica nada ó respecto, e de Saco, que ó expoñe-los modelos das conxugacións cita as dúas primeiras (*falade / falai*, *batede / batei*, *pidide*), e no comentario posterior engade a terceira (*falá*, *baté*, *pidí*) como forma sincopada (p. 78).

18. CANTASTES / CANTASTEDES / CANTACHEDES

Nos textos que vimos manexando recóllense tanto a solución etimolóxica *-stes* coma as formas analóxicas *-chedes* e *-stedes*, vivas todas elas no galego actual.

Non obstante, de tódolos autores soamente Saco rexistra as tres, se ben non en tódalas conxugacións (*falástedes / faláchedes, batestes / batéchedes, pidistes / pidíchedes*). Por outra banda, como xa queda dito máis arriba, considera a forma etimolóxica unha variante sincopada de *-stedes* (p. 78).

19. CANTARON / CANTANO(N)

Nesta ocasión a información de que dispoñemos é algo maior ca nos casos anteriores. Cuveiro (pp. 14-15), Saco (p. 77) e Rodríguez Rodríguez (26) coinciden en sinala-la existencia dunha forma *-no* ó lado de *-ron* como sufixo de número-persoa da terceira de plural dos perfectos. Valladares, pola súa parte, consigna, ademais de *-ron*, a variante *-non*.

Tocante á súa distribución ningún deles aclara gran cousa. Saco limítase a sinalar que *-no* é unha forma moi minoritaria e Rodríguez Rodríguez que se trata dunha solución característica dalgunhas zonas de Galicia. A única referencia directa proporciónanola Antonio de la Iglesia, que se refire a ela como forma propia do "dialeuto mariñao" (27). De fiármonos do testemuño de De la Iglesia habería que concluír que a solución *-no(n)*, hoxe restrinxida á zona máis occidental da Coruña e a puntos illados da costa de Pontevedra, ocupaba no último cuartel do s. XIX unha extensión considerablemente maior. Podemos aínda engadir un novo testemuño, ó de Pérez Ballesteros, que rexistra a forma *quedano* nunha cantiga recollida tamén na comarca das Mariñas (28).

20. VERBOS IRREGULARES

Se ben os paradigmas propostos nas gramáticas son en xeral bastante ricos en variantes, é forzoso recoñecer que a penas introducen algún comentario no que se apunte que se trata de formas con distribución dialectal, e moito menos no que se aclare esa distribución. Os textos que proporcionan maior información son as obras de Saco e Valladares, que, consideradas en conxunto trazan un panorama moi semellante ó que presenta o galego actual. Nas liñas que seguen tentaremos recoller moi sucintamente as noticias que poidan ter maior relevancia, atendendo sobre todo ó rexistro daquelas formas que hoxe son moi minoritarias.

1. *Andar*.- Os dous traballos mencionados consignan dúas variantes para o tema de perfecto, *and-* e *andiv-*.

(26) Manuel R. Rodríguez, "Declinación", n. 6, p. 340 n.

(27) A. d'a Igreja, "Reseña", n. 58 (08.11.1890), p. 41 n.

(28) Pérez Ballesteros, *Cancionero* I, p. 115. Aínda que non aclara en que punto concreto foi recollida, o feito de que figure nunha serie de cantigas obtidas nesta zona permítenos colixir sen demasiado risco a súa área de procedencia. Ademais, esta é a comarca da que proceden case tódalas composicións incluídas nesta obra, ou polo menos no seu primeiro volume. Por outra banda, no primeiro volume do *Atlas Lingüístico de Galicia*, correspondente á morfoloxía verbal (Fundación Barrié, no prelo), só se rexistra nesta zona un exemplo de sufixo *-non*, concretamente recollido en Aranga.

2. *Caber*.- No tema de presente poden ser de interese as variantes do radical correspondente á primeira persoa de singular do presente de indicativo e ó presente de subxuntivo, para o que, ademais de *caib-*, *cab-* e *queip-*, atopamos en Saco (p. 87) a forma *cábea*, variante de *cabia*, hoxe moi minoritaria. Tocante ó tema de perfecto, as formas reseñadas son *coub-*, *coup-* e *cup-*.

3. *Dar*.- Os datos máis relevantes ofrécenolos Saco, que rexistra as formas *día*, *diche*, *diu*, *dimos*, *distes*, *diron*, *dira*, *dise*, características do galego ourensán, ó lado das correspondentes con radical *de-*. Polo demais, só resta sinala-la vacilación na primeira e na terceira persoas de singular do perfecto: *dei* / *din*, *deu* [*diu*] / *dou*.

4. *Dicir*.- Interesa suliña-la alternancia *dicir* / *decer*, que destaca Valladares (p. 82), ademais das documentacións que nos fornece Pérez Ballesteros de *decer* e *dicer*, xa suliñadas polo profesor Carballo Calero (29).

5. *Estar*.- Ademais das variantes *estiv-*, *estuv-* (Valladares engade *estouv-* (30) para o tema de perfecto, en Saco atopamos ó lado de *estea* un presente de subxuntivo *istía*, variante de *estía*, que hoxe se rexistra en puntos de Ourense.

6. *Facer*.- Saco e Valladares coinciden en sinala-la vacilación *facer* / *faguer* e *fixen* / *figuen*. O segundo recolle ademais a forma *fezo* para a terceira persoa de singular do perfecto (p. 65).

7. *Haber*.- O único dato de certo interese é a alternancia que sinala Valladares do radical *houb-* co castelanismo *hub-* como tema de perfecto.

8. *Ir*.- Para o imperfecto de indicativo Saco rexistra as formas *iba*, *ía* e *iña*, aínda que, segundo as súas palabras, as dúas últimas eran xa moi minoritarias daquela (p. 101). No perfecto é de destaca-la alternancia *fuches* / *foches*, que documentan Saco e mais Cuveiro, e *fumos*, *fustes* / *fomos*, *fostes*, que apunta Saco.

9. *Oír*.- Saco (pp. 99-100) consigna as variantes *oír*, *ouvir* e *outr*, cuns radicais *ouz*[*o*, *-a*...] / *oi*[*o*, *-a*...], *ouv*[*es*, *-e*...] / *o*[*es*, *-e*] / *oi*[*es*, *-e*...] para as formas rizotónicas. Valladares engade no presente de indicativo as formas *ouzes*, *ouze*, *ouzen* (p. 85).

10. *Poder*.- Para o presente de subxuntivo, á parte das formas *poda* e *poida* que rexistra Valladares, ten certo interese a forma *pódea*, variante de *podia*, documentada por Saco, que sen embargo só consigna *podo* como primeira persoa do presente de indicativo. Como tema de perfecto ambos coinciden nos radicais *puid-* e *poid-*, se ben nalgúns tempos Valladares engade tamén *pud-* (*pudera*, *pudese*).

11. *Poñer*.- Tamén hai coincidencia nestes dous autores ó sinala-la alternancia entre *poñer* e *pór*, así como a que afecta ó tema de perfecto, *pux-* / *puñ-*.

12. *Saber*.- Saco recolle para o presente de subxuntivo os radicais *saib-* e *sábe-* (p. 87). Valladares, pola súa parte, ademais de *saib-*, engade *sab-*, *seip-* e *sepi-* (p. 75). Como tema de perfecto ambos coinciden en *soub-* e *soup-*, ós que Valladares engade o castelán *sup-* (p. 74).

---

(29) R. Carballo Calero, "Novos testemunhos gráficos do galego *decer* 'dizer'", *Verba*, 7 (1980), pp. 203-207. Pérez Ballesteros, no volume II do seu *Cancionero*, rexistra por unha vez *decer*, nunha cantiga recollida en Aranga (p. 77), e en tres ocasións *dicer*, en Viveiro (p. 1), Abegondo (p. 31 e Ares (p. 300).

(30) É moi probable que Valladares recollese este radical, o mesmo que o *touv-* correspondente ó verbo *ter*, na súa terra da Estrada. No *ALGA* as únicas ocorrencias que se rexistran corresponden a Callobre, preto da Estrada.

13. *Saír*.- Tocante á primeira persoa de singular do presente de indicativo e ó presente de subxuntivo, merecen citarse as formas *saio*, *saia* / *sallo*, *salla* / *salio*, *salia*, que rexistra Saco (pp. 96-97).

14. *Ser*.- Para o presente de subxuntivo, ademais das formas *sea* e *sexa*, Saco engade a arcaica *sía* (p. 83), en tanto que Valladares fai o propio con *seña* (p. 77).

15. *Ter*.- No presente de indicativo os nosos gramáticos recollen as variantes *tedes* / *tendes* / *tes* e *teñen* / *ten*. Saco engade *tein*, forma que non debía coñecer, pois advirte que se trata dunha forma tirada de Sarmiento. Como tema de perfecto Valladares sinala ademais de *tiv-*, única forma que rexistra Saco (p. 90), os radicais *tuv-* e *touv-* (p. 78).

16. *Traer*.- Son dignas de mención as variantes *tra*[*er*, *-emos*, *-ía*...] / *tragu*[*er*, *-emos*, *-ía*] para o tema de presente, e *troux*[*en*...] / *trougu*[*en*...] para o de perfecto. Ademais, atopamos en Saco *tras* e *tran* como formas únicas para as persoas segunda de singular e terceira de plural do presente de indicativo.

17. *Ver*.- Para a terceira persoa de singular do perfecto Saco (p. 110) e Valladares (p. 80) rexistran a alternancia *viu* / *veu*, unha alternancia que, segundo Valladares, tamén se produce na forma correspondente do verbo *vir* (p. 88).

18. *Vir*.- No presente de indicativo, os dous autores citados consignan as formas *vides* e *vindes* para a segunda persoa de plural, e *veñen* e *vén* para a terceira. No pretérito perfecto, ademais da vacilación *veu* / *viu* que sinala Valladares, atopámo-las variantes *vin* / *viñen* para a primeira persoa de singular.

21. ADVERBIOS DE LUGAR ABSOLUTOS: ACA, ALA / ACO, ALO

Saco utiliza a distribución das series en *-á* (*acá*, *alá*) e en *-ó* (*acó*, *aló*) como reforzo da súa caracterización dialectal. Así, segundo el, as primeiras formas serían propias do galego "meridional" en tanto que as segundas corresponderían ó subdialecto "setentrional" (p. 232). Desta vez o gramático ourensán parece acertar algo máis coa xeografía, pois, aínda que as formas citadas non se rexistren en áreas compactas, a solución *acó*, *aló* predomina na zona norte da área lucu-auriense (falas luguesas), mentres que *acá* e *alá* son as formas características das falas ourensás desta área (31).

22. HOXE / HUXE

Aínda que sen indica-la súa distribución Saco rexistra a forma *huxe*, característica dalgunhas zonas da provincia de Ourense, ó lado do resultado maioritario *hoxe* (p. 121).

* * *

(31) Vid. Francisco Fernández Rei, "Bloques", p. 291.

Se ben ó principio suliñabamos que a inexistencia de traballos de campo facía supoñer un escaso coñecemento das variedades xeográficas do galego, o certo é que despois de reunir e confronta-los datos que ofrecen os diferentes autores debemos recoñecer que a relación de variantes dialectais que estes nos ofrecen é bastante máis completa có que se podería presumir. Quizais a máis grave limitación sexa a carencia de informacións sobre a distribución no terreo destas variantes, que cando se indica resulta excesivamente imprecisa ou nalgunhas ocasións inexacta á luz dos datos que coñecemos na actualidade. Pese a todo, nuns poucos casos illados é factible supoñer que certos fenómenos ou formas hoxe restrinxidos a áreas moi marxinais se estendían daquela por zonas nas que cen anos despois son descoñecidos. Tal é o caso, por exemplo, da terminación *-no(n)* como sufixo de número-persoa de terceira persoa de plural do perfecto, documentada dúas veces na comarca das Mariñas.

Resulta así mesmo interesante comproba-la relativa estabilidade, se non das fronteiras dialectais, que malamente podemos precisar, si das formas implicadas, en liñas xerais as mesmas que hoxe coñecemos. Reforza esta afirmación a pervivencia na mesma zona xeográfica de formas probablemente xa minoritarias daquela, coma os casos dos inusuais perfectos *touven* ou *estouven*.

Por último, cómpre suliña-lo talante conciliador e a aparente imparcialidade dos gramáticos diante da pluralidade de formas dialectais. En efecto, se deixamos á marxe fenómenos socialmente desprestixiados, como por exemplo a gheada, podemos dicir que, en liñas xerais ningunha forma é rexeitada polo simple feito de ser característica ou exclusiva dunha área determinada. Pola contra, aínda que cada autor se fixe máis na lingua da súa zona de procedencia, todos eles parecen mostrarse de acordo en que o galego 'común' non pode fundamentarse nun único 'dialecto', senón que debe recoller toda a riqueza e a variedade do galego falado.

Aproximación ó castelanismo

XOSÉ GRAÑA NÚÑEZ

1. INTRODUCCION

Sen pretendermos entrar na vella polémica de ata que punto o galego actual é basicamente o resultado da evolución libre e espontánea da propia lingua medieval, ou, pola contra, o resultado dunha evolución fortemente condicionada pola presión do castelán (a lingua intrusa desde o século XV), o certo é que o noso país foi deixando de ser unha comunidade "monolingüe" para transformarse en "dilingüe". A presencia de ámbalas linguas no territorio galego enxendrou unha situación de diglosia que perdura ata os nosos días. O castelanismo é a manifestación máis palpable que se desprende desa secular situación de contacto entre as dúas linguas. Estas interferencias do castelán poden computarse por milleiros, e constitúen unha das ameazas máis serias para a lingua galega, intrinsicamente falando. As causas que explican a súa presencia en tan elevado número son múltiples e variadas. Unha análise das mesmas sairíase dos obxectivos deste traballo, polo que nos limitaremos á simple enumeración das que, na nosa opinión, poden considerarse básicas:

-A situación de contacto lingüístico ininterrumpido durante cinco séculos.

-As similitudes de ámbolos dous sistemas lingüísticos a nivel fonético, léxico, morfolóxico e sintáctico.

-A situación de conflicto lingüístico permanente na que o castelán irá desprazando ó galego ata converterse en lingua de implantación.

-A condición de lingua exclusivamente oral na que o galego se afundiu durante séculos.

-O abandono absoluto no que a nosa lingua sobreviviu.

Estes e algún outro factor son suficientes para explica-lo alto grao de deturpación que as interferencias produciron. Tendo en conta que estas afectan a tódolos niveis lingüísticos, estructurarémo-la descripción das mesmas analizando cada nivel por separado (1).

(1) Como o propio título deste traballo indica, só pretendemos facer unha aproximación ou introducción ó problema dos castelanismos, sen entrar nunha análise pormenorizada dos mesmos. Enfocámo-lo tema desde unha perspectiva eminentemente descriptiva e clasificadora.

2. CASTELANISMOS DE TIPO LEXICO

Os vocabularios das linguas ó constituiren sistemas abertos nos que día a día se van formando novos termos, son o nivel lingüístico máis vulnerable ás influencias exteriores e polo tanto o menos estable. O estado de deturpación ó que chegou a lingua galega no concernente ó seu vocabulario obedece tanto a razóns de tipo lingüístico coma extralingüístico. Ademais da similitude e mesmo coincidencia en numerosas voces dos vocabularios das dúas linguas, non podemos esquece-la acción devastadora dunha situación diglósica que se mantén durante séculos, enxendrando unha ampla gama de complexos e prexuícios, que a maneira dun cancro foron minando os cementos do noso patrimonio léxico.

Por outra banda o feito de verse o galego reducido a unha lingua de uso exclusivamente oral, desvencellado do mundo da cultura e do saber, explica as lagoas lexicais que poden existir nalgúns campos concretos do saber. Estes baleiros foron a miúdo enchidos botando man da solución máis doada, isto é, recorrendo ó castelán e ignorando así outras posibilidades que podía ofrecer a propia lingua ou, cando non, a lingua irmá, o portugués, recurso inestimable para a recuperación de moito do léxico patrimonial desaparecido.

Dos castelanismos constatables hoxe na nosa lingua, non todos presentan o mesmo grao de implantación ou aceptación. Alén disto, as vías de penetración difiren grandemente duns casos a outros, polo que estableceremos varios grupos na súa clasificación.

2.1. Convivencia da forma galega co castelanismo

Existen algúns casos en galego nos que o elemento foráneo non conseguiu suplantar totalmente á forma galega, se ben esta quedou amplamente restrinxida na súa significación. Facemos a continuación unha análise das parellas máis relevantes, empezando por aquelas nas que o castelanismo entrou *vía comercio,* isto é, acompañando normalmente ó obxecto comercializado:

*tea/*tela.* A forma *tea* emprégase aínda hoxe para designa-lo tecido caseiro elaborado con liño (cfr. *Teares*). Con ela tamén se designa o tecido feito polas arañas ("teas de araña"). Fóra destes casos úsase o cast. **tela.*

*billa/*grifo.* Entre os falantes galegos a *billa* é por antonomasia a chave dun pipote ou bocoi. Agora ben, para referirse á chave da auga xa son frecuentes as vacilacións, podendo constatarse, incluso nun mesmo falante, ámbalas formas. Noutros moitos falantes o castelanismo **grifo* suplantou totalmente á forma galega.

*garfo/*tenedor.* A forma *garfo* referida ó instrumento pertencente ó servicio da mesa, pode considerarse unha palabra perdida nos sectores galego-falantes non alfabetizados na nosa lingua, onde está totalmente introducido o castelanismo **tenedor.* A forma *garfo* só se emprega hoxe nos rexistros populares para referirse a un gancho, dunha ou dúas puntas, feito por un ferreiro.

*cana/*caña.* Nesta parella é tamén o termo foráneo o máis xeneralizado na fala, quedando a forma *cana* relegada á designación do talo dalgunhas prantas gramíneas, moi especialmente do millo ou maínzo. Cfr. *escanar* ("separa-la espiga ou mazorca da cana"), *canivela, canaval* ou *canaveira.* Nembargantes, as *canas* ou *canivelas* empregadas polos troiteiros xa se denominan coa voz castelá **caña.* Na voz diminutiva conviven igualmente a forma galega e a castelá. Así emprégase a forma galega *canela* para designa-lo óso da tibia mentres o castelanismo **canilla* é utilizado para referirse á pequena bobina de fío que se mete na lanzadeira das máquinas de coser.

*coitela/*cuchilla.* Coa forma galega desígnase tanto ó instrumento cortante empregado polos zapateiros (dunha soa empuñadura) coma ó empregado polos zoqueiros (dúas empuñaduras). O castelanismo é normalmente utilizado nos restantes casos: "*Cuchilla* de afeitar", "*cuchillas* da segadora", etc.

Algo semellante acontece coa parella *coitelo/*cuchillo,* ó empregaren moitos falantes a voz patrimonial para referírense preferentemente ó "coitelo de mata-los porcos", reservando a forma intrusa para o "coitelo de mesa".

*la/*lana.* Cando a *la* da ovella se comercializa, xa se lle deixa de chamar polo seu nome para castelanizarse en **lana.* Así "a avoa rapa a ovella para facerlle uns patucos de *la* ó neto, mentres súa nai vai ó comercio mercarlle un xersei de **lana*".

*liño/*lino.* Esta parella garda un gran paralelismo coa anterior. Así a forma *liño* designa a pranta que ata hai pouco se cultivaba en Galicia, mentres que os tecidos elaborados en procesos industriais con esa mesma pranta desígnase co castelanismo **lino.*

*pa/*pala.* A forma propia galega *pa* só se emprega para referirse ó utensilio de madeira (de elaboración caseira) co que se mete ou saca o pan do forno. Tódalas demais *pas* que se adquieren no comercio desígnanse co nome castelán: "a *pala* do albanel", "a *pala* para come-lo peixe", etc.

*semente/*sembra.* Todas aquelas sementes que se recolectan na propia explotación agrícola coñécense baixo a forma galega: "nabos da *semente*", "coles da *semente*", "trigo da *semente*", etc. O castelanismo só se introduciu cando a semente é de procedencia foránea, e polo tanto hai que mercala: "patacas da **sembra*".

*trade/*taladro.* Coa forma autenticamente galega *trade,* seguen designando hoxe os nosos paisanos a ese instrumento de manexo manual empregado basicamente para furar na madeira, feito normalmente por un ferreiro. Pola contra empregan a voz **taladro* para designar esoutro instrumento de elaboración industrial e funcionamento electrónico.

*tixola/*sartén.* En amplas zonas de Galicia, a primeira das formas aplícase á prancha de facer filloas, mentres que o castelanismo **sartén* refírese sempre ó recipiente circular, de pouco fondo e con mango, que se emprega para fritir.

*vasoira/*escoba.* A voz *vasoira*, única válida en galego, basicamente só se aplica ás de elaboración caseira, feitas normalmente con xestas; de aí que tamén reciban o nome de *xesta.* Tódalas restantes que entran pola vía da comercialización veñen co castelanismo incorporado: **escoba, *escobilla,* etc.

Dunha pequena análise da distribución que presenta o castelanismo e a voz patrimonial galega, dedúcese que esta preservouse preferentemente nos casos en que o obxecto designado ten certos matices de rusticidade, e que ademais non entrou nos procesos de comercialización, ó ser elaborado polo propio consumidor. Cfr. *tea, pa, vasoira, liño, coitela, la,* etc.

A continuación mostramos outras parellas onde a distribución *galego/castelán* se corresponde coa distribución *animal/persoa* respectivamente:

*leituga/*lechuga.* Se ben é certo que nunha boa parte de Galicia *leituga* é a única forma empregada, noutras a introducción do castelanismo **lechuga* é total para designa-la hortaliza de consumo humano, mentres que coa forma galega se designa á "leituga silvestre" que medra espontaneamente e se destina ó consumo animal, especialmente ós porcos.

*moa/*muela.* O castelanismo **muela* é a forma xeneralizada para referirse á peza dental dos humanos, e en boa medida tamén á dos animais. Non obstante coa voz *moa* moitos falantes, ademais de designaren á pedra de afiar, refírense ás pezas dentais dalgúns animais. Así: "Antón sacoulle unha *moa* ó porco, pero o dentista empastoulle unha **muela* a el".

*miolos/*sesos.* A masa cerebral humana foi a primeira en castelanizarse. A forma patrimonial mantense de xeito xeneralizado para designa-la masa cerebral animal: "*os miolos* (ou molos) do porco".

*parella/*parexa.* Malia o alto nivel de penetración do castelanismo **parexa,* este non chegou a suplantar totalmente á forma autóctona, viva aínda en moitos falantes que a empregan preferentemente para referirse a un par de animais: "unha *parella* de bois". Cando o par é humano, a frecuencia do castelanismo é moito máis alta: "a *parexa* da garda civil".

*ril/*riñón.* Raramente se emprega a forma *riles* para designa-las glándulas humanas; a forma foránea **riñón* é a empregada normalmente nestes casos: "fixo un transplante de *riñón*". Pola contra a voz autóctona segue sendo a máis utilizada para designa-las glándulas animais: "ese porco tíñache uns bos *riles*".

Dentro deste mesmo contexto da correlación *galego/castelán ~ animal/persoa,* hai que incluír algúns pares de sinónimos onde a forma que coincide coa do castelán aplícase preferentemente ás persoas, entanto que a forma diverxente resérvase para os animais. Tal acontece con pares de sinónimos como: *labio* (persoas) / *beixo* (animais), *pulmóns* (persoas) / *leviáns* (animais).

Outras veces é o *progreso* o que se constitúe nunha importantísima vía para a penetración dos castelanismos. Normalmente o novo invento vén acompañado dunha nova denominación (evidentemente en castelán, cando non en inglés) que acaba por suplantar á forma enxebre:

*corte/*cuadra.* Na totalidade de Galicia enténdese por *corte* o lugar cerrado onde se encerra ó gando, con cama de toxo, palla ou molime. As novas construccións para o gando, con cama de cemento e canalización de escrementos, xa reciben o nome de **cuadras* ou **establos.*

Estreitamente relacionada con esta parella temos: *zurro/*purín.* A tradición e o progreso aparecen tamén aquí contrapostos baixo o binomio galego <-> castelán. Coa forma *zurro* desígnanse os excrementos líquidos ou semilíquidos que escorren das cortes con cama vexetal. O castelanismo **purín* designa ó *zurro* cando este se canaliza e almacena en depósitos, isto é, ó procedente das cortes con cama de cemento. Isto leva á seguinte asociación espontánea: *corte -> zurro; cuadra -> purín.*

*enciño/*rastrillo.* Coa forma *enciño* ou *angazo* desígnase en Galicia ó apeiro de labranza utilizado para xuntar herba, folla, molime, etc. Agora ben, hoxe en día, coa mecanización do campo, a herba, por exemplo, xa se xunta cos **rastrillos* dos tractores.

*lavadoiro/*lavadero.* Cando non había auga corrente nas casas, as mulleres ían lavar ó río e facíano nos *lavadoiros.* Unha vez que o líquido elemento chegou ós fogares, fixéronse os **lavaderos* con cemento e ladrillo.

*muxir/*ordeñar.* Entre moitos dos nosos campesiños xa se observa unha clara diferenciación semántica no emprego destes dous verbos. Cando o traballo é manual *muxen,* cando o fan mecanicamente **ordeñan* (coa **ordeñadora,* claro está).

Non hai dúbida, pois, de que o *progreso* e o *comercio* foron factores claves no proceso de deturpación do léxico galego. Non obstante non foron os únicos. Con certa frecuencia atopámonos con parellas de palabras onde a forma autóctona ten claramente restrinxida a súa significación pola presión da forma foránea, sen que se poida atribuír a súa penetración a un factor concreto:

*corredor/*pasillo.* Na fala da maior parte dos galegos *corredor* é sinónimo de *galería* ou de *solaina* (normalmente aberta), mais nunca empregan esta forma patrimonial para referírense ó interior da vivenda, onde está totalmente suplantada pola voz foránea **pasillo.*

*doce/*dulce.* O castelanismo **dulce* é unha forma moi espallada na fala actual cun emprego amplamente xeneralizado. Con todo hai un caso onde os mesmos falantes, que empregan este castelanismo dun xeito habitual, botan man da voz autóctona *doce;* isto acontece cando se refiren a unha clase concreta de mazás, pouco apreciadas precisamente polo alto grao de dozura: "mazás *doces*".

*gado/*ganado.* Nalgunhas zonas de Galicia fan unha curiosa distinción entre estes dous termos. Empregan o castelanismo para referirse a calquera tipo de gando en xeral coa única salvedade do gando ovino ou caprino ó que seguen a denominar coa forma autenticamente galega *gado.*

*pombo/*paloma.* A forma *pomba* foi practicamente varrida do léxico galego pola foránea **paloma.* Curiosamente mantívose intacta a forma autóctona para designa-la pomba silvestre: *Pombo.* Aquí cabe pensar que as "palomas de la urbe" acabaron por contaminar (lingüisticamente) ás súas irmás, as pombas rurais.

*randeeira/*columpio.* Tamén aquí o binomio *rural/urbano* parece a explicación máis lóxica. A forma **columpio* designaría maioritariamente ós ubicados nos parques urbanos e de construcción metálica, mentres baixo a forma *randeeira* (coas súas variantes) coñeceríanse os de carácter máis rústico, consistentes normalmente nunha simple corda pendurada dunha póla outra trabe...

2.2. Adaptación do castelanismo á fonética galega

Entre a ampla gama de deformacións léxicas motivadas pola presión do castelán, teñen unha especial relevancia aquelas que, a pesar de ser claros castelanismos, se nos presentan enmascaradas baixo unha certa aparencia de formas galegas. Un dos recursos máis frecuentes de enmascaramento son as adaptacións fonéticas: o fonema castelán [X] grafía (j) adáptase como o fonema galego [Š] grafía (x). Así conforme a equivalencias do tipo: cast. tojo / gal. toxo, cast. jamón / gal. xamón, etc., leváronse a cabo numerosas adaptacións das que ofrecemos unha pequena mostra a continuación: **almexa* (ameixa), **amortaxar* (amortallar), **antoxo* (antollo), **aparexar* (aparellar), *baraxa* (baralla), **burbuxa* (burbulla), **concexal* (concellal), **conexo* (coello), **lentexa* (lentella), **manoxo* (mollo), **mortaxa* (mortalla), **oxal* (ollal), **parexa* (parella), **partixa* (partilla), etc.

Noutro grupo de palabras a adaptación [X] > [Š] resulta todavía máis disparatada ó diferiren considerablemente a estructura da forma propia galega e a do castelanismo agalegado: **lexos* (lonxe), **pegaxoso* (pegañento), **rodaxa* (toro), **vexación* (vexame), **xabalí* (xabarín), **xaula* (gaiola), **xulio* (xullo), **xuzgar* (xulgar).

Outra das adaptacións que se levan a cabo e a da grafía castelá (y) como (i) ó non existi-la primeira no alfabeto galego: **construio* (constrúo), **desaiuno* (almorzo), **iacer* (xacer), **proiección* (proxección), **proiecto* (proxecto), **traiecto* (traxecto), etc.

En ocasións as adaptacións fonéticas poden consistir tanto na monotongación de diptongos: *mientras* > **mentras* (mentres), *quienes* > **quenes* (quen), como na diptongación dunha vocal *carretera* > **carreteira* (estrada), etc.

Un dos campos onde este mecanismo de adaptación fonética deixou as pegadas máis fondas foi sen dúbida no da toponimia. Son abundantísimos os testemuños toponímicos que presentan as máis variadas modalidades de adaptación, desde simples grafías ata sufixos e terminacións, pasando polos diptongos. O resultado foi unha morea de topónimos, moitos deles auténticos disparates, pola súa propia estructura de aparencia claramente acastrapada.

Recollemos a continuación, só dun xeito testimonial, algúns exemplos destes topónimos con adaptación:

gal. /S̆/ ---------- > *cast. /X/*

A Peroxa ---------- > *La Peroja
Caxide ---------- > *Cagide
Coruxo ---------- > *Corujo
Eirexe ---------- > *Eireje
Freixo ---------- > *Freijo
Requeixo ---------- > *Requeijo
Sambreixo ---------- > *Sambreijo
Teixeiro ---------- > *Teijeiro
Xestoso ---------- > *Gestoso

gal. /OU̯/ ---------- > *cast. /O/*

Couto ---------- > *Coto
Lourenzá ---------- > *Lorenzana
Montouto ---------- > *Montoto
Ourense ---------- > *Orense

gal. /EI̯/ ---------- > *cast. /E/*

A Franqueira ---------- > *La Franquera
A Palmeira ---------- > *La Palmera
A Pereira ---------- > *La Perera
Celeiro ---------- > *Cillero
Oliveira ---------- > *Olivera
Ribeira ---------- > *Ribera

gal. -ÁNS, -ÁS ---------- > *cast. -ANES*

Fentáns ---------- > *Fentanes
Friás ---------- > *Frianes
Goiás ---------- > *Goianes
Ramiráns ---------- > *Ramiranes
Rubiás ---------- > *Rubianes
Xustás ---------- > *Xustanes

gal. -IÑO ---------- > *cast. -INO*

Carballiño ---------- > *Carballino
Vilariño ---------- > *Vilarino

Polo que ós topónimos se refire non podemos esquecernos do recurso da traducción que, xuntamente con este da adaptación, foi un dos grandes procedementos polos que a nosa toponimia se foi inzando de formas castelás. Topónimos como: **Puentenuevo, *Puertomarín, *Puebla, *Nieves, *Iglesia, *Villanueva,* son simples traduccións que, nalgúns casos, constituiron auténticos disparates: **El niño de la guía* (< Niño d'aguia), **Viana del bollo* < *Viana do bolo* (bolo = "elevación"), **Juanceda* < *Xanceda* ("lugar abundante en salgueiros"), etc. Nos topónimos compostos traduciuse con certa frecuencia só un dos seus elementos, normalmente o de maior transparencia, dando lugar á proliferación de formas híbridas e incoherentes: **Villalonga, *Villamor, *Villameá, *Villar de Frades, *Fuenteculler, *Piedrafita,* etc.

2.3. Introducción do castelanismo pleno

O expoñente máximo de presión que o castelán vén exercendo desde hai séculos sobre o galego témolo cando a forma foránea chega a suplantar totalmente á forma autóctona, facéndoa desaparecer en moitos casos da lingua das dúas, tres, catro, etc., últimas xeracións de falantes. E indubidable que desde o século XVI foise perdendo paulatinamente (en procesos máis ou menos acelerados) unha boa parte do noso patrimonio léxico. Coa axuda do Portugués e dos textos medievais galegos, moito deste léxico puido recuperarse e de feito figura en tódolos diccionarios modernos, mais a súa reimplantación popular é unha tarefa a culminar a máis longo prazo. Por moito que se lles inculque ós nenos que as formas correctas son *pobo, avoa* e *deus,* a inmensa maioría da poboación (moi especialmente os sectores monolingües en galego) seguirán a utiliar espontaneamente os castelanismos **pueblo, *abuelo, *diós.* Estas e outras formas alleas acadaron tal grao de implantación que a súa erradicación (ó menos na lingua oral) está aínda moi lonxe, e esta dependerá en boa medida do nivel de normalización lingüística ó que chegue a sociedade galega.

Só a maneira de mostra recollemos a continuación algúns destes castelanismos que teñen un maior índice de frecuencia tanto na fala coma na escrita: **adiós, *águila, *ala, *anzuelo, *apellido, *árbol, *ardilla, *abuelo, *ballena, *bellota, *calle, *celda, *cena, *cerilla, *chorizo, *diós, *duda, *dulce, *enseñar, *estrella, *escoba, *escuela, *fecha, *fuerte, *guardia, *hacienda, *helado, *lunes, *manzanilla, *mesilla, *muela, *muñeca, *niebla, *novio, *paloma, *peine, *polvo, *quinientos, *rodilla, *salir, *suelo, *vena, *viúdo, *volar, *xuez,* etc.

Estas e centos de formas coma elas tiveron uns efectos devastadores sobre o noso patrimonio léxico, co que competirían nunha primeira fase para acabar sepultándoo co paso do tempo. Considerándoa clarificadora neste senso, imos relatar unha breve anécdota:

Non hai moito escoitámoslle a nosa nai (de 55 anos de idade e monolingüe en galego) a propósito dun comentario sobre o tempo, o seguinte refrán: "xeada sobre lodo, neve ast'o *xonllo*". Sorprendidos ó escoitarmos a última palabra (nunca a escoitaramos de labios dun falante monolingüe) pedímoslle que repetira o refrán. O resultado foi o mesmo. Preguntada a continuación sobre o que significaba "*xonllo*", non soubo contestarnos. Neste coma en centos de casos, a forma autóctona perdeuse na fala pero conservouse no refraneiro, nunha das súas variantes fonéticas (xonllo, xeonllo, xionllo...).

2.4. Castelanismos aceptables

Pola súa condición de lingua románica, o galego ten no latín o seu aporte léxico máis importante. Agora ben, esta aportación básica está complementada por outros aportes que foron enriquecendo a nosa bagaxe léxica ó longo da historia. Así fóronse incorporando (frecuentemente a través do castelán, pola súa condición de lingua dominadora) numerosas palabras doutras linguas como o francés,

provenzal, italiano, catalán, inglés, etc., que sumadas ás dos sustratos prerromanos e superestratos xermano e árabe irían configurando a nosa riqueza léxica.

Partindo de semellantes presupostos, dificilmente se poderá ignorar que non todo o que nos aportou o castelán é rexeitable. Se aceptamos como normais préstamos do italiano ou do francés (que por outra banda chegaron a nós vía castelán) por que non aceptar préstamos do castelán, máxime se están presentes no propio portugués. Existe, pois, un importante "corpus" de préstamos do castelán que non poden ser catalogados como castelanismos no sentido amplo da palabra, e que por outra banda veñen a cubrir importantes lagoas lexicais.

Entre os "préstamos" ou "castelanismos aceptables" presentes na lingua galega, hai un grupo especialmente conflictivo polas súas peculiaridades morfolóxicas. Referímonos ós que levan o sufixo diminutivo *-illo, -illa* propio do castelán, en detrimento dos diminutivos galegos *-elo, -ela,* hoxendía con pouca vitalidade por deixaren de ser productivos hai tempo.

Recollemos a continuación algúns destes préstamos máis significativos, presentes tamén na lingua portuguesa: *boquilla, camarilla, cartilla, cedilla, cuartilla, cuartillo, gatillo, guerrilla, guerrilleiro, ladrillo, pacotilla, palillo, pandilla, pastilla, perilla, presilla, puntilla, rosquilla, serranilla, sextilla, taquilla, tomillo, tornillo, tortilla, xustillo,* etc.

O feito de que teñamos préstamos lícitos, apesares dos devanditos sufixos *-illo, -illa,* non quere dicir que estes sexan sistematicamente tolerados en galego. Nun bo número de casos constitúen claros castelanismos: **amarillo* (amarelo), **bolsillo* (bolso, peto), **canilla* (canela), **capilla* (capela), **castillo* (castelo), **costilla* (costela), **hebilla* (fibela), **martillo* (martelo), **morcilla* (morcela), **pesadilla* (pesadelo), **pescadilla* (pescadiña), **tobillo* (nocello), etc.

Dada a pouca ou nula productividade dos sufixos diminutivos *-elo, -ela,* non faltou quen, para disipar posibles dúbidas, propuxese reemprazalos polo diminutivo *-iño.* Tal proposta non é factible, entre outras, por razóns de tipo semántico: non é o mesmo un *bocadillo* ca un *bocadiño,* unha *perilla* ca unha *periña,* ou unha *cartilla* ca unha *cartiña...*

Cómpre ademais ter presente que unha forma con este tipo de sufixo non sempre terá que ser un préstamo ou un castelanismo puro; pode tratarse dunha solución do propio galego: *maravilla* (< prov. maravilha < lat. MIRABILIA), *manilla* (< lat. MANICULAM), *partilla* (< lat. PARTICULAM), etc.

3. CASTELANISMOS DE TIPO MORFOLOXICO

Como xa sinalamos ó comenzo deste traballo, galego e castelán presentan un bo número de afinidades debidas ós seus vencellos xenealóxicos. É posiblemente no eido morfolóxico onde estas afinidades son menores, e, en consecuencia, onde o galego presenta unha personalidade máis propia frente ó castelán. Así e todo, as interferencias da lingua de castela son tamén relativamente frecuentes neste terreo. Enumeramos aquelas que nos parecen máis relevantes:

a) Alteracións dos morfemas de xénero nalgúns sustantivos e adxectivos: **a leite, *a sal, *a sangue, *a mel, *a nariz, *o calor, *o árbore, *o ponte,* etc.

b) Formación do plural de certas palabras rematadas en vocal tónica ou diptongo, nas que se engade o morfema propio do castelán *-es* no canto do galego *-s: *zulúes, *tabúes, *paquistanís, *israelís, *leises, *reises...*

c) Emprego da forma masculina do artigo diante de palabras femininas iniciadas por *a* tónico: **o auga, *o arte, *o aula, *o aguia,* etc.

d) A utilización incorrecta das formas do pronome persoal é un dos factores que mellor indica o deficiente nivel lingüístico do falante en cuestión. Pola contra un manexo correcto destas formas pronominais será sempre un indicativo de dominio da lingua. Cando se vacila aplícanse as estructuras do sistema castelán dando lugar á proliferación de importantes castelanismos. Entre os máis importantes podemos destaca-los seguintes:

-Mala utilización das formas de acusativo e dativo: **chameille hoxe pola tarde* (por *chameino*), **aviseille a tempo* (por *aviseino*), **insultoulle toda a noite* (por *insultouno*), **cando chegue chámoche* (por *chámote*), **búscalle pola praia* (por *búscao*), **vinlle cando se agachou* (por *vino*), etc.

-Emprego das formas de dativo *lle* ou *lles* precedidas do pronome *se* (se lle, se lles) como un calco do castelán "se le": **á coruxa só se lle ve pola noite* (por *só se ve...*). Máis disparatada resulta aínda a combinación do reflexivo *se* cos pronomes átonos de terceira persoa *o, a, os, as: *non se o puxo dúas veces,* ou **non so puxo dúas veces* (por *non o puxo dúas veces*).

-Construccións reflexivas nas que a acción verbal se exerce unicamente sobre unha parte do suxeito, inadmisibles en galego: **laveime a cara, *limpouse a boca, *afeiteime a barba, *queimouse un pe...* Son igualmente atribuibles á interferencia do castelán aquelas construccións nas que aparece un reflexivo de interés, inexistente na nosa lingua: **non me creo o que contas, *non te merecías ese trato,* etc.

-Emprego da forma de suxeito *eu* como segundo elemento das comparacións: **come máis ca eu.*

e) O emprego das formas do demostrativo **estos* e **esos* ou dos indefinidos **quenes, *cuio, *calquer...*

f) O sistema conxugacional galego está tamén fortemente interferido polo do castelán. A modo de síntese expoñemos aquí as interferencias de maior relevancia:

-Tendencia a facer irregulares verbos que en galego son totalmente regulares: **parezco, *conduxo, *reduxen, *andiveches, *tendrei, *saldrei, *sabrás,...*

-Alteracións na vocal temática co conseguinte cambio de conxugación en certos verbos: **batir, *ocurrir, *espremir, *rendir,...*

-Alteracións no radical ou lexema: **leías, *creías, *soupen, *vamos, *eres,...*

-Utilización de verbos compostos con *haber: *habías dito, *hei feito,...*

-Empregar como reflexivos verbos que en galego non admiten tal posibilidade: **bebeuse, *casouse, *coméronse, *morreuse,...*

4. CASTELANISMOS FONETICOS

As poucas peculiaridades fonéticas que dalgún xeito caracterizan ó galego frente ó castelán son, ó mesmo tempo, a principal fonte dos que podemos considerar castelanismos fonéticos. Estes teñen a particularidade de saír, case que exclusivamente de beizos de "neofalantes" que durante bastante tempo foron "monolingües" en castelán. A tendencia acentúase cando o falante é de orixes non galegas.

A articulación da fricativa palatal xorda /Š/ e da nasal velar sonora /ŋ/ constitúen o principal problema fonético para moitos neofalantes. A influencia da fonética castelá, onde non existen tales fonemas, fai que o /Š/ se despalatalice, articulándose como unha sibilante alveolar /s/ (/Š/ --> /s/) e o /ŋ/ se desvelarice pronunciándose como unha nasal alveolar /n/ (/ŋ/ --> /n/) tales alteracións fonéticas non son froito dun descuido, senón que nacen dunha auténtica incapacidade para a súa correcta articulación (2). Vexamos algunhas mostras: *laxe* *[lase], *toxo* *[tọso], *xa* *[sa], *unha* *[una], *algunha* *[alguna], *dunha* *[duna], etc. Cando a nasal velar vai en posición final, é con frecuencia arrastrada por unha fonética sintáctica, mal aplicada, a unha pronuncia alveolar /n/: "con esto" *[kọnẹsto], "sen auga" *[sẹnaɰga], "non é" *[nọnẹ], "tan alto" *[tanalto],...

No vocalismo tamén se deixa nota-la influencia e os hábitos adquiridos na fonética castelá. Hai falantes que empregan un vocalismo de cinco fonemas onde a oposición de abertura nos fonemas de grao medio está neutralizada. O resultado é o dunha artificiosidade repelente. Segundo existen falantes incapaces de articular correctamente a nasal velar /ŋ/ tamén os hai incapaces de diferenciar entre pronuncias como: ọ́so/ọso, pọ́la/pọla, vẹ́n/vẹn,...

5. CASTELANISMOS DE TIPO SEMANTICO

A semántica galega foi tamén sensible ás interferencias do castelán. Se ben son considerablemente inferiores ás producidas no terreo morfolóxico, teñen a súa importancia por contribuiren a confusións entre parellas de palabras pertencentes a un mesmo campo semántico ou similares. A continuación mostramos algunhas das interferencias máis habituais:

almorzar/xantar

En galego estes dous conceptos están claramente diferenciados. *Almorzar* refírese sempre á primeira comida do día, e nuna á do mediodía *(xantar).* A presión do castelán induce a erros como: *"almorzo sempre ás tres da tarde".

escada/escaleira

Onde o castelán ten un só termo, a nosa lingua presenta dous con connotacións claramente diferenciadas. *Escaleiras* son as fixas, mentres *escadas* son as

(2) É este un "pecado" habitual en certos políticos, presentadores de medios audiovisuais, e outros figuróns que, por puro oportunismo, botan (ás veces) man do idioma galego.

móbiles. Nun galego puro non debían tolerarse expresións como: *"podou a pereira coa axuda da escaleira".

fogo/lume

De dous étimos latinos diferentes (FŎCUM e LŪMINEM) temos no galego actual dous vocábulos que, se ben están próximos semanticamente, moi poucas veces son intercambiables. Cada un deles presenta restricción na súa significación. Así mentres a voz *fogo* se refire a conceptos nos que a idea de combustión presenta menos evidencia *(arma de fogo, fogos de artificio, ...), lume* ten un significado moito máis amplo, podendo aplicarse a todo aquelo que arde *(endendeu o lume, prendeu lume ó monte...).* Expresións como: **dame fogo, *cortafogos, *encendeu fogo...,* son claros castelanismos.

sono/soño

Igual que no caso de *escaleira/escada* tamén aquí o galego amosa unha maior riqueza semántica. *Sono* e *soño* refírense a realidades distintas. Mentres *sono* fai referencia á necesidade ou desexo de durmir, *soño* refírese ós fenómenos psíquicos que se manifestan ó durmir. Expresións como: **o neno non ten soño* constitúen castelanismos.

concello/axuntamento

Estes dous termos que tanto se confunden teñen na realidade moi pouco en común. Mentres *concello* pode referirse á corporación, término, ou xurisdicción municipal, *axuntamento* só significa acción ou efecto de xuntar, reunión, cópula, etc. Deben desbotarse, por castelanismo, expresións do tipo: **o alcalde encerrouse no axuntamento,...*

correr/percorrer, do/duelo, grado/grao, roxo/vermello son algunhas outras parellas onde as interferencias do castelán levan a erros similares ós arriba expostos: **recorrín dous quilómetros, *estamos a doce grados de temperatura, *cruz roxa,...*

6. CASTELANISMOS DE TIPO SINTACTICO

A nivel sintáctico galego e castelán non presentan demasiados rasgos diferenciadores, polo que as interferencias neste terreo non son moi abundantes, se ben hai algunha de considerable relevancia como as referentes á colocación do pronome átono. Os castelanismos sintácticos máis habituais son os que seguen:

-A ausencia do artigo diante dō posesivo: **teño meu can enfermo, *non afastou seus ollos de min,* etc.

-A utilización da preposición *a* despois de verbos de movemento que levan como complemento un infinitivo: **imos a comer, *vou a mirar,* etc.

-A incorrecta colocación do pronome átono na frase: **mo deu onte, *se foi*

*ás tres, *te quere ver,* etc. Ás veces os erros son motivados por ultracorreccións. A modo de exemplo recollemos certa cuña publicitaria que apareceu durante longas tempadas na TVG e que rezaba así: *"...desque bóto*lle* calfensa á miña terra collo mellores colleitas..."

Contributos para umha história da lingüística galega (1964-1974)

MARIA DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO

0. Por volta de uns cem anos mais tarde de se publicarem os trabalhos dos precursores dos estudos lingüísticos e gramaticais na Galiza -utilizaremos o termo 'precursores' com o valor que lhe dá Felisindo Rodríguez Vilarinho (1)- e coincidindo na história com a etapa de certa debilidade e abertura da ditadura franquista, iniciam-se na Universidade de Santiago os estudos de Lingüística e Filologia Românica; dentro destes saberes abordava-se de modo genérico e ocasional, a reflexom e estudo do galego ou galego-português, segundo tínhamos aprendido os alunos dessa especialidade nos clássicos manuais de Dom Ramón Menéndez Pidal (2) e de Rafael Lapesa (3).

O idioma galego "mamado dos peitos das nossas mais", apesar da sua situaçom regressiva, oferecia um uso lingüístico espontáneo suficiente, mas a consciência lingüística dos seus falantes nom alcançava um nível igual, pois nom existia a necessidade pessoal e real (nem as circunstáncias políticas adequadas) de conhecer o seu próprio idioma nem por parte daqueles que com o seu uso queriam manifestar a sua oposiçom ao regime franquista (regionalistas e nacionalistas, comunistas, etc.) nem do lado dos que o falavam "porque nom lhes quedava outro remédio" em palavras de José Mª Sánchez Carrión (4). Este amplo sector de monolíngües, que suportavam esse monolingüismo como "um humilhante estigma", com o decorrer dos anos vam provocar nas geraçons subseguintes "o horror da língua

(1) Rodriguez Vilarinho, F. (1989), "Precursores dos estudos gramaticais na Galiza", in *Actas do II Congresso internacional da língua galego-portuguesa na Galiza* (1987), Ed. Agal, A Corunha, pp. 137-155. Citamos este autor porque além de fazer umha ampla referência dos primeiros estudos, nomeadamente os dos ilustrados do século XVIII, estuda com maior especificidade as obras dos "precursores" Joám Manuel Pintos, Francisco Mirás e Valentim Graña y Orje, claros "precursores" de Saco e Arce.

(2) Menéndez Pidal, R. (1904), *Manual de Gramática Histórica Española*, Ed. Espasa-Calpe, Madrid, 11ª ed., 1962, 367 pp.

(3) Lapesa Melgar, R. (1942), *Historia de la Lengua Española*, Ed. Escelicer, Madrid, 5ª ed., 1962, 407 pp.

(4) Sánchez Carrión, J. Mª (1987), *Un futuro para nuestro pasado. Claves para la recuperación del Euskara y teoría social de las lenguas*, Ed. do autor, San Sebastián. Em pp. 60 ss. explica a aprendizagem natural e com maior propriedade em p. 62 afirma "...como corolario de ello carece de valoración suficiente hacia el idioma que habla *porque no le queda otro remedio*. Estos monolingües tienen, a pesar de su monoglotismo, una gran influencia en el proceso de sustitución lingüística porque provocan una quiebra en el proceso natural de transmisión". Em nota (91), pp. 129-130 esclarece ainda mais esta teoria.

tradicional e o desejo de se inserirem o antes possível na língua invasora" (5), provocando umha quebra no processo natural de transmissom.

Embora o galego mal se falasse na Universidade e o seu estudo e aprendizagem nom formasse parte de umha disciplina independente e autónoma das outras línguas românicas, mercê à dedicaçom e generosidade de dous grandes Mestres, um de Latim e outro de Grego, os alunos da primeira promoçom de Filologia Românica éramos introduzidos no seu conhecimento científico através da etimologia das palavras (na sua evoluçom do latim para as línguas românicas) e da toponímia galego-leonesa. Dom Abelardo Moralejo Lasso, catedrático numerário de Latim, mas professor de Grego, Latim vulgar, Árabe e Filologia Românica, em horário de tarde nas aulas práticas, explicava a toponímia do nosso País com especial atençom às línguas de que procedia, os povos que a impugeram e as correspondentes transformaçons. Algumhas das suas liçons sobre o galego, escuitadas ocasionalmente nas suas aulas de latim, formarám parte do livro *Toponimia gallega y leonesa* (6). Dom Manuel Rabanal Alvarez, catedrático, nessa altura, de Grego no Instituto "Gelmírez", e professor na Universidade, "pastor" e leonês de pró, também nos abria os olhos na "história mágica e lógica das palavras", nos temas galegos e leoneses e no castelhano «agallegado» ou dialecto castelhano falado na Galiza (7).

Esses futuros lingüistas e filólogos eram possuidores de umha concepçom sobre as línguas românicas peninsulares, de acordo com a linha mais ortodoxa da doutrina de Dom Ramón Menéndez Pidal, autoridade a quem tanto admirava Dom Manuel Rabanal (8), respondendo as nossas informaçons às directrizes do manual de Lingüística Românica de B.E. Vidos (9), livro de texto para conhecer a situaçom de todas as línguas românicas -entre elas, evidentemente, o galego-português-. Na nossa formaçom nom se recebiam teses dos nossos professores, em que se questionasse a filosofia mais tradicional da Lingüística Românica, filosofia que bastantes anos mais tarde, descobrimos subjacente nos estudos sobre a língua galega dos séculos XVIII e XIX, nas reivindicaçons lingüístico-políticas dos homens das "Irmandades da Fala" através do seu órgao de expressom *A Nosa Terra* (10) e bem explícita assi mesmo na *Revista Nós* (11). E dizemos descobrimos porque a maioria desses estudantes universitários, quase nom tínhamos notícia dos contributos de um Pe. Feijó ou o Pe. Sarmiento, dos estudos gramaticais e da lite-

(5) *Ibidem*, pp. 129-130.

(6) Moralejo Lasso, A. (1977), *Toponimia gallega y leonesa*, Ed. Pico Sacro, Santiago.

(7) Rabanal Alvarez, M. (1967), *Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses*, Ed. Alcalá, Madrid. Em p. 13 fala de "castellano agallegado o dialecto castellano hablado en Galicia".

(8) *Ibidem*, em p. 9 afirma: "Comprendo, sin embargo, que es muy ardua la empresa de pugnar por dar gusto, a la vez a don Ramón Menéndez Pidal, pongamos por supremo ejemplo de sabios lingüistas contemporáneos...".

(9) Vidos, B.E. (1959), *Manuale de linguistica romanza*, Florencia. Trad. espanhola *Manual de Lingüística Románica* (1963), Ed. Aguilar, Madrid.

(10) Este "Boletim Dezenal", sub-intitulado como "Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal", publicou-se de modo mais ou menos regular, desde o 14 de Novembro de 1916 até o 17 de Julho de 1936.

(11) *Revista Nós*, Ed. fac-similar (1979), Ed. Galaxia, Vigo, seis volumes. Sobre esta questom temos publicado "Língua, Lingüística e Filologia na revista Nós", in *Actas do II Congresso internacional da língua galego-portuguesa na Galiza*, *op. cit.*, pp. 259-290.

ratura do século XIX e das primeiras décadas do XX; numha palavra, de todo o relacionado com a história, a língua ou a cultura do nosso País.

Em Outubro de 1965, uns trinta estudantes de 5º curso de Filologia Românica abordam por primeira vez na história da Universidade e da Galiza, o estudo da Lingüística e da Literatura Galega, por ocasiom de se criar umha cátedra com tal denominaçom. Com esta decisom, o idioma galego entrava nas salas universitárias -dadas as aulas nesse curso académico de 1965-1966 na Faculdade de Ciências, imagem/símbolo com a qual poderíamos simbolizar a entrada da língua e da literatura galega como "disciplinas científicas"-. O primeiro professor da disciplina assi nomeada, foi Dom Ricardo Carvalho Calero, quem com a sua chegada introduz certa ruptura con o extraordinário voluntarismo anterior. O nosso professor de galego tentava, em primeiro lugar, fixar perante os alunos o esquema de um ideal lingüístico do nosso idioma e manejando critérios geográficos, históricos e sociais apresentava-nos um "galego ideal", "um galego comum" e em segundo lugar familiarizava-nos com os trabalhos de campo de dialectologia e prosseguia com os estudos de toponímia; estes trabalhos práticos de recolha de material léxico tomavam como pautas os postulados da mais estrita Geografia lingüística, para destarte estebelecer os falares ou dialectos do galego. As teses do professor eram corroboradas com a experiência directa dos seus alunos e constituirám a base da *Gramática elemental del gallego común* (12).

1. Na primavera de 1966 irrompe em Santiago, o primeiro catedrático numerário de Lingüística e Filologia Românica, o professor Dom Constantino Garcia González, motivo e objecto desta lembrança. O primeiro encontro com os alunos de 5º de carreira tivo lugar polo mês de Abril ou Maio e consistiu numha reuniom celebrada num ambiente extremadamente cordial, infreqüente nas relaçons alunos-professor, por motivo de solicitar futuros colaboradores/investigadores da realidade lingüística do idioma galego. Nessa primeira entrevista, tam só dous alunos manifestamos o nosso propósito de nos dedicar ao estudo e investigaçom da língua galega: o Prof. Dr. Antonio Santamarina e a autora destas linhas. Nesse mesmo verao, ambos os dous, começamos a recolha do material das nossas futuras teses de doutoramento, contando -polo que me di respeito- com tam só a bibliografia fornecida nas aulas do professor Carvalho Calero e com a pobre experiência adquirida de ter feito breves e modestos inquéritos na localidade onde vivíamos. Foi, assi, pensamos, que começamos muitos os nossos estudos sobre dialectologia galega, desatendendo as dimensons sócio-políticas dessa língua.

Incorporados já alguns desses primeiros licenciados, como professores da Faculdade, agora renovada e instalada de novo no edifício matriz da Universidade, começam a funcionar os novos Departamentos ou Cátedras, entre eles o de Filologia Românica, sob a direcçom de Dom Constantino Garcia e tendo como professora adjunta Dona Maria Pilar Santamaria Sande, autora de um trabalho

(12) Carballo Calero, R. (1966), *Gramática elemental del gallego común*, Ed. Galaxia, Vigo. Em p. 267 consta que se acabou de imprentar o dia 5 de Novembro de 1966, quer dizer, umha vez licenciados os alunos da primeira promoçom de Filologia Românica.

sobre a "gheada" na província de Lugo (13). Embora nom pertencesse a esse Departamento, mas ao de "Gramática Histórica de la Lengua Española", outros professores e alunos dos últimos cursos de Filologia trabalhávamos nele em qualidade de colaboradores; carecendo de material bibliográfico, fichas, arquivos, ficheiros, meios, material fungível e dinheiro etc. pugemo-nos em marcha, sob a direcçom de Dom Constantino -era assi que o chamávamos sempre- para recolher todo o léxico galego.

Após estes vinte e cinco anos de perspectiva, podemos fixar os objectivos que, em nossa opiniom, sustentavam os caminhos da investigaçom futura, objectivos perfeitamente estabelecidos por este professor e claramente expostos no seu livro *Léxico de la comarca compostelana* (14), que seguimos mesmo na ordem marcada:

1.- Constituirá tarefa fundamental nos trabalhos de lingüística galega a recolha do léxico comum, nomeadamente as palavras que designam objectos, que estám a ser substituidos por umha voz nova, introduzida junto com o objecto. Especial atençom merecerá o léxico rural, agredido pola entrada de vozes claramente espanholas (acrescentamos nós). Nesta etapa -anos 1967-1968- nom se fixam critérios nem princípios, do ponto de vista da História da Língua ou do ponto de vista da elaboraçom e reconstruçom do léxico padrom, tendentes a determinar o léxico genuinamente galego, quer dizer, o léxico padrom. Nessa recolha, exaustiva, devem ser incluídas também as formas coincidentes com as castelhanas, para assi empreender com urgência a pesquisa em materiais dialectais (15):

> "La influencia del castellano, por una parte, y la de la técnica e industria moderna, por otra, conducen fatalmente al empobrecimiento de la lengua gallega. Cada generación lleva consigo la desaparición de una parte del léxico común de una serie de objetos que fueron sustituidos por otros más modernos que no heredan el nombre tradicional (...) porque hoy en las tiendas se compran *escobas, telas, coladores, fuelles*, etc.
> (...)
> Como los meritorios diccionarios gallegos [ao nom indicarem a procedência das vozes apresentam] el grave defecto de no incluir las formas que coinciden con las castellanas, es necesario emprender urgentemente la tarea de recogida de materiales dialectales..."

2.- O território objecto da recolhida deste material léxico, assi como os critérios da sua posterior interpretaçom e análise, está situado sempre dentro do Estado Espanhol (as quatro províncias galegas, zonas limítrofes de Astúrias, Leom ou Samora); em nengum caso se estabelecem comparaçons ou relaçons com vozes idênticas ou coincidentes, mas registadas em territórios situados debaixo da fronteira política, marcada geograficamente polo rio Minho. Antes atende-se ao castelhano como referência obrigada (16):

(13) Santamaria Sande, Mª P. (1966), "La geada en la provincia de Lugo", in *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, VIII, Lugo.

(14) García González, C. (1974), *Léxico de la comarca compostelana*, VERBA, Anuario Gallego de Filología, Anejo 1, ed. Universidad de Santiago de Compostela. Este texto, em certa medida, pode servir como exemplo para de um modo objectivo, fixar os objectivos e métodos de trabalho, na etapa de pré-história da investigaçom dialectal na Galiza.

(15) *Ibidem*, p. I.

(16) *Ibidem*, p. I.

"La estructura fonética y gramatical del sistema gallego tienen hoy todavía una firmeza tan fuerte que, aún recibiendo ciertas influencias castellanas, presiona a su vez de modo muy intenso en el castellano hablado en Galicia".

3.- A investigaçom desse material dialectal deve ser o mais exaustiva possível. O mais importante é que apareçam todas as palavras que designam as "cousas". Ao nom existir nos anos 1967-1968 um questionário completo e elaborado segundo os princípios que tenhem que reger esta modalidade de pesquisa, os investigadores deveriam elaborar cada um o seu, estruturado por "campos semánticos", mas tendo como meta final o facto de recolher da maneira mais natural e espontánea o maior número de vozes.

4.- Nom merecerám especial atençom nesta época, todos os conflitos inerentes ao processo de substituiçom idiomática do léxico galego polo castelhano. As "intereferências" ficarám assinaladas, simplesmente, com a indicaçom de "castelhanismo"; nom obstante, a forma castelhana deve aparecer junto às formas genuinamente galegas, em pé de igualdade, salientando isso si o "grave perigo em que se encontra o léxico galego" pola situaçom originada polo contacto de línguas.

5.- O *método* usado polos investigadores deve ser o tradicional para esta modalidade de trabalhos: realizaçom de inquéritos com base em questionários, as conversas sobre os objectos que se tenhem diante e sobre temas de carácter abstracto e o constante ouvir das conversas das gentes durante vários anos. Os investigadores devem ter um "bom ouvido" para assi transcrever com a maior fidelidade a fonética de cada localidade da Galiza. Um bom investigador deve introduzir-se de modo natural dentro da vida dos seus entrevistados e deve escuitar com toda a paciência os seus "contos", "refráns", "adivinhas", "lendas"... procurando em todo momento nom romper a sua espontaneidade. Todos os fenómenos devem ser reproduzidos com fidelidade máxima e sem manipulaçom dos resultados. A análise, neste momento, era menos importante do que a recolhida e representaçom de dito material. O tempo destinado para esta tarefa pode durar vários anos, nom se deve ter pressas (17):

"El método usado para la recogida del presente material es el tradicional para este tipo de trabajos: la realización de encuestas a base de cuestionarios, las conversaciones sobre los objetos que teníamos delante y sobre temas de tipo abstracto y el constante oir de las conversaciones de las gentes durante varios años".

6.- Cumpre potenciar a substantividade do galego segundo se fala, isto é, "o galego vivo". Essa língua oral deve passar-se à escrita empregando como normas de transcriçom as de carácter fonológico. A formalizaçom gráfica deve tomar como ponto de partida e de chegada o modelo do espanhol, pois até como afirmava Carvalho Calero no ano 1966 (18) resulta mais adaptável para o galego a ortografia castelhana do que a portuguesa, pois a primeira pode adoptar-se sem mais problemas que o da representaçom do fonema *s* (x), de que o castelhano moderno carece, explicitando Dom Constantino (19):

(17) *Ibidem*, p. II. Está claro que o método está ligado a "vários anos".
(18) Carballo Calero, R., *op. cit.*, em p. 29.
(19) García González, C. (1974), *op. cit.*, p. III.

"Las palabras gallegas van siempre transcritas con sentido fonológico. Nunca empleamos el grafema *v* sino *b*.

C y *qu* (ante *e*, *i*) representan siempre [k] y se ordenan alfabéticamente con la *c*.

Como en la zona no hay [ϴ] empleamos siempre *s* (y nunca *z* o *ce*).

No existe el sonido [g] y, por tanto, aunque esporádicamente, por imitación del lenguaje culto o del castellano, puede darse este sonido, representamos el sonido correspondiente a la geada como *j*, aspirada faríngea fricativa xorda [ħ], nunca [x].

La *n* velar en interior de palabra va representada como *nh*.

El grafema *x* representa el sonido [š].

Las vocales tónicas abiertas van representadas por ę y ǫ, las cerradas no llevan ningún signo..."

7.- Nos trabalhos realizados sobre as falas galegas, anteriores ao ano 1974, mal se tem presente a língua medieval, a dos séculos obscuros ou mesmo a dos escritores dos séculos XIX e XX. Se houver referências a questons relacionadas com a diacronia do galego, seguem a disposiçom do manual de Dom Ramón Menéndez Pidal (20), para contemplar a evoluçom do latim para o galego de determinados fonemas.

8.- As vozes que fam referência à cultura material devem ir acompanhadas, além da correspondente transcriçom fonética e do seu significado, das correspondentes fotografias, desenhos e ilustraçons, seguindo os critérios tradicionais em estudos destas características.

Decorridos os anos 1967 a 1970, mas partindo substancialmente destes princípios, iniciarám-se no ano 1971 novos projectos mais ambiciosos, aquando da criaçom do "Instituto de la Lengua Gallega" da Universidade de Santiago, ligado à cátedra de Lingüística e Filologia Románica e desconectado ideologicamente com o ideário do galeguismo e nacionalismo galego. Por primeira vez na história do nosso idioma, um Instituto universitário vai dedicar os seus trabalhos ao estudo do galego.

2. Dentro dos estudos de Lingüística galega publicados nesta década e deixando artigos aparecidos em revistas como *Grial* ou outros contributos nom directamente relacionados com o mundo da Universidade de Santiago, passamos a analisar com brevidade, aqueles que nos parecem mais representativos da situaçom da Lingüística galega nesse período de tempo.

2.1. Ricardo Carballo Calero (1966), *Gramática elemental del gallego común*. A obra consta de 266 páginas e vai sofrer várias ediçons, revisons e mudanças muitos salientáveis no decorrer do tempo.

A 1ª ediçom consta de umha "Introducción" (pp. 9-36) em que além de justificar o móbil e propósito do autor, manifesta a modalidade de gramática que se

(20) Menéndez Pidal, R. (1904), *op. cit.* Assi na nossa tese de doutoramento, dirigida polo Professor Dom Constantino Garcia, defendida em Outubro de 1971 na Universidade de Santiago -com esta tese abre-se um importantíssimo trabalho de direcçom e publicaçom de teses de licenciatura e de doutoramento ininterrompido nestes vinte e cinco anos- escrevíamos: "/a/ es el resultado habitual de las /a/ tónicas latinas" e a seguir incorporávamos uns exemplos. Desta primeira tese de doutoramento lida na Universidade, estám inéditas as partes de Morfologia e Sintaxe. O *Léxico* será publicado em 1974; a "Fonética e Fonología" aparecerá na revista VERBA, vol. 3 (1976), pp. 127-160 com o título "Fonética y fonología del gallego de O Grove".

propom escrever, cita os objectivos e postulados prévios deste contributo. Na parte II, "Los sonidos" (pp. 37-80) descreve o sistema fonológico do galego moderno, atendendo nomeadamente aos traços diferentes a respeito do espanhol oficial. Nela inclui também quatro páginas para expor os critérios do autor sobre a representaçom gráfica do galego.

O professor Carvalho Calero nom se mostra partidário de umha escrita que se atenha em excesso à imagem acústica, por oferecer muitas dificuldades práticas e mesmo problemas de carácter científico (p. 79). Nesta altura tampouco é partidário de ortografía etimológica e declara:

> "El intento de ortografía etimológica, que utilizaría g, j o x es incongruente, pues sería arbitraria la elección de cualquiera de estos símbolos en el caso frecuente de que no hubiera ninguna de esas letras en el étimo". (p. 78)

Nom obstante, já se manifesta contrário de representar na escrita a assimilaçom do *l* do artigo ou pronome (21).

Na parte III, "Las palabras" (pp. 83-192), partindo da divisom tradicional de oito classes de palavras, estuda a morfologia do galego, situando sempre em notas a roda-pé as soluçons dialectais ou nom recomendadas para a elaboraçom do "galego comum".

Na parte IV "Usos y construcciones" (pp. 193-256) aborda a sintaxe do galego, fazendo fincapé tam só, e centrando a sua atençom, sobre as construçons características do galego face ao castelhano literário. O texto finda com umha parte V de "Orientación bibliográfica" (pp. 257-262). As páginas 263-266 levam o Índice da obra.

Esta gramática, obra descritiva, busca ser umha gramática de carácter normativo, pola via de seleccionar de entre as variedades múltiplas da língua galega, aquelas consideradas como mais correctas para fixar o "galego comum". O professor estabelece umha diferença entre o filólogo e o gramático:

> "Al gramático le estorban las variantes. Su labor es del tipo académico clásico, una labor de política cultural. Supone el propósito de fijar y limpiar el idioma eligiendo (...) fonemas, morfemas o sintagmas a los que se pretende canonizar, por considerarlos los más eficaces o autorizados, y rechazando como incorrectos, innobles o inadecuados, los hábitos lingüísticos que no se ajusten al canon establecido. El verdadero filólogo en cambio, ama los hechos en toda su objetiva riqueza, no trata de encauzar, sino de conocer la vida del idioma, y tiende a mirar como falta de sentido científico la obra del autor de una gramática normativa." (pp. 10-11).

O móbil que guia ao professor Carvalho Calero nom é outro que o de dignificar o idioma. Tal dignificaçom, entende, só se pode conseguir *restaurando* por via culta as formas tradicionais galegas, que devem substituir as formas castelhanas. Neste ponto também há divergência com as opinions do professor Garcia

(21) Carballo Calero, R., *op. cit.*, p. 79 declara: "La asimilación a la *l-* del artículo o el pronombre, de la *-r* o *-s* contigua de palabra anterior, tampoco se refleja en la escritura, salvo en el caso del pronombre enclítico al verbo, y el artículo contraído con la preposición *por.* Escribimos *velo* "verlo", *falas* "las haces", *pola* "por las" (sic). En los demás casos, mantenemos separadas en la escritura las palabras en su forma independiente, y las modificaciones de sonidos por fonética sintáctica no se registran gráficamente". Com estas palavras parece adiantar a sua opiniom a respeito das propostas do professor Garcia González.

González, quem parecia centrar o seu trabalho na recolha de todo o material, seja dialectal, popular ou castelhano.

O professor, em certa medida, já se antecipa as possíveis críticas das mudanças futuras, ao asseverar que nom há rigidez nos princípios:

> "Esta gramática será, pues, un ensayo de sistematización que se ofrece como una aportación a una tarea que nunca podrá considerarse terminada, pues la vida del idioma no se detiene jamás. Por eso la concebimos como un trabajo modesto y provisional, susceptible de rectificación en cada edición nueva, según las luces que la experiencia ulterior nos proporcione..." (p. 14)

Prova das rectificaçons efectuadas com posterioridade, parece-nos oportuno citar aqui textualmente o párrafo redigido no ano 1966, filosofia radicalmente oposta à que defenderá o professor Carvalho Calero após 1977. Dizia em 1966 (p. 29):

> "Resulta, por todo ello, y en conjunto más adaptable para el gallego la ortografía castellana que la portuguesa, pues la primera -si se prescinde del timbre de las vocales- puede adoptarse sin más problemas que el de la representación del fonema s (x), de que el castellano moderno carece, y la transcripción de la *n* velar en palabras como *unha* "una" y sus derivados."

2.2. Os métodos de Galego. Desde o ano 1971 começam a publicar-se um conjunto de três livros com o propósito de que sejam um método prático para a aprendizagem e aperfeiçoamento do idioma galego, através do que se poda aprender a falar a língua, seguindo um sistema progressivo ou bem para aperfeiçoar o galego utilizado coloquialmente (22).

A equipa redactora deste método, sob a direcçom do professor Dom Constantino Garcia González, estava integrada por Xosé Luis Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antonio Santamarina.

2.2.1. *Gallego 1* (1971). Na "Advertencia" declara-se escrever para os que desconheçam por completo a língua galega e tenham de aprendê-la tendo como base o castelhano e para aquelas pessoas que possuindo já conhecimentos teóricos ou práticos do galego, querem afiançar o seu domínio sobre esta língua tanto de forma oral como escrita (p. 8).

As 24 liçons constam de umha leitura, centrada sempre em ambientes ou situaçons de qualquer povo da Galiza do meio rural; a teoria gramatical clara e bem esquematizada e os exercícios clássicos de métodos para o aprendizado de línguas estrangeiras (traduçons para castelhano, traduçons do castelhano para galego, vocabulário com equivalências em espanhol, versons ao outro idioma,

(22) *Gallego 1* (1971), Instituto de la Lengua Gallega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago. Citamos pola 2ª ed. de 1972. No Prólogo em p. 5 di-se: "...Pero había una evidente falta: un método práctico para el aprendizaje y perfeccionamiento del gallego (...) Faltaba todavía un método de carácter prático mediante el cual se pudiera *aprender* a hablar la lengua siguiendo un sistema progresivo, o bien *perfeccionar* la utilizada coloquialmente (...) Se trata del primer tomo de una serie de tres que aparecerán sucesiva y ordenadamente.

Gallego 2 (1972), Instituto de la Lengua Gallega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.

Gallego 3 (1974), Instituto de la Lengua Gallega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.

etc.). Incluem conversas e costumam findar com um texto literário de escritores dos séculos XIX ou XX.

No "Prólogo" (pp. 5-7) fai-se explícita a filosofia do "Instituto de la Lengua Gallega", filosofia apenas modificada logo de vinte anos, a nom ser naquelas questons relacionadas directamente com o léxico -onde si houvo restauraçom de formas insuspeitadas naquel tempo- ou com aspectos da Morfologia.

Os redactores manifestam a sua preocupaçom na utilizaçom de umhas normas ortográficas ajustadas à realidade, adoptam -asseguram- as normas provisórias propostas pola "Real Academia Gallega", porém estabelecem as suas diferenças, diferenças caracterizadoras das normas ortográficas inspiradas polo "ILG":

a) Representaçom gráfica da denominada segunda forma do artigo (ex. antes de ve-la casa).
b) Reproduzir na escrita o resultado da contracçom da preposiçom A ou PRA (esta perderá vigência nas Normas de 1982) com os artigos masculinos: a + o = ó, etc.

Na opçom destas grafias dim guiar-se pola realidade fonética (nessa altura ainda nom estava investigado todo o território galego) e por critérios pedagógicos (nom há que dizer que o ensino se impartia todo em espanhol).

No campo do Léxico e da Morfologia recomendavam como normativas os plurais do tipo *candiles, animales* (p. 27), o superlativo em *-ismo* como *altismos* (p. 45), a preposiçom *hastra* (p. 189) e a conjunçom *pro* (p. 196). Todas elas rejeitadas com posterioridade.

2.2.2. *Gallego 2* (1972). Neste método voltam sobre os temas do *Gallego 1,* ampliam certas questons ortográficas e gramaticais e acrescentam o vocabulário.

Por razons de espaço e dada a continuidade com o livro anterior parece-nos aconselhável nom deter-nos mais na análise deste manual.

2.2.3. *Gallego 3* (1974). O manual apresenta como importante novidade o facto de estar todo redigido em galego. Consta de 20 liçons ou unidades nas quais se informa sobre a Geografia, Antropologia, Mitologia, Literatura galega, etc. através de um texto inicial, seguem depois teoria gramatical, questons de ortografia, léxico, exercícios, para finalizar com um texto literário. Como dado curioso incorporam umha reproduçom fac-similar de um texto do Cancioneiro da Vaticana entre as pp. 144-145.

Dentro das "curiosidades" do texto, revistas decorridos estes anos, cabe sublinhar:

a) Consideram normativas *nacionales* e um hipergaleguismo *nacionais.* Também é normativa *rumbo* e um hipergaleguismo *rumo.* (p. 51)
b) Consideram arcaísmo *xuizo* e o Imperfeito *ia,* em lugar da normativa *iba.* (p. 61)
c) Som arcaísmos sintácticos e lusismo a descontracçom da preposiçom e o artigo masculino *ao, aos,* em lugar dos autênticos *ó, ós.* (p. 62)
d) Consideram vulgarismo a forma *perguntar* (p. 70).

e) Embora nom se declarem anti-lusistas integrais, si consideram lusismos a 2ª pessoa do Perfeito do tipo *dixeste,* e vozes como *achar, xornal, ar, termo, liberdade, comezar, estrada* (a normativa era "carreteira"), *cidade* pola normativa "ciudade", etc. (p. 82)

2.3. *A revista Verba, Anuario Gallego de Filología* (23)

No ano 1974 os trabalhos realizados polo "Instituto de la Lengua Gallega" (e falar deste Instituto implica obrigatoriamente salientar a total dedicaçom do professor Dom Constantino Garcia) dá um importante salto quantitativo e qualitativo nas suas publicaçons. Com este volume a Filologia Galega entra nas bibliotecas das mais importantes Universidades do mundo e começa a ganhar prestígio no mundo da Romanística. O seu director, como é natural, é o professor Garcia González e o seu Secretário, o professor António Santamarina.

Nas palavras iniciais explicam as causas do seu nascimento e os objectivos que perseguem (p. 3):

> "VERBA nace como consecuencia directa del volumen e importancia que los estudios filológicos han adquirido en Galicia durante los últimos años y, al mismo tiempo, como un nuevo factor que, sin duda, incidirá favorablemente sobre su desarrollo futuro. Pretendemos que esta revista esté dedicada primordialmente, aunque no de modo exclusivo a la filología gallega (...) (...) su campo de atención preferente: la lengua gallega en todas sus manifestaciones.
>
> La revista tendrá una periodicidad anual. Cada volumen comprenderá, además de los artículos, otras dos secciones. Una de ellas, las NOTAS estará dedicada a breves comunicaciones sobre diferentes problemas (...)
>
> Al lado de los números normales, se publicará una serie de anejos de la revista constituida por monografías (...)"

Neste volume junto com um Artigo de HARRI MEIER em espanhol, aparece outro em português de JOSEPH M. PIEL, mas a tendência dominante é o uso do espanhol. Nas duas NOTAS também há umha em galego e outra em espanhol; a mesma percentagem existe na secçom REVISTA DE LIBROS. Esta distribuiçom reflecte bastante bem a situaçom do idioma galego e o uso no mundo da Ciência, facto que nessa altura já constituía um fito importante.

Com esta referência, pomos fim às nossas lembranças sobre a situaçom dos estudos de Lingüística e Filologia Galega e Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Esses dez anos som, na verdade, anos de umha etapa qualificada por nós como de "Pré-História" do "Instituto de la Lengua Gallega". Som anos de um ingente esforço humano compensatório da falta de muitos meios. Som anos em que se inicia a formaçom dos-futuros filólogos e lingüistas da Universidade galega, som anos em que as pesquisas sobre o galego supunham muita entrega e dificuldades.

(23) *Verba,* Anuario Gallego de Filología, vol. 1, 1974, Universidad de Santiago de Compostela, 256 pp. Em p. 3 fam a declaraçom de princípios. No livro já se anunciam como "Anejos" cuatro estudos, o do professor Dom Constantino Garcia já citado, o trabalho do professor Guillermo Rojo, *Perífrasis verbales en el gallego de hoy* (1974), umha parte da nossa tese de doutoramento, *Léxico de O Grove* (1974), e o estudo do professor Antonio Santamarina, *El verbo gallego* (1974). Desde este ano, as publicaçons som numerosas e constituem um ponto de referência obrigada para qualquer estudioso da Lingüística, Dialectologia e Filologia Galega e/ou Galego-Portuguesa.

Hoje, no mundo cultural da Galiza, podemos achar colaboradores, investigadores ou membros adscritos no momento inicial a esse Instituto universitário, situados em filosofias antagónicas e divergentes às defendidas polo "ILG", mas também deve resultar gratificante para Dom Constantino saber que na pluralidade de ideias está um dos melhores contributos que pode legar à comunidade um PROFESSOR, o professor Dom Constantino Garcia.

A consideración social do galego no século XIX e os intentos de modificala

CARME HERMIDA

O exame dos distintos textos do século XIX revélanos que a distribución dos idiomas falados na Galicia desta época se rexe basicamente por criterios socioeconómicos (1). Os distintos niveis de uso das dúas linguas pódense resumir dicindo que ó castelán lle estaban reservados os ámbitos da política, da cultura e do poder económico e o hábitat urbano porque era a lingua falada polo estatus socioeconómico alto, detentador do poder; o galego, pola contra, estaba cincunscrito ó ámbito da coloquialidade e da oralidade e ó mundo rural porque os seus falantes, pertencentes á clase menos poderosa economicamente, tiñan vedadas tódalas parcelas do poder.

Nesta pequena contribución intentaremos establecer cal era a consideración social e o prestixio do que dispuña cada unha das linguas en conflicto e cales foron os argumentos utilizados polas persoas comprometidas na defensa do galego para deteren as constantes infravaloracións da lingua propia de Galicia e o progresivo abandono que dela facían os seus falantes.

1. A CONSIDERACION SOCIAL DO GALEGO

Dado que o galego era o idioma das clases inferiores non é difícil imaxinar que esta lingua era obxecto dunha consideración negativa por parte daqueles que, sendo superiores económica e socialmente, dispuñan, amais, dun código lingüístico diferenciado que lles permitía manifestar en todo momento o seu posto de privilexio e mirar con desprezo ós falantes de galego (2). Non se contentou, sen embargo, este colectivo coa simple ostentación da súa superioridade, senón que se embarcou, a través da prensa e, sobre todo, do seu comportamento diario, nunha campaña de desprestixio do galego e dos seus falantes.

(1) Aínda que son 5 os criterios que se desprenden da asignación que se fai das dúas linguas nos textos da época -xeográficos, culturais, de estatus social, profesionais e de hábitat- todos eles poden ser reducidos a un só, aquel que contrapón o idioma falado polas clases socioeconómicas poderosas ó que empregan as clases oprimidas. Para un estudio detallado do tema véxase C. Hermida "Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX", en *Cadernos da lingua*, 1 (1 semestre, 1990), Real Academia Galega, A Coruña, 57-78.

(2) A isto refírese J. A. Saco Arce no seu artigo "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes. I", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 1 (5.1.1876), 4, cando fala de "esta lengua tan amada de los antíguos trovadores, como desdeñada hoy de aristocráticos pedantes".

Os argumentos (3) dos que se serviron para infravaloraren a lingua galega refírense, fundamentalmente, ás súas características expresivas, pero tamén os hai que fan referencia á súa incapacidade para amoldarse ás condicións da sociedade moderna, etc. Entre os máis comúns pódense salienta-los seguintes:

1) O galego é un idioma rudo que non resiste a comparación coas excelencias do castelán:

> "¿Podremos asegurar juiciosamente que sea mas rico, mas armonioso, mas enérgico el dialecto gallego que el idioma castellano? (...) El dialecto gallego, fuerza es decirlo, conserva en lo general cierta rudeza y desaliño propio de la época que recuerda" (4).

Amais desta rudeza é árido, inflexible e carece de expresións axeitadas para tódolos sentimentos:

> "Se obstinaban en presentárnoslo como un dialecto desprovisto de galas, rudo e inflexible" (5).

> "Ises barafullas que din qu'a nosa lengua é árida e falta de espresiós e melodía" (6).

2) Debido a que o seu uso está restrinxido ás clases traballadoras, non é un idioma digno de ser empregado pola xente culta, nin tampouco é apto para os asuntos científicos:

> "Que [o galego] inda que esprica as ideas da gente do pobo, non pode esprical-as dos señores: esto é canto teñen que decir como disculpa eses espallafatos. E non hay que lles pedir ja mais motivos da tarea que se impoñen porque logo botarían pol a boca unha runfra de herexías: que hoxe aspirase á unidade (así como quen aspira o ar), e que o gallego non vai co a época amen de outras e outras mais pol-o geito; e ainda si se lles apoupara un pouco, berrarían decote engayolándose: ¿cómo a gente ilustrada, nos, os da clase escollida que dirige a sociedade habíamonos rebaixar á falar gallego" (7).

> "La opinion de que el gallego es sólo á propósito para la expresion de sentimientos bajos y groseros, y que sólo puede dignamente ponerse en zafios y rústicos lábios" (8).

> "Nosos nemigos (sabédolo millor qu'eu) por non saberen xa que desiren, din qu'o lenguaxe gallego é fala de bestas, que con il soilo pódese falar de cousas d'a montaña, mais non científicas, nin moito menos" (9).

3) O uso da lingua galega é un índice claro da falta de progreso e cultura na que vive o pobo galego:

> "Subdividida entre nosotros la población campesina, y alejada del continuo trato de las ciudades y villas de alguna importancia, de las que está separada tanto por sus costumbres

(3) Algúns deles, os menos, coñecémolos a través de referencias directas, é dicir, os propios autores inclúen nas súas obras comentarios contrarios á lingua galega. A gran maioría chegaron a nós de maneira indirecta, é dicir, recollidos como mòstras dun estado de opinión, contra ó que se reacciona, en traballos favorables ó Rexurdimento.

(4) V. Pueyo, "El dialecto gallego y la Unidad Ibérica", *El Pensamiento de Galicia*, Ferrol, 12 (15.2.1866), 180.

(5) "A 'El Diario de Lugo'.I", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 4 (21.1.1877), 1.

(6) V. Lamas Carvajal, "Prólogo", en *Espiñas, follas e froles. Ramiño Primeiro*, Impr. de J. M. Ramos, Ourense, 1875², 5.

(7) M.B.F., "¿Antipatriotas?", en *Revista Gallega. Semanario de literatura e intereses regionales*, A Coruña, 116 (23.5.1897), 1.

(8) J. A. Saco Arce, "La poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes. II", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 2 (8.1.1876), 9-10.

(9) M. Comellas, "Recreacións científicas", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 33 (12.8.1875), 250.

cuanto por su diversa posicion social, existe aun en ese estado de escasísima cultura que muy bien pudiera calificarse de grosera rusticidad en determinadas puntos. Ya se examine su dialecto, que casi es el mismo idioma castellano del tiempo de Alfonso X el Sábio: ya se estudien su agricultura y su industria con todos sus defectos y sus antiguos procedimientos: ya se observen sus trajes, su carácter y sus hábitos; siempre se deducirá que nuestros campesinos no dieron ni un solo paso hácia el progreso, desde hace algunos siglos" (10).

A comparación do galego co castelán antigo é abondo expresiva para mostra-la inmobilidade do idioma. No mesmo tema incide J. de Villarroel, quen tamén introduce a idea de que falar castelán é falar ben e, por deducción, falar galego é falar mal:

"La lengua que habla el vulgo es casi la castellana antigüa del tiempo del Rey D. Alonso el Sabio, siguiendo el estilo de las partidas, y simbolizando en mucho con los Portugueses sus vecinos: los nobles hablan tan bien como en Castilla; y en todo lo demás son como los mejores Españoles" (11).

Consecuentemente coa opinión que se ten da lingua, os seus usuarios son tamén descalificados en parecidos termos:

"¿Que el gallego es defectuoso, pobre, *bárbaro*? Miente quien tal diga; no conoce lo que es objeto de sus escarnios, ignora lo que es motivo de sus odios. Estúdiese atentamente ese dialecto, ó idioma, que para el caso igual significa, y después se verá que no es "ordinaria" la señorita que lo hable, ni "paleto" el joven que lo escriba, ni cursi el poeta que para dar rienda suelta á su inspiración canta en gallego las alegrías de su alma ó llora inconsolable las tristezas de su corazón" (12).

E se despois disto alguén ten a ousadía de empregar esa lingua tan vilipendiada, as reaccións van ser unánimes: burla, chanza e escarnio por non saber expresarse no idioma da cultura:

"La lengua de nuestros abuelos, única que se habló por espacio de muchos siglos, hoy nos causa risa y es oida con menosprecio; en vez de estrechar relaciones con nuestros hermanos, los despreciamos y escarnecemos" (13).

"Un niño entró en la escuela; era un pobre aldeanito, y no sabía hablar castellano (...) Y todos los demas niños se echaron a reír de él, y se mofaron de su ignorancia" (14).

"Fuera del hogar, ya sea en la escuela de primeras letras ó en las cátedras de segunda enseñanza, era cosa corriente, allá por los años de mi niñez, que el maestro ó el catedrático, en vez de corregir á secas, sazonaran con la sátira punzante, ó el comentario ridículo y despreciativo, que colorea de rubor la mejillas, el asomo imprudente de alguno de aquellos galleguismos" (15).

(10) V. Pueyo, "Presente y porvenir de Galicia", en *El Pensamiento de Galicia*, Ferrol, 5 (15.11.1865), 83.

(11) J. de Villarroel, *Diccionario nomenclátor de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos y prioratos de todo el reyno de Galicia*, Santiago, 1810, XVII-XVIII.

(12) A. Reig Saco-Arce, "El habla gallega", *Revista Gallega. Semanario de literatura e intereses regionales*, A Coruña, (3.12.1899), 1-2.

(13) M. A. Corzo, *El cancionero de Galicia. Colección de leyendas históricas y tradiciones populares de Galicia, escritas en verso y enriquecidas con notas históricas y biográficas*, Santiago, Establ. Tip. de José Rodríguez y Rubial, 1961, 266-267.

(14) M. Murguía, *La primera luz*, Soto Freire, Lugo, 1868. Este texto fora editado por primeira vez pola imprenta de J. Compañel de Vigo no 1860 e declarado libro de texto para as escolas de Galicia pola Real Orde de 26 de abril do mesmo ano. Tirado de M. Murguía, *Política y sociedad en Galicia*, Akal, Madrid, 1974, 158.

(15) F. Martínez Santadrán, "El dialecto gallego en Buenos Aires", en M. Castro López, *Almanaque gallego para 1902*, Buenos Aires, Impr. de El Correo Español, 1901, 18.

2. A XESTACION DO AUTOODIO

Todos estes comentarios, pequenas mostras do estado de opinión da época, tiveron obrigatoriamente que afectar e modifica-lo comportamento dos galego falantes con respecto á súa lingua. A vergonza por empregar un idioma que era obxecto de desprezo foi a primeira manifestación da presión exercida sobre eles polos castelán falantes:

> "Esa vergonzosa preocupacion que nos hace ruborizarnos de hablar con pureza el lenguaje de nuestros abuelos" (16).
>
> "¿Que vitalidad puede tener un dialecto que es desconocido y hasta vergonzoso el hablarlo para los mismos naturales del país?" (17).
>
> "Pra que leéndoo entr'eles, vexan que non é vergonza, cal pensan, o espresarse n'a sua rica fala" (18).
>
> "Solamente os fillos de Galicia, facéndose repitición dos probes ditos, recollendo o sambenito d'o menosprezo c'o qu'os demais queren marcal-os, teñen vergonza d'a lengua que falaron de picariños, e xusganse moi lidos, enfeixando enriba d'o lenguaxe a inonimia que botaron estraños n-o chan gallego" (19).
>
> "La estúpida manía de avergonzarse de usar su lengua nacional" (20).

Este sentimento e o feito de ser branco diario das chanzas dos "señoritos" leva ós galego falantes a intentaren elimina-las causas que orixinan a súa mala consideración. Comezan daquela un lento e penoso proceso de abandono da lingua. E como é posible que por "iñorar espricarse n-o idioma oficial" (21) non poidan realiza-lo seu desexo de inmediato, queren educa-los seus fillos na lingua de prestixio:

> "En la conversacion familiar advertimos que hay madres que reprenden á sus hijos solo por hablar *en gallego*" (22).
>
> "Son gallegos que reprenden y censuran acremente á cualquier persona de su familia que incurra en el grave delito de expresarse por medio de frases gallegas, al intervenir en una conversación" (23).
>
> "Xuran e perxuran que son gallegos á moita honra, e falan un chapurrado d'os infernos, e si os seus fillos falan gallego rifanlles; dándolles á entender que o falalo é vergonza" (24).

---

(16) J. A. Saco Arce, "Poesía. II", *op. cit.*, 9.

(17) J. Sieiro, "El porvenir del dialecto gallego", en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 25 (10.9.1879), 299.

(18) V. Lamas Carvajal, *op. cit.*, 7.

(19)"¿Quén somos? ¿Á que vimos?", en *Galicia. Ciencias-Literatura-Artes*, Ferrol, 1 (10.5.1885), 2.

(20) "El idioma gallego en las escuelas", en *Revista Gallega. Semanario de literatura e intereses regionales*, A Coruña, 213 (9.4.1899), 1.

(21) M. Pardo Becerra, "D'a fala gallega. II.", en *A Monteira. Somanario de intreses rexionales e literatura*, Lugo, 4 (26.10.1889), 28.

(22) "Bibliografía. **Versos gallegos de Don José Pérez Ballesteros**", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 311 (28.9.1878), 1.

(23) "A 'El Diario de Lugo'.II", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 5 (5.2.1877), 1.

(24) "Os inocentes gallegos", en *O Tío Marcos d'a Portela*, Ourense, 160 (26.12.1886), 3.

Outra consecuencia da negativa consideración social do galego é non só a infravaloración dese idioma, senón o produci-lo efecto contrario sobre o idioma A ou castelán, a súa sobrevaloración. Ilustrativo ó respecto é o comentario desta muller que, na conversa cuns "cadiceños", lles dá toda a razón cando comparan os galegos coas vacas e afirma que "a ir yo á esas tierras, no hubiera vuelto á la mia, que siquiera por solo oir hablar á todo el mundo castellano y andaluz, estaria uno á media ración" (25).

A presión social a que estaban sometidos os galego falantes por empregaren unha lingua despreciada e despreciable, a infravaloración da propia persoa e da causa que provocaba o escarnio dos máis, xunto coa constatación de que o idioma é unha das barreiras, a máis visible socialmente, que os afastaba do estatus dominante e os calificaba instantaneamente como dominados, fai nacer neles o *autoodio* (26) ou sentimento de inferioridade provocado pola posesión de determinadas características que identifican o individuo como membro dun grupo que non está ben visto polas clases superiores. O abandono da lingua de instalación para adquiri-lo castelán é a consecuencia máis inmediata deste sentimento.

A intolerancia militante e as máis grandes descalificacións cara ós que aínda seguen a facer uso do idioma primeiro, son características comúns dos que, afectados polo autoodio, abandonaron a súa lingua:

> "*Pró* la Habana, y *pro Cais* todos los del *puebro*, *chequitos* y grandes, *habran* el *andalú*, y no *coma* por aquí que son gallegos *coma las vacas*" (27).

> "Es un aristócrata campesino, el que en cierto departamento escribe y trabaja en favor del dialecto de su provincia, es un poeta, hijo de un panadero de la ciudad, el que combate por el idioma nacional.
>
> El hijo del que todavia hablaba ayer el dialecto; le aborrece sin duda le parece un signo, de su antigua servidumbre y quiere despojarse de todo cuanto se lo recuerde" (28).

> "Ningun idioma ha sido objeto de tan encarnizada guerra como el gallego: ninguno, doloroso es confesarlo, ha sido tratado con tan despreciativo desdén, aun por los mismos que lo oyeron hablar desde su infancia" (29).

3. INTENTOS DE MODIFICA-LA NEGATIVA CONSIDERACION SOCIAL DO GALEGO.

Á vista do desprestixio ó que estaba sometido o idioma, os homes e mulleres do rexurdimento, á vez que desenvolvían o seu traballo de creación ou investigación -ou mesmo antes-, tiveron que levas a cabo un labor de dignificación e defensa da lingua que mitigase na medida do posible a súa publicidade negativa.

Dado que a mala sona do galego se debía á presencia doutro idioma ó que lle eran concedidas tódalas virtudes que a el se lle negaban, a tarefa principal dos

(25) R. de Castro, "El cadiceño", en *1866. Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del país*, Impr. de Soto Freire, Lugo, 1865, 38.

(26) R. Ll. Ninyoles, *Idioma y poder social*, Tecnos, Madrid, 1980, 149 e R. Ll. Ninyoles, *Cuatro idiomas para un estado*, Cambio 16, Madrid, 1978, 181.

(27) R. de Castro, *op. cit.*, 38.

(28) "Noticias de Galicia", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 6 (10.2.1877). O texto está tirado dunha obra francesa e cítase para exemplifica-lo caso galego.

(29) "A 'El Diario de Lugo'. II", *op. cit.*, 1.

seus defensores foi proporcionar argumentos que contribuísen á valoración positiva do galego, que paliasen a progresiva infravaloración dos seus falantes, que parasen o seu abandono a prol do castelán e que axudasen ó avance do movemento reivindicador da lingua.

Co conxunto das argumentacións empregadas para lograr estes obxectivos pódense realizar dous grupos, atendendo ó aspecto no que incidan. Trátase de factores de prestixio, se a súa finalidade é salientar calquera característica que o coloque nun plano de igualdade, ou mesmo de superioridade, en comparación co castelán; ou factores de identificación, se o que se busca con eles é descubri-los lazos que unen os galegos coa súa lingua e que os obrigan a apreciala.

3.1. Factores de prestixio

Denominamos así tódalas argumentacións que serviron para contrarresta-lo constante desprestixio a que estaba sometido o galego -que chegara ó extremo de ser considerado unha dexeneración lingüística incapacitada para expresa-los sentimentos máis elementais-, e que buscaban descubri-los méritos que fixeran del unha lingua tan digna de ser apreciada coma a castelá. A orixe latina, o esplendor medieval, o parentesco co portugués e as excelencias expresivas actuais foron as principais razóns que se argüiron contra unha infravaloración totalmente inxustificada.

A constatación de que o galego deriva directamente do latín, coa contribución doutras linguas, serve para replicar ós que o consideran unha burda alteración do castelán e tamén ós que o califican de áspero, duro, etc:

> "¿Si pues, nuestro dialecto tiene por base los sublimes idiomas de Demóstenes, de Ciceron, Virgilio y Horacio á que criticarle de áspero, duro y monótono si es un símil de estos?" (30).

Se a base latina sitúa o galego ó mesmo nivel có castelán, a comprobación de que pola súa evolución está máis próximo ó niño có idioma de Castela e mesmo o feito de carecer de influxo árabe, concédelle unha superioridade notable:

> "A poco que se observe, nótase que sus voces, en la mayor parte, son débil corrupción del latín, sin que se vean en el gallego, como sucede en el castellano, esas ásperas palabras que ha tomado del árabe, como un signo de su pasada servidumbre" (31).

O coñecemento da base latina permitiu tamén reivindicar para o galego, dende os principios da renacencia (32), o calificativo de lingua. O desterro da denominación dialecto non foi, con todo, doada, fundamentalmente por problemas derivados da situación política de Galicia. Aínda que filoloxicamente estaba

(30) F. Fernández Anciles, "Importancia que debe darse al dialecto gallego", en *El País. Periódico de ciencias, literatura, industria y comercio*, Pontevedra, 57 (20.5.1858), 1.

(31) M. Murguía, *op. cit.*, 158.

(32) O primeiro texto que coñecemos que reivindique para o galego a categoría de lingua é de L. Martínez Padín, "Lengua gallega", en *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia, I*, Madrid, Est. tip. de A. Vicente, 109-211.

aceptado por todos o seu carácter de lingua, ó estaren reservadas só para o castelán as funcións oficiais, foi considerado dialecto durante moito tempo (33).

O progresivo descubrimento da literatura medieval e doutros documentos da epoca escritos en galego (34) serviu para demostrar que este idioma posuía unha tradición como lingua de cultura moi anterior á do castelán. Ben porque a lírica dos cancioneiros foi difundida moi tardiamente (35), ben porque o obxectivo básico era presentar feitos que colocasen o galego nun plano superior, estes datos foron empregados fundamentalmente para reclamar para el o mérito de primeiro idioma romance formado na Península:

> "El idioma gallego resultado de los dialecto cèltico y griego, conservados en parte hasta el dia, ha sido el primero que se formó con la corrupcion de la lengua latina en los primeros paises libres del yugo mahometano" (36).

Polo uso que del fan os trobadores non galegos e sobre todo o rei Afonso X, conclúese que nesta época estaba estendido por toda a Península e que, polo mesmo, del deriva o castelán:

> "España debe agradecemento y-agradecemento grande ô gallego y-ô catalán, pois se d'aquel ten orixen a lengoa que pasa por oficeal, d'este ten un poema épico d'emportáncea" (37).

A filiación do portugués co galego foi un mérito máis a engadirlle a este e tamén unha nova razón que invalidaba a súa infravaloración:

> "Y sin embargo, estas condiciones esenciales de su carácter, han venido negándose con deplorable frecuencia por quienes con mas ignorancia que conocimiento de su orígen se obstinaban en presentarnoslo como un *dialecto* desprovisto de galas, rudo é inflexible, cuando al propio tiempo estos supuestos *filólogos* no vacilaban en afirmar que el portugués era una lengua melodiosa, siendo asi que esta no es otra cosa que una hija legítima de la gallega, y que debe unicamente su preponderancia á ser hablada por una nacionalidad formada al separarse el que hoy se llama Reino de Portugal, de lo que en la actualidad constituye la nacion española" (38).

A comprobación de que na actualidade está dotado dunha grande expresividade, posta de manifesto fundamentalmente a través da adxectivación positiva, e de que posúe expresións e xiros superiores ós de castelán, serve para concluír que o galego é digno do aprecio dos seus falantes, non só porque ten un pasado ilustre, unha orixe nobre e un fillo importante, senón porque tamén hoxe cumpre tó-

(33) Véxase ó respecto F. Rodríguez, *Análise sociolóxica da obra de Rosalia de Castro*, ASPG, A Coruña, 1988, 340-351.

(34) Sobre este aspecto véxase T. López Fernández, *A difusión dos cancioneiros galego-portugueses na Galicia do século XIX*, Memoria de Licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago, 1989.

(35) As composicións dos cancioneiros non foron coñecidas ata 1886, data da publicación dos tres tomos de *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* de Antonio de la Iglesia, Latorre y Martínez Editores, A Coruña.

(36) J. Verea y Aguilar, *Historia de Galicia. Primera parte, que comprende los origines y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los romanos*, Imprenta de D. Nicasio Taxonera, Ferrol, 1858, 116, nota 1.

(37) A. M[ontengro], "Cuesteón emportante", en *A Monteira. Somanario de intreses rexionales e literatura*, 29 (19.4.1890), 226.

(38) "A 'El Diario de Lugo'. I", *op. cit.*, 1.

dolos requisitos que capacitan unha lingua para ser empregada polos seus falantes en tódalas necesidades da vida e para non ser desprezada por eles:

> "Si fuéramos á hacer un trabajo filológico, veríamos que tiene una multitud de voces peculiares, de las cuales algunas sobrepujan á las de la lengua castellana por su significacion" (39).

3.2. Factores de identificación

Unha vez demostrado que, filoloxicamente, o galego está dotado de tódalas características necesarias para obte-la estima dos seus falantes, cumpría achegar argumentos e razóns que encarreirasen, potenciasen e, se cadrar, que obrigasen a esa estimación. Aparecen así os factores de identificación, que poden ser de dous tipos, individual e colectivos.

Os factores de identificación individual comprenden as referencias ó galego como lingua falada na infancia polo propio individuo, ou polos parentes máis próximos, pais e avós. Con eles preténdese trasvasa-lo afecto que o adulto sente cara a esa etapa da súa vida e cara á súa familia, á lingua intimamente relacionada con elas:

> "¿Por qué no hemos de hablar en la lengua con que nos arrullaron nuestras madres en sus amorosos brazos? ¿No suenan aun en nuestros oidos como ecos de dulcísima música las tiernas palabras que entre apertas y vicos nos decian al oído?" (40).

Superando o plano da individualidade, un novo medio de dete-la infravaloración do idioma consiste en pór de manifesto a identificación existente entre a colectividade e a lingua por ela creada. Presentando a lingua como a manifestación máis xenuína do pobo que a creou chégase á conclusión de que a actitude que ante ela se tome vai reverter inmediatamente sobre os creadores:

> "Hay entre los pueblos y sus idiomas una tan íntima y necesaria conexion, que el descrédito o la estimacion de los unos recae inevitablemente sobre los otros. Honrar por tanto y enaltecer una lengua, es honrar y dar prestigio al pueblo que en ella expresa sus conceptos" (41).

Os factores de identificación buscan, xa que logo, para-lo desprestixio do idioma empregando como argumento a correlación existente entre o individuo e a comunidade da que forma parte e a lingua alí creada. Deste xeito o desprezo do idioma é un signo evidente da pouca consideración que se ten un mesmo como individuo ou como membro dunha comunidade.

---

(39) F. Fernández Anciles, *op. cit.*, 1.

(40) L. Rodríguez, "El idioma gallego", en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 48 (5.11.1878), 387-388.

(41) J. A. Saco Arce, *Gramática gallega*, Impr. de Soto Freire, Lugo, 1868, VII. No primeiro número da revista *Galicia. Ciencias, Literatura, Arte*, de Ferro, 1885, 2, aparece unha traducción case ó pé da letra do parágrafo comentado:

> "Hai entr'os pobos y-as suas lenguas unha tan comprida relacion qu'a mala ou boa fada d'us cobre ôs outros. Fala desprezada, pobo abaifado (*sic*); lenguaxe enaltecido, nación puxante e forte".

4. CONCLUSION

Con todas estas argumentacións, e con outras que as apoian, como a constatación da anormalidade do comportamento dos galegos en comparación co doutros pobos con lingua de seu (42) e o aprecio que del fan os estranxeiros, as persoas comprometidas co rexurdimento da lingua galega pretenderon variar de signo a negativa consideración social que ó idioma de Martín Códax lle concedera unha clase dominante asimilada lingüisticamente ós colonizadores castelán da Idade Media. O camiño seguido para logra-los seus obxectivos buscaba que os galegos acabaran preguntándose como poderían desprezar unha lingua con tantas belezas e virtudes, que tivera un pasado histórico tan importante e da que dependía o futuro do país.

Os razoamentos aquí expostos respondían, asemade, a todas aquelas voces que se deixaron oír, cando o movemento de reivindicación daba os seus primeiros resultados e se albiscaban posibilidades de recuperación idiomática, para intentáreno frear mostrando a inutilidade de cultivar un dialecto -"aberración idomática"- cando hai unha lingua "nacional" que todos comprendían e sinalando o perigo que supuña este feito para a "integridade da patria" (43).

É certo que moitas das ideas aquí analizadas non servirían hoxe para defender unha lingua, quer porque a evolución da sociedade lle restou validez, quer porque os seus alicerces se demostraron falsos -caso da consideración do galego como base da que naceu o castelán-, pero na época na que nos situamos eran as únicas armas das que se dispuña e así deben ser valoradas. Dende o noso presente, ben podemos dicir que os seus logros foron cativos, como desmostra o feito de que cen anos despois aínda temos que seguir argumentando para dignifica-lo noso idioma nacional, senón en idénticos termos, si moi parecidos. Así e todo cómpre non esquecer que de ser polo seu labor posiblemente hoxe non teriamos idioma que reivindicar nin tampouco se realizaría esta homenaxe a un home que, a un século de distancia, é un meritorio herdeiro da tarefa principiada no século XIX.

(42) Así se pode comprobar neste fragmento: "¿De quén deprenderían eses malos gallegos [os que rexeitan o idioma], somellante conduta? ¿Toparían algún catalán, algún francés ou castelán que en justa correspondenza con eles lles houbera dito que tiña á menos ó seu idioma, cobizando que fora en diante o gallego o idioma que se falara en Cataluña, en Franza ou en Castela?","¿Antipatriotas?" *op. cit.*, 1.

(43) Representativo deste estado de opinión é o expresado por J. de Arévalo "El dialecto", en *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, 7 (xuño 1888), Tomo II, 301-312.

Un *Appendix Probi* na Galicia do XIX

CARME LÓPEZ TABOADA

Este breve *Vocabulario* que imos presentar, forma parte dun volume manuscrito pertencente ó Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes. Hoxe é de propiedade privada.

Posiblemente constitúa un dos poucos conservados do espallamento total que sufriu a biblioteca e o arquivo trala primeira exclaustración de 1820, e despois da definitiva poxa do convento polo goberno central en 1834.

1. AUTOR E DATA DE COMPOSICION

Non aparece no manuscrito ningunha indicación que nos permita identifica-lo autor nin determinar con exactitude a data de confección do mesmo.

Os diferentes tipos de caligrafía, algunhas anotacións á marxe, o diferente coidado no tratamento de diferentes aspectos (ilustración, rotulación...) evidencian varios amanuenses na confección do libro, posiblemente con diferente grao de instrucción, que non chega nunca á de erudito.

Do que non cabe dúbida é de que o autor (ou autores) foi un frade encargado da instrucción dos novicios xa que desde o século XVI o convento de Sobrado funcionaba como un dos centros máis importantes para formación de mozos relixiosos posiblemente galegofalantes que incluían na lingua de aprendizaxe os galeguismos que se corrixen.

O destinario e a finalidade deste volume queda esplicitado no epígrafe "Fin de todo este libro" da páxina 44:

> "Quiera pues nuestro señor mis queridos discípulos que con aquel buen deseo que sabeis que os dictè estas pequeñas instrucciones, con esse mismo se os queden estas impresas en vuestra alma; y que si algun dia, o años, despues pasareis los ojos por ellas os acordeis de los cariños de un Maestro que tiernamente os amaba en aquel Dios (...) que tantas veces, aunque indigno os expuse en esta nuestra Aula".

No tocante á datación do manusrito hai que supor que foi escrito, cando menos, antes de 1835 ano da definitiva desamortización. Desde aquela non volverá a ser habitado ata o 1966.

Dado o gusto polo cultismo latinizante (*Christo, Cathólica, Profhecta...*) e a vacilación ortográfica constatada ó longo de todo o volume (*cavallero, debolber, muy/mui, hordenes, acia, inoxo, hinojo, etc...*) cabe pensar que a referencia feita á

"orthographia tomada de la Academia Española" debe relacionarse con calquera das do século XVIII, nunca coa de 1815 que é a que consuma o proceso de modernización ortográfica española:

> "Algunos lleban, que se ha de escribir como se pronuncia, por eso quitan las H, y Pt, y dicen Acienda por Azienda, as de hazer.por has de hazer Redemtor por Redemptor (...) Y dicen que la Escritura tanto es más perfecta quanto mas imita al parlado en el qual ciertamente suena Redemptor, azen. Pero en contra está la Academia Española, que opone, que de el mesmo modo pronunciamos huevo que uevo, y con todo el huevo lo escribimos con H". p. 111.

2. DESCRICION DO CONTIDO

Desde o punto de vista do contido o volume constitúe unha miscelánea que abrangue aspectos moi dispares encabezados polos seguintes epígrafes:

1. Comeza o libro cunha historia do mundo narrada por "Épocas" das cales a 1ª corresponde á creación de Adán e remata na "Época trece" co reinado de Felipe V. A seguir dá a definición dalgúns "Términos de Chronologia".

2. "Selecta aliqua epigramata ex oven Britono".

3. "Breve epitome de christianas reflexiones, las mas dulces y las mas propias de un verdadero estudiante".

4. Correspóndese co epígrafe "Errores gallegos" "Corrige en castellano".

5. "Orden de los libros de el Antiguo y Nuevo Testamento".

6. "Breves cumplimientos para saludar a cualquiera".

7. "Reglas Politicas las mas selectas" que inclúe un pequeno apartado de "Reglas de Ortographia Moderna".

8. Aparece sen encabezamento xeral e comeza cunha "Rezeta del jarabe para la gota".

9. As "Anotaciones curiosas" veñen sendo receitas e xeitos de curar diferentes doenzas presentadas cunha linguaxe críptica coas anotacións á marxe.

10. "Aqui se ponen cosas memorables, y dignas de saberse".

11. Este derradeiro apartado constitúeno unhas "Tablas Retóricas de palabras de alabanza" e outras "Tablas Retoricas de palabras de vituperio".

3. DESCRICION FORMAL

Consta o libro dun total de 201 páxinas das cales aparecen total ou parcialmente en branco 89, correspondéndolle ó *Vocabulario* que imos comentar as páxinas 46 á 49. Curiosamente a numeración faise cada dúas páxinas.

A súa estructura formal é moi sinxela. Na parte superior da primeira páxina figuran dous epígrafes: "Errores gallegos" e "Escribe en castellano" debaixo dos cales van dispostas a dobre columna (agás na primeira e derradeira páxina) as voces "consideradas" galegas e as súas correspondentes castelás. O agrupamento faise por orde alfabética sen que esta se manteña rigorosamente en cada grupo.

Lxxores. Gallegos	Corrige. en castellano
A	
Axxuído	Ruído.
Axxodeo	Rodeo.
Abur	Agur.
Aprender p.ª enseñar	Enseñar.
Amenta	Hierba buena.
Alverchegos	Damascos.
Ameijas	ciruelas.
B	
Baetas	Bayetas.
Bioli	Violin.
C	
Caitano	Cayetano
Corresponduencia	Correspondencia.
Conferiencia	Conferencia
corresponderte	Correspondiente.
Cathredal	Cathedral.
Cathreda	Cathedra.
Coandro	Cilantro.
Cerdeira	Cerezo.

Cama de huevo	Huezera
Cabo de cuchillo	Mango
Cauey Tiñeta	Cauañuela
Destrago	Estrago
Destragado	Estragado
Dependiencia	Dependencia
Dependente	Dependiente
Dueña y señora	Dueño y señora

C

Espadi	Espadin
Esparrin	Sarpagero
Espeto	Asador
Escola	Escuela

F

Fui vez	Fui à vez
Fui leer	Fui a leer
Freidor	Frito
Flexos	Fluecos

Flegma	Flema
Fentor	Flechar
Feriar	Hiracer
Furuje	Orin
Fouze	Hoz
Follo, ô fuincho	Hoyo
Forrollo	Cerrojo

G

Gamalleira	Lare
Geuta	Retama
Hay tiempo	Tiempo ha
Hiamos	Iamos
Haiga cova	Haya cova
Limite largo	Limite breve
Legon	Hazadon

M

La Mapa	El Mapa.
Mueramos	Muramos.
Maiestro	Maestro.
Machado	Hacha.
Mazeira	Manzano.
Murvelina	Murvolina.
Muñuelos	Buñuelos
Miñoto	Milano.

N

O

Olax ô lareira	Hogàr.

P

Peluqui	Peluquin.
Pendolario	Pendolista.
Peaña	Peana.
Pexime	Pesimo.
Porque breve	Porquê largo.
Pereira	Pedrero
Porrox	Poleo.
Pereira	Pedrero.
Prigel	Peregil.
Pechaduxa	Cexaduxa
Pechar	Cexar.
Punta de la Baina	Contera.
Puitax, ô vacax	Sacax, Puitax
Ue Puebro	se Pulbrò.

R

Rompidos	Rotos.
Rolox, que reviende	Un olox, que tranquende

Rodo reversible	Rodo reversal
Rabeira	Encina.

Sacha	Azada

F.

Feru	Firu
La Fertiga	La Fertipo.
Friqueño	Friqueño.

V.

Vivieza	Vivezza.
Veis aqui	He aqui.

5. COMENTARIO

Arruido, do lat. *rugitus*. Vulgarismo debido á presencia do *a* protético antietimolóxico (1), semellante a outros moitos da fala de hoxe: *atropezar, arraiar, arrabear,* etc. polos correctos respectivos *tropezar, raiar,* e *rabear*.

Segundo Ramón Lorenzo (2), en portugués formouse moi pronto a variante *arroido*, en galego as formas *arroido e arruido* aparecen nos diccionarios de L. Carré (3), E. Rodríguez (4) e Franco Grande (5). Sarmiento rexístraa xa en Pontevedra. Debeu gozar de grande vitalidade na ligua oral.

Arrodeo, derivado de *rodear* < lat. *rotare* formado sobre *roda* < *lat. rotam*.

Sarmiento (6) comenta así a forma e o significado: "*Arrodeos,* de *rota, rodar, rodear*, y el nombre *rodeo*; y *arrodeo* y *arrodeos* son las cercanías de la dicha villa".

O P. Crespo (7) rexistra só a forma *arrodeo*. Hoxe alternan en idénticos contextos as formas con *a* epentético: *arrodeo* e sen el: *rodeo*.

Abur, a través do vasco *agur* < lat. *augurium* 'agoiro'. É unha interxección utilizada como fórmula de despedida na linguaxe informal. O paso de *agur* para *abur* é debido a unha ultracorrección por confusión de consoantes oclusivas que se producía xa desde o propio latín *vulpes* > *golpe,* e semellante ó **gomitar/ vomitar, *aboucar/ amoucar*,** etc. propios da linguaxe coloquial descoidada e mesmo da infantil.

Aprender por enseñar. Os verbos galegos *aprender* < *lat. apprehendere* e *ensinar* < *lat. insignare*, son sinónimos perfectos na acepción de 'transmitir ou adquirir coñecementos': *eu apréndolles ós meus alumnos e eles aprenden de min.* O emprego de *aprender* no canto do castelán *ensinar* resulta xa que logo, un claro galeguismo para o anónimo corrector.

Amenta, do lat. *ment(h)a*. A forma con *a* protético atopámola xa nun manuscrito do século XIX, redactado segundo Pensado en data anterior a 1833 (8): "Amenta.- Yerbabuena. En otras provincias se llama también *amenta, menta* y en

(1) A voz *arruido* e a seguinte *arrodeo* son precisamente dous dos exemplos de vocais protéticas citados por García de Diego en *Elementos de Gramática Histórica Gallega*, anexo 23 de *Verba*, Univ. de Santiago, 1984, p. 70.

(2) Lorenzo, R., *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla, (Glosario)* Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo" Ourense, 1977.

(3) Carré, L., *Diccionario galego-castelán*, Ed. Lar, A Coruña 1933.

(4) Rodríguez, E., *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, E. Galaxia, Vigo, 1958.

(5) Franco Grande, X.L., *Diccionario galego-castelán* Ed. Galaxia, Vigo, 1968.

(6) Sarmiento, M., *Colección de voces y frases gallegas*, edición de X.L. Pensado, Univ. de Salamanca, 1970.

(7) Crespo Pozo, S., *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, Ed. La Región, Ourense, 1972, I, s.v.

(8) Pensado, X.L., "Un vocabulario gallego del siglo XIX", in *Homenaxe a Ramón Otero Pedraio*, Ed. Galaxia, Vigo, 1958. pp. 275-286.

la botánica se usa esta voz". É tamén a forma que aparece en Valladares (9), no P. Crespo (10), E. Rodríguez (11), Franco Grande (12) e outros.

A forma correcta galega é *menta,* rexistrada xa por Sarmiento (13).

Alverchegos, de orixe discutida; probablemente do lat. *(malum) persicum* a través do mozárabe.

A forma *albercheiro* e *alberchiguiño, alberchiño* como diminutivos de *albercho* aparecen xa en Valladares, e en E. Rodríguez estas e algunhas máis. O P. Crespo limítase a citar como fontes estes dous autores.

Tódalas formas coinciden na grafía con *b* e na alternancia *e/i* na postónica. A pesar de estar rexistrada nos diccionarios, non debeu ser unha voz moi estendida como o evidencia a única documentación correspondente a Ferreira de Valadouro do *Glosario de voces galegas de hoxe* (14), que recolle 45 contribucións léxicas correspondentes a outros tantos lugares de Galicia. Distinta sorte correu para a voz *pexego* da mesma orixe que rexistra 41 documentacións no antedito *Glosario.*

O *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (15) tampouco non recolle a voz *alberchego.*

Ameijas, do lat. *(pruna) damascena* 'froita de Damasco'. Máis ca nunha representación da fricativa prepalatal xorda cabe pensar nunha castelanización por ultracorrección da forma galega *ameixa*, semellante a outras moitas que se producen nos galegofalantes de castelán en Galicia.

A confusión coa preposición *de* sería a causa que explicaría, segundo Corominas (16), a desaparición do *d-* inicial. Para unha análise polo miúdo da historia e diversidade formal desta palabra véxase Amable Veiga (17).

Baetas, do fr. ant. *baiette* que parece ser un diminutivo de *bai* < lat. *badius* 'de cor castaña'. A primeira documentación é de 1601 para o castelán. En galego rexístrana Valladares e posteriores.

Bioli, do it. *violino*. Aínda que desde o Renacemento entraron moitos italianismos, maiormente referidos ó campo da música, no portugués non se docu-

(9) Valladares, M., *Diccionario gallego-castellano*, Santiago 1876.

(10) Crespo Pozo, S. *op. cit.*

(11) Rodríguez, E., *op. cit.*

(12) Franco Grande, X.L. *op. cit.*

(13) Sarmiento, M., *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, edición de X.L. Pensado, Salamanca, 1973.

(14) García, C., *Glosario de voces galegas de hoxe*, anexo 27 de *Verba*, Univ. de Santiago, 1985.

(15) Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, (Versión provisional), 1990.

(16) Corominas, J., *Diccinario crítico etimológico de la lengua castellana*, Ed. Gredos, Madrid, 1957.

(17) Veiga, A., *Algunas calas en los orígenes del gallego*, Ed. Galaxia, Vigo, 1983, pp. 75-77.

menta ata o 1874 no *Grande Dicionário Português* ou *Tesouro da Lingua Portuguesa* (18).

Sorprende amais da grafía con *b* a terminación en *-i* coa que aparece rexistrada tamén en Valladares. Para a explicación desta forma con *-i* debemos pensar nun singular reconstruído sobre un plural **violíis/ violís* < *violín*. conforme *calcetín /calcetís, xabaril, xabarín*/xabarís segundo a distribución dialectal do bloque central e oriental de Galicia.

Para a confusión dos sufixos *-il* con *-in* véxase García de Diego (19).

Caitano, dun adxectivo latino < **relativo a Caín*. Presenta este antropónimo a tendencia á realización fonética dos hiatos como ditongos. A tendencia popular é a de seguir pechando os dous elementos da forma *Caetano*, chegando mesmo á forma **Queitán*. Repárese na conservación de *-ano* fronte ás patrimoniais orais con sufixo *-án* (20).

Correspondiencia, sobre *corresponder* < lat. *respondere*. Forma ultracorrecta por *correspondencia*. Por non seren patrimoniais os ditongos *ie* e *ue*, aparecen na lingua oral, e por veces na escrita, formas ultracorrectas nos cultismos procedentes de étimos latinos con estes ditongos.

Conferiencia, sobre o verbo *conferir* < lat. **conferere* por *conferre*. Ultracorrección por *conferencia* (21).

Correspondente, de *corresponder* < lat. *respondere*. Forma galega correcta. O anónimo corrector bota de menos a presencia do ditongo. Concorda coa forma *dependente* e contrasta coas formas ultracorrectas *correspondiencia* e *conferiencia* xa vistas, o que nos fai pensar na fluctuación, por mor das interferencias co castelán, da solución dada ás formas ditongadas e non ditongadas.

Cathredal, derivado de *cátedra* < lat. *cathedra* 'cadeira'.

A metátese do *r* dá como resultado un vulgarismo que contrasta coa forma gráfica latinizante que o autor segue mantendo na castelá.

Cathreda, do lat. *cathedra* (22).

Coandro, do lat. *coriandrum*. A evolución fonética deste vocábulo non está aínda satisfactoriamente explicada, segundo opinión de diferentes autores. Para a evolución da forma galega hai que pensar nunha posible disimilación do *r* en *l*: *coriandro* > *coliandro*, que por posterior perda da mesma en posición intervocálica chegaría á forma documentada *coandro*.

(18) Cf. s.v. Machado, J.P., *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, Lisboa, 1977, e Dacunha, A.G., *Dicionário etimológico nova fronteira da lingua portuguesa*, Rio de Janeiro, 1989.

(19) García de Diego, V., *Gramática Histórica Española*, Ed. Gredos, Madrid, 1981, p. 275.

(20) Para as diferentes documentacións desta voz, cf. Crespo S., *op. cit. s.v. Nombre*, p. 208.

(21) Cf. *correspondiencia*.

(22) Cf. *Cathredal*.

Cerdeira, do lat. *ceresia* + *-aria* (sufixo de formación de nomes de árbores froiteiras), chegamos a unha forma *cerceira* que por disimilación orixina a voz documentada (23).

Cana de hueso, do lat. *cannam*. A frase corrixida aquí polo anónimo autor é un híbrido calcado sobre a galega *cana do óso* ou *cana dos ósos*. Os equivalentes castelás *tuétano* ou *médula* resultarían posiblemente infrecuentes ou descoñecidos na lingua habitual dos novicios, razón pola cal empregarían a común galega *cana*.

Cabo de cuchillo, do lat. *caput* 'cabeza'. Estamos ante outro calco da frase galega *cabo do coitelo*. A pesar de que tanto en galego coma en castelán *cabo* é sinónimo de *mango*, sen embargo o autor inclínase por esta, quizais por se-la denominación máis común en castelán. A forma *cabo*, pero non *mango*, aparece en Valladares; esta comezará a ser rexistrada nos diccionarios posteriores.

Castañetas, do lat. *castanea* + *(-itta, -ola)*, formáronse as derivadas actuais *castañetas* e *castañolas*. É curiosa a equivalencia castelá por se-la forma propia de Burgos, Palencia, Santander e Viscaia (24). Sen embargo xa Sarmiento dá para *tarrañuelas* o galego *castañetas:* "el primitivo más natural y más sencillo, es el que llaman *tarreñas* y *tarrañuelas*, y en gallego *castañetas*" (25).

Para a historia desta palabra na lexicografía galega resulta interesante o estudio de X.L. Pensado (26).

Destrago, do lat. **stragare*, formado sobre *strages* 'ruinas, devastación'. Segundo Ramón Lorenzo na lingua medieval alternan as variantes *astragar/estragar, astragamento/estragamento* e *astrago/estrago*, pero desde o século XIV fixéronse normais as formas con *e* (27).

As formas con *de, destrago, destragado,* débense a confusión de prefixos semellante á producida en *descabezar/escabezar*. Consideradas dialectais, non aparecen no *Vocabulario ortográfico da lingua galega*.

Dependiencia, de *depender* < lat. *dependere* 'estar pendurado'. É de supor un lapsus na forma castelá *dependrencia*. Forma ultracorrecta por *dependencia* (28).

Dependente, do lat. *dependere*. Forma correcta, corrixida por galeguismo na lingua dos educandos (29).

---

(23) Para as primeiras documentacións desta voz, cf. A. Veiga, *op. cit.* p. 97.

(24) Cf. Real Academia Española, *Diccionario de la lengua española*, Madrid, 1984. s.v.

(25) Sarmiento, M., *Catálogo...*, p. 428.

(26) Pensado, X.L., *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega*, Salamanca, 1976, s.v. *tarrañuelas*, pp. 338-339.

(27) Lorenzo, R., *op. cit.* s.v. *astragamento, astragar* e *astrago*. pp. 189-190.

(28) Cf. s.v. *correspondiencia*.

(29) Cf. s.v. *correspondente*.

Dueña y señora, segundo Menéndez Pidal, en castelán o masculino *dueño* < lat. *dominu,* aplicouse á muller, seguramente para evita-las posibles connotacións que o feminino *dueña* tiña adquirido dentro do código amoroso (30).

Dona nos textos antigos galegos pode significar en sentido amplo 'dama' ou máis restrinxidamente 'dama de compañía'; no primeiro dos significados era substituída xeralmente por *señor.*

O tratamento fonético de *dona* < lat. *domina* foi diverxente segundo fose tónico ou átono (cf. castelán *dueña/doña).* Segundo Ramón Lorenzo *domina* > *(dona)* 'propietaria' e *(dona)* 'señora, muller' (31).

Consciente da posible carga negativa da palabra *dueña,* o decimonónico autor corrixe por esta concordancia morfolóxica e semanticamente tan estraña para os nosos días.

Espadi, do lat. *spatta.* En E. Rodríguez e Franco Grande só aparece *espadín* como sinónimo de *trancho* 'tipo de peixe'.

Nos diccionarios de Machado e Da Cunha aparece documentado no século XV como nome de moeda. Como 'pequena espada' en 1813 en Morais (32).

No tocante á forma en *-i* (33), Aurélio Buharque dáo como un diminutivo irregular de *espada* (34).

Esgarrar; probablemente dunha raíz onomatopeica *garg-, gorg-,* formáronse un grupo de palabras *(gargallada, garganta, gargarexar, gorxa...)* relacionadas, dalgunha maneira, cos ruídos que se fan na gorxa. É a forma común do galego.

Espeto, do gótico **spitus 'asador'.* Posiblemente dea como equivalente a castelá *asador* por se-la máis coñecida.

Eixola, do lat. *asciola* < *ascia.* A orixe desta palabra coméntaa Sarmiento amplamente: "los gallegos llaman hoy *legón,* del *ligo, ligonis;* los castellanos *azada,* y los portugueses (y creo algunos gallegos) *enxada.* Y es cierto que *azada* y *enxada* tendrán un mismo origen. Y admiro que Covarrubias, teniendo presente que la raíz podría ser *ascia,* no se contentase con ella y hiciese al hebreo *maatsad* origen de *azada, enxada* y *eixada.* Es sin duda la voz *ascia,* y muy latina, raíz de *azada,* y *asciola* de *azuela*" (35).

As formas *aixola, eixola* distribúense dialectalmente, pero o *Diccionario da lingua galega,* só dá como entrada a forma *aixola* (36).

(30) Menéndez Pidal, R., *Poesía Árabe e poesía Europea,* Espasa-Calpe, Madrid, 1941, p. 61 (en nota).

(31) Lorenzo, R., *op. cit.* s.v. *dona, dona,* pp. 498-499.

(32) Morais Silva, A., *Grande Dicionário da Língua Portuguesa,* Lisboa, 1949-1959.

(33) Cf. s.v. *bioli.*

(34) De Holanda Ferreira, A. *Novo dicionário da lingua portuguesa,* Ed. Nova Fronteira, Rio de Janeiro, 1986.

(35) Sarmiento, M., *Colección...,* pp. 278-279.

(36) Real Academia Galega, Instituto da lingua galega, *Dicionario da Lingua galega,* A Coruña, 1990.

Fui ver, trazo propio do galego é a ausencia do elemento relacionante *a* nas perífrases formadas por *ir + infinitivo.* Evidente galeguismo, xa que logo, o introducido no castelán dos discípulos deste preocupado instructor.

Fui leer, nótese como a interferencia do galego non afectou á forma do verbo *leer* castelán (37).

Freidos, do lat *frigere.* Hai verbos que teñen dúas formas para o participio, unha regular e outra irregular. Parece non gustarlle o participio regular *freido* que o corrixe polo irregular *frito,* posiblemente por crelo "erro galego".

En galego sobre o participio *frito* creouse o infinitivo *fritir,* que ten como participio regular fritido (38). Tamén se di frixir.

Flecos, do lat. *floccus.* Sorprende que a forma dada como correcta sexa a evolución semiculta *fluecos,* cando a Academia Española en 1843 dá como válida *fleco,* aínda que Autoridades seguía preferindo *fluecos.*

O semicultismo galego e portugués *floco* habería que o explicar por influxo eclesiástico.

Feligrana, do it. *filigrana* < lat. *filum* 'fio' *e granum* 'gran'. A forma *feligrana* vén sendo un vulgarismo provocado pola disimilación das dúas vocais pretónicas do mesmo grao de abertura.

Fentos, do lat. *filictum,* derivado de *filix-icis* 'fieito'. Mentres que a forma *fieito* non presenta problemas de evolución, para a forma *fento* hai que supor, segundo Corominas a mudanza de *-l-* > *-n-*, quizais por unha disimilación ante o *l* do artigo. Sen embargo é máis doado pensar nunha evolución analóxica á de palabras do tipo *gando, monllo,* etc.

Chama a atención o emprego da forma galega no canto da castelá, posiblemente por descoñecemento da mesma.

A toponimia galega é moi rica e diversa en derivados deste étimo latino.

Ferrán, do lat. v. *ferragine.* Constatamos de novo un vocábulo galego para a denominación de 'avea, orxo ou centeo que se lle dá verde ó gando'. Sen embargo é esta unha forma dialectal xa que non aparece no *Vocabulario ortográfico da lingua galega.* As formas que teñen entrada como normativas son *ferraña* e *ferraia,* xunto coa forma *alcacén* procedente do árabe *qasil* 'follaxe, cereais verdes'.

Furruje, do lat. *ferrugine.* As formas dialectais *forruxe* e *furruxe* débense ó influxo da consoante labial. A etimolóxica é *ferruxe.* A ofrecida como equivalente

(37) Cf. s.v. *fui ver.*

(38) Cf. Alvarez Jiménez, E., *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León; estudio gramatical basado en la doctrina de la lengua y en el buen uso de los escritores,* Pontevedra, 1915.

castelá *orin* está caendo en desuso pola semellanza formal con *orines* e *orina.* A tendencia moderna é a de utilizar no canto destas, as formas *oxidado* e *oxidar* (39).

Para Sarmiento "*furruge* (furrugento). El *horin* o *orín* del hierro" (40).

Fouze, do lat. *falcem,* por vocalización do *l* en posición implosiva. Voz moi productiva en galego xa que deu lugar a múltiples derivados (41).

Volvemos constata-la forma propia galega por descoñecemento da castelá.

Fiollo ô fiuncho, do lat. tardío *fenuculum* que é un derivado diminutivo de *fenum.* Empregan os educandos os dous sinónimos con máis ampla distribución en Galicia. A diferenciación formal radica nunha evolución diverxente do sufixo *-c'lu,* que palataliza en /l /: *fiollo, fionllo* ou en /ts/: *fiuncho* < *fenunculu,* segundo García de Diego por transposición do *n* (42).

Forrollo, do lat. *veruculum,* diminutivo de *veru* 'espeto, asador' coa influencia de *ferrum,* perceptible na mudanza de *v-* para *f-.*

A forma *forrollo* con *o* pretónico débese ó influxo da labial inicial (cf. *forruxe), e zorrollo, cerrollo* ó influxo de *cerrar.*

Gramalleira, probablemente do fr. *crèmaillère* < do lat. *cramaculus* e este do grego *kremastér* 'que suspende'.

Sarmiento coméntaa así: "A aquella cadena llama el castellano *llares* y el gallego *gramalleira,* y el francés *cremailliere;* y todo del griego *cremasteres.*"

Para a historia lexicográfica das variantes *garmalleira, garamalleira* e *gramalleira* cómpre ve-lo estudio realizado por X.L. Pensado (43).

O *Vocabulario ortográfico da lingua galega* rexistra como únicas correctas as voces *gramalleira, gamalleira* e *camalleira.*

Gesta, do lat. *genesta.* Forma ultracorrecta por *xesta.* A equivalente castelá para este étimo latino debeu ser *hiniesta,* segundo demostra a toponimia. Segundo Corominas (44), para evita-la confusión co seu homónimo *hiniestra* < lat. *fenestra,* a lingua reemprazou aquel polo arabismo *retama* (45).

Hai tiempo, doado é comprobar unha vez máis que por mor das interferencias lingüísticas, os novicios calcan a expresión tipicamente galega. Aínda que existiu antigamente en castelán, consérvase maiormente na linguaxe culta en expresións do tipo *tiempo ha,* que é a que dá o autor como equivalente da nosa.

(39) Para a ultracorrección cf. s.v. *ameixa.*
(40) Sarmiento, M., *Catálogo...,* p. 444.
(41) Cf. Crespo, S., *op. cit.* s.v. *hoz,* pp 346-347, e Sarmiento, M., *Catálogo...* p. 305.
(42) García de Diego, V., *Elementos...,* pp. 54-55.
(43) Pensado, X.L., *Contribución...,* p. 219.
(44) Corominas, J., *op. cit.* s.v. *retama.*
(45) Para a ultracorrección por *xesta,* cf. s.v. *ameixa.*

Hiamos, forma galega correspondente ó Impf. de Ind. do verbo *ir*. O afán cultista ou o descoñecemento da ortografía galega por parte do autor, lévao a grafar con *h* o verbo *ir*.

Haiga cosa, vulgarismo do castelán. Os paradigmas tipo *caiga, traiga,* etc. funcionaron como modelos analóxicos para a formación deste *haiga*.

Limistê largo, de *Lemster*, a través do francés *limestre*, cidade de Inglaterra onde se fabricaba certo tipo de tea. Por metonimia pasou a designar tamén a tea. O que aquí se corrixe é a acentuación oxítona que debe ser paroxítona.

Legón, do lat. *ligonem*. Novo galeguismo para a denominación deste apeiro de labranza composto por unha pa de ferro e un mango. As denominacións, a forma e os usos varían segundo as zonas (46).

La mapa, do lat. *mappa* 'pano'. Advertimos aquí unha vacilación do xénero dos nomes rematados en *-a*. O substantivo *mapa* era feminino en latín, pero en galego pasa a masculino contrariando a etimoloxía e a terminación. Pénsase quizais que por influxo da palabra *plano*. O castelán e mailo catalán populares, en usos moi restrinxidos, manteñen aínda esta palabra co xénero feminino.

Mueramos, forma verbal que delata unha nivelación do paradigma nas formas arrizotónicas a partir das rizotónicas: da 1ª p. do Pres. de Subx. *muera* fórmase analoxicamente a 4ª p. *mueramos*.

Maiestro, é un dos escasos restos de conservación do caso Nominativo latino. Despois da perda do *-g-* intervocálico, o resultado actual sería *mestre*. O castelanismo *maiestro* presenta un *i* antihiático propio dalgúns vulgarismos.

Machado, posiblemente do lat. **marculatum*, derivado de *marculus* que é á súa vez un diminutivo de *marcus* 'martelo'.

As denominacións deste instrumento que serve para cortar varían segundo as zonas, formas, tamaños e usos: *machado, machada, macheta* etc. (47).

Mazeira, do lat. v. *mattiana* + *-aria* < lat. clás. *mala mattiana* 'mazá'. Deste étimo temos en galego tres evolucións diverxentes dadas como correctas polo *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. De *mattianaria* > *mazanaria* > **mazaria* > ***mazaira*** > ***maceira***. De *maceira* por monotongación formouse *macira* e sobre ela ***maciñeira*** (48).

(46) Cf. García, C., *op. cit.*, s.v. *ligón*. E Crespo, S., *op. cit.* s.v. *azada* e *azadón*, pp. 167-168.
(47) Cf. Crespo, S., *op.cit.* s.v. *hacha*, pp. 233-234.
(48) Para os primeiros testemuños documentados, cf. A. Veiga, *op. cit.*, pp. 116-117-118.

Mursulina, do it. *mussolina* a través do fr. *mousseline* < ár. *mausilî*, de Mosul, cidade da Mesopotamia onde se fabricaba este tipo de tea de algodón ou de seda moi fina.

A forma con disimilación de *s* corríxea o autor pola máis próxima ó italiano no canto da do francés que é a seguida polo *Diccionario da Real Academia española* (49).

Muñuelos, de orixe descoñecida. Quizais dunha forma prerromana. *Muñuelos* é un castelanismo que presenta confusión de consoantes labiais que tamén se dá en galego: *moneca/boneca; *minguilete/ binguelete, cotobelo/cotomelo* etc.

Miñoto, segundo Corominas (50) do lat. *milanus,* derivado de *miluus* + *sufixos* diferentes obtémo-los resultados dialectais *milán, milano, miñoto* e *miñato;* A variante *miñoto* está rexistrada polo P. Crespo en terras do Ulla (51), e por García en Goián. Segundo J.P. Machado xa aparece documentada nun *Fabulário português do século XV* (52).

Sarmiento explica a súa orixe deste xeito: "Miñoto, en portugués *minhoto* (y *minhafre* y *milhao*). Es el *milvus* o milano. Acaso mudada la L en N y LH en NH, minhán, y su aumentativo será *minhóto*; y todo de *milvus* o *milvino,* perdida la v" (53).

Para as variantes *bexato, bixato, buxato,* hai que supor confusión de labiais xa vista noutros casos.

O lar ô lareira, do lat. *lar* 'fogar'. Semella que as voces galegas *lar* e *lareira* están empregadas cun certo grao de afinidade semántica ou, mesmamente como sinónimas, no canto da correspondente castelá.

Un caso de sinonimia perfecta documéntao Machado en 1485 no *Dicionário...*, s.v. *lar:* "item hua caldeira sobre do lar".

A *lareira* como 'fogón de cocina' aparece tamén no vocabulario do XIX editado por Pensado (54).

Peluqui, derivado de *perruca* que ten unha orixe incerta. Probablemente do fr. ant. *perruquet* 'loro' que era o alcume que se lles daba ós funcionarios de xustiza por levaren sempre grandes perrucas. Corominas cre que o penacho de plumas e a locuacidade servirían de base para establecer unha semellanza entre os propios funcionarios e o loro ou *perruquet.*

Para a forma en *-i* podemos pensar nunha nivelación semellante á de *comín /comí, xabarín /jabalí, peluquín /*peluquí* (55).

---

(49) R.A.E., *op. cit.* s.v.

(50) Corominas, J., *op.cit.* s.v.

(51) Para outras variantes con indicación de fontes, cf. *op. cit.* s.v. *milano*, p. 147, e s.v. *pájaro*, a denominación *miñato*, p. 279.

(52) Machado, J.P., *op. cit.* s.v.

(53) Sarmiento, M., *Catálogo...*, p. 341.

(54) Pensado, X.L., "Un vocabulario...", s.v. *lareira*, p. 283.

(55) Cf. s.v. *bioli.*

Pendolario, do lat. *pennula* < *penna* 'pluma'. Aínda que ámbalas dúas voces son hoxe en día moi pouco usadas (56), o anónimo corrector inclínase pola forma derivada co sufixo de orixe grega *-ista,* no canto do lat. *-ario.*

Peaña, do lat. **pedanea* 'pe'. Sorprende de novo o galeguismo substitutorio da forma castelá, quizais por descoñecemento do correspondente naquela lingua.

Peximo, de *pessimus,* superlativo latino de *malus.* É esta unha forma ultracorrecta (peksimo) por (pesimo) emendada polo bo oído do vocabulista.

Porque breve, corrixe aquí un trazo típico galego que consiste no desprazamento da maior intensidade da segunda á primeira sílaba. Dado que xeralmente a maior intensidade vai acompañada dunha duración máis longa, en galego a vocal da sílaba *por* realízase con duración maior cá da sílaba *que,* xustamente o contrario do que ocorre no castelán. O que o autor pretende salientar é, xa que logo a duración relativa breve da sílaba *que* en galego fronte á duración relativa longa desta sílaba no castelán.

Peneira, do lat. *panaria < *pane.* A orixe e evolución desta palabra coméntaa Sarmiento deste xeito: "*Peneira.* Es el cedazo para la harina. Acaso de *panarium,* cesto de *pan* y de *panaria peneira* es lo más obvio. Acaso de *pollis* o *pollen, inis,* la flor de la harina, y hay latín *pollinarium cribum* en español el cedazo. Así vendrá peneira de *pollinaria* (como en Galicia *joeira* de *loliaria,* que es un *cribo* para separar el *joyo* o *lolio*), *pollinaria, polinaria,* y perdida la L *poinaria, poenaria, penaria* y peneira" (57).

O mesmo autor rexistra diferentes denominacións segundo os usos específicos: "barruto, hacia Rianxo la *peneira.* En Vivero se llama *brotél*; pero no es *peneyra* primera para el olio del trigo, esa es *sedazo,* sino para el pan segundo de trigo que llaman de *ximon,* en Santiago de *picón* y en Tuy de relón" (58).

Na equivalente castelá parece lerse *sedazo* que é unha forma do cast. ant., dialectal. Aparece nun inventario aragonés de 1379 e desde o século XV é xa *cedazo.* Por *zedazo* (sic) traduce tamén o anónimo autor do Vocabulario do XIX editado por Pensado (59).

Poenxos, do lat. *pulegium.* É esta a voz rexistrada no diccionario de F.J. Rodríguez, segundo Pensado introducida por A. de la Iglesia, xunto con *poleo,* que é a equivalente castelá (60).

(56) Cf. Moliner, M., *op. cit.* s.v.
(57) Sarmiento, M., *Catálogo...,* p. 333.
(58) Sarmiento, M., *Catálogo...,* p. 110.
(59) Pensado, X.L., *op. cit.* s.v., p. 284.
(60) Pensado, X.L., *Contribución...,* pp. 308-309.

Para García de Diego na forma *poenxo* desenvolveuse unha consoante nasal orixinada pola perda do *-l-*, semellante á desenvolvida pola perda de *-n-* intervocálico. (cf. *gando, monllo, unlla,* etc.) (61).

O *Diccionario da lingua galega* rexistra como única correcta a voz sen consoante nasal *poexo* (62).

Pereira, do lat. *pirum* + *-aria.* Segundo A. Veiga "En 1158 Sobrado (Pardo Ferín, II-139) tenemos la forma que sirve de base a todas las demás; en este documento leemos "usque in *pirarium*" (63).

Prigel, do prov. *peresilh* < lat. *petroselinum* < gr. *petroselinom.* Ultracorrección da forma *prixel* que é a propia da zona á que pertence o manuscrito. O *Glosario de voces galegas hoxe* rexistra trece variantes (formas sincopadas, plenas, alternacia e/i, etc...) o que evidencia o grande polimorfismo desta voz (64).

Perexil e *pirixel* son as que dá como sinónimas e estándar o *Diccionario da lingua galega.*

Pechadura, de *pecho* < lat. v. **pesclu* < lat. *pessulu* 'ferrollo'. Para o paso de *p-* > *f-* hai que pensar no influxo de *ferro.*

Pechadura e *fechadura,* derivadas de *pecho e fecho* respectivamente, son sinónimos de *cerradura;* a primeira, é con moita diferencia, a variante máis estendida. *A forma cerradura* deriv. de *cerrar* < lat. tardío *serare,* de *sera 'cerrollo'* por confusión con *serra* e *serrare.* A mudanza de *s* para *c,* explícaa R. Lorenzo por confusión con *cercar* (65).

Pechar, de *pecho* < lat. **pesclu* < *pessulu* 'ferrollo' (66). O equivalente castelán *cerar* debe ser un lapsus do corrector.

Punta de la Baina, a voz *contera* 'peza de metal que se pon no extremo oposto ó puño de certos obxectos coma o bastón, paraugas, quitasol, vaíña da espada e outros', resultaría descoñecida no rexistro lingüístico dos educandos que recurrirían á expresión máis coloquial *punta de la vaina.* Nótese unha vez máis a ortografía do *b.*

Quitar ô sacar, estes dous verbos teñen unha orixe discutida sobre a que non se dan posto de acordo os etimoloxistas. Ámbolos dous comparten tamén unha historia semántica semellante: son termos da linguaxe xurídica que pasaron a funcionar como vocábulos fundamentais do idioma, sendo en moitos contextos sinónimos perfectos.

(61) García de Diego, *Elementos...*, p. 81.
(62) RAG e ILGA, *op. cit.* s.v.
(63) Veiga. A., *op. cit.* p. 95.
(64) García, C., *op. cit.* s.v. perexil.
(65) Lorenzo, R., *op. cit.* s.v. *çerrar.*
(66) Para as formas *pechar, fechar, cerrar,* cf. s.v. *pechadura.*

Podería pensarse para *quitar* nunha base *quietare* ou no adxectivo *quito* (cf. francés *quitter, quitte,* gal.-port. *quite* e *quito* e galego *libracións, libras, gurrias e quitas*) a pesar de presentar problemas morfolóxicos e fonéticos.

Para *sacar* suponse tamén un étimo *saccus e* Corominas dá o gótico *sakan* 'preitear'.

Habería que lles engadir a estes un terceiro sinónimo *tirar,* rexistrado como tal polo anónimo autor do xa citado Vocabulario do XIX editado por Pensado.

É interesante para este caso a detallada análise que García fai dos usos e valores de *quitar, sacar* e *tirar* en galego e en portugués, medievais e modernos (67).

Me Quebro, do lat. *crepare* 'romper, facer anacos', que dá como resultado as dúas variantes correctas: con metátese do *r, quebrar* e sen metátese, *crebar.* Segundo R. Lorenzo *quebrar* aparece documentada desde o século XIII.

A forma do texto é unha ultracorrección por *me quiebro* semellante ás vistas noutros casos. Máis ca na correspondencia castelán hai que pensar nun intento por parte do corrector de exemplificación do paradigma verbal, de aí o cambio do pronome. *Crebarse* coa acepción de 'herniarse' ten moitas máis documentacións cá forma non metatizada.

Rompidos, de *romper* < lat. *rumpere.* Participio regular de romper que ten tamén o regular *roto.* Semella que o regular era e é o máis empregado (68).

Unolor que resciende, do lat. **rescendere* < *scandere.* Ultracorrección pola forma correcta *recende.* O arcaísmo gráfico *sc* que nalgúns escritores funciona como hipercaracterizador fronte ó castelán, é segundo o testemuño de Sarmiento, o normal neste verbo: "*Rescender.* Oler pasivo, v.g.: esta sala *cheira* (o huele) que *rescende,* y en Castilla que *trasciende,* esto es, que huele mucho" (69).

Sorprende a forma de grafa-lo determinante e mailo artigo sobre o que, segundo se deduce do texto, debeu te-las súas dúbidas.

Modo señorible, derivado de *señor* < lat. *seniorem,* comparativo de *senex* 'ancián'. Adxectivo analóxico dos derivados en *-ible: invisible, audible,* etc. que debe ser substituído por *señoril* ou *señorial.*

Sobreira, do lat. **suberarium* < *suber.* En latín os adxectivos referidos a nomes de árbores serviron con frecuencia para nomea-las propias árbores: lat. *castaneo* > gal. *castaño.* Do lat. *corticeus* témo-los outros dous sinónimos *corticeira* e *corticeiro.* O equivalente castelán para *sobreira* é *alcornoque,* non *encina,* o que reflecte unha posible confusión, ben xeneralizada, ben do propio corrector.

(67) García, C., *Cousas da lingua,* A Coruña, 1990, pp. 253-261.
(68) Cf. s.v. *freidos.*
(69) Sarmiento, M., *Catálogo...* p. 332.

Sacha, de *sachar* < *lat. sarculare.* Este apeiro de labranza, de forma, tamaño, usos e denominacións diferentes dependendo dos lugares, ten moitas menos documentacións có seu correspondente masculino *sacho* <lat. *sarculum.*

Tesu, do fr. *tissu,* de *tisser* < lat. *texere* 'tecer'. Esta forma é un vulgarismo debido á vacilación vocálica dentro da serie palatal.

J.P. Machado dá o 1813 como primeira documentación en Morais.

La testiga, castelanismo que desprazou ó correcto galego *testemuña* <lat. *testimonium,* que é a persoa que dá *testemuño* dun determinado feito (70).

Documenta o anónimo autor un novo caso de vacilación xenérica. Como ó primeiro só desempeñaban este oficio persoas do xénero masculino, os nomes que as designaban acostumaban ser masculinos, pero ó pasaren a desempeñar esta función tamén as persoas de xénero feminino, empezou a haber disociación. Esta forma presenta unha dobre hipercaracterización: o xénero do determinante e mailo morfema *-a.*

Trigieño, adxectivo derivado probablemente do lat. *tridicum,* documentado no século XV. De *tridicum* > *triigo* > *trigo.* A correcta galega é *trigueiro;* a do texto é unha forma ultracorrecta *por trigueño,* evidente castelanismo. Dada a frecuente vacilación do calígrafo non nos atrevemos a afirmar que estamos ante un caso de *gheada,* por outra banda posible xa que é esta a realización fonética habitual da oclusiva velar sonora correspondente a esta zona.

Vivieza, do lat. *vivus-a-um.* Ultracorrección por viveza (71).

Veis aquí, Considera o anónimo corrector "error gallego" o emprego de *veis aquí* no canto de *he aquí,* quizais por cruce co adverbio mostrativo anafórico **eis* < lat. *ecce* ou *ex,* segundo diferentes autores. En correcto galego debe ser *velaí.*

6. CONCLUSION

De todo o visto, e a pesar dos poucos datos dos que dispomos, non sería excesivamente aventurado tira-la conclusión de que nos atopamos ante unha especie de "Appendix Probi" que intenta discriminar fenómenos producidos por dúas linguas en contacto.

Estas dúas linguas interferidas son por unha banda a galega, lingua na que están instalados os educandos, e doutra unha segunda, a castelá da cal semellan ter unha competencia lingüística escasa, pero abonda para produci-los estragos que acabamos de ver. Este descoñecemento maniféstase pola introducción no nivel léxico da lingua de aprendizaxe dos vocábulos máis xenuinamente galegos re-

(70) Para o polimorfismo medieval e evolución fonética, cf. Lorenzo, R., *op.cit.* s.v. *testemoya.*
(71) Cf. s.v. *correspondiencia.*

feridos ó campo material máis inmediato: *cerdeira, sobreira, maceira, fento, fiollo ou fiuncho, machado, sacha, fouce, eixola, peneira, gramalleira* etc...

Outro tipo de interferencias refléctese no elevado número de formas ultracorrectas por mor do castelán: *ameijas, gesta, furruje, conferiencia...;* nos calcos do galego: *cana de hueso, cabo de cuchillo, fui ver, hai tiempo,* etc.

Refléctense, asemade, os vicios propios da lingua oral (posiblemente sobre a que estea a corrixir) como son as formas protéticas *arruído*, a metátese *catredal*, as vacilacións vocálicas *feligrana, tesu,* e mesmo ese hipotético trazo fonético apuntado en *trigieño.*

Algunhas veces, o anónimo corrector discrimina erradamente e aponlle ó galego o que é do castelán: *fritidos, haiga, flecos* ou o para nada de noso *dueña y señora.*

Estudios, informacións e ideas sobre o galego entre os séculos XVI, XVII e XVIII

RAMÓN MARIÑO PAZ

Aínda que os estudios sobre o galego realizados nesta época son fundamentalmente cousa do século XVIII e froito sobre todo do labor dos padres Sarmiento e Sobreira, non debemos esquecer, por unha banda, a pequena contribución lexicográfica do bacharel Olea no século XVI nin, pola outra, as informacións subministradas polo Padre Juan Álvarez Sotelo entre o XVII e o XVIII e maila evidencia de que durante todo o setecentos houbo unha certa tradición lexicográfica galega que non sostiveron unicamente os dous famosos frades bieitos. Haberá que lembrar, primeiramente, a tertulia compostelana mencionada por Sobreira na súa *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, tertulia que, polo que parece, debeu de debater sobre certos temas relativos ó noso idioma (1). En segundo lugar, témonos que referir ó Vocabulario de Losada que Sobreira cita nunha carta que lle escribiu a Cornide o 31 de agosto de 1791: "A la despedida estuve con la Sra. Dª Rosa Freyre a quien dixe que mi criado quedaba con orden de entregar el Vocabulario de Losada siempre que V.md. lo quisiese" (2). Quizais este Losada sexa "el señor D. Francisco Losada, abad de Rouzós y señor de *San Cibrao* y *Vacarizas do Cabo* por su solariega casa de *San Ciprián*" (3). Outras referencias complementarias extraídas das *Papeletas de un diccionario gallego* (4) veñen a confirma-la existencia deste vocabulario. Alí, baixo as voces ABESPA, ABESPEYRO, ABRUÑO (3ª entrada), AGÁS, AGOYRAR (6ª entrada), ALBRIZARAS e ALCUZARA, encontrámo-lo nome de Losada como autoridade que pode avala-la voz e maila acepción consignadas. Entre as mesmas *Papeletas* hai ademais outra modestísima obra, en realidade unha simple nota lexicográfica sobre as *Aves de Amandi*, debida a un probable colaborador de Sobreira: Frei Tomás Guitián (5).

(1) Cfr. Fr. J. Sobreira, *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, en J. L. Pensado, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Galaxia, Vigo, 1974, p. 188, parágr. 5: "A estos errores se sigue otro muy pernicioso, y tal es el pensamiento de que no es asequible lo que otros no han podido conseguir, o por falta de perseverancia, como se experimentó en una tertulia, a este fin congregada en la ciudad de Santiago; o por sobra de ocupaciones, como sucedió al mencionado *Sarmiento*...".

(2) En J. L. Pensado, *Cartas del Padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide*, Edicións do Castro, Sada - A Coruña, 1983, p. 113.

(3) Fr. J. Sobreira, *Idea*..., p. 212, parágr. 73.

(4) Fr. J. Sobreira, *Papeletas de un diccionario gallego*, Edición y estudio crítico por J. L. Pensado, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Ourense, 1979.

(5) Cfr. Fr. J. Sobreira, *Papeletas*..., pp. 480-481.

A don Josef Cornide, outro cultivador dezaoitesco da lexicografía galega, debeu o Padre Sobreira a noticia da existencia doutra obra sobre a nosa lingua que tampouco hoxe conservamos. Trátase de "una Disertación sobre el Origen de la Lengua Gallega, escrita con mucha erudición por el gallego D. Josef Labrada, vecino de La Coruña" (6). E a don Manuel Murguía debemos todos a información de que Sobreira coñecía tamén un suposto vocabulario do franciscano Padre Rodríguez, natural de Noia, e mais un *Dicccionario de la Lengua Gallega* realizado por un médico chamado Lobariñas. E, no mesmo lugar, o propio Murguía contaba que el oíra dicir que o dominicano Padre Gregorio, de Santiago de Compostela, escribira un *Diccionario de la Lengua Gallega* que, se existiu, repousa hoxe esquecido en calquera biblioteca antiga, se é que non está xa definitivamente perdido para a nosa lexicografía (7). Estas tres obras, en realidade, non pasan polo de agora de ser simples pantasmas. Segundo José Luis Pensado, máximo coñecedor da obra de Sobreira, non se atopa entre os papeis de frade bieito ningunha alusión ós vocabularios que cita Murguía, polo que non se pode certifica-la súa existencia. Para os comentarios que don Manuel *oíu* sobre a obra do Padre Gregorio non hai, por suposto, verificación posible (8).

Así e todo, está claro que alomenos durante o século XVIII existiu unha certa tradición de estudios lexicográficos sobre o galego, así como que houbo algúns círculos de eruditos que discutían e intercambiaban os seus saberes verbo do tema. Creo que as obras que na actualidade coñecemos (o antecedente de Olea e mailo aportado por Sarmiento, Sobreira e Cornide) non deberon de se-las únicas que daquela se escribiron. Baste con pensar neses vocabularios que citan Sobreira e Murguía, quizais pantasmas ou quizais perdidos, mais en todo caso descoñecidos hoxe para nós.

Con todo, temos que admitir que os estudios sobre o galego feitos naquela época son realmente escasos. Como o Padre Sarmiento indicaba na súa carta a Terreros acerca da orixe da nosa lingua, sobre os intelectuais daquel tempo pesaba moito o prexuízo diglósico:

> "Los gallegos que salen fuera del reino están en la posesión de hacer especial estudio de olvidar su lengua, y los que siempre viven y han vivido <en el> jamás han pensado en eso. De ahí viene el que hasta ahora no he visto una hoja siquiera en que se trate del idioma gallego, ni menos un pequeno diccionarillo de sus voces" (9).

Sarmiento, non me cabe dúbida ó respecto, acometeu as súas investigacións sobre a lingua galega convencido de que estaba sendo un auténtico pioneiro.

(6) Fr. J. Sobreira, *Idea...*, p. 198, parágr. 35.

(7) Cfr. Fr. M. Sarmiento, *Estudio sobre el Origen y Formación de la Lengua Gallega*, Editorial Nova, Buenos Aires, 1943, pp. 147-148.

(8) Cfr. J. L. Pensado, "Realidad y fantasía en torno a nuestros primeros diccionarios", en *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985, pp. 11-13.

(9) Fr. M. Sarmiento, *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española*, en J. L. Pensado, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Galaxia, Vigo, 1974, p. 27.

O VOCABULARIO DO BACHAREL OLEA

Volvamos agora ó seculo XVI. Ó redor de 1536 escribe o bacharel Olea o que tal vez sexa o primeiro estudio sobre o galego que se coñece, anterior en moitos anos ós traballos de Sarmiento (10). Como se sabe, trátase dun vocabulario manuscrito nas follas en branco dun *Ptolomeo* que se publicou en Lyon en 1535, hoxe custodiado na Biblioteca Provincial de Lugo (sign. 3.859).

O bacharel Olea non era galego. Nacera en Villalpando en 1482 e, logo de estudiar Cánones en Salamanca, trasladouse a Galicia para servir na casa de Altamira. Posteriormente pasou á casa de Lemos, na que traballaría como preceptor dos fillos e, ademais, como bibliotecario ou arquiveiro. Nos espacios en branco dun *Ptolomeo* da biblioteca dos condes copiou Olea datos históricos, sucesos memorables e un breve vocabulario galego-castelán composto por palabras recollidas na comarca de Lemos. A obriña semella inacabada, pois termina bruscamente na voz *Ostilla*. Contra o final do século XVI ou nos inicios do XVII unha man diferente fíxolle unhas poucas adicións e correccións. O feito de estaren escritas en latín fai pensar ó profesor Filgueira que o seu autor debeu de ser un monxe, seguramente de San Vicente do Pino, a onde pasaron algúns dos libros da biblioteca condal de Lemos.

¿Con que intención escribiu este vocabulario bilingüe o bacharel Olea? Filgueira Valverde baralla, fundamentalmente, a tese da curiosidade erudita. Olea sería así un "forastero curioso" (11) e a súa obra revelaría "no sólo curiosidad, sino acierto para escoger voces muy características" (12). Pola miña parte engado que nos cómpre ter en conta que a meirande parte das palabras recollidas no glosario son termos labregos que presentan unha forma ben diferente da correspondente castelá. Trátase, en fin, de "bocablos gallegos escuros", como di o propio bacharel ó introduci-lo vocabulario. Non se pode desbotar, por conseguinte, a hipótese de que na súa composición tivese tamén algo que ve-lo desexo de contar cun instrumento práctico que lle facilitase a este home de Villalpando a comunicación cos labregos de Lemos ou, en xeral, coa xente galego-falante.

LENGUAJE DE GALICIA, POLO PADRE JUAN ALVAREZ SOTELO

O xesuíta Juan Álvarez Sotelo (1648-1712), natural do lugar de Perrelos, pertencente ó concello ourensán de Sarreaus, foi autor dunha inédita e esquecida *Historia General del Reyno de Galicia* que hoxe se custodia na Real Academia da Historia. Baixo o título de *Lenguaje de Galicia* contiña esta obra unhas poucas observacións sobre o galego que agora cómpre rescatar. En primeiro lugar, sinalaba Sotelo as orixes gregas e latinas da nosa lingua, anque, coma tantos eruditos posteriores a el, poñía o acento sobre a suposta compoñente grega:

(10) Cfr. J. Filgueira Valverde, "El primer vocabulario gallego y su colector, el bachiller Olea (c. 1536)", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo VIII (1947), pp. 591-608.

(11) *Id.*, p. 592.

(12) *Id.*, p. 603.

"La lengua gallega [...] compónese de la griega y latina. Tiene de aquella, muchísimos vocablos [...] y los mas de los nombres de montes, valles, rios, ciudades arruinadas cuyos suelos conservan el nombre, castillos y casas solariegas antiquísimas; muchos helenismos, innumerables diptongos, sinalefas, sinéresis y síncopes; y los artículos añadidos á los nombres con sus dialectos. Tiene de esta innumerables vocablos corruptos unos, y otros puros latinos" (13).

Pouco despois escribía que a xeneralidade dos nobres de Galicia estaba xa instalada no castelán, mentres que o galego se ía consagrando como lingua rural e ágrafa e en certos sectores sociais se consolidaba o castrapo:

"No se halla pura [a lingua galega] sinó entre los plebeyos que nunca salieron del ámbito de su aldea, ni leyeron libros españoles, por que los nobles hablan la castellana como predominante en España y los que salieron de Galicia, ó saben leer, mezclan vocablos castellanos y estragan la pronunciación gallega".

"Como no se imprimen libros en ella, por que los escritores españoles de todas las naciones que componen esta monarquía escriben en la castellana, no tiene el curioso por donde hacer perfecto concepto de ella" (14).

Tamén se pronuncia, anque con moita brevidade, sobre as relacións entre galego e portugués. En vista de que non existen libros escritos no idioma de Galicia, o Padre Álvarez Sotelo recoméndalles ós interesados que se acheguen a el a través do portugués, pero "quitándole aquella afectación hinchada con que pronuncian los lusitanos, por que la lengua portuguesa es la misma gallega llevada á la Lusitania por los gallegos que expelidos con sus armas de aquel reino los árabes, le poblaron é introdujeron la suya" (15). Sotelo, pois, concordaba co común parecer dos especialistas actuais, que entenden que o portugués deriva fundamentalmente da lingua levada cara ó sur polos galegos vindos do norte para repoboaren as terras gañadas ós árabes na Reconquista. Mais, ó tempo, parecía atopar xa certas diferencias entre ámbolos idiomas. Esas diferencias residirían para el no plano fónico, no que tal vez fenómenos como a presencia en portugués de vocais nasais ou sibilantes sonoras (xa perdidas en galego) lle farían notar esa "afectación hinchada" con que ó seu entender pronunciaban os veciños do sur a súa lingua.

As relacións entre galego e portugués aguilloaron tamén o interese dos eruditos do século XVIII.

IDEAS DEZAOITESCAS SOBRE AS RELACIONS ENTRE GALEGO E PORTUGUES

O Padre Feijoo, desde a súa preeminente tribuna ilustrada da nova España borbónica, tivo tamén algunhas palabras para a nosa lingua. Entendía o de Casdemiro que de ningunha maneira se podía xulga-lo galego un subdialecto ou corrupción do castelán, pero ademais engadía que para el o galego e o portugués eran unha e a mesma cousa. Así se expresaba na disertación titulada "Paralelo de las lenguas castellana y francesa":

(13) Cit. en *Galicia. Revista Universal de este Reino*, I, núm. 1, 1 de outubro de 1860, p. 7. O manuscrito da *Historia General del Reyno de Galicia* do Padre Álvarez Sotelo consta de 212 folios e consérvase na Real Academia da Historia (signatura: 25-5-C-100).

(14) *Ibidem.*

(15) *Ibidem.*

"*He dicho por comprehender todos los dialectos de la latina*, porque aunque éstos vulgarmente se reputan no ser más que tres, el español, el italiano y el francés, el padre Kircher, autor desapasionado, añade el lusitano, en que advierto se debe incluir la lengua gallega, como en realidad indistinta de la portuguesa, por ser poquísimas las voces en que discrepan y la pronunciación de las letras en todo semejante, y así se entienden perfectamente los individuos de ambas naciones, sin alguna instrucción antecedente" (16).

Obsérvese que Feijoo situaba a identidade de galego e portugués no plano léxico ("ser poquísimas las voces en que discrepan") e mais no fónico ("la pronunciación de las letras en todo semejante"). Como argumento adicional a prol da súa tese, utilizaba o da intercomprensión entre os individuos de ámbalas nacións ("y así se entienden perfectamente los individuos de ambas naciones, sin alguna instrucción antecedente"). Ora ben, evidentemente non podemos acepta-la intercomprensión como criterio para decidirmos se dúas variedades lingüísticas son ou non son o mesmo idioma, pois isto conduciríanos a conclusións absurdas. Ninguén estaría disposto a afirmar, por exemplo, que posto que é doado chegar ó entendemento mutuo entre os seus falantes, o español e mailo italiano son a mesma lingua. Por outra parte, a afirmación de que daquela existía unha igualdade nos planos fónico e léxico entre o galego e o portugués está feita sen se basear nun mínimo estudio serio e rigoroso dos feitos lingüísticos, polo que non lle podemos conceder máis valor có que lle outorgariamos a unha simple impresión persoal.

Na mesma disertación sobre o paralelo entre o español e mailo francés, Feijoo expresaba a súa opinión de que a unidade lingüística galego-portuguesa se fraguara durante a dominación sueva, que uniu a Galicia e Portugal e separounos dos restantes pobos ibéricos. Ademais, o benedictino entendía que este idioma nacera primeiro en Galicia, daquela "nación dominante", e que só despois se comunicou a Portugal.

Sobre o tema das relacións entre galego e portugués pronunciouse tamén o Padre Sarmiento, a quen teremos que acudir de contino cando queiramos falar da producción sobre o galego realizada nesta época. Este frade, autor de coñecidas afirmacións lusófobas (17), chega no seu amor a Galicia e o seu desdén por Portugal a afirmar que o portugués é un simple "subdialecto" do galego e, coma Feijoo, entende que a orixe do idioma lusitano está en Galicia. "Advierto que *Bluteau* y *Pacheco* usan de vozes *portuguesas* -dinos Sarmiento-, que son *puras gallegas* y *originales*; pues nunca hubo *lengua portuguesa* contradistinta y anterior a la *gallega*, y así sólo es subdialecto de ella" (18). E afirma tamén: "Es innegable que el año de 1090, ni avia *reyno* de *Portugal*, ni lengua *portuguesa*. Entonces sólo avía la *lengua gallega*, que se extendió a Portugal; como la *catalana* a *Valencia*" (19). En xeral Sarmiento percibe o galego e o portugués como dúas modalidades lingüísticas diferenciadas: na súa obra son numerosas as referencias a ámbolos idiomas entendidos como dúas realidades fortemente emparentadas pero tamén distintas.

(16) Fr. B. J. Feijoo y Montenegro, "Paralelo de las lenguas castellana y francesa", en *Teatro crítico universal*, Clásicos Castellanos, Espasa-Calpe, Madrid, 1958, vol. I, pp. 226-227.

(17) Cfr., por exemplo, J. L. Pensado, *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento*, Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, Santiago de Compostela, 1984, pp. 53-54.

(18) *Id.*, p. 84.

(19) *Id.*, p. 63.

Sobreira é outro dos autores nos que podemos recadar opinións verbo deste tema. Contra Feijoo, el si detecta significativas diferencias de pronunciación entre galegos e portugueses. Ademais, está disposto a admitir que existe unha certa comunidade entre ámbalas nacións e idiomas, pero rexeita de plano a idea, daquela nada rara, de que o galego é unha simple corrupción do portugués (20). Por outra parte, nunha carta a Cornide datada en San Estevo de Ribas de Sil o 25 de xullo de 1798, Sobreira ten o acerto de propoñer que se achegue o castelán a esta confrontación de idiomas, xa que tamén el garda importantes relacións de parentesco co galego e mais co portugués (21).

Pola súa banda, Cornide, aínda que de cando en cando emprega a grafía *nh* en vez de *ñ* (en troques, nunca escribe *lh*), parecía percibir tamén o galego e mailo portugués como linguas diferentes anque próximas. Non é raro no seu glosario que se indique se a palabra tratada en cada entrada é galega, portuguesa ou común ós dous idiomas (22). Cornide, sen embargo, non deixou por escrito a súa opinión verbo deste tema.

OS ESTUDIOS GALEGOS DO PADRE SARMIENTO

Frei Martín Sarmiento elaborou a que sen dúbida foi a máis extensa e coherente investigación sobre o galego que se levou a cabo no seu tempo. Claro está que nesta breve exposición resulta de todo punto imposible acometer a fondo a análise da súa obra, pois isto esixiría sen dúbida a redación dun voluminoso volume. Debémenos limitar, pois, a indica-las directrices básicas do seu traballo e a sinala-las súas ideas principais.

Ó meu xuízo, aquilo que dá sentido e que encarreira os estudios sobre o galego do Padre Sarmiento é a súa firme postura persoal ante a prostración social do galego. Na base do seu inxente esforzo investigador non hai só unha mera curiosidade erudita, senón ante todo o convencemento que que era necesario que a lingua galega deixase de estar de xeonllos perante o castelán e ocupase o posto que lle correspondía na escola, na administración, na Igrexa, na sociedade galega. Sarmiento foi, para dicírmolo con palabras de hoxe, o primeiro partidario coñecido da normalización lingüística do galego.

---

(20) Cfr. Fr. J. Sobreira, *Idea...*, p. 197, parágrs. 31 e 32. Escolmo un dos fragmentos máis significativos: "y todo lo miro y miraré como mío, con tal que no quieran persuadirme que mi natural idioma es una corrupción del portugués. Esta especie leí cuando joven en un tomo en octavo de Geografía, escrito en lengua francesa por un tal *La Faite*, que me atolondró entonces con la noticia, y ahora me abochorna con su memoria, por cuanto, ni los hechos de nuestra historia, ni los caracteres de ambos dialectos acreditan esta mentira. Baste, que es muy bastante, el decir que todos somos unos".

(21) "Igualmente podría con facilidad lograr el confronto de aquel idioma con el nuestro, y de ambos con el castellano, y deducir por este medio, no menos que con el auxilio de nuestros Diplomas, a cual de los tres Dialectos se debe la matricidad. Esta confrontación ya se la imaginó el Maestro Feijóo pero dijo poco, aunque propuso gallardamente la idea y plan para decir mucho más que está hirbiendo en mi imaginación" (J. L. Pensado e X. L. Axeitos, *Cartas de Padre Sobreira...*, p. 130).

(22) O glosario de Cornide publicouno Carlos Martínez Barbeito: C. Martínez Barbeito, "Don José Cornide y su «Catálogo de palabras gallegas»", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano LI, tomo XXVII (1956), pp. 291-349. Véxanse especialmente as voces BEBEDO, BUDIOM e EIDO.

Desde esta postura persoal, o frade bieito pronunciouse sobre moi distintas cuestións. Indicarei soamente algunhas.

Orixe e historia do galego (23)

A modernidade da visión lingüística de Sarmiento fúndase no acerto que tivo de desbota-las disparatadas teses da época, que buscaban sempre remotísimas e estrañísimas procedencias ás linguas estudiadas. El sinalou, simple pero certeiramente, que o galego, coma o portugués, o castelán ou o catalán, era fundamentalmente unha derivación do latín enriquecida con diferentes aportacións doutros idiomas. Entre estas achegas complementarias salientaba a dos idiomas xermánicos, ó tempo que negaba radicalmente a concorrencia do elemento árabe. Decatouse tamén dalgunhas das máis elementais regras de evolución fonética do noso idioma, tales como a palatalización en /c/ dos grupos latinos iniciais PL-, KL- e FL-, a perda do -L- e o -N- intervocálicos ou o paso -KT- > -IT- (24). En definitiva, Sarmiento contemplaba o galego como unha lingua románica distinta do portugués e emparentada, por tanto, co castelán, co catalán, co francés ou co italiano. E isto, no seu tempo, resultaba extraordinariamente lúcido e audaz.

Polo que atinxe á súa historia, Sarmiento sabía perfectamente que o galego vivira unha época de normalidade, e mesmo de esplendor, durante a Idade Media, cando era a lingua propia do conxunto da sociedade galega e a que case sempre empregaban a administración e maila Igrexa. Non moitos intelectuais e eruditos do seu tempo poderían dici-lo mesmo. Sobre os motivos da decadencia, este frade foi tamén bastante claro: a causa principal fora, ó seu entender, o descabezamento sufrido polo poder galego a finais do século XV, momento a partir do cal os principais centros de decisión do país comezaron a ser ocupados por unha nobreza foránea que iría instalando o castelán como única lingua oficial.

Ortografía do galego

Coma case que tódolos que naquel tempo concibiron a ilusión de escribir algo en lingua galega e chegaron á tesitura de se poñer a facelo, Sarmiento bateu coa realidade de que a fala que aprendera de rapaz en Pontevedra carecía de normas ortográficas ás que se ater. El sentiu, sen dúbida, a necesidade de establecer unha ortografía para o galego, pois sen ela resultáballe moi difícil redacta-las coplas do poeta Marcos da Portela. O que fixo entón para se guiar foi volve-los ollos ós documentos medievais que levaba consultado, nos que observaba unha apreciable uniformidade ortográfica: "No hay reglas de la *ortografía gallega* -sinalaba nunha ocasión-, si bien la que he observado en los instrumentos es muy constante y arreglada" (25). Para el, era esa a verdadeira ortografía galega, a me-

(23) Cfr. fundamentalmente *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española*, en J. L. Pensado, *Opúsculos...*, pp. 17-41. Ademais, pódense apañar opinións sobre a orixe do galego por toda a súa obra.

(24) Cfr., por exemplo, Fr. M. Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, Edición e introducción de J. L. Pensado, *Acta Salmanticensia*, Salamanca, 1970, pp. 161, 162 e 165.

(25) *Id.*, p. 78.

dieval: "mi asunto ha sido juntar muchas voces gallegas particulares y escribirlas en su *verdadera ortografía*, que observé en varios instrumentos en lengua gallega" (26). Ora ben, á parte da orientación que lle proporcionaba a documentación medieval, Sarmiento buscou tamén apoio noutras bases para fundamenta-la súa ortografía. Segundo o profesor Pensado Tomé, estas bases eran catro (27): o seu coñecemento oral do galego, que fora a súa primeira lingua adquirida; o coñecemento do portugués; o coñecemento do galego medieval; e, finalmente, a súa concepción etimoloxizante da ortografía.

Galego na escola (28)

Aínda que, sen dúbida, o seu desexo de dignifica-lo idioma de Galicia e facer vale-los seus dereitos contribuíu tamén a que Sarmiento formulase esta reivindicación, a súa demanda dun ensino *de* galego e *en* galego fíxoa a miúdo desde criterios de pura conveniencia pedagóxica: el non entendía por que se lles explicaba ós rapaces o latín por medio dunha lingua que descoñecían ou coñecían mal (o castelán), e máis aínda se se tiña en conta que a lingua propia deles era precisamente filla do latín. Sarmiento propuxo que en cada vila galega houbese catedráticos de latín e galego, de xeito que os rapaces aprendesen, a partir dun bo coñecemento da súa mesma lingua, o latín, o castelán, e incluso o francés ou o italiano.

Sobre as súas opinións verbo das relacións entre galego e portugués xa falei anteriormente. Concluirei, pois, lembrando que este frade é o autor dunha voluminosa obra lexicográfica galega, expecialmente nutrida nos apartados do léxico referido á botánica e mais á fauna. Logo da pequena contribución do bacharel Olea, Sarmiento constitúese nun auténtico pioneiro dos estudios lexicográficos sobre o galego. Aínda que a súa obra tardou moito en consegui-la difusión que merecía, el foi, realmente, quen crebou o secular silencio investigador en que desde antano viñera vivindo o noso idioma.

AS APORTACIONS DE SOBREIRA E CORNIDE

Ningunha delas acada o nivel ó que chegou o traballo de Sarmiento, pero no seu tempo supuxeron un esforzo meritorio que non se debe esquecer.

Frei Juan Sobreira foi en case todo un discípulo e seguidor de Sarmiento, anque nunca o quixo recoñecer abertamente. As súas ideas sobre a orixe e historia do galego, expostas na *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, concordan en boa medida coas do seu compañeiro de orde. Coma el, Sobreira estaba convencido de que o galego é fundamentalmente unha derivación do latín arrequentada con palabras doutras procedencias. Así mesmo, desmentiu con rotundidade que o

(26) *Id.*, p. 81.

(27) Cfr. J. L. Pensado, "Estudio preliminar", en Fr. M. Sarmiento, *Colección...*, pp. 44-45.

(28) Cfr., fundamentalmente, J. L. Pensado, *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento*, Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, Santiago de Compostela, 1984.

galego procedese do castelán e, anque medio en broma, chegou a suxerir todo o contrario (29). En todo caso, observaba que, dada a proximidade entre ámbolos idiomas, o coñecemento do galego axudaría a moitos a entende-lo significado de certas palabras do castelán de difícil intelixencia:

> "Lo que redondamente digo es que, en el empeño de buscar un idioma capaz de auxiliar a la genuina inteligencia de las voces castellanas de inteligencia difícil, el gallego es el más propio por más análogo con la lengua castellana, y más llegado a la griega y latina, que son matrices de ambos dialectos" (30).

Sobre a historia do idioma, Sobreira reitera as ideas xa expostas polo seu predecesor. Coma el, sabía que o galego fora lingua "normal", oficial e literaria durante a Idade Media, que había documentación escrita conservada para o demostrar e que, desde os primeiros anos do século XVI, todo isto se perdera por culpa dos "innumerables escribanos venidos de Castilla con ocasión del establecimiento de nuestra Real Audiencia y de los muchos señores que acá se nos metieron cargados de familia castellana" (31). A esta xente vinda de fóra apoñíalle Sobreira o desprezo verquido sobre o idioma de Galicia.

Frei Juan, ademais, levou a cabo unha recolleita de léxico que non chegou a callar nunha obra coherente e acabada. Así e todo, a súa obra lexicográfica, aínda que menos interesante cá de Sarmiento, contén algunhas informacións moi valiosas sobre a lingua da época, e incluso foi aproveitada pola Real Academia Galega para face-lo seu diccionario.

O labor lexicográfico de Cornide é máis modesto có de Sobreira e moitísimo máis có de Sarmiento. Redúcese a un simple *Catálogo de palabras gallegas* (32). Don Josef redactou os seus apuntamentos lexicográficos anos despois da morte de frei Martín e, máis ou menos, polos mesmos anos en que traballaba frei Juan. É seguro que coñecía a obra destes dous frades, pero ademais é probable que tivese noticia da doutros galegos xa mencionados aquí que daquela se interesaron tamén pola lexicografía: os padres Rodríguez e Gregorio, o economista Labrada, o médico Lobariñas, etc. Así mesmo, Cornide acudiu ó *Vocabulario portugués-latino* (33) do Padre Rafael Bluteau. En definitiva, Cornide alternou no seu *Catálogo* o froito da recolleita do léxico vivo coa pescuda en fontes escritas, tanto en documentos legais coma en diversas obras lexicográficas. As zonas galegas que mellor coñecía, e das que seguramente máis léxico tirou, foron o centro e norte de Lugo, as terras de Parga, as Mariñas de Betanzos, as rías altas e baixas, o Cebreiro e mailo Padornelo.

(29) "Del griego nació el latín y de éste se derivó el gallego, como acreditará el diccionario de sus voces; y aunque me proposara a decir que del gallego nació el castellano, no sería tanta herejía, que no tuviese justificación en los ejemplares propuestos desde el número 12. Pero sería cisma literario o a lo menos nacional, que mi poca autoridad debe excusar en cuanto pueda" (Fr. J. Sobreira, *Idea...*, p. 204, parágr. 54).

(30) *Id.*, pp. 204-205, parágr. 54.

(31) *Id.*, p. 208, parágr. 63.

(32) Cfr. C. Martínez Barbeito, "Don José Cornide y su «Catálogo de palabras gallegas»", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano LI, t. XXVII (1956), pp. 291-349.

(33) R. Bluteau, *Suplemento ao vocabulario portuguez, e latino.* Lisboa Occidental (Na Patriarcal Officina da Musica), Ano de M.DCC.XXVIII.

Un enfoque dos problemas ortográficos da lingua galega

XULIÁN MAURE

Permítaseme participar nesta homaxe a quen foi profesor e mestre de laboriosos filólogos e lingüistas, aínda que me presente, non coa toga da investigación rigurosa que fai adianta-la ciencia, senón máis ben coa funcionalidade do traballo ensaístico que intenta suscita-la reflexión dos científicos, para que no camiñar colectivo da comunidade lingüística galega non teñamos que escoitar aquelo de "bene curris, amice, sed extra viam".

No seu peregrinar ortográfico a lingua galega nunca tivo un medio de transporte tan rápido e eficaz como a presente Lei de Normalización Lingüística. A posibilidade de acadar con tanta rapidez a "meta voante" da normativa ortográfica válida para esta fin de século, parece que resulta incrible para a mesma tripulación do Instituto da Lingua Galega, que con tanto tino e labor constante ven marcándolle o rumbo á nave das nosas verbas. E, como se andase moi a presa, de cando en cando dá pasos cara atrás, como querendo agardar polos que van quedando sen forzas no camiño da nosa renormalización lingüística; e non se percata a xenerosa tripulación do ILG de que os que parecen quedar atrás sen forzas, realmente están ben diante, pero camiñando con tódolos seus folgos noutra dirección.

As liñas que seguen pretenden ser unha pequena reflexión que aporte algunha dose de racionalidade sobre a necesidade de acadar canto antes unha normativa progresista e non regresiva. Esta normativa polo de agora non ten que ser distinta, ou moi distinta, da que hoxe temos como oficial. O que se precisa é ter moi claros os criterios da tendencia ou propensión da lingua galega escrita. Trátase de elaborar un instrumento que facilite a alfabetización na propia lingua a unha comunidade lingüística de tres millóns de galegos, para que poidan acada-los niveis máis altos da cultura do século XXI. Toda a poboación cualificada desta comunidade lingüística deberá ser multilingüe como corresponde ós mesmos estratos nas comunidades lingüísticas europeas, pero sen renunciar á función primordial que a lingua primeira ou materna ten no urdido afectivo, na elaboración do pensamento e na comunicación interpersoal de todo ser humano.

STATUS QUAESTIONIS

A comunidade lingüística galega está vivindo un proceso de renormalización da súa propia lingua. Este proceso toma como punto de partida legal a Lei de Normalización Lingüística do 15 de xuño de 1983. Esta lei estivo precedida por un esforzo colectivo no que se pode destacar desde as campañas «Galego na escola» das asociación culturais ata a elaboración de textos galegos dos grupos pedagóxicos. Neste esforzo colectivo foi insustituible o traballo filolóxico que confluíu na redacción das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* publicadas polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega en 1982 e que hoxe constitúen a base da normativa oficial la lingua galega.

A aceptación xeral destas normas ortográficas, requisito imprescindible para a normalización da lingua escrita, non impide que cada certo tempo poidan ser revisadas en función do proceso de normalización do uso do galego, segundo reza na disposición adicional da citada lei.

Cando se está elaborando unha norma ortográfica, é frecuente que os responsables, normalmente lingüístas e filólogos, sufran distintas presións, sobre todo de campos extralingüísticos, que ó final conseguen desvia-la balanza no sentido da presión máis insistente. Algo disto pódese advertir no traballo lexicográfico do Instituto da Lingua Galega nos últimos dez anos. Tódalas presións recibidas neste centro de traballo lingüístico tenderon a que a balanza se inclinase do lado etimolóxico. Froito desa presión són, por exemplo, as restauracións do grafema <v> en palabras como "avó", "varrer", "vulto"... atendendo ó criterio etimolóxico, como aparece exposto nas *Normas* (pp.11-12), e claramente desenvolto no traballo de X. Rivas Cid aparecido na nova revista *Cadernos de lingua,* 1.

Ante a desviación do camiño máis respetuoso cos dereitos que teñen a totalidade dos galegos a unha igualdade de oportunidades na súa formación cultural -e ninguén pode negar que as dificultades de acceso á lectoescritura pechan o paso a ulteriores procesos formativos- é urxente a revisión do relativo valor que o criterio etimolóxico poida ter para unha normalización da escritura galega. De momento pode ser ambientador recordar a Saussure cando trata no seu *Cours de linguistique général* das causas do desacordo entre a grafía e a pronunciación e termina coas seguintes palabras: "Il y a encore la préoccupation étymologique; elle a été prépondérante à certaines époques, par exemple á la Renaissance. Souvent même c'est une fausse étymologie qui impose une graphie... Mais il importe peu que l'application du principe soit correcte ou non: c'est le principe même de l'ecriture étymologique qui est erroné." (1)

COMPLEXIDADE DOS PROBLEMAS ORTOGRAFICOS

Todo producto social pode ser analizado con máis ou menos profundidade de campo, coa minucia dun obxectivo macro ou coa amplitude panorámica do

(1) Saussure: *Cours de linguistique général.* Paris 1972, 50. Édition critique préparée par Tullio de Mauro.

gran angular. Tamén se pode estudia-lo producto social atendendo ós efectos que produce no consumidor ou descubrindo as relación que garda co poder.

Cómpre intentar unha visión panorámica, e ó mesmo tempo profunda, da nosa situación ortográfica que ameaza con retarda-la normalización da comunicación escrita en Galicia, e con iso perpetuar neste país os hábitos sociais de dependencia resignada e de pasividade ante a vida como proxecto.

A escritura, producto social patrimonio da humanidade en tódalas súas variedades, convertiuse neste século en obxecto dos estudios máis diversos. Desde a xa clásica historia da escritura *A Study of Writing* de Ignace Gelb, ata os últimos estudios dirixidos por Nina Catach recentemente aparecidos en *Pour une Théorie de la Langue Écrite*; desde os traballos baseados en Freud e Lacan, dos que son bo exponente os dous primeiros capítulos de *L'Inconscient et son scribe* de Moustapha Safouan, ata as innovadoras propostas deconstructivas da gramatoloxía de Derrida, pasando polas análises antropolóxicas e sociolóxicas de Jack Goody na súa recente obra *The Logic of Writting the Organization of Society*... son moi variados os puntos de vista e intereses que afectan á natureza mesma do que chamamos escritura.

Outro tipo de estudios como os dos centroeuropeos Th. Gossen e H. Goebl sobre a "scripta" das linguas medievais e a inxente producción bibliográfica actual sobre os problemas ortográficos das linguas de cultura, sobre todo o francés e o inglés, tratan a escritura como mero medio de comunicación gráfica e centran a cuestión fundamental na correspondencia entre a lingua oral e a lingua escrita.

Desde o precursor da pedagoxía, Comenio, foron moitos quen trataron os problemas da aprendizaxe da lectoescritura. Hoxe, cando a alfabetización forma parte das obrigas da administración de tódolos países, hai abundancia de estudios psicolingüísticos adicados ás dificultades xurdidas ante os programas e técnicas tendentes a alfabetizar a toda a poboación infantil. No ámbito ibérico é unha boa aportación a obra colectiva *Lectura y comprensión. Una perspectiva cognoscitiva*, publicada neste mesmo ano por Alianza Editorial.

Por último hai unha serie de obras que tratan da planificación lingüística nas distintas comunidades humanas que viven ou viviron nun ambiente de conflicto lingüístico. Como autor próximo preocupado por este enfoque, e crítico cos abusivos métodos de planificación lingüística, podemos citar a Louis-Jean Calvet, desde o seu pequeno tratado de glotofaxia *Linguistique et colonialisme* de 1974 ata *La guerre des langues et les politiques linguistiques* de 1987.

Non se trata aquí de dar unha referencia exhaustiva da bibliografía sobre a escritura senón máis ben unha idea da complexidade do problema baseada nalgúns dos distintos campos de interese dos recentes estudios sobre o tema.

Da bibliografía que puiden usar, escolmo as reflexións daqueles autores que poden aportar luz á situación actual da escritura na comunidade lingüística galega: un colectivo de case tres millóns de galego falantes, que viven neste final de século baixo a organización político administrativa chamada Comunidade Autónoma Galega.

Aínda admitindo excepcións particulares podemos descubrir algúns universais na historia da escritura que resulten de utilidade á hora de decidi-lo futuro da ortografía galega.

As primeiras formas de escritura, clasificadas como ideográficas, estiveron relacionadas co poder dos templos de Sumer ou cos palacios de Exipto, e conduciron sempre ó xurdimento de especialistas instruídos na escritura, que non participaban nos procesos productivos primarios, pero esixían unha parte importante na redistribución do producto. A escritura alfabética non necesita a creación dunha clase de escribas neste sentido. Sempre houbo grupos beneficiados pola existencia dun sistema ortográfico ideográfico ou con características ideográficas (2).

A escritura alfabética é o final dunha longa evolución, e foron os gregos os primeiros en acadar unha perfecta correspondencia entre a linguaxe oral e a súa representación escrita (3). Baseouse no que hoxe se chama a segunda articulación. A sonidos da mesma clase (fonemas) correspondíanlles letras da mesma clase (grafemas), de xeito que o alfabeto tiña tantos grafemas como fonemas tiña a lingua (4). "Il importe peu que les Grecs aient adopté le système graphique des Phéniciens avec quelques variations formelles; ce qui compte, c'est que la langue grecque était d'une structure très éloignée de celle des langues sémitiques, mais que les Grecs surent adapter l'instrument allogène à leurs propres besoins, et qu'ils profitèrent des graphèmes correspondant á des consonnes inexistantes en grec pour représenter leurs voyelles. En outre, ils développèrent au maximum le principe phonologique de notation de la langue..." (5). Este principio de biunivocidade fonológica tamén presidiu a elaboración do primeiro alfabeto gótico feita polo bispo Ulfilas (311-384); buscou para cada sonido da súa lingua unha representación gráfica axustada, partindo dos caracteres gregos e completando quizais con préstamos rúnicos (6). O valor social do sistema alfabético ven resumido polas seguintes palabras: "A escrita alfabética corresponde a uma passagem política do sagrado ao profano, do secreto ao público, da seita à comunidade. A sua relativa facilidade de traçado e de decifraçao favorece essa democratizaçao do signo escrito. O alfabeto oferece-se como uma escrita sem mistérios" (7).

(2) V. G. Childe: *Los orígenes de la civilización*, México 1954, pp. 219-23; J. Goody: *La lógica de la escritura y la organización de la sociedad*, Madrid 1990, p. 208.

(3) G. Mounin: *Histoire de la linguistique des origines au XX^e^. siècle.* Paris 1967. Citado pola tradución castelá de Felisa Marcos *Historia de la lingüística*... Madrid 1968, pp. 91-93.

(4) Como indica M. Cohen: "On doit retenir que ce type perfectionné -entièrement phonographique- est, dans le foyer de civilisation de Proche-Orient, postérieur aux autres, et qu'il se situe en dehors des grands empires autoritaires, dans une région de petits états et de cité commerciales où l'organisation a pu être plus ao moins démocratique". "Écriture et orthographique" en *Études de linguistique appliquée*, 8, p. 63.

(5) Alarcos: "Les représentations graphiques du langage" en A. Martinet: *La Langage*, Paris, p. 544.

(6) Cfr. Mounin: 91-93.

(7) E. Cazade e Ch. Thomas: "Alfabeto" en *Enciclopédia Einaudi*, vol. 11, p. 175. Lisboa 1987.

O sistema alfabético promoveu a comunicación escrita; pero durante moitos anos por razóns económicas e culturais as masas vivían alleas ó mundo das letras ou como moito estaban limitadas ó papel de lectoras e os escritores seguían sendo minorías vinculadas normalmente co poder civil ou eclesiástico.

A invención da imprenta facilita a difusión do texto escrito e promove a alfabetización dun importante número de cidadáns. Cando o nivel de vida e tecnolóxico permite unha alfabetización masiva da sociedade xorde unha nova dificultade. A evolución natural das distintas linguas, chamadas de cultura, foi producindo un desaxuste entre o sistema oral, en lenta transformación constante, e o sistema escrito sempre atado á tradición. Este desfase entre o oral e o escrito, fonte principal das incorreccións escritas, impide realmente unha alfabetización masiva que sexa eficaz. Agora na representación gráfica das linguas cultas o correcto xa non é a perfecta correspondencia entre fonemas e grafemas; o correcto é conseva-la representación establecida tradicionalmente polos escribas ou académicos de cada lingua. Canto maior é a distancia entre o oral e a escrita máis preto estamos da escritura ideográfica e dos seus efectos elitistas.

O PROBLEMA ORTOGRAFICO

O problema ortográfico debe ser resolto segundo as distintas situacións de cada lingua, e afecta fundamentalmente ó campo de traballo dos lingüístas e dos pedagogos, e ás decisión dos políticos daquelas nacións con certa tradición culta onde a ortografía está desaxustada do estado actual da lingua. En tódalas reformas ortográficas houbo sempre tensións entre as tendencias conservadoras, defensoras dunha grafía etimolóxica e arcaica, e as tendencias progresistas, que buscan unha mellor correspondencia entre a escritura e a lingua evolucionada.

A mellor razón dos etimoloxistas está en que nunha escrita arcaica se recoñecen, ou es esconden, sen favoritismos as distintas variedades ou dialectos dunha lingua, ou as distintas linguas xurdidas do mesmo cerne. Así no árabe coránico poden comunicarse as distintas comunidades árabes, aínda que soamente poidan facelo os membros que acadaran un alto nivel de cultura (8). Os defensores dunha ortografía periódicamente reformada fixan a súa atención na necesidade dunha alfabetización masiva e efectiva da comunidade lingüística. Para un mellor coñecimento dos argumentos que se opoñen a toda reforma ortográfica consúltese a obra de J. Guión *L'institution orthographe*. A modo de exemplo da mentalidade etimolóxica pódese cita-la posición dos *Cahiers* de Mézeray encargado pola Academia Francesa para determinar as regras ortográficas da primeira edición do seu

(8) N. Tomiche falando da lingua árabe literaria di que "cette langue est absolument incompréhensible pour un public arabe illettré. Même un lecteur dont le niveau d'études aurait atteint le baccalauréat serait en général incapable de lire une page de journal sans commettre de grossières fautes de grammaire, tant cette langue á l'écriture sténographique... est extérieure à la vie et peu populaire." Tomado de "La situation linguistique en Égypte" en A. Martinet: *La langage*, Paris, 1968, p. 1173.

Dictionaire: "La Compagnie déclare qu'elle désire suivre l'ancienne orthographe qui distingue les gens de lettres d'avec les ignorans et les simples femmes..." (9).

PROPOSTAS DE SOLUCIONS

A psicopedagoxía esixe distinguir na alfabetización dous momentos fundamentais: a aprendizaxe inicial da propia lingua escrita e o posterior estudio doutras ortografías máis distantes no tempo ou no espacio. O fácil e rápido dominio da lectoescritura da primeira lingua permite o acceso a outras ortografías máis complexas. Polo contrario, a alfabetización nunha ortografía pouco fonolóxica produce importantes bolsas de analfabetismo de retroceso.

Baseándose nesta distinción A. Martinet ideou unha escritura fonolóxica provisional para alfabetizar ós escolares franceses, proxecto que recibiu o nome de *Alfonic* (10). De modo paralelo J. Pitman inventou o *Initial Teaching Alphabet (ITA)*, unha escritura reformada para que os nenos ingleses accedan ó dominio da escritura. Este alfabeto inicial tivo que chegar a corenta e catro grafemas fronte ós vintecinco ou trinta que utilizan as linguas occidentais (11).

Estas reformas foron así valoradas polo profesor Mosterín: "Según parece los progresos de los niños son rápidos al principio, pero todo se viene abajo cuando más adelante se ven confrontados con la ortografía tradicional, perdiendo entonces todo el terreno ganado anteriormente con el ITA. Pasa lo mismo que en la China, donde los niños asimilan rápidamenta la escritura alfabética *pinyin* en las escuelas en que se enseñan en el primer año, pero en cuanto se introducen los caracteres logográficos tradicionales, pierden todo el terreno ganado e incluso olvidan el *pinyin* por falta de práctica. La táctica de dorar a los niños la píldora de una escritura absurda y complicada introduciéndolos primero en otra más razonable, para pasar luego a la primera, no parece presentar ninguna ventaja a largo plazo en ninguno de los sitios en que se ha probado. Si la escritura es absurda, lo que hay que hacer es reformarla, y no sólo para los niños sino para todos" (12).

A reforma ortográfica é unha constante en tódolos idiomas con certa tradición escrita. Incluso o inglés e o francés (13), a pesar do seu conservadorismo, pasaron por varias reformas ortográficas e os intentos dunha reforma máis adecuada ó estado actual destas dúas linguas sucédense en busca dunha solución duradeira.

Esta constante, que se atopa na escritura dos distintos idiomas, ten unha variada tipoloxía que fai de cada reforma un caso singular. E normalmente cando se reforma a normativa dunha lingua atendendo á situación doutra que se propón como modelo, conséguense uns resultados insatisfactorios que piden unha nova

(9) Citado por N. Catach: *L'orthographe*, Paris 1978, p. 32.

(10) A. Martinet: "Une graphie phonologique a l'école" en *Études de linguistique appliquée* nº 8, Paris 1972, pp. 27-36.

(11) Cfr. N. Catach: "L'orthographe de l'anglais et l'expérience de l'I.T.A." en *Études de linguistique appliquée* nº 8, Paris 1972, pp. 110-117.

(12) J. Mosterín: *La ortografía fonémica del español.* Madrid 1981, pp. 72-73.

(13) Ver entre outros textos o manifesto en *Le Monde* (5/2/1989), e a sondaxe de opinión publicada en *Lire*, n 162, de marzo de 1989.

reforma. Foi o caso do romanés que en 1860 adopta o alfabeto latino para sustituír ó cirílico. Esta reforma está ligada á creación do reino de Romanía e á constitución dunha lingua común vencellada ás fontes latinas e purificada de todo eslavismo. Pero esta ortografía latina do romanés tivo que ser modificada de novo en 1953, porque a reforma do século pasado fixérase cos criterios tradicionais das linguas latinas. As normas oficiais da nova reforma, que intentan posibilita-la instrucción de tódalas camadas da poboación, fúndanse ante todo no principio da correspondencia fonolóxica (14). Estas dúas reformas ortográficas da lingua romanesa, de considerarmos só os resultados e prescindirmos das grandes diferencias no proceso, concéntranse ou resúmense nunha única reforma levada a cabo no idioma turco en 1928 cando o goberno de Ataturk decide a adopción do alfabeto latino e proscribe o árabe.

Xunto a estas reformas tan radicais, onde se pasa dun sistema de caracteres a outro e onde hai un compoñente político importante, o tipo máis frecuente de reformas ortográfica é moito máis sinxelo. En 1901 actualízase a ortografía alemana extendéndose a Austria e a Suiza. En 1934 decrétase a "nova ortografía" do holandés, adoptada polos flamencos belgas en 1943. O danés reforma a súa ortografía por última vez en 1948 e o ruso, en 1956. Aquí, ó noso lado, o portugués busca durante todo este século, reforma tras reforma -"sem grande êxito", láiase Fernando Cristóvao (15)-, un Acordo Ortográfico que poida servir para tódolos membros do PALOP (Países de lingua oficial portuguesa).

De tódalas reformas ortográficas levadas adiante e dos proxectos presentados últimamente para o inglés e o francés pódense extraer uns factores comúns que indican o camiño e a dirección seguidos, a pesar das diferencias, polas novas ortografías. É patente o predominio do criterio fonolóxico sobre o etimolóxico como se manifesta nos seguintes cambios:

- Supresión de grafemas mudos (romanés, holandés, ruso e portugués).
- Simplificación de xeminadas que non teñen correspondencia oral (portugués, romanés, alemán).
- Tendencia á eliminación dos dígrafos de orixe grega.
- Tendencia a unha mellor integración gráfica dos neoloxismos, cultismos e préstamos doutras linguas.

¿ORTOGRAFIA MULTILINGÜE?

As ortografías propostas en función dun maior número de usuarios resultan sempre limitadas a un uso de minorías elitistas quedando as maiorías de forma-

(14) I. Vilde-Lot: "L'orthographe à l'étranger: Problèmes et réformes" en *Études de linguistique appliquée* nº 8, Paris 1972, pp. 76-82.

(15) Cfr. *Notícias e problemas da pátria da língua*, p. 25. Lisboa 1987[2]. Neste momento (outubro 1990) as distintas delegación en Lisboa dos paises do PALOP acaban de aproba-lo *Anteprojecto de Bases da Ortografia Unificada da Língua Portuguesa (1988)* elaborado pola Academia das Ciências de Lisboa; pero a Comissao Nacional da Língua Portuguesa decidiu, por doce votos a favor e dúas abstencións emitir un parecer desfavorable sobre dito *Anteprojecto*. O informe completo pódese ver en *CNALP Boletim 1989*, Braga 1990, pp. 65-165.

ción elemental privadas dun importante instrumento de expresión. Cando Nada Tomiche trata da lingua árabe literaria recoñece que constitúe "un précieux moyen de communication car la littérature écrite en cette langue est accessible aux lettrés arabes du monde entier" (16).

O latín medieval e o sistema ideográfico chinés serviron, cada un á súa maneira, para uni-las minorías ilustradas de Oriente e Occidente cando a humanidade vivía sumida nun feudalismo mental e económico. Hoxe unha función semellante -salvadas as distancias- está sendo cumprida pola lingua inglesa escrita, mellor coñecida na súa ortografía polas élites da economía e da cultura multinacionais que polos adolescentes irlandeses ou polos ex-marines do Vietnam.

A producción industrial e o consumo masivo tamén afecta á lingua escrita. Os tratamentos informáticos de textos, os sistemas de lectura óptica e a moderna reprografía xunto coa internacionalización progresiva de certos componentes da industria da cultura impoñen a aplicación de criterios económicos que loitan co exceso de redundancia de moitos sistemas gráficos. Como di I. J. Gelb, "cependant l'avenir de l'écriture ne passe plus désormais par la réforme des écritures nationales... Il est trop tard pour prêcher l'évangile de la réforme des ortographes nationales. Ce qu'il faut maintenant, c'est un système d'écriture dont les signes auraient, d'un bout á l'autre du monde, la même valeur phonétique ou à peu près" (17).

Non se trata, pois, de que usémo-los mesmos grafemas o maior número de lectoescritores, por exemplo <nation>, para representar distintas series de fonemas, como /neison/ ou /nasiõ/. Internacionalizar unha ortografía deberá supoñer internacionaliza-los criterios de correspondencia entre grafemas e fonemas, de maneira que calquera lectoescritor poida acceder fácilmente a cifrar e descifrar un texto nas distintas linguas que coñeza. O fonema nasal palatal, por exemplo, que na actualidade existe en galego representado polo grafema <ñ>, represéntase en catalán por <ny>, en francés e en italiano por <gn> e en portugués por <nh>. Internacionaliza-la ortografía deste fonema supoñería acepta-lo mesmo grafema para tódalas linguas que o teñan no seu sistema fonolóxico (18).

PROPOSTAS PARA A ORTOGRAFIA GALEGA

Dadas as circunstancias actuais da lingua galega canto antes se fagan as reformas propostas, que simplifican a ortografía, menos costos sociais suporán. As propostas que están relacionadas cunha refoma da ortografía internacional deberán facerse en función dos calendarios que se poidan establecer entre tódalas linguas implicadas.

(16) N. Tomiche: "La situation linguistique en Égypte" en A. Martinet: *La langage*, Paris, 1968, p. 1173.

(17) Cito segundo a traducción francesa: *Pour une théorie de l'écriture*, p. 269. París 1973[3].

(18) Cfr. J. Mosterín: *La ortografía fonémica del español* Madrid 1981, sobre todo pp. 50-59.

/g/ -- <g>

Na norma oficial o grafema <g> precisa da compaña do grafema <u> cando vai seguido de vocal palatal. Proponse suprimi-lo grafema <u> neste contexto por non corresponder a ningún fonema. Este uso está documentado numerosas veces nos textos medievais galegos, nos que aparece, por exemplo, máis veces "page" cá forma "pague".

<x> -- /ks/, /š/

Nas normas oficiais o grafema <x> corresponde a dúas realidades fonolóxicas da lingua galega: ó palatal fricativo xordo /š/, como en "xa", "xefe", "hoxe"... e ó grupo consonántico /ks/, como en "exame", "sexo"... e na palabra "extranxeiro" aparece o mesmo grafema cos dous valores distintos. A proposta fonolóxica consiste en reservar para o fonema /s/ o grafema <x> e para os outros casos distingui-las dúas situacións seguintes: a tendencia á asimilación de /ks/ > /s/ onde se usaría o grafema <s>, como en "esame", e a conservación dos dous fonemas nun número moi reducido de palabras nos que non se produce a asimilación como no caso de "sexo", que debería escribirse "secso" o "sekso", segundo se solucionase a representación gráfica do fonema /k/.

/b/ -- <b> vs. <v>

Na norma oficial o uso de <b> ou <v> depende fundamentalmente da etimoloxía, e non ten correspondencia ningunha coa realidade fonolóxica do galego. Proposta: suprimir radicalmente o grafema <v>. Desde a Idade Media existíu unha grande vacilación entre estes dous grafemas que representan o único fonema bilabial oclusivo sonoro: "veciño"/"beciño", "aver"/"aber", "livro"/"libro"... Mesmo o primeiro filólogo da lingua galega, o Padre Sarmiento ten frecuentes vacilacións no uso destas letras. Poderíase respeta-la norma tradicional na escrita dos nomes propios: Vigo, Baiona, Vicente, Benito.

/k/ e /θ/

Estes dous fonemas teñen a escrita máis antieconómica do sistema ortográfico oficial da lingua galega. A /k/ poden corresponderlle <c>, <q> + <u> ou <k> en palabras de orixe extranxeira; e a /θ/, <c> ou <z>. Proposta: para o fonema fricativo interdental úsese sempre o grafema <z>, e para o oclusivo velar xordo <k>.

<h>

Este grafema mudo debería desaparecer do uso actual, limitándose a formar parte dos dígrafos <c> + <h> e <n> + <h> que representan a afrida palatal xorda /c/ e a nasal velar /ŋ/. Tamén habería a posibilidade de que quedase vinculado a algunhas exclamacións de pouca entidade gráfica como "ah", "oh", "uh". Queda por resolve-la representación das onomatopeias da risa.

As palabras como "istoria", "abilidade", "inno", "ora" ... perderían o grafema mudo que só se permitiría usar nos nomes propios e en palabras internacionais como "hotel" ou "hangar".

Neste meu discurso, por natureza inacabado e brusco como un torso de Rodin, non se pretende esquence-los valores da tradición cultural, nin perde-la memoria gráfica deste país. Unicamente insistir no lugar secundario que estes valores teñen cando se trata de convertir unha colectividade humana iletrada nunha comunidade lectoescritora. Por riba da comodidade e rutina mental da minoría ilustrada en galego está a capacitación da inmensa maioría dos galegos para que superen a efímera oralidade e acaden a permanente habilidade da lectoescritura, instrumento imprescindible para a reconquista da conciencia colectiva deste finsterre.

Aspectos gráficos e lingüísticos na transcrición do século XVIII duns documentos medievais

Mª CAMINO NOIA CAMPOS

Despois do período medieval, os textos más antigos escritos en galego (exceptuando algunhas composicións festivas en verso dos séculos XVI e XVII) datan do XVIII, século en que Martín Sarmiento recolle e compón as coplas da *Colección de voces y frases gallegas* (1746-1770) (1), aparecen os poemas do Cura de Fruime, o léxico de Juan Sobreira (2) e algúns poemas máis.

Tanto estes escritores como os do século XIX, fundamentalmente os autores dos primeiros textos en lingua galega: José Fernández de Neira *(Proezas de Galicia* de 1810) e Manuel Pardo de Andrade (*Os rogos dun galego* de 1813); e incluso Juan Manuel Pintos (*A gaita gallega*, 1853) e Rosalía Castro en *Cantares Gallegos* (1863), tiveron que resolver, cadaquén segundo o seu criterio, a representación gráfica dos fonémas propios do galego.

Martín Sarmiento, o máis preocupado de todos eles polos estudios lingüísticos e polos problemas do galego, sírvese, unhas veces da etimoloxía e outras da memoria fónica para resolve-la grafitación dos fonemas galegos, explicando en glosario anexo ó texto das coplas o porqué da grafía e do uso de certas formas.

No arquivo da Catedral de Tui existe unha copia escrita no século XVIII duns Protocolos Capitulares da Catedral redactados en galego entre 1328 e finais do século XV. Nestas copias, das que se decoñecen os anos en que foron escritas e a autoría dos copistas, aparecen certas grafías, corrección das medievais, que poden ser de interese para o coñecemento da grafitación do galego. Dos máis de mil documentos copiados no século XVIII, escollín dezaseis correspondentes ás parroquias do Val Miñor redactados polos notarios Pedro Lagea, Nuno Gonçalves e Rui López de Baiona nos séculos XIV e XV.

O analiza-los documentos (3) e as respectivas copias, atopei unha serie de constantes na grafía das transcricións do XVIII. E tendo en conta que esa grande cantidade de copias tivo que ser obra de varios escribáns, lévanme a pensar que, con probabilidade, os copistas se someteron a normas de transcrición. A falta de datos precisos para coñece-lo estado da fala no século dezaoito e a carencia, in-

(1) Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, edición y estudio por J.L. Pensado, Universidad de Salamanca, 1970.

(2) *Papeletas de un diccionario gallego*, edición e estudio crítico por J.L. Pensado, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Ourense 1979.

(3) Uso a transcrición dos documentos medievais feita para este traballo por Xulián Maure Rivas.

cluso no castelán, dunha ampla normativa para os textos escritos nesa lingua, impídeme facer determinadas afirmacións, que soamente se poden plantear como supostos.

I. GRAFIA DE VOCAIS E CONSOANTES

I.1. Representación das sibilantes

O **Ç** aparece nos textos medievais tanto seguido de vocal anterior como posterior, aínda que, é probable que nesta época xa non representara o fonema africado alveolar xordo, senón o fricativo xordo predorsal /s/ (4). Sobre este tipo de sibilantes, Ramón Lorenzo di que "é difícil saber como eran realmente os sonidos primitivos e pode ser certo que fosen alveolares, pero o que non podemos esquecer é que tamén eran dentais. Polo tanto, se non lles queremos chamar simplemente 'africadas/fricativas predorso-dentais', teremos que designalas como "predorso-dento alveolares" (5).

Na transcrición do XVIII o **Ç** pasa a **c** ou **z**, segundo lle siga **i, e** ou **a, o, u**: *Gonçalvo* > *Gonzalvo, Gonçalves* > *Gonzálex* (6), *arçidiago* > *arcidiago, negoçio* > *negozo, audiençia* > *audiencia, graça* > *graza, condiçõ* > *condizon, procuraçõ* > *procurazón, terça* > *terza, çidade* > *cidade, raçoeyro* > *razoeiro, presença* > *presenza, faça* > *faza, Çersido* > *Cersido...* O termo *çeremijs* que aparece nun documento de 1331 transcríbese por *seramís* (que sería o termo con seseo usado no Val Miñor).

O **Z**, que representou o fonema africado alveolar sonoro /ẑ/ nos primeiros séculos do Medieveo, xa no XIV e XV debera perde-lo elemento oclusivo e a sonoridade, confundíndose coa fricativa alveolar /ʂ/ (7). A grafía **Z**, aparece moi escasamente nos documentos medievais consultados, soamente nas palabras *dez, voz, treze, doze, fezo, fezero, fazentes* (as dúas últimas formas pertencen a un documento do século XV). Nas copias do XVIII transcríbense tamén como no caso de **ç**, segundo a grafía moderna, con **z** ou **c**: *dez, voz, trece, doce, fezo, feceron, facentes*,

(4) Así o indican, entre outros, Pensado, *Fragmento de un libro de Tristan*, Cuadernos de Estudios Gallegos, Anexo XIV, Santiago de Compostela, 1962, p. 34; Alvaro Galmés de Fuente, *Las sibilantes en la Romania*, Gredos, Madrid 1962, p. 114; Clarinda de Azevedo Maia, *História do galego-português*, Instituto Nacional de Investigação Científica, Coimbra, 1986, pp. 442-450.

(5) Ramón Lorenzo, "Algunhas consideracións sobre a *Historia do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia", *Verba* 14, 1987, pp. 460-465.

(6) O -s final dos patronímicos pasa sempre a -z, grafía que aparece esporadicamente nalgunhas formas medievais dos documentos consultados (*López, Suárez* ó lado de *Suares*). Clarinda Azevedo di, en cambio, que as formas en -ez e -iz son maioritarias nos documentos galegos estudiados por ela (obra citada, p. 454): *Rodrigues* > *Rodríguez, Miguelles* > *Míguez, Peres* > *Pérez, Suares* > *Suárez*.

(7) "Desde o século XIII, as antigas africadas pré-dorsais por perda do momento oclusivo inicial, tinham começado ja a transformar-se em fricativas sibilantes pré-dorsais. Além disso, como consequência desse processo fonético resultou a confusao de /s/(< /ŝ/) e /ʂ/, uma vez que era relativamente pequena a margem de segurança entre os dois fonemas. Assim o primitivo sistema de sibilantes de quatro fonemas (/ŝ/; /ẑ/; /ʂ/; /ʐ/) tinha começado a evoluir, através da etapa interméia (/s/; /z/; /ʂ/; /ʐ/) para un sistema mais simples, apenas de dois membros, possivelmente pré-dorsais (/s/ e /z/)", Clarinda Azevedo Maia, obra citada, pp. 446-447.

grafía da interdental fricativa /Θ/, fonema das áreas non seseantes do galego, que non corresponde coa zona dialectal á que corresponden os documentos. Hai dous casos nos que o copista do XVIII pasa o **-z** final da escrita medieval a **-s**: *San Fīhs* e *jas* (< *San Fijz* e *jaz/iaz*).

O **S** simple, chamado alto, que se rexistra nos documentos medievais en formas como: *chouso, quiser, quisesen, quiseren, ffaser, ffasere, resio* (tamén rexistrei a forma *rressio), persoas, posisom, posiçõ*, debería representa-la sibilante fricativa ápicoalveolar sonora (ou predorso-dental), diferenciada graficamente da correspondente xorda, que se grafiaba con **s-** simple baixa ou con dobre **ss** alto, tanto en posición intervocálica como inicial (*paressese, nosso, abadessa, susso, podesse, tomasse, ssi, SSalvaterra, pessoa, sseian...*). Pero, posiblemente, na época en que foron escritos os documentos, o **s** simple, como o resto das sibilantes, xa tería perdida a sonoridade, en cambio, como indica Lorenzo (8), é probable que representase unha fricativa predorso-dental distinta da ápico-alveolar, que quizais fose a representada por dobre **ss-/-ss-**.

Tódalas grafías do **s** medieval, a non se-las posibles formas de seseo, están unificadas nas copias do XVIII nun **s** simple.

En varios documentos medievais, aparecen palabras con **-s-** sigmático en posición intervocálica, que poderían ser formas de seseo. E así as debeu interpreta-lo copista do XVIII, que pasa a transcribilas con **-c-** e **-z-**: *paresen, ffasentes, ffesese, visiño, disia, fasia, tresentos, desembre, voses, rasõ, ffaser, ffesese, prasia, juiso...*, transcríbense por *parecen, facentes, fecese, viciño, dicia, facia, trecentos, decembre, voces, razón, facer, fecese, pracían* e *juizo*. As palabras *presença* e *posisom*, grafitadas con **-s-** alta, pasan a *precensa* (cunha metátese respecto á forma actual) e a *posizón* (en dúas ocasións rexistrei a transcrición por *posison*, quizais a causa da confusión co termo "posesión"). A aparición destas grafías nos séculos XIV e XV demostra, unha vez máis, o estado de confusión gráfica das sibilantes primitivas, causada pola evolución do sistema de consoantes que debeu ter lugar a partir do século XIII, que acadou en realizacións de seseo en amplas zonas do territorio galego, entre as que se atopa a comarca do Val Miñor. Os copistas do XVIII, seguindo un criterio unificador, suprimen as grafías de seseo, con algunhas excepcións.

O grupo consonántico arcaico **-sç-**, que aparece nunhas cuantas palabras nos documentos medievais, redúcese a **-c-** nos textos do século XVIII: *nasçimento, perteesçian, paresçia* transcríbese *nacimento, pertecian, parecia.* Pero xa a comezos do século XV ese grupo consonántico debía ter pouca consistencia a xulgar polas variantes gráficas de "*parecer*": *paresen, paresçia* e *pareçia* que rexistran nun documento de 1418. En cambio nas formas *desfalesca, falesca e falescer* o mesmo grupo consérvase sen transformación nas copias do XVIII.

Respecto á grafía das fricativas palatais, nos documentos medievais consultados, soamente rexistrei os grafemas **g, j** e **i**, non atopei ningún **x** representando fonemas palatais: *jaz/ iaz, janeiro, juyo, puge, ffige, geeraas, juntados, jamais, tangemento, tanjuda, Johans, diligente, seiam/ sseia, trager, Fojoos, juyso, jenrro,*

(8) "Algunhas consideracións sobre a *Historia do Galego-Portugués*", artigo citado, pp. 463-465.

ajuda... Estas grafías son respectadas nos textos do XVIII a excepción das cinco últimas palabras, que aparecen transcritas con **x**: *traxer, Foxoo, xenrro* e *axuda*; sen embargo na mesma copia encontrei tamén formas con **j** e **g**. O uso do **x** nas palabras citadas parece claro que non responde á intención de transcribilas etimoloxicamente (*trager* < TRAHERE, a través dunha forma *tragere, *Foxo* < FOVEA, *xenro* < GENERU e *axuda* < ADJUTARE) terían que escribirse con **j** ou **g**. O emprego da grafía **x** ó lado de **j** e **g** debíase á confusión gráfica existente no XVIII, confusión que xa existía nos séculos XIV e XV, ó perderse en galego a sonoridade das fricativas palatais, que se conservou en falas do portugués (9).

A grafía **-i-** das formas medievais *seiam, seia* que se recollen nos textos do século XVIII, posiblemente non representen un fonema fricativo palatal, senón a semivocal [j], utilizado como **i** antehiático. A grafía medieval **-i-** para representa-la palatal fricativa pasa nas copias do XVIII a **j**, e a forma medieval *mea* pasa no dezaoito a *meia*, posiblemente por entendela unha forma analóxica das anteriores.

I.2. Grafía das nasais

O **-m** en posición implosiva das formas medievais *em, com, fim, outorgarom, Panjom, dayam*, así como o til de nasalización das vocais (*fezerõ, condiçõ, tẽẽça, pertẽẽças, doaçõ, capõ*...) transcríbese con **-n**, nas copias do XVIII.

O que resulta máis orixinal é a formación do plural dalgúns destes sustantivos, como *capón, doazón, condizón*, que, correxindo a forma en **-oos**, que é a que aparece con maior frecuencia nos documentos consultados, pasan a **-oes** ou **-oens** na escrita do XVIII. Así os *capõos, doaçõos, condiçõos* convírtense en *capoes* e con maior frecuencia en *capoens* (10), *doazoens e condizoens* (soamente nunha copia do XVIII rexistrei a forma *condizoos*). As formacións de plural en **-oes** con til de nasalidade son frecuentes nos primeiros documentos galegos medievais, cunha clara evolución a partir do latín: **ones** > **-ões** > **-õos**. O plural **-oes** presenta unha vocal nasal (11) formando hiato coa vocal seguinte. O copista do XVIII, corrixe **-õos** (forma maís próxima á fala, que posiblemente xa era **-óns**) por **-oens** conservando a estructura silábica primitiva á vez que representa a nasalidade co **n**, tal como fixera no singular. O topónimo medieval *Camões* pasa tamén a *Camoens* (hoxe *Camos*). E por analoxía con estas formas transcribe o topónimo *Morgadãas* (hoxe *Morgadáns)* por *Morgadaens*, e *frangõos* por *frangoens* (portugués moderno *frango/ frangos* sen nasalidade).

O aspecto máis interesante das copias documentais do XVIII, e o que me animou a presentar este traballo, é a aparición da grafía *unha* para transcribi-lo

(9) Sobre este aspecto pódese consulta-la obra xa citada anteriormente de Clarinda de Azevedo, pp. 470-472.

(10) A forma *capoens* aparece rexistrada nun documento de Santiago por Fr. Atanasio López:"huna octaua de pan medeo millo e medeo çeueyra, et un sanganho, et dous *capoens*", reproducido por J.L. Pensado en *Comentario lingüístico a algunos documentos del Monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives.* Separata do *Boletín de la Real Academia Gallega*, Tomo XXX, nº 351, A Coruña 1970. Nota recollida de Clarinda de Azevedo, *ob. cit.*, p. 491.

(11) Véxase Ramón Lorenzo, "Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ao en portugués", *Homenagem a Joseph M. Piel*, Max Niemeyer Verlag, Tübingen 1988, p. 294.

indefinido feminino medieval *hũa*. É, ademais, un dos casos nos que os copistas non teñen vacilacións. *Unha* é a única forma rexistrada. Este dato permite fixa-la acuñación da grafía galega *unha* no século XVIII (12), forma usada e difundida polos escritores do Rexurdimento xa na segunda metade do século XIX.

No XVIII, Sarmiento, atento investigador da fala galega, intenta transcribi-la realización oral do indefinido coa forma *hum-ha/ humha* (13), explicándoo así: "La voz *hum-a* pide atención. Habia de ser *una* en castellano, pero los gallegos huimos de pronunciar la **N** entre vocales, ni con la antecedente, ni con la subsiguiente. No podemos decir *u-na*, como el castellano, ni *un-a*, por la aspereza de quedar con la boca abierta para la **N**, y volverla a abrir para la **A**, por lo que se habría de escribir *um-a*, y pronunciar no *u-ma* sino *um-a*. En los instrumentos se halla escrito, y bien, *hum-ha*, aspirando las dos vocales casi como *gum-ga*, pero no con **G** sino con **H** muy suave" (14). Parece claro que Sarmiento pretende describi-la velarización do **n** ó falar da suave aspiración do **h**, e trata de representala mediante unha oclusiva velar /g/: [*gum-ga*]. Velarización que para el non se limita á posición implosiva do **-n** senón que tamén afecta ó **a**.

Manuel Rodríguez en 1900 parece querer explica-lo mesmo sonido, afirmando que o **n** e **h** forman unha letra composta con pronuncia semellante ó /g/ suave, e propón a grafía *un-ha* (15).

Nos primeiros textos galegos do XIX o **-n-** velar do indefinido *unha*, represéntase coas formas *ùn-a* (16), *ua* (17), *un-ha* (18).

A transcrición do dígrafo **-nh-** no indefinido feminino *unha* para representa-la nasal velar por parte dos escribáns do XVIII, ven suliña-la personalidade fónica do **-n-** como fonema velar dentro do sistema fonolóxico galego (19). Que os

(12) A forma do indefinido *unha* xa se rexistra na *Historia Gótica de Don Servando*, obispo de Orense, Confesor del Rey Don Rodrigo que se alló en la pérdida de España, un texto supostamente escrito no XVII. Aparte da falsedade do texto, que pretende estar escrito no século XII, o dígrafo **nh** utilízase como representación da nasal velar, e para reproduci-la palatal /ɲ/ como no portugués. Este texto parece ser un falso cronicón escrito no século XVII polos irmáns Fernández Boán, como xa indiquei nun pequeno artigo en 1979 ("Notas sobre Seguino, autoridade citada no diccionario de Rodríguez" *Grial 64*), no que aludía á falsedade da lingua que trata de reproducir, cargada de castelanismos, hiperenxebrismos e formas inventadas. O manuscrito citado, escrito con caligrafía, que, efectivamente, se pode atribuir ó século XVII, é posible que incluso fose escrito en época máis recente.

J.L. Pensado aludiu tamén á falsedade da lingua da *Historia de D. Servando* nun artigo aparecido na *Voz de Galicia*, "Invasiones y evasiones del gallego", que recolle no libro *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, Ed. La Voz de Galicia, A Coruña 1985, pp. 23-36.

(13) Martin Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, edición y estudio por J.L. Pensado, Universidad de Salamanca 1970, pp. 98, 102, 104, 105, 108, 113, 117...

(14) Sarmiento, *ob. cit.*, p. 165.

(15) "Nosotros opinamos que la **n** y la **h** forman una letra compuesta, cuya pronunciación es parecida a la de **g** suave, si bien un tanto gangosa y nasal, la cual se pronuncia uniendo la parte media de la lengua al velo de paladar, haciendo la emisión por las fosas nasales y no por la boca; así *un-ha* es semejante a *u-ga* pronunciada nasalmente", *Crónica Troyana*, edición e estudio de M.R. Rodríguez, A Coruña 1900, p. 18.

(16) José Fernández de Neira, *Proezas de Galicia*, A Coruña 1810, edición facsímil de Carlos Martínez Barbeito da edición de 1893, Bibliófilos Gallegos, Pontevedra 1984.

(17) *Os rogos d'un galego* (de Manuel Pardo de Andrade), Coruña 1813.

(18) *A Gaita Gallega*, (de Xoan Manuel Pintos), Pontevedra 1958 ; Rosalía Castro, *Cantares Gallegos*, Vigo 1963.

(19) R. Carballo Calero na súa *Gramática elemental del gallego común* (Ed. Galaxia, Vigo 1966) foi un dos primeiros gramáticos en darlle ó **-ŋ- velar** a categoría de fonema.

escribáns tiñan conciencia da individualidade do fonema velar /ŋ/ parece confirmalo o feito de que lle asignasen unha grafía propia, diferente á do correspondente masculino *un*. Se da forma medieval *hũu* pasan a *un*, o correspondente feminino podería pasar a *una* e, se esta forma resultaba conflictiva por ser homógrafa da forma verbal "una", poderían escribir *un-a*, refacendo o feminino sobre o masculino, como fixo algúns anos depois Fernández de Neira. Esta transcrición apoiaría a proposta de Amable Veiga sobre a elaboración do indefinido feminino (20). Pero isto non debía se-lo que oían ós falantes galegos, senón unha "aspiración muy suave" das vocais á que se refería Sarmiento, e para reproducir ese sonido desplazan o **h-** inicial ó interior da palabra, co cal indican tamén que o /ŋ/ velar non afecta soamente á vocal precedente senón tamén á seguinte, como indica Porto Dapena (21).

En apoio da tese da existencia da nasal velar en posición prenuclear pódese botar man dos casos de *masana* [masaŋa], *lana* [laŋa], *rana* [raŋa]..., que aparecen nalgúns puntos das falas trasmontanas do norte de Portugal, onde a forma do indefinido feminino tivo a mesma evolución ca no galego [uŋa], afástandose do resto dos dialectos portugueses (22). E en dialectos do norte de Italia (ligures, piamonteses e lombardos) tamén se rexistra a evolución de formas con -N- latino velarizado, en casos como *lün-na*, *caden-na* frente á conservación do /nn/ xeminado latino como alveolar en *anno* (23).

As asimilacións *eno/ ena* que recollen os copistas do XVIII dos documentos medievais, tampouco significa que hai dous séculos non se realizasen na fala as contraccións *no/ na*; simplemente acuñan as transcricións medievais. As formas *eno/ ena* indican que o **-n** en posición final non sempre era velar, e cando lle seguía unha forma do pronome átono *lo, la, los, las*, asimilou o **l-** inicial dos pronomes: *en lo* > *enno* > *eno* > *no;* dándolle a pronuncia alveolar ó **-n**, posición que conserva na época moderna, perdido xa o **l-**. Así *ven o vin* [bénobín], *nin a quero* [nínakéro], *tamen o digo* [taménodígo] frente á velarización que se produce ante pausa cando o **-n** vai seguido de vocal *inon home!* [noŋ ome], *ven un amigo* [beŋuŋamigo]. Cando se trata de artigos, *nin os amigos*, pódense oí-las dúas realizacións do **-n**, velar ou alveolar. E o mesmo pasou cos pronomes *el, ela, esto, outro* que contraeron coa preposición *en*, que perdeu o elemento inicial ó quedar en posición átona: *en el* > *enel* > *nel.*

O sintagma *deũe no faser*, de escasa aparición nos documentos consultados, coa forma do pronome desglosado, indica que o escribán tiña conciencia dun pronome *no*, como forma diferenciada do verbo, a pesar de que apareza con maior frecuencia a forma verbal fusionada co pronome: *outorgano, leuano...* Nas copias do XVIII aparece sempre a forma fusionada *(débeno facer)*.

A grafía medieval da preposición co indefinido *en hũa* e *en hũu* pasan a *en unha*, *en un*, nas copias do XVIII; o que non significa que na fala no se producira

(20) Amable Veiga, *Fonología gallega*, Ed. Bello, Valencia 1976, pp. 105-107.

(21) J. Alvaro Porto Dapena, "Fonología de la N velar gallega", *RDTP*, T. XXXII, 1976, pp. 467-477.

(22) J. de Moura Santos, *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*, Separata da *RPF*, Coimbra 1967, p.247.

(23) Alberto Zamboni, *L'etimologia*, Zanichelli, Bologna 1979, p. 54.

xa a asimilación das preposicións coas formas *unha e un*, asimilación que rexistra Sarmiento (*num-ha, d'hum-has, d'hums, cum-has*) na *Colección de voces y frases gallegas.*

Nĩ hũũ transcríbese no XVIII por *ninhun* (a forma máis frecuente), *nenhun* ou *nen un*. A pesar do uso desta grafía xa no século XVIII a conxunción *nin-/ nen-* desenvolvera unha nasal velar no **-n** posnuclear con reforzo oclusivo **/g/**: *ningún* (o mesmo ca nos casos de FUNARIU, *ĬN-ADDERE, ĬN ORDINE que dan *fungueiro, engadir, engorde)*; mentres no portugués predominou o elemento palatal, evolucionando a *ninhum* [*niɲum*].

A transcrición no dezaoito de *nin hun* ven apoia-la orixe do indefinido negativo "ningún" a partir da forma medieval, e desbota-la formación analóxica con *algún* (< ALICUNO) así como a procedencia directa do latín NEC UNO mediante a sonorización do **-c-**. A forma medieval *nĩ* proceda de *NEC* con perda do **-c** final e posterior nasalización.

I.3. Outras grafías

O **l**, xa sexa en interior de palabra ou nas formas do artigo e pronome, pode aparecer grafitado simple ou xeminado, e as dúas grafías representan a lateral alveolar e mais a lateral palatal. Esta mesma confusión aparece nas copias do XVIII: *mill, follas, filla, moller, elle, elles* (el, eles), *mellor, Vilaza / Villaza, Villameán /Vilameán, porlla/ polla/ porlas, todos llos, esmolla,* por *ello, llo mellor, delle, meloramentos/ melloramentos, lo* labrador, *tolledaán, oullivares dos Caballeiros* (unha hipercorrección que se recolle do texto medieval). Incluso se escriben con dobre **-ll-** palabras grafitadas nos textos medievais cunha soa: *moueles* pasa a *móbelles, chançelado* a *chancellado.*

O **Y** grego medieval, tanto en interior de palabra como en posición inicial ou final, e mesmo cando vai independente, pasa a **i**, agás nos topónimos e antropónimos (con algunhas excepcións): *oytubre, oyto, juyo, daya, ygual, yguaes, ffuy, ssy, y* (adverbio de lugar) pasan a *oitubre, oito, juio, daián, igual, iguaes, fui, si,* e *hi* (forma que tamén rexistrei en documentos do século XIV redactados por Pedro Lagea). *Bayona*, cando aparece grafitado desta maneira, conserva o **y** na maior parte dos casos, pois xa na escrita medieval aparece tamén *Baiona*. A semivocal [j] nas formas *Tuj* e no adverbio *juso/jusso* pasan a **y**: *Tuy* e *yuso*.

A transcrición de **b/v/u** medievais faise con criterios pouco regulares nos textos do XVIII. A mesma palabra aparece grafitada unhas veces con **b** e outras con **v**. As formas verbais de "haber", grafitadas con **-v-** ou **-u-** na época medieval poden conserva-lo **-v-** ou pasalo a **-b-**: *auido, ouverem, ouvesem aver/auer, auia* rexístranse no XVIII como *habido, ouberen, oubesen, aver, avian;* o mesmo sucede con *escribano, novembro, Salvador, convén*. A forma *cabidoo*, sempre con **-b-** nos documentos medievais, aparece en ocasións transcrita con **-v-**; o mesmo que as palabras *bẽes, ben, bõo*, e incluso *Baiona*.

Mais, a pesar da confusión gráfica con que se transcribe o fonema bilabial oclusivo, hai, polo menos, tres criterios regulares na súa grafitación:

1) Consérvase o **-b-** medieval nas palabras *sabea, reçebeu, rreçebemento, estabeleçero, desembargada, tambe, saber, obbedientes* (hai algún caso de *ouedientes*).

2) Os imperfectos de indicativo da primeira conxugación *estaua, daua, daua, outorgaua, outorgaua, tomaua, entregaua*, transcríbense en **-aba**, coa forma do sufixo temporal actual.

3) O grupo consonántico medieval **-ur-/-br-**: *laurador, laure, pobrem, liure* regularízanse en **-br-** no XVIII

4) Certas palabras manteñen a grafía medieval **-v-**: *veer* en tódalas formas, *voces, vender, verdade, lavor, vella, serventes, vila...*

O notario Pedro Lagea, redactor de protocolos capitulares do século XIV (aparecen documentos seus entre 1331 e 1349) utiliza en varias ocasións a forma etimolóxica *aproffeitar* (de PROFECTU) ó lado de *aproueitar*, co mesmo sentido, posiblemente debido a unha antiga confusión entre os sonidos fricativos, o bilabial /v/ e o labiodental /f/.

Tamén se rexistra bastante confusión no uso do **h-**. Hai casos en que se respecta a grafía medieval, como nas formas do verbo "ser" *he, hes, ham, ha* ou na palabra *herdade*, mentres se suprime no indefinido *huu*, en posición interior nos nomes propios, *Johan* pasa a *Joan*; e, con frecuencia, desaparece en *home*. En cambio, atópase **h-** non etimolóxica na palabra *ordem*, que pasa a *horden*, e no adverbio de lugar *y*, escrito *hi* (forma que atopei nos documentos de Pedro Lagea ó lado de *y*). Tamén aparece grafitado con **h-** o participio de "haber", *havido/ habido*.

II. LEXICO

En xeral, os escribáns do XVIII reproducían o léxico medieval con escasas correccións, mais, ás veces cambian a forma galega pola correspondente castelá, así *ochenta* ou *capilla* que aparecen en lugar das formas medievais *oitenta* e *capella*. As abreviaturas léxicas trancríbense reproducindo unha forma da palabra, que non sempre coincide coa forma plena que se atopa, en ocasións, nos documentos consultados. *Coengo* é a única forma das copias do XVIII, mentres que nos documentos aparecen *cõogo* e *coongo*; *testemohias* ou *testemoias* sustitúe a *testemuñas*. *Cabidoo e cavidoo* son as formas máis usadas xunto ó castelanismo *cavildo*. A abreviatura de "igrexa" transcríbese, co vocábulo castelán *iglesia*, en cambio reprodúcese a forma galega *moeda* en lugar da abreviatura correspondente.

III. CONCLUSIONS

Sen dúbida, o obxectivo dos copistas do XVIII ó reescribi-los documentos medievais era facelos lexibles e comprensibles para os contemporáneos, respectando o texto medieval, mais tratando de representa-la evolución fónica do dezaioto. E na implantación desas características parecen querer establecer unha

variante culta do galego a xulgar pola coherencia no uso das formas: *unha, en unha, en un*; *con ha, con ho*; *condicioens, capoens, razoens*... que, por unha parte, respectan as formas medievais engadíndolle a consoante nasal, e por outra, corrixen as máis evolucionadas, posiblemente consideradas menos cultas. O uso sistemático dos termos *testemoias, coengos*, *cabidoo* indica tamén a existencia dunhas regras. E frente ó que parece seguimento á unha norma medieval, rexístrase a grafitación dos fonemas modernos, correxindo antigas grafías Así por exemplo a forma moderna do indefinido *unha*, estraña á lingua medieval, que callará no galego escrito na segunda metade do século XIX.

E neste aspecto de modernidade ortográfica tamén hai que cita-lo uso da grafía **x** para transcribi-la palatal fricativa, que aínda que se atopa en escasas ocasións, indica o comezo da normalización dunha pronuncia e a perda da conciencia da grafía etimolóxica.

Escríbese o **-e** paragóxico no verbo *nomeare* tratando quizais de adecuarse ó uso da lingua oral.

Pero a pesar do respecto a unhas normas ortográficas, como se plasmaba na grafitación dalgúns sonidos, noutros casos, como a representación de **h-, b, v, l, ll**, aínda aparece bastante confusión, ó mante-la utilización das dúas grafías **l/ll** para representar ámbalas dúas o fonema lateral alveolar e mailo palatal; e as grafías **b/v, x/j/ g** para grafitar un mesmo fonema.

En definitiva, na grafía dos textos do dezaioto obsérvanse dúas tendencias encontradas, por unha parte un intento de normativización seguindo un criterio conservador e latinista, tratando de reproduci-las formas orixinarias medievais e con certa tendencia erudita no uso de formas cultas gregas e latinas: a palabra medieval *coro* transcríbese por *choro*, *trautado* por *tractado*, e consérvanse as formas *quando, quanto, quatro, quales*. E por outra parte, obsérvase un criterio unificador e modernizador na ortografía, deixándose arrastrar pola simplicidade da fala. Suprimen o uso do **y** e reducen a representación das sibilantes a **s, z** ou **c**, desaparecendo as grafías **ss-, -ss-** e **ç**, que se conservan na escrita castelá ata comezos do século XIX; corrixen certas formas cultas dos documentos medievais: *suspecto, rector, escripuano* e *subfiçiente* pasan a *suspeito, reitor, escribano e suficiente*. E, ó mesmo tempo, respectan as contraccións da fala que xa aparecen na escrita medieval: *eno, polo, pola, todoslos*...

A contribución alemana á lingüística galega

XOSÉ L. REGUEIRA FERNÁNDEZ

1. INTRODUCCION

A lingüística galega chega ó S. XX cunha bagaxe de estudios certamente escasa e de valía moi desigual. Case tódalas obras producidas no século XIX, acompañando o Rexurdimento literario, teñen importancia en canto que constitúen as primeiras mostras dunha incipiente lingüística galega, pero carecen de método e, moitas delas, amosan un considerable descoñecemento da lingua galega. Naturalmente, hai excepcións, entre as que salienta a *Gramática gallega* de Saco Arce (1), que demostra ter unha boa formación gramatical, así como coñecemento dos métodos comparatistas desenvolvidos nas primeiras décadas do século. Pero tódolos estudiosos do galego ignoraban os avances da Lingüística Románica, que só serán aplicados ó galego por primeira vez nos *Elementos de gramática histórica gallega* do soriano Vicente García de Diego (1909) (2).

Este panorama non cambia substancialmente na primeira metade do S. XX, se nos atemos ós estudios realizados en Galicia. Nas primeiras décadas deste século, á parte dalgúns esforzos dirixidos ó establecemento dun diccionario e, en menor medida, á redacción dunha gramática, non se producen en Galicia estudios de relevancia.

Este é o contexto xeral no que se inician os traballos de lingüistas alemáns sobre a lingua galega. O primeiro estudio sobre o galego moderno do que temos noticia é o de Jules Cornu (1906), que publica unha morfoloxía do galego moderno ("Neugalizische Formenlehre"), como apéndice á súa *Grammatik der portugiesischen Sprache* no volume 1 do *Grundriss der romanischen Philologie* de Gustav Gröber. Para esta pequena morfoloxía, Cornu baséase na gramática de Saco, así coma no expolio dalgunhas obras editadas na Biblioteca Gallega. Cornu utiliza tamén as "Observaciones sobre la pronunciación del dialecto gallego" do príncipe Luís Luciano Bonaparte (3), breves pero atinadas notas de fonética galega que en Galicia quedaron descoñecidas. En cambio o traballo de Cornu foi traducido de seguida ó español e publicado no *Boletín de la Academia Gallega.*

(1) J. A. Saco Arce (1868): *Gramática gallega.* Lugo: Imp. de Soto y Freire; Ourense: Graf. Tanco, 1967².

(2) Burgos: Imp. Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facs. Anexo 23 de *Verba.* Santiago, 1984.

(3) L. L. Bonaparte (1861): "Observaciones sobre la pronunciación del dialecto gallego", in *El Evangelio según San Mateo* (Trad. ó galego de J. Sánchez Santamarina). Londres: L. L. Bonaparte, pp. V-VIII.

Aínda que polo seu propio carácter este estudio achega poucas novidades (limítase a informar dos feitos máis destacados da morfoloxía nominal e verbal), representa a entrada do galego nos estudios de Lingüística Románica e anuncia o interese que nas décadas seguintes espertará a nosa lingua entre algúns romanistas alemáns.

2. A ESCOLA DE HAMBURGO

Nas primeiras décadas do S. XX, a reacción fronte ós neogramáticos levou ó desenvolvemento de dúas liñas de investigación de grande fertilidade: a xeografía lingüística e maila dialectoloxía. O coñecemento das variedades dialectais revelouse imprescindible para unha comprensión cabal do proceso de formación e diversificación das linguas románicas. Dentro deste movemento, un grupo de dialectólogos alemáns, encabezado por Fritz Krüger, vaise achegar á Península Ibérica. Como campo de estudio escolleron case sempre zonas fronteirizas entre dúas linguas, ou áreas periféricas pouco comunicadas cos centros políticos, culturais e económicos, especialmente no occidente peninsular.

Fritz Krüger, profesor do Departamento de Linguas e Cultura Románicas da Universidade de Hamburgo, emprende o estudio da franxa que se estende de Asturias a Cáceres, polo territorio lingüístico asturleonés na vertente máis próxima ó galego e ó portugués. Xa en 1914 publica unha detallada descrición fonética da lingua falada en puntos do norte de Cáceres e do suroeste de Zamora, titulada *Studien zur Lautgeschichte westhispanischer Mundarten* (4). Con este primeiro estudio, Krüger pretende abranguer un territorio amplo que lle ofreza unha visión xeral do estado lingüístico destas terras, antes de pasar a realizar estudios detallados de falas concretas. Con todo, esta obra transcende o mero interese dialectolóxico, pois o material lingüístico está estudiado desde a perspectiva histórica e comparativa, co que se pon de manifesto a fragmentación e a diversidade da evolución lingüística neste territorio. Por iso S. Pop (5) considera que: "Il ne s'agit pas seulement d'une étude de dialectologie locale, mais d'un vrai manuel de phonétique historique de l'espagnol". Esta tendencia permanecerá nos seus traballos posteriores e nos dos seus discípulos; en palabras de X. Ll. García Arias (6): "esti facer hestóricu-comparatista va tar perpresente a lo llargo tola so obra".

Nos anos seguintes, o profesor Krüger centra a súa atención nas falas máis occidentais da provincia de Zamora, de transición entre o leonés e o galego, especialmente na comarca de Sanabria (Krüger 1923a, 1923b, 1925a, 1925b). A intensa actividade deste dialectólogo fará que Sever Pop o coloque "en tête de tous les chercheurs" do dominio español (7).

(4) Hamburg: Seminar für romanische Sprachen und Kultur. No volume indícase que é unha separata do *Jahrbuch der Hamburgischen Wissenschaftlichen Anstalten* 31 (1913), que non puidemos consultar.

(5) V. *La dialectologie: Aperçu historique et méthodes d'enquêtes linguistiques.* Vol. 1. Louvain: Publications Universitaires, 1950, p. 397.

(6) V. "Presentación" a Krüger (1987), p. IX.

(7) V. *La dialectologie*, p. 396.

Nestes traballos obsérvase un xiro de grande importancia na traxectoria científica de Fritz Krüger, que pasa da dialectoloxía baseada na descrición fonética a utiliza-la metodoloxía da corrente Wörter und Sachen, onde a descrición lingüística vai unida á descrición da cultura material: para poder explica-la historia e a vitalidade dunha palabra é necesario coñece-la historia e o emprego do obxecto ó que vai asociada. Esta orientación aparece xa na monografía dedicada á cultura material da comarca de Sanabria (Krüger 1925b), e está presente no estudio sobre a cultura do noroeste ibérico no seu conxunto que publica en 1927 na revista *Wörter und Sachen*, titulado "Die nordwestiberischen Volkskultur", e que sería traducido ó español 20 anos máis tarde como *El léxico rural del noroeste ibérico*.

O interese pola cultura na que se desenvolve a lingua foi nacendo en Krüger ó longo da súa convivencia cos labradores das comarcas que estudiaba. Buscando zonas que estivesen apartadas dos centros urbanos e das comunicacións modernas, foise atopar cunha cultura popular que se conservaba aínda pouco alterada polas modernizacións: "En general se han conservado allí [no NO da Península], señaladamente entre las gentes de la montaña, formas culturales a las que, como veremos, puede atribuírseles una gran antigüedad" (1927 [1947]: 11). O desexo de investigar estas formas culturais viuse acrecentado precisamente pola consciencia da "progresiva desaparición de las más antiguas manifestaciones culturales de la Península Ibérica" (1927 [1947]: 10). Ese interese vaise reflectir así mesmo en traballos que se afastan da lingüística, como pode se-lo estudio das cantigas populares (8).

En consecuencia, esta inclinación polo estudio etnográfico vai estar presente en case tódolos seus traballos posteriores, entre os que sobresaen dúas obras de grande relevancia: un estudio lingüístico-etnográfico dos Altos Pirineos (9) e mais un traballo etnográfico de amplo alcance (*El mobiliario popular en los países románicos* (10)), no que os aspectos lingüísticos pasan a un plano moi secundario.

As actividades do Departamento de Lingua e Cultura Románicas da Universidade de Hamburgo tamén se orientaron á investigación da lingua e da cultura dos pobos románicos, como se comproba polos traballos publicados na revista do seminario, titulada significativamente *Volkstum und Kultur der Romanen (Sprache, Dichtung, Sitte)*. Paralelamente á revista editouse unha serie de anexos, baixo o título xenérico de Hamburger Studien zu Volkstum und Kultur der Romanen, dedicados igualmente "der Pflege von Sprache, Dichtung, Sitten und Sachen der romanischen Völker". Como se afirma na declaración de intencións que precede estes anexos, "Sprache und Literatur sollen als lebendiger Ausdruck des Geistes

(8) V. W. Ebeling / F. Krüger (1937): "Landliches Leben als Motiv des galizischen Volksliedes", *Volkstum und Kultur der Romanen* 10, pp. 129-156.

(9) *Die Hochpyrenäen.* A: *Landschaften, Haus und Hof.* 2 vols. Hamburg: Hansische Universität, 1936 / 1939. Outros traballos sobre outros aspectos da cultura e da lingua deste territorio foron publicados no *Butlletí de Dialectologia Catalana* 23 (1935), e en *Volkstum und Kultur der Romanen* 8, 1 (1935) e 8, 2/3 (1936).

(10) Coimbra: Universidade, 1963. Os traballos previos ou complementarios sobre o mesmo suxeito están indicados na p. I.

der Romanen in ihren Wechselbeziehungen zu der Gesamtkultur der einzelnen Völker aufgefaßt und dargestellt werden", seguindo o exemplo dos avances conseguidos nos territorios de fala alemana por investigacións semellantes.

Este ambiente científico é o que permite comprende-lo interese de investigadores máis novos, discípulos de Krüger, por estudia-la realidade lingüística de certas áreas da Península Ibérica, especialmente do "arcaizante" noroeste.

Tendo en conta que a fronteira entre o asturleonés e o galego fora xa explorada por Krüger, tres discípulos seus van escoller cadansúa zona periférica do territorio de fala galega como campo de estudio. Así, Walter Ebeling visita nos veráns de 1928 e 1929 a parte leste da provincia de Lugo e publica en 1932 un traballo sobre os apeiros de labranza nestas terras, centrándose nas comarcas de Becerreá e A Fonsagrada. Este estudio, moi rico en información, está elaborado segundo o método Palabras e Cousas, e nel está presente igualmente o método histórico-comparativo.

Cinco anos máis tarde, W. Schroeder publica na mesma revista un traballo de concepción semellante sobre as embarcacións de pesca en Fisterra (Schroeder 1937), e en 1938 presenta unha comunicación sobre a casa na mesma zona de estudio.

O terceiro investigador, Hans-Karl Schneider, escolle unha zona periférica e arcaizante no sur de Galicia, a Limia Baixa, para realizar unha descrición lingüística en profundidade, con especial atención á fonética, á morfoloxía e ó vocabulario da lingua falada nesa comarca fronteiriza con Portugal (Schneider 1938). Na introducción tamén informa do medio físico, económico e cultural no que se desenvolve a lingua, atendendo igualmente ó emprego social do galego e do castelán naquela época. Con todo, este investigador abandona o método Palabras e Cousas e centra o seu obxectivo na caracterización deste dialecto galego, poñéndoo en relación cos falares veciños, especialmente cos da beira portuguesa: "Das Ziel der vorliegenden Arbeit soll nun sein: Darstellung wesentlicher Züge des Limiagalizischen im Zusammenhang mit seiner weiteren Umgebung, insbesondere den anschließenden nordportugiesischen Mundarten"; desta maneira quere contribuír "zur Kenntnis der mundartlichen Gliederung Galiziens wie auch zur Erforschung des Verlaufs der Sprachgrenzen an der politischen Grenze zwischen Spanien und Portugal" (p. 69). Durante varias décadas, este traballo vai se-la mellor mostra integral dun dialecto galego, e non sería superado ata a década dos anos 70, xa instaurados os estudios de Filoloxía galega na Universidade de Santiago (11).

Os acontecementos históricos dos anos 40, coa 2ª guerra mundial e a derrota da Alemaña nacionalsocialista, marcan a vida persoal e profesional destes investigadores e supoñen a fin da escola de Hamburgo. A revista do Departamento, *VKR*, deixa de publicarse en 1944. Aínda así, o profesor Krüger continua realizando traballos cada vez máis inclinados por aspectos da cultura popular, como os dedicados a Las Brañas (1940), ó liño e á tornería no val do Ibias (1948,

(11) Piel (1962), a propósito das poucas monografías sobre o galego falado, non dubida en afirmar que "La meilleure est sans doute celle de M. H. Schneider [...] sur les parlers du bassin du Limia" (n. 5).

1952) ou "Cosas y palabras del noroeste ibérico" (1950). Aínda nos anos 50 e 60 seguirá a producir estudios sobre aspectos gramaticais e fonéticos da fala sanabresa (Krüger 1954, 1965). Outros dos seus traballos refírense a problemas etimolóxicos, tendo sempre moi en conta as linguas do Noroeste hispánico (Krüger 1956, 1958a, 1958b).

Fritz Krüger marcha en 1948 para Arxentina, onde será profesor da Universidade de Cuyo e director do Instituto de Lingüística. Alí dirixe a revista do Instituto, *Anales del Instituto de Lingüística*, na que publica xunto con W. Ebeling "La castaña en el NO de la Península Ibérica" (1952).

Dos restantes investigadores só Hans-Karl Schneider volvería a ocuparse do galego, colaborando cos capítulos correspondentes a Galicia nun volume colectivo de introducción ás linguas e literaturas de España editado en 1975. A súa caracterización do galego dentro do cadro das linguas peninsulares permite apreciar un moi bo coñecemento da nosa lingua.

Con todos estes valiosos traballos, os lingüistas da chamada "escola de Hamburgo" foron os iniciadores da dialectoloxía galega, introducindo tanto a metodoloxía coma o coñecemento lingüístico necesario para levar adiante con éxito estudios en profundidade sobre un territorio limitado, para logo adoptar perspectivas máis amplas que permitisen tirar conclusións de validez máis xeral.

Estes avances non foron aproveitados polos estudiosos galegos da época, que ou ben descoñecían estes estudios ou non estaban en condicións de imitalos. E isto a pesar de que os investigadores alemáns mantiñan contacto con homes do Seminario de Estudos Galegos, por exemplo. Foi mellor aproveitada esta contribución no que se refire ó estudio da cultura material, xa que a etnografía era un dos campos mellor explorados polos homes do SEG. Como proba disto, poden verse algúns traballos de X. Lorenzo Fernández, coma o titulado "Die Bremse am galizischen Wagen" (traducido ó alemán por Schneider), ou "Das Bauernhaus im unteren Limiabecken (Prov. Orense, Spanien)", ambos publicados en *VKR* (12), entre outros moitos traballos debidos a Xaquín Lorenzo ou a etnógrafos como F. Bouza Brey, A. Fraguas Fraguas, L. Prieto Rodríguez, V. Risco ou J. Taboada Chivite.

No que atinxe ó aspecto lingüístico, só nos anos 60 se empezarán a realizar investigacións equiparables, coma as feitas por Ramón Lorenzo Vázquez sobre Amaía (13), ou os numerosos traballos realizados no Departamento de Filoloxía Románica, dirixido polo Prof. Constantino García, nos últimos 60 e na década dos 70.

(12) Nos números 11 (1938), pp. 282-289, e 15 (1942/1943), pp. 276-308, respectivamente.

(13) R. Lorenzo Vázquez (1962): "Estudios etnográfico-lingüísticos sobre La Mahía y aledaños", *RDTP* 18, pp. 200-241 e 487-522 (O muíño e o forno). Co mesmo título xenérico, publica estudios dedicados ó xugo e o carro, precedidos dunha introducción, en *CEG* 17, 51 (1962), pp. 49-67; *CEG* 18, 55 (1963), pp. 129-147; *CEG* 19, 57 (1964), pp. 10-64.

3. OS ESTUDIOS SOBRE O GALEGO MEDIEVAL

O descubrimento na segunda metade do S. XIX da literatura galego-portuguesa medieval, que representaba a aparición dunha lingua romance aínda descoñecida na súa fase antiga, fixo que a partir de principios desta centuria algúns filólogos e lingüistas alemáns se interesasen polo seu estudio.

O primeiro traballo que coñecemos débese a J. Cornu (1901) sobre a *Historia troiana*, e terán que pasar bastantes anos ata que esta liña de traballos encontre continuadores. Entre eles atópanse dúas teses de doutoramento presentadas na Universidade de Hamburgo por A. Bieler (1920), sobre a lingua dos documentos medievais, e R. Rübecamp (1930), sobre a lingua das *Cantigas de Santa María* de Afonso X. Parte desta última investigación publicouse en Rübecamp (1933, 1954).

Pola metade dos anos 20 visita Galicia a investigadora Margot Sponer, que presentou como tese de doutoramento, e posteriormente publicou (Sponer 1934), unha edición de 156 documentos provenientes dos fondos de mosteiros das catro provincias galegas, pertencentes ós séculos X, XIII, XIV e XV. Durante a súa estadía en Galicia, escribiu unha nota para a revista *Nós* (Sponer 1927), na que lamenta o progresivo empobrecemento do léxico patrimonial galego: "a pesares de ser estranxeira n-esta terra tan fermosa, sinto qu'a sua lengoa tan doce e melodiosa vaia perdendo a sua enxebreza, dando entrada no seu léxico cada día a mais palabras e xiros castelás" (p. 3).

As *Cantigas de Santa María* de Afonso X volverán a se-lo campo de investigación do filólogo Walter Mettmann, a quen lle debemos unha edición das *Cantigas*, realizada coa axuda de J.-M. Piel, e feita, no dicir de Ramón Lorenzo (14), "coa seriedade propia da mellor tradición filolóxica xermana". Ademais dalgún outro traballo sobre o galego-portugués (Mettmann 1961), este filólogo publicou recentemente dúas contribucións ó estudio do estilo das *Cantigas de Santa María* (Mettmann 1979, 1980).

O propio Joseph M. Piel estudia o texto dunha cantiga de escarnio de Afonso X na homenaxe a Rita Lejeune (Piel 1969). Nun ensaio recente, a relación de Afonso X co galego é analizada por H.-J. Niederehe (1988), quen xa publicara anteriormente outros traballos sobre o estado lingüístico da Península Ibérica nos tempos deste rei (15).

4. A ETIMOLOXIA, A HISTORIA DAS PALABRAS E A ONOMASTICA: A OBRA DE J.-M. PIEL E H. MEIER

A gramática histórica e a etimoloxía galega foron tamén obxecto da atención de eminentes romanistas alemáns, entre os que salientan pola profundidade e a amplitude da súa obra Harri Meier e, sobre todo, Joseph-Maria Piel.

(14) V. "Limiar" a Mettman (1959-1972), p. 7.

(15) V. "Alfonso el Sabio y la fisionomía lingüística de la Península Ibérica de su época", in *Actas del Congreso internacional de la lengua y la literatura en tiempos de Alfonso X.* Murcia, 1984, pp. 415-435; *Alfonso X el Sabio y la lingüística de su tiempo.* Madrid: SGEL, 1987.

Desde o principio da súa traxectoria, ambos profesores centraron as súas investigacións nas linguas da Península Ibérica. Nela, a consciencia da comunidade histórica existente entre galego e portugués non lles impediu ter sempre en conta a peculiar situación da nosa lingua.

O profesor Meier, que nos inicios da súa carreira científica publicou unha obra de conxunto sobre a evolución diverxente dos distintos dominios lingüísticos da Península (16) coa colaboración de Fritz Krüger, dedicou a maior parte da súa actividade á gramática histórica e ás pesquisas etimolóxicas. A este respecto, é constante no seu traballo a insistencia en "resaltar el valor de la herencia latina, largamente oscurecida hasta ahora por la insuficiencia, todavía, de la fonética histórica latino-románica, así como por el desconocimiento de gran parte de la riqueza que encierra la formación de palabras del llamado latín vulgar" (17), limitando así o papel que en moitas ocasións se lle atribuía ó substrato (18).

Ademais de tomar en conta o galego nas súas numerosas investigacións sobre etimoloxía hispánica (p.e. Meier 1950, 1980), dedicou algúns estudios á etimoloxía galego-portuguesa (Meier 1951a, 1951b) e algúns outros a clarexar etimoloxías galegas (Meier 1973, 1977, 1981). Noutro traballo importante analizou o papel que pode xoga-lo galego para un coñecemento máis seguro da etimoloxía románica, na que ata o de agora se lle concedeu pouca atención (Meier 1982), asegurando que sería moi proveitoso un maior cultivo dos estudios léxicos, debido a "su conservadurismo particular y a su exuberante riqueza morfológica" (1982: 102).

Por outra parte, tamén lle debemos ó profesor Meier tres ensaios sobre gramática do galego moderno que tratan de temporalidade verbal (a futuridade e os tempos do pasado) e mais da posición do pronome átono (Meier 1974, 1975, 1976). Estes artigos son a súa contribución á gramática do galego, xa que a nosa lingua, rica en vocabulario autóctono e con estructuras gramaticais peculiares, "requiere más estudios a la vez descriptivos y comparados que destaquen su individualidad y precisen su posición dentro de la familia de los idiomas románicos" (1974: 7). Pero a débeda intelectual dos lingüistas galegos con este grande romanista non remata aquí, senón que tamén hai que contar coas súas numerosas contribucións á gramática histórica portuguesa (desde a evolución dos perfectos fortes, á xénese do infinitivo conxugado, o acusativo con preposición e outros varios temas), que por razóns obvias resultan de grande axuda para esclarece-la historia da nosa gramática.

Outro grande romanista alemán, o profesor Joseph-Maria Piel, ademais de tratar diversos suxeitos de gramática histórica do portugués (19) (e por tanto de

(16) *Beiträge zur sprachlichen Gliederung der Pyrenäenhalbinsel und historischen Begründung.* Anexo 3 de *Volkstum und Kultur der Romanen.* Hamburg, 1930.

(17) V. *Notas críticas al DECH de Corominas / Pascual.* Anexo 24 de *Verba.* Santiago, 1984, pp. 9-10.

(18) Cfr. "Erwägungen zu iberoromanischen Substratetymologien", in *Festgabe Ernst Gamillscheg zu seinem fünfundsechzigsten Geburtstag.* Tübingen: Niemeyer, 1952, pp. 129-139; "Mirages prélatins: Kritische Betrachtungen zur romanischen Substratetymologie", *RF* 64, 1/2 (1952), pp. 1-42; *Prinzipien der etymologischen Forschung.* Heidelberg: Carl Winter, 1986.

(19) Cfr. p.e. "A flexão verbal do português. Estudo de morfologia histórica", *Biblos* 20 (1945), pp. 5-50.

grande utilidade para o coñecemento da evolución do galego), cultivou o terreo da etimoloxía en numerosas contribucións á lingüística hispánica, centrándose principalmente no ámbito galego-portugués (20) ou no galego en particular (21). A súa admiración pola figura do Padre Sarmiento en relación cos estudios etimolóxicos deu lugar igualmente a varios ensaios (Piel 1955/1956, 1969/1971, 1976a).

Pero a súa achega máis importante, tanto polo seu volume coma pola súa calidade, son, sen dúbida, os traballos de onomástica, na súa maior parte dedicados ó espacio do antigo galego-portugués (22) (Galicia e o norte de Portugal) ou restrinxidos ó galego (23). Piel sente predilección polo estudio dos topónimos procedentes dos nomes de propietarios, e dedícalle algúns dos seus traballos máis importantes (24) a este tema que evidencia a interrelación entre toponimia e antroponimia: "É suficientemente sabido que boa parte do léxico toponímico do noroeste hispânico, a qual se pode avaliar num décimo, pelo menos, da sua totalidade, é constituida por nomes de antigos possuidores rurais, que estes, desde a época latina e através dos séculos medievais, deixaram vinculados às terras que ocuparam, exploraram e transmitiram aos seus herdeiros" (1975b: 45). Como di Dieter Kremer (25), un dos seus colaboradores: "Ce thème de la formation de toponymes à base anthroponymique a fasciné Piel tout spécialement".

O territorio noroeste da Península Ibérica presenta para Piel un grande interese pola súa riqueza lingüística, tendo que lamenta-la escaseza de estudios sobre a nosa lingua: "Nous sommes [...] encore très loin de connaître dans son ensemble la richesse des parlers de la Galice" (1962 [1989]: 18). A situación do galego fai que os romanistas ignoren a orixinalidade desta lingua románica, na que se pode atopar sen esforzo "bon nombre de mots latins non repérés jusqu'à présent dans le lexique roman e qui doivent correspondre pour la plus grande partie à des innovations du latin provincial de la *Gallaecia*" (1962 [1989]: 20). De aí o alto interese da investigación da etimoloxía e da onomástica galegas.

Polo tanto, o profesor Piel, coincidindo no esencial con H. Meier, considera que o latín vulgar da Gallaecia tivo un desenvolvemento orixinal de grande riqueza léxica, que aínda se pode ver na lingua actual: "determinadas zonas das provincias galegas, conjuntamente com as regiões do Minho e Douro Litoral, apresentam uma individualidade lexical inconfundível em comparação com os territórios espanhóis e portugueses situados a leste e sul da área assim sumariamente circunscrita" (1975/1976 [1989]: 55). Iso é o que lle permite falar de "latinidade vulgar galaica" (Cfr. Piel 1976c, 1979d). Esta antiga unidade tamén se pon de manifesto noutros traballos que abranguen o espacio astur-galego-portugués (26).

(20) Cfr., entre outros traballos, Piel (1949-1952, 1952a, 1953a, 1958c, 1964, 1968-1978, 1976/1977, 1978a, 1981b, 1982, 1983c, 1984b).

(21) Piel (1958a, 1960, 1963, 1967, 1979c, 1980, 1983d, 1986a).

(22) Piel (1947a, 1947b, 1947c, 1951a, 1951b, 1952b, 1959, 1962/1963, 1966-1967, 1973, 1974, 1976b, 1983a, 1985), Piel / Kremer (1977).

(23) Piel (1953c, 1961a, 1961b, 1965, 1971, 1975a, 1978b, 1979a, 1979b, 1981a, 1983b, 1986b).

(24) Piel (1937, 1947d, 1953b, 1954, 1958b, 1975b, 1975c, 1984a); cfr. tamén Piel / Kremer 1977.

(25) V. "Joseph M. Piel onomasticien", intervención na mesa redonda "L'apport de l'onomastique à la Philologie Romane: Histoire et perspectives", no *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*.

(26) Piel (1947d, 1952c, 1962b, 1968, 1983e).

Por outra banda, a contribución destes romanistas non se limitou ás investigacións levadas a cabo persoalmente, senón que ademais promoveron o estudio do ámbito lingüístico galego e portugués nas súas universidades, o que deu como froito que o galego fose tido en consideración á hora estudia-la evolución histórica das linguas ibéricas ou das románicas en xeral (27). Este ambiente universitario fai posible que K. H. Delille dedique un capítulo do seu libro *Die geschichtliche Entwicklung des präpositionalen Akkusativs im Portugiesischen* ó estudio do acusativo con preposición no galego moderno (Delille 1970). Harri Meier propúxolle a Sigrid Buschmann a realización, como tese de doutoramento baixo a súa dirección, dunha contribución ó diccionario etimolóxico do galego; o traballo, publicado pola Universidade de Bonn en 1965, quedou incompleto (A a F), pero aínda así constitúe o primeiro diccionario etimolóxico da nosa lingua e representa, segundo Ramón Lorenzo (28), "un gran esfuerzo por desentrañar el étimo de muchas palabras gallegas".

Poderiamos citar aquí algúns outros lingüistas alemáns que contribuíron ó coñecemento da etimoloxía e da evolución lingüística do galego, como H. Bursch (1979, 1980), así coma Johannes Hubschmid (1959, 1964), que a pesar de ser de orixe suíza desenvolveu a súa actividade científica en Alemania. Tamén son numerosas as contribucións realizadas no marco de estudios máis amplos sobre as linguas hispánicas, como poden ser algúns traballos de Gerhard Rohlfs, J. Untermann ou o importante libro de Kurt Baldinger (tamén natural de Suíza) sobre a constitución das linguas hispánicas (29).

5. ESTUDIOS RECENTES SOBRE A SITUACION LINGÜISTICA DE GALICIA

Os movementos de reivindicación cultural e política das nacionalidades "minoritarias" que se desenvolveron en varios países de Europa durante as décadas de 1960 e 1970, espertaron o interese de moitos investigadores pola situación das linguas non oficiais, que ata entón tiveran pouca presencia nos estudios universitarios en Alemania.

A situación española, ademais, atraeu especialmente a atención do público alemán durante os anos 70 debido ós intensos movementos políticos e sociais que se produciron nos últimos tempos da dictadura e durante a chamada "transición democrática", que contaron cunha presencia destacada nos medios de comunicación. E un dos problemas de maior relevancia foi a cuestión das "nacionalidades históricas", especialmente de Cataluña e Euskadi, polas dimensións do conflicto político que se desenvolvía nelas e pola existencia do fenómeno terrorista vasco.

(27) V., entre outros, W. D. Stempel (1959): "Zur Frage des Geschlechts der romanischen Obstbaumnamen auf -ARIUS", *ZRPh* 75, pp. 234-268; U. L. Figge (1966): *Die romanische Anlautsonorisation.* Bonn: Romanisches Seminar der Universität.

(28) V. "Las publicaciones de Departamento de Filología Románica de la Universidad de Bonn", *Verba* 6 (1979), pp. 415-421.

(29) *Die Herausbildung der Sprachräume auf der Pyrenäenhalbinsel: Querschnitt durch die neueste Forschung und Versuch einer Synthese.* Berlin: Akademie Verlag, 1958. Trad. ó esp.: *La formación de los dominios lingüísticos en la Península Ibérica.* Madrid: Gredos, 1963, 1972^2.

Esta presencia nos medios de comunicación, o coñecemento directo dos moitos alemáns que visitan España, unido á atracción de Hispanoamérica, provoca nos anos 80 un crecemento moi considerable do número de estudiantes interesados polas linguas hispánicas nas universidades alemanas. A incorporación de España e Portugal á Comunidade Europea non fixo máis ca reforzar esa atención. Coñecedores das reivindicacións lingüísticas de vascos, cataláns e galegos, moitos deses estudiantes sentiranse atraídos pola situación lingüística nestas tres comunidades, nas que se está desenvolvendo un proceso de normalización que poucas veces se emprendeu na Europa occidental. Este proceso representa unha ocasión ideal para poñer en práctica a metodoloxía sociolingüística que se estudia nos centros universitarios, así como unha magnífica oportunidade de desenvolver instrumentos de análise máis eficaces. Este interese científico, xunto co descubrimento de novos espacios culturais en Europa, fai que cada vez sexan máis os filólogos que dediquen as súas investigacións ás linguas "minoritarias" da Península Ibérica.

No que respecta ó galego empézase a recolle-los primeiros froitos na década dos anos 80. Con todo, o primeiro traballo deste tipo é o de Burkhard Voigt (1979), quen traza un panorama da situación da lingua galega desde unha perspectiva socialista. Baseándose no *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* de X. Alonso Montero (30) e mais nos datos de Ayestarán e de la Cueva (31) constata que existe unha ampla conciencia social de nacionalidade galega fronte á española e que a lingua galega non está aínda en perigo de desaparecer, se ben resulta evidente que retrocede rapidamente. Segundo Voigt, a situación socialmente inferior da lingua galega débese á existencia durante séculos dunha opresión social e lingüística por parte do estado centralista, ó que Galicia non pode opoñer unha burguesía autóctona. Para salva-la lingua, Galicia debe antes "dar una solución al problema nacional" (p. 446), conquerindo o poder político e o dominio dos medios administrativos: "Es indudable que una condición previa de la liberación lingüística es la liberación nacional" (p. 451).

Nestes anos inícianse tamén os traballos sobre sociolingüística galega en universidades da antiga República Democrática Alemana, singularmente en Leipzig e na Universidade von Humboldt de Berlín. En Leipzig traballa Klaus Bochmann, autor de dous traballos nos que analiza o proceso de normalización da nosa lingua (Bochmann 1983, 1985). No primeiro toma en consideración a situación do galego arredor do ano 1980, que está caracterizada "por los tres fenómenos siguientes: 1) Insuficiencia, no obstante los logros de los últimos años, del estatuto real de lengua oficial y de cultura en Galicia; 2) Divergencias en torno al problema de la reconstrucción lexical [...]; 3) Divergencias con respecto a las normas ortográficas y morfológicas" (1983: 2). O autor, demostrando un coñecemento cumprido da realidade galega, menciona os avances conseguidos nos últimos tempos, pero tamén constata que "El gran problema es que el viejo esquema

(30) Madrid: Akal, 1973.

(31) M. Ayestarán Aranaz / J. de la Cueva Alonso (1974): *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974 (Galleguidad y conflicto lingüístico gallego).* Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia.

según el cual el castellano fue el signo distintivo de las capas sociales superiores, y el gallego el de las clases y capas populares, aún está vigente actualmente" (p. 4). Seguidamente, Bochmann analiza as posturas fronte á constitución da lingua culta e á súa fixación ortográfica, entre as que distingue o diferencialismo, o lusismo e a corrente pragmática, para concluír: "A nosotros que observamos estas polémicas desde lejos, nos parece evidente que el último camino es el más realista de los tres" (p. 10), xa que as demais alternativas levarían á creación dunha lingua culta coa que sería difícil que o pobo galego se sentise identificado.

Recentemente, a tamén profesora da Univ. de Leipzig J. Brumme deu a coñecer un dos seus traballos sobre a nosa lingua, dedicado á posición da escritora Emilia Pardo Bazán ante a cuestión lingüística de Galicia (Brumme 1989a).

A mediados dos anos 80 comezaron os traballos na Sektion Romanistik da Univ. von Humboldt, dirixida polo Prof. Hans-Dieter Paufler, que publicou un traballo na revista desa universidade co título "Bilinguismus und Diglossie in Galicien" (Paufler 1985), no que caracteriza a situación galega como de bilingüismo diglósico colectivo unido a unha alta porcentaxe de bilingüísmo individual. Observa unha ruptura do código social das dúas linguas, coa entrada do galego en instancias nas que ata hai pouco estaba vedado.

Outro investigador deste Departamento de Romanística que vén dedicando os últimos anos a investigar sobre o galego é o Dr. Ulf Hermann, quen publicou en 1986 unha análise da situación actual da lingua galega. Nela constata a regresión no uso do galego de xeración en xeración, a insuficiencia do marco legal, e maila limitada presencia da lingua de Galicia en ámbitos coma a administración local, a xustiza, os medios de comunicación e mais no sistema educativo como lingua vehicular. En consecuencia, "die sprachliche Wirklichkeit ist [...] von einer Normalisierung weit entfernt" (p. 489). O Prof. Herrmann presentou en 1987 a súa tese de habilitación para a cátedra (Habilitationschrift) co título *Das Galicische - eine romanische Sprache in Spanien*, que consta dunha historia da lingua galega seguida dunha análise da situación lingüística actual da nosa nación. Temos noticia de que este traballo, revisado e ampliado, acaba de ser publicado en Frankfurt (Herrmann 1990), pero neste momento aínda non tivemos ocasión de consultalo.

Tamén Eugenio Coseriu, lingüista de orixe rumana pero afincado desde hai bastantes anos na universidade de Tübingen, quixo contribuír ó estudio da situación do galego cun traballo (Coseriu 1987a) no que revisa a formación e a historia do galego-portugués, destacando que os falares do Norte e do Sur do Miño "siguen perteneciendo al mismo continuum lingüístico" (p. 132). Seguidamente analiza a situación lingüística de Galicia e as dificultades do galego para recupera-lo estatuto de lingua normal; a este respecto, Coseriu ve "pocas señales de una movilización efectiva de la burguesía a favor del gallego análoga a la movilización que se logró en su tiempo en Cataluña a favor del catalán. Y no hay que olvidar que en la 'batalla por el catalán' la burguesía culta ha sido el factor decisivo" (p. 135). Logo aconsella tolerancia coa poboación que non fala galego, e advirte contra os que pretenden "imponer a toda la comunidad unha lengua que aún no está enteramente hecha y acerca de cuya estructuración [...] se sigue discutiendo" (p. 135). Así a todo, opina que "no cabe que tome partido el lingüista que examina objeti-

vamente los problemas del gallego" (p. 127). Ó lector informado non pode deixar de chocarlle que basee o seu traballo exclusivamente na información dos *Temas de lingüística galega* (32) do profesor Constantino García, excelente introducción á problemática do galego, pero que ás alturas de 1987 resulta claramente insuficiente como bibliografía para estudiar en profundidade unha situación lingüística tan complexa coma a galega. Por outra banda, a primeira parte deste ensaio (pp. 127-132) foi lida pola Prof. M. Ulrich no *II Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (Coseriu 1987b).

Outros traballos recentes parten do concepto de *Ausbausprache* ('lingua por elaboración', contraposto a *Abstandsprache* 'lingua por distanciamento'), desenvolvido por Heinz Kloss, así como dos seus criterios para medi-lo grao de elaboración dunha lingua. De feito, o primeiro en aplicar estes conceptos ó galego e ó portugués foi o mesmo Kloss (33):

> "nous supposons que si l'islandais avait été adopté par tous les usagers des dialectes féroïens, l'irlandais par tous les usagers des dialectes gaéliques d'Ecosse, le catalan par tous ceux qui parlent l'occitan ou le provençal, le portugais par tous ceux qui parlent le gallego ou le galicien, le danois par tous ceux qui parlent les dialectes suédois, dans ces conditions personne n'oserait, aujourd'hui, prétendre que les complexes de dialectes féroïens, gaéliques, occitans, galiciens et suédois, puissent constituer respectivement, à cause de la distance intrinsèque qui les sépare, des unités linguistiques indépendantes".

Así, o galego e o portugués forman un complexo dialectal que tivo dúas elaboracións, polo que debemos falar de dúas linguas, aínda que entre elas existe bilingüismo inherente (p. 36).

Estes conceptos están a coñecer unha ampla difusión nos estudios europeos de sociolingüística (34) pola súa capacidade para estudiar situacións e procesos que ata agora escapaban á clasificación científica, do que é un exemplo a dicotomía lingua / dialecto ou a emancipación lingüística dunha comunidade. Para o galego foron tidos en conta por Bochmann (1983), e recentemente foron empregados por Fernández Rei para identifica-la lingua galega fronte ás linguas veciñas, especialmente respecto do portugués (35).

Esta liña de investigación foi a seguida por Ursula Esser, romanista da Universidade de Aachen que centra a súa actividade científica na sociolingüística galega. Esta investigadora presentou xa no ano 1985 o seu traballo de licenciatura co título *Ausbausprache Galicisch*, do que se publicou un extracto traducido ó galego ("O galego, lingua en elaboración") na revista *Grial* (Esser 1986). Nel revísase a discusión sobre a norma culta do galego, considerando que "Este obxectivo, que sería condición previa para unha normalización eficaz, non parece que en Galicia estea conseguido. O ataque ás *Normas* por parte dos reintegracionistas continúa"

(32) A Coruña: La Voz de Galicia, 1985.

(33) H. Kloss / G. D. McConnel (1974): "Introduction", in *Linguistic composition of the nations of the world / Composition linguistique des nations du monde*, vol. 1. Les Presses de l'Univ. Laval, p. 33.

(34) Cfr. p.e., Z. Muljačić (1986): "L'enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)", *Langages* 83, pp. 53-63; H. Haarmann (1988): "Allgemeine Strukturen europäischer Standardsprachenentwicklung", *Sociolinguistica* 2, pp. 10-51.

(35) V. F. Fernández Rei (1988): "Posición do galego entre as linguas románicas", *Verba* 15, pp. 79-107 (esp. pp. 98-107).

(1986: 338). Tamén se avalía o incipiente proceso de normalización, poñendo de relevo as súas insuficiencias, e proclamando a necesidade dunha política lingüística dirixida que supere a marxinación do galego e cree "unha conciencia da propia dignidade" (p. 342).

Esta investigación foi continuada na súa tese de doutoramento, recentemente publicada en Bonn (Esser 1990), e que consiste basicamente nun estudio do proceso de constitución do galego en lingua de cultura e da súa emancipación social desde o S. XIX ata hoxe. Despois de seguir tódalas etapas dese proceso, Esser salienta que na década de 1980 se inicia a extensión do idioma na sociedade galega, introducíndoo en instancias nas que nunca estivera presente, para o que se necesita elabora-la terminoloxía necesaria.

Nesta última parte do traballo, U. Esser tenta determina-lo grao de elaboración da lingua galega, comprobando o seu nivel de uso no ensino, na investigación, nos medios de comunicación, na producción editorial, etc. Os resultados son só parcialmente positivos: "Dennoch erweist sich die sprachplanerische Arbeit in Galizien als weniger effecktiv als sie von ihren vordergründigen Bedingungen her sein könnte" (p. 168). Dúas carencias sinaladas por esta lingüista son a ausencia dunha institución normalizadora con competencias en tódalas áreas, e maila inexistencia dun plan xeral de normalización. Ademais Esser constata que na literatura especializada, un campo que é decisivo para unha planificación lingüística moderna, o galego ten unha presencia moi limitada, como ben demostra o catálogo de publicacións da Universidade de Santiago; as aínda escasas obras en galego tratan case sempre de historia, literatura ou cultura, pero nunca de física, psicoloxía ou técnicas de computadores. Na actividade económica a penas se introduciu o galego, nin existen xornais monolingües na lingua de Galicia.

En consecuencia, o galego acércase hoxe ó estatuto dunha lingua de cultura, e faise evidente que "das Galizische heute den Dialektcharakter [...] weit hinter sich gelassen hat". Sen embargo, aínda queda camiño por percorrer para rompe-la diglosia, superando o estigma de lingua de rango inferior fronte ó castelán.

As conclusións destas investigacións foron presentadas pola súa autora no *XIX Congreso Internacional de Lingüística e de Filoloxía Románicas*, celebrado en Santiago (Esser 1989). Neste Congreso tamén presentaron comunicacións sobre galego Klaus Bochmann, quen falou das funcións pragmáticas dos primeiros textos escritos en galego a primeiros do S. XIX (Bochmann 1989), e mais J. Brumme, que analizou as ideas sobre a lingua no movemento rexionalista de fins do S. XIX (Brumme 1989b). En outubro de 1990, o catedrático K. Bochmann presentou un relatorio titulado "Unha visión sociolingüística da situación actual do galego", no *Congreso internacional da cultura galega* celebrado en Santiago.

Recentemente, Sabine Albrecht, actualmente profesora na Univ. de Jena, presentou a súa tese de doutoramento titulada *Zum Sprachwandel in Galicien: Die Herausbildung der galegischen Standardnorm* (dirixida por K. Bochmann) na Universidade de Leipzig, que aínda non puidemos consultar.

En definitiva, case todos estes traballos presentan unha grande coincidencia de fondo: o galego emprendeu o camiño da normalización sentando bases só-

lidas, como son o establecemento dunha normativa ortográfica e morfolóxica unificada, e cunha planificación do corpus lingüístico baseada en criterios correctos para ser aceptada polo pobo ó que vai dirixida. As insuficiencias pertencen sobre todo ó ámbito do *Statusplanung*, á política lingüística tendente a introduci-lo uso do galego en tódolos ambientes da vida da nosa sociedade. Se no primeiro punto o único atranco visible é a discordia dun sector do profesorado, neste segundo momento as dificultades a vencer son de índole diversa, desde limitacións legais a prexuízos sociais e falta de vontade política para conducir con firmeza a normalización.

Xa que logo, podemos afirmar que estes sociolingüistas souberon discerni-las liñas mestras do proceso de normalización do galego con claridade e obxectividade. Teñen ó seu favor a distancia, que lles permite aprecia-los grandes trazos sen se perderen nos detalles das polémicas cotiás, e maila ausencia de apaixonamentos políticos ou doutra orde, que moitas veces fai que os estudiosos implicados no proceso traten de facer ver ós demais soamente aquilo do que eles están convencidos de antemán. E por outra parte, o dominio e a aplicación rigorosa de metodoloxías científicas modernas e poderosas fai que os seus traballos sexan clarexadores, afastados sempre da polémica ideolóxica ou política.

6. CONCLUSIONS

A filoloxía alemana, como acabamos de ver, tivo unha influencia decisiva no coñecemento lingüístico do galego. Deixando á parte os valiosos estudios sobre o galego-portugués medieval, esta influencia maniféstase en tres fases principais.

A primeira desenvólvese entre as décadas dos anos 20 e 30, principalmente, cos estudios sobre a lingua falada levados a cabo por Fritz Krüger primeiro e polos seus discípulos W. Ebeling, W. Schroeder e H.-K. Schneider de seguido. Os seus traballos, de concepción clara e execución intachable, aínda hoxe constitúen puntos de referencia para o coñecemento da nosa lingua e para o planeamento de novas investigacións. Eles crearon a dialectoloxía galega, nuns momentos en que os escasos estudios de lingüística que se realizaban en Galicia estaban en mans de afeccionados que carecían dunha concepción da linguaxe e da formación necesaria para levar con éxito tal empresa. Esa falta de investigadores formados fixo que o seu exemplo non puidese ser seguido ata 30 anos máis tarde, cando xa por fin se implantaron os estudios de lingüística na Universidade e se dirixiu a atención dos investigadores sobre a lingua de Galicia.

Unha vez que a escola de Hamburgo desaparece, prodúcese outra achega de grande importancia para a lingüística galega: a obra de Joseph M. Piel e Harri Meier. Aínda que xa empezaran as súas investigacións nos anos 30, a producción sobre galego vai tomar importancia a partir do final dos anos 40, e chega ata os nosos días. Estes dous romanistas fixeron máis ca ningún outro lingüista polo coñecemento da historia do léxico galego e, ó fin e ó cabo, pola investigación das orixes e da evolución da nosa lingua. Aínda máis, durante décadas levaron os traballos sobre o galego polas universidades europeas, facendo que a nosa lingua,

tanto tempo ignorada, fose tida en conta en numerosos estudios de lingüística románica.

Pero a partir dos últimos anos 70 advírtese un cambio cualitativo e cuantitativo no interese dos lingüistas alemáns polo galego. A nova situación política de España, a consecución do estatuto de linguas cooficiais do vasco, catalán e galego, coa posta en marcha dos seus respectivos procesos de normalización, fixo que moitos sociolingüistas se dedicasen á investigación e ó seguimento destes procesos. Estas pesquisas dirixense principalmente ó catalán, que conta cunha grande tradición de estudios na romanística, cun prestixio económico e sociocultural alto e mesmo con asociacións de axuda e promoción nas universidades alemanas. O vasco xa estaba presente nos estudios universitarios de lingüística xeral, pero resulta de difícil acceso pola distancia lingüística.

En cambio, o galego, de fácil acceso para os estudiantes de español e portugués, atópase co inconveniente de estar practicamente ausente das universidades. Nas décadas anteriores, as universidades nas que se levara a cabo algunha investigación sobre o galego eran unha rara excepción, e case sempre estaba relacionada coa presencia de J. Piel ou de H. Meier. A pesar diso, xa nos anos 80, en varias Universidades (Leipzig, Berlin, Aachen) empréndense traballos sobre a situación lingüística de Galicia. Estes estudios, polas limitacións que impón a distancia e as dificultades de acceso a materiais de primeira man, non poden dar conta de tódolos detalles da nosa situación lingüística, pero en cambio esa mesma distancia permítelles ofrecer unha visión obxectiva e desapaixonada que, en boa medida, non sería posible para un investigador de dentro de Galicia. Por outra parte, estimamos que as innovacións teóricas introducidas no estudio do galego, seguindo a concepción de Heinz Kloss, principalmente, son de grande importancia para o futuro dos estudios de sociolingüística.

Con todo, debemos ter presente que estes estudios non son máis ca unha primeira ceifa, xurdidos antes de que se desen algúns pasos, aínda poucos, pola difusión do galego nas universidades europeas. Ha de terse en conta que ata 1985 só existía unha biblioteca galega (en Munic), e desde aquela creáronse seccións de galego nas bibliotecas dalgunhas universidades (Colonia, Paderborn, Frankfurt). Os primeiros cursos de lingua galega nunha universidade alemana, como asignatura curricular para os alumnos de Romanística, tiveron lugar en nas Universidades de Colonia e de Paderborn en 1986 e 1987. En 1988 o Instituto da Lingua Galega inicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, os cursos de galego para estranxeiros, con notable éxito de convocatoria e excelente rendemento académico.

Así pois, aínda que este camiño non está máis ca empezado, as accións emprendidas fannos esperar que os estudios de galego aumenten considerablemente nos próximos anos nas universidades alemanas. De feito, nestes momentos estanse realizando polo menos cinco teses de licenciatura centradas no estudio da nosa lingua e da situación sociolingüística de Galicia, nas universidades de Colonia, Bonn, Tübingen e Freiburg (36). Estamos seguros de que a súa contribución á

(36) Trátase dos seguintes traballos: K. Löbach (Colonia), sobre diglosia e bilingüismo, con especial referencia á situación galega, dirixido por J. A. Barbón; S. Montero-Küpper (Bonn), sobre in-

lingüística galega saberá ser tan valiosa como o foron os dos ilustres romanistas que os precederon no estudio da nosa lingua.

TRABALLOS CITADOS

Albrecht, S. (1990): *Zum Sprachwandel in Galicien: Die Herausbildung der galegischen Standardnorm*. Tese de Doutoramento. Univ. de Leipzig.

Bieler, A. (1920): *Beiträge zur Lautlehre und Verbalflexion der altgalizischen Urkundensprache*. Tese de Doutoramento. Univ. Hamburg.

Bochmann, K. (1983): "En torno al problema de la normalización del gallego contemporáneo", *Linguistische Arbeitsberichte* 40, pp. 2-15.

——— (1985): "Problemi della 'normalizzazione' della lingua gallega", in Cortelazzo, M. (ed.): *Guida ai dialetti veneti,* vol. 6. Padova, pp. 223-232. Trad. galega de X. A. Palacio: "Problemas da 'normalización' da lingua galega", *Grial* 91 (1986), pp. 18-28.

——— (1989): "Valeurs et fonctions pragmatiques des premiers textes modernes en galicien issus de la Guerra d'Indépendance de l'Espagne (1808-1814)", in Lorenzo, R. (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. En publicación.

——— (1990): "Unha visión sociolingüística da situación actual do galego", in *Congreso internacional da cultura galega (Santiago, 1990)*. En publicación.

Brumme, J. (1989a): "¿Idioma ó dialecto? Emilia Pardo Bazán zur Stellung des Galegischen", *Linguistische Arbeitsberichte* 69, pp. 83-90.

——— (1989b): "Acerca de la política lingüística de los regionalismos catalán y gallego (1874-1898)", in Lorenzo, R. (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. En publicación.

Bursch, H. (1979): "*Sarabia / Saraiva* - Ein galizisch-portugiesischer Prärомanismus?", *Verba* 6, pp. 29-34.

——— (1980): "Der Hund und das Schwein. Etymologische Uberlegungen zu span.-port. *perro*, galiz. *perrencha, perrencho* und verwandten Formen", *Verba* 7, pp. 13-20.

Buschmann, S. (1965): *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen* (A-F). Bonn: Romanisches Seminar der Universität.

Cornu, J. (1901): "Estoria troyaa acabada era de mill et quatroçentos et enze annos (1373)", in *Miscellanea linguistica in onore di Graziadio Ascoli*. Torino, pp. 95-128.

——— (1906): "Neugalizische Formenlehre", Apéndice a "Grammatik der portugiesischen Sprache", in Gröber, G. (ed.): *Grundriss der romanischen*

terferencias do galego no castelán de Galicia, dirixido por Ch. Schmitt; J. Kabatek (Tübingen), sobre interferencias no nivel da norma, con referencia ás interferencias entre galego e castelán, dirixida por E. Coseriu; P. Brodbeck (Tübingen), sobre a situación das linguas e a política lingüística en Galicia, dirixida por R. Kontzi; R. Freitag (Freiburg), sobre o intento de restablecemento dunha lingua non normalizada: o galego, dirixida por H.-M. Gauger.

Philologie, vol. 1. Strassburg: Karl J. Trübner, 1906[2], pp. 1031-1037. Trad. 6 español "Morfología del gallego moderno", *BRAG* 1 (1906/1907), pp. 7-9, 28-30, 52-54, 75-77, 99-101.

Coseriu, E. (1987a): "El gallego y sus problemas: Reflexiones frías sobre un tema candente", *LEA* 9, 1, pp. 127-138.

——— (1987b): "El gallego en la historia y en la actualidad", in *Actas do II Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 1987)*. Santiago / Ourense: AGAL, 1989, pp. 793-800.

Delille, K. H. (1970): "Der präpositionale Akkusativ im Neugalicischen", in *Die geschichtliche Entwicklung des präpositionalen Akusativs im Portugiesischen*. Bonn: Romanisches Seminar der Universität, pp. 13-45.

Ebeling, W. (1932): "Die landwirtschaftliche Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien). Sach- und wortkundliche Untersuchungen", *Volkstum und Kultur der Romanen* 5, pp. 50-151.

Ebeling, W. / Krüger, F. (1952): "La castaña en el noroeste de la Península Ibérica. Estudio etnográfico lexicológico", *Anales del Instituto de Lingüística* 5, pp. 155-288.

Esser, U. (1985): *Ausbausprache Galicisch*. Tese de licenciatura. RWTH Aachen.

——— (1986): "O galego, lingua en elaboración", *Grial* 93, pp. 334-343.

——— (1989): "El desarrollo del gallego hacia unha moderna lengua de cultura", in Lorenzo, R. (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. En publicación.

——— (1990): *Die Entwicklung des Galizischen zur modernen Kultursprache: Eine Fallstudie zur aktuellen Sprachplanung*. Bonn: Romanistischer Verlag.

Herrmann, U. (1986): "Einige Bemerkungen zur heutigen Situation des Galizischen", *Wissentschafliche Zeitschrift der Humboldt-Universtät zu Berlin* 35, 6, pp. 487-490.

——— (1987): *Das Galicische - eine romanische Sprache in Spanien.* Habilitationschrift. Univ. von Humboldt zu Berlin.

——— (1990): *Das Galicische: Studien zur Geschichte und heutigen Situation des Galicischen*. Frankfurt am Main: Domus Editoria Europeae, 1990.

Hubschmid, J. (1959): "Neu gebuchte galizische Wörter", *RLiR* 23, pp. 381-383.

——— (1964): "Aspan., agaliz. *busto* 'Weideland' und spätlat. *bustar* 'Ochsenstall'", *ZRPh* 80, pp. 102-119.

Krüger, F. (1923a): "Vocablos y cosas de Sanabria", *RFE* 10, pp. 153-156.

——— (1923b): *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*. Anexo 4 de *RFE*. Madrid.

——— (1925a): "Mezcla de dialectos", in *Homenaje a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*. Vol. 2. Madrid: Hernando, pp. 121-166.

——— (1925b): *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete. Ein Beitrag zur spanischen und portugiesischen Volkskunde*. Hamburg: L. Friederichsen & Co.

——— (1927): "Die nordwestiberische Volkskultur", *Wörter und Sachen* 10, pp. 45-137. Trad. esp. de E. Lorenzo y Criado: *El léxico rural del noroeste ibérico*. Anexo 26 de *RFE*. Madrid, 1947.

——— (1940): "Las Brañas: Ein Beitrag zur Geschichte der Rundbauten im asturisch-galizisch-portugiesischen Raum", in *Actas e Comunicaçoes do Congresso Nacional de Ciências da Populaçao*. Vol. 2. Lisboa, pp. 239-292. Reprod. in *Volkstum und Kultur der Romanen* 16 (1944), pp. 158-203. Trad. ó esp.: "Las Brañas: Contribución a la historia de las construcciones circulares en la zona astur-galaico-portuguesa", *BIEA* 8 (1949), pp. 41-94. Reprod. in Krüger (1987), pp. 3-44.
——— (1948): "O linho no vale do Rio Ibias (Astúrias)", in *Miscelânea de Estudos à Memória de Cláudio Basto*. Porto, pp. 193-207. Reprod. in Krüger (1987), pp. 193-207.
——— (1950): "Cosas y palabras del noroeste ibérico", *NRFH* 4, pp. 231-253.
——— (1952): "La tornería, supervivencia asturiana de un antiguo oficio europeo", in *Estudios dedicados a Menéndez Pidal.* Vol. 3. Madrid: CSIC, pp. 109-123. Reprod. in Krüger (1987), pp. 61-73.
——— (1954): "Los perfectos en *-ar* en los dialectos de Sanabria y de sus zonas colindantes", *RFE* 38, pp. 45-82.
——— (1956): *Problemas etimológicos. Las raíces car-, carr- y corr- en los dialectos peninsulares*. Madrid: CSIC.
——— (1957): "Contribuciones a la Geografía léxica del NO. de la Península", *RDTP* 13, pp. 3-23.
——— (1958a): "En torno de *foleto, fulgueira* 'helecho' en los dialectos del noroeste de la Península Ibérica", in Lausberg, H. / Weinrich, H. (Hrsg.): *Romanica. Festschrift für Gerhard Rohlfs*. Halle: Max Niemeyer, pp. 263-276.
——— (1958b): "Un problema etimológico gallego-portugués: paranho-parranheiro-parrumeira", *Revista Brasileira de Filologia* 4, pp. 11-17.
——— (1965): "Aportes a la fonética dialectal de Sanabria y de sus zonas colindantes", *RFE* 48, pp. 251-282.
——— (1987): *Palabras y cosas de suroeste de Asturias. Tres estudios*. Uviéu: Biblioteca de Filoloxía Asturiana [Inclúe Krüger (1940, 1948, 1952)].
Meier, H. (1950): "Esp. loza, lozano, loco; port. loiça - louça, louçao, louco, tolo", *RFE* 34, pp. 184-194.
——— (1951a): "Port. *bouça*, gal. west.-span. *bouza*", *Romanische Forschungen* 63, pp. 190-191.
——— (1951b): "Port. *laje*, gal. *laxe* und form- und bedeutungsverwandte Wörter", *Romanische Forschungen* 63, pp. 1-15.
——— (1973): "Der Strohmantel", in *Studia Iberica: Festschrift für Hans Flasche*. Bern / München: Francke, pp. 413-420.
——— (1974): "Problemas de gramática galega (I): Los tiempos gramaticales de futuridad", *Verba* 1, pp. 7-15.
——— (1975): "Problemas de gramática galega (II): Los tiempos gramaticales de pasado", *Verba* 2, pp. 39-44.
——— (1976): "Problemas de gramática galega (III): La colocación de los pronombres personales átonos", *Verba* 3, pp. 45-52.
——— (1977): "Galizische Etymologien", *Verba* 4, pp. 19-26.

——— (1980): "Span.-galiz.-port. *empachar, despachar*", *Verba* 7, pp. 21-28.
——— (1981): "Galizische Beiträge zu zwei lateinisch-romanischen Wortfamilien", *Verba* 8, pp. 215-228.
——— (1982): "La posición del gallego en la etimología románica", in Kremer, D. / Lorenzo, R. (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, pp. 99-108.
Mettmann, W. (1961): "Zu den Bezeichnungen für 'bis' im Altportugiesischen", *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 2 (1961), pp. 177-183.
——— (1959-1972): Ed. e glosario de Afonso X O Sábio: *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Universidade, 1959 / 1961 / 1964 / 1972. Ed. facs. 2 vols. Vigo: Xerais, 1981.
——— (1979): "Zum Stil der *Cantigas de Santa Maria* (I)", in Höfler, M. / Vernay, H. / Wolf, L. (Hrsg.): *Festschrift Kurt Baldinger zum 60. Geburtstag*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 304-313.
——— (1980): "Zum Stil der *Cantigas de Santa Maria* (II)", in Bork, H.-D. / Greive, A. / Woll, D. (Hrsg.): *Romanica europaea et americana: Festschrift für Harri Meier*. Bonn: Herbert Grundmann, pp. 193-201.
Niederehe, H.-J. (1988): "Alfons der Weise, das Galicische und die Sprachgeschichte", in Kremer, D. (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasiao do seu 85º aniversário*. Tübingen: Instituto da Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, pp. 387-397.
Paufler, H.-D. (1985): "Bilinguismus und Diglossie in Galicien", *Wissentschafliche Zeitschrift der Humboldt-Universtät zu Berlin* 34, 4, pp. 297-302.
Piel, J.-M. (1937): "Lateinisches Namengut in portugiesischen und galizischen Ortsnamen", *Volkstum und Kultur der Romanen* 10, pp. 42-64.
——— (1947a): "A propósito do nome do bispo Nausto de Coimbra (867-912). Os topónimos gal. Nouche, Nostián e port. Nostim", *Revista Portuguesa de Historia* 3, pp. 558-560.
——— (1947b): "As águas na toponímia galego-portuguesa", *Boletím de Filologia* 8, 4, pp. 305-342.
——— (1947c): "Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto geral do solo. Capítulo de uma toponímia galego-portuguesa", *Revista Portuguesa de Filologia* 1, pp. 153-198.
——— (1947d): "Nomes de 'possessores' latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa", *Biblos* 23, pp. 143-202, 283-407.
——— (1949-1952): "Notas Etimológicas", *Língua Portuguesa* 14 (1949), pp. 84-85, 129-132, 153-156, 246-249, 361-366; 15 (1950), pp. 10-14, 45-47, 130-134, 161-166, 230-232; 16 (1951), pp. 8-16, 113-117, 165-168, 215-218, 309-312; 17 (1952), pp. 18-21, 41-45.
——— (1951a): "Miscelânea de toponímia peninsular", *Revista Portuguesa de Filologia* 5, pp. 196-227.
——— (1951b): "Os nomes das 'quercus' na toponímia peninsular", *Revista Portuguesa de Filologia* 4, pp. 310-341.
——— (1952a): "Vereda, vere(i)a, vreia, breia, gal. brea", *Revista Portuguesa de Filologia* 5, pp. 233-243.

——— (1952b): "Penaguião - gal. Goyán, Goyáns, Goyás, etc.", *Boletim de Filologia* 13, 1/2, pp. 148-150.
——— (1952c): "Beiträge zur Nordwest-hispanischen Toponomastik: 1. *Bustum, pascua, veranea, hibernacula* und Verwandte", *RF* 64, 3/4, pp. 241-262. Trad. esp. de E. Alarcos Llorach: "*Bustum, pascua, veranea, hibernacula* y términos análogos en la toponomástica del NO. hispánico", *BIEA* 8, 21 (1954), pp. 25-49. Reprod. in Piel (1989), pp. 81-93.
——— (1953a): *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*. Coimbra: Universidade.
——— (1953b): "Notas de toponimia gallega", *Revista Portuguesa de Filologia* 6, pp. 51-72.
——— (1953c): "Sobrado, perfil histórico de uma palavra", *Brasilia* 7, pp. 191-199.
——— (1954): "Nombres visigodos de propietarios en la toponimia gallega", in *Homenaje a Fritz Krüger*, vol. 2. Mendoza: Universidad Nacional de Cuyo, pp. 247-268.
——— (1955/1956): "Fray Martin Sarmiento (1695-1772)", *Onoma* 6, pp. 31-34.
——— (1958a): "Galicische Etymologien", in Lausberg, H. / Weinrich, H. (Hrsg.): *Romanica. Festschrift für Gerhard Rohlfs*. Halle: Max Niemeyer, pp. 362-371.
——— (1958b): "Ramalhete de antropo-toponímia galega", in *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimento*. Vigo: Galaxia, pp. 61-65.
——— (1958c): "Zwei portuguiesisch-galizische Etymologien", in *Etymologica. Festschrift für Walther von Wartburg zum siebzigsten Geburstag*. Tübingen: Niemeyer, pp. 543-551.
——— (1959): "Sobre a terminação -endo (-indo), -enda na fito-toponimia galego-portuguesa", in *IX Congresso Internacional de Linguística Românica*, vol. 3 [= *BF* 20, 1/2 (1961)], pp. 153-163.
——— (1960): "*Magulanes* et *Untiquitarie* (Misquitarie): dois termos obscuros da *História compostelana*", in *Miscelânea filológica dedicada a Mons. Antoni Griera*. Vol. 2. Barcelona, pp. 179-187.
——— (1961a): "A propósito do topónimo galego Graña e outros descendentes do lat. graneus, -ea", *Ibérida* 5, pp. 141-145.
——— (1961b): "Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada", in *Studia Philologica. Homenaje ofrecido a Dámaso Alonso por sus amigos y discípulos con ocasión de su 60º aniversario,* vol. 2. Madrid: Gredos, pp. 599-608.
——— (1962a): "Caractères généraux et sources du lexique galicien", in *Actes du X^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romane (Strasbourg 1962)*, vol. 3. Paris: Klincksieck, 1965, pp. 1261-1267. Reprod. in Piel (1989), pp. 17-22. Versión galega: "Caracteres xenerales e orixes do léisico galego", *Grial* 11 (1966), pp. 105-107.
——— (1962b): "Comentario a cinco topónimos del noroeste de España: *Castromil, Palaciosmil, Regosmil, Sejosmil y Villatresmil*", *Strenae* 16 (= *Estudios dedicados a García Blanco*), pp. 379-382.

——— (1962/1963): "Sobre os apelidos portugueses do tipo patronímico em -ici > es (Rodrigues)", *Boletim de Filologia* 21, 3/4, pp. 167-175.
——— (1963): "Beiträge zu einem galizischen etymologischen Wörterbuch", in Meier, H. / Sckommodau, H. (eds.): *Wort und Text. Festschrift für Fritz Schalk*. Frankfurt am Main: V. Klostermann, pp. 83-100.
——— (1964): "Zur Herkunft von gal.-port. *enguizar, enguiçar* 'verhexen'", in *Mélanges de linguistique romane et de philologie médiévale offerts à Maurice Delbouille*. Vol. 1. Gembloux, pp. 463-467.
——— (1965): "Compostela", *RF* 77, pp. 121-125. Trad. ó portugués: "Sobre a origem controversa de *Compostela*", in Piel (1989), pp. 29-32.
——— (1966-1967): "Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik", *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 6 (1966), pp. 164-202 (I); 7 (1967), pp. 195-209.
——— (1967): "Apontamentos de etimologia galega", in Azevedo Filho, L. A. de (ed.): *Estudos Filológicos. Homenagem a Serafim da Silva Neto*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, pp. 149-154.
——— (1968): "Amboß, Ziegenbock und betrogener Ehemann. Betrachtungen zu asturisch-galicisch cabruñar 'dengeln'", in *Serta Romanica. Festschrift für Gerhard Rohlfs zum 75. Gebrutstag*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 171-174.
——— (1968-1978): "Beiträge zur portugiesischen Etymologie und Wortgeschichte", *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 8 (1968), pp. 151-163 (I); 9 (1969), pp. 97-109 (II); 10 (1970), pp. 249-260 (IV); 11 (1971), pp. 188-200; ["Beiträge zur portugiesischen und galizischen Etymologie und Wortgeschichte] 12 (1972/1973), pp. 89-100 (V); 15 (1978), pp. 130-149 (VI).
——— (1969): "Zum Text eines Spottliedes Alfons des Weisen", in *Mélanges offerts à Rita Lejeune*, vol. 1. Gembloux: Duculot, pp. 503-510.
——— (1969/1971): "A propósito de um centenário: O «Onomástico» de Fr. Martín Sarmiento (1.768)", *Revista Portuguesa de Filologia* 15, pp. 103-118. Rec.: [R.] C[arballo] C[alero], *Grial* 24 (1969), p. 254.
——— (1971): "Neue Beiträge zur galicisch-westgotischen Toponomastik", in Coseriu, E. / Stempel, W.-D. (eds.): *Sprache und Geschichte. Festschrift für Harri Meier zum 65. Geburtstag*. München: Wilhelm Fink, pp. 373-401.
——— (1973): "Betrachtungen zu hisp.-got. **sala*, gal.-pg. *Sáa, Sá* usw.", in Körner, K.-H. / Rühl, K. (Hrsg.): *Studia Iberica. Festschrift für Hans Flasche*. Bern / München: Francke, pp. 459-465. Trad. ó portugués: "Consideraçoes sobre o hispano-godo **sala*, gal.-port. *Sáa, Sá*, etc.", in Piel (1989), pp. 123-127.
——— (1974): "Sobre uma suposta identificação dos topónimos gal.-port. *Groba, Grova*, etc., com o etnónimo pré-romano *Grovii*", *Verba* 1, pp. 62-67.
——— (1975a): "Mánduas: Un problema de toponimia histórica galega", *Grial* 48, pp. 227-230. / pp. 227-238
——— (1975b): "Novos fragmentos de toponímia galega oriunda de nomes latinos de senhorios rurais medievos", *Verba* 2, pp. 45-58. Reprod. in Piel (1989), pp. 43-54.

——— (1975c): "Vilarmosén, Rosén e outros topónimos cingéneres da provincia de Orense", *Boletín Auriense* 5, pp. 287-289.
——— (1975/1976): "Uma antiga latinidade vulgar galaica reflectida no léxico comum e toponímico de Entre-Douro-e-Minho e Galiza", *Revista Portuguesa de Filologia* 17, 1/2, pp. 387-395. Reprod. in Piel (1989), pp. 55-60.
——— (1976a): "Ausónio, Fr. Martín Sarmiento e o peixe 'reo'", *Grial* 54, pp. 514-518.
——— (1976b): "Nótulas de onomástica trovadoresca", *Grial* 51, pp. 74-78. Reprod. in Piel (1989), pp. 105-109.
——— (1976/1977): "Ein verschollenes hispano-romanisches Suffix: gal.-port. -én/-ém < lat. -edo, -edine(m)", *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 14, pp. 299-302.
——— (1978a): "Um problema de demonologia linguística: gal. *proviso*, port. *proviço,* cast. *provizo* 'diabo' mais *proviceiro / provicero* 'feiticeiro'", *Verba* 5, pp. 5-12.
——— (1978b): "Quatro topónimos galegos: Becerreá, Becerreán, Bacurín, Bacorelle, e a etimologia de Becerro e Bácoro", *Grial* 62, pp. 411-415.
——— (1979a): "Considerações gerais sobre a toponímia e antroponímia galegas", *Verba* 6, pp. 5-11.
——— (1979b): "Sobre miragens de pré-história onomástico-lexical galega, a propósito do gal. Becerreá", *Grial* 64, pp. 129-139. Reprod. in Piel (1989), pp. 61-70.
——— (1979c): "Odeitallas e outras miudallas. Apontamentos de etimologia galega (con referência a *caño, monllo, monza, pavea, rabeira, veeira e vencello*)", *Verba* 6, pp. 341-344. Reprod. in Piel (1989), pp. 191-194.
——— (1979d): "Sobre a legitimidade do conceito de latinidade vulgar galaica", in Díaz y Díaz, M. C. (ed.): *I Reunión Gallega de Estudios Clásicos (Santiago / Pontevedra, 1979): Ponencias y comunicaciones*. Santiago: Universidade, 1981, pp. 253-258.
——— (1980): "Un nome pessoal medievo aparentemente enigmático: esperauta-sperautane", *Grial* 69, pp. 337-338.
——— (1981a): "Respiga de antropo-toponímia galega de origem latina", *Verba* 9, pp. 125-152.
——— (1981b): "Sobre o discutido problema da origem do gal.-port. *inzar / incar* 'infectar', etc.", in Bichakjian, B. H. (ed.): *From linguistics to literature. Romance studies offered to Francis M. Rogers*. Amsterdam: John Benjamins, pp. 79-83.
——— (1982): "Um sobrenome de mulher enigmático (?): Marinha "Mejouchi" (Nota de etimología frívola)", *Grial* 76, pp. 218-220.
——— (1983a): "Reminiscências trovadorescas na toponímia e onomástica galego-portuguesas", *Boletim de Filologia* 28 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, vol. 1], pp. 1-6.
——— (1983b): "Sobre a origem de uma trindade toponímica galega: 'Bergunde', 'Bergondo', 'Bragunde'", *Grial* 82, pp. 493-494.

——— (1983c): "A propósito de elementos primitivos, castiços, do léxico galaico-português", in *Congresso sobre a situaçao da Língua Portuguesa no mundo (Lisboa, 1983). Actas*, vol. 2. Lisboa: ICALP, 1987, pp. 409-412.
——— (1983d): "Cinco nótulas de etimologia galega", in *Philologica hispaniensia in honorem Manuel Alvar*, vol. 1. Madrid: Gredos, pp. 531-535.
(1983e): "Novos ensaios de toponimia ásture-galego-portuguesa", Separata de *Revista Portuguesa de Filologia* 19. Coimbra.
——— (1984a): "Novíssimas achegas à história da tradição antropo-toponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico", *Verba* 11, pp. 5-24.
——— (1984b): "Verschollenes und Gegenwärtiges in den galicisch-portugiesischen Ortsnamen: Stroh und Heu", *ZRPh* 100, pp. 518-524. Trad. ó portugués: "Nomes esquecidos e nomes actuais na toponímia galego-portuguesa, a propósito de *cabanas, trofa, feno* e *palha*", in Piel (1989), pp. 77-80.
——— (1985): "Sobre os topónimos gal. *barja/barza*, port. *Varge/vargem/várzea*, ast. *bárzena/bárzana* e outros afíns do noroeste da P. Ibérica", *Grial* 90, pp. 471-474.
——— (1986a): "Um verbo galego de difícil interpretação etimológica: 'Apouvigar'", *Grial* 93, pp. 365.
——— (1986b): "Sobre a imprevisível origem do topónimo 'Servoy'", *Grial* 91, pp. 99-101.
——— (1989): *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa.* [Lisboa]: Imprensa Nacional - Casa da Moeda [Inclúe Piel 1952c, 1962a, 1965, 1973, 1975b, 1975/1976, 1976b, 1979b, 1979c, 1984b, entre outros traballos].
Piel, J.-M. / Kremer, D. (1977): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der iberichen Halbinsel.* Heidelberg: Carl Winter.
Rübecamp, R. (1930): *Die Sprache der altgalizischen Cantigas de Santa Maria von Alfonso el Sabio.* Tese de Doutoramento. Hamburg.
——— (1933): "A linguagem das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X o Sábio", *Boletim de Filologia* 1, 3/4 (1933), pp. 273-356; 2, 2 (1933) pp. 141-152.
——— (1954): "Satzphonetische Erscheinungen aus den Cantigas de Santa Maria von Alfons dem Weisen", in *Homenaje a Fritz Krüger.* Vol. 2. Mendoza: Univ. Nacional de Cuyo, pp. 283-303.
Schneider, H.-K. (1938): "Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense - Spanien)", *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, pp. 69-145 e 193-281.
——— (1975): "Das Galicische" e "Die galizische Literatur", in Haensch, G. / Hartig, P. (Hrsg.): *Handbücher der Auslandskunde: Spanien*, vol. 2: *Sprache und Literatur.* Frankfurt: Moritz Dienstweg, pp. 68-76, e 173-178.
Schroeder, W. (1937): "Die Fischerboote von Finisterre", *Volkstum und Kultur der Romanen* 10, pp. 157-211.
——— (1938): "Hausbau en NW-Spanien (Finisterre)", in *Travaux du Premier Congrès Internacional de Folklore (Paris, 1937).* Tours, pp. 62-78.
Sponer, M. (1927): "Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega", *Nós* 9, 37, pp. 2-3.

——— (1934): "Documentos antiguos de Galicia", *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura* 7, pp. 113-192.

Voigt, B. (1979): "Interrelación entre nación, clase y lengua en Galicia", in *Bildung und Ausbildung in der Romania.* Vol. 3: *Iberische Halbinsel und Lateinamerika*. München: Wilhelm Finck, pp. 439-453.

Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia

M. ANÍBAL RODRÍGUEZ NEIRA

BREVE NOTICIA SOBRE A SITUACION LINGÜISTICA GALEGA

A ruptura do tradicional código diglósico galego, fenómeno sociolingüístico de especial relevancia e trascendencia en Galicia, supón unha modificación sustancial tanto da consideración das dúas lingua que coexisten neste territorio (a galega e a castelá) coma do rol atribuído a cada unha delas e, polo tanto, das conductas lingüísticas dos seus falantes.

De acordo co citado código, un dos idiomas, o castelán, era sentido e usado coma lingua "prestixiada" (variedade "alta" na diglosia funcional) válido para tódolos ámbitos e situacións, pero específico das formalizadas e seña de identidade do urbano e do socialmente elevado. Pola contra, o outro, o galego, era apropiado nos ámbitos coloquial e familiar dos que o usaban habitualmente.

A metamorfose desta situación iníciase coa pretensión de mellora social dos galego-falantes e, en consecuencia, coa necesidade de adquiri-lo idioma propio dos roles sociais prestixiados e culmínase coa crenza, non xeneralizada, de que o galego serve para aquelas funcións tradicionalmente reservadas ó castelán (cultural, docente, lexislativa, comunicativa nos medios de comunicación de masas, etc.) equiparando deste xeito, polo menos oficialmente, os estatus de ámbolos dous idiomas (1).

Esta dignificación da lingua galega non atopa, sen embargo, o seu correlato nas conductas lingüísticas dos galegos. Os datos aportados polas últimas investigacións e os que analizaremos máis adiante presentan unha situación moi distinta do suposto e presumible "bilingüismo equilibrado" que se derivaría da citada equivalencia teórica. Isto proba que, dalgún xeito, o código tradicional áchase vixente.

LIMITES NA CUANTIFICACION DO CAMBIO. SOLUCION ADOPTADA

A carencia de censos lingüísticos de Galicia condiciona notoriamente a investigación en socioloxía do bilingüismo galego. A falla de datos xerais referidos a distintos intres verbo da distribución das dúas linguas faladas nesta comunidade, o seu grao e modo de emprego, a competencia, conductas e actitudes lingüísticas da

(1) Unha explicación máis detallada destas cuestións áchase en Rojo (1981), pp. 294-298. Para unha visión histórica véxase García, 1985.

súa poboación, etc. explicaría que unha boa parte dos estudios sobre estes temas se limiten a universos concretos que pola súa especifidade non só dificultan, senon que, en boa medida, impiden unha comparanza fiable dos resultados. Se a iso se engade o carácter recente destes traballos (os primeiros non superan os vinte anos de antigüidade) doadamente se comprende os riscos e atrancos que implica trazar un perfil cronolóxico da evolución das devanditas cuestións.

Non obstante, malia destas restriccións, parece posible cuantifica-lo cambio lingüístico en tres xeracións consecutivas a partir de datos obtidos nun único momento do tempo. Fernández (1983) demostrou a conveniencia e viabilidade do procedemento tomando coma base certas conductas lingüísticas familiares en cada xeración e non a lingua materna dos individuos como postulara Lieberson (1980). Con razón afirma o primeiro que no caso galego cuantifica-lo cambio lingüístico a partir da lingua materna pode levarnos a grave erro porque "ésta en Galicia *no determina* la conducta lingüística de la población, aunque sea, sin duda, un factor importante" (2). Por outra banda, a carencia de datos xerais sobre o primeiro idioma e a heteroxeneidade das mostras aconsellan evita-la fórmula de Lieberson.

CARACTERISTICAS

Atendendo, pois, ás limitacións expostas e ás directrices metodolóxicas mais axeitadas para o exemplo galego, o presente traballo caracterízase pola súa índole aproximativa e contributiva (emporiso o título) tanto polo carácter limitado da información que contén coma polo tratamento analítico que esixe o espacio disponible. Pretende ser únicamente unha aportación mais ó estudio da evolución do cambio e da súa cuantificación.

Os datos aquí recollidos proceden dun inquérito realizado no ano 1988 a 4.335 universitarios galegos procedentes de distintos hábitats e sectores socioprofesionais. Representa aproximadamente un 10% da poboación que cursaba estudios deste nivel en Galicia no citado período. Polo tanto, a selección, variedade e amplitude da mostra avalan a representatividade do devandito sector.

A información que analizarei neste estudio, tomada do citado inquérito, artéllase arredor de tres núcleos fundamentais:

1. A lingua habitual do encuestado fóra do ámbito específicamente universitario.
2. A lingua habitual dos seus pais.
3. A lingua habitual dos seus avós.

A madurez e capacidade de observación dos encuestados foron razón de abondo para pedirlles información sobre as conductas lingüísticas habituais ou dominantes tanto propias coma dos seus familiares. En cada pregunta contempláronse cinco posibilidades de resposta: "Só galego", "maioritariamente galego",

(2) Véxase Fernández (1983), pp. 81-82.

"galego e castelán por igual", "maioritariamente castelán" e "só castelán" e versaron sobre a lingua falada habitualmente por cada xeración.

TENDENCIAS DO CAMBIO: CASTELANIZACION E GALEGUIZACION

Os resultados obtidos aparecen expresados porcentualmente no gráfico 1 segundo as cinco posibilidades de resposta propostas. Unha lectura sinxela dos mesmos no sentido interxeracional descendente indica que a sustitución do galego polo castelán é o proceso máis representativo do cambio lingüístico en Galicia. O gráfico revela que o descenso no emprego do galego da xeración máis adulta á máis nova vai acompañado dun incremento semellante no uso do castelán. A comparanza das porcentaxes das opcións "só galego" e "só castelán" demostra a existencia dun decidido proceso de desgaleguización, ou de castelanización, segundo o idioma que se tome coma referencia. Cómpre, sen embargo, suliñar que este proceso non é único nin unidireccional.

Mentres que entre os avós a porcentaxe de uso do galego representa un 43%, nos pais redúcese case á metade (21%) e nos fillos supón únicamente un 12,2%. Por outra parte, o emprego do castelán aumenta de avós (20,4%) a pais (23,7%) e decididamente de éstes ós seus fillos (43%).

Unha interpretación dos resultados máis polo miúdo, cruzando os distintos usos segundo se recolle nas táboas 1 e 2, confirma a existencia doutro proceso interxeracional de signo contrario, se ben máis feble có anterior, consistente en reemplaza-lo emprego do castelán polo do galego. Tratarei aquí só da *galeguización* porque os feitos dos que me ocupo refírense fundamentalmente ó cambio dunha xeración a outra. Non obstante, dado que opero con datos referidos á conducta lingüística habitual obtidos nun único momento do tempo e non á lingua materna, hai que admiti-la posibilidade de que conteñan, aínda que en moito menor grao, procesos de regaleguización de natureza intraxeracional (3).

A CUANTIFICACION DO CAMBIO LINGÜISTICO

O contraste dos datos recollidos na táboa 1, referidos á xeración dos avós e a dos pais, define a magnitude dos procesos que estamos a comentar. Así, mentres que só o 48,3% dos fillos de galego-falantes conserva a lingua dos seus proxenitores, o 85,4% dos avós que usan só castelán pode ver perpetuada esta conducta nos seus descendentes directos.

A diferencia entre estas porcentaxes indica que as mutacións son moito máis intensas entre os usuarios do galego que nos do castelán. Nos primeiros, a porcentaxe de abandono da súa lingua de orixe é do 51,6%, fronte a un 14,7% nos segundos. Os cocientes de instalación na outra lingua son así mesmo significativos. Un 8,1% dos fillos dos galego-falantes usa única ou maioritariamente castelán, a

(3) Para a definición destes conceptos véxase Rojo (1981), p. 293.

diferencia de só un 0,8% de descendentes de avós castelán falantes que utiliza só ou maioritariamente o galego.

A distribución da táboa 2, lingua dos pais e dos seus fillos, conserva as constantes que rematamos de describir. As porcentaxes de mantemento nas columnas "galego" (45,6%) e "castelán" (87,5%) incrementan a súa diferencia respecto das súas homónimas na táboa 1.

Así mesmo os índices de utilización das opcións "castelán" e "maioritariamente castelán" nos fillos de galego-falantes (20,1%) superan ós dos seus homólogos da táboa 1 en 12 puntos. Por outra parte, o proceso de galeguización duplicaríase (1,6%) respecto ó da devandita táboa. Profundizarei nestes aspectos ó tratar da súa intensidade.

A cuantificación destes fenómenos, referida agora á totalidade dos datos, revalida os supostos citados. Para o cálculo do mantemento lingüístico sumamos os cuartos datos das subcolumnas comprendidas nunha diagonal trazada desde a opción "galego-galego" ó longo de tódalas confluencias dos usos homónimos dunha e outra variable ata a "castelán-castelán". A porcentaxe de mantemento así obtida na táboa 1 é do 52,9%, superior en 9 puntos á resultante de aplica-lo mesmo procedemento na táboa 2 (43,9%).

A porcentaxe xeral de castelanización obtense sumando os cuartos datos das subcolumnas comprendidas por debaixo da citada diagonal, e os de galeguización realizando a mesma operación cos cuartos cocientes situados por enriba da devandita liña. As cifras obtidas demostran que a castelanización é moito mais intensa que a galeguización e que en ámbolos casos é superior entre os fillos ca entre os pais. A primeira acada o 42,7% na xeración paterna e o 48,4% na máis nova, mentres que a galeguización sitúase só nun 4,3% nos pais e no 7,6% nos seus fillos. O gráfico 2 resume e compara as porcentaxes dun e outro proceso en ámbalas xeracións.

A cuentificación destes fenómenos segundo a modalidade de uso habitual en cada xeración presenta distribucións semellantes de avós a pais e destes ós seus fillos. Para o cálculo de cada un dos procesos utilizo o procedemento xa descrito, consistente en tomar coma referencia a diagonal citada, se ben, para este uso os cocientes elixidos son os terceiros de cada subcolumna. Os resultados correspondentes están recollidos nos gráficos 3 e 4.

O cotexo dos datos obtidos demostra, unha vez máis, que os cambios lingüísticos son máis intensos nos fillos ca nos seus pais.

Por usos, as maiores porcentaxes de castelanización prodúcense entre os descendentes daqueles que parecen ter principiado este proceso, é dicir, dos que usan "maioritariamente galego" ou empregan indistintamente por igual ámbolos dous idiomas. A diferencia destes cocientes cos obtidos para os fillos dos monolingües en galego podería interpretarse coma un indicio do papel que desempeña o medio familiar no cambio lingüístico. A intensidade da castelanización parece incrementarse cando o proceso arrinca da xeración precedente.

Tamén a galeguización presenta unha evolución semellante. Mentres as porcentaxes deste cambio entre os que proveñen de familias castelán-falantes parecen diminuir dunha xeración a outra, 14,7% nos pais e 12,4% nos seus fillos, nos

xoves orixinarios de familias que supostamente iniciaran o proceso de galeguización co emprego maioritario do castelán, do bilingüismo ou de "maioría galego" tende a incrementarse. O crecemento do uso respecto ó dos seus pais é de 3,2 puntos na opción "maioritariamente castelán", de 2,4 na bilingüe e de 6,6, o mais alto, no emprego maioritario do galego. Esta evolución debe relacionarse cunha nova situación promovida por algunhas xeracións de xoves que amosaron interés pola lingua vernácula.

Entendo que o cambio dun uso é de intensidade *absoluta* cando existe sustitución total da lingua habitual, neste caso da xeración anterior. Se o abandono é parcial implica o establecemento de distintos graos que abranguerían desde niveis de maior intensidade ou *altos* (emprego maioritario da outra lingua) ata febles ou *baixos* nos que se segue a usar preferentemente o idioma da xeración precedente. O emprego indistinto dunha ou outra lingua por igual corresponde lóxicamente a unha intensidade *media.*

O gráfico 5 recolle a intensidade do cambio nos pais e nos fillos. Foi elaborado a partir dos datos das citadas columnas das táboas 1 e 2.

A comparanza dos seus resultados revela que as castelanizacións máis intensas (absoluta e alta) increméntanse nos máis novos en perxuizo das mais febles (media e baixa). Isto indica que o proceso parece intensificarse na última xeración, tendendo deste xeito a acelera-lo cambio. A mesma tendencia se aprecia, se ben en menor grao, na galeguización. O nivel *absoluta* case chega a triplicarse nos fillos respecto ó de seus pais e, igual ca no fenómeno oposto, os valores febles tenden a descender.

Por último, o contraste dos índices de utilización de cada unha das linguas nas distintas xeracións ven revalidar os supostos enunciados. Para calculalo considero cada unha das posibilidades de resposta de cada variable nunha escala de intervalos de 0 a 1 ás que atribúo un valor cuantitativo, de xeito que, para o cálculo do índice de emprego do galego atribúolle o valor 0 a "só castelán", 0,25 a "maioría castelán", 0,5 ó bilingüismo, 0,75 a "maioría galego" e 1 ó uso exclusivo deste idioma. A media ponderada do producto de cada valor pola porcentaxe de cada posibilidade de resposta proporciona o índice de uso.

Os resultados, recollidos na táboa 3, demostran a regresión do emprego do galego dunha xeración a outra (4).

A CUANTIFICACION POR HABITAT

A cuantificación do cambio por hábitat, reflexada nos gráficos 6 e 7, proba que, aparte das diferencias xa suliñadas entre os dous procesos en cada xeración, as maiores variacións de pais a fillos prodúcense no medio non urbano.

No gráfico 7 as porcentaxes de mantemento diminúen ostensiblemente nas vilas e nas aldeas e, en menor grao, nos arrabaldes das cidades. Pola contra, os procesos de cambio tenden a aumentar. A castelanización acentúase progresiva-

(4) A tendencia a intensifica-la castelanización nos fillos parece lóxica tendo en conta a natureza da mostra elixida.

mente co maior carácter rural de xeito que na periferia urbana o incremento de pais a fillos é de só 3,6 puntos, mentres que nas vilas a diferencia medra ata os 12,6 e na aldea sitúase 21,7 puntos por enriba da porcentaxe paterna.

Os índices de utilización do galego por hábitat recollidos na táboa 4 confirman que a desgaleguización de pais a fillos tende a decaer no centro urbano e a intensificarse a medida que aumenta o carácter rural.

O maior emprego da lingua galega no medio non urbán e a tendencia dos seus falantes habituais a modifica-la súa conducta lingüística poderían sé-las causas principais desta evolución.

Pola súa parte, a galeguización, que como puidemos comprobar, propende a medrar de pais a fillos parece intensificarse coa maior tendencia urbana, se ben as diferencias neste senso, dada a debilidade dos cocientes, resultan pouco relevantes.

A CUATIFICACION POR GRUPO SOCIOPROFESIONAL PATERNO

Os gráficos 8 e 9 recollen a distribución do cambio por grupo socioprofesional paterno. Unha lectura rápida dos seus resultados demostra que mentres nos pais a castelanización tende a ser uniforme en tódolos grupos, de quitado no dos labradores e no dos mariñeiros, nos seus fillos progresa a medida que descendemos na escala social. As menores porcentaxes corresponden á clase alta (23,9%) -aparte de outras razóns porque a súa lingua habitual xa era o castelán- e as maiores ós sectores sociais medios ou baixos. Nestes últimos destacan as altas cotas de castelanización nos fillos dos pequenos empresarios, labradores, mariñeiros e dos obreiros.

Os índices de utilización do galego recollidos na táboa 5 revalidan estes supostos sobre a evolución da castelanización. Mentres que na clase alta, o ritmo deste proceso tende a diminuir (as diferencias redúcense aproximadamente á metade nos fillos respecto ós seus pais) nos estratos medios e baixos tende a incrementarse, especialmente nos xoves dos grupos antes citados. Entre os labradores e mariñeiros pásase de un índice de uso paterno de 0,86 a un 0,65 nas últimas xeracións, nos empresarios medios do 0,46 ó 0,25 e nos dous últimos grupos da escala (obreiros e asimilados) do 0,63 ó 0,37. As diferencias entre os índices de uso de cada unha das xeracións, reflexado nas dúas últimas columnas da citada táboa, resumen a evolución deste proceso.

A galeguización, que tende a manter por igual os incrementos suliñados na xeración máis nova, mostra certa propensión a intensificarse nos grupos sociais altos.

CONCLUSIONS

Da análise realizada dedúcese que:

1. A cuantificación do cambio lingüístico revela que unha das súas manifestacións, a castelanización ou desgaleguización, é moito mais intensa e de maior entidade ca súa oposta, a galeguización, proba de que o uso do castelán non só tende a manterse senón a incrementarse en maior cuantía có do galego. De algún xeito, o tradicional código diglósico conserva a súa vixencia.

2. As xeracións xoves mostran menor tendencia a mante-la lingua dos seus pais ca estes a dos avós. Os procesos de cambio acentúanse na última xeración.

3. Castelanización e galeguización parecen intensificarse cando fermentaron na xeración anterior. Nembargantes, tenden a debilitarse nos xoves que proceden de familias monolingües.

4. A castelanización afecta en maior grao ó medio non urbano. Na última xeración exténdese a medida que diminúe o carácter urbano. Sen embargo, mingua na cidade.

5. A castelanización tende a intensificarse nos xoves orixinarios de clases medias ou baixas e a decaer nas altas. A galeguización parece algo mais vigorosa nestes últimos.

BIBLIOGRAFIA MINIMA

Alonso Montero, X. (1973): *Informe -dramático- sobre la lengua gallega,* Madrid, Akal.

Cooper, R.L. (1982): *Language spread studies in diffusion and social change,* Bloomington, Indiana, Univ. Press.

Fernández Rodríguez, M. (1983): "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: el ritmo de la desgalleguización en los últimos cincuenta años", en *Verba,* 10, pp. 79-129.

——— (1978): "Bilingüismo y diglosia", en *Verba,* 5, pp. 377-391.

Fishman, J.A. (1972a) (ed.): *Readings in the Sociology of Language,* La Haya, Mouton.

——— (1972b) (ed.): *Advances in the Sociology of Language,* La Haya, Mouton.

——— (1978) (ed.): *Advances in the Study of Societal Multilingualism,* La Haya, Mouton.

García González, C. (1985): *Temas de Lingüística Galega,* A Coruña, Biblioteca Galega, Serie Nova.

Lieberson, Stanley (1980): "Procedures for Improving Sociolinguistics Surveys of Language Maintenance and Language Shift", en *International Journal of the Sociology of Language,* 25, pp. 11-27.

Monteagudo, E. et al. (1986): *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo,* Santiago, Consellería de Educación e Cultura.

Ninyoles, R. (1977): *Cuatro idiomas para un estado,* Madrid, Cambio 16.

Noia Campos, M.C. (1980): *Descripción e medida do bilingüismo en dous grupos escolares da zona de Vigo,* Universidade de Santiago.

Pérez Vilariño, J. (1979): *Dependencia y discriminación escolar en Galicia,* Madrid, Akal.

Rodríguez Neira, M.A. (1986): "Verbo do proceso de sustitución lingüística en Galicia", en *XVIII Congress International de Linguistique et Philologie Romanes,* Tréveris, pp. 253-265.

Rojo Sánchez, G. (1981): "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", en *RSEL,* 11.2, 1981, pp. 269-310.

——— (1982): "La situación lingüística gallega", en *Revista de Occidente,* 10-11, febr. 1982, pp. 93-110.

Rubal Rodríguez, X. (1985): *Coordenadas e perfís sociolingüísticos do alumnado de bacharelato en Galicia,* Universidade de Santiago, Fac. de Filosofía e CC. da Educación.

Tejedor Tejedor, F.J. (1984): "La investigación sobre bilingüismo: valoración, metodología y análisis de resultados", en *Educación y sociedad plural II,* Santiago, ICE Universidad, pp. 157-178.

Van del Plank, P.H. (1978): "The Assimilation and Non-Assimilation of European Linguistics Minorities", en Fishman, J.A. (ed.) 1978: *Advantages in the Study of Societal Multilingualism,* La Haya, Mouton.

V.V.A.A. (1978): *Bilingüismo y biculturalismo,* Barcelona, CEAC.

LINGUA HABITUAL DOS AVOS

		Galego	M. Galego	Gal/cast.	M. cast.	Cast.	N
	Galego	814	9	8	1	3	835
L		97.5	1.1	1.0	.1	.4	21.7
I		48.3	1.3	2.2	.3	.4	
N		21.1	.2	.2	.0	.1	
G							
U	M. Gal.	494	241	8	4	3	750
A		65.9	32.1	1.1	.5	.4	19.5
		29.3	34.8	2.2	1.3	.4	
		12.8	6.3	.2	.1	.1	
H	Gal/cast.	240	262	116	22	23	663
A		36.2	39.5	17.5	3.3	3.5	17.2
B		14.2	37.8	31.4	6.9	2.9	
T		6.2	6.8	3.0	.6	.6	
D	M. cast.	90	135	155	197	86	663
O		13.6	20.4	23.4	29.7	13.0	17.2
S		5.3	19.5	41.9	61.9	11.0	
		2.3	3.5	4.0	5.1	2.2	
P	Cast.	48	46	83	94	670	941
A		5.1	4.9	8.8	10.0	71.2	24.4
I		2.8	6.6	22.4	29.6	85.4	
S		1.2	1.2	2.2	2.4	17.4	
	N	1.686	693	370	318	785	3.852
		43.8	18.0	9.6	8.3	20.4	100.0

Chi cadrado = 4006.14 16 g. l. P = 0 Tau B Kendall = .71 P = 0 R. Pearson = .79 P = 0

TABOA I

LINGUA HABITUAL DOS PAIS

		Galego	M. galego	Gal/cast	M. cast.	Cast.	N
L	Galego	402	66	18	14	11	511
I		78.7	12.9	3.5	2.7	2.1	12.2
N		45.6	7.9	2.4	1.9	1.1	
G		9.6	1.6	.4	.3	.3	
U							
A	M. gal.	162	135	33	14	5	349
		46.4	38.7	9.5	4.0	1.4	8.3
		18.4	16.2	4.4	1.9	.5	
H		3.9	3.2	.8	.3	.1	
A							
B	Gal/cast.	141	171	125	59	27	523
I		27.0	32.7	23.9	11.3	5.2	12.4
T		16.0	20.5	16.7	7.9	2.7	
		3.4	4.1	3.0	1.4	.6	
D							
O	M. cast.	102	260	235	311	81	989
S		10.3	26.3	23.8	31.4	8.2	23.5
		11.6	31.2	31.4	41.7	8.1	
F		2.4	6.2	5.6	7.4	1.9	
I							
L	Cast	75	202	337	347	871	1.832
L		4.1	11.0	18.4	18.9	47.5	43.6
O		8.5	24.2	45.0	46.6	87.5	
S		1.8	4.8	8.0	8.3	20.7	
	N	882	834	748	745	995	4.204
		21.0	19.8	17.8	17.7	23.7	100.0

Chi cadrado = 3033.22 16 g.l. P=0 Tau B de Kendall = .61 P=0 R de Pearson = .66 P=0

TABOA 2

Indices de uso	Avós	Pais	Fillos	Diferencia Avós-pais	Pais-fill.
do galego	0.64	0.49	0.31	0.15	0.18
do castelán	0.36	0.51	0.69		

TABOA 3

Indices de uso do galego	Avós	Pais	Fillos	Diferencia Avós-pais	Pais-fill.
Cidade (centro)	0.49	0.31	0.16	-0.18	-0.15
Cidade (periferia)	0.67	0.51	0.28	-0.16	-0.23
Vila	0.75	0.60	0.37	-0.15	-0.23
Aldea	0.92	0.85	0.66	-0.07	-0.19

TABOA 4

Indices de uso do galego	Avós	Pais	Fillos	Diferencia Avós-pais	Pais-fill.
G. empresarios	0.35	0.20	0.15	-0.15	-0.05
T. sup. empres.	0.37	0.21	0.14	-o.16	-0.07
T. sup. admón	0.41	0.24	0.16	-0.17	-0.08
Emp. medios	0.64	0.46	0.25	-0.18	-0.21
Pequ. empres.	0.74	0.58	0.34	-0.16	-0.24
Pers. servicios	0.60	0.43	0.23	-0.17	-0.20
Labrador/mariñ.	0.91	0.86	0.65	-0.05	-0.21
Obreiro espec.	0.79	0.63	0.37	-0.16	-0.26
Peón/parado	0.78	0.63	0.37	-0.15	-0.26

TABOA 5

Gráfico 1. Usos ling. habt. nos avós, pais e fillos




Gráfico 2. Cast., mant. e galeg. nos pais e nos fillos




Gráfico 3. Cast., mant e gal. nos pais por usos





Gráfico 4. Cast., mant. e gal. nos fillos por usos






Gráfico 6. Cast., mant. e gal. nos pais por hábitat




Gráfico 7. Cst., mant. e gal. nos fillos por hábitat




Gráfico 8. Cst., mant. e gal. nos pais por profesión





Gráfico 9. Cst.,mant. e gal. nos fillos por prof. paterna



Primeras fuentes de la gramática de la R.A.E. de 1771 (1ª edición)"

MANUEL TABOADA

tan *solo* que aun de vos me guardo en esto.

(Ed. E. L. Rivers, Madrid, Castalia, 1983[3], pp. 36 y 41).

En un trabajo de este tipo, Jorge Manrique y los poetas castellanos de los cancioneros ocuparían un lugar preeminente.

cómo es subrayado el poder imparable del amor por Manrique en esta composición:

Es amor *fuerça* tan *fuerte*
que *fuerça* toda razón,
una *fuerça* de tal suerte
que todo seso convierte,
con su *fuerça*, en afición.
Una porfía *forçosa*
que no se puede vencer,
cuya *fuerça* porfiosa
facemos más poderosa
queriéndonos defender

(XXX, vv. 1-10; p. 136).

Sin embargo, debido a la propia esencia del amor cortés, también es frecuente el procedimiento contrario: la creación de la *obscuritas* retórica por medio de la *annominatio*. Véase cómo *macho e fembra* y políptoton verbal, en este caso debido a las variaciones de modo y persona gramatical, provocan ciertas dificultades de comprensión en el siguiente fragmento:

Entiendo y sé lo que *quiero*,
mas no entiendo lo que *quiera*
quien *quiere* siempre que *muera*
sin *querer* creer que *muero*

(XVI, vv. 14-17; p. 117).

Vinculada a otros procedimientos, la *annominatio* se presta a juegos verbales que propician ingeniosas y oscuras agudezas: annominación y retruécano se conjugan en el arranque de la esparza VII:

Yo *callé*, males *sufriendo*,
y *sufrí*, penas *callando*,
padescí, no *meresciendo*,
y *merescí*, *padesciendo*,
los bienes que no demando

(VII, vv. 1-5; p. 109).

Igualmente, *annominatio* y paradoja se unen en esa búsqueda de dificultad estilística y sutileza en la expresión del sufrimiento amoroso en la canción XXIII:

Con *dolorido* cuidado,
desgrado, pena y *dolor*,
parto yo, triste *amador*,
d'*amores* desamparado,
d'*amores*, que no d'*amor*.

(XXIII, vv. 1-5; p. 126).

A partir de aquí, determinar más valores generales de la *annominatio* sin incurrir en el casuismo es ya más complicado. No obstante, esto no significa que la disección de esta técnica en siete especies carezca de rentabilidad: precisamente el análisis de casos más puntuales la justifica, pues las diferencias que hemos establecido, mínimas en ocasiones, se proyectan siempre sobre el discurso poético. De hecho, ciertos tipos de *annominatio* poseen características específicas que se ma-

nifiestan de manera recurrente en sus concreciones. Así, frente las restantes clases, la paronomasia pone de relieve no uno, sino dos lexemas distintos:

Así qu'estoy en temor,
bien cierto, de mala *suerte*,
pues no hallo ser mejor,
el remedio del dolor,
ni la vida que la *muerte*

(III, vv. 23-7; p. 103).

De manera paralela, el hecho de que sea más frecuente el polípototon verbal que el políptoton nominal es debido a que la mayor riqueza del paradigma flexional del verbo brinda un más amplio abanico de juegos conceptuales -oposiciones temporales, modales y de persona, sobre todo-:

Por fin de lo que dessea
mi servir, y mi *querer*,
y firme fe,
cosentid que vuestro *sea*,
pues que vuestro *quiero ser*
y lo *seré*.
Y perded toda la duda
que tomastes contra mí
d'ayer acá;
que mi servir no se *muda*,
aunque vos pensáis que sí,
ni *mudará*

(XXXVIII, vv. 85-96; p. 191).

La *derivatio*, en fin, permite fundir *annominatio* y antítesis, de modo que el contraste entre similitud fonética y disimilitud semántica alcanza aquí su grado máximo:

Que, aunque seas poderoso,
haslo de ser en lo *justo*;
pero no voluntarioso,
criminoso y achacoso,
haciendo lo qu'es *injusto*

(XXXV, vv. 111-5; p. 171).

El análisis de las subespecies de un recurso y casos concretos, por tanto, justifica lo que Barthes (1970) denominó un tanto despectivamente "la rage taxinomique" del *ars rhetorica*: toda técnica literaria aporta matices expresivos particulares al discurso.

En definitiva, la profusa utilización de diversos tipos de *annominatio* por parte de Jorge Manrique es una manifestación del componente agudo o conceptista de su poesía amorosa. Valores más puntuales de este procedimiento están constituidos por su función como refuerzo de la comprensibilidad del discurso, así como por el fenómeno contrario, la creación de la *obscuritas* elocutiva. Finalmente, el estudio de los subconjuntos del recurso y ejemplos concretos puede revelar distintos matices expresivos de las diferentes técnicas englobadas en la noción, más amplia, de *annominatio*.

Anónimo: *Rhetorica ad Herennium*, ed. de Harry Caplan, London-Cambridge, Massachussets, William Heinemann Ltd.-Harvard University Press, 1954 (reimpresión de 1964).

Barthes, Roland (1970): "L'ancienne rhétorique", *Communications*, 16 (1970), pp. 172-229. Hay traducción española de Beatriz Dorriots: *Investigaciones retóricas I. La antigua retórica*, Barcelona, Ediciones Buenos Aires, 1982.

Curtius, Ernst Robert (1948): *Europaische Literatur und lateinisches Mittelalter*, Berna, A. Francke AG Verlag, 1948[1]. Manejo la traducción de Margit Frenk y Antonio Alatorre: *Literatura europea y Edad Media latina*, 2 vols., México, Fondo de Cultura Económica, 1955 (tercera reimpresión, 1981).

Gili Gaya, Samuel (1961): *Curso superior de sintaxis española*, Barcelona, Bibliograf, 1981[13].

Jakobson, Roman y Claude Lévi-Strauss (1962): "'Les Chats' de Charles Baudelaire", *L'Homme*, II (1962, nº 1), pp. 5-21. Manejo la traducción de Celia Amorós, *vid.* Vidal-Beneyto (1981: 143-160).

Johnson-Laird, P. N. (1970): "The Perception and Memory of Sentences", en John Lyons: *New Horizons in Linguistics*, vol. I, Hardmondsworth, Penguin Books, 1970, pp. 261-270. Cito por la versión española de Conxita Lleó: "La percepción y la memoria de oraciones", en J. Lyons: *Nuevos horizontes de la Lingüística*, Madrid, Alianza, 1975, pp. 273-283.

Lausberg, Heinrich (1960): *Handbuch der literarischen Rhetorik. Eine Grundlegung der Literaturwissenschaft*, München, Max Hueber Verlag, 1960. Manejo la traducción española de José Pérez Riesco: *Manual de retórica literaria. Fundamentos de una ciencia de la literatura*, 3 vols., Madrid, Gredos, 1966-1969.

——— (1963): *Elemente der literarischen Rhetorik*, München, Max Hueber Verlag, 1963. Manejo la traducción española de Mariano Marín Casero: *Elementos de retórica literaria*, Madrid, Gredos, 1975.

Lázaro Carreter, Fernando (1968): *Diccionario de términos filológicos*, Madrid, Gredos, 1968[3].

——— (1974): "Presentación y Apéndice" a S. R. Levin: *Estructuras lingüísticas en la poesía*, *vid.* Levin (1962).

Levin, Samuel R. (1962): *Linguistic Structures in Poetry*, The Hague, Mouton & Co., 1962[1]. Hay traducción de J. Rodríguez-Puértolas y C. de Rodríguez-Puértolas: *Estructuras lingüísticas en la poesía*, presentación y apéndice de F. Lázaro Carreter, Madrid, Cátedra, 1974.

Manrique, Jorge: *Obras*, ed. de A. Serrano de Haro, Madrid, Alhambra, 1986[1].

Marrou, Henri-Irénée (1948): *Histoire de l'éducation dans l'Antiquité*, Editions du Seuil, Paris, 1955[3]. Hay traducción de J. R. Mayo revisada por N. Spinelli de Mazzioti: *Historia de la educación en la Antigüedad*, Buenos Aires, Editorial Universitaria, 1976[3].

Nebrija, Antonio de (1492): *Gramática de la lengua castellana*, ed. de Antonio Quilis, Madrid, Editora Nacional, 1980.

Rifaterre, Michael (1971): "Describing Poetic Structures: Two Approaches to Baudelaire's 'Les Chats', *Yale French Studies*, 1966 (October), pp. 200-242. Manejo la traducción española de Celia Amorós, realizada a partir de la versión francesa: "La descripción de las estructuras poéticas: dos aproximaciones al poema de Baudelaire 'Les Chats'", *vid.* Vidal-Beneyto (1981: 163-201).

Robins, R. H. (1980): *A Short History of Linguistics*, London, Longman Group Ltd., 1980[2]. Manejo la traducción española de E. Alcaraz Varo: *Breve historia de la Lingüística*, Madrid, Paraninfo, 1987[5].

Vidal-Beneyto, José (1981): *Posibilidades y límites del análisis estructural. Una investigación concreta en torno a lenguaje y poesía* , Madrid, Editora Nacional, 1981.

Whinnom, Keith (1981): *La poesía amatoria de la época de los Reyes Católicos*, University of Durham, Titus Wilson and Son Ltd., 1981.

Ximénez Patón, Bartolomé (1604): *Elocuencia española en arte*, en Elena Casas, ed.: *La Retórica en España*, Madrid, Editora Nacional, 1980, pp. 217-373.

APENDICE: CONTEXTOS DE LA *ANNOMINATIO* EN LA POESIA AMOROSA DE JORGE MANRIQUE

***ANNOMINATIO* MIXTA:** página 101 (poema III, versos 1-3), p.112 (XI, 1-6), p.123 (XXI, 3-11), p.126 (XXIII, 3-5), p.127 (XXIII, 12-4), p.133 (XXVIII, 5-9), p.136 (XXX, 1-8), p.145 (XXXII, 8-10; 20-3), p.146 (XXXII, 30-4), p.170 (XXXV, 98-100), p.179 (XXXVI, 103-14), p.184 (XXXVII, 46-9), pp.206-7 (XLI, 34-46), p.216 (XLIV, 19-26).

***DERIVATIO*:** pp.100-1 (II, 3-7; 4-8), p.101 (III, 3), p.103 (III, 28-30; 33-6), p.105 (V, 2-5; 6-9), p.107 (VI, 6-7), p.112 (X, 1-2), p.112 (XI, 1-6), p.116 (XVI, 2), p.117 (XVI, 5; 9), p.119 (XVIII, 6-7), pp.121-2 (XX, 8-11), p.125 (XXII, 9-12), p.126 (XXIII, 1-2), pp.127-8 (XXIV, 4-7), p.128 (XXV, 4-7), pp.128-9 (XXV, 8-11), p.131 (XXVII, 1), pp.131-2 (XXVII, 2-4), p.132 (XXVII, 7-10; 11-4), p.133 (XXVIII, 5; 7), p.134 (XXVIII, 15), p.136 (XXX, 6-8; 7-9), p.137 (XXX, 28-30), p.138 (XXX, 43), p.139 (XXX, 47-8), p.140 (XXXI, 3-5), p.141 (XXXI, 7-11), p.143 (XXXI, 38-40), p.146 (XXXII, 40-3), p.150 (XXXIII, 31-2), p.155 (XXXIII, 94), p.157 (XXXIII, 116-8), p.158 (XXXIV, 11), pp.159-60 (XXXIV, 25-8), p.161 (XXXIV, 59-61), pp.161-2 (XXXIV, 70-1), p.164 (XXXIV, 110-1), p.166 (XXXV, 4; 9-10; 18-9), p.167 (XXXV, 47-50), p.170 (XXXV, 98-9), p.171 (XXXV, 112-5), p.176 (XXXVI, 24-7; 25-6; 34-9), p.177 (XXXVI, 49-52; 55-6), pp.177-8 (XXXVI, 66-71), p.178 (XXXVI, 84-5), p.180 (XXXVI, 121-4; 125-6), p.182 (XXXVII, 16-8), p.183 (XXXVII, 35-7), p.184 (XXXVII, 46-7), pp.184-5 (XXXVII, 50-4), p.191 (XXXVIII, 86-9), pp.192-3 (XXXIX, 18-22), p.196 (XXXIX, 63-6), p.204 (XLI, 1-3), p.205 (XLI, 18-20), p.207 (XLI, 53-6; 54-5; 55-6), p.212 (XLII, 33-6; 41-4), p.214 (XLIII, 15-7), p.216 (XLIV, 15-6), p.218 (XLIV, 80-3), p.221 (XLV, 42-3), p.223 (XLVI, 1; 2; 5-6; 5-7; 10-2; 18-22), p.224 (XLVI, 37-8), p.225 (XLVI, 49-50).

***FIGURA ETYMOLOGICA*:** p.110 (VIII, 5-6; 9-10), p.114 (XIII, 4), p.117 (XVI, 10-1), p.118 (XVII, 8), p.120 (XIX, 9), p.123 (XXI, 5-6), p.136 (XXX, 1-2), p.143 (XXXI, 35; 43), p.145 (XXXII, 8-10; 21-2), p.160 (XXXIV, 37), p.179 (XXXVI, 97), p.184 (XXXVII, 48-9), pp.197-8 (XXXIX, 87-8), p.214 (XLIII, 2-3), p.215 (XLIV, 2-3).

***MACHO E FEMBRA*:** p.110 (VIII, 5-10), p.117 (XVI, 10-7).

PARONOMASIA: p.103 (III, 24-7), p.114 (XIII, 6), p.115 (XV, 1-4), p.117 (XVI, 3-4), p.136 (XXX, 1-3), p.137 (XXX, 18-9), p.141 (XXXI, 10-2), p.147 (XXXII, 51-4), p.153 (XXXIII, 80), p.154 (XXXIII, 82-5), p.157 (XXXIII, 118-9), p.162 (XXXIV, 81-4), p.168 (XXXV, 63-4; 65-7), p.175 (XXXVI, 15-8), p.180 (XXXVI, 122-5), p.182 (XXXVII, 22-5), p.188 (XXXVIII, 19-22; 32-5), p.189 (XXXVIII, 49-52), pp.189-90 (XXXVIII, 67-70), p.197 (XXXIX, 73-6), pp.202-3 (XL, 29-32), pp. 205-6 (XLI, 25-7), p.212 (XLII, 42-3), p.217 (XLIV, 44-7), p.218 (XLIV, 67-70).

***POLYPTOTON* NOMINAL:** pp.104-5 (IV, 3-5), p.124 (XXII, 2-4), p.125 (XXII, 9-10), p.126 (XXIII, 4-5), p.127 (XXIII, 13-4), p.127 (XXIV, 3-5), p.128 (XXIV, 11), pp.131-2 (XXVII, 2-5), p.135 (XXIX, 7-8), p.136 (XXX, 11-2), p.137 (XXX, 14 bis-15) (5), p.142 (XXXI, 30-1), p.150 (XXXIII, 26-7), p.162 (XXXIV, 74-5), p.163 (XXXIV, 95-6), p.175 (XXXVI, 11-4), p.176 (XXXVI, 30-1), p.189 (XXXVIII, 56-7), p.197 (XXXIX, 71), p.206 (XLI, 30-2), p.208 (XLII, 2-3), p.209 (XLII, 10-1), p.216-7 (XLIV, 35-7), p.222 (XLV, 56-7; 59-60), p.223 (XLVI,25-6).

***POLYPTOTON* VERBAL:** p.109 (VII, 1-2; 1-2; 3-4; 3-4; 9-10), p.112 (X, 1-2; 10-2), p.113 (XI, 8-10), p.113 (XII, 3-4; 5-7), p.114 (XIII, 2-5), p.117 (XVI, 14-7), p.118 (XVII, 1-4; 11-2), p.120 (XIX, 3; 7-9; 11), p.123 (XXI, 7-8), pp.124-5 (XXII, 6-8), p.125 (XXII, 10), p.128 (XXV, 6-8), p.129 (XXVI, 2-3), p.130 (XXVI, 10-1), p.131 (XVII, 3), p.132 (XXVII, 13), p.133 (XXVIII, 1), pp.133-4 (XXVIII, 12-3), p.134 (XXIX, 1-3), p.135 (XXIX, 9-12), p.143 (XXXI, 36-9), p.146 (XXXII, 47-9), p.149 (XXXIII, 13-5), pp.149-50 (XXXIII, 23-4), pp.152-3 (XXXIII, 56-60), p.153 (XXXIII, 59-60), p.154 (XXXIII, 86; 88-9), p.166 (XXXV, 6-7; 15-6), p.168 (XXXV, 55-8), p.169 (XXXV, 69-70), p.170 (XXXV, 82-6; 95; 98-100), p.171 (XXXV, 111-2), p.172 (XXXV, 127-30; 139-43), pp.172-3 (XXXV, 149-51), p.173 (XXXV, 160-2), p.187 (XXXVIII, 5), p.188 (XXXVIII, 19-21), p.189 (XXXVIII, 44-5), p.190 (XXXVIII, 73-4), p.191 (XXXVIII,

(5) Hay una errata por omisión en la edición de Serrano de Haro: en este poema falta el verso tercero de la segunda estrofa ("un esfuerço en c'ay temores").

94-6), p.193 (XXXIX, 24-5), p.199 (XXXIX, 100), p.201 (XL, 5-7), p.205 (XLI, 16), p.207 (XLI, 42-6), pp.210-1 (XLII, 25-7), p.216 (XLIV, 16-21; 25-9; 28-9), p.217 (XLIV, 50-2; 55-7; 58; 61-2), p.218 (XLIV, 77-8), p.219 (XLV, 11-3), p.220 (XLV, 26-32), p.221 (XLV, 36-7), p.222 (XLV, 47-9), p.223 (XLVI, 1-4; 13-4; 23-4), p.224 (XLVI, 30-3; 35-6).

TRADUCTIO: p.101 (III, 1-3), p.112 (X, 10-2), p.112 (XI, 1-6), p.117 (XVI, 14-7), p.118 (XVII, 1-4), p.120 (XIX, 7-9), pp.121-2 (XX, 8-11), p.123 (XXI, 3-11; 4-9; 9-10), p.126 (XXIII, 3-5), p.127 (XXIII, 12-4), p.129 (XXVI, 2-3), p.130 (XXVI, 10-1), p.133 (XXVIII, 5-9), p.136 (XXX, 1-8), p.145 (XXXII, 8-10; 20-2), p.157 (XXXIII, 116-8), p.167 (XXXV, 39-40), p.168 (XXXV, 55-8), p.170 (XXXV, 98-100), pp.177-8 (XXXVI, 66-71), p.179 (XXXVI, 103-14), p.184 (XXXVII, 46-9), p.191 (XXXVIII, 88-90), p.205 (XLI, 15-6; 18-20), pp.206-7 (XLI, 34-46), pp.210-1 (XLII, 25-7), p.216 (XLIV, 15-21; 19-26), p.223 (XLVI, 1-4).

A denominación *dona* nas cantigas de amigo

ESTHER CORRAL DÍAZ

Se examinamos detidamente as cantigas da lírica galego-portuguesa, observámo-la extraordinaria variedade de designacións que se refiren ó protagonista por excelencia desta composición: a muller. A lírica provenzal rexistra como denominacións femininas principalmente a *domna*, *midons* (ou a súa variante *sidons*) e *amia*, máis raramente *femna*, *profemna* e *seignor* (1). En cambio, a lírica galego-portuguesa caractérizase por unha maior variedade de formas (2): *senhor*, *amiga*, *dona* e *molher* son as máis frecuentes e coñecidas. Pero a estas podemos engadir outras numerosas designacións que agrupamos do seguinte xeito, segundo fagan alusión a (3):

a) a súa condición social: *ama*, *tecedor*, *tendeira*, *pastor*, *malada*, *abadessa*, *touquinegra*, *prioressa*, *monja*, *freira*, *burguesa*, *soldadeira*, *cruzada*, *coteifa*, *covilheira*, *moura*, *infançoa*, *varoa*, *reinha*, etc.

b) a súa idade ou estado civil: *meninha*, *manceba*, *moça*, *donçela*, *velha*, *solteira*, *esposa*, etc.

c) as súas relacións na familia: *madre*, *filha*, *irmaa*, *coirmaa*, *neta*.

d) termos despectivos: *cativa*, *cochoa*, *peideira*, *tia*, *peixota*, *mesela*, *fududuncua*, *puta*.

e) metáforas en grao positivo: *lume*, *cerva*; ou metáforas despreciativas como: *cadela*, *camela*, *madeira*, *mostea*, *sela*, etc.

(1) *Toza* nas pastorelas. Véxase a este respecto o estudio de todas estas formas realizado por E. Sánchez Trigo, *Imagen de la mujer en la poesía provenzal. Formas de tratamiento y retrato físico en los trovadores*, Tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1986, pp. 6-19.

(2) A pesar de ser esta cuestión un mínimo rasgo caracterizador da nosa lírica, non podemos pasar por alto a afirmación de X.R. Pena, que a propósito do traballo poético dos nosos trobadores, sostén que posúe "moita menos variedade que o de seus colegas do Mediodía (...), os nosos poetas parecen estar moito menos inscritos nunha maneira de trovar que lonxe de primar a innovación, a mudanza, a novidade, prefire permanecer na fidelidade a modelos xa concebidos con anterioridade nunha vontade non evolutiva que se prolonga durante perto de cento e cincuenta anos" (*Literatura galega medieval.* I: *A historia*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986, p. 127).

(3) A maioría de formas que a continuación se citan, pertence ó xénero poético das cantigas de escarnio e maldizer, que, como sabemos, están menos suxeitas ás normas poéticas cás súas equivalentes líricas. Se ben hai que face-la salvedade de que existen casos aillados como *madre*, *filha* ou *cerva*, que se utilizan case sempre nas cantigas de amigo.

Ofrecemos estes datos a modo de exemplo, omitindo, por tanto, a referencia exacta de composicións nas que aparecen as devanditas formas.

1. No que respecta xa á forma que nos interesa, *dona*, céntrase a súa orixe etimolóxica no latín clásico DOMINAM (variante morfolóxica de DOMINUM, á súa vez derivado de DOMUS 'casa') que posúe dúas acepcións principais (4). En primeiro lugar, denominaba a 'materfamilias', é dicir, a 'dona da casa', a 'propietaria'(5), ou ben podía referirse á 'amada' no eido da poesía amorosa (6). DOMINA era además o título da muller que pertencía á familia imperial (7).

Pero, ¿de cal dos devanditos significados procede a *dona* galego-portuguesa? Aínda que pareza o máis verosímil tratar de derivar da acepción 'amada' a nosa palabra, o certo é que este valor deixa de sentirse xa no latín tardío. Hai que pensar, por tanto, nas outras dúas posibilidades. Segundo Grisay, será a partir de 'título honorífico' que "on voit se développer en latin tardif l'usage d'un DOMINA ou DOMINA MEA employé entre gens de classe égale en tant que terme de politesse" (p. 40). A medida que se produce pois este desgaste semántico de DOMINUS como 'señor feudal', outra palabra ocupará o seu baleiro. Será SENIOR (comparativo de SENEX), quen pase a designa-lo 'señor feudal', fronte á forma orixinaria que queda relegada a fórmula de saúdo (8).

O resultado desta evolución non é equiparable no panorama das diversas líricas medievais europeas. A lírica galego-portuguesa diferénciase neste punto claramente da súa homónima provenzal. Como apunta M. Brea no seu interesante estudio sobre o uso de *dona e senhor* nas cantigas de amor (9), non se pode establecer paralelismo entre a *dona* galego-portuguesa e a *domna* occitana. A traducción exacta desta forma provenzal corresponde, máis ben, á *senhor* galego-portuguesa. O trobador acepta os vencellos que ocasiona o seu amor pola dama, réndese como vasalo e por iso chámaa *senhor*; é, por conseguinte, a traslación evidente do concepto latino de DOMINUS.

---

(4) Seguimos neste apartado os estudios de A. Grisay-G. Lavis e M. Dubois-Stasse (*Les dénominations de la femme dans les anciens textes littéraires françaises*, Duculot, Glemboux, 1969, pp. 36-42,) e o de G. M. Cropp (*Le vocabulaire courtois des troubadours de l'époque classique*, Droz, Geneve, 1975, pp. 24-29), onde se pode encontrar información máis extensa sobre esta cuestión.

(5) Non insistiremos na traslación das relacións feudais señor-vasalo ó campo amoroso, por ser xa un tema coñecido de todos. Si apuntamos dous interesantes traballos sobre isto: J. Mattoso, "La difusión de la mentalidad vasallática en el lenguaje cotidiano", *Studia Historica. Hª medieval*, IV, 2, 1986, pp. 171-183, e o de A. Pichel, *Ficción poética e vocabulario feudal na lírica galego-portuguesa*, Deputación Provincial, A Coruña, 1987.

(6) PUELLA era a forma máis coñecida para designa-la amada. Neste caso, sen embargo, Grisay apunta unha diferencia de valor entre DOMINA e PUELLA, "La p*uella* est une *domina* dans la mesure où il faut obéir â ses moindres caprices, la servir fidelement, souvent endurer ses rigueurs (..) la *domina* est *dura, inmitis, iniqua, crudelis* (Grisay, *Les dénominations..*, p. 38).

Tamén podía ser nomeada a través de VIRGO, MULIER ou AMICA (vid. Cropp, *Le vocabulaire..*, p. 26).

(7) Para Cropp (*Le vocabulaire..*,p. 24) xa existía esta acepción no latín clásico; en cambio, Grisay (*Les dénominations..*, p. 38) sitúaa no marco do latín tardío, como desenvolvemento particular desta palabra.

(8) Esta evolución é apuntada para a zona galo-romana por W.M. Hackett, "Le problème de *midons*" en *Mélanges de Philologie romane dediés à la memoire de Jean Boutière* (1899-1967) edit. par I. Cluzel e F. Pirot, Soledi, Liège, 1971, vol. I, pp. 285-294.

(9) Cfr. M. Brea, "*Dona* e *senhor* nas cantigas de amor" en *Homenaje al Profesor Luis Rubio I*, Universidad de Murcia, Murcia, 1987-88-89, vol. IV, pp. 149-170; sobre esta cuestión, consúltese, sobre todo, p. 152 e pp. 169-170.

A lingua galega actual conserva o sentido etimolóxico de DOMINA como 'propietaria', así como o sentido desenvolvido de 'tratamento de cortesía'(en anteposición de nomes propios, por ex.: *dona María*). Posúe ademais outras dúas acepcións relacionadas co primitivo significado: 'dama ou muller principal' (10) e 'esposa' (contaminación clara coa palabra moderna *muller* de maior rendemento na lingua).

2. Vista a formación histórica, revisémo-la situación concreta de *dona* nas cantigas de amigo, onde a situación é un tanto diferente da que podemos atopar nas cantigas de amor, dado que aquí non é xa o trobador o que se dirixe á amada, senón que, na ficción, é a propia muller, a *amiga*, a que se refire ó seu namorado ou ás circunstancias polas que atravesa a súa relación, de tal maneira que, polo menos en principio, non cabe esperar que as referencias que se poidan atopar á *dona* correspondan á *senhor*, polo que a confrontación entre as ocurrencias nos dous xéneros poderían arroxar algunha luz sobre o significado preciso (se é que existe) de *dona*. Despois de analiza-la edición que realiza Nunes destas composicións (11), constatamos a primeira vista que, como era de supoñer, a nosa forma ofrece un escaso rendemento, fronte á importancia doutras voces como *amiga, molher* ou incluso *madre*. Tan só atopamos *dona* en 50 ocasións (número ampliable a 61, se contámo-las veces que se repite en refrán), e nas que se pode diferenciar a grandes rasgos tres grandes apartados:

- 17 veces en función de apóstrofe (en plural)
- 30 veces en funcións sintácticas diversas (Suxeito, C.D. ou C. Prep.) e co sentido principal de 'muller namorada'
- 4 veces en referencia á condición social da *femina*.

Examinemos entón estes grupos un por un.

2.1. O conxunto máis compacto de formas e que presenta unhas características máis particulares, está composto por *dona* desempeñando a función sintáctica de apóstrofe (12). Aparece 17 veces en 13 composicións diferentes (se computamos as repeticións en refran, rexistariamos 30) e pertencen á obra de 8 tro-

(10) Vid. VV.AA., *Diccionario Xerais da lingua*, Ed. Xerais, Vigo, 1986, p. 316, s.v. *dona*.
R. Lorenzo (*La traduccion gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Instituto de Estudios orensanos "Padre feijoo", Orense, 1977, II (Glosario), p. 499, s.v. *dona*) diferencia polo timbre dous tipos de vocal tónica segundo o seu significado no galego actual: /o/ 'muller señora', e /o/ para 'propietaria'. Rasgo que non se contempla noutros manuais, como ocorre no diccionario anteriormente citado.

(11) O corpus compóñeno exactamente 512 cantigas para J.J. Nunes, *Cantigas de amigo dos trovadores galego-portugueses*, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa, 1973. Tavani contabiliza, sen embargo, 508 ("la poesía lírica galego-portughese" en *Grundriss der Romanischen Literaturan des Mittelatters*, vol. II, fasc. 6, Carl Winter, Heidelberg, 1980, p. 90) e J.M. D'Heur conta tan só 504 (J.M. D'Heur, *Recherches internes sur la Lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV S.)*, s.e., s.l., 1975, pp. 346 e 512).
Para o noso estudio seguímo-la edición de Nunes (a partir de agora, abreviado *Amigo*).

(12) Cfr. J.M. D'Heur, *Recherches...*, pp. 341-415, onde realiza un estudio dos diversos apóstrofes ós que vai dirixida a cantiga de amigo, diferenciando dous grupos: as cantigas que apostrofan directamente ó amigo, e as que non designan directamente ó amigo. É neste último apartado onde se encadra o noso caso, chegando mesmo a analiza-la posición dentro da composición e dentro do verso das denominacións.

badores (13). Non acompaña á palabra ningún determinante, salvo o caso raro de *mias donas* (14), que non podemos tomar como característico, xa que só é empregado por un trobador, Joan de Guilhade, en dúas das súas composicións. De tódolos xeitos, o posesivo perde aquí o seu sentido de pertenza, para ser un mero intensificador do núcleo do sintagma, e a apelación adquire así máis forza.

En canto á posición relevante que ocupa na composición, salienta a utilización en seis exemplos (15) no primeiro verso, colocación que, como é sabido, funciona como exordio dentro da composición. Só na cantiga 245 de Joan Garcia *donas* vai en posición inicial absoluta. Por tanto, non se trata dunha posición que destaque pola súa frecuencia, dado que non se trata dun rasgo distintivo como ocorre coa voz *senhor* nas cantigas de amor ou *amigo* nas cantigas de amigo.

Outro dato importantísimo en *dona* é o morfema de número. Tódalas formas presentan marca de plural, excepto dúas composicións: unha de Estevan Coelho (*Amigo*, 155, vv. 7 e 10) e outra de Gonçalo Eanes do Vinhal (*Amigo,* 138, vv. 5, 13, 21 en refrán) (16). Isto traerá como consecuencia que, como veremos posteriormente, a identidade da muller a quen se dirixe a cantiga quede agachada nunha masa informe, non concreta.

Así pois, analizadas tódalas circunstancias que concorren en *dona* como apóstrofe, podemos identificar estas mulleres como un conxunto de féminas de natureza descoñecida, un público feminino que escoita as penas e alegrías da protagonista, sen participar directamente no desenvolvemento da acción. Trátase logo dunha mera fórmula que trata de capta-la atención dos oíntes (do receptor, nun proceso de comunicación), e que se relaciona claramente co apóstrofe *amigas*, moito máis frecuente nas cantigas de amigo (17), segundo se apunta na cantiga 181 de Joan de Guilhade, onde alternan *donas/amigas*:

> Vistes, *mias donas*, quando noutro dia
> o meu amigo comigo falou,
> ...
> E vistes (que nunca, nunca tal visse)
> por s'ir queixar, *mias donas*, tan sen guisa,
> fez mi tirar a corda da camisa
> ...
> Sempr'(a) verá don Joan de Guilhade
> mentr'el quiser, *amigas*, das mias doas,
> que ja m'end'el muitas deu e mui boas
> ...

(13) J.M. D'Heur (*Ibid*, p. 283) contabiliza só 7 trobadores. A diferencia podería estribar en que este parte dun número restrinxido de 504 cantigas para o seu corpus, ou ben podería deberse a que Nunes sinala a cantiga 234 de Afonso Eanes de Coton e a cantiga 74 de Pay Sorez como dúas diferentes, a pesar da súa factura idéntica. D'Heur seguramente rexeita a de Coton e atribúe unha soa composición a Pay Soarez.

(14) Para a referencia das composicións que se sinalan, citámo-lo número de composición e o verso no que se atopa a forma comentada, seguindo sempre a edicion de Nunes.

Mias donas aparece na cantiga 181, v. 1, 7 e na 188, v. 1.

(15) *Amigo*, 73, 76, 89, 146, 245, 339.

(16) Gonçalo Eanes podería utiliza-la forma en plural sen que cambiase en absoluto o sentido da cantiga. En cambio, Estevam Coelho merece unha especial análise, como se verá máis adiante.

(17) Temos recollido 52 exemplos de *amigas* e 9 de *mias amigas*. Outras variantes, tamén usadas en plural, máis raras son: *fremosas* (*Amigo*, 386, vv. 1, 8, 12 e 124, v. 1), *donzelas* (*Amigo*, 260, v. 17) e *irmaas* (*Amigo* 258, v. 7 e 342, v. 2, 7).

A evidente preponderancia de *amigas* sobre *donas* é explicada por D'Heur mediante dúas hipóteses: ben habería que pensar en "des raisons rythmiques, détaché comme il se doit lors de la diction, le mot compte inévitablement pour une syllabe fémenine, l'..." ou incluso en que "la préference pour la chanson d'ami adressée à l'amie ou à des amies n'ont pas laissé les auteurs libres de créer une variété supplémentaire qui avec ces deux-là faisant triple emploi" (18).

Con todo, é de destacar que só se rexistra *amigas* e a súa posible variante *donas* nas cantigas de amigo; é, pois, unha característica particular deste xénero que non se dá noutros xéneros líricos, e que incluso non sería descartable á súa relación co papel da amiga confidente, que escoita, intervén e, mesmo, pode mediar nos amores para alivia-la coita dos protagonistas. Estariamos a medio camiño entre o público receptor (*amigas,* como apóstrofe) e a confidente mediadora coa que se confesa a namorada.

Mención especial merece a utilización de *dona*, en singular, na cantiga 155 de Estevan Coelho (vv. 7 e 10). Neste caso non se refire a un público feminino ó que se dirixe á amiga, senón que se refire á protagonista da cantiga: a namorada. Un cabaleiro que pasa polo lugar é testemuña do cantar dolorido feminino e entabla un diálogo coa dama. O trobador sérvese de "la fremosa" para describi-la situación; ora ben, cando se trata de interpela-la muller directamente para coñece-la causa do seu mal, utiliza *dona*:

> Par Deus, *dona*, sei eu que avedes
> amor mui cuitado que tan ben dizedes
> cantigas d'amigo
> Par Deus de cruz, *dona*, sei
> ...
>
> (vv.7-11)

¿Podería aparecer outra fórmula? Certamente pensamos que a empregada é a máis axeitada, non podería ser *senhor*, porque non é a súa amada (pasaría a cantiga, ademais, a formar parte do xénero das cantigas de amor); tampouco podería usa-lo outro termo máis corrente, *molher*, dado que sería demasiado impersoal, case despreciativo, e non posuiría ningún tipo de carga afectiva positiva, matiz que si ten *dona (*que ven, pois, a actuar a modo de *captatio benevolentiae*). Só se nos ocorren termos como *donzela* ou *moça*, cun sentido marcado de idade, que poderían rempraza-la devandita palabra, anque o segundo perdería ese matiz que vimos de comentar.

2.2. Un grupo esta vez menos uniforme de formas rexístrase en 30 ocasións. Abandonámo-la apelación á participación do público no que se está a cantar, para introducirnos xa na intervención doutras persoas de sexo feminino na acción. Os dous protagonistas omnipresentes en tódalas composicións, a dona e o seu cabaleiro, engádeselles agora outros individuos, case sempre femininos, que os rodean e tratan ben de axudar (a amiga ou amigas), ben de entorpecer ou obstaculizar nas relacións amorosas (as *guardas,* a nai, as rivais)

(18) Vid. D'Heur, *Recherches...*, p. 386.

A función sintáctica que desenvolven estas denominacións nunca será a de apóstrofe, senón as de suxeito, C.D. ou diferentes tipos de C. Prep.

Vexamos, pois, a identidade da muller que aparece baixo a forma *dona*. Seguindo unha orde de indeterminación cara á concreción, clasificámolas do seguinte xeito:

a) Representación da totalidade de féminas, entre as que salienta a protagonista:

todalas donas (*Amigo*, 187, v. 19)
quantas donas (*Amigo*, 431, v. 5)

ou de mulleres sen individualizar:

companha de donas (*Amigo*, 368, v. 7)
romaria de donas (*Amigo*, 368, v. 11)
donas fazer romaria (*Amigo*, 368, v. 2)

b) 'Muller namorada' en xeral; neste caso sabemos que se trata dunha fémina que anda en amores: explicítase na composición, opoñéndose a termos como *amigo* (19) (ou máis raramente a *ome* nunha única ocasión (20)), ou ben percíbese por medio do contexto en:

dona (*Amigo*, 195, v. 16)
as donas (*Amigo*, 448, v. 3)
tal dona (*Amigo*, 313, v. 7)
outra dona (*Amigo*, 339, v. 2)
outras donas (*Amigo*, 313, v. 15)
muitas donas (Amigo, 313, v. 2)

c) A rival.- Presenta diferentes matices. Atopamos *ua dona* da que non se nos dan referencias explícitas, que trata de tomar para si os cantares que o amigo compón para a nosa protagonista (*Amigo*, 193, v. 4, 10, 16), pode *aquela dona* ou *outra dona* existir ficticiamente cara á sociedade como estratexia dos namorados para manter unhas relacións sen vixiancia (21), ou, aínda que exista, como foi un amor anterior, esa *outra dona* non enturbiará as presentes relacións (*Amigo*, 161, v. 7 e 13).

---

(19) mais *dona* que amig'ouver
des oje mais (crea per deus)
(*Amigo*, 177, vv. 15-16)
O maior torto que pode seer.
leixar dona seu amigo morrer
(*Amigo*, 93, vv. 20-21)
Ademais en *Amigo* 313, v. 2, 7 e 178, v. 15.

(20) *Amigo*, 339, v. 2.

(21) Amiga, sei ben que non pod'aver
meu amig'arte de migo falar
e ouv'eu art'e fifi-lhe fazer
por outra dona um nui bon cantar
epois por aquela dona trobou
cada que quis, sempre migo falou
(*Amigo* 338, vv. 10 e 11)
outra dona vólvese a repetir no v. 21 da mesma composición

Aparece tamén un grupo máis compacto de rivais que ocasionaron a perda do amado pola amiga, que se lamenta de *tal dona* (*Amigo,* 103, v. 7), ou de *outra dona* (22).

Por último, existe un conxunto inconcreto de mulleres que se fixan no amigo, pero que se lamentan de que non lles faga este caso, comprometido como está coa súa *senhor*:

outras donas (*Amigo*, 337, v. 25)
muitas donas (*Amigo*, 284, v. 9)
quantas donas (*Amigo*, 337, v. 8)

Con este mesmo valor, atopámo-lo termo *molher* frecuentemente (23); incluso nunha composición chega a alternar con *dona*:

O voss'amig', amiga, foi sazon
que desejava no seu coraçon
outra molher,...
...
El *outra dona* soia querer
gran ben, amiga, e foi-vos veer
...
El *outra dona* avia por senhor
e ora deus, por lhi fazer maior
coita sofrer....
(*Amigo*, 161, vv. 1-15)

e *amiga* máis raramente (24).

Son pois mulleres que presentan a marca dos amores, pero nunca se precisa a súa identidade concreta, que queda esvaída na discreción trobadoresca. Trátase ben de persoas alleas á amiga (nunca se refirirá a ela), ou ben desígnase a unha namorada nun plano xenérico, a voz feminina da cantiga dá, como se dixeramos, unha sentencia.

3. A condición social de *dona* (que xa podía posuír intrinsicamente (25)) descóbrese nunha cantiga de Joan Zorro e noutra de Pero Gonçalvez Porto Carreiro. Estas presentan a particularidade de que en ámbalas dúas *dona d'algo* alterna con *dona virgo*, coa pequena salvedade de que na primeira composición o noso sintagma realiza a función de suxeito (cun claro arcaísmo no determinante *la*) e na segunda en función de aposición (fala en primeira persoa a protagonista). Comparémo-lo paralelismo das dúas:

Pela ribeira do rio
cantando ia *la dona virgo*
d'amor:
"Venhan nas barcas polo rio
a sabor"

(22) *Amigo*, 246, v. 3, 274, v. 2 e 275, v. 4.

(23) *Amigo 201*, vv. 6, 12, 18, en refrán, 164, v. 3, 436, v. 5, 14, 21 (refrán), 108, v. 8, 339, v. 22, 149, v. 3.

(24) *Amigo 182*, v. 6, 12, 18, en refrán; 151, v. 6, 14, 22 e 7, 15, 23 en refrán.

(25) Vid. o comentario de M. Brea, *Dona...*, p. 167.

Pela ribeira do alto
cantando ia *la dona d'algo*
d'amor:
"Venhan nas barcas polo rio
a sabor"
(*Amigo*, 386)

...
Perdio do lo verde pinho;
por en chor'eu, *dona-virgo*,
e chor'eu, bela!
Perdio so lo verde ramo,
por en chor'eu, *dona d'algo*,
e chor'eu, bela!
(*Amigo*, 262. vv. 7-12)

Nun principio, vista esta alternacia, poderiamos pensar que os dous termos sexan sinónimos. Non obstante, parece evidente que *dona-virgo* fai referencia á súa idade e "estado" e *dona d'algo* á súa posición social. Ademais, constátase outra palabra que fai alusión a outra faceta feminina importante na cantiga de Porto Carreiro: a aposición *bela*. Por tanto, a muller que está a chorar desconsoladamente nesta composición posúe tres características: curta idade, boa posición social e, para remate, ademais é fermosa. De tódolos xeitos, cabería apunta-la relación destas dúas formas como cliché xa establecido e bastante coñecido na época, porque encontramos outra nova cantiga de Airas Nunes con semellante paralelismo, esta vez elidindo *dona,* como veremos máis adiante.

VIRGO designaba en latin clásico a unha 'muller que non coñecera aínda home' ou, incluso, podía pasar a significar simplemente 'moza, rapaza nova' (26). No noso caso, consérvase a forma latina VIRGO, que só será utilizada de novo no corpus lírico galego-portugués por Airas Nunes, baixo o sintagma *la virgo d'amor,* a propósito dunha fremosa pastora (*Amigo,* 256, v. 31). O sentido que ten nas nosas composicións poderíase interpretar como unha combinación das dúas acepcións latinas: 'muller nova e que non mantivo aínda relacións sexuais' (27).

En canto a *dona d'algo*, este sintagma fai alusión á condición social da protagonista. Neste caso non nos remitimos para a súa orixe ó latín, senón ó proceso de creación de palabras que sofren tódalas linguas a través da composición (28). *Algo* deixa de ser indefinido e nominalízase co significado de 'riquezas, for-

(26) Cfr. Grisay, *Les dénominations...*, p. 226.

(27) Lorenzo só rexistra na Idade Media a forma *virge ou virgem* (*La traduccion...*, p. 1319, s.v. *virge*).

(28) Para unha explicación pormenorizada da súa orixe e composición vid. X.L. Blanco Valdés, "Palabras compostas en galego-portugués", en *Verba*, 12, 1985, p. 227 e 228.

Compárese ademais esta secuencia co medieval *fillo d'algo* ou o moderno *fidalgo* de semellante formación. Como forma feminina rexístrase na cantiga de escarnio 420 *filla d'algo* (M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d'escarnho e maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Galaxia, Vigo, 1972):

Ela e que atan boa e
filha d'algo e ben assaz
(vv. 7-8)

Ademais tamén aparece esta palabra nos vv. 16 e 24

tuna'. Así, aparece na referida cantiga de Nunes como o sintagma *a d'algo,* sobrentendéndose, claro está, *dona*:

pera levar *virgo*
amores, convusco irei
...
pera levar *a d'algo*
amores, convusco irei
(*Amigo*, 388, vv. 11-16)

4. Como conclusión do todo o que levamos dito, podemos extraer sobre a utilización de *dona* nas cantigas de amigo as seguintes ideas:

a) É unha denominación pouco frecuente nestas composicións, polo seu propio carácter.

b) Predomina a utilización de *donas* como apóstrofe, un calco evidente de *amigas* cun maior rendemento de uso. Non participa, por tanto, na acción desenvolvida.

c) Participación activa na composición: designación da 'muller namorada', que non é nunca á protagonista (sentencias impersoais sobre o amor, ou ben referencia a unha 'rival'), polo tanto, mantería certas relacións, sen chegar a ser equivalente nin estar tan marcada, coa *senhor* das cantigas de amor, ou a *amiga* das de amigo. Neste punto non podemos comparti-la opinión de Nodar, cando di que "las denominaciones *dona, amiga* y *senhor* son todas ellas sinónimas" (29).

d) ¿Ten *dona* marca implícita de condición social, ou de idade? Nada nolo fai supoñer; como sucede nas cantigas de amor (30), *dona* participa de certo rasgos implícitos fronte a *molher*, termo feminino non marcado por excelencia (31), pero sen participar dunha carga semántica como *donzela, moça,* e mesmo *senhor.* Ademais, nas cantigas de amigo non atopamos casos nos que se estableza unha oposición clara con outros termos (a única que se atopa é *molher*, nunha ocasión, como xa comentamos).

(29) Vid. F. Nodar, *La narratividad de la poesía lírica galaicoportuguesa. Estudio analítico,* Reichenberger, Kassel, 1985, p. 28.

(30) Vid. M. Brea,"*Dona...*", p. 167.

(31) Vid. D'Heureur *Recherches...*, p. 318.

Notas a unha cantiga dionisíaca

XOSÉ LUÍS COUCEIRO

A *Arte de trovar* (1), anónima e fragmentaria tal como a nós nos chegou, dá a impresión hoxe de se ter orixinado na mente do seu autor máis como tratadiño pedagóxico que como meditación teórica sobre da poesía, aínda que, na época, tamén outros tratados de parecidas características e quizá propósitos se revistan da mesma brevidade e carácter imperativo; o seu descoñecido autor, que de formación podería corresponderse coa dun clérigo, parece que debeu de coñecer outras preceptivas medievais latinas, pero tamén tivo que ter notable familiaridade coa nosa producción poética, non só coa de tipo culto, senón tamén con outra, menos solemne, menos cortesá, de menos méritos, na que, según o ignorado autor, non hai *sabedoría.* A inserción do tratadiño na cabeza do cancioneiro parece obedecer ós mesmos propósitos que na actualidade se atribúe ó estudio introductorio dunha boa escolma poética que, por calquera razón, puidera resultar allea ós coñecementos ou á sensibilidade do lector; en resumo, o breve tratadiño funciona como compendio descritivo dunha poética moi concreta e determinada, como preceptiva e como guía de lectura do material poético que ven a seguir.

Dada a localización tanto temporal como espacial da *Arte*, ó mellor non resulta moi descamiñado imaxina-lo conde don Pedro de Portugal, ou alguén do seu círculo literario ou de intereses e gustos culturais semellantes ós seus, como autor (2) dunha introducción que levaría o cancioneiro materialmente destinado a un bo afeccionado como Afonso XI de Castela, lector interesado, pero que xa esquecera ou perdera o fío da tradición trovadoresca, ou quizás -polo carácter vulgarizador do tratadiño- é mellor pensar que estaría destinada para alguén menos formado nos "arcanos da poética" que o monarca castelán (3). Dentro da reconvertida e pobre (4) tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa viríase a situar ó fronte da póla italiana.

(1) Manexo e cito polo estudio e ed. de J. M. D'Heur, *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais. (XII^{e}-XIV^{e} siècles)*, s. l., 1975, pp. 97 e ss.

(2) De feito D'Heur (*ib.* p. 156) atribúe a autoría da *Arte* ó compilador do cancioneiro alfa

(3) Un resumo do problema de datación e autoría pode verse en M. Rodrigues Lapa, *Lições de Literatura Portuguesa. Época medieval*, X^{a} ed., Coimbra 1981, pp. 222-225. O filólogo portugués manexou a primeira redacción de D'Heur (p. 236) e parece descoñece-la última, pese á data de edición, cousa non sorprendente dada a distribución desaxeitada da citada obra do estudioso belga.

(4) Constante que, entre outras, Tavani aplica a toda a tradición manuscrita peninsular. Esa reconversión debeuse de facer nunha única ocasión, -cando se compila o cancioneiro «-, sen profundo repaso, pois senón non se explicaría o porqué de se conservaren vellas grafías para a serie palatal do tipo nn ou ll.

A *Arte*, tal e como se conserva, ábrese xa no capítulo IV do título III, no que se trata de dislingui-los xéneros (5) naquelas cantigas amorosas que presentan forma dialogada, por cobras ou por versos (6): cando o emisor da primeira cobra se identifica cun home, o lector está diante dunha cantiga de amor; de ser unha muller a primeira en falar, a cantiga é de amigo. A preocupación que manifesta o autor pola correcta distinción teórica dos xéneros parece importante á hora de preparar ou advertir ó destinatario da introducción para a lectura dos textos que veñen a continuación e para a súa correcta valoración estética, de conformidade coas mínimas regras ou consideracións que alí se fan. Pois ben, xa que esas propostas teóricas coinciden en grande medida coas apreciacións actuais da crítica, hai que pensar que o autor, á parte da información adquirida en artes doutras literaturas que lle puideran servir de esttímulo e modelo, foi quen, de seu, a adaptalas con unha máis que notable fortuna ó acervo poético trovadoresco, cuxas formas e contidos, como dixemos e demostra, lle deberon ser extremadamente familiares. Aínda hoxe, gracias a exactitude e brevedade do criterio, os textos de contido amoroso se clasifican, como é ben sabido, pola natureza masculina ou feminina da voz que os enuncia, se ben non é criterio único, nin o máis importante nin o máis adecuado en ante determinados textos.

Un destes particulares casos no que polo menos parte da crítica se desvía de tan amplo e, ó parecer, aceptable criterio e non recoñece a autoridade do preceptor medieval, e excepción bastante notable, é a cantiga *Vi oj'eu cantar d'amor* (7), a terceira pastorela de don Denis, obxecto destas notas. Pertence a un reducido grupo de tres textos do mesmo trobador, as chamadas, ó mellor impropiamente (8) pastorelas, pero certa e inmediatamente identificables, caracterizadas

(5) Unha breve teorización sobre a doctrina contida nesta poética fragmentaria pode verse en P. Manero Sorolla, "Los géneros de la lírica galaico-portuguesa medieval en el *Arte de trovar* del *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* de Lisboa", *Anuario de Filología*, Barcelona 1975, pp. 411-420, onde na n. 7 (p. 412) fai referencia á súa tese de licenciatura presentada na Universidade Central de Barcelona no curso 1972-3, titulada *Los géneros en los cancioneros galaico-portugueses medievales.*

(6) A investigación supón que os dous primeiros títulos se ocuparían do xénero das cantigas eróticas non dialogadas; en base a esta suposición e apoiándose na distinción das formas dialogadas e dalgunhas anotacións marxinais nos cancioneiros falamos hoxe de cantiga de amor e cantiga de amigo. Nesta orde precisa insertaríanse na *Arte*. É mágoa a perda sobre todo polo que se refire á cantiga de amigo onde, se seguira un plan parecido ó conservado nos títulos consagrados ás cantigas de burlas, poderiamos ter polo menos un esbozo de subxéneros ou variedades de cantiga de amigo, a súa posible asimilación ó xénero canónico e a súa valoración estética. Aínda que descarnada, sería unha reflexión teórica sobre a poesía de carácter tradicional, sobre modalidades poéticas posiblemente non pacegas das que anque só se consevara o nome proporcionaríanlle hoxe unha base á crítica para rastrexar variedades populares, como sucedeu coa cantiga de seguir, perfilando así de xeito indirecto os xéneros maiores.

(7) G. Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma 1967, 25, 135. (En diante, Tavani, *Rep.*).

(8) Para o estudio destes textos, entre outros, véxase o apartado 7.3 *A pastorela*, en G. Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo 1976, (en diante, Tavani, *Lírica*) pp. 217-223: conclúese coa inexistencia do xénero. A discusión é rigorosa e as razóns, convincentes; sen embargo, por pouco contacto que se teña coa nosa literatura medieval e coa súa historia, mentalmente calquera illa e identifica os sete textos analizados por Tavani como modalidades galego-portuguesas de pastorela, diverxentes do modelo producido ó norte dos Pirineos -non tanto do oitánico- (v. M. Zink, *La pastourelle. Poésie et folklore au Moyen-Age*, Paris-Montréal). Dada a falta de univocidade do modelo, podemos pensar que os nosos sete textos trobadorescos conservan, conxuntamente, os rasgos esenciais do xénero: estructura narrativa, contraposición dialéctica e ambientación ó aire libre. Desgraciadamente carecemos

pola interferencia de xéneros; interferencia que se manifesta ás veces de xeito claro e explícito no propio texto, pero que noutras ocasións tivo que se-la lectura atenta e sensible dos filólogos a que desvelara as tenues insinuacións contextuais. Ese grupiño abre precisamente a colección de cantigas de amigo editadas por J. J.Nunes, a cuxa lección e numeración nos ateremos, dada a súa calidade e ampla difusión (9).

O primeiro texto da colección de cantigas de amigo é *Ua pastor se queixava* (10), unha sentida e "estilizada" pastorela (11); pese ó desaxeitado do espacio narrativo, impropio do xénero maior, pode entrar sen grandes dificultades dentro da colección nuniana: ó compartirmo-los sentimentos tristes da rapaciña, lembramos outras expresións semellantes de dolor feminina por amigo ausente, infiel ou traidor, comparámolas con outras cantigas de cantigas que parecen recoller anacos líricos de sabor tradicional, ou decatámonos de que a desconsolada voz feminina reproduce literalmente en cada cobra dous versos alleos á musa do narrador (12); en fin, lémo-lo texto, -na liña da maioria dos textos trobadorescos: tres estrofas de acentuado parelelismo semántico, con refrán-, como se fora unha cantiga de amigo, millor dito, o poema impónsenos como cantiaga de amigo: Priva e prima a sensación, a atmósfera sentimental na que se move a pastor. Pero na realidade textual quen conta, selecciona e interpreta é un testigo, un eu masculino.

A segunda cantiga, *Ua pastor ben talhada* (13), é a ben coñecida pastorela do papagaio (14). En comparanza coa primeira, preséntase máis articulada e desenrolada dende o punto de vista narrativo e dramático, a partir da información que nos presenta unha testemuña directa "-ben vos digo / por quant'eu vi" (vv.4-

---

dunha denominación axeitada e cómoda que dea conta das comunidades e diferencias das dúas modalidades de pastorela (para o de "compostelana" v.n.11), intirquinencia que se soslaiou no caso de canso/cantiga de amor, pero que así como falamos e nos entendemos coa adapatación conceptual dos lais galego-portugueses, non hai maior problema en falar de pastorela galego-portuguesa, ou, neste ámbito, pastorela, a secas, como fai o propio Tavani ó titular o parágrafo.

(9) J. J. Nunes, *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses*, 3 vols, Coimbra 1926-28. Textos no vol. II. Cito pola reproducción de Lisboa 1973. (En diante, Nunes, *Amigo*).

(10) Tavani, *Rep.* 25, 129. Nunes, *Amigo*, I.

(11) L. Stegagno (v. abaixo n. 14, no segundo dos artículos) delimita na nosa literatura a época da pastorela, seguindo unha suxestión de C. Alvar e V. Beltrán (v. *Antología de la* poesía *gallego-portuguesa*, Madrid 1985, p. 43) e fala de duas maneiras, de dúas etapas na pequena historia da pastorela: unha etapa compostelana e outra de estilización desta no obradoiro dionisíaco. Penso que non hai lugar a tal distinción polas razóns aducidas por P. Lorenzo -a quen lle agradezo a xentileza de me ter permitido consultar estes artículos inéditos- en "La pastorela gallego-portuguesa y sus posibles relaciones de filiación", en *III Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Salamanca 2-6 octubre de 1989* (en prensa) e sobre todo en "Un género y dos tradiciones literarias: provenzales y gallego-portugueses", en *IIIe Congrès de la Association Internationale d'Etudes Occitanes*. Montpellier 20-26 agosto 1990, (en prensa).

(12) V. 4: **chorava e dizia**; v. 12: **dezia chorando**; v. 18: **disse con coita**. Para este raro modo de dicir v. S. Pellegrini, "Chorava e estava cantando", en *Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese*, Bari 1959, pp. 134-140. Complétese con G. Tavani, *Le poesie di Ayras Nunez*, Milano 1964, pp. 34-36.

(7) Para unha exposición detallada do papel xogado polas tradicións galorromances na adaptación do esquema, ver: P. Lorenzo Gradín, "La pastorella gallego-portuguesa y sus posibles relaciones de filiación", *III Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Salamanca, 2-6 octubre 1989 (Actas en prensa).

(8) Cfr. E. Gonçalves-Mª A. Ramos, *A lírica galego-portuguesa*, Lisboa, 1983, p. 26.

marcas topográficas locais (*Pelo souto de Crecente,* Rodríguez, *JAy* 23, v. 1; *nas ribas do Sar, Ibidem,* v. 7); *en Compostela,* Marroni, *PAmigo* 5, v. 1); o motivo da romería (*Ibidem,* v. 2 y v. 33); a introducción dun vocabulario propio da cantiga peninsular (*meu - seu amigo,* Nunes, *Amigo* 110, v. 9 e v. 19; Tavani, *Lour* 5, rfr.; Lang, *Den* 57, v. 2 e v. 13; Cunha, *JZor* 1, rfr. e v. 18; Tavani, *AyNz* 1, v. 7 e v. 23; *ben talhada,* Nunes, *Amigo* 110, v. 16; *fremosinha,* Tavani, *Lour* 5, v. 2, e Cunha, *JZor* 1, v. 1; *amigas,* Tavani, *Lour* 5, rfr.; *la virgo,* Tavani, *AyNz* 1, v. 32; *filhar dõas,* Marroni, *PAmigo* 5, vv. 11, 16 e 21); *ter prol,* Lang, *Den* 70, v. 22; *Senhora, comprida de bem, Ibidem,* 57, vv. 29-30, etc.); a entrada de esquemas paralelísticos (Cunha, *JZor* 1 e Tavani, *Lour* 5) (9); as alusións á actividade poética do amigo, o que, en realidade, é un "gap" enmascarado (Tavani, *Lour* 5 e Lang, *Den* 70) (10); a adaptación de textos de outros poetas galego-portugueses (pénsese, por exemplo, nos refráns da pastorela de Ayras Nunez, ou no eco da cantiga de Nuno Fernandez Torneol, *Levad', amigo, que dormides as manhãas frias* (Nunes, *Amigo* 75), sobre a segunda cobla da pastorela de Johan Ayras), etc.

Un factor que non debe ser pasado por alto é o das relacións existentes entre os autores que nos ocupan, xa que ou comparten estadias nas mesmas cortes (Alfonso X en Castela e Alfonso III en Portugal), ou aparecen unidos por conexións de carácter literario. Así, Don Johan Perez d'Avoyn tensona con Lourenço (*Lourenzo, soyas tu guarecer,* Tavani, *Lour* 14) -e curiosamente son os únicos autores que presentan nos seus textos a tres pastoras-. Pedr'Amigo e o mesmo Lourenço diríxense cantigas de maldizer que veñen determinadas pola categoría do xogral que pretende exercer como trobador (*Lourenço non mi quer creer,* Marroni, *PAmigo* 33, e *Pedr'Amigo duas sobervhas faz,* Tavani, *Lour* 18). As relacións entre Ayras Nunez e Joham Zorro son patentes na obra do clérigo santiagués, quen, como se sabe, amosa unha especial predilección polos versos do xogral portugués. Así, vai adapta-la coñecida cantiga *Baylemus agora, por Deus, ay velidas* (B [1558bis], V 761), e no texto que nos ocupa cita na última estrofa versos de Zorro:

Pela ribeyra do rio
cantando ia la dona-virgo
d'amor:
(Cunha, *JZor* 8, vv. 1-3)

"Pela rribeyra do rryo
cantando ya la virgo
d'amor;
quem amores á
como dormirá,
a[y]bela frol?"
(Tavani, *AyNz* 1, vv. 30-35)

Por outra banda, inserta o sintagma *chorava e estava cantando* (Tavani, *AyNz* 1, v. 10) que, anque pode derivar dunha fonte occitana (11), ofrece unha notable ana-

(9) Cfr. G. Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese,* Roma, 1967, 160: 429, 160: 411, 426 e 455 (para a cantiga do xogral Lourenço), 172: 1 e 178: 1 (para o texto de Joham Zorro).

(10) Tavani, *GRLMA,* p. 91 e ss.

(11) Como xa apuntou S. Pellegrini (*Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese,* Bari, 1959-2, pp. 134 e ss.), a unión dos motivos *chorar* e *cantar (dizer)* aparece nunha das pastorelas de Gui d'Ussel:

E vi denan me
Una pastorella,
Ab color fresqu'e novella,

loxía co *chorando, assi dizia ~ dizendo* de Joham Zorro (Cunha, *JZor* 1, v. 4 e v. 20) e co *chorava e dizia* de Don Denis (Lang, *Den* 23, v. 4).

De Johan Ayras sábese que estivo na corte de Alfonso X -e probablemente na de Alfonso III (12)- onde debeu ter contactos con algúns dos autores xa citados (entre eles Pedr'Amigo e Lourenço).

Polo que respecta a Don Denis é evidente que tivo acceso á producción daqueles trobadores e xograis que visitaron ou viviron na corte do seu abó -onde el estivo cando era infante-, na de seu pai ou na do propio Sancho IV, como é o caso de Ayras Nunez, que nunha das súas cantigas de amor, *Amor faz a min amar tal senhor* (Tavani, *AyNz* 4) parece opórse ó cliché convencional da "coita de amor" tan utilizado polos autores peninsulares e, particularmente, polo rei portugués (cfr. o verso do exordio do texto do clérigo con *Amor fez a mim amar,* Lang, *Den* 67) (13).

Analizando a cronoloxía dos trobadores que compoñen pastorelas, a saber, Don Johan d'Avoyn, Lourenço, Pedr'Amigo, Johan Ayras, Don Denis e Ayras Nunez (14), tírase en conclusión que o "xénero" gozou do favor literario da escola poética da Península Ibérica na segunda mitade do século XIII.

Como se lembrará, Don Johan Perez d'Avoyn é un dos homes máis poderosos da corte de Alfonso III (15). Sábese que acompañou ó conde de Boulogne en Francia antes de que aquel regresase a Portugal para ocuparse do reino despois da destitución de Sancho II (1245). Permaneceu ó lado da coroa durante a breve rexencia de Dona Beatriz e aínda se advirte a súa presencia na corte durante os primeiros anos de Don Denis. Finou en xuño de 1287.

As tensós que Lourenço mantén con Joham Garcia de Guilhade, Joham Soarez Coelho, Rodrigu'Eanes Redondo, Joham Perez d'Avoyn, Martin Moxa, Joham Vaasquiz, Pedr'Amigo e Pero Garcia demostran que o xogral viviu na corte de Alfonso III e na de Alfonso X, e permiten situa-la súa producción poética de 1250 en diante (16).

A pertencia de Pedr'Amigo de Sevilha ó círculo da corte alfonsina en Castela está fora de calquera dúbida. Os seus ataques á Balteira, as tensós con Johan Baveca, Vaasco Perez Pardal e Johan Vaasquiz, os escarnios contra Pero

---

Que chantet mout gen,
E disia en plaingnen:
"Lassa! mal viu qui pert son jauzimen!
(J. Audiau, *La pastourelle dans la poésie occitane du Moyen Age*, Genève, 1973, nº 7, vv. 4-9)

A devandita asociación tamén é usual no "planh" (cfr., por exemplo, M. de Riquer, *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Barcelona, 1975, vol. I, nº 95; vol. II, nº 148; vol. III, nº 264, ...).

(12) Rodríguez, *JAy*, pp. 84-85; Tavani, *GRLMA*, I (8), p. 26.

(13) Ver Tavani, *AyNz*, pp. 31-32 e p. 83.

(14) Non incluimos a Joham Zorro, porque, ademáis de non ter del ningunha noticia biográfica, ofrece unha producción poética que non contén datos sólidos que permitan establecer unha cronoloxía fiable da súa actividade como xogral. De tódolos xeitos, a súa colocación nos manuscritos, xusto antes de Roy Martinz do Casal, e o feito de que Ayras Nunez imite versos seus, supono ou contemporáneo ou pouco anterior á actividade do clérigo, co que estaríamos nos primeiros anos do rei Don Denis, é decir, no último cuarto do século XIII (cfr. as alusións a Lisboa e ó rei en Cunha, *JZor* 2, 3, 4 e 7).

(15) V. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, Halle a. S., 1904, vol. II, pp. 354-364.

(16) Cfr. os datos ofrecidos por Tavani, *Lour*, pp. 19-28.

d'Ambroa e Lourenço son elementos de xuizo certos que permiten fixa-la súa actividade literaria (17). A data do seu testamento, 6 de xullo de 1302, fai pensar que a súa vida non se extendeu moito máis alá dese límite.

Tendo en conta a tensó que Johan Vaasquiz fai con Johan Ayras, e unha cantiga que o relaciona con Pero Eanes Marinho (18) (cfr. B 935-V 523) parece probado que o burgués de Santiago frecuentou a corte de Alfonso X na segunda mitade do século XIII. Asimesmo, as probables alusións a Maria Balteira e a Pero Garcia (Burgalês) na cantiga *Pero Garcia me disse* (Rodríguez, *JAy* 78) (19) confirmarían ese dato.

Os autores máis tardíos de pastorelas son por tanto Don Denis, rei de Portugal dende 1279 a 1325, e Ayras Nunez a quen os documentos, e os datos que se extraen da súa producción poética, permiten situar na época de Sancho IV de Castela (1284-1295) (20).

Expostos os datos históricos, pasemos a analizar aqueles proporcionados pola tradición manuscrita galego-portuguesa, centrándonos particularmente nos apógrafos italianos **B** e **V** (21).

Foi D^a C. Michaëlis a primeira en sinalar que o arquetipo ω, do que derivan os testemuños que hoxe poseemos, presentaría unha ordenación tripartita por xéneros (cantigas de amor, de amigo e d'escarnho e maldizer) (22), e, nun segundo momento, o compilador pretendería facer unha ordenación cronolóxica no interior de cada unha das tres seccións apuntadas (23); según este criterio, os autores máis antigos agruparíanse no inicio de cada unha das respectivas seccións. Este primer "Cancioneiro xeral" remontaría ó último cuarto do século XIII e sobre él sería copiado directamente A (24), que presenta unha lagoa inicial -ó igual que V- e no que, como se sabe, só figuran cantigas de amor (exceptúense Michaëlis, *CA* 256 e 305).

Atendendo a esa tripartición e ó número de textos que presentan os códices en cada unha das seccións, obtense a seguinte ordenación:

(17) V. Marroni, *PAmigo*, pp. 194-224.

(18) Considérese a nova cronoloxía proposta para este autor por A. Resende de Oliveira en "Do *Cancioneiro da Ajuda* ao 'Livro das Cantigas' do conde Don Pedro", *Revista de História das Idéias*, X (1988), pp. 744-745.

(19) Cfr. a este propósito o estudio de V. Bertolucci, "A proposito di una recente edizione di Johan Ayras de Santiago", *Studi mediolatini e volgari*, IX (1961), pp. 79-80.

(20) Ver Tavani, *AyNz*, pp. 26 e ss.

(21) **B** = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*, Cod. 10991, ed. de L.F. Lindley Cintra, Lisboa, 1982.

V = *Cancioneiro português da Biblioteca Vaticana*, Cod. 4803, ed. de L.F. Lindley Cintra, Lisboa, 1973.

(22) Sinais evidentes desa tripartición son as rúbricas indicadoras en B e V do inicio das seccións das cantigas de amigo e d'escarnho (cfr. B 626, p. 306 e B 1330bis, p. 605; V 227, p. 93 e V 937, p. 324).

(23) Michaëlis, *CA*, vol. II, pp. 210-222.

(24) Ver G. Tavani, *Poeti del Duecento nella Penisola Iberica*, Roma, 1969, p. 137 (a parte correspondiente ó estudio da tradición manuscrita figura tamén no *GRLMA*, pp. 25 e ss. e nos *Ensaios portugueses*, Lisboa, 1988, pp. 55-178).

	cantigas de amor	*amigo*	*escarnho-maldizer*
A	...1-310...	---	---
B	1-625	626-1330	1330b-1664...
V	...1-226	227-936	937-1205...

Cando se analiza a secuencia dos textos nos cancioneiros renacentistas, obsérvase que chegado un certo momento hai unha perturbación evidente tanto no que se refire á disposición por xéneros como á cronolóxica. Esa alteración da organización primitiva de ω é signo inequívoco do enriquecimento da tradición manuscrita.

Nas dúas seccións que aquí nos interesan, a das cantigas de amor e de amigo -xa que son as que conteñen os autores e os textos reseñados-, a orden de ω consérvase na primeira parte dende B1 a B454 (lémbrese a lagoa inicial de V, e por tanto temos ...V1 a V61), e na segunda dende B626 a B850-851 (V227 a V436-437).

Das pastorelas analizadas a única que se atopa nunha desas partes, concretamente na das cantigas de amigo, é a de Don Johan Perez d'Avoyn (B676-V278), que sería por tanto a primeira pastorela da lírica galego-portuguesa. O texto aparece nunha parte dos cancioneiros onde só hai cantigas de amigo (25) e obedece polo tanto á primitiva clasificación do arquetipo. Asimesmo, téñase en conta outro dato de non menor importancia: dos sete autores aquí incluidos, o nobre portugués é o único que figura en A, que é, como xa se dixo anteriormente, o códice máis antigo dos conservados. A pastorela do señor d'Avoyn pecha, xunto cunha cantiga de amor que está a seguir dela (*Muitos veg'eu que sse fazen de mi*, A184, B677, V279) -e que é un texto que xa está dislocado en A (26)-, a serie das cantigas de amigo do trobador.

No segundo cuarto do século XIV (ca. 1340), ó postulado arquetipo incorpóranse novos autores e textos en cada unha das tres partes apuntadas (amor, amigo, escarnho e maldizer), pero nestes engadidos xa non se vai respeta-la ordenación por xéneros, pois, como se verá, algúns trobadores aparecen nalgunha desas seccións con toda a súa obra. Este novo cancioneiro, designado coa letra α (27), representaría aquel famoso *Livro das Cantigas* que o conde Don Pedro de Portugal deixa no seu testamento (30 de marzal de 1350) ó rei de Castela Alfonso XI. A crítica acepta unánimemente que o subarquetipo α recolleu non só a obra daqueles poetas que exerceron a súa actividade nos finais do século XIII e inicios do século XIV, senón tamén a de todos aqueles que foran rexeitados da primeira compilación por motivos estéticos ou por razóns de tipo social, xa que na confección daquel primer cancioneiro imperou un certo proceso de selección: a obra era de carácter nobiliario.

Na sección das cantigas de amor, as "interpolacións" sucédense dende B 454 a B 625 (V 61 - V 226), e é precisamente aí onde se atopa a obra do rei Don

(25) Exceptúense dúas cantigas d'escarnho de Don Afonso Sanchez (B781-782 / V365-366) e o caso especial de Pay Gomez Charinho que aparece nesa sección con cantigas de amor e de amigo (B808-818 / V392-402, e B838-844 / V424-430).

(26) Cfr. Michaëlis, *CA*, vol. II, p. 148, pp. 206-207 e p. 209; Tavani, *Repertorio*, p. 440, nota 5.

(27) V. Tavani, *Duecento*, pp. 136-137; *GRLMA*, p. 35; *Ensaios*, pp. 92 e ss.

Denis (B 497-604 / V 80-207) -a excepción das súas cantigas satíricas que foron separadas e aparecen na sección respectiva-, e, polo tanto, as súas tres pastorelas (B 519 - V 102; B 534 - V 137; B 547 - V 150). Don Denis está nunha parte dos apógrafos italianos na que se observa unha orde hierárquica e cronolóxica, xa que o antecede Alfonso X e o segue Alfonso XI e o propio conde de Barcelos. O feito de que a obra do rei portugués figure no nivel α e non en ω pode ter unha doble explicación: tendo en conta a personalidade do autor, a súa obra circularía nun libro independente e por iso non se incluiu na primeira antoloxía (ó igual que sucede con Alfonso X) (28); a segunda hipótese adáptase ós datos históricos expostos precedentemente: sabendo que Don Denis é un dos autores máis tardíos da "escola" galego-portuguesa é lóxico que a súa obra fora recollida no subarquetipo α e non antes. Os tres textos que nos ocupan figuran no interior do grupo das cantigas de amor, o que é un indicio certo de que as pastorelas do rei foron tratadas como un xénero culto.

O resto dos trobadores estudiados aparecen na segunda sección dos cancioneiros, é decir, a que correspondería en ω á das cantigas de amigo. Aquí as inserciónes comenzan dende B 852 a B 1299 (V 438 a V 903) (29). Dos cinco autores que nos interesan, o primeiro que aparece nesa parte é Ayras Nunez (B 868-885bis - V 454-469). Como se observa nos dous apógrafos italianos a producción do clérigo -a excepción dunha cantiga d'escarnho *Achou-ss'un bispo que eu sey, hun dia,* B 1601 - V 1133- é recollida na súa totalidade sen respeta-la ordenación tradicional por xéneros. A pastorela é a que inaugura a producción do autor, ocupando por tanto un lugar relevante nos manuscritos, precisamente o inicio da serie (o texto ofrece en B tres números, 868-869-870, debido a un erro de Colocci). O feito de que non estea xunto as cantigas de amor nin de amigo, xa que o texto que a sucede é un sirventés de tipo moral (*Porque no mundo mengou a verdade,* B 871 - V 455), parece indicar a natureza especial da cantiga, que tal vez por iso foi separada polo compilador dos outros textos amorosos. A orde de sucesión dos poetas nesa parte dos cancioneiros (B 868-941 / V 454-529) permitiu postula-la hipótese da existencia dunha *Liedersammlungen* -na terminoloxía de Gröber- de clérigos trobadores, dos quais un dos mais tardíos é precisamente o autor da pastorela que nos ocupa (30). Os datos cronolóxicos permiten concluir que o agrupamento destes autores ou ben se fixo nos últimos anos do século XIII, ou na altura en que se confeccionou α.

Despois de Sancho Sanchez, que é o trobador que remata o grupo dos clérigos, aparece Johan Ayras de Santiago. A producción amorosa deste poeta foi distribuida en dúas partes desa segunda sección dos cancioneiros: a primeira (B 942-967 / V 530-554) na que predominan cantigas de amor é aquela onde está a pastorela, que curiosamente é o último texto dese sector, que, como se sabe, está incompleto en B, e a segunda (B 1012-1052 / V 594-642) contén corenta e sete

(28) V. Tavani, *GRLMA*, p. 34.

(29) Inda que a rúbrica indicadora da sección das cantigas satíricas colócase no inicio de B 1330bis, os números B 1300 a 1330 (V 904 a 933) son xa cantigas d'escarnho.

(30) Cfr. Tavani, *GRLMA*, p. 42; Idem, *Ensaios*, p. 120; L. Stegagno Picchio, *Martin Moya. Le poesie*, Roma, 1968, pp. 57 e ss.; Resende, *Do cancioneiro*, pp. 715 e 717.

cantigas de amigo, un texto satírico e unha tensó incompleta con un tal Rui Martins. A distribución dos textos parece indica-la existencia dun cancioneiro individual (31) que obedecería á primitiva repartición nas tres grandes modalidades poéticas peninsulares. Tendo en conta a nova cronoloxía proposta para este autor por A. Resende, "quase certo estarmos perante um dos cancioneiros individuais acrescentados- depois de finais do séc. XIII- a ω" (32).

Seguindo a orden de B e V, os seguintes autores que nos interesan son Pedr'Amigo e Lourenço. A súa producción, como a de Johan Ayras, aparece dividida no interior desa segunda sección: primeiro están as cantigas de amor e logo as de amigo. Ambos trobadores están no interior dun grupo homoxéneo e coherente de autores galegos (33), que presentan a súa obra organizada según os criterios xenéricos da primitiva recopilación. A unión deste cancioneiro de segreles e xograres galegos debeu ter lugar na última década do século XIII ou nos primeiros anos do século XIV (cfr. a cronoloxía de Airas Pais), sendo incorporado a ω nas mesmas datas que os precedentes. Polo que respecta á colocación das pastorelas, compre sinalar que o texto de Pedr'Amigo de Sevilha é o derradeiro da serie das cantigas de amor do trobador -como no caso de Johan Ayras-, mentras que o de Lourenço está no interior das cantigas de amigo do xogral (concretamente é a terceira), pero para este caso repárese no verso de "incipit", *Tres moças cantavan d'amor,* que non presenta ningún distintivo especial que permita separar ese texto do resto das cantigas de amigo do autor (cfr. o verso de "incipit" do texto que o precede nos manuscritos, *Hunha moça namorada,* B 1261, V 866).

Por último non nos queda mais que facer mención de Joham Zorro. Estamos ante un *Liederblätter* iniciado precisamente polo texto que nos ocupa. A obra deste xogral portugués, xunto con seis cantigas (tres de amor e tres de amigo) de Roy Martinz do Casal -trobador da época de Don Denis (34)-, rompe a secuencia das cantigas de amigo dos autores galegos anteriormente mencionados. Basta a súa colocación e a inserción de cantigas de xéneros variados para concluir que a súa inclusión foi mais tardía que a dos grupos precedentes, podendo sitúala hacia o segundo cuarto do século XIV.

Despois de analizar tódolos datos, constátase que as pastorelas -a excepción das de Lourenço e Don Denis polas razóns xa expostas- ocupan sempre un posto "funcional" no interior das seccións de cada autor, xa que son o primeiro texto ou último da serie de cantigas de cada trobador. Esta distribución parece confirmar que os textos estudiados eran considerados como unha variedade expresiva no ríxido sistema poético da tradición galego-portuguesa. Como era de esperar, naqueles casos en que existe diálogo entre o cabaleiro e a pastora o texto introdúcese na sección das cantigas de amor, porque, como sinala o anónimo tratadista de B, "se move a rrazom d'ele" (35).

(31) V. Tavani, *Ensaios*, p. 110.

(32) Resende, *Do cancioneiro*, p. 714.

(33) Cfr. Resende, *Do cancioneiro*, pp. 711-712; Idem, "A cultura trovadoresca no Occidente peninsular: Trovadores e jograis galegos", *Biblos*, LXIII (1987), pp. 1-22.

(34) V. G. Macchi, "Le poesie di Roy Martinz do Casal", *CN*, XXVI (1966), pp. 131 e ss.

(35) V. *B, Arte de Trovar*, [Título III], capítulo IV, p. 15.

Os datos cronolóxicos correspóndense con aqueles proporcionados polos cancioneiros soamente no caso de Don Johan Perez d'Avoyn. A obra dos outros autores conflúe na tradición manuscrita nunha fase mais avanzada da sua elaboración, no que se coñece como nivel α, que, como xa se dixo, incorporou a producción daqueles trobadores mais tardíos e tamén a daqueles outros que foran rexeitados de ω por motivos estéticos ou sociais.

A pastorela comezou a ser cultivada na escola poética da Península Ibérica na segunda mitade do século XIII, baixo o influxo das literaturas ultrapirenaicas, sendo o primeiro exemplar do "xénero" unha cantiga composta ó amparo dos modelos franceses, feito que non tén nada de extrano por se-lo seu autor un nobre que estivera con Alfonso III en Francia, onde sen dúbida tivo acceso ás "pastourelles" que os "trouvères" compuñan.

Un documento galego de 1466

RAMÓN LORENZO

Como contribución á homenaxe ó Prof. Constantino García vou publicar un documento inédito do a. 1466, que está escrito en papel e pertence ó Arquivo - Biblioteca do Pazo de Vilardomonte. Deixóunolo para a súa publicación D. Xulio Fernández Pardo, cousa que lle agradezo vivamente, pois desta maneira podemos recuperar un documento máis dos moitos que andan espallados por Galicia adiante. Á parte da edición do documento, nas páxinas seguintes vou facer un estudio das súas características lingüísticas, que corresponden con toda claridade ás peculiaridades que presenta o galego na segunda parte do s. XV. O documento di así:

Sábean todos como[1] nós, Gonçalo Lopes de Goyãas, escudeiro, et Iohana[1] Días, myna muller, que presentes anbos somos, et eu, Moor[1] Ares de Bóbeda, madre do dyto Gonçalo / Lopes, que presente sõo, todos tres de mancomũu a vós de hũu, cada vn[1] porlo todo, rrenũçiando a ley de "duobus rrex devendy", outorgamos et conosçemos que, por / rrasón que vós, Rruy Fernandes Nogeyrol, escudeyro, oje este dýa desposastes por palabras do presente, segundo manda Deus et Santa Ygleia, cõ Ljonor Dýas, filla de nós, os ditos Gonçal Lopes et Iohana[1] Dýas, et neta de mj, a dita Moor Ares, et ela asý meesmo con vós, et demos et nos obligamos de dar et pagar en / dote et casamento aa dita nosa filla et a vós, o dito Rruy Fernandes, seseẽta moyos[1] de vjño et outras cousas, segundo mays conpridamente se conté ẽno contrabto que çerca delo ontre / nós et Fernãd Ares Nogeyrol, en nome de vós, o dito Rruy Fernandes, pasou, ao qual nos rreferimos; et porque nosas voõtades son de o tẽer, conprir et agardar segundo / en el se conté, por ende nós, os sobredytos, todos tres de mancomũu a vós de hũu, prometemos et nos obligamos de dar et pagar a vós, o dito Rruy Fernandes Nogeirol, / durante os dýas de nosas vidas et de cada hũu de nós, os ditos seseenta[1] moyos de vyño[2] ẽna dita ygleia de Ferr*eira* et, nõ os avendo ẽna dita ygleia, voslos da / remos[1] ẽno couto de Toldãaos por cada dýa de San Martyño de nouẽbro, desque tomardes et teverdes a dita Ljonor Días en voso poder et por moller, segundo se / conté ẽno contrabto de prometemento et dote et casamento que sobre elo pasou perante ho notario et testigos de juso scriptos; et mays queremos et nos plas que se falesçe / ren[1] da vyda presente Vaasco, Dyego et Pedro, fillos de nós, os ditos Gonçal Lopes et Juana Días, et netos de myn[1], a dita Moor Ares, que a dita Lyonor Días et vós, / o dyto Rruy Fernandes, posades

entrar et partir cõ as outras súas yrmãas en tódoslos bẽes móueles et rraýses que nós teemos et avemos, con tanto[1] que tragades a par / tyçó et monte mayor os bẽes que vos asý demos cõ a dita Ljonor Días, se vyrdes que vos cunple ou he voso proueyto; *para* o qual todo asý teer, guardar et cõplir, / obligamos a nós et a nosos bẽes móuelles et rraíses, eclesiásticos et seglares, avydos et por aver, et so pena que vos demos et pagemos por pena, se o asý / nõ teuéremos[1], conpríremos et agardáremos, myll doblas d'ouro da vanda castillanas. Et porque nosa voõtad[e][3] he de conprir et teer o suso dito, porlo thenor da pre / sente pidimos et rrogamos[1] et damos todo noso poder conprido a qualquer ou quaesquer all*cal*d*e*s, juíses, justiças eclesiásticas ou seglares dos rreynos et senoríos[4] / del rrey de Castylla, noso señor, aa jurdiçó dos quaes et de cada hũu deles nos sometemos, et rrenũçiamos a nosos propyos foros et jurdiçó, que nos cõpelan[1] et apremjẽ / por tódoslos rremedyos do d*ere*ito a que tenamos[4], cũplamos et agardemos todo o suso dito et que contra elo nõ vaamos[1] n[ỹ][5] pasemos, antes nos condepnẽ / a que o tenamos[4], cũplamos et agardemos ben, asý et tã conpridamente como[1] se sobre elo fose dado sentença definytiba a noso pidymento et consyntimento, et / a tal sentença fose pasada en cousa julgada, çerca do qual rrenũçiamos a pedir traslado desta carta et demãda en escripto et término de avogado, et a todas / ferias de pan[1] et vyño coller, et aa ley dos cónsules Velyano[1] et Justyljano[1] que falan[1] en ajuda et fabor das mulleres, et a todas outras leys et d*ere*itos can*ó*nicos[6], / çiuijs, rreyaes, monj[çi]paes[7], escriptos et nõ escriptos, et a todas outras ex[e]pçõos[8] et alegaçõos de feyto et de d*ere*ito, que nũca ende dygamos nẽ alegemos o contrario, / et en espeçial rrenũçiamos a ley et d*ere*ito que dis que gen*e*ral rrenũçiaçó nõ valla saluo se proçede por espeçielidad*e*. Et eu, o dito Rruy Fernandes, que presente sõo, p*ara* / myn et p*ara* a dita myña sposa[9], asý o rreçebo. Que foy feyta et outorgada ẽno lugar de Martýn[1], que he ẽna fregresýa de San Cristóuõo[10] de Martýn[1], dentro das / casas do dyto Gonçalo Lopes, a vynte et septe dýas do mes de jullio do ano[1] do nasçemento de Noso Señor Yhesu Cristo[11] de mjll et quatroçentos et seseẽta et / seys[9] anos[1]. Testigos que forõ presentes: o dito Fernãd Ares Nogeyrol et Rruy Gon*çalue*s de Rribadeneyra et Nuno Fernandes de Santa Alla et Pero Gon*çalue*s de Casares et Gonçalo / Lopes de Pol et Ares Cacharró et outros. Et eu[1], Áluaro Garçía d'Eyrẽe, notario públjco[1] da vila[1] de Mõforte de Lemos[1] et seus[1] términos / et jurdiçõos por meu señor don[1] Pedro Osorio, conde de Lemos[1], señor de Cabreyra et Rribeyra, a to / do esto que dito he cõ os ditos t[e]stigos[3] presente[1] foy et, a pidimẽto das ditas partes, esta carta de con / trabto[1] en mjña presençia fis escripujr et aquí meu[1] nome et signo fis en t[e]stemoyo[3] de verdade, que atal he[1] //Signo e firma: notario Álvaro Garçía//.

1. Con trazo sobre a palabra.
2. Parece que escribiu *v* sobre *m*.
3. Falta *e*.
4. Escribo con *n* e nón con *ñ*, porque, aínda que leva un trazo, vai colocado ó final sobre *os*.
5. Está escrito *ny*, co *y* que continúa o trazo ata cubrir parte do *n*. Poderiamos ler *nỹ*, pero neste documento case sempre aparece escrito así o *y* sen que sexa representación da nasal.

6. Está escrito *canoicos* con trazo sobre a palabra. Parece máis probable a lectura *canónicos* ca *canõicos*.
7. Está escrito *monjpaes*.
8. Está escrito *expçõos*.
9. Está corrixido sobre outras letras.
10. Está escrito *xptouõo*.
11. Está escrito *xpo* con trazo sobre a abreviatura.

COMENTARIO

1. Vocalismo tónico. En xeral, o texto presenta a evolución que lle corresponde no galego. Velaquí os resultados por separado.

1.1. O Ă tónico latino permanece en *Alla* 55, *anbos* 2, *ano* 52, *anos* 54, *antes* 38, *Ares* 2, 8, 12, 24, 54, 56, *atal* 62, *avogado* 43, *cada* 4, 16, 18, 35, *carta* 42, 60, *Casares* 56, *casas* 51, *contrabto* 11, 20, 60, *contrario* 47, *cũplamos* 37, 39, *dado* 40, *damos* 33, *dar* 9, 15, *demãda* 42, *desposastes* 6, *durante* 16, *dygamos* 47, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29, *entrar* 25, *espeçial* 47, *espeçielidade* 49, *falan* 44, *general* 48, *Iohana* 18, *Juana* 23, *julgada* 41, *Justyljano* 44, *lugar* 50, *madre* 3, *manda* 6, *notario* 21, 57, 62, *obligamos* 9, 15, 28, *outorgada* 50, *outorgamos* 5, *pagar* 9, 15, *palabras* 6, *pan* 43, *partes* 60, *pasada* 41, *perante* 21, *plas* 22, *posades* 24, *qual* 12, 28, 42 (e *qual quer* 33), *quatro çentos* 53, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrenũçiando* 4, *rrogamos* 33, *saluo* 48, *San* 18, 51, *Santa* 7, 55, *seglares* 29, 34, *tal* 41, *tã* 39, *tanto* 26, *tenamos* 37, 39, *tomardes* 19, *tragades* 26, *traslado* 42, *valla* 48, *vanda* 31, *Velyano* 44, *verdade* 61, *voõtade* 32 e *voõtades* 13. Tamén nas palabras xermánicas *agardar* 13, *agardáremos* 31, *Aluaro* 56, *Alvaro* 62, *Fernãd* 11, 54, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55, *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *Gonçalues* 55 e *guardar* 28 e na árabe *allcaldes* 44.

1.1.1. No caso de *para* 28, 49 (2 v.) non sabemos se se pronunciaba *pára* ou *pará*, pois esta última foi a pronuncia primitiva; amais, ó estar abreviado no ms., tamén poderiamos ler *pera* ou *perá*. Cando quedou en contacto con outra vocal por perda dunha consoante, en xeral mantense o hiato primitivo sen a evolución posterior: *aa* 9, 35, 43, *ao* 12, *monjçipaes* 45, *quaes* 35 (e *quaes quer* 33), *rreyaes* 45, *Vaasco* 22, *yrmãas* 15. En *Toldãaos* 18 hai reduplicación gráfica da vocal tónica (posiblemente para indica-lo hiato) e *vaamos* 38 segue sendo hoxe forma popular (normativo *vaiamos*). A asimilación dun *e* átono polo *a* tónico témola no xermanismo *Goyãas* (1) 1. A forma verbal *sábean* 1 é unha das más utilizadas na época medieval nos textos galegos (en lugar da forma con metátese e formación dun ditongo *saiban*). A palabra *mays* 11, 21 perdeu a cons. intervocálica, pero non seguiu evolucionando cara ó ditongo *ei*, como noutros casos. En *castillanas* 31 non témola forma propia, pois é un castelanismo.

1.1.2. No textos hai algunhas palabras que teñen o ditongo *ou* tónico, procedente de AU latino, primario ou secundario. Existía no latín en *cousa* 41,

(1) Cf. J. M. Piel-D. Kremer, *Hispano-gotisches Namenbuch*, Heidelberg, Winter, 1976, § 120.8.

cousas 10, *couto* 18, *ou* 27, 33, 34 e *ouro* 31. Procede de -AL + cons.-, por vocalización do L en *u*, en *outras* 10, 25, 45, 46 e *outros* 56. Tamén se forma na 3ª p. do pasado dos verbos da 1ª conxugación, como en *pasou* 12, 21. Este ditongo *ou* non sofre alteracións no galego e pronúnciase pechado.

1.1.3. Noutros casos chégase ó ditongo *ei*, ó quedar en contacto un *a* tónico cun *i*, procedente por metátese da sílaba seguinte en *Cabreyra* 59, *escudeiro* 1, *escudeyro* 1, *Ferreira* 17, *Rribeyra* 59 e tamén en *Rribadeneyra* 55; procedente da vocalización do primeiro elemento do grupo -KT- en *feyta* 50 e *feyto* 46. Este ditongo na época medieval seguramente se pronunciaba pechado.

1.2. O Ĕ latino (ę do latín vulgar) permanece coma *e* aberto en *bẽes* 25, 27, 29, *ben* 39, *conté* 11, 14, 20, *et* 1..., *he* 27, 32, 51, 59, 62, *moller* 20, *muller* 2, *mulleres* 44, *neta* 8, *netos* 23, *presença* 61, *quaesquer* 33, *qualquer* 33, *quatroçentos* 53, *rremedyos* 37, *sentença* 40, 41, *septe* 52, *térmjno* 43, *térmjnos* 58, *teuéremos* 30 e *teverdes* 19. Tamén debía ser aberta en *Lemos* 57, 58. Pecha por efecto da cons. nasal implosiva en *avendo* 17, *casamento* 9, 20, *conpridamente* 11, 40, *consyntimento* 41, *nasçemento* 53, *nouẽbro* 19, *pidimẽto* 60, *pidymento* 41, *presente* 3, 6, 22, 32, 49, 60, *presentes* 2, 54 e *prometemento* 20. O mesmo ocorre en *nẽ* 47 < NEC, que máis tarde pecha en *nỹ* 38 por influencia de *ningún*. En *coller* 43 e *poder* 19, 33 temos vocal pechada por cambio de conxugación e en *Pedro* 23, 58, *Pero* 55 seguramente por efecto da metafonía.

1.2.1. Cando estaba en contacto con U, formando primeiramente un hiato (primario ou secundario), as dúas vocais chegaron a constituír un ditongo, que se pronunciaba nos primeiros tempos [ę̆u̯] e xa na época medieval pechou en [ę̆u̯]. Así, en *Deus* 7, *eu* 2, 49, 56 < ĔGO, *meu* 58, 61 e no analóxico *seus* 57. Temos inflexión dobre en *mjña* 60, *myna* 2, *myña* 50 < MĔA por estar en hiato con A. A forma *Castylla* 35 está tomada do castelán.

1.2.2. Cando queda en contacto cun *i* procedente da vocalización do primeiro elemento do grupo -KT- ou -KS-, hai inflexión e fórmase o ditongo *ei*, como en *proueyto* 28 e *seys* 54.

1.3. O Ē e o Ĭ latinos pasaron a ę no latín vulgar e, consecuentemente, temos *e* pechado en *agardemos* 38, 39, *alegemos* 47, *apremjẽ* 37, *avemos* 26, *aver* 29, *condepnẽ* 39, *cõpelan* 36, *çerca* 11, 42, *daremos* 18, *del* 34, *deles* 35, *delo* 11, *demos* 9, 27, 30, *dentro* 51, *desque* 19, *desta* 19, *el* 14, *elo* 21, 38, 40, *en* 9, 12..., *ẽna* 17, 51, *ẽno* 11, 18, 20, 50, *ende* 14, 47, *esta* 60, *este* 6, *esto* 59, *falesçeren* 22, *ferias* 43, *ley* 4, 43, 48, *leys* 45, *mes* 52, *meesmo* 8, *pagemos* 30, *pasemos* 38, *pena* 30 (2 v.), *proçede* 48, *prometemos* 15, *que* 2..., *queremos* 22, *rreçebo* 50, *rrey* 35, *rreynos* 34, *se* 11, 14, 20, *seseenía* 17, *seseẽta* 10, 53, *sometemos* 36, *teemos* 26, *teer* 28, 32, *tẽer* 13, *tres* 3, 14, *ygleia* 7, 17, 18 e *Yhesu* (*Cristo*) 53. En *Eyrẽe* 57 posiblemente era vocal pechada. A pronuncia actual de *condenen*, *ende*, *ferias*, *procede* e *sesenta* tende a ser con vocal aberta. En *ela* 8 debía pronunciarse pechado, como se fai aínda hoxe en parte do territorio galego.

1.3.1. A conxunción *se* 22, 27, 30, 40, 48 < SĪ, que tamén se coñece noutras zonas románicas, mostra un cambio de cantidade que se deu no propio latín,

cousa que levou a abertura da vocal en sĭ e nas combinacións sĭquis e sĭquidem. En *meesmo* 8 aínda non se deu a contracción das dúas vocais. En *fis* 61 (2 v.) < fēcī, en *mj* 8, *myn* 23, 49 (forma nasalizada) < mĭhī (que xa no mesmo latín pasou a mī) e en *vynte* 52 < vīgĭntī temos inflexión por efecto do -ī final, en *Garçía* 57, 62 por estar en hiato con a e en *justiças* 34 por efecto do iode e por ser unha forma semiculta. En *Cristo* 53 e *signo* 61 permanece por cultismo.

1.3.2. Cando queda en contacto cun *i* procedente da vocalización do primeiro elemento do grupo -kt- fórmase o ditongo *ei*, como en *dereito* 37, 46, 48, *dereitos* 45.

1.4. O ī longo latino (*i* do latín vulgar) está representado en romance por *i*, como en *aquí* 61, *asý* 8, 27, 28, 30, 39, 50, *avydos* 29 (xa coa forma moderna en vez do medieval *avudo*), *çiuijs* 45, *definytiba* 40, *Días* 2, 19, 23, 24, 27, *Dýas* 7, 8, *dis* 48, *dita* 8, 9, 17, 19, 23, 24, 27, 50, *ditas* 60, *dito* 10, 12, 15, 32, 38, 49, 54, 59, *dyto* 3, 24, 52, *ditos* 7, 16, 23, 59, *dýa* 6, 18, *dýas* 16, 52, *escripto* 42, *scriptos* 21, *escriptos* 45, 46, *escripujr* 61, *filla* 7, 9, *fillos* 23, *fregresýa* 51, *juíses* 34, *Martýn* 51 (2 v.), *Martyño* 18, *mjll* 53, *myll* 31, *partir* 25, *pedir* 42, *pidimos* 32, *rraíses* 29, *rraýses* 25, *rreferimos* 13, *Rriba(deneyra)* 55, *senoríos* 34, *sobredytos* 14, *testigos* 21, 54, 59, *vyda* 22, *vidas* 16, *vila* 57, *vjño* 10, *vyño* 17, 43 e *vyrdes* 27. En *conprido* 33 (e *conpridamente* 11, 40), *conprir* 13, 32, *conpríremos* 30 e *cõplir* 28 houbo cambio da conxugación en -ēre para -īre. En *Dyego* 22 < dīdacu seguramente temos xa a pronuncia moderna, se ben é posible que se pronunciase aínda *Díego*.

1.5. Para o latín ŏ (*ǫ* no latín vulgar) temos vocal aberta en *Bóbeda* 2, *canónicos* 45, *conde* 58, *cónsules* 44, *Cristóuõo* 51, *don* 58, *Mõforte* 57, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *nosa* 9, 31, *nosas* 13, 16, *noso* 33, 35, 40, 53, *nosos* 29, 36, *Osorio* 58 e *propyos* 36. Tamén posiblemente en *Pol* 56. Temos vocal pechada en *contra* 38 e *monte* 26 por efecto da cons. nasal, en *foros* 36 por efecto da metafonía e en *oje* 6 por inflexión dun iode. En *voso* 19, 28 a vocal tónica é analóxica de *noso*.

1.6. As vocais ō, ŭ pasaron en latín vulgar a *o* e por iso temos en romance *o* pechado en *alegaçõos* 46, *Cacharró* 56, *con* 8, 26, 60, *cõ* 7, 25, 27, 59, *como* 1, 40, *doblas* 31, *exepçõos* 46, *fabor* 44, *forõ* 54, *fose* 40, 41, *jurdiçó* 35, 36, *jurdiçõos* 58, *Ljonor* 7, 9, 27, *Lyonor* 24, *Lopes* 1, 3, 7, 23, 52, 56, *mayor* 26, *Moor* 2, 8, 24, *moyos* 10, 17, *nõ* 17, 30, 38, 46, 48, *nome* 12, 61, *nos* 9, 12, 15, 22, 35, 36, 39, *partyçó* 26, *por* 5, 6, 14, 18, 19, 29, 30, 37, 48, 58, *porlo* 4, 32, *porque* 13, 31, *rrasón* 5, *rrenũçiaçó* 48, *señor* 35, 53, 58, 59, *so* 29, *sobre* 21, 40, *somos* 2, *son* 13, *sõo* 3, 49, *sposa* 50, *thenor* 32, *todas* 43, 45, 46, *todo* 4, 28, 33, 38, 59, *todos* 1, 3, 14, *tódoslos* 25, 37, *testemoyo* 61, *vos* 27 (2 v.), 30 e *voslos* 18. Hoxe pronúncianse con vocal aberta os cultismos *dote* 9, 20, *móueles* 25, *móuelles* 29 e tamén *vós* 3, 14 (< võce), que posiblemente terían xa esta pronuncia na época medieval. Por influencia de *noso* (e *voso*) a vocal é aberta en *nós* 1, 7, 11, 14, 16, 23, 26, 28 e *vós* 5, 8, 10, 12, 15, 24. Resulta estraña a labialización da forma *ontre* 11, que alterna con *entre* e outras formas nos textos medievais. En *nũca* 47 e *segundo* 6, 10, 13, 20

houbo inflexión por efecto da nasal implosiva + cons. e en *cunple* 27 temos unha forma analóxica da 1ª persoa. En hiato con A houbo inflexión da vocal en *suas* 25. En contacto con *i* formouse o ditongo *oi*, típico do galego, en *foy* 50, 60 < FUIT. En cambio, temos *ui* na forma sincopada *Rruy* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 54, que alterna nos textos medievais con *Roy*.

1.7. A vocal Ū do latín clásico (*u* do latín vulgar) permanece coma *u* en *ajuda* 44, *hũu* 4, 14, 16, 35, *vn* 4, *jullio* 52, *mancomũu* 3, 14, *Nuno* 55 e *públjco* 57. A forma SŬRSUM pasou xa no latín a SŪSUM, de onde temos *suso* 32, 38. Esta forma á súa vez condicionou a evolución de DEORSUM, que deu *juso* 21.

2. Vocalismo átono. Posición inicial.

2.1. O A en xeral consérvase cunha pronuncia clara e ben diferenciada: *agardar* 13, *agardáremos* 31, *agardemos* 38, 39, *ajuda* 44, *alegaçõos* 46, *alegemos* 47, *allcaldes* 34, *apremjẽ* 37, *aquí* 61, *asý* 8, 27, 28, 30, 39, 50, *atal* 62, *avemos* 26, *avendo* 17, *aver* 29, *avogado* 43, *avydos* 29, *Cabreyra* 59, *Cacharró* 56, *canónicos* 45, *casamento* 9, 20, *Casares* 56, *castillanas* 31, *Castylla* 35, *daremos* 18, *fabor* 44, *falesçeren* 22, *Garçía* 57, 62, *mancomũu* 3, 14, *Martýn* 51, *Martyño* 18, *nasçemento* 53, *pagar* 9, 15, *pagemos* 30, *palabras* 6, *partyçó* 26, *partir* 25, *pasada* 41, *pasemos* 38, *pasou* 12, 21, *rrasón* 5, *tragades* 26 e *traslado* 42. En *rraíses* 29, *rrayses* 25 consérsave o hiato sen alteración, pois é abondo frecuente o paso na I. M. a *reíses*. Para *Vaasco* 22 e *vaamos* 38 cf. § 1.1.1. Fronte á forma máis culta *mayor* 26, como nome propio aparece a forma máis evolucionada *Moor* 2, 8, 24, despois desaparecida.

2.1.1. O ditongo AU- dá en romance *ou*, como en *outorgada* 50 e *outorgamos* 5. O ditongo *ei* aparece en *Eyrẽe* 57.

2.2. Tamén aparece normalmente *e* en posición inicial, procedente de E, de Ĭ e de AE latinos, nas palabras *definytiba* 40, *demãda* 42, *dereito* 37, 46, 48, *dereitos* 45, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29, *entrar* 25, *exepçõos* 46, *Fernãd* 11, 54, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55, *Ferreira* 17, *fregresýa* 51, *general* 48, *perante* 21, *presençia* 61, *presente* 3, 6, 22, 32, 49, 60, *presentes* 2, 54, *queremos* 22, *rreçebo* 50, *rreferimos* 13, *rremedyos* 37, *rrenũçiaçó* 48, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrenũçiando* 4, *seglares* 29, 34, *segundo* 6, 10, 13, 20, *senorío*s 34, *sentença* 40, 41, *señor* 35, 53, 58, 59, *tenamos* 37, 39, *testigos* 21, 54, 59, *testemoyo* 61, *thenor* 32, *Velyano* 44, *verdade* 61. Consérvanse aínda as formas primitivas *teuéremos* 30, *teverdes* 19 (mod. con *tiv-*) e, dentro das posibilidades de alternancia medieval e/a, decídese por *e* en *seseenta* 17, *seseẽta* 10, 53.

Engadiuse, como é normal, unha vocal epentética en *escripto* 42, *escriptos* 45, 46, *escripujr* 51, *escudeiro* 1, *escudeyro* 6, *espeçial* 47 e *espeçielidade* 49, así como no composto *desposastes* 6, pero falta por tradición latinizante en *scriptos* 21 e *sposa* 50.

2.2.1. Nas formas *meesmo* 8, *teemos* 26, *teer* 28, 32 e *tẽer* 13 aínda non se deu a contracción das vocais e en *rreyaes* 45 temos unha das posibles variantes

perdidas de *reais* (*reial*, *raial*). Cando vai un *i* na sílaba seguinte, pode haber atracción da vocal inicial por esta vocal (tónica ou átona). No texto hai alternancia, como é típico de toda a época medieval e da lingua moderna. Así, temos *pedir* 42 xunto a *pidimẽto* 60, *pidymento* 41 e *pidimos* 32. En *Cristóuõo* 51 consérvase *i* por cultismo. Pasou tamén a *i* de maneira menos clara en *ygleia* 7, 17, 18 e *yrmãas* e por estar en hiato con *o* en *Ljonor* 7, 19, 27 e *Lyonor* 24.

2.3. Cando era ī longo consérvase: *çiuijs* 45, *dygamos* 47, *Rribeyra* 59. En *Dyego* 22, pode ser vocal tónica. Importante é a forma *vynte* 52 < VĪGĬNTĪ, onde temos xa contracción do anterior *viinte*.

2.4. Cando tiñamos en latín o ou ŭ, na maior parte dos casos temos en romance *o*, como en *coller* 43, *condepnẽ* 39, *conosçemos* 5, *consyntimento* 41, *contẽ* 11, 14, 20, *contrabto* 11, 20, 60, *contrario* 47, *cõpelan* 36, *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *Gonçalues* 55, *Goyãas* 1, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *notario* 21, 57, 62, *obligamos* 9, 15, 28, *Osorio* 58, *poder* 19, 33, *posades* 24, *proçede* 48, *prometemento* 20, *prometemos* 15, *proueyto* 28, *rrogamos* 33, *sometemos* 36, *Toldãaos* 18 e *tomardes* 19. Tamén está con *o* en *monjçipaes* 45 (hoxe *municipais*) e no composto *mancomũu* 3, 14. En *voõtade* 32, *voõtades* 13 aínda non se produciu a contracción.

2.4.1. Noutros casos temos alternancia, pois aparécennos *conprido* 33, *conpridamente* 11, 40, *conprir* 13, 32, *conpríremos* 30, *cõplir* 28 e *cũplamos* 37, 39; *Iohana* 1, 8 e *Juana* 23; *moller* 20 e *muller* 2, *mulleres* 44. En *lugar* 50 < LOCALE xa se deu o paso á forma moderna, pois na I. M. alternan *logar e lugar*.

2.5. Se en latín era ū longo, en romance permanece *u*, como en *durante* 16, *juíses* 34, *julgada* 41, *jurdiçó* 35, 36, *jurdiçõos* 58, *justiças* 34 e na deformación *Justyljano* 44.

3. Vocalismo átono. Posición pretónica interna.

3.1. No texto hai palabras que conservan a vocal pretónica interna, cando o máis normal é a perda. Isto débese a que son cultismos ou se apoian analoxicamente noutras formas co mesmo lexema nas que a mesma vocal vai en posición tónica. Temos conservación dunha vocal en *agardar* 13, *agardáremos* 31, *Cacharró* 56, *casamento* 9, 20; *alegemos* 46, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29, *fregresýa* 51, *general* 48, *espeçial* 47, *falesçeren* 22, *nasçemento* 53, *prometemos* 15, *rreferimos* 13, *sometemos* 36, *testemoyo* 61; *avogado* 43, *conosçemos* 5, *desposastes* 6, *senoríos* 34; *castillanas* 31, *escripujr* 61, *Justyljano* 44, *obligamos* 9, 15, 28, *partyçó* 26, *pidimẽto* 60, *pidymento* 41; *escudeiro* 1, *escudeyro* 6, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrenũçiando* 4; nos compostos *sobredytos* 14 e *Yhesu Cristo* 53, na forma recomposta *ex[e]pçõos* 46, en *Ljonor* 7, 19, 27, *Lyonor* 24 e en *voõtade* 32, *voõtades* 13, que, como xa indiquei, non presenta contracción. En *coller* 43 permaneceu pola perda do -G-, pasando a ser un iode que palatalizou a cons. anterior. En *Nogeirol* 16 e *Nogeyrol* 5, 12, 54 temos metátese de iode e formación

do ditongo -ai-, que segue evolucionando ata *ei*. En *seseenta* 17, *seseẽta* 10, 53, ó desaparece-la consoante -G-, quedou en contacto o *a* pretónico co e tónico e asimilouse a el, sen chegar aínda a contracción.

3.1.1. Pódese da-lo caso de que haxa dúas vocais pretónicas, como en *alegaçõos* 46, *definytiba* 40, *monj[çi]paes* 45, *prometemento* 20, *rrenũçiaçó* 48 e no composto *Rribadeneyra* 55. Importantes son os casos de *consyntimento* 41, con atracción da 1ª vocal pretónica pola 2ª, e *espeçielidade* 49, que é a que máis vocais pretónicas conserva e presenta o cambio de -ia- en -ie-, coñecido tamén noutras palabras na época medieval.

3.1.2. Noutros casos desapareceu a vocal pretónica. Ocorre isto nas palabras *Fernãd* 11, 54, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55, *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *Gonçalues* 55 (2 v.), *jurdiçó* 35, 36, *jurdiçõos* 58, *seglares* 29, 34 e *Toldãaos* 18. En *outorgada* 50 e *outorgamos* 5 había dúas pretónicas e caeu a que estaba máis próxima ó acento. Tamén caeu nos compostos *Mõforte* 57 (provocando a caída do *t* entre dúas consoantes) e *mancomũu* 3, 14.

4. Vocalismo átono. Posición postónica interna.

4.1. O normal nesta posición é a perda da vocal, como en *conde* 58, *don* 58, *meesmo* 8, *outras* 10, 25, 45, 46, *outros* 56 e *palabras* 6; pero como se trata dun texto xurídico e culto, hai moitos cultismos que conservan a vocal: *Bóbeda* 2, *canónicos* 45, *cónsules* 44, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29, *móueles* 25, *móuelles* 29, *públjco* 57, *térmjno* 43 e *térmjnos* 58. Tamén se conserva na palabra xermánica *Aluaro* 56, *Alvaro* 62. En *Cristóuõo* 51, o ditongo primitivo *ão* pasou a *õo* por asimilación, pero aínda non se fixo a contracción posterior en *Cristovo*. Nas formas verbais do fut. de subx. faise unha diferencia entre a 1ª p. de pl. (que conserva a vocal) e a 3ª (que vai sen ela): *agardáremos* 31, *conpríremos* 30 e *teuéremos* 30, fronte a *teverdes* 19, *tomardes* 19 e *vyrdes* 27. Cando se perdeu unha cons. intervocálica, permanece a vocal: *Días* 2, 19, 23, 24, 27, *Dýas* 7, 8, *Dyego* 22 (que primeiramente se pronunciou *Díego)*. En cultismos permanece a vocal que está formando ditongo ou hiato coa final: *apremjẽ* 37, *contrario* 47, *ferias* 43, *jullio* 52, *notario* 21, 57, 62, *Osorio* 58, *presençia* 61, *propyos* 36, *rremedyos* 37 e *sábean* 1.

5. Posición final.

5.1. En xeral, a vocal *a* permanece en posición final cunha pronuncia clara e non como unha vocal indiferenciãda. Está en *ajuda* 44, *Alla* 55, *Bóbeda* 2, *Cabreyra* 59, *cada* 4, 16, 18, 35, *carta* 42, 60, *casas* 51, *castillanas* 31, *Castylla* 35, *çerca* 11, 42, *contra* 38, *cõpelan* 36, *cousa* 41, *cousas* 10, *definytiba* 40, *demãda* 42, *desta* 42, *dita* 8, 9, 17, 19, 23, 24, 27, 50, *ditas* 60, *doblas* 31, *dýa* 6, 18, *dýas* 16, 52, *eclesiásticas* 34, *ela* 8, *ẽna* 17, 51, *esta* 60, *falan* 44, *ferias* 43, *Ferreira* 17, *feyta* 5O, *filla* 7, 9, *fregresýa* 51, *Garçía* 57, 62, *Iohana* 18, *Juana* 23, *julgada* 41, *justiças* 34, *manda* 6, *mjña* 60, *myna* 2, *myña* 50, *neta* 8, *nosa* 9, 31, *nosas* 13, 16, *nũca* 47, *outorgada* 50, *outras* 10, 25, 45, 46, *palabras* 6, *para* 28, 49 (2 v.), *pasada* 41, *pena* 30, *presençia* 61, *Rribadeneyra* 55, *Rribeyra* 59, *sábean* 1, *Santa* 7, 55, *sentença* 40,

41, *seseenta* 17, *seseẽta* 10, 53, *sposa* 50, *suas* 25, *todas* 43, 45, 46, *valla* 48, *vanda* 31, *vyda* 22, *vidas* 16, *vila* 57, *ygleia* 7, 17, 18 e *yrmãas* 15.

5.2. Tamén temos moitos casos de *o* final, que se pronunciaba pechada, pero sen perde-las súas características propias: *agardáremos* 31, *agardemos* 38, 39, *alegemos* 47, *Aluaro* 56, *Alvaro* 62, *anbos* 2, *ano* 52, *anos* 54, *avemos* 26, *avendo* 17, *avydos* 29, *avogado* 43, *canónicos* 45, *casamento* 9, 20, *como* 1, 40, *conosçemos* 5, *conprido* 33, *conpríremos* 30, *consyntimento* 41, *contrabto* 11, 20, 60, *contrario* 47, *couto* 18, *Cristo* 53, *Cristóuõo* 51, *cũplamos* 37, 39, *dado* 40, *damos* 33, *daremos* 18, *delo* 11, *demos* 9, 27, 30, *dentro* 51, *dereito* 37, 46, 48, *dereitos* 45, *dito* 10, 12, 15, 32, 38, 49, 54, 59, *dyto* 3, 24, 52, *ditos* 7, 16, 23, 59, *Dyego* 22, *dygamos* 47, *eclesiásticos* 29, *elo* 21, 38, 40, *ẽno* 11, 18, 20, 50, *escripto* 42, *scriptos* 21, *escriptos* 45, 46, *escudeiro* 1, *escudeyro* 6, *esto* 59, *feyto* 46, *fillos* 23, *forõ* 54, *foros* 36, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *jullio* 52, *juso* 21, *Justyljano* 44, *Lemos* 57, 58, *Martyño* 18, *meesmo* 8, *moyos* 10, 17, *nasçemento* 53, *netos* 23, *noso* 33, 35, 40, 53, *nosos* 29, 36, *notario* 21, 57, 62, *nouẽbro* 19, *Nuno* 55, *obligamos* 9, 15, 28, *Osorio* 58, *ouro* 31, *outorgamos* 5, *outros* 56, *pagemos* 30, *pasemos* 38, *Pedro* 23, 28, *Pero* 52, *pidimẽto* 60, *pidymento* 41, *pidimos* 32, *porlo* 4, 32, *prometemento* 20, *prometemos* 15, *propyos* 36, *proueyto* 28, *públjco* 57, *quatroçentos* 53, *queremos* 22, *rreçebo* 50, *rreferimos* 13, *rremedyos* 37, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrenũçiando* 4, *rreynos* 34, *rrogamos* 33, *saluo* 48, *segundo* 6, 10, 13, 20, *senoríos* 34, *signo* 61, *sobredytos* 14, *sometemos* 36, *somos* 2, *sõo* 3, 49, *suso* 32, 38, *tanto* 26, *teemos* 26, *tenamos* 37, 39, *térmjno* 43, *térmjnos* 58, *testemoyo* 61, *testigos* 21, 54, 59, *teuéremos* 30, *todo* 4, 28, 33, 38, 59, *todos* 1, 3, 14, *tódoslos* 25, 37, *Toldãaos* 18, *traslado* 42, *vaamos* 38, *Vaasco* 38, *Velyano* 44, *vjño* 10, *vyño* 17, 43, *voso* 19, 28 e *voslos* 18.

5.2.1. Está apocopado en *Fernãd Ares* 11, 54, *Gonçal Lopes* 7, 23, xunto a *Gonçalo Lopes* 1, 3, 52, 56, *Martýn* 51 (2 v.), *San* 18, 51 e *vn* 4. Cando ía precedido de *u* tónico asimilouse a el e pasou tamén *u*, como en *hũu* 4, 14, 16, 35 e *mancomũu* 3, 14, que aínda non contraeron as dúas vocais. Cando quedaba en contacto con outra vocal, formou con ela a 2ª parte dun ditongo, como en *Deus* 7, *eu* 2, 49, 56, *meu* 58, 61 e *seus* 57.

5.3. O *e* final aparece en numerosas ocasións: *allcaldes* 44, *antes* 38, *apremjẽ* 37, *Ares* 2, 8, 12, 24, 54, 56, *Casares* 56, *conde* 58, *condepnẽ* 39, *conpridamente* 11, 40, *cónsules* 44, *cunple* 27, *desposastes* 6, *desque* 19, *dote* 9, 20, *durante* 16, *ende* 14, 47, *espeçielidade* 49, *este* 6, *falesçeren* 22, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55, *fose* 40, 41, *Gonçalues* 55, *juíses* 34, *Lopes* 1, 3, 7, 23, 52, 56, *madre* 3, *Mõforte* 57, *monte* 26, *móueles* 25, *móuelles* 29, *mulleres* 44, *nome* 12, 61, *oje* 6, *partes* 60, *perante* 21, *porque* 13, 31, *posades* 24, *presente* 3, 6, 22, 32, 49, 60, *presentes* 2, 54, *proçede* 48, *rraíses* 29, *rraýses* 25, *seglares* 29, 34, *septe* 52, *sobre* 21, 40, *teverdes* 19, *tomardes* 19, *tragades* 26, *verdade* 61, *voõtades* 13, *vynte* 52 e *vyrdes* 27. Posiblemente por descoido falta en *voõtad[e]* 32. Nos casos de *bẽes* 25, 27, 29, *Eyrẽe* 57, *monjçipaes* 45, *quaes* 35 e *rreyaes* 45 permanece o hiato e en *ontre* 11 houbo paso á posición interior do *r*. En cambio houbo asimilación na terminación *-ões* > *-õos* en *alegaçõos* 46, *exepçõos* 46 e *jurdiçõos* 58, na

terminación *-ies* > *-iis* en *çiuijs* 45 e na terminación *-ães* > *-ãas* en *Goyãas* 1. A forma *deles* 35 é analóxica.

5.3.1. Pérdese a vocal final tras *r*, *s* (que, ás veces, está por *z*), *l* e *n*: *agardar* 13, *aver* 29, *coller* 43, *cõplir* 28, *conprir* 13, 32, *dar* 9, 15, *entrar* 25, *escripujr* 61, *fabor* 44, *guardar* 28, *Ljonor* 7, 1+9, 27, *Lyonor* 24, *mayor* 26, *moller* 20, *muller* 2, *Moor* 2, 8, 24, *pagar* 9, 15, *partir* 25, *pedir* 42, *poder* 19, 33, *quaesquer* 33, *qualquer* 33, *señor* 35, 53, 58, 59, *teer* 28, 32, *tẽer* 13, *thenor* 32; *mes* 52, *dis* 48 < DĪCIT, *fis* 61 (2 v.) < FĒCĪ, *plas* 22 < PLACET, *vós* 3, 14 < VŌCE; *atal* 62, *del* 34, *el* 14, *espeçial* 47, *general* 48, *mjll* 53, *myll* 31, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *Pol* 56, *qual* 12, 28, 42, *tal* 41; *ben* 39, *Cacharró* 56, *conté* 11, 14, 20, *jurdiçó* 35, 36, *pan* 43, *partyçó* 26, *rrasón* 5 e *rrenũçiaçó* 48. En *lugar* 50 < LOCALEM houbo disimilación.

5.3.2. Nalgúns casos o contacto da vocal final cunha vocal tónica anterior produce un ditongo: *ley* 4, 43, 48, *leys* 45, *rrey* 35, *foy* 50, 60, *mays* 11, 21. Tamén é posible que sexa un ditongo na forma reducida *Rruy* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 54.

6. Casos importantes de evolución son as formas do artigo e do pronome persoal, que no paso ó romance chegan a perde-la vocal inicial e maila consoante procedente de -LL- latino: *a* 4, 8, 19, 23, 24, 27, 41, 47, 50, *o* 10, 12, 15, 24, 28, 32, 38, 47, 49, 54; 13, 30, 39, 50, *ho* 21, *os* 7, 14, 16, 23, 26. O artigo combínase coa preposición *de* contraendo en *da* 18, 22, 31, 32, 57, *das* 44, 51, 60, *del* 34, *do* 3, 6, 37, 42, 52 (4 v.), *dos* 34, 35, 43. Tamén se une á preposición *en*, tendo como resultado neste texto a asimilación do *l* ó *n*: *ẽna* 17 (2 v.), 51, *ẽno* 11, 18, 20, 50. Igual ocorre coa preposición *con* en *cõ a* 27 e *cõ as* 25. Non contrae coa preposición *a*, pois temos *aa* 9, 35, 43 e *ao* 12. Por outra banda, a segunda forma do artigo combínase con *por* e *todos*, sen que se rexistre a asimilación do *s* ó *l* na grafía, como en *porlo* 4, 32, *tódoslos* 25, 37; o pronome combínase da mesma maneira co pronome *vos* en *voslos* 18.

6.1. Lembremos tamén que a preposición *de* está fusionada xa á palabra seguinte nas formas *deles* 35, *delo* 11, *desta* 42 e que se elide o *e* en *d'ouro* 31 e *d'Eyrẽe* 57. Non o fai en *de avogado* 43 e *de hũu* 14. Tampouco hai contracción en *en el* 14.

7. Representación gráfica das vocais.

7.1. Para a representación da vocal *i* poden aparecer *i*, *j* e *y*. A grafía moderna témola en case tódalas posicións: *aquí* 61, *canónicos* 45, *conpridamente* 11, 40, *contrario* 47, *çiuijs* 45, *dereito* 46, 48, *Días* 2, 19, 23, 24, 27, *dis* 48, *escudeiro* 1, *ferias* 43, *filla* 7, 9, etc., etc. A grafía con *j* está en *apremjẽ* 37, *çiuijs* 45, *escripujr* 61, *Justyljano* 44, *Ljonor* 7, 19, 27, *mj* 8, *mjll* 53, *mjña* 60, *monj[çi]paes* 45, *públjco* 57, *térmjno* 43, *térmjnos* 58 e *vjño* 10. A grafía con *y* utilízase moito máis: *asý* 8, 27, 28, 30, 39, 50, *avydos* 29, *Cabreyra* 59, *Castylla* 35, *consyntimento* 41, *definytiba* 40, *dýa* 6, 18, *dýas* 16, 52, *Dýas* 7, 8, *Dyego* 22, *dygamos* 47, *dyto* 3, 24, 52, *escudeyro* 6, *Eyrẽe* 57, *feyta* 50, *feyto* 46, *foy* 50, 60, *fregresýa* 51, *Justyljano* 44, *ley* 4, 43, 48, *leys* 45, *Lyonor* 24, *Martýn* 51 (2 v.), *Martyño* 18, *mays* 11, 21, *myll* 31, *myn* 23, 49, *myna*

2, *myña* 50, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *n[ỹ]* 38, *pidymento* 41, *propyos* 36, *proueyto* 28, *rraýses* 25, *rremedyos* 37, *rrey* 35, *rreyaes* 45, *rreynos* 34, *Rribadeneyra* 55, *Rribeyra* 59, *Rruy* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 54, *seys* 54, *sobredytos* 14, *Velyano* 44, *vyda* 22, *vynte* 52, *vyño* 17, 43, *vyrdes* 27, *ygleia* 7, 17, 18 e *yrmãas* 25.

7.2. Para a represantación gráfica da vocal *u* é posible atopar na época do documento alternancia entre o uso de *u*, que é maioritario, e *v*. No noso texto só temos un caso de *v* (en *vn* 4) fronte ó resto dos casos (máis de 100): *ajuda* 44, *cónsules* 44, *cousa* 41, *hũu* 4, 14,16,35, *quál* 12, 28, 42, *Rruy* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 54, etc., etc.

8. Consonantismo.

8.1. A palatal /ɲ/. Chégase ó resultado /ɲ/ por palatalización de -NY-, como en *señor* 35, 53, 58, 59, *senoríos* 34 e *tenamos* 37, 39; por palatalización de -GN-, como en *conosçemos* 5, e na terminación -ĪNU/-ĪNA, por perda da cons. intervocálica, que deixa primeiro nasalizada a vocal anterior, converténdose despois esta nasalización outra vez en cons. nasal palatal, como en *Martyño* 18, *mjña* 60, *myña* 50, *myna* 2, *vjño* 10 e *vyño* 17, 43. Non se produciu palatalización en *rreynos* 34 (onde temos ditongo por influencia de *rrey* 35) e no cultismo *signo* 61 (que conserva *gn*).

8.1.1. A representación de /ɲ/ mostra claramente a situación dos textos galegos medievais, que descoñecen, en xeral, a grafía *nh* tomada polo port. do occitano e alternan entre *n* e *ñ*. Aquí témo-la grafía *ñ* en *Martyño* 18, *mjña* 60, *myña* 50, *señor* 35, 53, 58, 59, *vjño* 10 e *vyño* 17, 43. A grafía con *n* está en *conosçemos* 5, *myna* 2, *senoríos* 34 e *tenamos* 37, 39.

8.1.2. Para a representación da consoante nasal implosiva alternan na época medieval *n*, *m* ou *til*, con clara preferencia nos textos galegos por *n* ou *til*. Debemos advertir que nesta posición, independentemente de que teñamos na grafía *n*, *m* ou *til*, temos sempre foneticamente a secuencia "vocal oral + consoante nasal" e nunca "vocal nasal" (sen consoante), como se repite con frecuencia (2). Cando había en latín grupos formados por -MB-, -MP-, -ND-, -NK-, -NS- (en cultismos) e -NT-, permanece o grupo sen alteración. Neste documento non aparece en ningún caso a grafía *m* e mesmo atopamos *n* ante *p* ou *b*. Así, temos *n* en posición interna en *anbos* 2, *conpridamente* (3) 11, 40, *conprido* 33, *conprir* 13, 32, *conpríremos* 30, *cunple* 27, *avendo* 17, *condepnẽ* 39, *ende* 14, 47, *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *manda* 6, *segundo* 6, 10, 13, 20, *vanda* 31, *mancomũu* 3, 14 (forma sincopada), *cónsules* 44, *consyntimento* (3) 41, *antes* 38, *casamento* 9,20, *conde* 58 (< COMITE), *conté* 11, 14, 20, *contra* 38, *contrabto* 11, 20, 60, *contrario* 47, *durante* 16, *entrar* 25, *monte* 26, *nasçemento* 53, *ontre* 11,

(2) Cf. o meu traballo "Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo *-ão* en portugués", en D. Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Tübingen, Niemeyer, 1988, pp. 289-326.

(3) En *conpridamente* 11,40 e en *consyntimento* 41 está abreviado *-m*en-. Tamén está abreviado en *casamento* 9,20, *prometemento* 20, *pidymento* 41 e *nasçemento* 53.

perante 21, *pidymento* 41, *presençia* 61, *presente* 3, 6, 22, 32, 49, 60, *presentes* 2, 54, *prometemento* 20, *quatroçentos* 53, *rrenũçiando* 4, *Santa* 7, 55, *sentença* 40, 41, *seseenta* 17, *tanto* 26 e *vynte* 52. Noutros casos temos *til* para representa-la consoante: *nouẽbro* 19, *cõpelan* 36, *cõplir* 28, *cũplamos* 37, 39, *demãda* 42, *Fernãd* 11, 54, *nũca* 47, *Mõforte* 57, *pidimẽto* 60, *rrenũçiaçó* 48, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrenũçiando* 4, *seseẽta* 10, 53, *voõtad[e]* 32 e *voõtades* 13.

8.1.3. En posición final de palabra é idéntico e non se pode pensar que se trata dunha vocal nasal (2). Nun texto galego do XV en tódolos casos temos unha secuencia de "vocal oral + cons. nasal implosiva". Neste texto a grafía alterna entre *n* e *til* e non aparece *m*. Temos *n* na 3ª p. de plur. dos verbos, como en *cõpelan* 36, *falan* 44, *falesçeren* 22, *sábean* 1 e *son* 13; nas terminacións -ANE, -ENE, -ONE (por perda da vocal final), como en *pan* 43, *ben* 39 e *rrasón* 5; en formas sincopadas como *don* 58, *Martýn* 51 (2 v.), *San* 18, 51 e *vn* 4; en formas analóxicas como *myn* 23, 49 (< MĬHĪ) e en monosílabos latinos que conservan a cons. final, como *con* 8, 26, *en* 9, 12, 14, 19, 25, 41, 42, 44, 47, 60, 61. Con *til* están as formas verbais *apremjẽ* 37, *condepnẽ* 39 e *forõ* 54, así como o sing. *contẽ* 11, 14, 20, este con perda de *e* final como en *Cacharró* 56, *jurdiçó* 35, 36, *partyçó* 26 e *rrenũçiaçó* 48; as formas analóxicas *mĩ* 8, *nẽ* 47 e *n[ỹ]* 38 (< NEC) e os monosílabos latinos *cõ* 7, 25, 27, 59, *nõ* 17, 30, 38, 46, 48 e *tã* 39.

8.1.4. Nos casos de *ẽno* 11, 18, 20, 50 e *ẽna* 17 (2 v.), 51 temos *til* para a representación do *n* implosivo, polo que a lectura correcta é *enno*, *enna*. Tamén debemos interpretar como consoante nasal os casos de *cõ a* 27, *cõ as* 25, *cõ os* 59 e *nõ os* 17, onde debemos ler *cona*, *conas*, *conos* e *nonos*.

8.1.5. Por tendencia latinizante e por rutina aparece, ás veces, *til* en casos nos que non lles corresponde e nos que non ten ningún valor. No noso texto hai bastante tendencia a colocar un trazo innecesario sobre a palabra. Así, temos trazo sobre *ano* 52, *anos* 54, *como* 1, 40, *cõpelan* 36, *don* 58, *falesçeren* 22, *he* 62, *Iohana* 1, 8, *Justyljano* 44, *Lemos* 57, 58, *Martyn* 51 (2 v.), *meu* 58, 61, *Moor* 2, *moyos* 10, *myn* 23, *pan* 43, *presente* 60, *públjco* 57, *rrogamos* 33, *seseenta* 17, *seus* 57, *tanto* 26, *teuéremos* 30, *vaamos* 38, *Velyano* 44, *vn* 4, *vila* 57 e posiblemente en *Eyree* (4) 57.

8.1.6. O problema das nasais complícase no galego e no portugués medieval porque no paso do latín ó romance a cons. -N- intervocálica desapareceu deixando nasalizada a vocal anterior. A historia desta vocal é complicada e depende da situación dentro da palabra. No noso documento a nasalización consérvase na maior parte dos casos. Así, para a terminación -ONES temos *alegaçõos* 46, *ex[e]pçõos* 46 e *jurdiçõos* 58; para a terminación -ANAS *yrmãas* 25, para a terminación -ENES *bẽes* 25, 27, 29; para a terminación -ANU *Cristóuõo* 51 e *Toldãaos* 18; para a terminación -ANES *Goyãas* 1 e para a terminación -UNU *hũu* 4, 14, 16, 35 e *mancomũu* 3, 14. Outras formas con perda de -N- son *sõo* 3, 49, *tẽer* 13. Aparece xa coa perda da nasalización en *teemos* 26 e

(4) En *senorios* 34 e *tenamos* 37, 39 podería interpretarse que o til corresponde ó *n* e que deberiamos ler *señorios* e *teñamos*. Non fago esta lectura porque nos dous casos o trazo vai sobre *-os* final de maneira idéntica ós outros casos citados.

teer 28, 32 e na forma semiculta *testemoyo* 61 (onde non palataliza o grupo -NY- e se trata coma se fose -N- intervocálico).

8.1.7. Permanece o -N- latino nos cultismos *canónicos* 45 *definytiba* 40, *general* 48, *Justyljano* 44, *Ljonor* 7, 19, 27, *Lyonor* 24, *monj[çi]paes* 45, *pena* 30 (2 v.), *thenor* 32, *térmjno* 43, *térmjnos* 58, *Velyano* 44. Na forma *Rribadeneyra* 55 temos unha palabra composta e *castillanas* 31 é un castelanismo. Cando tiñamos -NN- en latín, o resultado romance é con *n*. Así ocorre en *ano* 52, *anos* 54, *Iohana* 1, 8, *Juana* 23 e *Nuno* 55. O mesmo pasa con -MN-, como na palabra *condepnẽ* 39.

8.1.8. O N- inicial latino permanece normalmente, como en *nasçemento* 53, *nẽ* 47, *neta* 8, *netos* 23, *nõ* 17, 30, 38, 46, 48, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *nome* 12, 61, *nos* 9..., *nós* 1, 7..., *nosa* 9, 31, *nosas* 13, 16, *noso* 33, 35, 40, 53, *nosos* 29, 36, *notario* 21, 57, 62, *nouẽbro* 19, *nũca* 47 e *Nuno* 55 e *nỹ* 38.

8.2. Representación do sonido palatal /ʎ/. Como corresponde ós textos galegos medievais, a grafía para a representación do /ʎ/ é *ll*, igual ca no port. máis primitivo, pois o gal. non adoptou a grafía occitana imposta en Portugal a partir da última parte do séc. XIII. No texto é normal que se faga unha clara distinción entre a grafía *l* para o lateral alveolar e *ll* para o palatal. Así, temos *ll* en *castillanas* 31, *Castylla* 35, *coller* 43, *filla* 7, 9, *fillos* 23, *moller* 20, *muller* 2, *mulleres* 44, *Santa Alla* 55 e *valla* 48. Temos *l*, por ex., en *alegemos* 47, *atal* 62, *cónsules* 44, *delo* 11, *ela* 8, *elo* 21, 38, 40, etc., etc. Con todo, temos uns cantos casos de grafía equívoca, pois aparécenos *ll* para representar /l/ en *jullio* 52, *mjll* 53, *myll* 31, *móuelles* 29 (fronte a *móueles* 25) e *all*cal*des* 34 (se interpretamos ben a abreviatura, pois está escrito *allds* con trazo sobre a palabra, polo que tamén se podería ler *alcaldes*). Á parte o caso de *mjll* / *myll*, onde temos un recordo da grafía latina, as interferencias gráficas son constantes na época medieval, podendo aparecer de vez en cando *l* para representar /ʎ/ e, con máis frecuencia, *ll* para representar /l/, como vemos no noso caso.

8.2.1. L- inicial permanece sen alteración: *Lemos* 57, 58, *ley* 4, 43, 48, *leys* 45, *Ljonor* 7, 19, 27, *Lyonor* 24, *Lopes* 1, 3, 7, 23, 52, 56, *lugar* 50.

8.2.2. -L- o normal é que desapareza: *çiuijs* 45, *monj[çi]paes* 45, *quaes* 35, *quaesquer* 33, *rreyaes* 45, *Vaasco* 22, *voõtade* 32, *voõtades* 13. Permanece cando se perde unha vocal final: *atal* 62, *espeçial* 47, *general* 48, *qual* 12, 28, 42, *qualquer* 33, *tal* 41. Tamén en *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *Pol* 56 e *Toldãaos* 18. Amais, permanece nos cultismos: *alegaçõos* 46, *alegemos* 47, *cónsules* 44, *espeçielidade* 49, *móueles* 25, *móuelles* 29. En *falan* 44 a perda da vocal fixo que se apoiase no *b* precedente. En *lugar* 50 (< LOCALE) houbo disimilación e perda da vocal final.

8.2.3. Cando tiñamos -LL- houbo simplificación: *cõpelan* 36, *del* 34, *deles* 35, *delo* 11, *el* 14, *ela* 8, *elo* 21, 38, 40, *falesçeren* 22, *mjll* 53, *myll* 31 e *vila* 57. Nas formas do artigo chegou a desaparecer (cf. § 6). En *castillanas* 31 e *Castylla* 35 temos dous castelanismos en lugar das formas propias *castelãas* e *Castela*. Cando tiñamos -LY- o resultado foi /ʎ/, que aparece en *filla* 7, 9, *fillos* 23, *moller* 20, *muller* 2, *mulleres* 44, *Santa Alla* 55 < EULALIA, *valla* 48 e tamén en *coller* 43 < COLLIGERE (por perda do -G-). Non se produciu palatalización nos cultismos *jullio* 52, *Veljano* 44 e *Justyljano* 44 (estes dous deformacións de palabras latinas).

8.3. Como o *h* latino deixou de se pronunciar moi cedo, polo regular na época medieval non se utiliza na grafía das palabras que o tiñan en latín. Por iso temos *avendo* 17, *avemos* 26, *aver* 29, *avydos* 29, *oje* 6 e *Juana* 23. Tampouco aparece en *carta* 42, 60 e en *mj* 8, *myn* 23, 49, neste caso porque xa no propio latín se fixo a contracción de MĬHĪ > MĪ. O único caso que achamos con *h* etimolóxico é *Iohana* 1, 8. A este únense outros exemplos nos que o *h* é antietimolóxico e non ten valor fonético. Son *he* 27, 32, 51, 59, 62, *ho* 21, *hũu* 4, 14, 16, 35, *Yhesu* 53 e *thenor* 32.

8.4. As consoantes bilabiais B/V.

8.4.1. No galego primitivo había unha oposición entre /b/ bilabial oclusivo e /β/ bilabial fricativo, sonido este que debeu absorber, probablemente, cedo ó primitivo labiodental /v/ procedente de -F- latino. Non é moi atinado pensar que /β/ pasou primitivamente en todas partes a /v/ (oposto a /b/) e que despois en todo o N. o labiodental desapareceu en beneficio do bilabial. O máis probable é que a distribución /b/, /β/ fose a propia de todo o N. nos primeiros tempos. Pero esta oposición comezou a perder forza xa desde época moi arcaica para rematar coa desfonoloxización da oposición b/β en beneficio de /b/. Como é normal nun texto do s. XV, non se fai ben a distinción gráfica entre os dous sonidos primitivos, porque na lingua falada xa non se practicaba tal distinción. De aí que haxa tendencia en certos casos a escribir con *b* en lugar de *v*, por se-la grafía do fonema triunfante.

8.4.2. Témo-lo resultado esperado *b* procedente de B- inicial en *bẽes* 25, 27, 29, *ben* 39 e *Bóbeda* 2; procedente de -P- en *Cabreyra* 59, *doblas* 31, *rreçebo* 50, *Rribadeneyra* 55, *Rribeyra* 59, *sábean* 1, *sobre* 21, 40 e *sobredytos* 14; prodecente do grupo -MB- en *anbos* 2 e *nouẽbro* 19. En todos estes casos correspondíalle primitivamente /b/. Hai outros casos nos que temos *b* por se tratar de palabras cultas, como en *obligamos* 9, 15, 28 e *públjco* 57.

8.4.3. Témo-lo resultado esperado /β/ procedente da consonantización de U- inicial en *vaamos* 38, *Vaasco* 22, *valla* 48, *Velyano* 44, *verdade* 61, *vyda* 22, *vidas* 16, *vila* 57, *vjño* 10, *vyño* 17, 43, *voõtad[e]* 32, *voõtades* 13, *vos* 27 (2 v.), 30, *vós* 3, 5, 8, 10, 12, 14, 15, 24, *voslos* 18, *voso* 19, 28, *vynte* 52 e *vyrdes* 27; de -U- intervocálico latino en *çiuijs* 45 e *nouẽbro* 19; da fricativización de -B- en *avemos* 26, *avendo* 17, *aver* 29, *avydos* 29, *escripujr* 61, *móueles* 25 e *móuelles* 29. Ocorre isto tamén en *teuéremos* 30 e *teverdes* 19 e cando vai precedido das consoantes *l*, *d*, como en *Aluaro* 56, *Alvaro* 62, *saluo* 48 e *avogado* 43. En *Gonçalues* 55 (2 v.) está abreviado, polo que tamén poderiamos ler *Gonçales*, tendo en conta a forma do nome, que é *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, tamén sincopado en *Gonçal* 7, 23 (cando vai seguido do apelido). No caso de proceder de -F- latino o máis probable é que nun documento do s. XV teñamos un sonido bilabial fricativo: *Cristouõo* 51, *proueyto* 28.

8.4.4. Fronte a todos estes casos que responden á situación primitiva, achamos outros onde xa se rompeu o sistema medieval e non se fai distinción

entre b/β, como corresponde ó galego moderno. Cando se rompe o sistema medieval, triunfa o fonema /b/ e, como consecuencia, a tendencia dos textos é a escribir con *b*. Neste documento temos *definytiba* 40, *fabor* 44, *palabras* (5) 6 e *Bóbeda* 2. Outro caso é *contrabto* 11, 20, 60, procedente dun anterior *contrauto* < CONTRACTU. O caso contrario témolo en *vanda* 31, onde debería estar máis probablemente escrito *banda*.

8.4.5. En relación con todos estes exemplos podemos pór outras palabras que tiñan en latín un sonido labial: en *propyos* 36 non hai sonorización do -P- por se tratar dun cultismo, en *pasou* 12, 21 houbo unha reducción no propio latín da forma PASSAUIT e en *falan* 44 < FABULANT posiblemente houbo unha asimilación do *b* ó *l* seguinte (6). Tampouco hai sonorización do -F- nos cultismos *definytiba* 40 e *rreferimos* 13.

8.4.6. Para a representación gráfica da variante fricativa, nos textos medievais alternan sempre *u* e *v*, sendo máis corrente nos primeiros tempos a grafía con *u*. No noso texto, como puidemos ver, a alternancia é constante, se ben xa se deu o paso para uso maioritario da grafía consonántica, pois temos 10 casos de *u* (+ os dous de *Gonçalues*) e 37 de *v*.

8.5. As sibilantes.

8.5.1. A evolución das sibilantes é un dos problemas máis apaixonantes da fonética histórica romance, con grande incidencia na Romania Occidental e, de maneira particular para nós, na zona occidental da Península Ibérica. Desde o latín ata a lingua moderna o proceso de transformación foi enorme e tense interpretado de distintas maneiras e con distintos criterios. Hoxe xa non se pode mante-la teoría de que no castelán e no galego temos un sistema medieval de 6 membros, con oposición de xordas e sonoras, e de que no séc. XVI se produciu o paso ó sistema moderno, co enxordecemento das sibilantes sonoras; e tampouco se pode admitir que o portugués ten un sistema medieval con oposición de africadas e fricativas e que foi no séc. XVI cando se deu a desafricación, aínda que ás veces se repita isto nos manuais. O proceso de transformación cara á situación moderna deuse xa na época medieval e estámolo vendo a cada paso nos textos escritos naqueles tempos.

8.5.2. Para o estudio das sibilantes temos que partir á forza dunha mesma situación en Galicia, en Portugal e nas distintas zonas do dominio castelán (en Castela ou en Andalucía). Este sistema común estaba formado por seis sibilantes, opostas pola marca de sonoridade / non sonoridade:

ápico-alveolares fricativas	ẓ / s̻
predorso-dentais africadas	dz / ts

(5) As formas primitivas son *palavra* e *parávoa* (cf. R. Lorenzo, *La traducción de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II, Orense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 1977, p. 971a-972a.

(6) W. B. Williams, *From Latin to Portuguese*, 2ª ed., Philadelphia, University of Pennsylvania Press, 1962, § 86.2 (*Do latim ao português*, 3ª ed., Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro, 1975, § 86.2).

prepalatais fricativas ž / š.

Moi cedo xa comezou o proceso de transformación deste sistema, que foi, en parte, idéntico a tódalas zonas e, en parte, distinto, porque nalgúns lugares houbo desonorización e noutros permaneceron as consoantes sonoras. Así, a desafricación das predorso-dentais (ou predorso-dento-alveolares) africadas é común a tódalas partes e deuse pola mesma época. Nun momento determinado, as africadas /dz/ e /ts/ convertéronse, respectivamente, nas fricativas predorso-dentais (ou, se queremos, predorso-dento-alveolares) /z/ e /s/, co que se chega a un novo sistema:

ápico-alveolares fricativas	ẑ / ŝ
predorso-dentais fricativas	z / s
prepalatais fricativas	ž / š.

Unha vez que desaparecen as africadas é cando se comeza a facer distinción entre as diferentes zonas. No territorio portugués permanecen as sonoras e mesmo hai unha zona do N. de Portugal que segue a diferenciar entre o *s* apical e o predorsal. En cambio, no galego e en todo o territorio castelán comeza case simultaneamente o proceso de desonorización, polo que axiña empeza a funcionar un sistema de tres membros:

ápico-alveolar fricativa	ŝ
predorso-dental fricativa	s
prepalatal fricativa	š.

Os cambios non pararían aquí, debido a que a lingua reaccionou máis tarde e nunha grande parte do territorio diferenciouse máis entre ŝ/s, pasando a predorsal a interdental /θ/. Na zona occidental de Galicia, con menor extensión xeográfica, xunto a zonas que aínda conservan a distinción š/s, chegouse nunha parte ó triunfo do /s/ predorsal e noutra ó de /ŝ/ apical. Comparando o primitivo sistema medieval co actual, vemos polo tanto unha profunda transformación, que ten raíces moi vellas, posto que se vai xerando ó longo de toda a Idade Media. Esta transformación podémola ir seguindo desde o século XIII; é dicir, desde que temos textos romances, comeza a haber unha transgresión da norma escrita, ó principio de maneira ocasional e despois, a medida que pasan os anos, de forma máis ostensible. Fronte á norma patrón escrita, en moitos textos van aparecendo transgresións que indican os cambios que se van experimentando. No caso das sibilantes témo-la impresión de que popularmente o sistema de seis membros non funcionaba moi ben, rompéndose axiña en dúas direccións: por unha banda a desafricación, que leva ó cambio das africadas /dz/ e /ts/ nas fricativas /z/ e /s/, e por outra a desonorización no territorio galego e en Castela, que leva á desaparación das consoantes sonoras /ž/, /dz/ (ou xa /z/) e /ẑ/ en beneficio das xordas /š/, /ts/ (ou xa /s/) e /ŝ/. O dobre proceso tivo que darse simultaneamente, entrecruzándose os dous cambios nas zonas que o coñecen.

8.5.3. Por citarmos algúns exemplos, Clarinda Maia mostra como nos documentos desde o XIII hai confusións gráficas entre as sibilantes xordas ç (ou *c*) e *s* ou *ss*, como en *Garsia* 1257, *uerssas* 1283, *conusuda* 1295, *possiçoes* 1289, etc.; entre *z* e *s*, como son os casos de *uoses* 1334, *disimo* 1473, *faser* 1302, *diuizada* 1287, etc., ou enxordecemento en *ducentos* 1281, *jaçen* 1310, *façer* 1316, etc. (7). Eu mesmo citei na *Crónica Troiana* exemplos do tipo *donçelas*, *rrefaçer*, *amortezido*, *fixe*, *beixaruos ey*, etc. (8) e no Homenaxe a Paul Teyssier publiquei un documento de 1344, onde se ve o enxordecemento de /dz/ > /ts/ en *rraçó*, *cucjna*, *ffaçerdes*, *façẽdo* e *ffeçerem*; a desafricación en posición final en *uós* 'voz', *Vaasques*, *Yanes*, *Eanes* e *Ffernandes*; e a total destrucción da oposición s̊/z̊ en *cassa* (2 v.), *cassas* (8 v.), *loytossa*, *cassado*, *poussemos*, *querelossa*, *pressentes*, *pasar*, *uosa*, *nosos*, etc. (9). A todos estes exemplos poderíanse engadi-los numerosísimos casos contidos nun documento de 1342 que procede da zona do Fisterra (NO da Coruña) e que se atopa actualmente no Arquivo da Universidade de Santiago, pois nel achamos formas como *d'oxe*, *nosa*, *cassa*, *ffaçer*, *voçes*, *vosses*, *pouços*, etc.

8.5.4. No noso texto temos mostras abondas desta transformación. Das tres oposicións primitivas a que parece seguir funcionando é s̊/z̊, que é a máis difícil de romper graficamente. Para o xordo só temos *o semicultismo ex[e]pçõos* 46, pois en *seys* 54 non palatalizou por quedar en posición final e en *seseenta* 17, *seseẽta* 10, 53 tampouco por analoxía. Para o sonoro hai máis casos: procede da palatalización de G^{e}- en *general* 48; da consonantización e palatalización de I- en *Iohana* 1, 8, *Juana* 23, *juíses* 34, *julgada* 41, *jullio* 52, *jurdiçó* 35, 36, *jurdiçõos* 58, *justiças* 34, *Justyljano* 44 e *Yhesu Cristo* 53; da palatalización de -DY- (10) en *ajuda* 44 e *oje* 6 e da palatalización de -SY- en *ygleia* 7, 17, 18. En *juso* 21 procede de DEORSUM, cambiado no latín vulgar en JŪSUM por influencia de SŪSUM < SURSUM.

8.5.4.1. Se para a representación da vocal *i* poden aparecer *i*, *j* e *y*, tamén é normal que para a consoante aparezan estas tres posibilidades. Como se ve no apartado anterior, en posición inicial témo-la grafía *j*, agás no caso de *general* 48, de *Iohana* 1, 8 e de *Yhesu Cristo* 53. En posición intervocálica temos *ajuda* 44 e *oje* 6, fronte a *ygleia* 7, 17, 18.

---

(7) *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, Coímbra, Instituto Nacional de Investigação Científica (Colección "Linguística", núm. 9), 1986, pp. 446, 456, 458.

(8) Ramón Lorenzo, Crónica Troiana. A Coruña (Fundación Pedro Barrié de la Maza. "Colección de documentos históricos". Disposta pola Real Academia Galega), 1985, pp. 94-95, 133-134 e 161.

(9) "O estado da lingua nun documento do séc. XIV", en *Arquivos do Centro Cultural Português* XXIII, 1987, pp. 55-56.

(10) -dy- non presenta un resultado unitario, pois temos vocalización en *moyos* 10, 17 e permanencia do grupo no cultismo *rremedyos* 37.

8.5.5. No caso da oposición primitiva s̈/z̈ a situación do documento é moito máis clara, posto que non fai nunca distinción. No paso do latín ó romance primitivo tiñamos *s* apicoalveolar fricativo xordo en posición inicial, en posición implosiva interna ou final e cando procedía de -SS- latino, de determinados grupos internos (-PS-, -STR-, etc.) ou ía precedido doutra consoante: *sábean* 1, *saluo* 48, *senoríos* 34, *signo* 61, *sometemos* 36, *scriptos* 21, *súas* 25, *cónsules* 44, *Cristo* 53, *espeçial* 47, *meesmo* 8, *quaesquer* 33, *testigos* 21, *vidas* 16, *voslos* 18, etc., etc.

8.5.5.1. Realmente, onde tiñamos oposición fonolóxica era en posición intervocálica e por iso, cando tiñamos sonido apicoalveolar fricativo sonoro, a grafía era *s* e, cando tiñámo-lo xordo, a grafía era *ss*. Este sistema gráfico é o que primeiro se rompe nos textos e no noso xa non funciona, pois sistematicamente aparece eliminada a grafía con *ss*. Así, témo-la grafía esperada *s* (por se-lo primitivo sonoro), procedente de -S- latino en *casamento* 9,20, *Casares* 56, *casas* 51, *cousa* 41, *cousas* 10, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29, *fregresýa* 51, *presençia* 61, *presente* 3, 6, 22, 32, 49, 60, *presentes* 2, 54 e *Yhesu* 53; de -NS- en *desposastes* 6 e *sposa* 50 e de -RS- en *juso* 21 e *suso* 32, 38. Amais, está na palabra *Osorio* 58. Pero tamén témo-la mesma grafía nos casos en que debería estar con *ss* por corresponder ó primitivo xordo: procedente de -SS- en *fose* 40, 41, *pasada* 41, *pasemos* 38, *pasou* 12, 21 e *posades* 24; de -STR- en *nosa* 9, 31, *nosas* 13, 16, *noso* 33, 35, 40, 53, *nosos* 29, 36 e *voso* 19, 28; de -KS- en *seseenta* 17 e *seseẽta* 10, 53; da combinación AD con SIC en *asý* 8, 27, 28, 30, 39, 50. Esta eliminación sistemática da grafía con *ss* indica que xa non existía o sonido sonoro.

8.5.6. Ó lado destes exemplos que nos indican o enxordecemento, temos outros que xuntan as marcas de enxordecemento e desafricación. O feito de que haxa desonorización de /dz/ > /ts/ e de /ż/ > /s̈/ e ó mesmo tempo paso de /ts/ a /s/ predorso-dental, fai que se poidan iguala-las grafías e que o copista non saiba empregar con exactitude o sistema primitivo. Así, no noso documento a grafía *z* xa non aparece en ningún caso e escríbese coa grafía correspondente ó sonido fricativo. Cando aparece a grafía *s* por *z*, para min isto non quere indicar que xa se igualaran o /s/ dorsal do novo sistema e o /s̈/ apical do sistema primitivo. Máis ben haberá que pensar que na fala se facía a distinción entre s̈ / s e que na escrita, ó non valer xa a grafía con *z*, se bota man da grafía máis próxima para representar un tipo de sonido novo, que xa era sibilante fricativo e que só se diferenciaba do tradicional /s̈/ en que este era apical e alveolar e o novo era predorsal e posiblemente dentoalveolar. Non sabemos cando empezou a igualación de s̈ / s e pode ser xa medieval, pero lembremos que hoxe hai zonas do N. de Portugal e do O. de Galicia que aínda distinguen os dous sonidos, o que posiblemente indica conservadurismo ou que o fenómeno da igualación en dorsal (centro-sur de Portugal e algunhas zonas galegas do Occidente) ou en apical (zonas do N. de Portugal e outras do Occidente de Galicia) é máis recente.

8.5.6.1. No manuscrito aparece ç, tal como lle corresponde, procedente de $C^{e,i}$- en *çerca* 11, 42, *çiuijs* 45 e *quatroçentos* 53; de -SK^{e}- en *conosçemos* 5, *falesçeren* 22 e *nasçemento* 53; de -K^{e}- nos cultismos *espeçial* 47, *espeçielidade* 49,

monj[çi]paes 45 e *proçede* 48, así como en *rreçebo* 50 (entendido como composto); de -TY- en *alegaçõos* 46, *justiças* 34 e *partyçó* 26; de -cons. + TY- en *ex[e]pçõos* 46, *jurdiçó* 35, 36, *jurdiçõos* 58, *presençia* 61, *rrenũçiaçó* 48, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrenũçiando* 4 e *sentença* 40, 41. Tamén está no prerromano *García* 57, 62 < GARSEA e no xermanismo *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56 (tamén en *Gonçalues* 55), latinizado en GUNDISALUUS, onde desaparece a vocal pretónica e queda o grupo -nds- co resultado xordo. Polo contrario, nos casos en que debería estar *z* atopamos sistematicamente *s*. Isto ocorre tanto en posición final coma interna: procedente de -K^{e,i}- en *dis* 48 < DĪCIT, *fis* 61 (2 v.) < FĒCĪ, *plas* 22 < PLACET, *vós* 3, 14 < VŌCEM, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55, *Gonçalues* 55 (2 v.), *Lopes* 1, 3, 7, 23, 52, 56, *juíses* 34, *rraíses* 29 e *rrayses* 25; procedente de -TY- en *rrasón* 5.

8.6. Palabras con -GUA- e -QUA-.

8.6.1. Como resultado de GUA- ou -GUA-, que está en palabras xermánicas, temos dobre posibilidade. O máis normal é que teñámo-la perda do elemento labial, como corresponde á evolución propia do galego: *agardar* 13, *agardáremos* 31, *agardemos* 38, 39. Nunha ocasión témo-la conservación: *guardar* 28. No caso de QUA-, seguindo a tradición latina e o uso medieval, temos conservación do *wau* en *qual* 12, 28, 42, *qualquer* 33, *quaes* 35, *quaesquer* 33 e *quatroçentos* 53. Nestes casos non sabemos se se pronunciaba o *wau* ou era unha simple grafía latinizante, tendo en conta que hoxe no galego, maioritariamente, témo-la pronuncia *ga* e *ca*. Nos textos medievais hai grafías do tipo *çerqua*, *arquo*, etc. que parecen indicar que o *wau* non tiña valor fonético. A grafía moderna está en *nũca* 47 < NUMQUAM.

8.7. Grupos consonánticos.

8.7.1. Nas palabras que tiñan grupos consonánticos en latín, na maior parte dos casos témo-la forma esperada. Xa falei dos pronomes *nosa* 9, 31, *nosas* 13, 16, *noso* 33, 35, 40, 53, *nosos* 29, 36 e *voso* 19, 28, que tiñan en latín -STR- e presentan xa a forma moderna. Tamén presenta a forma esperada *dentro* 51 e a forma máis culta *saluo* 48, fronte á vocalización da consoante implosiva en *outras* 10, 25, 45, 46, *outros* 56.

8.7.2. No caso de -KT- hai vocalización do primeiro elemento, segundo a evolución esperada, en *dereito* 37, 46, 48, *dereitos* 45, *feyta* 50, *feyto* 46 e *proueyto* 28. Cando precedía un -Ī- longo, o resultado é unha contracción das dúas vocais en época moi primitiva: *dita* 8, 9, 17 (2 v.), 19, 23, 24, 27, 50, *ditas* 60, *dito* 10, 12, 15, 32, 38, 49, 54, 59, *dyto* 3, 24, 52, *ditos* 7, 16, 23, 59. O mesmo ocorre en *jurdiçó* 35, 36 e *jurdiçõos* 58, onde temos -KTY-. En *outorgada* 50, *outorgamos* 5 o grupo -KT- ía precedido de AU-, polo que vocalizou o K en *u* e houbo contracción. Cando tiñamos en latín -NKT-, houbo perda do elemento intermedio: *Santa* 7, 55, *San* 18, 51. Un caso especial ofrécenolo *contrabto* 11, 20, 60, dun anterior

contrauto, semicultismo procedente do latín CONTRACTU, onde temos consonantización, polo menos gráfica, dunha vocal labial que formaba parte dun ditongo. Nestes casos temos analoxía coas palabras do tipo *babtismo* > *bautismo* > *boutismo*, *cabdel* > *caudel* > *coudel*, etc., nas que tiñamos inicialmente -PT- ou -BT-. En *avogado* 43 < ADVOCATU desapareceu o *d* implosivo.

8.7.3. As palabras que tiñan en latín -PT- presentan en romance asimilación da consoante implosiva á explosiva e simplificación. Este resultado témolo en *neta* 8 e *netos* 23. Con todo, debemos indicar que ó longo de toda a I. M. houbo unha tendencia que levou a escribir -pt- en moitas palabras. Esta tendencia é moi usual no XV e no noso texto temos *septe* 52, *ex[e]pçõos* 46, *escripto* 42, *escriptos* 45, 46 e *scriptos* 21. O feito de que apareza por latinismo en *escrito* < SCRĪPTUM, fai que se propague analoxicamente a *escripujr* 61 < SCRĪBĔRE. Tamén temos unha falsa latinización en *condepnẽ* 39 < CONDEMNENT.

8.7.4. Nas palabras que tiñan en latín grupos con L seguinte non temos unha evolución única. Trátase de palabras cultas ou semicultas que presentan a conservación do grupo latino cunha tendencia ó rotacismo do L latino. Canto máis se popularizan estas formas, máis tendencia hai ó rotacismo; pero non podemos falar dunha regra fixa, pois nos textos medievais hai unha constante alternancia entre dúas posibilidades: rotacismo ou conservación do grupo sen alteración. Nos textos galegos nótase sempre esta dualidade, que debía ser unha característica da lingua falada e que continúa sendo actualmente. Nas formas que conteñen o grupo -MPL- temos alternancia, pois, por un lado, aparecen *conprido* 33, *conpridamente* 11, 40, *conprir* 13, 32 e *conpríremos* 30 e, por outro, *cõplir* 28, *cunple* 27 e *cũplamos* 37, 39. No resto das formas non hai rastro de rotacismo, cando o normal sería que o tivesen *obligamos* 9, 15, 28, *plas* 22 < PLACET, *seglares* 29, 34 e *ygleia* 7, 17, 18. Son formas totalmente cultas *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29 e *públjco* 57. Un caso especial témolo en *fregresýa* 51, con dobre rotacismo, que deriva de *fregrés* -unha das posibles variantes medievais da palabra-, do latín hispano FILI ECLESIAE.

8.7.5. Nas palabras que entraron por vía popular, os grupos -NS- e -RS- presentan asimilación da 1ª á 2ª consoante e simplificación no propio latín, polo que o resultado medieval foi, nun principio, con *s* sonoro, como en *suso* 32, 38 < SŪRSUM, *juso* 21 < DEORSUM, *sposa* 50 < SPONSA, *desposastes* 6. Tamén ocorreu en posición anteconsonántica ou final, neste caso co resultado xordo: *mes* 52, *traslado* 42. Nos cultismos permanecen os grupos, co *s* apicoalveolar xordo: *cónsules* 44, *consyntimento* 41.

8.7.6. Nos grupos formados por -S + cons.-, en xeral, non hai alteración no paso do latín ó romance e por iso temos *castillanas* 31, *Castylla* 35, *Cristo* 53, *Cristóuõo* 51, *desposastes* 6, *desta* 42, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29, *este* 6, *esta* 60, *esto* 59, *justiças* 34, *Justyljano* 44, *testigos* 21, 54, 59, *testemoyo* 61, *desque* 19, *quaesquer* 33, *escripto* 42, *escriptos* 45, 46, *escripujr* 61, *escudeiro* 1, *escudeyro* 6,

Vaasco 22, *espeçial* 47, *espeçielidade* 49. O que podemos atopar é grafía latinizante co *s* líquido inicial, cousa relativamente frecuente nos textos medievais. Temos isto en *scriptos* 21 e *sposa* 50. Tampouco se produciu neste texto a asimilación normal do *s* ó *l* na combinación dun indefinido ou dun pronome co artigo ou pronome *los*, pois temos *tódoslos* 25, 37 e *voslos* 18, en lugar de *tódolos* e *volos*. Falta tamén a asimilación na forma *traslado* 42 < TRANSLATU, que na época medieval presenta moitas veces a forma *tralado* (cf. *La traducción*, p. 1274ab). Produce alteración cando había en latín -SK^{e,i}-, pois neste caso temos palatalización do grupo co resultado primitivo /ts/. A grafía normal para o novo resultado é ç, pero unha vez máis por tradición latina podemos atopar *sç*, como en *conosçemos* 5, *falesçeren* 22 e *nasçemento* 53. Nestes casos o *s* non se pronuncia.

8.8. Outras consoantes.

8.8.1. A maior parte das consoantes en posición inicial consérvanse sen alteración. Típico do noso texto é a exclusión sistemática da representación gráfica por dobre consoante, moi usual en toda a I. M., agás no caso de *rr*. Así, podemos citar *fabor* 44, *falan* 44, *falesçeren* 22, *ferias* 43, *Fernãd* 11, 54, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55, *Ferreira* 17, *feyta* 50, *feyto* 46, *filla* 7, 9, *fillos* 23, *fis* 61, *forõ* 54, *foros* 36, *fose* 40, 41, *foy* 50, 60, *fregresýa* 51. Tamén en *Mõforte* 57. Temos *d* en *dado* 40, *damos* 33, *dar* 9, 15, 18, *dentro* 51, *Deus* 7, *don* 58, *dote* 9, 20, *durante* 16, *dygamos* 47, etc.

8.8.2. -D- intervocálico pérdese en *como* 1, 40 (xa no propio latín se coñecía a forma COMO), *Días* 2, 19, 23, 24, 27, *Dýas* 7, 8, *Dyego* 22, *juíses* 34, *rraíses* 29, *rrayses* 25, *vaamos* 38 e tamén en *meesmo* 8 e na forma reducida *Rruy* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 54. Permanece no cultismo *proçede* 48, nos compostos *sobredytos* 14 e *Rribadeneyra* 55 e en *jurdiçó* 35, 36 e *jurdiçõos* 58 < IURIDICTIONE (por IURISDICTIONE) debido á perda da vocal pretónica. Tamén se perdeu a vocal en *julgada* 41 < IUDICATA (pasando polo intermedio *iudgada*). Cando ía precedido doutra consoante é normal a conservación do -D-: *agardar* 13, *agardáremos* 31, *agardemos* 38, 39, *allcaldes* 34, *avendo* 17, *condepnẽ* 39, *ende* 14, 47, *guardar* 28, *manda* 6, *rrenũçiando* 4, *segundo* 6, 10, 13, 20 e *vanda* 31. No xermanismo *Fernãd* 11, 54, *Fernandes* 5, 10, 12, 15, 24, 49, 55 (latinizado en FERDINANDUS) houbo perda da vocal pretónica e, ó quedar no medio do grupo -rdn-, o *d* desapareceu. En cambio no xermanismo *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *Gonçalues* 55 (latinizado en GUNDISALUUS), ó desaparece-la vocal pretónica, o grupo -nds- conservouse co resultado xordo [nts].

8.8.3. -G- intervocálico o máis normal é que desapareza nas palabras patrimonais: *coller* 43 < COLLIGERE, *eu* 2, 49, 56, *ley* 4, 43, 48, *leys* 45, *mays* 11, 21, *rrey* 35, *seseenta* 17, *seseẽta* 10, 53, *vynte* 52. En *rreyaes* 45 < REGALES temos unha das posibles formas nedievais (cf. *La traducción*, p. 1101b-1102a), influída por *rrey*. Permanece nas palabras máis cultas *alegaçõos* 46, *obligamos* 9, 15, 28 e

rrogamos 33. En *alegemos* 47 temos unha pronuncia analóxica do inf. *alegar*. A forma *testigos* 21, 54, 59 é un castelanismo.

8.8.3.1. G- inicial mantense en *Garçía* 57, 62, *Gonçal* 7, 23, *Gonçalo* 1, 3, 52, 56, *Gonçalues* 55 (2 v.) e *Goyãas* 1. Palataliza en *general* 48 e desaparece en *yrmãas* 25.

8.8.3.2. Para a representación do sonido velar sonoro /g/ ante *e* alternan sempre na época medieval as grafías *ge/gue*. Neste texto úsase exclusivamente *ge*, como en *alegemos* 47, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *pagemos* 30. Polo tanto é idéntica a representación de [ge] e de [ǯe], pois para o prepalatal fricativo sonoro temos *general* 48.

8.8.4. -M- é normal que se manteña, tanto en posición inicial coma intervocálica: *madre* 3, *mayor* 26, *meesmo* 8, *mes* 52, *mjña* 60, *moller* 20, *muller* 2, *myn* 23, 49, *agardáremos* 31, *casamento* 9, 20, *como* 1, 40, *damos* 33, *rremedyos* 37, *término* 43, *vaamos* 38, etc., etc. Ante *p*, *b* escríbese *n*, como en *anbos* 2, *conpridamente* 11, 40, *conprido* 33, *conprir* 13, 32, *conpríremos* 30 e *cunple* 27; en *conde* 58 < COMITE mudouse a grafía e a pronuncia ó quedar ante *d* por perda da vocal postónica e en *don* 58 < DOMNU (de DOMINU) asimilouse ó *n* e houbo simplificación da xeminada.

8.8.5. Fronte ós casos de palatalización de $K^{e,i}$-, permanece a consoante normalmente ante as outras vocais: *Cabreyra* 59, *Cacharró* 56, *cada* 4, 16, 18, 35, *canónicos* 45, *carta* 42, 60, *casamento* 9, 20, *Casares* 56, *casas* 51, *castillanas* 31, *Castylla* 35, *cõ* 7, 25, 27, 59, *con* 8, 26, *coller* 43, *como* 1, 40, *conde* 58, *condepnẽ* 39, *conosçemos* 5, *conpridamnente* 11, 40, *conprido* 33, *conprir* 13, 32, *conpríremos* 30, *cónsules* 44, *consyntimento* 41, *contẽ* 11, 14, 20, *contra* 38, *contrabto* 11, 20, 60, *contrario* 47, *cõpelan* 36, *cõplir* 28, *cousa* 41, *cousas* 10, *couto* 18, *cunple* 27 e *cũplamos* 37, 39. Tamén en *Cristo* 53, *Cristóuõo* 51, que aparecen no ms. abreviados en *xpo* e *xpouõo* (con trazo sobre a palabra). En posición interna -$K^{a,o,u}$- sonoriza en *avogado* 43, *Dyego* 22, *dygamos* 47, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *outorgada* 50, *outorgamos* 5, *pagar* 9, 15 (e *pagemos* 30 por analoxía), *seglares* 29, 34 e *segundo* 6, 10, 13, 20. Tamén en *tragades* 26, *ygreia* 7, 17, 18 e *fregresýa* 51. Mantense nos cultismos *canónicos* 45, *eclesiásticas* 34, *eclesiásticos* 29 e *públjco* 57. Permanece sen sonorizar cando vai precedido doutra consoante: *çerca* 11, 42, *Vaasco* 22, *escudeiro* 1, *escudeyro* 6, *escripto* 42, *escriptos* 45, 46, *escripujr* 61, *scriptos* 21.

8.8.6. P- mantense normalmente en posición inicial: *pagar* 9, 15, *pagemos* 30, *palauras* 6, *pan* 43, *partyçó* 26, *para* 28, 49 (2 v.), *partes* 60, *partir* 25, *pasada* 41, *pasemos* 38, *pasou* 12, 21, *pedir* 42, *Pedro* 23, 38, *pena* 30, *perante 21, Pero* 55, *pidimẽto* 60, *pidymento* 41, *pidimos* 32, *poder* 19, 33, *Pol* 56, *por* 5..., *porlo* 4, 32, *porque* 13, 31, *posades* 24, *presençia* 61, *presente* 3, 6, 22, 32, 49, 60, *presentes* 2, 54, *proçede* 48, *prometemento* 20, *prometemos* 15, *propyos* 36, *proueyto* 28 e *públjco* 57. En posición interna sonoriza -P- en *Cabreyra* 59, pero mantense nos cultismos *propyos* 36 e *monj[çi]paes* 45 e no apelido *Lopes* 1, 3, 7, 23, 52, 56. Tamén cando

vai precedido doutra consoante: *apremjẽ* 37, *cõpelan* 36, *desposastes* 6, *espeçial* 47, *espeçielidade* 49 e *sposa* 50.

8.8.7. T- Mantense normalmente en posición inicial: *tã* 39, *tal* 41, *tanto* 26, *teemos* 26, *teer* 28, 32, *tẽer* 13, *tenamos* 37, 39, *térmjno* 43, *térmjnos* 58, *testigos* 21, 54, 59, *testemoyo* 61, *teuéremos* 30, *teverdes* 19, *thenor* 32, *todas, todo, todos, tódoslos, Toldãaos, tomardes, tragades, traslado* e *tres* 3, 14. En posición interna hai sonorización de -T- en *ajuda* 44, *avydos* 29, *Bóbeda* 2, *cada* 4, 16, 18, 35, *conde* 58, *conpridamente* 11, 40, *conprido* 33, *˙dado* 40, *escudeiro* 1, *escudeyro* 6, *espeçielidade* 49, *julgada* 41, *outorgada* 50, *pasada* 41, *pedir* 42, *pidimẽto* 60, *pidymento* 41, *pidimos* 32, *poder* 19, 33, *posades* 24, *teverdes* 19, *todas* 43, 45, 46, *todo* 4, 28, 33, 38, 59, *todos* 1, 3, 14, *tódoslos* 25, 37, *Toldãaos* 18, *tomardes* 19, *tragades* 26, *traslado* 42, *verdade* 61, *vyda* 22, *vidas* 16, *voõtade* 32, *voõtades* 13 e *vyrdes* 27. Tamén no nome *Pedro* 23, 58 (cando vai seguido do apelido pode reducirse a *Pero* 55, fronte a *Pedro* 58). Non sonoriza nos cultismos *definytiba* 40, *dote* 9, 20 e *notario* 21, 57, 62, no composto *atal* 62, precedido do ditongo *ou* en *couto* 18 e por ir precedido doutra consoante en palabras do tipo *antes* 38, *casamento* 9, 20, *desposastes* 6, *desta* 42, *durante* 16, *Martýn 51, Martyño* 18, *Mõforte* 57, *outorgada* 50, *outorgamos* 5, *outras* 10, 25, 45, 46, *outros* 56, *partes* 60, *partir* 25, *presentes* 2, 54, *prometemos* 15, *prometemento* 20, *quatroçentos* 53, *seseenta* 17, *sometemos* 36, *testigos* 21, 54, 59, *vynte* 52, etc., etc.

8.8.8. R- en posición inicial ten sempre un sonido vibrante múltiple e está representado por *rr* no ms. en *rrasón* 5, *rreferimos* 13, *rrenũçiando* 4, *rrogamos* 33 e *Rruy* 12, 24. Nos outros casos está representado por *R*, se ben o transcribimos tamén por *rr*: *rraíses* 29, *rraýses* 25, *rreçebo* 50, *rremedyos* 37, *rrenũçiaçó* 48, *rrenũçiamos* 36, 42, 47, *rrey* 35, *rreyaes* 45, *rreynos* 34, *Rribadeneyra* 55, *Rribeyra* 59 e *Rruy* 5, 10, 15, 49, 54. En posición intervocálica faise unha separación clara entre a grafía para o vibrante múltiple e para o simple. O primeiro está en *Cacharró* 56 e *Ferreira* 17. O segundo en *agardáremos* 38, 39, *Aluaro* 56, *Alvaro* 62, *Ares* 2, 8, 12, 24, 54, 56, *Cabreyra* 59, *Casares* 56, *conpríremos* 30, *contrario* 47, *daremos* 18, *dereito* 37, 46, 48, *dereitos* 45, *durante* 16, *Eyrẽe* 57, *falesçeren* 22, *ferias* 43, *forõ* 54, *foros* 36, *mulleres* 44, *Nogeirol* 16, *Nogeyrol* 5, 12, 54, *notario* 21, 57, 62, *Osorio* 58, *ouro* 31, *para* 28, 49, 50, *perante* 21, *Pero* 55, *queremos* 22, *rreferimos* 13, *Rribadeneyra* 55, *Rribeyra* 59, *seglares* 29, 34, *senoríos* 34 e *teuéremos* 30. En tódalas demáis posicións a grafía é simple: *agardar* 13, *conprir* 13, 32, *contra* 38, *dar* 9, 15, *entrar* 25, *escripto* 42, *fregresýa* 51, *Martyño* 18, *palabras* 6, *verdade* 62, etc., etc. É importante o caso de *propyos* 36, coa perda por disimilación do *r* no grupo interno -PRI-, resultado normal do galego.

8.8.9. Consoantes finais. Como era de esperar, non hai rastro da maioría das consoantes finais latinas, como -C, -D ou -T, tal como se ve en *aquí* 61, *asý* 8, 27, 28, 30, 39, 50, *falan* 44, *ou* 27, 33, 34, *so* 29, *valla* 48, etc. A única mostra gráfica dunha consoante latina témola na conxunción *e*, que aparece escrita coa grafía latinizante *et* ou co signo utilizado desde os documentos latinos para

representar *et*. En calquera caso, a lectura debe ser sempre *e* e non se debe pronuncia-lo *t*. Temos *et* en 1, 2, 5, 7 (2 v.), 8 (3 v.), 9 (3 v.), 10 (2 v.), 11, 13 (2 v.), 15 (2 v.), 16, 17, 19 (2 v.), 20 (2 v.), 21 (2 v.), 22 (2 v.), 23 (2 v.), 24, 25 (2 v.), 26 (2 v.), 28 (2 v.), 29 (4 v.), 30, 31 (2 v.), 32, 33 (2 v.), 34. 35, 36 (3 v.), 37, 38, 39 (2 v.), 41 (2 v.), 42 (2 v.), 43 (3 v.), 44 (3 v.), 45, 46 (4 v.), 47, 48, 49 (2 v.), 50, 52, 53 (3 v.), 54, 55 (2 v.), 56 (4 v.), 57, 58, 59, 60, 61 (2 v.). Na forma verbal *he* 27, 32, 51, 59, 62 < EST perdeuse o *s* final para non coincidir coa 2ª persoa *es*, axudando a iso tamén o feito de que o *s* final é impropio da 3ª persoa.

9. Este texto mostra claramente a situación independente do galego na época medieval e, como se ve nas páxinas anteriores, presenta unha serie de características fonéticas propias da lingua nedieval e outras que indican un estado próximo ó da lingua moderna. De facermos un comentario máis amplo, poderiamos indicar outras particularidades morfosintácticas acordes co que acabo de dicir. Vou indicar unhas poucas.

9.1. A lingua arcaica non usaba o artigo con fixeza nunha serie de casos en que a lingua moderna o fai, tanto se lle corresponde ir só coma na construcción con preposisión ou na combinación co posesivo. Ocorre isto en casos como "que falan en ajuda et fabor das mulleres" 44, "en nome de vós" 12, "todos tres de mancomũu a vós de hũu" 3, 14. Nos primeiros tempos atópanse numerosos casos de posesivo + substantivo exclusivamente, mais comparando os diferentes textos medievais vese un progresivo aumento do uso do artigo ante o posesivo, cousa que se vai facendo xeral no paso á lingua moderna, menos cos nomes de parentesco. No texto temos "por meu señor" 58, "aquí meu nome et signo fis" 61, "en mjña presençia" 60-61, "da vila de Mõforte de Lemos et seus térmjnos" 57-58, "nosa voõtade" 31-32, "nosas voõtades" 13, "durante os dýas de nosas vidas" 16, "todo noso poder" 33, "a noso pidymento" 40-41, "de Noso Señor Yhesu Cristo" 53, "et a nosos bẽes" 28-29, "a nosos propyos foros" 36, "en voso poder" 19, "ou he voso proueyto" 27-28. Está o artigo en "para a dita myña sposa" 50, "cõ as outras súas yrmãas" 25, "aa dita nosa filla" 9. Tamén pode faltar con *todo*: "et a todas ferias" 43, "et a todas outras leys" 45, "et a todas outras exepçõos" 46, "damos todo noso poder" 33, "todos tres" 3, 14. Fronte a estes casos temos "cada vn porlo todo" 4, "todo o suso dito" 38, "en tódoslos bẽes" 25, "por tódoslos rremedyos" 37.

9.2. Cos pronomes persoais é aínda típica a construcción medieval 'a + pron. tónico', sen a forma átona: "nos obligamos de dar et pagar a vós" 15, "obligamos a nós et a nosos bẽes" 28-29. Tamén aparece o uso do pronome en lugar do posesivo: "et neta de mj̃, a dita Moor Ares" 8, "et netos de myn, a dita Moor Ares" 23-24, "filla de nós, os ditos" 7, "fillos de nós, os ditos" 23, "en nome de vós, o dito R. F." 12. Non se usa a forma *convosco*, senón *con vós* 8.

9.2.1. A colocación do pronome en moitos casos é idéntica á actual, pero hai exemplos nos que se antepón, aínda sendo oración principal, por preceder outra forma verbal: "et demos et nos obligamos de dar" 9, "prometemos et nos obligamos de dar" 15, "queremos et nos plas" 22.

9.3. Nas formas verbais, as correspondentes ó verbo *haber* (*avemos* 26, *avendo* 17, *aver* 29 e *avydos* 29) teñen o valor medieval de 'ter', reforzado nun caso coa utilización ó mesmo tempo de *ter* ("tódoslos bẽes móueles et rraýses que nós *teemos* et *avemos*" 25-26). O verbo *ter* normalmente significa 'manter un contrato' (*teer* 28, 32, *tẽer* 13, *tenamos* 37, 39, *teuéremos* 30; en 19 "desque tomardes et *teverdes* a dita Ljonor Días en voso poder et por moller" tamén se trata de 'manter un contrato (neste caso de casamento). O verbo *ser* ten o significado medieval de 'estar' en *forõ* 54, *fõy* 60 (1ª p.), *he* 51, *somos* 2, *son* 13, *sõo* 3, 49. Noutros casos aparece en construccións pasivas: *fose dado* 40, *fose pasada* 41, *foy feyta* 50, *dito he* 59. Ten o valor de 'ser' en *he* 27, 32, 62. Das outras formas verbais destacan *escripujr* 61 (coa terminación típica do galego), *fis* 61 (2 v.) (coa forma primitiva e non coa máis normal *fige*), os arcaicos *rreçebo* 50, *sábean* 1 (moi típica dos textos medievais), *sõo* 3, 49 (mod. *son), teuéremos* 30 e *teverdes* 19.

9.4. A preposición *a* aínda non ten un uso totalmente definido e podemos atopar constuccións que a levan xunto a outras que non o fan. Así, falta en "rrenũçiando a ley de duobus rrex devendy" 4. Está en "rrenũçiamos a nosos propyos foros" 36, "rrenũçiamos a pedir traslado... et a todas ferias... et aa ley dos cónsules" 42-44.

9.5. O léxico é rico e contén moitas palabras cultas e construccións técnicas, como corresponde a un texto xurídico, con algunhas formas típicas do noso idioma, como comentei na parte fonética, do tipo *avogado* 43, *conosçemos* 5, *escripujr* 61, *notario* 21, 57, 62, *presençia* 61, *propyos* 36. Faise unha separación clara entre as formas en *-emento* (*nasçemento* 53, *prometemento* 20) e *-imento* (*consyntimento* 41, *pidimẽto* 60, *pidymento* 41), característica nornmal do galego. Tamén se nota xa a penetración de formas do tipo *apremjẽ* 37, *general* 48, *jullio* 52, *término* 43, *términos* 58 e dos castelanismos *castillanas* 31, *Castylla* 35 e *testigos* 21, 54, 59.

A narración das cruzadas na *Crónica xeral de 1404*

X. I. PÉREZ PASCUAL

Non pretendemos ofrecer nestas páxinas un estudio de conxunto sobre a *Crónica Xeral de 1404* (1), senón ocuparnos dun aspecto ben concreto, a análise dunha das súas supostas fontes. Con todo, dado o escaso coñecemento que desta obra se posúe, cómpre sinalar previamente unha serie de feitos básicos.

Fronte á penuria textual característica da prosa galego-portuguesa medieval, a *Crónica Xeral de 1404* (2) chegou ata nós a través de tres manuscritos; dous deles están redactados en galego-portugués (cando menos parcialmente): o depositado na Biblioteca Menéndez Pelayo (ms. *S*) e o da Hispanic Society (ms. *V*), e o terceiro (o do Escorial, ms. *E*) é unha traducción ao castelán. O texto presenta, doutra banda, unha singular extensión (363 folios no códice máis completo) que o convirte na máis ampla mostra prosística galego-portuguesa.

Foi don Ramón Menéndez Pidal, quen chamou a atención sobre esta crónica en 1896 (3); máis tarde, tras coñecer a existencia do manuscrito Vindel, editou uns pequenos fragmentos deste e conxeturou que

> "un portugués, en los años 1403 y 1404, reunió en un volumen una historia *desde el comienzo hasta Ramiro I* que probablemente existía con anterioridad, y una compilación portuguesa, seguramente anterior al siglo XV, *desde Ramiro I a San Fernando*, formada con la traducción de dos trozos de crónicas castellanas. Al conjunto de estas dos partes le añadió una interpolación de la *Conquista de Ultramar*, y una continuación de los reyes *sucesores de San Fernando hasta Enrique III*. En estas dos adiciones: en la interpolación y en la continuación, dejó el autor la fecha de su trabajo y la memoria de su estancia en Castilla en 1390. El autor (más bien que un amanuense) empezó a escribir en castellano su obra, copiando los textos castellanos que seguía, pero luego se cansó y escribió en portugués" (4).

Como podemos comprobar polo exame da literatura científica posterior, ningún dos investigadores que fan referencia á *Crónica Xeral de 1404* puxo en dúbida ese cadro xeral deseñado por don Ramón no seu breve artigo (5). Sen em-

(1) Remitimos aquí á nosa tese de doutoramento inédita, *La Crónica de 1404. Edición y estudio*, Universidade de Salamanca, 1990.

(2) Á vista das súas características, é esta a denominación que nos parece máis axeitada.

(3) Ramón Menéndez Pidal, *La leyenda de los infantes de Lara*, Madrid, 1896. Nese primeiro momento considerou, diante da versión castelá do códice escurialense, que se trataba simplemente dunha "copia libre y descuidada" da *Primera Crónica General*.

(4) Ramón Menéndez Pidal, "La Crónica General de 1404", *RABM*, 9, 3ª época, (1903), 34-55; o resume figura na última páxina.

(5) Así José Leite de Vasconcelos ("Uma crónica de 1404", Lisboa, 1903, reproducido en *Opúsculos*, IV, Universidade de Coimbra, 1929, 632-646 e 1297-1298), Georges Cirot (*Études sur l'historiographie espagnole*, I, Feret & Fils, Burdeos, 1904), Rafael Ballester (*Las fuentes narrativas de la Historia de España durante la Edad Media (417-1474)*, Amengual y Muntaner, Palma de Mallorca, 1908), Carolina Michaëlis de Vasconcelos (*Lições de Filologia Portuguesa*, Dinalivro, Lisboa, s.d.),

bargo, son varios os puntos nos que deben ser revisadas as teorías de Menéndez Pidal (6) e un deles fai referencia a esa suposta fonte estructural da crónica, *La Gran Conquista de Ultramar*; a idea foi aceptada acriticamente, sen que ninguén a comprobase.

O fenómeno das Cruzadas incide fondamente na vida do home medieval; resulta lóxico, xa que logo, que os escritos da época reflexen esa preocupación. Non obstante, frente ao que acontece noutras áreas, na Península as testemuñas deste tipo se darán con certo retraso; tal situación é perfectamente comprensible se pensamos nas especiais características que aquí configuran o panorama histórico do momento (7). Con todo, desde fins do XIII o mundo hispánico comeza tamén a interesarse por Oriente; as Cruzadas encontrarán eco entre os nosos escritores (8) e durante o reinado de Sancho IV, cara a 1293, aparece *La Gran Conquista de Ultramar* (9).

Este texto chegounos nunha edición impresa, atribuída a Afonso X, e en catro manuscritos de diferente época (10). As súas fontes son variadas obras provenzais e francesas, como a *Chanson de Jherusalem*, a *Chanson d'Antioche*, os *Chétifs* e *Les Enfances de Godefroi de Bouillon* (11), mais a súa base, o seu núcleo

---

Benito Sánchez Alonso (*Historia de la historiografía española*, I, CSIC, Madrid, 1947, 2ª e *Fuentes de la historia española e hispanoamericana*, I, CSIC, Madrid, 1952, 3ª), Luís Filipe Lindley Cintra (*Crónica Geral de Espanha de 1344*, Académia Portuguesa da História, Lisboa, 1951), Diego Catalán (*De Alfonso X al Conde de Barcelos*, Gredos, Madrid, 1962 e *Crónica de 1344*, Gredos, Madrid, 1971), Samuel G. Armistead ("New perspectives in Alfonsine Historiography", *RPh*, XX, 1966, 204-217), Antonio José Saraiva e Oscar Lopes (*História da literatura portuguesa*, Porto Editora, Porto, 1978, 10ª), José María Díez Borque y Angela Ena ("La prosa en la Edad Media", en J.M. Díez Borque, coor., *Historia de la literatura española*, I, Taurus, Madrid, 1982, 97-209), Felipe Pedraza e Milagros Rodríguez (*Manual de literatura española. I. Edad Media*, Cenlit, Pamplona, 1981) ou Xosé Ramón Pena (*Literatura galega medieval. I. A Historia*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986).

(6) Cfr. a introducción á nosa edición, especialmente pp. 48-185.

(7) Lembremos que se está a producir a denominada Reconquista; as Cruzadas non poden despertar un grande entusiasmo no mundo peninsular, ocupado xa nas súas propias campañas militares, e, consecuentemente, non deixarán unha forte pegada na súa literatura.

(8) Cfr. Cirot, *op. cit.*, p. 13.

(9) É esta a opinión de Menéndez Pidal, Agapito Rey, George Tyler Northup e José Mª Díez Borque e Angela Ena (cfr. Díez Borque, *op. cit.*, p. 118). Outros críticos (Groussac, Gaston Paris, Bohigas e Deyermond) xúlgana posterior a partir dunha alusión á supresión da orde dos Templarios (que tivo lugar en 1310), se ben esa debatida pasaxe podería ser unha interpolación.

Recentemente Cristina González ("Alfonso X el Sabio y *la Gran Conquista de Ultramar*", *HR*, 54, 1986, 67-82) retomou o tema e volveu sobre a cláusula de atribución a Afonso X (contida no ms. 1698 e na *editio princeps*) comunmente considerada falsa. Cre a investigadora que o texto puido comezar a compoñerse durante o reinado de Afonso X, que tanto interese mostrou ata os seus últimos días polos Santos Lugares, proseguirse durante o de Sancho IV e concluirse máis tarde, do mesmo xeito que sucedeu coa *Estoria de España*.

(10) Trátase da impresión de Salamanca de 1503, dos manuscritos 1187, 1920 e 2454 da Biblioteca Nacional de Madrid e do 1698 da Biblioteca Universitaria de Salamanca. O ms. BNM 1187 é o máis extenso (360 folios), o máis antigo e, a xuízo de Waltman e Cooper "unquestionably the most authoritative", ata o punto de que se insinúa que podería tratarse dun orixinal e non dunha copia (Franklin M. Waltman e Louis Cooper, eds., *The Text and Concordances of The Biblioteca Nacional Manuscript 1187. Gran Conquista de Ultramar*, The Hispanic Seminary of Medieval Studies, Madison, 1985, p. 4).

(11) Cfr. ao respecto os resumes de Díez Borque (*op. cit.*), Juan Luis Alborg (*Historia de la literatura española. Edad Media y Renacimiento*, Gredos, Madrid, 1981, 2ª), Angel Valbuena (*Historia de la literatura Española*, I Gustavo Gili, Barcelona, 1981, 9ª) e Alan Deyermond (*Historia de la literatura española*, Ariel, 1985).

vertebrador, é a extensa *Historia rerum in partibus transmarinis gestarum* de Guillermo de Tiro (12); a ela incorpóranse lendas de moi diversa extensión e interese (entre as que destacan a do nacemento e xuventude de Carlomagno e a do *Cabaleiro do Cisne*), que intensifican o seu carácter novelesco (13) e que, para algúns críticos, resultan fundamentais porque a poñen en relación "con la literatura artúrica, de amplio desarrollo en la Edad Media, como se verá, y fundamental para seguir el proceso que conduce a la novela de caballerías, en el mundo evanescente de Merlines, Tristanes y Lanzarotes" (14).

Como observáramos no fragmento transcrito máis arriba, Menéndez Pidal indicara que, sen ningunha dúbida, a *Crónica Xeral de 1404* incluía unha versión de *La Gran Conquista de Ultramar* (15); non obstante, o mesmo investigador sinalaba que "el texto de la *Conquista de Ultramar* que sirvió para la *Crónica de 1404* era distinto del impreso" (16), pois presentaba variantes evidentes con respecto á edición de Pascual de Gayangos, tanto por supresión como por adición. Esta idea de Pidal foi aceptada pola totalidade dos investigadores que aludiron máis tarde á mostra historiográfica de 1404 (17).

Nesta ocasión debemos discrepar rotundamente do mestre da Filoloxía Hispánica. Cremos que *La Gran Conquista de Ultramar* non foi en absoluto fonte da nosa crónica, senón que existe algunha outra, común a ambas as obras, que explican as grandes semellanzas existentes entre elas. Deteñámonos unicamente na análise dun breve fragmento, a narración da escolla, por parte dos turcos, do seu primero rei.

A nosa crónica le (18):

> /f.S120rb, V225r, E356vb Et poys que todollos turcos passarô on rryo q*ue* [a] nome Cobra, ca este rrio departe o rreyno de Persya da hûa parte, et quando elles forô aalende aquel rryo e sse vyrô e conoçerô q*ue* elles erâ tâ (19) grâ gente et q*ue* nêhûa terra nô lles podia côtradizer, q*ue* ante, quando elles estavâ en Persya, e elles moravâ longe os huûs dos outros e por esto nô conoçiâ seu poder. Mays quando sse elles vyrô /S120va e se coñosçerô, ouverô grâ despeyto polo q*ue* côsyntirâ a el rrey de Persya. Et ouverô entre sy consello q*ue* demâdassê a el rrey de Persya os tortos q*ue* lles fezera.
>
> /E357ra Mays hûa cousa os estorvava: q*ue* nô avyâ rrey assy como as outras gentes. Et por esto acordarô de fazer rrey en tal maneyra: et elles acharô entre sy çem liñagees, de q*ue* en cada hû avya por sy muy grâ gente; et mâdarô q*ue* de cada hû linagê adussesse hûa seeta q*ue* fosse

(12) Escrita polo arcebispo Guillermo de Tiro, abrangue desde 1096 ata 1184 e foi considerada durante séculos como a narración máis completa acerca das Cruzadas; un certo Ernoul continuouna ata o ano de 1228, e outras mans ampliana en francés ata 1295.

(13) A crítica califica a *La Gran Conquista de Ultramar* de "crónica novelada" (cfr. Díez Borque, *op. cit.*, p. 119 e Deyermond, *op. cit.*, p. 283); estas adicións non figuran na *Crónica Xeral de 1404.*

(14) Díez Borque, *op. cit.*, p. 119.

(15) Cfr. tamén Menéndez Pidal: "Por estas líneas se ve que la *Crónica de 1404* copia algo abreviadamente el primer capítulo de la *Gran Conquista de Ultramar*" (*op. cit.*, p. 42).

(16) Menéndez Pidal, *op. cit.*, pp. 42 e 43.

(17) Cfr. nota 5.

(18) Ofrecemos neste fragmento o texto segundo o manuscrito máis antigo, o *S* (o da Menéndez Pelayo). As diferencias que ofrece a lectura de *V* (o manuscrito da Hispanic Society) son fundamentalmente gráficas (diferencia na utilización de ~, *n* e *m*, menor frecuencia de *y*, non utilización de *ss*...); indicaremos en nota apenas as únicas de certa relevancia.

(19) *V: que elles tan.*

synaada, en guisa que podesse cada hû coñocer a sua. Et, quando aquellas çen saetas forô juntadas, chamarô hû moço pequeno e mâdarôlle que el tomase hûa, qual el quisse; et elles avyam ordenado que daquel liñagê, cuja a seeta fosse que o moço tomasse, esleeriâ rrey. Et o niño (20) tomou hûa don lina(na)gê que avya nome Seuduçius; entô souberô que daquel liñagem lles convyña aver rrey.

E daquella conpaña tomarô C dos merllores e dos mays fortes e mays sabyos que elles y acharô. /V225v Et mâdarô que cada hû adusseese sua saeta, en que ouvesse seu nome escripto, e pose-/S121vb rô de gledo (21), cô grâ firmeza, que cuja a seeta fosse que o moço tomasse, que aque[l] obedyçessen por rrey e señor.

E o niño tomou hûa seeta en que avya escripto Seduc. Aquel Seduc era muy fremoso ome e muy onrrado en seu liñagem. E era grâde e arrizado e provado en ardimêto; e era ja quanto en idade, mays a maravilla semellava ome de grâ feyto. Este /E327rb esleerô todos comunalmente por rrey, assy como o elles avyam prometudo; e lle fezerô fieldade por juramento, e que lle obedisçessem assy como ome faz a rrey novo e a señor.

Este mandou; e o primeyro mandamento fez apregoar por toda a oste seu nome. E depoys poso sobre elles conto, sub pena dos corpos e dos averes, que elles passassen o rrio de Cobar e se tornassem en Persya; ca elles nô queriâ ja mays seerê subjeutos doutros para demâdar lugar u morasê, mays queriâ que elles côquerisem aquella terra e as outras, e que as tevesem en seus señorios.

Assy como el disso, assy foy todo feyto, que aquellas gentes côquerirô en muy pequeno tenpo nô solamête o rreyno de Persya, mays toda Ara-/S121ra bya e as outras terras d'Ouriente tomarô por força e as rreteverô en seu poder" (22).

Chega con contrastar este fragmento co correspondente de *La Gran Conquista de Ultramar* (23) para apreciar as grandes diferencias, que non se xustifica polo labor condensador do autor de 1404:

"E quando fueron ayuntados todos allende el río, vieron que era muy gran gente, de manera que si todos se toviessen en uno, ninguna gente los podría sofrir. E arrepintiéronse mucho porque tanto avían sofrido a la gente de Persia, ni consentido las grandes sobervias que mostraron contra ellos ni las demasías que les fizieran; e sin dubda si ante fueran ayuntados como entonce eran, e no se oviessen esparsido por las tierras, los unos a una parte e los otros a otra, no sufrieran a los de Persia tanto como los sufrieron, ni a ningunas otras gentes. E por ende, quando se vieron todos ayuntados en uno, crecióles coraçón, e ovieron su consejo, tal que no tan solamente se defendiessen de las otras gentes, mas que puñassen de quitarles las tierras por fuerça. Pero esto bien entendieron que no podría ser si no eligiessen rey o señor sobre sí que mandasse e los acordasse a todos en uno -demás, que lo tenían todas las otras gentes-, e fallaron una manera para fazerlo porque ninguno no discordasse. E esto fue, porque avía entre ellos cinquenta linajes de tierra de Oriente, [que] acordaron ansí: que cada linaje diesse una saeta en que estuviesse escripto el nombre del principal de aquel linaje, e que las ayuntassen todas en uno; e que traxiessen un niño pequeño que no oviesse entendimiento ninguno, e la saeta que él de allí tomasse, que ésse fuesse rey. E después que lo ovieron ansí acordado, el niño escogió una saeta en que avía escrito el nombre de Celat. E aquél era muy fer-

(20) *V: o moço.*
(21) *V: grego.*
(22) Un pouco despois figura un fragmento revelador acerca do autor da crónica:
"/S121rb V225v E327va Esta gête dos turcos oje en dia tê tomado de cristãos todo o rreyno d'Armenia, e eu vy cô os meus ollos el rrey de Armenya en Castella ena era da encarnaçô en mill e CCC e noveenta. Et dessa meessma era de mill e CCCC^{os} tiiñan çercado en Gleçia a çiodade de Constantinopola, e o enperador dessa meessma çiodade fugido en França; e eu vy ome que o vyra en Paris.
E dessa meesma era de mill CCC^{os} Xe noveêta e dous sayu grâ gente de França e d'Engleterra e d'Allemaña en ajuda del rrey d'Onglia; aquestes turcos teê tomado o mays de seu rreyno. Et forô vynçidos el rrey d'Óglia e suas ajudas".
(23) Citamos pola edición de Louis Cooper, Instituto Caro y Cuervo, Bogotá, 1979.

moso hombre, e aunque no era mancebo, mas parecía hombre para gran hecho, e comúnmente todos le obedecieron e lo tomaron por rey e por señor, e juraron que le serían leales e verdaderos, e que harían todo lo que él mandasse.

La primera cosa que él les mandó fue ésta: que passassen todos el río de Cobar, e que se fuessen derechamente a Persia e que la tomassen por fuerça, e trabajassen en se vengar del mal que les avían hecho. E que les estava mejor ganar aquella tierra primero que otra, porque avían en ella morado tanto tiempo, e aun porque la sabían muy bien toda; e que después que aquélla oviessen ganado, que avrían muchas aventajas para conquirir las tierras: primeramente porque harían allí cabeça de su reyno e que ternían donde se acoger, e que no andarían errados como ovejas que no fallan pastor; e porque avrían gran abundancia e hartura de todas las cosas que oviessen menester para conquirir las otras tierras, de hombres e de armas e de todas otras riquezas.

Como Celat se lo ovo mandado, assí fue puesto en obra; que no tan solamente ganaron en poco tiempo el reyno de Persia, mas aun el reyno de Arabia; e de ay conquirieron e tomaron por fuerça todos los más reynos que avía hazia oriente e los tornaron a su señorío" (24).

Pode comprobarse que as diverxencias entre as dúas versións son moi notables e afectan tanto á estructura global da narración como a cuestións de detalle (así o propio nome do caudillo turco). Sen embargo, resulta evidente que un e outro texto presentan unha fonte común; dado que o compilador da *Crónica Xeral de 1404* se distingue polo seu escasísimo labor creativo, parece razonable pensar que a crónica galega non se afastaría moito da súa fonte.

Chegados a este punto, era lóxico comezar a nosa procura por aqueles textos nos que se apoia *La Gran Conquista de Ultramar*; pensamos, neste sentido, que podería moi ben servir de fonte á nosa crónica a redacción latina ou a versión francesa da *Historia* de Guillermo de Tiro. Alí localizamos con facilidade a auténtica fonte estructural da *Crónica Xeral de 1404*; tal afirmación pode confirmala o exame de certas pasaxes nas que, de modo moi significativo, a nosa crónica semella unha traducción do texto de Guillermo de Tiro, ao tempo que se distancia notablemente de *La Gran Conquista de Ultramar*; un deses fragmentos reveladores é precisamente o que describe a elección do primeiro monarca turco (25):


"Por ce il passerent le flum qui avoit non Cobar qui est bonne du regne de Persse d'une part; et quant il furent à plein, si s'entrevirent et aperçurent que il estoient si grant planté de genz que nule terre ne les porroit soffrir por que il se volsissent tenir ensemble; car avant qu'il abitassent en Persse, il abitoient li un loing des autres, si ne connoissoient mie leur pooir; mès ore, quant il s'entrevirent, si orent merveilles grant desdeing de ce qu'il avoient souffert l'orgueill et le grevement d'un prince; il pristrent conseill entr'aus et virent que nul pueples ne se tendroit à aus, einz porroient conquerre toutes les terres. Mès une chose les en destourboit, ce qu'il n'avoient mie roi si comme ces genz ont; et pour ce s'acorderent à fere roi seur aux, et le firent en tel maniere: il trouverent en aus cent lignages dont chascun avoit à mesniee par soi trop granz genz; si commanderent que chascune mesniee aportast uns saiete qui fust seingniee, si que l'en les peust toutes connoistre, et puis, quant eles furent totes ensemble ces saaites, si appelerent un petit enfant et li commanderent qu'il en preist une tele comme il vossist, et il avoient couvant entr'aux que del lignage dont cele saaite seroit que li emfès prendroit, il esliroient à roi. Li emfès en prist une d'un lignage qui puis orent non Sedulcois; or sorent que de cele mesniee leur estouvoit à eslire roi. Si en pristrent cent de cel lignage, les plus preuz et les plus sages qu'il trouverent, et commanderent que chascuns aportast sa saiete

(24) *La Gran Conquista de Ultramar*, pp. 23-25.

(25) Citamos os textos latino e francés da obra de Guillermo de Tiro segundo o *Recueil des historiens des Croisades*, Académie Royale del Inscriptions et Belles-lettres, Paris, 1844 (I) e 1859 (II); o texto latino figura tamén en edición de J.P. Migne no volume CCI da colección *Patrologiae Cursus Completus*, J.P. Migne, Paris, 1855, cols. 209-1068.

où ses nons fust escriz, puis si rappelerent l'enfant et li firent prendre l'une de ces saaites, et orent afermé entr'aus que cil seroit rois qui sa saaite li emfès leveroit. Il en prist une où il avoit ecrit Sedulc: icil Sedulc estoit moult biaus hom et molt ennorez en son lignage, granz et forz et bons chevaliers et esprouvez, et estoit ja auques d'aage, mès merveilles sembloit bien home de grant afere: cestui eslurent tuit communaument à roi si comme il l'avoient proposé, et li firent feautez par sairement et li obeirent et ennorerent si comme l'en fait à nouvel roi. Icist le premerein de ses commandemenz commanda et fist crier partout son ban, que trestuit si comme il avoient chier leur cors, repassassent arriere en Persse, quar il ne vouloit mie qu'il fussent en dangier d'autrui plus qu'il avoient esté, ne de querre leu où il abitassent, einz vouloit qu'il conqueissent et cele terre et les autres, et retenissent en leur seignories. Si com il le dist fut fet, quar icele gent conquistrent en assez pou de tens non mie seulement le resgne de Persse, mès toute Arrabe, et les terres d'Oriant pristrent par force et retindrent en leur pooir" (26).

Parece definitiva, á vista deste texto, a dependencia da *Crónica Xeral de 1404* da versión francesa de Guillermo de Tiro (27). Poderiamos mencionar aínda outros casos tamén moi significativos, como a larga relación de cruzados que comeza no folio S117vb (28), na que encontramos unha total coincidencia coa tradución francesa e unha maior distancia respecto do orixinal latino (29). Non obstante, sen recorrer a ningunha cita máis, cremos plausible afirmar que o refundidor de 1404 non se serviu de *La Gran Conquista de Ultramar*, segundo se viña afirmando a partir de Menéndez Pidal, senón da versión francesa da narración de Guillermo de Tiro, se cadra a través dalgunha traducción hispánica hoxe desaparecida (30). Para este complexo proceso de transmisión textual podemos supoñer un *stemma* do tipo:



(26) *Recueil*, pp. 23-24.

(27) Non copiamos aquí o texto latino, de contido semellante pero de expresión algo máis afastada da nosa crónica (cfr. *Recueil*, pp. 23-24).

(28) V223r e E323rb.

(29) A obra latina sitúa ao bispo Aymar del Puy entre os restantes cruzados, como un máis (*Recueil*, pp. 45 e ss.); sen embargo, na versión francesa (*Recueil*, p. 44), na *Crónica Xeral de 1404* e en *La Gran Conquista de Ultramar* (cfr. pp. 47 e ss.), figura nun lugar de preeminencia. Isto confírmanos que o texto francés debeu ser a fonte da *Crónica Xeral de 1404* (e da narración castelá), e non directamente o latino.

(30) Durante a redacción da nosa tese, mentres proseguiamos na procura das posibles fontes da *Crónica Xeral de 1404*, chamou a nosa atención a referencia de Amador de los Ríos a unha redacción abreviada de *La Gran Conquista de Ultramar* do século XIII, "expuesta con cierta regularidad y método y descargada de las ficciones romancescas que en la *Gran Conquista* se introducen"; determinar a súa procedencia parecíalle "Difícil, cuando no imposible" (José Amador de los Ríos, *Historia crítica de la literatura española*, Gredos, Madrid, 1969, facsímile da edición de 1863, p. 26). Non era impensable, a partir desta información, que se tratase dunha versión resumida do texto de Guillermo de Tiro, da que podería proceder a nosa crónica. Comprobamos, sen embargo, que se trataba do manuscrito 683 da BNM, o cal contén un sumario castelá do XIV da *Historia Orientalis* de Jacques de Vitry.

(31) Sen que poidamos descartar que se trate dunha traducción afonsina.

El mundo natural en *Flamenca*

ELENA SÁNCHEZ TRIGO

El gran interés de *Flamenca* dentro de la literatura medieval, que viene dado por su excepcionalidad como novela provenzal, así como por su propio valor literario (1), hacen atractivo su estudio desde numerosos puntos de vista. Este trabajo no abordará, sin embargo, el análisis de los motivos centrales de la obra en tanto que poesía amorosa, sino que se dirigirá hacia un aspecto muy parcial, la presencia de los elementos del mundo natural, que, aunque secundario, no carece de especial interés. Con este estudio pretendemos sintetizar la visión del mundo real que puede ser obtenida a través de esta obra de amor cortés, tan ligada a una retórica idealizante, y poner de manifiesto la aportación de cada elemento a la técnica poética del texto.

Consideraremos en el mundo natural los animales, plantas y minerales, pero también incluiremos en este conjunto a la propia Naturaleza, cuando sea aludida de modo directo.

En la exposición agruparemos las alusiones por la función que desempeñan dentro del discurso, más que por las características externas del elemento citado. A pesar de ello, por utilizar el conjunto exhaustivo de alusiones al mundo natural, un inventario de su utilización en *Flamenca* puede ser fácilmente deducido del texto (2).

I) EMPLEO DIRECTO DE ELEMENTOS REALES

En este apartado incluiremos las menciones directas de elementos naturales, que aparecen, por tanto, con sus características reales.

A lo largo del texto encontramos referencias ocasionales que carecen de una especial significación. Se citan los jabalíes en el verso 2446, la pera en el verso 2979, el hierro y madera de las herramientas en el verso 4742, y la anguila en el 7906.

(1) *Flamenca* contiene tanto elementos narrativos como líricos, con una interesante interrelación, cuyo estudio ha sido realizado por A. Limentani en "Enchâssement narratif de textes lyriques: les cas du roman de Flamenca", *Mélanges d'Études Romanes du Moyen Âge et de la Renaissance offerts à Jean Rychner*, Strasbourg, 1978, pp. 343-352.

(2) Hemos utilizado la edición de U. Gschwind, *Le Roman de Flamenca*, Editions Franke, Berne, 1976, 2 vols. A partir de este momento emplearemos tan sólo el número de versos de este texto para hacer referencia a la obra.

El caballo es el animal más frecuente en *Flamenca,* donde aparece como *caval* (3), *destrier* (vv. 3956, 7982) y *palafres* (v. 7299). Su empleo se relaciona directamente con la expresión de la nobleza como orden social (4) y el propio texto indica esta relación:

"Mout amet torneis a sembelz,
domnas e joc, canz e auzelz
e cavals, deportz e solaz
e tot so qu'a pros home plaz;"
(vv. 1699-1702)

Es el número de caballos, más que sus cualidades, que sólo son descritas de forma genérica (o, en su caso, deducibles del término seleccionado para designarlo), el recurso que se utiliza para poner énfasis sobre las virtudes de los caballeros. El valor se subraya por la cantidad de caballos ganados en torneo, la riqueza o posición social por el número de ellos incluido en el séquito (5), la generosidad por la devolución inmediata de los caballos conquistados o por los generosos regalos a caballeros noveles.

Un énfasis similar del valor de la unión entre Archimbaut y Flamenca lleva a que, para su encuentro el cortejo necesite cincuenta bestias de carga (6).

Otros animales relacionados con el mundo de los caballeros son los perros y aves de caza, citados más arriba (v. 1698), el halcón (7) y las águilas, si bien estas últimas, como emblema de los escudos (8), simbolizan la nobleza de los congregados para la boda.

Nuevas referencias relacionadas con el orden social pueden ser buscadas en el vestido, cuyos materiales se adecúan a la posición de sus dueños. El *var e gris* (pieles de marta, V. 192) sirve por metonimia para reflejar la gran cantidad de personas notables llegadas para la boda, y posteriormente vuelve a emplearse en relación con el protagonista (9). Otras pieles de inferior categoría, como la ardilla y el cordero, se adaptan a la condición de sus futuros portadores (10).

---

(3) vv. 713, 779, 1688, 1701, 1744, 3816, 7017, 7298, 7697, 7726 (en este caso *cavall*), 7737, 7897, 7964, 7973 y 7982.

(4) Según J. Ribaud, los animales asociados a la caza o la guerra evocan la nobleza en la medida en que forman parte del entorno aristocrático y cortés (*Le Moyen Âge (Littérature et symbolisme)*, Honoré Champion, Paris, 1984, p. 55).

(5) Para demostrar que Guillem será convenientemente albergado en su casa, Peire Gui afirma que tiene establos y acomodo para cien caballeros, indicando con ello que puede albergar a huéspedes de importancia (vv. 1900-1903).

(6) ".L. saumier nos an ops,
e ja negus non sia clops.
Non vol negus trotiers i an..."
(vv. 94-96)

(7) Halcón montañés *(falcon montarzi)* regalado por un caballero, según el v. 4419.

(8) "las aiglas son els poms dauratz,
e cant es le soleilz levatz
flameja li ribeira tota."
(vv. 211-213)

(9) Cfr. v. 2193, donde Guillem se apoya en un abrigo de este material.

(10) Así figura en los ropajes regalados por Guillem al capellán y a Nicolaus:
"e voil que vos aias del mieu
uns vestirs blans totz nous e fres
ab pena d'esquirols mores;

La enumeración es el recurso más utilizado para reflejar la magnificencia de las celebraciones y, como consecuencia, la nobleza, riqueza y generosidad de los protagonistas. En ellas encontramos numerosas referencias de naturaleza diversa, donde la importancia de cada elemento viene dada, además de por su acumulación a los restantes, por su rareza o dificultad. El recibimiento de Flamenca por Archimbaut constituye una verdadera demostración de abundancia:

"austardas e signes e gruas,
perdizes, anetz e capos,
aucas, gallinas e paons,
conilz, lebres, cabrols e cers,
senglars et orses granz e fers
i ac tan que ja plus non calgra,
ni l'autra carn ja mens non valgra."
(vv. 394-400)

"que per re no i posca fallir
legumis, sivada ni cera;"
(vv. 402-403)

"Espic, encens, canella e pebre,
girofle, macis, citoar"
(vv. 406-407) (11)

Sin embargo, tratándose de un día de vigilia, el pescado recibe tan sólo una declaración genérica, sin acumulación ni especificación de especies (vv. 460-461), a la que se añaden *peras e cereias* (v. 463), como frutas propias de la época.

Al día siguiente continúa el banquete, que se describe de modo genérico:

"venon manjar de moutas guisas;
mais ja non cal ques aiso digua:"
(vv. 512-513)

En la cena la abundancia se matiza por detalles de delicadeza:

"rosas freschas e violetas,
e glaz e neu per refretzir
lo vi que non tolla dormir."
(vv. 946-948)

Los regalos proporcionan también referencias al mundo natural. Ya hemos comentado las relativas a elementos ligados a la condición social (los relacionados directamente con el mundo de los caballeros y los ropajes), pero existen otro tipo de menciones. El oro y la plata son los materiales que ennoblecen los objetos (12), si bien es la plata el material más citado, quizá por la mayor frecuencia de su em-

---

e Nicolaus qu'es bos e francs
aura.n autres ab anheilz blancs
qu'avia fah us mieus donzelz."
(vv. 3280-3285)

(11) La nuez moscada *(noz muscada)* es de nuevo aludida por Archimbautz en el v. 5677.

(12) Oro y plata, términos genéricos que representan la riqueza de los objetos y el dinero, son generosamente repartidos por Archimbaut en el recibimiento de Flamenca (v. 387). La plata es el material que ennoblece la copa regalada por Guillem (v. 3075), y el cuchillo que Archimbaut envía al rey (v. 7188). Asimismo, la plata es el material adecuado para los objetos poseídos por Guillem, como la aguja con que cose sus mangas (v. 2219).

pleo real (13). El *musquet et ambra* son las ofrendas de Flamenca a Archimbaut (v. 262), y nuevamente aparece el almizcle entre los regalos de Guillem a las doncellas (v. 5989), por lo que se destaca su delicadeza y relación con el mundo femenino. El cuchillo que Archimbaut envía al rey es valioso por su mango de víbora cerasta, aun más que por ser de plata (14).

Mención especial, por la dificultad de su interpretación, merece el regalo del rey a Flamenca en la celebración de su recibimiento en Borbon:

"Un presen de doas aceias
le reis a Flamenca trames;
ben l'en saup rendre las merces,
apres manjar, aici con tais."
(vv. 464-467)

La interpretación de *aceias* ha dado lugar a diferentes significados, de los que 'albur' (un tipo de pez de río) (15) parece el más probable, con lo que se trataría del único caso en que la obra recogiese una especie concreta de peces. Sobre el sentido irónico en relación con la avaricia del rey, apuntado por G. Favati (16), tanto el entorno de vigilia como la importancia de los celos de la reina en la trama de la obra parecen apoyar la interpretación de U. Gschwind (17), con lo que se trataría de una muestra de delicadeza, que Flamenca sabría apreciar de modo conveniente.

El mar, los valles y montañas se utilizan (18) para destacar la lejanía y diversidad de procedencia de caballeros que acuden al torneo de Archimbaut, si bien este recurso sólo refuerza el principal, consistente en la enumeración de nombres y patronímicos.

II) COMPARACIONES Y METAFORAS

Es relativamente frecuente en esta obra la comparación con diversos elementos naturales, tanto en boca de alguno de los protagonistas como en boca del narrador.

Archimbaut compara a Flamenca y sus doncellas con las ocas, por su afición al baño (v. 1541). La sabiduría del paje de Guillem es comparada con la de una abeja (v. 2213) y su alegría y atención con la de la comadreja o la hormiga (v.

(13) Razón aportada por G. Gouiran para las menciones al dinero: "L'or au moyen âge", *Senefiance*, 12, 1983, pp. 170-183 (en concreto, p. 181).

(14) "D'un serpen, c'om apella drasca
o cerastes l'ac enviat
le pros marques de montferrat
un marque ad obs de coutell;"
(vv. 7184-7187).

La continuación de la utilización poética de esta especie de víbora africana está documentada por H. Naïs, *Les animaux dans la poésie française de la Renaissance*, Didier, Paris, 1961, p. 215.

(15) Vid. M. Moliner, *Diccionario de uso del español*, Gredos, Madrid, 1981, 2 vols.

(16) Cfr. G. Favati, "Studio su Flamenca", *Studi Mediolatini e Volgari*, 8, 1960, pp. 69-136 (en concreto, p. 121, n. 89).

(17) Vid. *Le roman de Flamenca*, deuxième partie, p. 73, nota a los vv. 463-464.

(18) Cfr. vv. 6710 y 7263.

2215). La postura de Guillem buscando el rostro de su dama es *con fais austors a perdiz* (v. 3113).

Lugar aparte merecen las comparaciones del celoso por su marcado carácter negativo, que les es exclusivo. En tres ocasiones Archimbaut es comparado con un perro por sus gestos o su actitud (vv. 1067, 1331 y 1505). Su barba desgreñada *semblet una garba de civada quant es mal facha* (vv. 1326-1327), y su ferocidad es comparada con animales salvajes como el oso y el leopardo (v. 1430) (19). La forma en que sale de la iglesia lleva a afirmar:

"En Archimbautz plus non demora,
ans venc mugent coma taurelz,"
(vv. 4580-4581)

Se trata con todo ello de lograr un efecto visual, incluso sonoro, en la descripción de la imagen del celoso. Con ello se apoyaría la justificación de la relación de Flamenca con Guillem, a través del rechazo de la brutalidad del marido celoso, dentro de una lógica muy propia del amor cortés.

Otro grupo importante de comparaciones gira en torno al tema propiamente amoroso. Encontramos nuevas referencias negativas dedicadas a otro de los personajes típicos de la poesía cortés: la dama que no muestra piedad es peor que cualquier otra criatura, incluyendo de modo explícito al dragón, la víbora, el león (20), el lobo y la cebra (21) (vv. 4291-4292). Nuevamente son los animales salvajes, y también los fantásticos en este caso, el apoyo que sirve para vituperar a las damas que no responden adecuadamente a las súplicas.

El hierro es el elemento que simboliza tanto la firmeza (v. 2065) como la indiferencia (vv. 2895 y 2901) ante el amor (22). El amor durable es comparado con elementos puros, frente al *azimans,* por ser este compuesto (vv. 2067-2079). Finalmente, el propio proceso amoroso es comparado por Guillem con el ciclo vegetal en dos ocasiones, donde se describe el amor como flor y fruto de la piedad (vv. 4625-4640), y utilizando paralelismos con el enraizamiento, la floración y la formación del fruto (vv. 4661-4691).

La descripción de las cualidades de los amantes también se apoya en comparaciones. Al hablar de la tez de Guillem, se dice:

"Rosa de mai lo jorn qu'es nada
non es tan bella ni tan clara
quo fon li colors de sa cara,
lai on si tais, mesclad'ab blanc;"
(vv. 1592-1595)

(19) El leopardo es en sí mismo el símbolo de la ferocidad de acuerdo con el *Dictionnaire des symboles*, de J. Chevalier y A. Gheerbrant, Paris, 1982, p. 564. Según esta misma fuente, el oso puede tener un valor positivo, pero es el símbolo tradicional de la crueldad y la brutalidad (*ibid.*, p. 718).

(20) Para el empleo de este animal en la literatura medieval, vid. J. Ribard, *Le Moyen Âge (Littérature et symbolisme)*, pp. 61-64. Vid. también E.R. Curtius, *Literatura Europea y Edad Media Latina*, F.C.E., 4ª reimpr., Madrid, 1984, 2 vols. (la referencia se encuentra en vol. 1, pp. 264-265).

(21) Sobre la significación de *sibra*, vid. U. Gschwind, *Le roman de Flamenca*, deuxième partie, pp. 160-161, nota al v. 4292.

(22) De acuerdo con J. Chevalier y A. Gheerbrant (*Dictionnaire...*, p. 433), el hierro es tanto símbolo de duración como de rigor excesivo e inflexibilidad.

Sus dientes se comparan por su blancura con los del elefante (v. 1602). El oro se repite como referencia para describir el pelo de la condesa de Nevers (v. 847), Flamenca (v. 1134) y Guillem (v. 3564).

También se alude a la imposibilidad de describir a los amantes a través de su comparación con elementos naturales:

"Non dirai plus, quar non son digne
de comparar plus qu'ad u signe
un chavesc'o un nozol-"
(vv. 2112-2114) (23)

Esta técnica se desarrolla en otra ocasión, esta vez sobre Flamenca, hasta llegar de modo natural a la metáfora consiguiente:

"Anc non vi malaute leumen
d'aiga de riu agues talen,
ans vei que tut son desiron
de cella que nais en la fon;
e pauc val flor d'aguilensier
escontra de cella del rosier:
Ma domna es fons e rosa"
(vv. 4695-4701)

Finalmente, el sol es elemento que sirve para describir la belleza sin igual. Así ocurre con Flamenca en varias ocasiones (vv. 538-540, 3130-3132 y 3136-3140) y con la pareja que forma con Guillem, esta vez por boca de Alais, que también concluye con una metáfora de una gran originalidad:

"E dic vos, quan sere <tz> amdui,
el mon non aura tal pareil,
negeis la luna ni.l soleil.
El es soleiz e vos soleilla"
(vv. 5016-5019).

III) EMPLEO DE ELEMENTOS FANTASTICOS

Son escasos, aunque encontramos que, entre las historias que siguen al banquete, se citan las del dragón sin sueño (v. 642) (24) y la del león de Yvain (v. 666), y en la descripción por Guillem de su sufrimiento amoroso el agua y las manzanas del mito de Tántalo (vv. 4030-4037) y una alusión a Flamenca como *la serena que vaus si.m trais ab la douzor* (vv. 4040-4041).

IV) ELEMENTOS DE DESCRIPCION DEL ENTORNO

Recogeremos en este apartado las escasas referencias que definen el marco en que se desarrolla la acción, bien sea en su descripción general o en sus detalles.

(23) Para la interpretación de los sustantivos *chevesca* y *nozol*, vid. U. Gschwind, *Le Roman de Flamenca*, deuxième partie, p. 122, nota al v. 2114.

(24) El dragón también se utiliza en una comparación en el v. 4291, entre otros animales reales, como ya se ha dicho anteriormente.

Los grandes acontecimientos exteriores, el encuentro entre Archimbaut y Flamenca y los torneos, se desarrollan en praderas, que son aludidas como *bela pradaria* (v. 203), o como *pratz* (v. 7253). En torno a ellas se citan diferentes accidentes, como *serras* o colinas (v. 7208) y un campo (v. 7272) donde los asistentes hallan acomodo.

Algo mayor es la importancia de espacios más íntimos, en los que el *verjier* se repite como elemento de acogida y descanso (vv. 438, 2332 y 2668), donde se alude a otros elementos como el manzano en flor (v. 2336), el canto de los pájaros y el follaje (vv. 2670-2671). El bosque desempeña un papel más significativo por la costumbre de Guillem de retirarse a él, para oir el canto del ruiseñor (vv. 3309-3310) y dejarse llevar por su influjo.

No es en el exterior donde se centran el interés de la acción, ni las ansias de amor de Guillem, que escucha en una *kalenda maia* cantada por jóvenes del pueblo:

"Cella domna ben aia
...
qu'il non an son cavallier,
en bosc, em prat o en vergier,
e dins sa cambra non l'amene
per so que meilz ab lui s'abene,"
(vv. 3236-3242)

Pocas referencias de otro tipo pueden ser citadas, salvo el agua fría y caliente de las termas (descritas en vv. 1463-1484) que dan lugar al encuentro de los amantes, y algunos detalles sobre materiales de suelos o cubiertas (vv. 844, 3840 y 4750).

Hemos visto cómo en *Flamenca* junto a los temas propios de la poesía amorosa (el *amor de lonh,* el *gilos...*) se introducen en ocasiones elementos del mundo natural bien como reflejo de un valor social, índice de nobleza o de riqueza, o como refuerzo expresivo. Sin embargo no hay que olvidar que estamos ante una novela de amor, terreno que, según se señala en la obra, se escapa al control de la Naturaleza:

"e la natura qu'es maïstra
del cor<s>, e son obs li ministra,
es al guerir fort entendiva,
mas per amor si ten caitiva
car nuil conseil donar no i sap;"
(vv. 3015-3019)

Natura, tan experta en curar todas las enfermedades, se muestra incapaz de tratar el mal de amor por ser éste de origen espiritual (vv. 3021-3026 y 3027-3029).

De los sos oios tan fuertemientre llorando... (1)

JOSE Mª VIÑA LISTE

Sin alcanzar todavía la cantidad de los publicados sobre el verso 20, no son pocos los trabajos monográficos dedicados al estudio de este que es hoy para nosotros primer verso del *Cantar de mio Cid;* los más suelen ampliar sus análisis al contexto literal posterior y al anterior, perdido pero reconstruible. De entre los destacables que, ya de manera explícita ya indirectamente, se refieren a esta situación inicial del más célebre de los poemas épicos medievales surgidos en Castilla, es de justicia mencionar los que llevan las firmas de Beszard (2), Eleazar Huerta (3), C. Smith y J. Morris (4), Aristóbulo Pardo (5), James Chatham (6), Mircea Popescu (7), de nuevo Colin Smith (8), J.A. Pascual (9), Samuel G. Armistead (10), y Beverly West (11).

El azar, revistiendo la forma nada extraña de la destrucción fortuita del primer folio del códice, quiso que el *Cantar* comenzase así; nos faltan unos cincuenta versos precedentes (12), tal vez desde hace al menos cuatro siglos, pues ya

(1) *Cantar de mio Cid*, verso 1 (= *CMC*, 1). Ofrezco mi propia transcripción de los textos que aduzca, a partir del único códice conservado, cotejadas sus lecturas con las de las más acreditadas ediciones críticas. De igual manera procederé con respecto a las citas del *Libro de buen amor* (= *Lba*, estrofa, verso), desde sus tres códices, así como con las que tome de la *Comedia de Calisto y Melibea* (= *Cel*, auto, folio) sirviéndome de la edición burgalesa (1499?) de la obra de Fernando de Rojas.

(2) Beszard, 'Les larmes dans l'épopée', *Zeitschrift für Rom. Phil.*, XXVII (1903), vid. pp. 529-531.

(3) E. Huerta, 'La primera hoja del "Mio Cid"', in *Coll. Studies in honor of Américo Castro...*, Oxford, 1965, pp. 259-266.

(4) C. Smith y J. Morris, 'On Physical Phrases in Old Spanish Epic and other Texts', *Proceedings of the Leeds Philosophical Soc., Lit. and Historical Section*, XII (1967), pp. 129-190.

(5) A. Pardo, 'Los versos 1-9 del *Poema de mio Cid:* ¿No comenzaba ahí el Poema?', *Thesaurus, Boletín del Instituto Caro y Cuervo*, 27 (1972), pp. 261-292.

(6) J. Chatham, 'Gestures, Facial expresions, and Signals in the *Poema del Cid*', *Revista de Estudios Hispánicos*, VI, 3 (1972), pp. 455-471.

(7) M. Popescu se ocupó de la fórmula épica francesa 'plorer des oïlz', in *Actas del VI Congreso Internacional de la Soc. Roncesvalles*, Aix-en-Provence, 1974, pp. 475-484.

(8) C. Smith, in *Estudios cidianos*, Madrid, 1977, pp. 247-249.

(9) J.A. Pascual, '(D)El silencioso llorar de los ojos', *El Crotalón*, I (1984), pp. 799-805.

(10) S.G. Armistead, 'The Initial Verses of the *Cantar de mio Cid*', *La Corónica*, 12, 2 (1984), pp. 178-186.

(11) B. West, 'Gesture, Concrete Imagery, and Spatial Configuration in the *Cantar de Mio Cid*', *La Corónica*, 16, 1 (1987), pp. 55-66.

(12) Vid. ed. de Menéndez Pidal, Madrid, Espasa-Calpe, 1946, tomo III, pp. 1020-1021; él mismo y luego Erich von Richthofen (vid. *Sincretismo literario*, Madrid, Alhambra, 1981, pp. 27-33) han suplido esta carencia con su reconstrucción mediante el recurso a textos cronísticos medievales.

Parece, por tanto, que a meirande parte destas pezas foi recollida directamente da súa existencia oral, se ben non hai que descartar nalgúns casos unha transmisión escrita feita por un intermediario, segundo parece desprenderse dalgún papel solto, con cantigas escritas -un tanto dificultosamente- por man allea. Da bisbarra pontevedresa proceden aproximadamente dous tercios do total de cantigas, doutras localidades da provincia un vinte por cento máis ou menos e só 60 proceden de localidades doutras provincias.

Na portada, que é a páxina 1, ten escrito: "*CANTARES GALLEGOS. Recogidos por José Casal y Lois. Pontevedra. 1869.*" Está escrito pola man do autor, se ben algunhas anotacións feitas a lápiz son, sen dúbida, alleas e posteriores.

O gran interés do manuscrito está en que recolle unha enorme cantidade de cantigas autenticamente populares, inéditas ata entón (é decir, non recollidas nas outras colecciós daquel tempo), de maneira directa e en época temperá, que despois pasarían integramente á recopilación de 1884, moito máis ampla, coidada e ambiciosa, pero menos fiel ás fontes orixinais e, en certos aspectos, máis pobre. Nesta primeira recolleita, Casal, en plena xuventude, reproducíu a expresión popular en toda a súa potencia, sen prexuicios morais ou estéticos (como foi o caso de Valladares ou Saco) que deformaran a súa realidade.

Na traslación ó mundo da escritura deste rico material oral, Casal, respetuoso coas variedades da fala das súas fontes, evitou caer, non obstante, nun dialectalismo excesivo e tentou, en moitos casos, de neutralizar os trazos fonéticos ou morfolóxicos de carácter local, é dicir, dar forma escrita, segundo unha norma máis ou menos empregada polos galegos cultos do seu medio, ós textos orais que escoitaba, moito máis libres e variados na súa expresión; así, a geada e o seseo

aparecen só en contadas ocasións, como unha realidade viva que asoma polos buratos da súa norma, aínda indecisa, especialmente no aspecto ortográfico.

Non hai nesta recolleita prólogo explicativo ou interpretativo nin clasificación ou estudio de ningunha caste; só hai datos: letras de cantigas -que son case todas coplas-, procedencia, variantes, notas de relación entre os textos e ordenamento numérico. O manuscrito non estaba pensado, xa que logo, para a súa publicación: era só unha mostra do enorme, crecente interés que espertaba a literatura (e en xeral a cultura) popular galega nos medios cultos e vilegos, e, noutro plano, da actitude dun galego ilustrado diante das formas de vida das xentes iletradas do seu país; formas que, séndolle cercanas, éranlle xa alleas.

Engadidas despois ás cantigas xa xuntadas neste manuscrito de 1869, foi Casal recollendo outras novas ó longo dos anos posteriores, ben directamente de fontes orais -así se deduce ó seren inéditas en tódalas demais coleccións-, ben de fontes escritas (que sempre declara, mesmo polo miúdo), e en varios momentos decidiu reorganizar o novo conxunto e aplicarlle unha clasificación máis elaborada. Para iso tivo en conta a doutras coleccións, especialmente as de E. Lafuente y Alcántara e, posteriormente, a de F. Rodríguez Marín. Da totalidade de cantigas que foi xuntando fixo tres sistematizacións sucesivas, sen contar a de 1869, variando para cada unha o criterio de ordenación, que, en xeneral, se vai facendo máis complexo cada vez.

Para a primeira adoptou un criterio temático, e estableceu unha clasificación en once seccións, que encheu cos cantares da colección de 1869 e, a continuación destes foi encaixando os novos textos que ía acadando. Así o n. 1 da colección de 1869 pasou a n. 1 da sección "Jocosas"; o 2, a n. 1 de "Amorosas"; o 3, a n. 1 de "Cantar"; o 4, a n. 2 de "Cantar", e así sucesivamente. Nesta primeira reclasificación había xa 1.079 cantigas (unhas 300 máis que en 1869, contando as riscadas), distribuídas do seguinte xeito:

Consejos	96
Geográficas	126
Varias	53
Amorosas	231
Religiosas	6
Casar	68
Clero	34
Poéticas	37
Cantar	49
Padres	19
Jocosas	360

Esta nova xeira, de data imprecisa pero, dende logo, anterior a 1882, deixouna Casal escrita da súa letra en 34 folios doblados, escritos polas dúas caras, entre os seus papeis. Queda a dúbida de se están todos os que el deixou para esta nova versión das súas cantigas, ou se a clasificación era máis ampla e coincidente cos de outras coleccións da época, pois nesta non parece seguir un modelo concreto.

A segunda reordenación -xa en 1884 ou inmediatamente antes- supón importantes modificacións cuantitativas e cualitativas. O número de pezas coleccionadas elévase agora a 1816 (que supón un importante incremento de 737, cáseque

un 40 por cento). A clasificación inspírase, segundo declara, na de E. Lafuente y Alcántara. Cando en 1884 decidiu optar ó premio de Raimundo F. Villaverde "a la más numerosa y escogida colección de cantares gallegos" (Vid. portada), contratou os servicios dun copista que trasladou este material novamente ordenado -ó que lle engadiu un breve prólogo e un índice- a un extenso manuscrito, de excelente caligrafía e impecable presentación, que foi o gañador.

No "Preliminar" clarexa Casal a súa posición diante da poesía popular galega, formula algúns interesantes xuicios e aporta novas informacións ó respecto. Ocupa as catro primeiras páxinas do manuscrito e -transcrito integramente- di así:

> "*Los Cantares populares* de Galicia, como los de todas las demás provincias, son la fiel expresión de su sentimiento: ellos constituyen el verdadero retrato de sus costumbres, sus virtudes y sus vicios; pero lo que más resalta en los gallegos es el inmenso cariño que en su hogar profesan nuestros paisanos.
>
> Las *ruadas* y *romerías* que tanto abundan en esta Región; las *fiadas* y *seráns*, centro de reunión durante el invierno; las *esfolladas*, *espadeladas* y en general todas las faenas del campo, constituyen, por decirlo así, las fuentes en donde acom- (p. 2) pañado de la flauta, el pandero y las conchas se da a conocer la inspiración del genio popular gallego. Esto no quiere decir que algunos de los cantares que se escuchan en los rosados labios de alguna paisana enamorada o de algún mozo galanteador sean producto de su ingenio, pues creemos, como la mayoría de los escritores que de este curioso estudio se ocuparon, que en algunas de ellas se nota la inspiración superior del genio que no es el popular y que otras parecen entresacadas de poesías particulares, siendo de advertir, para honra del pueblo gallego, que son muy raras las que pueden encontrarse en estos casos.
>
> Los cantares populares toman en Galicia diferentes formas, ya en su estructura ya en su versifica- (p. 3) ción. Esta es muy diversa, como diversas son también las ocasiones que motivan los cantares, causa por tal que su clasificación o división ofrece multitud de dudas. El Sr. Murguía, tan conocedor de las costumbres gallegas, y el Sr. Milá: aquel en su *Historia de Galicia* y éste en su ensayo *De la Poesía popular gallega*, teniendo en cuenta el origen, naturaleza y objeto, los dividieron: el 1º en *muiñeiras*, *a-la-lás*, *cantos do pandeiro*, *aninovo*, *mayos*, etc.; y el 2º en *coplas*, *tercetos*, *ruadas*, *muiñeiras*, *mayos*, *ensalmos*, *diálogos* y *villancicos*.
>
> Nosotros que poseemos una colección de más de 4.000 coplas que la penura del tiempo nos impide clasificar y presentar por completo, hemos seguido en parte, en la presente que consta de 1816, dichas divisiones y tomando en (p. 4) cuenta su metrificación las dividimos en dos grandes partes. En la 1ª hemos incluído todas las de cuatro versos o sean las verdaderas *cántigas* subdividiendo éstas de conformidad con dichos autores y sobre todo siguiendo la del Sor. Lafuente en su *Cancionero popular español*, en *religiosas - morales y sentenciosas - amorosas - locales y descriptivas - jocosas, picarescas y epigramáticas - varias* y como apéndice, por ser también de 4 versos, los *diálogos*. En la 2ª, con la denominación de *cantares diversos*, incluímos las *muiñeiras - ruadas - tercetos - villancicos* y *mayos*.
>
> Perteneciendo los cantares de la presente colección a las 4 provincias gallegas, hemos procurado presentarlos tales como se pronuncian en sus respectivas localidades."

A través destas verbas coñecemos o seu modo de proceder (polo menos en parte) e outros interesantes datos, como o coñecemento que tiña dos traballos de Murguía e Milà, a opción pola clasificación de Lafuente, a sabencia de que existían pezas cultas no medio das recolleitas populares e o elevado número de coplas que di posuír, afirmación ésta que -á vista da documentación que nos quedou- parece esaxerada.

A nova clasificación dos cantares e o incremento dos mesmos vén expresado con detalle na quinta páxina do manuscrito, encabezada co epígrafe "*Resumen*", e é a seguinte:

1ª parte		
	Religiosas	44
	Morales y sentenciosas	146
	Amorosas	415
Coplas	*Locales y descriptivas*	*215*
	Jocosas, picarescas y epigramáticas	690
	Varias	139
	Apéndice (diálogos)	25
	Total	1.674
2ª parte		
	Muiñeiras	55
	Ruadas	13
	Tercetos	20
	Villancicos	8
	Cantos de Mayo	46
	Total	142
Total: 1.816		

Este manuscrito, de man allea e non sempre fiel á fonte, de impecable presentación, en cuanto maior e sen numerar as páxinas, leva na portada estas verbas: "***Cantares gallegos*** */ coleccionados por / JOSE CASAL LOIS. / PREMIADOS / con el premio otorgado por el Excmo. Sr. Dn. Raimundo Fernández Villaverde en el Certamen literario celebrado en Pontevedra en Agosto de / 1884.*", e na primeira páxina o seguinte encabezamento: "**COLECCION / DE / CANTARES GALLEGOS.** / Lema: / O cantar do galleguiño / é cantar que nunc'acaba...".

A obra é a síntese máis acabada das que levou a cabo Casal como colector de cantigas, no proceso de mellora progresiva, en cantidade e método de ordenación, a que someteu perante toda a súa vida ós materiais coleccionados. Ampla, ben ordenada e mellor presentada, esta colección presenta, así e todo, algunhas carencias, como a de omitir toda mención da procedencia das cantigas, e algunhas tachas, entre as que hai que suliñar a alteracion dos textos base polo copista, quen sistemáticamente transforma "aquí" en *eiquí,* "burato" en *buraco,* e, en xeral, *ourensaniza* moitos trazos -non todos- do galego de Casal. A ortografía resulta tamén un tanto artificiosa, con exceso de acentos -entre eles o circunflexo-, que moitas veces non responden á súa función real no idioma.

De tódolos xeitos, aínda emprendeu Casal con posterioridade unha terceira reclasificación dos seus materiais, sempre en aumento. Cando tivo noticia dos *Cantos populares españoles* de Rodríguez Marín, leuna, polo que parece, polo miúdo, e das abundantes notas do libro sacou e anotou a práctica totalidade de coplas galegas que alí figuran, e máis algunha portuguesa de Adolfo Coelho. Pero sobre todo descubriu unha nova clasificación, máis ampla e detallada, especialmente aplicable ás cantigas que el encadrara na sección "Amorosas". E así, voltou a desfacer a orde anterior, e o conxunto de cantigas -en particular as desta sección- foi reclasificado de acordo coa clasificación de Rodríguez Marín e distribuído en novas seccións; nelas recolocáronse as pezas de tódalas seccións anteriores, rectificando o lugar dalgunhas. O conxunto estaba dividido en catro partes, a primeira das cales debía de ser un prólogo, para o que xa estaba tomando notas e acopiando bibliografía.

En todo caso, este novo proxecto quedou inacabado, segundo se deduce dos papeis que quedan del. Entre éstes, consérvanse, xunto con moitas follas soltas, catro libretas pequenas nas que foi recollendo e anotando, ademais de adiviñas e outras mostras do folklore, letras de cantigas -algunhas, polo que parece, no mesmo intre de escoitalas-, en parte incorporadas xa ás coleccións anteriores e en parte inéditas. En total recolleu nestas libretas unhas 250, transcritas de xeito asistemático e cunha caligrafía moi descuidada que as fai dificilmente lexibles.

A que parece cronolóxicamente a primeira -datable entre 1874 e 1881- contén un reducido número de cantigas, pero algunhas son de inusual orixinalidade e interés; entre elas hai que sinalar as dúas que comenzan "*Saramago verde...*", que conectan directamente coas recollidas por Sarmiento século e medio antes, e a que remata con "*...castañas asadas / e viño con mel*", que, aclarando o contexto dunha cantiga publicada en 1864 por López de la Vega, aclara tamén o da coñecida glosa dos *Cantares galegos* de Rosalía "*E a nosa señora / detrás do tonel*".

Aínda deixou Casal outra colección de 300 cantigas -cáseque exclusivamente coplas-, numeradas, que presentan ás veces coincidencias coas axuntadas en 1869 e 1884; amosan un carácter, en xeral, algo tosco na forma e no contido (irregularidades métricas frecuentes, poucas mostras do lirismo, aparición de alcumes, insultos e expresións atrevidas, etc.) e unha forte impronta de concreción e realismo (neste sentido é o reverso do *Cantigueiro* de Valladares). Presenta algún trazo novedoso como a confrontación social de criadas de servir e señoras, contado dende o punto de vista das primeiras. Non hai ningunha indicación temporal que axude a datala, pero o feito de que moitas pezas non figuren nos cancioneiros mencionados fai pensar que debe de ser posterior a eles, se ben o sistema clasificatorio (sensiblemente igual ó empregado para a de 1869, mesmo con algunhas indicacións da procedencia) suxire unha data próxima a ésta derradeira.

Coa contribución de Casal e dos outros colleitores daquel tempo, empeñados en conservar e rehabilitar a cultura viva das xentes do seu pobo, incorporouse Galicia á corrente de revalorización da literatura popular que iniciaran aqueles mestres alemáns e británicos case cen anos antes, e non foi unha excepción na reivindicación xeralizada en Europa dos patrimonios culturais propios de cada país. Foi, sen embargo, excepción (e sígueo sendo) en ignorar a contribución destes homes (poucos pero fondamente significativos dunha actitude compartida por moitos entre as clases instruídas) na construcción da cultura galega contemporánea. Que Casal non apareza nun soio manual de literatura galega e que a súa obra permaneza inédita despois de cento vinte anos, máis que inxustificable, resulta hoxe incomprensible.

Dous poemas inéditos de Alberto Camino

XOSÉ Mª DOBARRO

Cando en 1980 defendimos a nosa Tese de Doutoramento sobre o poeta Alberto Camino ía ser Presidente do tribunal encarregado de xulgala o Profesor Doutor D. Constantino García. As circunstancias impediron a súa participación neste acto e é por isto que cremos que esta homenaxe que se lle rende pode ser unha boa oportunidade para volver sobre a obra deste autor.

Daquela, hai dez anos, o corpus fundamental do noso traballo presentaba unha edición, que procuraba ser crítica, de vintetrés poemas galegos deste escritor decimonónico valorado por críticos e estudiosos, contemporáneos seus e posteriores, como o máis interesante dos poetas que podemos denominar prerrosalianos (1). Isto, apesar, de que cando comezamos a nosa andadura só eran "coñecidos" os doce poemas -nove deles xa incluídos no *Album de la Caridad* en 1862 (2)- que vintecinco anos despois da morte do autor recolleran nun pequeno volume con non poucos esforzos, segundo parece, Martínez Salazar e Saralegui Medina (3), xunto con dous vilancicos reproducidos por Bouza Brei (4). O resto só eran vagas noticias referenciais.

Non hai moito chegaron ás nosas mans unhas follas manuscritas que conteñen sete poemas: "A delorosa", "Obligado de corno", "Repique", "A béldrica", "A Alborada", "Fantasía" e máis un vilancico sen título, que figura nunha mesma folla con outro de Vicente Turnes.

Os catro primeiros, xa publicados con anterioridade, permiten tanto facer un confronto de variantes para unha fixación dos textos como ordenar con maior precisión cronolóxica o conxunto da obra. Este é o caso do "Obligado de corno" que aparece datado en 1845 -o mesmo ano da publicación de "O desconsolo", o

(1) Así, por exemplo, Murguía ("Poesía gallega. VI. Don Alberto Camino" in *El Museo Universal*, nº 4, 28/2/1858) escribía: "El señor Camino ha tenido la fortuna de colocarse a la cabeza de todos los poetas provinciales, no por lo numeroso de sus composiciones, sino por la bondad literaria que encierran las pocas que ha publicado" e Carré Aldao (*La literatura gallega en el siglo XIX*, Librería regional de Carré, Coruña, 1903, p. 45): "Fué uno de los más ilustres precursores del renacimiento de la poesía gallega y no soñó quizá la importancia que pudiera llegar a tener su iniciativa".

(2) Trátase de "O desconsolo", "A foliada de San Joan", "Repique", "Obligado de Corno", "A Béldrica", "¡Dòrme!", "Lejos d-èla", "Nai chorosa" e "Amores e dolores".

(3) Alberto Camino, *Poesías gallegas*, A. Martínez, editor, La Coruña, 1896. As tres novas poesías son "Ao nacimento do Real Miniño", "El amor maternal" e "Falade ben baixo".

(4) "Los villancicos gallegos cantados en el Hospicio de Santiago en la Navidad de 1848", in *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXVI, 1957, pp. 127-129. Son "Agora si que é a certa" e "Hoxe é gran festa miniñas".

máis antigo dos coñecidos- e que na nosa edición figura de último por seguir a ordenación do volume preparado por Salazar e Saralegui.

Os tres últimos son totalmente descoñecidos, mesmo nunca citados por ninguén. Hoxe editamos criticamente dous deles, "A Alborada" e "Fantasía". Antes de nada, queremos apontar que, na nosa opinión, as follas manuscritas que manexamos son apógrafos, moi posibelmente unha copia feita polo seu irmán Domingo Camino e enviada por este a Antonio de la Iglesia. Baseámonos en que aparecen algúns casos de representación da palatal fricativa xorda con **g** e **j** que o poeta non utilizaba no ano 1945. Neste ano publicara en *El Porvenir* de Santiago "O desconsolo", na que emprega **x** para representar o citado fonema. Como a composición saíra con erros, rectifícaos no número seguinte sen que entre as correccións apareza ningunha desta grafía.

Tematicamente, estas dúas composicións están relacionadas co conxunto da súa produción, tanto en verso como en prosa, tanto en galego como en español. Así hai "sentimentalismo", contacto coa natureza, certa "crítica social" e anticapitalismo inconsciente, idea do poder como algo case sobrenatural,...

A edición que presentamos segue estes criterios:

- suprímense as maiúsculas iniciais
- modifícanse os aspectos ortográficos que se afastan da norma lingüística actual
- modernízanse as grafías etimoloxizantes
- elimínanse apóstrofos nas contraccións, agás cando se altera a medida do verso
- regularízase a puntuación e a acentuación
- en nota indícanse os cambios efectuados, excepto no que se refere á puntuación e acentuación

A Alborada

Salta xa do leito miña Margarida,
salta xa do leito, que veu a mañá,
a pomba no prado anda moi garrida
e asobiando o merlo pica na masá.

Rula a dose rula no alto piñeiro,
pían as papudas, dobran os chinchós,
na silveira aqueles, estes no ameneiro
e as lavandeiras chilan nos arrós.

Corre, Margarida, ven a ver o orballo,
que pedras de anelos parese que é,
e como sacude o ar o ramallo,
caendo as pingotas cal vágoas ó pé.

Do terbello e lestra, fiuncho e espadanas,
e outras mil prantas pousadas na frol
acharás, meniña, andoras galanas,
c'algunhas nas penas, á raia do sol.

Abellas soantes, con voo lixeiro,
cargadas dun polvo dourado, e, en fin,
o ar oloroso cas herbas do outeiro
darache por certo os gustos que a min.

Desperta, si,
non durmas, non,
e coas mas o peito firo,
coitadiño de min, ¡ou!

Margarida, miña rosa,
espero aquí o teu favor,
dime con fala grasiosa:
"Eres, Pepe, o meu amor".

Desperta, ei,
non durmas máis
que o teu querido
te ven chamar.
Sereno o ceo,
vidiña, está,
o sol mui guapo
e seco o chan,
e cantador
o paspallás,
a mañá fresca
e brando o ar,
frolido o prado
e eu galán.
¡Margaridiña!,
ven, pois, gosar
tal garridesa,
tanto solas,
que, pois, te agardo
me darás dor,
estes meus brasos,
que abrindo estou,
nena querida,
para ti son.
Sai á ventana,

sai meu amor,
sai miña xoia,
sai corasón.

Quero ver esa cariña
que é a gloria miña,
esa cara hermosa,
inda máis cá rosa,
eses ollos, nena,
que me tran en pena,
e o roxo cabelo
que dá xenio velo.

Non me causes, non, pesar,
logo, logo sai muller
que che quixera cantar
o meu moito despracer,
porque el é, se non te miro,
que cal neno en chorar dou.

Alberto Camino
1847

VARIANTES

3 moy
4 asoviando
10 d'anelos
12 bágoas
15 hacharás
16 raya
17 avellas
35 muy
53 say
54 say
55 say; xoya
56 say
66 say
69 por que

Fantasía

Soñei que estaba nun xardín mui lindo
con grutas, froitas, e árbores de froitas
e no medio un estanque en que bulindo
se vían varias e pintadas troitas.
Os paxaros cantaban,
que gran contento, miñas xoias, daban,
e picaban nas follas e nas froles.
E as anduriñas ían loucamente
dun lado para o outro en (un) muita presa,
e corría un airiño
oloroso e mansiño,

e o ceo sereno estaba, e o sol ardente
era temprado daquel ar que iba
entre os ramallos, canas e macetas
con ruído lixeiro;
todo era, en fin, alí gozo comprido
para aquel que no olvido
os seus dores tivera,
pero non para min, que triste estaba
naquel lugar que pena me causaba.

Tendido dun laranxo
ao pé, no musgo brando alí eu xemía
porque Rei non nacera,
e o mundo so meu mando non puxera.
O peito cubizoso
me movía a querer que se dobrasen
os homes ante min, como se dobran
os vimios e espadanas,
mais lágrimas, ben vanas,
caían dos meus ollos,
que o ceo non se apiadaba
por máis que tenramente lle rogaba.

¡Rei do mundo! eu decía.
¡Ser todo meu!, ¡que gloria!, aqueles homes,
que de min hoxe en día non fan caso,
velos arrodillar ante o meu paso
e telos baixo os pés cando quixese!
¡Ai, Ceos!, ¡dai que sexa
eu o mortal que en tanto ben se vexa!
¡Ben..! -unha voz dixo no ar, soando
como un trono-, ¡esa fora
si non houbese a morte,
que dos humanos fai igual a sorte!
Mais ti, necio, que crees
glorias na vida, ¡louco que ti eres!
por mui grande a que chegues
na terra, serás nada,
que nela naide dura,
sinón tan solo a negra sepultura,
e non é dicha inteira
aquela que non fose duradeira...
E si queres ti velo máis patente
atende esas presonas que a teu frente
comenzaron a pasar... "Eu ausustado,

mirei, e vin primeiro
unha linda mociña que do brazo
se tiña dun galán que lisonxeiro
esposa lle chamaba,
e ela con gran gozo llo escoitaba,
mais logo, pouco a pouco, se volvían
nuns velliños combados,
que chegando calados
cerca de min na terra se derruban,
á que se abren, e recolleunos xuntos
pois xa non eran mais que dous difuntos.
Dimpois vin un señor que nas mans súas
diamantes relucían,
e paxes o seguían,
e alabándose el iba de ser rico;
e soberbio gritaba
que nada á súa gloria lle faltaba.
Mais chegando ante min, un ¡ay! que el dera,
caeu no chan e alí desparecera,
e os paxes se volvían
coa dor da convenencia que perdían.

Sobre un coche tirado de cabalos
de moito prezo, vin outro home logo
que estaba coroado,
e era venerado
por un sin fin de xente que o rodeaba
e vivas estrondosas lle botaban,
mentres el mui erguido
miraba para ela feramente,
cando non lle escupía,
e con desdén decía:
¡todo é meu, todo é meu; si quero agora
so as rodas deste coche
poño esa turba vil que así me adora!
¿Quen máis que eu no mundo? Naide, naide.
¡Eu son Dios!..Decindo esto, unha pancada
vin que a morte lle daba coa gadaña,
con que caíu na nada
e entonces, a xente reuse a carcaxada.

En esto un gran tronido
me fixo despertar... ¿que houbera sido?
Un velón derrubado...
E despois que no soño houbera pensado

exclamei: ¡certo, si, todo é da morte,
pero que goce é bó quen ben recibe,
anque engañoso sexa, pois non vive
aquel que arrastra unha infelice sorte!

Alberto Camino

VARIANTES

1 jardin; muy
6 joyas
9 autro; (un), sobra.
13 d'aquel
15 ligeiro
21 de un; laranjo
22 gemía
23 Rey
33 Rey
35 hoje
38 Ay
46 muy
48 en ela
57 lisongeiro
64 juntos
66 ja
68 pages
72 ay
74 pages
76 choche
80 gente
82 muy
91 co a
93 gente
94 en esto
98 Esclamey
99 goze
100 seja

Outras lecturas dende a nosa cultura

A. FIGUEROA

Calquera que trate de observar, de analizar anque sexa superficialmente, o acontecer literario-cultural no noso país pódese decatar da grande importancia da incidencia doutras literaturas na nosa literatura, tanto que sexa na producción literaria propiamente dita, coma no discurso crítico, ou no conxunto xeral de lecturas que configuran o estatus do lector e a súa competencia receptiva. Ahí esta, por exemplo, o importante volumen das traduccións ó galego, un factor de incidencia moi a considerar pola súa importancia cuantitativa en relación coa producción propia, sobre todo nestes últimos anos. Todo isto non parece distinguir en nada á literatura galega doutras literaturas. Os sistemas literarios influéncianse mutuamente. Xa no século XIX os nosos literatos participaron nos movementos literarios e culturais daquela época, pero sobre todo é no século XX cando a incidencia das literaturas estranxeiras se deixa sentir máis fortemente na producción, na crítica, no feito da traducción, na lectura. E é tamén no século XX cando estas influencias aparecen máis diferenciadas entre si, máis diversificadas en canto que mellor pensadas, escollidas e verificadas. Como decimos, todo isto non parece caracterizar de maneira especifica ó acontecer literario galego. Sin embargo, se imos un pouco máis ó fondo das cousas, dámonos conta dunha primeira anomalía: o sentido das influencias é, prácticamente, no caso da literatura galega, sempre o mesmo: de cara a dentro, pero non de cara a fora; recibimos influencias, pero non influimos; traducimos pero non se nos traduce(se distinguimos a traducción propiamente dita da auto-traducción, ou do que en realidade é a publicación biblingüe), lemos, pero pouco se nos lé fora do noso ámbito. Este feito fai supoñer unha certa problemática na literatura galega, problemática en parte común coa das literaturas en liguas minoritarias ou en situación lingüística diglósica no que se refire á dinámica de intercambios coas demais literaturas. A anomalía non ven dada polo feito de que non se nos traduza, ou non se nos lea, senon polo feito que vimos mencionando de que a influencia exércese nun so sentido, e isto presupón unha certa debilidade no propio sistema, implicando unha serie de riscos que convén coñecer. Espero que non resulte estraña esta invitación á accion, dado que nunha situación sociocultural como é a de Galicia, case tódalas afirmacións, aínda teóricas e obxectivas tenden a constituir unha invitación a acción, nun sentido ou noutro.

Este mesmo feito leva consigo unha certa especificidade na propia comunicación literaria en xeral á que xa tratamos de acercarnos nalgunha publicación

anterior, e implica tamén unhas modalidades determinadas no que respecta ó feito da lectura (lecturas) doutras literaturas e da súa incidencia na constitución da nosa. Trataremos pois nestas notas achegarnos un pouco a estes aspectos da comunicación literaria e de propoñer algunhas vías de reflexión neste sentido. Trátase pois dun estudio teórico que ten como obxectivo a descripción das modalidades da lectura como fenómeno xeral, e incluso previo tamén teóricamente a outros como poden ser: a escritura, a traducción, a propia crítica de obras pertencentes a outras literaturas, etc., nunha situación lingüística e socialmente definida pola diglogosia (o que implica tamén unha situacion de "di-literatura", polo menos no caso da Galicia, con connotacións paralelas ás da diglosia) e definida tamén en todo caso polo seu caracter "minoritario"; estamos entón, se se nos permite a palabra, ante unha "literatura B" que participa de moitas das características da situación linguística tamén B, pero que presenta unha especificidade lóxica debido as caracteristicas fenomenolóxicas da comunicación literaria. Imos pois botar man dalgúns conceptos teóricos xa coñecidos que nos axuden a aproximarnos a descripción desta especificidade.

Un destes conceptos é o de *sistema literario.* Trátase dunha noción utilizada dende hai anos (1), reasumida hoxe por algún dos teóricos da recepción. J. Lambert, nun traballo moi clarificador, afirma que se pode "falar de *sistema literario* cando un conxunto de obras, autores e lectores están vinculados por uns principios (normas) e modelos comúns que os opoñen a outros sistemas" (2). Explica este autor como estas "normas" definen as fronteiras reais entre os sistemas, e como os contactos son a fin de contas resultado da trasngresión das fronteiras, tanto que sexan contactos buscados, coma que sexan contactos impostos. Volvendo agora ó noso punto de vista temos que ter en conta que nunha situacion lingüística definida como diglósica pode mesmo non existir nin xiquera sistema literario no ámbito da lingua B. Esta situación caracterízase pola súa inestabilidade, pola súa evolución constante nun sentido ou noutro; pode suceder que "aínda" non se constituise o sistema literario, que, téndose constituido, "xa non" se manteña, ou simplemente que non teña posibilidades de existir, aínda se a lingua subsiste. Nestas situacións maniféstanse sempre este tipo de tendencias, e en todo caso mentras a situación diglósica subsista e moi probable que o sistema literario teña dificultades para constituirse, para manterese e para sobrevivir. Se se pode falar de sistema A e de sistema B dende o punto de vista literario, e en analoxía coa terminoloxía utilizada para describi-la situación linguística (e aínda sabendo que en xeral o concepto de sistema literario pode moi ben non corresponderse cunha situación lingüística, cunha lingua), podemos decir que nestes casos o sistema vehiculado pola lingua A trata de impoñer o sistema de normas e principios que lle son propios e que lle permiten delimitar as súas fronteiras. Por parte do sistema agredido hai un rechazo explícito e externo, dado o grao de consciencia e reflexividade que caracteriza á situacion do sistema B, pero non sempre realmente

(1) Chevrel, Y., "Champs d'études comparatistes de réception. Etat des recherches", *Oeuvres et Critiques*, XI, 2, 1986, p. 150.

(2) Lambert, J., "Les relations littéraires internationales comme problème de réception", *Oeuvres et Critiques*, XI, 2, 1986, p. 176.(a traducción é nosa o mesmo ca nas demáis citas literais).

eficaz dado que non tódalas normas e principios dos sistema agresor son percibidos netamente nesta consciencia da que falamos, máxime cando se trata de elementos que, indo moito máis aló do linguístico, pertencen ó eido do especifico da linguaxe literaria. Normas e modelos do sistema A, como poden ser elementos estilísticos, presuposicións intertextuais e mesmo referenciais, imaxes da lectura e do lector, presupostos culturais, etc., etc., que fan parte integrante do sistema A poden en realidade estar agredindo ó sistema B mediante a ilusión que xenera emprego da lingua B; e isto resulta aínda máis decisivo sobre todo se temos en conta que o emprego da lingua B é de seu significativo e "marcado". Na medida en que o é, ou o sexa, a súa capacidade para ocultar elementos de sistema literarios estraños aumentaría proporcionalmente.

En todo caso o rechazo consciente do sistema A, xunto coa percepción da necesidade de afirmación da cultura e do sistema propios levan a unha búsqueda case desesperada de elementos de identificacion, sexan da tradición literaria, sexan do espacio étnopsicolóxico autóctono, etc., válidos de autoafirmarse pero que poden constituir un lastre que impide o progreso e conduce a autarquía cultural. Case ó mesmo tempo, e en parte para contrapesar esta especie de tendencia centrípeta da que falamos, prodúcese unha tendencia centrífuga, unha apertura case indiscriminadada de fronteiras a outros sistemas literarios, o que tamén conleva riscos importantes. O autor antes citado, para explica-las relacións entre sistemas literarios afirma (sin referirse explicitamente a situacións diglósicas): "En todo caso a función das trangresións é ambivalente; pode pasar que estas sexan dominadas e controladas polas esixencias do sistema receptor reforzando así o seu poder; pero pode pasar tamén que a literatura receptora se vexa en certo modo afogada pola importación, ata acabar por perde-la súa propia identidade. Estas dúas situacións explícanse, de feito, pola actitude activa ou pasiva do polo receptor" (3). Na medida pois en que o sistema receptor sexa un sistema constituído de maneira estable, poderá integra-las importacións doutros sistemas, convertendo a trangresión da súa propia norma nun factor de progreso. Pero existe polo outro lado o risco evidente de disolución do propio sistema, de perda da propia indentidade literaria; isto é un risco permanente en calquera sistema literario; tódolos sistemas teñen uns límites de tolerancia en relación coas influencias estranxeiras. En situación diglósica o risco de descomposición do sistema é lóxicamente maior precisamente pola tendencia a recorrer a sistemas extranxeiros como medio de diferenciación do sistema da lingua A.

O autor que vimos citando (4) intenta sistematiza-los presupostos teóricos que rexen as relacións entre os sistemas literarios mediante a formulación de "universais posibeis nos contactos literarios". Trátase de universais *posibeis* -insistimos- que, segundo resulten aplicables uns ou outros e, segundo como se apliquen, permiten explicar e sistematiza-las modalidades dos contactos que se producen de feito. Imonos permitir entresacar algúns destes "universais" que nos parece que poden axudar a precisar constantes nos contactos das literaturas en situación diglósica. A primeira das formulacións que escollemos é a seguinte: "Os contactos

(3) *ib.*, p. 177.
(4) *ib.*, p. 178 ss.

son en xeral de naturaleza unilateral". Isto é o que acontece en situación diglósica ou, case sempre, no caso de literaturas "minoritarias" nos contactos que se establecen cos grandes sistemas literarios.

Ocorre tamén que estas literaturas minoritarias manteñen contactos frecuentes entre elas; hai que recoñecer que este tipo de contactos son en xeral poucos e pouco enriquecedores dende o punto de vista estrictamente literario, para o sistema literario como tal sistema; a menudo están orientados non sincrónicamente, senón cara as respectivas tradicións literarias, contitúen unha forma de solidariedade exemplar en condicións análogas. Outro dos universais mencionados formúlase da seguinte maneira: "Os contactos establécense cando unha literatura receptora non está en condicións de resistir ou experimenta necesidades evidentes". Isto mesmo caracteriza a situación das literaturas en situación linguística diglósica: os contáctos establécense con sistemas literarios relativamente próximos, pero exclúense, como xa dixemos, a nivel consciente co sistema correspondente á lingua A, que é o máis inmediato. Estas "necesidades evidentes" fan que mesmo ás veces non se distingan as necesidades literarias das necesidades lingüísticas, e que a menudo se recorra ó literario con finalidade lingÜística; é o caso por exemplo da intencionalidade que se adiviña no caso de moitas das traduccións que están dirixidas sobre todo a provocar hábitos de lectura pero non organizadas en función de criterios literarios (5). Prodúcese desta maneira unha desorganización e unha desorientación dentro do propio sistema, por falta de criterios específicos, nos tipos de contactos que se establecen. Outro dos "universais" que vimos citando parece precisamente confirmar isto mesmo: "Cando un sistema é feble e/ou incompleto, é máis receptivo e menos selectivo". Hai pois tendencia a aceptar "todo" sin considerar excesivamente o que dende o punto de vista especificamente literario se quere en realidade obter, sin estudiar nin o espacio nin o tempo que o texto importado ocupa no seu propio sistema, nin reflexionar tampouco sobre a incidencia que se intenta que exerza no sistema receptor. En todo caso, "os elementos importados sofren a miudo unha simplificación, unha esquematización", o que resulta inevitable ó facérense as "lecturas" dende un contexto xeral moi distinto do inicialmente previsto polo texto, dende uns presupostos e dende unhas necesidades tamén moi distintas, sobre todo en situación de lingua minoritaria. Non nos estamos referindo agora so á incidencia da traducción como "lectura" dun texto, ou como reescritura e proposta de nova lectura,que tamén o é, senon en xeral a todo tipo de contactos: os establecidos simplemente pola lectura directa en lingua estranxeira (que é un fenómeno cada vez máis frecuente, e moitas veces propiciado e orientado polos medios de comunicación) os vehiculados a través das institucións docentes ou da crítica, etc. Un tipo de contactos privilexiado e o buscado

(5) Esta tendencia e moi xeral en situación diglósica, e non so en relación co tratamento eventual que se lles da ós textos literarios estranxeiros; manifestase tamén no tratamento que se lles da ás veces ós textos propios no interior do sistema e fai parte do que nunha publicación anterior chamamos "filoloxización" da literatura; un caso concreto no que se recorre ó literario con finalidade lingüística e por exemplo o das propostas de lectura literaria (?) que a menudo se fan nos libros de texto e dá subseguinte orientación do "comentario" onde se percibe a preocupación pola lingua propia da situación, preocupación lóxica, pero que, se se quere avanzar, haberá que ir distinguindo da finalidade estética e aplicando en cada caso os criterios pertinentes.

polos propios escritores: en teoría ninguén coma o creador está en condicións de percibir mellor as carencias e necesidades do sistema literario, ninguén coma él está en condicións de integrar positivamente as posibles aportacións foráneas en propostas de lectura que contribúan á renovación do sistema.

No que á traducción se refire (e anque este non é agora o obxecto único da nosa analise), sin deixar de considera-la súa contribución á normalización da lingua mediante a lectura, habería seguramente que pensar nunha política de traducción proxectada con criterios literarios, tanto no que se refiere ós textos que se escollen, como á finalidade que se lles da, e ir abandonando unha política da traducción determinada pola urxencia da normalización linguística, pero simplista e desorganizada dende o punto de vista literario. En todo caso a súa eficacia linguística tampouco disminuiría por este feito. Do mesmo xeito haberá que poñe-las bases dunha pedagoxía específica do literario que dentro dunha política de normalización cultural vaia máis aló da normalización lingüística. Permitímonos decir isto porque asumimos que o proceso diglólosico é un proceso consciente que implica reflexión se que quere a pervivencia do propio sistema cultural, supón unha intervención nas instancias de mediación en xeral, e no caso que nos ocupa, naquelas que condicionan a relación entre as propostas de lectura, entre os textos en sentido amplio e as instancias de lectura e de recepción.

Con isto queremos aludir a un tema tamén de primeira importancia que é o da mediación na orde cultural, e en concreto ós intermediarios no feito literario en xeral. Rita Schober, nun artigo crítico co concepto de Jauss de "horizonte de expectativas", propón substituilo polo de "modelo social de lectura", que sería, por un lado froito da experiencia práctica da vida social e da experiencia estética,e por outro tamén do conxunto de intermediarios na comunicación literaria: "Estes intermediarios que son as librerías, as bibliotecas, as lecturas públicas por un escritor das súas obras, o ensino da literatura, a publicidade nos diversos medios de comunicación, teñen cada vez unha importancia máis grande. Hai que engadir ademais aquelas instancias que modifican sobre todo a visión e as normas de apreciación do público: crítica literaria, premios literarios, na practica todo un aparello ideolóxico público que pode chegar, dado o caso, mesmo a manipula-los factores que determinan a recepción" (6). Tratándose dos contactos entre literaturas extranxeiras, alguén se referiu a este sistema de intermediarios como o dos "aduaneiros" da literatura. É certo que sempre ó longo da historia da literatura existiron intermediarios, peron nunca tiveron a incidencia que teñen na actualidade; pensemos, como mostra, nas editoras que son auténticas multinacionais que lóxicamente seleccionan o que publican, na prensa de grande difusión na que aparecen continuas propostas e mesmo orientacións de lectura, nas emisións audiovisuais dedicadas a libros, etc., etc. Os propios políticos non dudan en emitir aquí e alá propostas de lectura sen ningún "pudor" nin autoridade real pero con intención evidente. Todas estas instancias filtran, orientan ou verifican a carga antes de deixala pasar á lectura. O lector dun sistema literario minoritario verase pois sometido a toda esta presión e verase constantemente orientado dende outros pre-

(6) Scober, R., "Réception et historicité de la littérature", *Revue des sciences humaines*, 189, 1983, 1, p. 17.

supostos e sistemas. Dende estes grandes medios o feito das literaturas minoritarias case non se contempla, pero cando se contempla case sempre se fai baixo o prisma do exótico, do marxinal, do provisional. O sentido do discurso do poder no que ás literaturas marxinais se refire é un discurso integrador nunha "pluralidade" vixiada, mesmo "enriquecedora" dentro de tanta curiosidade rexional como hai. Todo isto contribúe e establecer modelos sociais de lectura que, lóxicamente, van condionar á propia lectura como acto individual, e van tentar de configurar ó lector dunha maneira determinada.

Referirémonos por último a algunha das notas que caracterizan á figura teórica do lector de literatura estranxeira na situación á que nos vimos referindo. Y. Chevrel, a propósito do discurso da crítica en xeral sobre as obras estranxeiras, afirma entre outras cousas o seguinte: "Falar do outro como outro -e o estranxeiro pode ser tomado coma o outro por excelencia- equivale a dar ocasión a un mesmo de definirse en relación co outro, ás veces involuntariamente" (7). Aplicando esta afirmación que estimamos acertada ó caso que nos ocupa, podemos decir que a visión que o lector en situación diglósica ten da literatura en linguas estranxeiras, tamén o define a si mesmo como lector específico. A problemática do texto e da literatura propios vese reflexada na consideración e na función que se lle atribúe ó texto extranxeiro. Se a comunicación literaria (relación texto-lector) nestas circunstancias se caracteriza pola súa reflexividade, pola súa tendencia á pragmaticidade, tamén o texto estranxeiro tende a ser lido pola súa "utilidade"; tende a ser considerado, memos polo seu valor como tal texto, e máis pola súa función modélica en función do prestixio que se le atribúe. Incluso na simple lectura o texto estranxeiro tende a ser considerado case críticamente, tende a ser máis interpretado, no mellor dos casos, ca realmente lido. Dase tamén aqui unha certa nivelación de textos da que falabamos noutra ocasión. O texto estranxeiro é valorado case polo simple feito de selo, e isto mesmo poida que non sexa alleo a unha certa desorganización á que aludiamos máis arriba en relación cos textos excollidos para a súa traducción.

Por outra parte, se, como di Chevrel, no discurso sobre a obra estranxeira en xeral "interveñen moitos elementos que fan referencia a un contexto extraliterario" e se interveñen, incluso en condicions normais, complexos de superioridade e de inferioridade (8), ben se pode pensar que eses mesmos elementos e complexos interveñen, e moito mais, en situación diglósica, non neste caso por ser diglósica, senón por constituir un sistema literario débil. Aparece pois nestes casos un evidente complexo de inferioridade que constitúe case un tópico habitual que tende a ver na obra estranxeira con excesiva precipitación un modelo a seguir sin ter en conta nin a súa significación dentro da dinámica do seu propio sistema literario nin tampouco preve-la función que pode realizar no sistema de destino. Este cunxunto minoritario vai polo tanto verse sometido á influencisa e bandazos provocados en moitos casos pola aceptación irreflexiva de modelos alleos; isto prodú-

(7) Chevrel, Y., "Le discours de la critique sur les oeuvres étrangères: littérature comparée, esthétique de la réception et histoire littéraire nationale", *Romanistische Zeitschrift für Literaturgeschichte*, 1977, 3, p. 337.

(8) *ib.*, 338.

cese precisamente a causa desa urxencia pragmática, todo o lóxica e explicable que se queira, pero que caracteriza a un sistema literario débil. Se aínda en situación normal, no caso de conxuntos literarios fortes toda importación é vista como deciamos como unha amenaza posible e, ó mesmo tempo coma unha posible vía de enriquecemento, en situación diglósica ese aspecto de amenaza case nunca é percibido.

A situación diglósica caracterízase como é sabido por unha certa "marca" permanente para os actos de fala en lingua B, que á súa vez implica unha certa autorreflexión que funciona como interferencia permanente na comunicaçón literaria. Isto presenta problemas para a existencia real do texto, pero problemas que non teñen por qué anulalo como tal nin por qué incapacitalo para ser productivo no eido da ficción. Agora ben, se nos textos literarios -o mesmo que no emprego da lingua en xeral- aparece este grao de consciencia, esta especie de falta de espontaneidade provocada pola propia situacion sociolóxica da lingua, se o feito de falar, escribir, crear e ler en galego aínda é significativo coma tal feito, non sei se para o creador resultará útil converter o acto de escritura nun acto de ficción antes da fición e imaxinar que a situación é normal... pero do que non cabe dúbida e que ese grao suplementario de consciancia que acompaña a todo acto de fala haino que asumir, e hai que reflexionar para incidir nel.

Nun sistema literario débil, e mais aínda nunha situación que chegou a ser diglósica, en tódalas instancias que se moven arredor do acto de comunicación literaria nada é inocente nin "espontáneo". Todas esas instancias e as distintas opcións que en relación con elas se poden tomar (a crítica, a pedagoxía do literario, a política de traduccións, a lectura infantil, etc...), mentras que en situación normal e nun sistema literario forte dilúense dentro do propio sistema porque este mesmo se encarga de interpoñe-los filtros necesarios, na situación da que falamos, esas opcións teñen unha incidencia e unha "eficacia" sempre máis forte e decisiva. Unhas opcións contribúen a consolida-lo sistema literario no seu marco sociocultural e outras contribúen a desfacelo, unhas actitudes contribúen á configuración de lectores con auténtica competencia receptiva e outras contribúen a desorientalos.

En definitiva, se todo aquilo que se relaciona cos contactos con outros sistemas pode en xeral consolida-lo propio sistema, ou pola contra constituir unha amenaza para él, está claro que en situación diglósica todo isto agudízase. As "outras" lecturas poden favorece-lo seu progreso ou constribuir ó seu estancamento e á súa desorganización. Que a influencia se exerza nun sentido ou no outro dependera en gran parte da capacidade de reflexión e de acción do propio sistema literario e cultural.

El estreno de *Aguila de Blasón* de Valle-Inclán en 1907

LUIS IGLESIAS FEIJOO

La obra literaria de Ramón del Valle-Inclán sigue ofreciendo sorpresas a los investigadores que se acercan a ella y examinan con detalle múltiples aspectos que distan de estar agotados. En un trabajo elaborado simultáneamente al presente (1), a la vez que mencionaba rápidamente dos o tres puntos pendientes de aclaración, pude exponer lo que parece haber sido el proyecto inicial del autor para lo que en definitiva cuajó como la serie de las "Comedias Bárbaras". Allí reconstruía la lenta, acaso vacilante y sin duda interesantísima génesis de la primera de ellas, *Aguila de Blasón,* desde los tanteos iniciales en los meses de mayo a septiembre de 1906 hasta su primera edición en libro, un año más tarde, y aludía a la necesidad de dedicar un artículo monográfico como es el actual, al casi absolutamente desconocido hecho de su estreno en Barcelona en el mismo año de 1907.

"Pero dejémosle aquí [...] y volvamos atrás cincuenta pasos..." (I:44:537; cfr. II:10:105; II:54:447);

o como un gesto de acudir a la llamada de un personaje:

"Y quédese aquí el buen Sancho, que es mucha la priesa que nos da su amo, alborozado con la música de Altisidora" (II:45:382).

Llegado el momento de concluir, convendrá hacerlo con algunas precisiones que describan exactamente el alcance que atribuimos a lo expuesto:

1) No creemos imprescindible sostener que Cervantes se haya tenido que inspirar en el *OF* para insertar sus "novelas sueltas" en el primer *Quijote;* pero, en el terreno de los datos objetivos, es necesario constatar que la coincidencia se extiende también al modo concreto de llevar a cabo la inserción de tales relatos en la estructura global;

2) tampoco debe entenderse de lo anterior que el *Quijote* es un relato "objetivo", presidido por la intención de enmascarar constantemente el discurso personal del narrador; desde un punto de vista cuantitativo, predomina con mucho lo contrario; cualitativamente, sin embargo, la primera tendencia posee la relevancia que le confiere su presencia en posiciones que el *OF* revela como casi "canónicas" para las intervenciones autoriales;

3) Cide Hamete funciona como un recurso para reproducir la ironía ariostesca sobre la narración caballeresca-como crónica; pero también para aprovechar, desplazándolos a la tercera persona, algunos de los recursos cómicos que el *romanzo* lograba mediante la utilización irónica de un discurso construido todo él sobre la primera persona del narrador;

4) el simple cómputo de las menciones explícitas de Cide en la primera y segunda partes -5 y 38, respectivamente-, demuestra que la utilización del árabe, en sus dos funciones, es mucho más intensa y clara en el *Quijote* de 1615, como también ponen de manifiesto los ejemplos utilizados en las páginas anteriores; aún así, de casi todos los aspectos existen testimonios ya en la parte I; a nuestro en-

tender, pues, no se trata tanto de un radical cambio de estrategia narrativa (cfr. Flores 1982) como de una intensificación de lo antes sólo esbozado;

5) ello demuestra, en todo caso, como ya se dijo respecto al *entrelacement,* que el segundo *Quijote* no pretende sustituir el ejemplo del *OF* por los preceptos de Aristóteles, sino seguir aprovechando ambos desde un planteamiento narrativo siempre original.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Alcántara, Francisco José, ed. (1988): L. Ariosto, *Orlando Furioso. Traducción de Jerónimo de Urrea,* Barcelona, Planeta.

Canavaggio, Jean (1958): "Alonso López Pinciano y la estética literaria de Cervantes en el *Quijote*", *Anales Cervantinos,* VII, pp. 13-108.

Caretti, Lanfranco, ed. (1954): L. Ariosto, *Orlando Furioso,* Milano-Napoli, Riccardo Ricciardi Editore (col. "La letteratura italiana. Storia e testi", vol. 18 para el texto; vol. 19, pp. 841-1147, para las notas).

Castro, Américo (1930): "Cervantes y la Inquisición", cit. *apud Hacia Cervantes,* 3ª ed. renovada, Madrid, Taurus, 1967, pp. 213-221 [antes en *Modern Philology,* XXVII, 4 (1930)].

Chevalier, Maxime (1966): *L'Arioste en Espagne (1530-1650). Recherches sur l'influence du "Roland furieux",* Bordeaux, Univ. de Bordeaux.

Durán, Manuel (1974): "Cervantes and Ariosto: Once More with Feeling", en Solá-Solé, J.H., et al., eds., *Estudios literarios de Hispanistas norteamericanos dedicados a Helmut Hatzfeld con motivo de su 80 aniversario,* Barcelona, Hispam, pp. 87-101.

Fernández Mosquera, Santiago (1986a): "Los 'autores' del *Quijote*", Tesis de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela.

——— (1986b): "Los autores ficticios del *Quijote*", *Anales Cervantinos,* XXIV, pp. 47-65.

Flores, R.M. (1982): "The rôle of Cide Hamete in *Don Quixote*", *BHS,* LIX, pp. 3-14.

Gaos, Vicente (1971): "El *Quijote* y las novelas interpoladas", en *Claves de literatura española. I, Edad Media-Siglo XIX,* Madrid, Guadarrama, pp. 181-192.

García Yebra, Valentín, ed. (1974): *Poética de Aristóteles. Edición trilingüe,* Madrid, Gredos.

Javitch, Daniel (1980): "*Cantus interruptus* in the *Orlando Furioso*", *MLN,* XCV, 1, pp. 66-80.

——— (1988): "Narrative Discontinuity in the *Orlando Furioso* and its Sixteenth Century Critics", *MLN,* CIII, 1, pp. 50-71.

Murillo, Luis Andrés, ed. (1978): M. de Cervantes, *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha,* 3 vols. (vol. III, *Bibliografía fundamental*), Madrid, Castalia.

Orozco, Emilio (1986): "Sobre el sentido compositivo del *Quijote* de 1605 (Notas sueltas para unas lecciones)", en Fernández-Sevilla, J., et al., eds.,

Philologica Hispaniensia in Honorem Manuel Alvar, Madrid, Gredos, vol. III, pp. 315-333.

Riley, Edward C. (1962): *Teoría de la novela en Cervantes,* Madrid, Taurus, 1966 [1ª ed. inglesa, Oxford, 1962].

——— (1973): "Teoría literaria", en Avalle-Arce, J.B./ E.C. Riley, eds., *Suma Cervantina,* London, Tamesis Books, pp. 293-322.

——— (1986): *Don Quixote,* London, Allen and Unwin.

Weaver, Elissa B. (1977): "Lettura dell'intreccio dell'*Orlando Furioso:* il caso delle tre pazzie d'amore", *Istrumenti Critici,* XXXIV, pp. 384-406.

Weinberg, Bernard (1961): *A History of Literary Criticism in the Italian Renaissance,* 2 vols., Chicago, The Univ. of Chicago Press, 1961 [cit. *apud* Midway Reprint, 1974].

Zatti, Sergio (1988): "L'inchiesta, e alcune considerazioni sulla forma del *Furioso*", *MLN,* CIII, 1, pp. 1-30.

Sobre o estilo de *Devalar*

Mª DO CARME RÍOS PANISSE

INTRODUCCION: IDEAS XERAIS SOBRE O ESTILO DE OTERO PEDRAYO

Se eliminamos algunhas ideas puntuais dadas por Carballo Calero na *Historia da literatura galega contemporánea*, practicamente podemos considera-lo conxunto da obra oteriana como un terreo virxe de estudios estilísticos. Tampouco a lingua do trasalbés mereceu moito interese por parte dos investigadores e, cando foi estudiada, analizouse sen a dedicación necesaria e dende un inflexible criterio lingüístico que deu como resultado conclusións estilisticamente pouco interesantes. Unha delas, quizais a máis chamativa, foi a de que Otero, en contra da apariencia que produce a lectura da súa obra, non ten un vocabulario excesivamente amplo e que é máis rico o léxico dun autor cunha obra moito menos extensa e escrita cun criterio máis divulgativo, como é a de Castelao, cá do escritor ourensán. Pode ser así, pero o que é discutible é se a riqueza lingüística dun autor literario debe medirse dende eses parámetros. O traballo lingüístico que realizou Otero é, ó meu entender, máis interesante por outro tipo de aportación diferente da aportación léxica. Se tivese que destacar algún aspecto lingüístico da súa obra indicaría o enriquecemento semántico que Otero consegue a través de novas combinacións na lingua e a elasticidade formal que estes novos usos supoñen para o galego. En efecto, moitas das novas combinacións lingüísticas oteriana engaden, ademais de ampliacións de significado, maior riqueza rítmica e expresiva a unha lingua que, polo menos na prosa, non adquirira aínda a posibilidade de usarse retoricamente co atrevemento que o mundo artístico do século XX pedía a calquera lingua de cultura.

Coñecido, en forma xeral, o panorama do que parto, quero indicar antes de nada cal é a miña intención neste traballo. Non aspiro a analizar en detalle a lingua e o estilo oteriano. Quero, centrándome nunha das obras (que non representa máis ca unha leiriña da súa grande herdade), dar algunhas ideas sobre o estilo e a lingua que Otero usou nese momento e nesa obra. Antes, nembargantes, intentarei encadrar ó autor nun momento e nunhas directrices literarias concretas.

Poderiamos estudiar a Otero como un dos renovadores da narrativa europea a comezos do século XX. Na súa obra atopamos unha visión *subxectiva* do contido da narración, con uso de *monólogo interior, estilo indirecto libre, rupturas da estructura lineal narrativa, participación activa do lector, mestura de xéneros literarios* e *eliminación da intriga* sustituída por contidos de tipo filosófico, histórico, literario, político, etc. Estes aspectos, que implican parte da modernidade de Otero, son os máis coñecidos e estudiados na análise dalgunhas das súas obras

(principalmente en estudios realizados sobre *Arredor de si*) e por iso considero innecesario insistir neles nesta ocasión. Todos son, como indicamos, producto da intención do autor de actualiza-la literatura galega colocándoa na avangarda da súa época. Isto implica, pois, que Otero é (quere ser) un producto da súa época, e como tal debemos estudialo analizando nel a presencia das dúas directrices artísticas que neste momento se daban no seu entorno cultural.

Empezaremos pola que ten a influencia estilística máis evidente que é a que podemos chamar corrente "impresionista". Ten os seus principais modelos en Francia e parte da evolución do idealismo romántico. Dela aprovéitanse os efectos sonoros (presentes xa en Victor Hugo) que desembocarán no gusto pola color e as brillantes evocacións histórico-lendarias características do parnasianismo (Leconte de Lisle) e no gusto pola musicalidade e a emoción delicada do simbolismo. A estas tendencias hai que engadi-lo influxo do prerrafaelismo pictórico (ademais do da escultura e outras artes plásticas da época, pois un dos conceptos máis interesantes do momento é o da unidade das diferentes artes). Esta corrente, que Ferrín denomina "idealista", non está exenta das influencias artísticas inglesas, italianas e hispanas (portuguesas, catalanas e castelás) de fin do século XIX e comezos do XX nin nela se prescinde totalmente do clasicismo antigo nin do simbolismo medieval. Con este mundo estilístico, eminentemente subxectivo, é co que creo que se deben asocia-los usos estéticos de Otero que se centran en producir sensacións. Na narrativa de Otero é quizais o que destaca nunha primeira lectura. Sentimos máis do que entendemos. E a sensación lévanos ó *subxectivismo*.

Pero dixemos que no estilo oteriano viamos unha segunda influencia estilística diferente da ligada á corrente "impresionista". Esta segunda tendencia, que eu denomino "ideolóxico-expresionista", ten tamén unha orixe europea froito neste caso, principalmente, do mundo alemán, escandinavo e flamenco. Orixínase asimesmo no romanticismo pois hai que asociala con artistas como o pintor xermánico Gaspar David Friedrich que opinaba que *o esencial non é o obxecto, senón a relación coa súa alma* ou con Goya e os seus aquelarres, tan do gusto da xeración de 1880 e asociables á etapa decadentista inicial de *Nós*. O expresionismo iníciase, como movemento pictórico, a fins do XIX comezos do XX co escandinavo Munch, famoso por obras como *A angustia* ou *O grito*. A música wagneriana, Nietzsche e o seu superhome, os filósofos historicistas, os decadentistas como Huysmans, conducen a moitos dos seguidores desta corrente ideolóxica ó nazismo, pero levan tamén a outros a actitudes pacifistas e de santidade. Exaltaban ó individuo e odiaban á masa, pero defendían, nunha entrega propio de románticos, ós pobres e incomprendidos (que, no fondo, eran esa masa odiada). Este difícil equilibrio idealista-individualista rómpese coa Primeira Guerra Mundial.

A corrente "ideolóxico-expresionista" implica, en certa forma, o contrario da outra corrente "impresionista-esteticista", porque frente á preocupación pola forma estética presentaba a preocupación polo contido temático como transmisor dunha mensaxe de defensa do individuo (mensaxe que non deixa de ser "social"). Pero, aínda que teoricamente é así, a realidade non é tan simple. Os "impresionistas", subxectivos e individualistas, só se converten en "ideólogos" activistas e pragmáticos para poder sobrevivir á corrente positivista, realista e aburguesada,

"masificadora" que imperaba dende fins do XIX. Outro xeito de explicación válida para este fenómeno (que parece contradictorio, pero non o é) pódese ver nas primeiras pp. do libro de Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneira*, cando o autor explica o que entende por "escola formalista" e as súas características.

Os movementos "impresionistas-esteticistas" franceses (así como o "modernismo" español) eran movementos exclusivamente artísticos nos que poucas veces se sentían as preocupacións sociais ou o pensamento crítico -e, polo tanto, reformador- do autor do texto. Pola contra Otero, como o resto dos integrantes da xeración *Nós*, é, a partir de certo momento da súa vida, un home comprometido socialmente, un reformador. E esa é a segunda faceta que condicionará o seu estilo: a ideolóxico-expresionista (1).

Pero pasemos xa, sen máis demora, a ver algúns aspectos lingüísticos e estilísticos en *Devalar* e o seu posible encadre dentro das directrices indicadas.

CONCEPCION PICTORICA DE *DEVALAR*

En honor a Castelao, que se atopaba desterrado en Badaxoz, escribe Otero esta novela, quizais a máis ambiciosa do trasalbés se temos en conta que nela quixo representar a súa visión de Galicia, cultural, xeográfica e politicamente. Pero este aspecto temático, interesantísimo e condicionador evidente da parte formal, esta analizado noutro estudio (2) e, deixarémolo (no posible) á beira. Agora no que quero incidir, principalmente, é no feito de que a obra non só está dedicada a Castelao como unha homenaxe ó loitador político senón tamén ó artista e, en concreto, ó Castelao pintor, aquel que, como quizais xa daquela se intuía, nunca acadaría o seu cume, tanto por razóns de saúde persoal como por outras que podemos chamar de saúde "colectiva". En efecto, Otero inicia *Devalar* coa dedicatoria ó patriota ("A Castelao no desterro") e termínaa cunha nova referencia ó rianxeiro, esta vez ó pintor: "A lembranza dun cadriño de Castelao, *Devalando* no Museo de Pontevedra, foi ordenando as escenas deste libro". Para min foi, durante certo tempo, unha incógnita esta afirmación, pois resulta evidente que non se pode tomar en sentido literal se se coñece o cadro ó que fai referencia. Realmente no Museo de Pontevedra non hai ningún cadro de Castelao co título de *Devalando* (3). Filgueira Valverde opina que non pode ser máis có titulado *A*

(1) Claro que estas dúas influencias, que nacen como contrarias, foron adquirindo aspectos artísticos comúns. Así, tanto os impresionistas e post-impresionistas como o escandinavo Munch senten grande admiración pola arte oriental, principalmente xaponesa (lembremos tamén a admiración de Castelao no *Diario* por este mundo artístico chinés e xaponés). Por outra parte expresionismo e post-impresionismo (neste caso principalmente en Gauguin e Van Gogh) coinciden na busca dun *primitivismo* de tipo *simbólico* (que propugnaba tamén Castelao no seu *Diario 1921* e que veremos reflexado en *Devalar*).

(2) Introducción e notas a *Devalar*, 2ª edición, Galaxia, Vigo, en publicación.

(3) É interesante indicar que hai unha posible ambigüidade e xogo verbal na afirmación de Otero: "A lembranza dun cadriño de Castelao, "Devalando" no Museo de Pontevedra, ordenou as escenas deste libro". O uso da maiúscula e as comiñas fannos pensar que se trata do título do cadro de Castelao. Pero a puntuación e o feito de que tal cadro non exista, unido a que en Otero as afirmacións son moitas veces máis suxeridoras que aclaradoras, pode querer insinuar que este cadro de Castelao

praia que representa un anaco de costa areosa galega. Este cadro é posible que puidese suxerir a Otero a idea de "devalar", "baixa-lo mar", pero só, logo dunha certa reflexión e dun fondo coñecemento da novela, podemos entender que servise para ir "ordenando as escenas deste libro". Nembargantes, a través dunha lectura coidadosa e reiterada de Otero, aprendemos que case tódalas súas afirmacións, aínda que non sempre facilmente comprensibles, teñen detrás unha motivación real e non son, polo tanto, gratuítas. En concreto penso que esta é esencial para entende-lo espírito artístico que rexe *Devalar*, para a comprensión do seu estilo e da súa linguaxe. Porque o que quere Otero indicar afirmando que o cadro "foi ordenando as escenas do seu libro" é que intentou facer unha pintura narrativo-literario inspirada nos ideais artísticos do creador rianxeiro. A idea non é en si novidosa se temos en conta que na estética impresionista (na que creo debemos encadrar neste momento ós dous creadores galegos) a pintura ocupa o cume do resto das manifestacións artísticas pois era a que con maior fidelidade podía reproduci-las sensacións visuais, as máis importantes para o home. Por iso Otero admira, nesta estética na que agora se sente encadrado, principalmente ós pintores e en particular ó mellor artista do seu grupo e deste momento en Galicia: Castelao. Pero ademais, respondendo tamén á idea impresionista de que o esencial na arte é a fidelidade á sensación, os pintores senten moitas veces a necesidade de matiza-las impresión dos seus sentidos a través da literatura e os literatos a través da súa pintura. Exemplos galegos destes casos poden ser Castelao e Risco, respectivamente. A partir de agora a colaboración entre pintores e escritores vólvese cada vez máis intensa (caso de Seoane e Lorenzo Varela ou Cunqueiro). Otero quere tamén contribuir a esta identidade globalizadora das artes na representación das sensacións e faino a través dunha novela imaxinada na súa construcción como un cadro. Vai intentar realizar un cadro literario no que estea presente a arte moderna (*impresionismo*) e a base estética que represente o período máis auténtico do esplendor cultural galego (*medievalismo*), seguindo a idea de Castelao de tomar por modelo ó simbolismo e o concepto do mundo dos primitivos flamencos, principalmente os irmáns Van Eick, Bruegel o Vello e o Bosco, dando deste xeito un paso importantísimo cara ó *expresionismo*.

a) Semellanzas externas entre a novela e un cadro.

Vexamos algunhas das razóns nas que baseo o que acabo de afirmar:

En *Devalar* úsase, conscientemente, a técnica do pintor que busca, a través das distintas "pinceladas", a constitución primeiro das pequenas realidades presentes na obra e logo a unidade total da mesma. A visión demasiado achegada de *Devalar* produce a sensación que indicou Varela Jácome (4): algo caótico e desartellado (semellante ós manchóns, artísticamente chamativos no seu colorido, de calquera cadro impresionista ó que nos achegamos en demasía -a historia dunha fidalga e as súas lembranzas, a de tres labregos que soben cara á montaña,

presenta unha paisaxe en "devalo" (o que ocorre, por exemplo, no cadro que indica Filgueira titulado *A praia*) ou estea "devalando", é dicir, "deixando corre-lo tempo", no Museo de Pontevedra.

(4) Varela Jácome, B., "A desartellada estructura de *Devalar*, *Dorna* 4, 1982, pp. 34-35.

a de varios habitantes dunha rúa santiaguesa, etc.-). Segundo se aplica unha perspectiva máis afastada comenzan a verse as figuras, as partes do cadro e da novela (a posible historia da fidalguía, do campesiñado, do galeguismo, en resume, o entramado social e físico) e finalmente, a certa distancia, é posible percibi-la totalidade global (un ano de vida -na *paisaxe* natural e humana- dun ser que se chama Galicia).

Mesmo nun exame máis coidadoso poderiamos ver unha especie de "marco" da obra nas referencias iniciais e finais a Castelao e a un dos protagonistas da novela (a velliña do pazo, personaxe que retoma non só vivencias persoais da nai e avoa de propio autor senón a presentación do horizonte trasalbés amado). Aínda, nesta busca física de similitudes entre novela e cadro, podemos indicar que, a modo de sinatura, aparece ó final da novela a voz do narrador en primeira persoa do singular, narrador identificado evidentemente co autor: "Eu, engaiolado pola ilusión de ter oído falar ó camiño quíxenlle preguntar polas xentes que pasan ó longo das follas desta novela. Non me atrevín (...) (5)".

b) Presente pictórico

Pero deixemos estas apariencias físicas de consideración subxectiva e pasemos a analizar outros elementos máis evidentes que identifican esta novela co mundo pictórico.

Tamén, como nun cadro, en *Devalar* se parte dun *momento puntual*, dado como presente, e se intenta dende el plasma-la visión da realidade de Galicia, claro que contando co pasado e o devenir que impón o creador. Porque, como ben indicou Castelao no prólogo das súas *Cousas* (6), a palabra é máis sutil e exacta que a creación plástica e por iso a narración resulta máis suxerente principalmente na súa proxección histórica e futura do que é normalmente unha obra pictórica. Pero tamén é certo que a impresión de *intre presente*, que é consustancial a un cadro, non deixa de ser de dificultosa reproducción literaria. Vexamos algunhas ideas que poden axudarnos a comprender como Otero consegue esta sensación que é unha das que mellor axudan a establecer unha relación directa entre a creación literaria de *Devalar* e o mundo da plástica pictórica. Primeiramente indicarei como esencial para esta sensación de *presente* o tratamento do tempo como *duración interior*, igual ó que se ve en Proust (*A la recherche du temps perdu* (7)), quen o consegue dando a realidade a través da memoria afectiva e do

(5) Otero Pedrayo, R., *Devalar*, Santiago, 1935, p. 141.

(6) Castelao, A., *Cousas*, Vigo 1961, terceira edición, pp. 9 a 11. Nesta especie de prólogo ó libro que leva por título "A carón da natureza" Castelao afirma: "Dende o adro dunha eirexa ollámo-lo val afundido na choiva. A auga que cae a fío aplaca o fume azul contra as tellas brillantes dunha chouza. Os camiños están cubertos de lama e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na súa besta ferrada. *Velaí o cadro dun pintor; pero aínda hai máis na paisaxe*, pois tocan a morto no campanario da eirexa e o son é tan amargurado coma se batesen a campá coa mesma cabeza do morto e non adiviñamos en cal casa do lugar hai desgacia porque todas, todas, están tristes. (...) *Dende entón eu quixen ser un ventureiro das letras*". (Como se indica falta bastante texto no medio, pois elexín o que considero significativo e suliñei os párrafos que considero esenciais para a idea).

(7) Otero ten un exemplar desta obra datado en París, 1922, v. Nicole Dulin *El granito y las luces II*, Vigo, 1987, p. 561.

valor e o poder das sensacións para manter e resucitar estados pasados. Otero, como Proust, acumula as sensacións vividas conservándoas en permanencia e usándoas segundo lle convén. En *Devalar* a técnica máis empregada é a de da-la acción como actual, nun primeiro plano, o que impresiona máis os nosos sentimentos, e a de xoga-lo autor, a partir dese presente, coa memoria dos personaxes ou coa súa propia memoria para trasladarnos a un pasado montado á súa conveniencia, do que en ocasións derivará posibles consecuencias futuras (adecuadas tamén á súa emotividade persoal). Iso é o que vemos, por exemplo, coa velliña do pazo de Abruñedo, no primeiro capítulo, que nos mostra, dende a época presente da escasula do millo e a través das súas lembranzas, parte da situación da fidalguía e do campesiñado na última metade do XIX e comezos do XX, a súa identificación coa terra e a esperanza da futura unión entre o neto herdeiro e o entorno familiar. De aí o predominio do tempo verbal en presente como principal da novela (así están enfocados tódolos capítulos pero a súa presencia é máis constante no primeiro, segundo, cuarto, quinto, nove e once), tempo presente dende o que se proxectan os perfectos e os imperfectos para a narración da lembranza e os hipotéticos condicionais ou pluscuamperfectos para os futuribles que nos intenta da-lo autor (aínda que estes usos poden verse tamén en tódolos capítulos están máis presentes no número tres, seis, sete, oito e dez).

En segundo lugar o *presente pictórico* está axudado ademais pola *diversidade* de presentes estancos, aillados, sen continuidade, que o autor vai analizando: a velliña do pazo e as historias dos personaxes que ten na lembranza, os tres labregos que soben á montaña, as diferentes vidas que se desenvolven na Rúa Nova, os diferentes espacios naturais humanizados de Galicia do capítulo "Zocos na corredoira", etc. Claro que algunhas destas vidas presentes son retomadas nas diferentes estacións anuais pero só para dar outra variante do cadro, modificada quer pola luz, quer pola situación externa, quer pola realización ou fracaso dos soños dos personaxes. Algo parecido ó que nos fai Monet coa súa *catedral de Rouen* ou cos seus magníficos *Nenúfares*: unha impresión diferente sobre os mesmos elementos. Hai que intentar plasma-los cambios sensoriais, facer dura-las diferentes variacións do sensorial, en certa maneira transmitir en estatismo os diferentes cambios que o paso do tempo imprime á visión do artista. Poñamos algún exemplo da novela. No segundo capítulo atopamos un personaxe (o home de trinta e tantos anos) que volve a ser retomado no capítulo nove. Na primeira aparición vemos a este labrego ascendendo pola montaña de volta á casa nunha época outonal que lembra xa o inverno. A natureza, terminada a vendima, preséntase triste e señardosa na ribeira que deixa atrás ("Na tristura das viñas vendimadas só remexían eses paxaros que andan a apaña-los pampos. Demorábanse os patróns, á porta das casas lembrando vendimas recorridas, troulas doutro tempo, dinastías de antergos bodegueiros, o devecer das parreiras de séculos...Cada serán medraba a silenciosa lagarada do solpor dos montes" p. 15), salagre e provocadora de medos na bocarribeira e serra, que ten diante ("Pouco a pouco desenrólanse as bocarribeiras percorridas por bandas de soutos e nabeiras, asucadas por lameiros esporentes, demarcadas por cotos exaltados en negro. Instintivamente paran os camiñantes ó xurdi-los primeiros lombos das serras. Na derradeira claridade do

poente os chíos do moucho van bordando roseiras latexantes de estrelas", p. 16). Neste marco ascendente o home de trinta e tantos anos "loce a serea determinación de se arrombar unha vida ollando ó porvir" (p. 13). Co seu pensamento "apaña o futuro" (p. 16). Matina en facer unha casa nova e labrar novas terras. No capítulo nove volvemos atopa-lo personaxe. A escena ten o mesmo entorno pero está captada de forma diferente. En primeiro lugar porque a luz e a color que alumea a natureza na que está o home de trinta e tantos anos é agora a da alborada dun día de verán: "As mañás de San Xoán as fontes apañan fuxidas de fadas. Fica o seu pasar nos outeiros. Estrou de flores os fondos verdeceres, flores insectos pousados, flores de vento" (p. 111). Ademais no cadro hai elementos novos, froito dos soños do personaxe. Nesta natureza "locen no lusco-fusco da mañá perpiaños novos, a esquemática lóxica dunha casa" (p. 112), aquela na que soñara o personaxe, que no cadro anterior subía traballosamente a encosta. Agora a súa actitude é diferente. Vémolo, en pé, parado, mirando a nabeira nova, "Aquela nabeira é a súa filla. Ela fala agradecida coa vociña verde do millo" (p. 112). O personaxe "cos perpiaños ergueitos e o novo cabeceiro ateigado, sente que as raíces da súa personalidade afondan no chan labrego como as raíces dunha valente carballa" (p. 113). É o mesmo personaxe pero a luz, a color, os soños realizados ou en realización montan un cadro de sensacións moi diferentes nas que podemos captar en duración o paso do tempo. Claro que estas combinacións pictóricas de escenas do mesmo cadro en épocas distintas tamén son asociables a outro mundo artístico diferente do impresionista, mundo que, non na técnica, pero si en certos aspectos da súa concepción, quere ter presente Otero: o dos primitivos flamencos, tipo Bruegel o Vello ou o Bosco. Como en moitos dos cadros do primeiro (os dedicados ós meses, por exemplo), están aquí presentes diferentes escenas da roda do ano, a natureza e o home unidos neste inevitable decorrer sistemático do tempo. E tamén, como noutras moitas obras de ambos pintores, están representadas esas formas anfibias nas que a natureza ten moito de humano e o home ten moito de natural. Acabamos de ver, por exemplo, ó millo-neno falando, ó home-carballa unido coas fortes raíces á terra, as estrelas en forma de roseiras, as fontes con vida de fadas, as flores-insectos e vento, nunha fantástica combinación semellante á do concepto simbólico relixioso, non exento de humor, do mundo primitivo-medieval flamenco (8). Este mundo, presente en cadros como "As tentacións de San Antón abade", do Bosco, ou "O triunfo da morte" de Bruegel o Vello, é resultado dunha síntese desexada artísticamente por Castelao. A que conxuga o mundo popular cos seus costumes e humorismo cunha intención intelectual ética e satírica reformadora, máis asociable xa ó "idealismo- expresionista" có "impresionismo". (Aínda que non debamos esquecer que tamén o desexo de "difuminación sensorial" entre seres animados e inanimados é moi "impresionista").

Hai na novela, ademais, dous cadros que son independentes, que teñen vida propia. Son, como nas pinturas dos primitivos devanditos, cadros que repre-

(8) Para ve-lo posible influxo das ideas artísticas de Castelao nesta concepción primitivo-flamenca, que nos introduce xa no post-impresionismo pictórico de camiño ó expresionismo, pódense ve-las páxinas do *Diario 1921* referidas a Bosch ou a Bruegel o Vello, principalmente as pp. 178 a 185 da edición de Galaxia, Vigo, 1977.

sentan aspectos un tanto anacrónicos dentro dunha obra pictórica máis ampla, un cadro doutra época representado dentro da escena dun lenzo actual (e, polo tanto, cunha técnica e estilo actuais). Trátase dos capítulos titulados "Os Amantes de Santiago" e "As Palmas de Herbón", que poderiamos clasificar un de cadro romántico e outro de miniatura do gótico medieval, respectivamente.

En terceiro lugar debemos citar, como intensificadoras da *sensación de intre presente*, as numerosas enumeracións sen verbo que se dan por exemplo no capítulo "Zocos na corredoira" (pp. 45, 46 e 47) ou en "As Palmas de Herbón" (p. 123). Estas e outras repeticións de esquemas, ben de sustantivos, ben de adxectivos ou ben de verbos (repeticións moi numerosas na obra) producen, ás veces, a impresión de movemento, de acción, pero acción actual, sensación presente, amoreamento das percepcións, semellante ó que intenta tamén plasmar nas súas series pictóricas o citado Monet, quen recorre ó uso de cóagulos, vírgulas, puntos e manchas superpostas provocando a impresión de que a luz sae do propio cadro. Tamén en *Devalar* hai diferentes tipos de esquemas lingüísticos, estructurando a sensación en anacos e máis anacos que teñen luz propia e que, vistos de lonxe, constitúen anacos máis grandes. Todos eles teñen entre si unha certa independencia, a de cada unha das escenas do cadro, que, na súa totalidade (como se indica máis arriba e nun traballo citado anteriormente -v. nota 2-), van construíndo diferentes momentos en presente que forman a roda das estacións do ano. Na propia esencia do impresionismo está a idea de que toda sensación é momentánea e que polo tanto os obxectos, ó estar dados por impresións, dependen da circunstancia instantánea da luz, da hora, da situación. Teñen que estar captados en *actualidade* (*arestoridade* ou *nestoridade*, como di o propio Otero (9)), é dicir, teñen que responder a un tempo e un espacio concreto. O mesmo Otero parece querer dárno-la clave desta *actualidade* da novela cando no último capítulo, recomposto o círculo anual que el rompera o primeiro de outono do ano anterior, afirma: "sentía *vivir* a Galicia enteira, *ceibada das categorías de espacio e tempo*" (10). Porque estas categorías foron realmente as que lle serviron para establece-los parámetros de cada unha das imaxes sensoriais do seu cadro, facendo que Galicia quedara, en certa maneira, *estancada* no preseńte do seu vivir ou *devalar*, *amarrada* para sempre nas sensacións dos *momentos* (categoría temporal) e dos *lugares* (categoría espacial) da narración.

Non quixera que este *presentismo pictórico* fose interpretado como algo contrario á idea de *movemento* que (xa dende o barroco, como indica Carlos Bousoño (11), ou quizais dende épocas anteriores, como indican os integrantes de *Nós*) rexe a visión do mundo e é esencial para a concepción de "pobo en camiño" que, segundo Otero, caracteriza ós galegos como parte do mundo celta (12). O *presentismo* ó que aquí nos referimos é exclusivamente intención formal, necesaria

(9) Otero Pedrayo, R., "Ensaio sobor da paisaxe galega", *Paisaxe e cultura*, Vigo, 1955, p. 14.

(10) Otero Pedrayo,R., *Devalar*, p. 134.

(11) Carlos Bousoño, *Epocas literarias e evolución II, Edad Media, Romanticismo, Epoca contemporánea*, Madrid 1981, p. 502.

(12) Neste punto ve-lo apartado *raza e camiño* do meu artigo "A visión da paisaxe en Otero", recollido nas *Actas do Simposio sobre Otero Pedrayo no panorama literario do século XX* que publicará o Consello de Cultura Galega.

(e, polo tanto, inevitable) para a concepción artística impresionista da novela e resultado, como vimos, da idea de *movemento momentáneo* ou *variación instantánea* da *duración dinámica,* constante, que leva consigo o mundo impresionista das sensacións.

c) Estética impresionista

Aclarádo este punto quixera agora tratar un segundo aspecto que identifica o mundo artístico da novela co mundo impresionista. O irracionalismo simbólico (que comeza en Francia con Baudelaire e en Galicia con Pondal, como ben indicou Ferrín) ten un primeiro cume impresionista nalgunha das obras de preguerra dos escritores das Irmandades e do grupo Nós, en concreto en Cabanillas e en Otero, e un segundo cume nas avangardas, principalmente no creacionismo de Manuel Antonio e no surrealismo cunqueiriano. No primeiro cume irracionalista-impresionista, pensamos que está encadrada en moitos dos seus aspectos artísticos *Devalar.* Otero déixase levar do gusto estético do momento, gusto estético que foi plasmando (primeiro na pintura, logo na poesía e máis tardiamente na prosa) o desexo de representar un mundo visto dende unha perspectiva intrasubxectiva de acordo coa máxima recollida por Carlos Bousoño (13) segundo a que "non importa a obxectividade, senón *a impresión que a obxectividade me produce*". Seguindo aquí tamén a Carlos Bousoño (v. nota 13) destacariamos, como resultados desta actitude impresionista, tres principais. En primeiro lugar a irracionalidade ou simbolización, case sempre do primeiro tipo (é dicir, o que denomina o devandito crítico, símbolos "de realidade"). Este simbolismo consiste no emprego das palabras non só como referencia á obxectividade senón sobre todo polas *emocións* que suscitan no lector como froito de asociacións non conscientes.

Os usos simbólicos de Otero responde en *Devalar* ó seu desexo de trasmiti-las *emocións* que el sente dende a súa ideoloxía historicista-galeguista. Otero, a través da "sensación", quere dar ó lector a idea emotiva de "vida conxunta", sincronizada que el cre comparten home e natureza en Galicia. De aí a importancia da imaxe sensorial (principal encargada de produci-la "sensación") e da prosopopeia, á que corresponde a trasmisión da idea de "vida". Pero detrás do simbolismo que emprega hai case sempre unha referencia á obxectividade que o crítico pode indagar mergullándose na totalidade da obra oteriana. Vexamos un exemplo. Na p. 45 Otero, falando da a entrada do vento invernizo do norte pola serra da Martiñá cara ó val, aproveita para da-la súa impresión emotiva da serra: "Pola Martiñá, a serra que remata en aturuxo o seu nome de santiño. Meda de roca, meda de azul, peana da Nosa Señora do Vento Norte para os chans mestos de eirexas". O lector queda impresionado principalmente por varias sensacións de forma, color e sonido e coa emoción de grandeza e dominio físico e relixioso da serra sobre o val. Esta é a intención estética de Otero pero detrás dela hai unha realidade obxectiva na que se basea este subxectivismo das sensacións e emocións. Nas pp. 32 a 35 da *Guía de Galicia* (14) fálanos Otero da Martiñá e da zona de bocarribeira

(13) Carlos Bousoño, *Epocas literarias y evolución II,* p. 480.
(14) Otero Pedrayo, R., *Guía de Galicia,* 3ª edición, Vigo, 1954, pp. 32 a 35.

que rexe. A serra "remata en aturuxo o seu nome de santiño", porque o seu pico máis alto de 1039 m.(que recibe tamén o nome de Martiñá), sobresae na serra como o aturuxo sobre a melodía da canción e, ademais, o seu nome lembra a Otero un dos seus santos predilectos, San Martiño, que nos remite, asimesmo, a unha certa época do ano. A Martiñá é ademais unha das serras que limitan as terras trasalbesas, bocarribeiras cheas de parroquias poboadas ("chaos mestos de eirexas"). A serra continúa cara á esquerda polos derrames da Cabeza da *Meda* ("meda de roca, meda de azul"), nome que responde á semellanza que estes montes teñen coas moreas de monllos ou palleiras que tamén se chaman *medas*. O pico da Martiñá (o máis alto, como indicamos) é como un pedestal no que se ergue a lei rexidora polo norte da paisaxe da zona. En palabras de Otero para capta-la fisiognómica xeográfica galega "suplicámoslle consello tamén, enxergando para o norte, á Martiñá, sempre vella e leda madriña. O seu consello vólvese mandato" (15). Así pois, este cume é, para as parroquias das bocarribeiras limítrofes, como a Virxe guiadora polo norte dos cambios de tempo ("peana da Nosa Señora do vento Norte para os chans mestos de eirexas").

Outro exemplo, este máis emotivo e impreciso: "Da pipa do patrón xorden os fumes interrogadores dos Aguillóns, do caer silandeiro das sabáns de escumas batidas nos cons. O fume de pipa pregunta e lembra. Néboa pecha, nubes presaxiadoras de tormenta, noite sen rumbo. Cazoleta de pipa de xesta irlandesa mercada en Belfast nunha serán de arribada vai sendo a dorna do avó. Só había velas brancas no mar. Diante San Andrés de Teixido foi a dorna cadaleito debrocado. Pasa longo, branco, afiado, un paquebot. El tamén sente a invernía nas montañas galegas. Un vento axita as follas dos poemas de Shelley. Uns ollos de dona obedecen ó vento". As impresión do lector están unidas a un mar invernizo, pouco acolledor, batido polo vento, onde se manexan con esforzo os mariñeiros e os seus barcos. As emocións que dá son as de indefensión e tristeza que a chegada do inverno produce nos pobos da beiramar. Emocións que poden responder a vivencias persoais ou culturais deste mesmo lector. Pero, o que máis nos interesa indicar agora, é que as suxerencias impresionistas emotivas que nos dá Otero no párrafo teñen unha realidade obxectiva detrás da que se pode ver, principalmente o contido das pp. 214 a 225 de *Pelerinaxes*, que narran á visita que Otero fixo a Cariño na súa viaxe a San Andrés de Teixido. Ademais, pódese ver como fundamento obxectivo de parte destas sensacións, as producidas polo poema "Sós" de *De catro a catro* de Manuel Antonio e o mundo biográfico de Shelley (lembrémo-la morte deste poeta, afogado durante unha tormenta -ve-la análise que das dúas ultimas frases aparecerá máis abaixo neste mesmo artigo dentro do apartado ideolóxico-).

Poucas variantes do segundo tipo de irracionalidade (seguindo coa terminoloxía de C. Bousoño) se dan en Otero. A máis abundante é a que busca aplicar ó mundo unha visión irracional chocante, uniformizadora e diferenciadora ó mesmo tempo, recurso que eu denominei ata agora, quizais non con moita propiedade, "prosopopeia". Esta visión irracional da realidade é uniformizadora (ou

(15) Otero Pedrayo, R. "Xeografía" en *Historia de Galiza*, T. I, Buenos Aires, 1962, p. 20.

"difuminadora") porque lle serve para identificar o mundo inanimado co animado ("As rúas irán *falar* na mesma praza. Nas balconadas das torres *debruzarase* a alborada" -p. 66), o mundo vexetal co animal (os castiñeiros morrían *ledos*" -p. 84), o animal co humano ("Na Piorneda ata o moucho *ri*", p. 20), o humano co inanimado (O sr. Froitoso "sente na cara, no peito nas mans o *decorrer da vida da paisaxe*", p. 24; o rapaz que estudaba a opinión de Malebranche desexaría "que toda a súa vida fora un *alongamento do serán mariñeiro de illas migradoiras ao lonxe e un nacer de luz e nubes no fío centileante do mar*", p. 117), o humano co vexetal (coa chegada da primavera ó neno do caseiro "nacíalle na pernas e nas mans unha forza nova. Sentíase *agromado* e con moitas sedes nos beizos", p.93) e co animal (o camiño de rodeiras novas aldraxa a Breixo Maceiras: ¿Que fas aquí, *ridículo corvo*, preste dun culto vello que ninguén acredita?" E Breixo ve así o seu cotián vivir: " mundo duro, indiferente e cruel, loita de *lobos e golpes* da parroquia", p. 115). Pero tamén é diferenciadora en dous aspectos: a) porque lle serve para crear un mundo novo emotivo, diferente do obxectivo e real e b) porque os matices desta visión do mundo son riquísimos e permiten innumerables combinacións e usos alegóricos. Vexamos algúns exemplos. Primeiro a descripción dunha serra: A "Madanela, can de palleiro deitado ao sol, indiferente ás picadelas dos piñeirais, enxames de pulgas do monte rubíndolle polas costas", p. 45; ou a dun carreiro que desemboca na beira do Miño: "A desesperanza do camiño neno que ten medo de se afogar no río e fica témero como un año afastado da súa nai", p. 47; ou as piedosas vellas da montaña (moi "norieganas") que baixan a Ourense ás festas do Corpus: "Estas velliñas teñen os ollos puros como pucharquiñas de tanto mirar á neve. As roupas mouras, de recoller os responsorios polos defuntiños nas misas da luzada. Mans de carballizos engorrovellados do ermo. Camiñar silandeiro e maino da sombra dos montes. Entran maravilladas co son das fontes da alba no recanto do val. Agrómalles nos ollos o verde das viñas, a tenrura dos millos, Cántanlles os paxaros himnos de gloria. Agora son neniños, nácelles na alma a primavera dos matos nativos. Os ouros da catedral, a emoción da misa, o tocar das lousas fresqueiras traspórtanas aos cotos floridos de virtudes do Ceo. Son ovelliñas de néboa e luz guiadas polo caxato de sol de Deus. E para vivir un ano enteiro naquela ilusión voltan ao camiño aínda cedo, fuxindo como os soños da noite", p. 111; ou a visión que dos ventos compostelanos ten Martiño Dumbría: "Chegaba o vento de se fregar como unha onda aos cotos da Barbanza. Deitaba mareas de aire nas larganzas da Amaía. Salgado e froumoso, un vento verde, rubía en pulos metódicos polas rúas, envolvía as torres procurando a vela, estoupaba nos claustros pechados como illós. 'As veces tiña porfías co vento dos montes que viña cabaleiro polo monte Sigüeiro, bufaba ao gato enxaneirado nos treitos da Catedral, facía das grandes prazas espalladas gándaras, voltaba aos edificios a conciencia austera das canteiras orixinarias", p. 66.

A vivificación e materialización impresionista oteriana produce unha sensación parecida á dun retábulo ou fachada barrocos, onde os elementos inanimados (pedra ou madeira) cobran vida nas formas vexetais, animais e humanas, formas que á súa vez se inanimizan ó concretarse nunha materia inerte. Este *barroquismo*, que hai que unir ó *medievalismo*, do que falamos algo anteriormente, é outra das

pegadas artísticas que conscientemente quere plasmar Otero na súa obra. A razón da presencia dun e doutro na novela verémola na análise da carga ideolóxico-simbólica que faremos máis adiante.

Outro tipo de visión irracional presente en *Devalar* é a sinestésica "*Raxeira calcada, enxoito ulido* dos érbedos", p. 13, (vista, tacto e olfato) "Mais o *luar* veu *a modiño* esvarando os dentes nas serras do leste e *atoutiñando* pola chaira fixo *soar* aparencias de vida" (p. 41) (vista, tacto e oído), "*vociñas albas* de abedoeiras", p. 40 (oído e vista), "seituran os Faros *mollados* de vento e *noite*, p. 49 (tacto e vista).

A riqueza das visións do mundo emotivo que Otero presenta en *Devalar* é tan variada que non resisto a tentación de copiar diferentes exemplos, principalmente para que o lector sinta, aínda que sexa de esguella, a dificultade da súa clasificación e análise: "Os penedos demarcados en planos de luz e sombra, como as conciencias no sono, dialogaron na lingua das fantasmas", p. 41 (neste exemplo a comparación que usa Otero *-como as conciencias no sono-* resulta beneficiada e clarificada coa idea -máis concreta e visualizable- dos contraste de luz e sombra que se dan nos penedos da montaña, de maneira que case se pode dicir que a frase que se usa como aclaradora da narración é confusa, vaga e se algo consegue é ser aclarada pola frase que debía aclarar, rompendo así os límites entre o sensorial e o emocional). "Friaxe gustosa e moceira de estrelas", p. 44 (rico xogo emotivo no que podemos ve-la presencia dunha certa antítese entre *friaxe e gustosa* e a diverxencia semántica entre os dous adxectivos unidos por coordenación, é dicir, *gustosa e moceira,* ademais do xogo sinéstesico entre o sentido da vista, unido a *estrela*, o sentido do tacto unido a *friaxe*, o do gusto unido a *gustoso* e o do oído, se tomamos *moceira* co sentido de *algareira*. Por último hai que indicar tamén a visión irracional "vivificadora" -dada por *moceira-* que se debe unir mellor a *estrelas* ca a *friaxe* -desprazamento calificativo- e o uso, que podemos considerar metonímico, de *estrelas* en lugar de *noite*. A frase en rexistro normal, prescindindo de tódolos seus valores emotivos, sería: "agradable frescor e alegría da chegada da noite"). "A almiña das fontelas afogada no himno do río", p. 48 (a visión vivificadora, que une no singular *almiña* o plural *fontelas*, aparece contrarrestada na idea antitética que dá *afogada*, que non resulta triste gracias á ledicia sonora que parece indica-la palabra *himno*). "Recóllense as ás do verán nos espíritos, nos traballos", p. 49 (a frase, dada nun contexto que presenta a chegada do inverno, indica que as fantasías e orixinalidades do verán darán paso a unha certa concentración espiritual e ós traballos caseiros. Otero elimina o lóxico determinante de ás -na frase que sería "as ás da imaxinación" ou, quizais, "da liberdade"-, intensificando a sensación física e a vaguidade). "Mais logo un coro de seitura poboaba a ribeira de espalladas lonxanías de ermos e centeeiras", p. 14 (O val enchíase dos cantos dos segadores que na montaña recollían o centeo. Difuminadas sensacións de luz, sonido e color, semellante a un cadro de pre-impresionista Millet).

Retomarei de novo aquí o exemplo da p. 41 "mais o luar veu a modiño resbando os dentes nas serras do leste e atoutiñando pola chaira fixo soar aparencias de vida". Fágoo porque ó principio do capítulo, na p. 39, o narrador dá unha referencia, vaga e inconcreta, á chegada do luar e ó paso do lobo. Agora, dúas páxinas máis adiante, parece retoma-la idea identificando claramente ó luar co paso do

animal nunha arriscada *imaxe visionaria* na que (sen citarse claramente ó elemento metafórico -o *lobo*-) parecen querer buscarse as sensacións de escuridade e misterio que asociarían ó animal coa noite.

Estas mesmas sensacións (escuridade e misterio), que son moi características do mundo simbolista, poden verse noutros moitos anacos de *Devalar*. Como exemplo pode servi-lo seguinte: "Sombras de encostas pizarrentas, de altos cumes, esmolas de sombras lonxanas, as mil sombras que mergulladas no río lle deixan ao seu correr unha fondura de misterio", p. 47.

A *imaxe visionaria*, da que vimos de citar un exemplo, aparece tamén na novela con certa frecuencia, aínda que non é tan corrente como as visións irracionais. Así, o fidalgo do pazo "coidou ser *un sol de Entroido, un sol doutro mundo*", p. 83.

Tamén os *desprazamentos calificativos* son correntes na prosa de *Devalar*, aínda que o carácter subxectivo-emotivo do contido temático dea pé para que en moitas ocasións estes desprazamentos poidan ser tamén vistos polo crítico en forma subxectiva: "no centeo humilde e rexo, pan *severo e relixioso* dos montaos", p. 40, (parece máis lóxico que os que sexan severos e relixiosos sexan os montaos) "vociñas *albas* das abedueiras", p. 40 -tamén combinación sinestésica, como indicamos- (as que son albas son as abedueiras). "Houbo uns días *latexantes* de agarda", p. 13 (parece máis lóxico "houbo uns días de agarda latexante") "nos vidros *fidalgos* das mesas *antergas*", p. 14 (que parece debería ser, na miña opinión -máis discutible neste caso-: "nos vidros antergos das mesas fidalgas"). Outro posible caso discutible sería o que se dá na frase "Sofren do latexar de anceios *podentes* e escuros", p. 42. onde o esperado sería, ó meu entender, "sofren do latexar podente de anceios escuros". Estes últimos exemplos, que eu presento como dubidosos, son, de novo, indicadores da riqueza emotiva, intuitiva, que posúen as combinacións sensoriais da prosa oteriana.

Pero, ademais destes xogos de irracionalidade, C. Bousoño (v. nota 13) fala doutros dous resultados nesta estética do mundo impresionista de primeiros de século (que non están de ningún xeito enfrentados coa irracionalidade antes citada, senón que esta é un dos recúrsos para consegui-los outros dous resultados):

- O impresionismo. Entendido este termo como uso da impresión en calidade de "realidade verdadeira" en detrimento da obxectividade que se sitúa en posición ininteresante.

- O esteticismo ou idealismo: "non importa a obxectividade da vida ou a natureza, senón a súa beleza, esto é a impresión estética da obxectividade en min" (idealismo esteticista).

As dúas afirmacións están evidentemente relacionadas e por iso realizaremos unha visión conxunta de ambas na obra do escritor ourensán, obra na que sen embargo os valores esteticistas non chegan, como veremos no apartado da carga ideolóxica da novela, a se-la única, nin sequera a principal, razón da creación literaria.

A natureza faise, a través da palabra, táctil, olorosa, con moita cor, descríbese con beleza palpable, pero non está descrita tal como é senón como *impresiona*. No *Manifesto impresionista* dicíase que o impresionismo era o método de crear luz mediante a descomposición de tons e a exaltación da pintura ó aire libre. O pintor asulagado na paisaxe traduce, a través del, a súa propia experiencia sensible. E iso é o que fai Otero. Mergúllase na paisaxe, descompona nas súas tonalidades e vibracións e despois tradúcea na súa experiencia propia, sensitiva. Ademais de imaxe e sensación, a paisaxe de Otero é moitas veces, como vimos, *impresión* pois a través dela se está percibindo unha experiencia persoal, a lembranza vivida. Claro que moitas veces *sensación e impresión* se converten na mesma cousa. Vexamos como exemplo as pp. 46 a 48, que son parte do capítulo titulado "Zocos na corredoira". Nelas Otero intenta da-la sensación do fluir do Miño, paralelo ó fluir de Galicia, a través das diferentes impresións que o paso do río foi adquirindo ata chegar á desembocadura:

> "No calado findar do Miño a lembranza vive un intre o decorrer das formas e das forzas da Galicia aparencial.
>
> Xentileza da abedoeira avergoñada e núa ao bico bulreiro do luar.
>
> Vella dor da ponte labrega, pedras usadas, crebada soá, esqueleto de tempos, arco esvaecido.
>
> Dente de lobo dos ríos adustos, criados na penitencia das chairas.
>
> Alegría do muíño ceibando na quenlla a cantiga das festas da montaña.
>
> O envellecer nacendo cada abrente, das eirexas dedicadas aos santiños da Terra ou chegados a ela dende lonxe, pedras sotís, esculturadas, como almas na oración, consoladoras dos adros agromados na primavera dos mortos, folgadas no mol outono da herba das tampas.
>
> A desesperanza do camiño neno que ten medo de se afogar no río, e fica témero como un año apartado da súa nai.
>
> Sombras de encostas pizarreñas, de altos cumes, esmolas de sombras lonxanas, as mil sombras que mergulladas no río lle deixan ao seu correr unha fondura de misterio.
>
> Vento nos salgueiros, verde orballeira, pasar doncel de follas femininas.
>
> Pousa dos meandros arelando seren lagos para durmir na imaxe das mesmas viñas nos sucalcos, das mesmas estradas baixando á auga con mimosos pes.
>
> As dores, lembranzas, murmuracións, degoiros das mulleres batendo roupa, ceibadas nas escumas do xabrón, forma das falas e das cantigas.
>
> O anel do arco, pedra e imaxe do desposoiro de Ourense co seu río.
>
> Rubidas e baixadas sazoneiras dos peixes fríos rexidos por outros climas dos que gobernan os labramios, as vides, os soutos.
>
> Saudades de Portugal, Augas do Condado. Pasar das barcas. A almiña das fontelas afogada no himno do río. O Facho de Santa Tegra albisca o nacer das nubes no mar, apaña o morrer lembradoiro do Miño, cinguido de entrambos decorreres afirma a súa vontade angustiosa e creadora".

No desexo de dar unha *impresión estética persoal* Otero, como tamén sinala Aquilino Iglesia Alvariño en Cabanillas -*Obra Completa* "A lingua de Cabanillas"-, concederá prioridade ó sentido da vista e con el ós valores cromáticos, unidos case sempre á idea de luz, transparencia, brancura e luminosidade conseguida en xeral con adxectivos ou por medio de sustitutos do adxectivo: "Vai madurecendo o verán en circos crecedeiros, vibradoiros de luz e son. Rube a contrapelo do inverno e do outono. Organízanse os ceos nas grandes fuxidas dos seráns. Esculpen os abrentes as formas a golpes de luz. Voan das ameixeiras os ouriois co sol sintético das doce como ideas platónicas, belidas, confiadas na supervivencia das cousas fermosas. No solpor, espadas rubras de arcanxos fan saúdo de honra ao luceiro sobre do azul da pedra rutilante dos montes. Tece o mar finos encaixes no

devalar. Toda Galicia trema gozosa, gran froito, amarelo de centeeiras, verde de millos e froumas, abanado polo vento atlántico portador das nubes brancas, arredondeadas, pazos de escumas viaxeiras" (p. 109).

Este mundo de sensación e impresión (unido principalmente, como indicamos á vista, pero tamén moitas veces referido a calquera dos cinco sentidos) non está presentado con excesivos contrastes cromáticos (penso que tampouco no mundo galego real existen na natureza os contrastes moi pronunciados) senón que parece dado cunha certa difuminación que nos dará a outra importante impresión que sentimos na lectura da obra de Otero: a vaguidade. Unha certa indeterminación e inconcreción (vaguidade e misterio), que remite tamén, ademais de a este mundo parnasiano-simbolista francés, que xa indicamos, ó noso gran escritor Pondal, e, polo tanto, ás orixes, ó *celtismo*. Como exemplo da importancia das impresións subxectivas -entre elas a de vaguidade- en Pondal podemos ve-lo inicio do poema: "Feros corvos de Xallas/ que vagantes andás/ en salvaxe compaña/ sen hoxe nin mañá/ ¡Quen puidera ser voso compañeiro/ pola granda longal!", no que o poeta de Bergantiños transmite principalmente as sensacións do salvaxe e do inconcreto. A primeira gracias principalmente ás palabras "fero", "salvaxe", "corvos" e "granda". A segunda por medio de "vagantes", "sen hoxe nin mañá" e "longal" (o vocalismo é neste caso tamén esencial para estas impresións).

Otero consegue, formalmente, de moitas maneiras a sensación de vaguidade. Citaremos algunhas das máis correntes partindo dunha frase como exemplo: "No inverno madruga alba de neve, sinalando unha redención pola penitencia e o soño" (p.6). Nela, ademais da sensación citada de claridade, brancura e frialdade -que se asocian á estación- e que están conseguidas principalmente polas palabras "madruga", "alba" e "neve", vémo-los seguintes usos que propician a idea de inconcreción:

-A falta de artigo ou a presencia dos indeterminados: (alba, unha redención).

-O uso da prosopopeia que produce ese mundo "panteísta" de cousas vivas nas que hai unha especie de disolución do vivir, sen clara separación de home-natureza. (o inverno *madruga*, *sinalando* unha redención").

-Uso de palabras de significado pouco concreto como *soño* (Otero usa *en-soño*).

-Indeterminación durativa do xerundio: sinalando.

-Falta de concreción nas ideas (¿unha redención de quen?, ¿para que?; ¿que penitencia e de quen?; ¿que soño?).

-Relacionado co aspecto anterior tamén se poden sinalar na prosa de Otero a aparición de frases ambiguas (mesmo hai unha certa ambigüidade na frase "No inverno madruga alba de neve", pois ¿é o inverno quen madruga porque viñeron as neves de seguida ou é que viñeron as neves de seguida porque madruga o inverno?, e, ¿quen sinala unha redención pola penitencia e o soño? ¿o inverno? ¿A brancura da neve?. *A verdade é que non importa tanto iso como a sensación de luz branca e fría e de recollemento e misterio que coa frase quere darnos Otero.*

-Por último eu vexo tamén na frase que a inconcreción, a indeterminación, está conseguida coa coordenación de palabras que conceptualmente son moi dife-

rentes. É o caso de "penitencia" e "soño". Ademais ambas dependen de "redención", palabra que vemos claramente conectada con "penitencia" pero non con "soño".

Sintetizando estas ideas diremos que Otero introduce moitas veces ó lector nunha situación na que predomina un mundo impresionista-esteticista, sensorial e nebuloso, como corresponde á imaxe que el quere dar da exuberancia húmida, inconcreta e pouco contrastada no seu verdor que se asocia a Galicia, así como á imaxe histórica, folclórica e cultural que ten a base no tamén "nebuloso *celtismo*" orixinario, en certa maneira "misterioso" e por iso mesmo moi simbolista-impresionista.

Claro que unido tamén a este simbolismo finisecular están outros usos ademais da sentimentalidade vaga e inconcreta. Un deles é a preocupación polo paso do tempo que en *Devalar* se ve dende a propia concepción da novela (desenrolo das sazóns anuais) pero que ademais agroma aquí e alí en moitas pasaxes da obra. Así, na p. 50, para Pauliños Fontenla "devalan as horas como ondas. (...) Conta o reloxio da Peregrina longos minutos. Algúns deles laiantes de angustia de xeito que semella que todo aquilo -as arquitecturas, as lembranzas, o nacer do futuro- vaise esfarelar como un soño". Ou para Lady Woolf "da Torre do Reloxio baixan as nove badeladas e van pousando, unha tras doutra, ata completar o número simbólico, nos treitos orballados, nos ocos sonoros dos claustros, nos rueiros labregos, na subida nervosa ou vexetal das torres, no madurar das cúpulas, a color e a tona da hora, outro estrato de tempo levián que xunguida ao das oito, ao das sete, ao de tódalas horas decorridas, fan as cousas un pouquiño máis vellas, segundo o fito particular dos arboredos, das campías, das casas, das torres. A hora baixa lavada como unha conciencia, imperiosa, cargada de deberes. Lady Woolf camiña embarcada na nau da hora" (p. 35). Tamén no capítulo 6º vémo-las "horas de Martiño Dumbría, estudiante de Compostela" (p. 68). Para el "moi ledas eran tódalas horas do día. Tan ledas que as ceibaba como fermosos paxaros para miralas voar". Pero "a máis fermosa a da noite. Unha volta ao vello castro céltigo da Ferradura. Esa, Martiño non a deixaba voar. Levábaa apreixada contra o corazón como un retrato de noiva. Facía dela lembranza para recreala a calquera outra hora" (p. 65). E para Edith, a protagonista de "Os Amantes de Santiago" no seu espertar "contaba nove longas e graves badaladas. Severa Enneada. A primeira desacouga como unha chamada na conciencia. As do medio aquecen. Poñen a un no centro do mundo de esféricas fuxidas. Impoñen o gusto de pensar, do vivir nobremente. Na derradeira o espírito embarca na nau da Saudade", p. 102.

Estes exemplos poden servir para indicar que a prosa oteriana está relacionada co idealismo simbólico ó que hai que engadir unha certa relevancia polo misterioso e inexplicable, como xa indicabamos anteriormente.

Pero o "impresionismo esteticista" da prosa oteriana non está así máis que esbozado. Habería que estudia-la sonoridade rítmica da súa frase, principalmente analizando o fonetismo, usos de estructuras sintácticas paralelas bimembres (conseguidas, por exemplo con dous adxectivos antepostos -"limpa e clara pedra"-, ou pospostos -"lembranzas vivas e luminosas"-, ou un anteposto e outro posposto -"grande sá pechada", p. 5-, por exemplo) ou a través de estructuras polimembres

(vexamos como Otero quere producirmos a sensación de movemento, do espreguizarse a serra, coa seguinte enumeración recollida na p. 41: "As serras de costas ós zodíacos labregos fóronse espreguizando. Chicoteadas polo vento espertaron ó vivir do inverno. *Fíos, puntas, cantazos de vento. Axoutes e duro cabalgar sen folgo. Bradar, ouvear, roñar, salaiar, abalar, gargallar, psalmear, da inxel potencia ceibe, sotil e rexa dos aires*" (exemplo no que se ve a prosopopeia do "espertar e espreguizarse", dada pola enumeración de sustantivos, e a idea do "cabalgar", unida ós infinitivos de primeira conxugación que acadan o cume na sensación de liberdade dada polos adxectivos finais).

Sería inacabable a enumeración da riqueza de contrastes que poden presentar estas combinacións. Por exemplo, nelas poden aparecer sensacións moi diferentes unidas, sen embargo por coordenación: "lembranzas vivas e luminosas" (-p. 5-, exemplo no que se busca produci-las sensacións, diferentes, de movemento e luz) "dezasete anos rexos e adurmiñados", p. 13 (na que destaca un certo valor antitético sumado en coordenación e non como adversativa); ou a alternancia nas diferentes enumeracións de sustantivos-adxectivos ornamentais para conseguir maior riqueza sensorial: "*ulido* e *beleza* do xardín, a *fartura* das hortas, a *gracia* das parreiras sufincadas polos *altos* esteos de *limpa* e *clara* pedra" (p. 5); Usos adxectivos metafóricos conseguidos a través dun sustantivo: "Ríos *lobicáns*" ("que producen medo co seu oular e a súa fereza"), p. 45; "flores *insectos pousados*, flores *de vento*", p. 111; "unha néboa leviana *cor de luzada*", p. 14; ou adxectivos usados por sustantivos: "Meda de roca, *meda de azul*" -meda de pedra azulada-, p. 45 (usos, todos eles, que incrementan en forma inconcreta, nova e enriquecedora, as sensacións dos sustantivos ós que se refiren). Sen esquece-las imaxes, arriscadas comparacións de todo tipo, tanto con *como* ("sol picante *como gaseosa*", p. 83; o fidalgo do pazo pensa que "falarían del, co tempo, *como dun outono demasiado marelo e longo, pousado na aldea como unha pantasma tecida con raios do sol dos mortos*", p. 85), como as de estructura sustantivo + de + sustantivo ("*as remendadelas das estivadas*", p. 40, é dicir, "as estivadas que parecen remendadelas" ou "*o fachico do empardecer*", é dicir, "o empardecer que é como un fachico", p. 40, ou "*as cicatrices dos camiños*", é dicir "os camiños que son como cicatrices", p. 42); metáforas ("A opinión de Malebranche fuxía no *pechado bosque* de frases; botara nelas alguén *un ramo de acacia florida, aínda mollada de néboa de mañá,* p. 85). Sen deixar á beira ambigüidades sintácticas ("As dores, lembranzas, murmuracións, degoiros das mulleres batendo roupa, *ceibadas* nas escumas do xabrón, forma das falas e das cantigas", p. 47 - ¿a quen se refire *ceibadas*, ás mulleres, ás dores ou ás falas e ás cantigas?) e semánticas ("Todo isto falan os patróns arrombando nas agras as *serras*, os maragoutos do centeo", p. 110. ¿Quere dicir que amontoa nas agras o froito das searas das serras -é dicir, os maragoutos de centeo- ou que amontoa nas agras palleiros que son semellantes a serras?-); xogos antitéticos ("*escoitar silencios* do S. Ero", p. 49); etc.

Producto deste desexo de *insinuar, suxerir* máis que *aclarar* son construccións oterianas que podemos denominar "escuras" ou irregulares, nas que hai excesivos hipérbatos, anacolutos ou, simplemente é difícil establecer relacións entre suxeitos e verbos, obxectos directos e verbos ou adxectivos e sustantivos. Por

exemplo, na p. 44 di: "Co decembrar a Limia fincha o peito, alenta coma mol anfibio co laio das vilas embulleiradas, o silencio xerminadoiro das colleitas futuras, o vivir dos pobos amoreados nos cotos enxoitos, cinguidas polas calzadas e as pontes encol do céltigo Letheo". O que nunha redacción máis *aclaratoria* que *suxeridora* viría dicir: "No inverno a comarca da Limia está asulagada, porque o río ("o céltigo Letheo") se desborda e prepara ("alenta") o futuro xerminar das colleitas da temporada seguinte e polo tanto o poder vivir dos pobos altos mentres que ten que recibi-las queixas das vilas que á súa beira, cinguidas polas calzadas e pontes, están anegadas". Estas construcións son normalmente as que deron pé a que haxa unha certa crencia de que Otero era pouco coidadoso na confección das súas novelas, afirmación que quizais se deba revisar, pois (a min polo menos) non me foi difícil atopar construccións ambiguas pero si frases que se poidan clasificar con claridade de "agramaticais".

De aí a dificultade da análise do seu mundo impresionista cheo de referencias culturais e de sensacións persoais, que, como veremos a continuación, está intimamente ligado coa segunda corrente estilística presente en Otero: a ideolóxica.

CARGA IDEOLOXICO-SIMBOLICA DA NOVELA

Aínda que é certo que o mundo artístico impresionista é esencial na concepción de *Devalar*, nembargantes Otero, como xa dixemos, non é un "esteticista" puro. Para el a creación artística debe ser ante todo iso: arte. Pero tamén é posible tratar artisticamente os contidos ideolóxicos. E iso é o que fai na novela intentando dar coa estética impresionista, emotiva, subxectiva, intuitiva, a súa visión ideolóxica do mundo galego.

Porque, como complemento desta carga estética (filla como indicamos do romantismo, modernismo, parnasianismo e dos decadentismos) está unha importante carga ideolóxica (resultado do positivismo liberal e da confrontación entre as aspiracións individualistas e a agresión ó ben común que se produce nas guerras de fin de século e, sobre todo, na Primeira Guerra Mundial). Ideoloxía optimista, positiva, esperanzadora dunha nova realidade, frente á negativa e crítica da xeración española do 98. Aínda sendo neste aspecto contraria, hai tamén en Otero, como na xeración española, un riguroso estudio non só da paisaxe senón da paisanaxe, insertando ó home e a súa posición sociopolítica dentro do retrato en color da novela. Paisaxe = a natureza e humanidade, cadro que, aínda sendo esperanzador, non elimina o desagradable, o duro, o decadente do mundo que se atopa e que se espera cambiar (pensemos na visión do mundo fidalgo ou do mundo campesiño, que se dá no capítulo titulado "O argadelo das vidas" a través do fidalgo do pazo ou a través do taberneiro de Basilisa).

Ibsen, Schopenhauer, Nietzsche, os realistas rusos, Dickens, Flaubert, son alguns dos mestres europeos deste corrente que motiva a preocupación pola paisaxe, buscando unha imaxe diferente que eles consideran máis científica e real, distinta da tópica. A intención principal é a creación dun orgullo nacional de bases históricas (de aí a revalorización do mundo celta, medieval, barroco, román-

tico) e xeográficas. Reconstrucción do interior de Galicia e europeización posterior, ocupando o lugar que nos corresponde. É este un idearium paralelo en moitos aspectos ó da Xeración do 98 da que podemos citar como escritores con características comúns nalgúns aspectos puntuais a Azorín, a Baroja e a Unamuno, así como ó ensaísta Eugeni D'Ors. Este feito non indica necesariamente unha grande influencia do "novecentismo" catalán ou do 98 castelán sobre Otero, senón coincidencia histórica e educacional, pois todas estas ideas eran as comúns na Europa do momento. Deste mesmo idearium ven a utilización por parte de Otero da frase viva e expresiva que moitas veces se concreta nunha frase curta, ás veces sintética e outras veces (as máis emotivas ou nas que se coloca nunha época medieval de prosa máis entrambilicada) resulta barroca e gallada, pero nunca oca e impersoal, tendente sempre a unha función conativa de influencia no lector e indicadora da expresividade, coñecementos e emotividade do autor.

Falamos dunha certa función conativa porque a transcendencia histórica das referencias culturais e sensoriais que introduce Otero na novela intrigan de tal xeito ó lector que se sente, moitas veces obrigado a indaga-las súas causas, interpretándoas segunda as claves ideolóxicas que o autor intenta transmitir (como ocorre moitas veces na obra pictórica medieval, por exemplo). O contido ideolóxico non deixa de estar dado en forma intuitiva, simbólico-impresionista. Otero resalta a expresión das resonancias intelectuais ou emotivas que as cousas provocan na súa intimidade, rexeitando procedementos típicos do realismo decimonónico (como por exemplo a observación minuciosa da realidade externa, reflexo obxectivo e impersoal do observado) buscando insinuar unha riqueza cultural que intrigue ó lector e o converta en crítico, conducíndoo (se quere, claro está) á busca das múltiples claves interpretativas posibles das afirmacións emotivas da novela (16). Vexamos como exemplo o seguinte. Cando Otero di que "Un vento axita as follas dos poemas de Shelley. Uns ollos de dona obedecen ao vento" (p. 48) o lector, intrigado ante esta afirmación que no texto aparece dada en escura

(16) O mundo emotivo intuitivo de Otero resulta sumamente intrigante porque se desenrola en varios planos diferentes todos eles investigables. Citémo-los que se me ocorren agora. Moitas das súas afirmacións emotivas teñen unha razón real sacada da vida do propio autor. Así a velliña do pazo de Abruñedo é, en moitos aspectos, visión emotiva da avoa ou da nai de Otero. Ou, cando o autor alude a un lagarto verde que ten relación co neno do caseiro ou que asusta ó estudiante de Malebranche, está recreando unha vivencia infantil de si mesmo que se recolle na p. 14 de *A historia dun neno*, Vigo, 1979. Outras veces non son vivencias persoais senón recreacións de situacións culturais que coñece o propio autor. Así, é posible que esa historia variante de amantes exóticos que conta Otero na que aparece unha rubia Edith ("Os amantes de Santiago" de *Devalar* ou a historia de Adrián Soutelo e *Os camiños da vida*) non sexa outra cousa que a deformación da historia de Sta Bríxida unida á de Sta. Clara e mesmo á da famosa Rosuída, fundadora de Conxo. Pero, ademais, os personaxes e as situacións teñen un valor específico na ficción en que aparecen. E así se poden analizar e ver. É interesante, por exemplo estudia-lo papel da velliña do pazo de Abruñedo en *Devalar*, ve-la súa actitude cara á vida, a importancia do seu papel feminino na sociedade, a desaparición do seu mundo e do das súas lembranzas, etc. E aínda se me ocorre un plano máis no que é posible o estudio das intuicións emotivas que nos vai dando Otero na novela. Refírome ó valor simbólico das situacións e personaxes. Porque a velliña do pazo non só é un personaxe concreto senón que é a representante simbólica dun tipo de fidalguía do dezaoito que perduraba frente a outro tipo, decadente, de personaxes da mesma casta como D. Marcial de Figueroa ou o fidalguiño xogador que representan simbolicamente ó grupo desta clase social do dezanove. En síntese, o que quero indicar é que este mundo intuitivo-emotivo oteriano está presentado con tal riqueza de planos suxeridores, intrigantes para o lector, que a súa análise é case inabarcable.

asociación emotiva, pode buscar na obra oteriana e shelleyriana a base real da sensación. Shelley é facilmente asociable ó vento pola súa famosa *Oda ó vento do oeste* e a afirmación de que este vento "axita as follas dos seus poemas" e de que "uns ollos de dona obedecen ao vento" pode responder ás ideas contidas no seu coñecido poema "A Jane: a lembranza" no que, coa desaparición do bo tempo, a imaxe do amor do poeta ("os ollos da dona") voa tamén cara ó esquecemento como as follas arrastradas polo aire de outono nas augas do lago, deixando en desacougo a alma de Shelley (17). Pero, ademais, a frase de *Devalar* aparece unida no sentir do autor cun ambiente marítimo-tormentoso e pode, polo tanto, asociarse coa morte do poeta inglés, que Otero visualizaba a través da biografía de A. Maurois (18) na que se conta que o poeta morreu afogado nunha tormenta que se produciu mentres atravesaba un lago suizo. O seu cadáver foi incinerado, agás o corazón, que non ardeu e puido, polo tanto, ser transportado a Inglaterra polo pirata Trelawny. Nesta biografía tamén se conta que Shelley ía lendo no barco un libro de Sófocles e outro de Keats e que varias *follas* destes libros (quizais "as follas dos poemas" que lía Shelley, axitadas polo vento da tormenta) apareceron co cadáver. A narración desta romántica morte impresionou tanto a Otero que fixo a recreación dela en varios artigos e ensaios, asociando o corazón de Shelley coas *follas* de bidueira. Así no seu artigo "Século XX" (19) di: "Unha *folliña* de bidueiro. Tróuxoa *o vento*. Embaixada do Norte e do outono, *a folliña de rubro corazón pode ser Shelley embarcado no "Ariel" as velas ó vento da Morte*"). Esta mesma comparación está tamén na alusión que fixo o ourensán sobre a morte de Shelley no seu discurso de entrada na Real Academia Galega, titulado "Romantismo, saudade e pensamento da Raza e da Terra en Nicomedes Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal" (20). O lector, convertido en crítico, tivo que contactar coa obra de Shelley, coa de A. Maurois e coa do propio Otero para poder atopar unha posible razón obxectiva á idea subxectiva que aparece na páxina 48 de *Devalar*. Claro que neste caso non hai unha clara intención ideolóxica detrás aínda que, se quixesemos buscar unha, sería posible ver, neste afán de estimula-la curiosidade intelectual, un dos ideais de Otero: a aprendizaxe a través da investigación directa e o papel do profesor como inductor desta sensación de curiosidade, de posta *en camiño* da preocupación intelectual.

Pero as ideas máis importantes que subxacen obxectivamente no contido de *Devalar* son aquelas que teñen que ver coa ideoloxía cultural galeguista do propio creador, ideas que podemos clasificar en tres apartados temáticos que teñen por función, como indicamos, a creación dun orgullo nacional:

(17) "A escena engadiu, como unha amada,/ ó seo sombrío das augas/ tódalas follas e as súas liñas/ expresadas con intensa verdade;/ ata que chegou un vento envexoso,/ como idea indesexable/ que da fiel visión da alma/ borra a imaxe máis amada./ Aínda que sempre sexas boa e fermosa/ e eses bosques sempre estean verdes,/ haberá menos paz na alma de S(helley)/ que calma nesas augas" Traducción da parte final de "A Jane: a lembranza", feita sobre o poema recollido na p. 181 de *Lírica inglesa del siglo XIX*. Edición bilingüe -castelá inglesa- de Angel Rupérez, Madrid, 1987).

(18) Maurois, A., *Obras completas. Biografías* (*Ariel ou a vida de Shelley*, pp. 13-199). Barcelona, 1968, pp. 194 a 199.

(19) Publicado en *La Noche*, 22-X-46 e recollido en *Parladoiro*, p. 305.

(20) Otero Pedrayo, R., *Obras selectas. Ensaios*, p. 199.

-A visión xeográfica de Galicia.

-A visión da historia cultural de Galicia e as súas épocas principais.

-A visión económico-social de Galicia no presente. As súas causas no pasado e a súa posible proxección futura.

Vexamos como expón estas ideas (sempre nun plano intuitivo-simbólico) na súa novela.

Comecemos pola súa visión xeográfica. En primeiro lugar na novela está a concepción xeográfica globalizadora de Galiçia como "paisaxe", é dicir, están expostas intuitivamente as ideas que, dunha forma tamén impresionista, pero máis obxectiva, dará posteriormente no seu "Ensaio sobor da paisaxe galega" (para a referencia desta obra v. nota 9). Sobre este aspecto teño escrito longamente na miña "Introducción" á reedición de *Devalar* (v. nota n. 2) e por iso non insistirei de novo aquí nesas ideas. Só lembrarei que esta concepción paisaxística é a base temática e formal da novela. Pero ó lado deste aspecto, que eu considero tamén xeográfico, está a organización da xeografía física de Galicia. Otero foi o primeiro xeógrafo que concebiu a forma física galega como unha unidade independente, con personalidade propia dentro da xeografía peninsular. Esta concepción xeográfica que el concretou na *Síntese xeográfica de Galicia* nun primeiro momento e posteriormente na "Xeografía" da *Historia de Galiza,* divide a realidade física galega en dúas zonas esenciais, oriental (louseña) e occidental (granítica), zonas que se van ordenando e caracterizando principalmente a través das canles fluviais. Os ríos galegos son clasificados polos dous mares ós que verquen (Cantábrico e Atlántico) e a través da análise da súa formación (conca principal e afluentes) Otero vai organizando a orografía e os distintos accidentes físico-xeográficos de Galicia (21). En *Devalar* esta organización teórica está dada en forma emotiva, ocupando principalmente o capítulo 4º que se titula "Zocos na corredoira".

A visión histórico-cultural de Galicia aparece dada por Otero principalmente no seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Neste campo existía dende a ideoloxía galeguista un traballo xa realizado que tiña como base principal os estudios de Murguía. Pero os historiadores da xeración *Nós* (Otero e Risco, sobre todo), como bos historicistas, organizarán moitas das ideas e os datos anteriores en *ciclos* históricos. Para Otero varios son os ciclos importantes na historia cultural galega. En primeiro lugar a base *celta* (prehistórica aínda, pero da que parte a caracterización do pobo galego como individualizado e orixinal). En segundo lugar o mundo *medieval* que marcará definitivamente a realidade cultural galega a través da lingua e da relixión. Conseguida a forma definitiva, a realidade da patria vai aflorar culturalmente ata que por razóns políticas queda sometida a unha supervivencia precaria. En certas épocas que lle son propicias, principalmente porque nelas hai un predominio da concepción subxectiva e intuitiva do mundo, volve rexurdir. Estas épocas serán o *barroco*, no que a cultura galega se identificará coa natureza a través do monumento arquitéctonico (da pedra granítica), e o *roman-*

(21) Estas ideas pódense ver en detalle nas pp. 20 a 37 da "Xeografía", incluída na citada *Historia de Galiza* (v. nota 15).

tismo no que, principalmente polo camiño literario, a cultura galega establecerá ás bases dun novo rexurdir dentro da comunidade de pobos europeos. Dalgunha maneira todas estas épocas están presentes en forma intuitivo-emotiva en *Devalar* (22).

Así, o celtismo prehistórico aparecería aludido a través da *vaguidade* constante na novela que, como dixemos, nos unía ó simbolismo pondaliano e quería facer referencia á escuridade e inconcreción das orixes celtas galegas.

O medievalismo estaría insinuado a través da *exemplaridade simbólica* de situacións e personaxes da novela. Como expoñente pode servir Breixo Maceiras (personaxe presente nos capítulos 3 e 9) que non é máis cá recreación simbólica de S. Breixo de Maceiras (aldeíña da parroquia de Castro Dozón representante para Otero dun dos moitos santuarios celtas cristianizados). Por iso Breixo Maceiras é unha especie de crego priscilianista, resultado da adaptación do catolicismo ó "panteísmo" galego, ou o que é o mesmo un "crego" verdadeiramente "galego" e "comprometido" co entorno. Isto é o que o fai problemático, conflictivo cunhas autoridades eclesiásticas centralistas e inadaptadas ó medio. Neste *medievalismo* da novela penso que hai que indica-lo posible influxo do pensamento artístico de Castelao en Otero. Nestes anos os dous escritores afianzaran unha amizade que ata daquela era principalmente política e que dende entón foi moito máis persoal. As causas deste afianzamento foron a convivencia dos dous galeguistas como Deputados a Cortes. Alí é seguro que Castelao expuxo a Otero a súa crencia de que o mundo artístico galego debía retomar aspectos do mundo artístico pictórico medieval. A pintura dos Van Eick, de Bruegel o Vello e o Bosco (moi admiradas por Castelao segundo podemos ver no seu *Diario* e que axudaron ó rianxeiro a toma-lo camiño do expresionismo) tamén están en certa maneira como modelos da recreación pictórica que se sente en *Devalar,* unindo a obra cun concepto artístico *medievalista*. Dase, en certa forma, o ideal de síntese modernidade + base caracterizadora (neste caso *medieval*, seguindo a crencia de *Nós* de que era esta a época na que, definitivamente, se organizara o ser galego) que propugnaba o grupo galeguista e en particular, no eido artístico-pictórico, Castelao.

Tamén o *barroquismo* pode verse simbólicamente insinuado no mundo estilístico de *Devalar* a través do *protagonismo artístico da natureza vivificada e exuberante*. Verdade é que para a xeración *Nós* a identificación humana co cosmos ten o seu cume na época *medieval* pero no *barroco* é cando aparece este uso artístico dunha natureza que sofre, que se torce e move (uso moi presente nos edificios galegos e que ten como máximo expoñente a fachado do Obradoiro, a Torre do Reloxio, da Catedral de Santiago, ou a Casa das Pomas da Rúa Nova que cita Otero no capítulo 3). En todo o *Devalar* se sente este *barroquismo* do mundo natural.

(22) Tamén están a través de aspectos temático-simbólicos, que agora non analizaremos pois penso que moitos deles foron citados no devandito estudio da "Introducción" de *Devalar* do que se dá a referencia na nota 2. Refírome, por exemplo, ó feito de presentar a tódolos personaxes "en camiño", aludindo simbólicamente á crencia oteriana de que os galegos somos (como bos *celtas*) un "pobo en camiño" ou á identificación que se ve na novela do home co cosmos, identificación propugnada polo idealismo católico que ten o seu cume na época *medieval.*

Finalmente a época *romántica* aparece intuitivamente aludida no *idealismo e individualismo* que é, á súa vez, resultado do *impresionismo subxectivo* co que está dada a mensaxe da novela. E así, intuitivamente tamén, Otero está insinuando ó lector crítico que na historia cultural de Galicia hai un novo ciclo a ter en conta, un paso máis, neste caso non só referido ó mundo literario senón tamén ó mundo científico e investigador: o da época *impresionista-avangardista* das xeracións de preguerra.

Queda por ve-la visión económico-social de Galicia que dá Otero en *Devalar*. É tamén este un dos aspectos ideolóxicos analizados na tan citada "Introducción" á segunda edición de novela (v. nota 2), polo que aquí no farei máis ca unha breve síntese.

Otero fai unha coidadosa e sistemática análise da realidade económico-social da época de 1934-35. Pero faino tamén dun xeito símbólico que nos asociamos co exemplarismo medieval. En primeiro lugar centra a *actualidade* do *devalar* galego nunha realización que lle interesa ideoloxicamente difundir: a do Seminario de Estudios Galegos. Porque a novela, como tódalas de Otero de preguerra, non deixa de ser unha obra cunha certa carga emotivo-ideolóxica propagandística. Ademais nela están presentes tamén tódolos grupos sociais que Otero cre constitúen a paisaxe socio-económica galega. Así, a sociedade rural na que esmorece a fidalguía nas súas distintas facetas da "arestoridade" (a velliña de Abruñedo, D. Marcial de Figueroa, o fidalguiño xogador e trouleiro, o fidalgo do pazo) personaxes que lle serven para face-la historia da decadencia desta clase social e a da súa desaparición indicando, tamén, posibles camiños de integración na nova sociedade. Os labregos son o outro grupo social rural que teñen un papel destacado na obra. Vémolos como individualidade no entorno da velliña do pazo do 1º capítulo, na análise dos tres personaxes de "As vendimas do ceo" e na Rosalía "a moza garrida que se ergue na conciencia de D. Marcial como un ouveante medo" que aparece no "Tren Mixto". Como colectividade aparecen os campesiños na esfolla do millo, na vendima dos dous primeiros capítulos e nese grupo de labregos do capítulo 5º que perderon o preito e van por derradeira vez a "lucir nas sebes a dignidade de propietarios", antes de emigrar ou de dedicarse a cavar novas estibadas no monte.

Aínda está presente na novela unha terceira clase social a cabalo do mundo rural e cidadán. Trátase da curia que ten na obra dous significativos representantes: Breixo Maceiras e o franciscano do "Tren Mixto", personaxes que como a relixiosidade galega (outro froito cultural do concepto galego do mundo) están á beira da herexía priscilianista, tentados constantemente pola exuberancia do entorno. Estes dous personaxes buscan para o seu problema solucións diferentes: un foxe da realidade galega (o frade) e o outro loita por integrarse totalmente nela (Breixo Maceiras).

Compartindo o protagonismo da paisaxe humana rural está a cidadá, dada tamén nunha "arestoridade" baseada no pasado e cunha posible proxección futura. Na cidade atopámo-la tradicional clase decadente dos artesáns, representada polo carpinteiro da rúa, que está sendo sustituída por novas clases traballadoras que proveñen do campo (o taberneiro, as criadiñas da casa das Pomas). Tamén apa-

rece a nacente burguesía orixinada pola fidalguía que deserta do campo (as fidalguiñas fillas de D^{a}. Amalia) e que quere atopar un oco entre a clásica burguesía galega xa establecida, que neste caso se centra na curia catedralicia e os estamentos universitarios. Outro xeito de cambio, de integración na sociedade burguesa, é o que aparece representado polos estudiantes. Estes intelectuais novos, resultado moitas veces dun tipo de integración da fidalguía galega na burguesía dirixente (e polo tanto representantes dunha integración positiva, non traumática, do Antigo Réxime na sociedade moderna), son a esperanza da posible conservación do ser galego no inevitable cambio social. Pauliños Fontela, Martiño Dumbría, e o rapaz que estudia a Malebranche son tres estadios da mocidade galega que abrirán un futuro esperanzador ó neno do caseiro (este último de clase labrega) que dá no capítulo titulado "Argadelo de vidas" os seus primeiros pasos. Pauliños entra na madurez fructificando nunha lembranza interesantísima do noso pasado: "As Palmas de Herbón", esbozo da historia do último trovador Xoán Rodríguez do Padrón. A vida deste personaxe líganos a un pasado glorioso e ó inicio dunha decadencia que tamén hai que asumir porque deu algúns froitos positivos e soubo conservar, a pesar do cambio, o ser de Galicia. Martiño Dumbría, personaxe simbólico mesmo no seu nome (como Breixo Maceiras e outros dos que aparecen na obra), é o máis importante desta paisaxe humana galega de *Devalar*. Por iso a súa aprendizaxe ocupa o capítulo central da novela. A esperanza da xeración Nós era conseguir que a xeración seguinte (a do Seminario de Estudios Galegos) fose decisiva para o triunfo do galeguismo. Parecíalles que a situación social e política de Galicia podía permitilo. "Sentía Dumbría que unha xeración, só unha xeración que tivera a heroica conciencia da trascendentalidade do intre seu, só unha, a súa, a dos mociños, faría do lirismo historia". O estudiante de Malebranche, terceiro estadio desta mocidade, está nos seus anos de Bacharelato abríndose intelectualmente á realidade do mundo do entorno dende un esbozo de ideoloxía galeguista. Por último o neno do caseiro, que inicia o camiño, só percibe intuitivamente a galeguidade do medio que o rodea.

Na sociedade galega presente en *Devalar* aínda se ven outros moitos personaxes (algúns que poderiamos asociar a un ambiente vilego, intermedio entre o labrego e o cidadá), personaxes todos eles suxestivos e valiosos no seu simbolismo. Deles poderiamos citar ó gramático triste e a súa taberneira, ó tolo, ós gardas civís e ó comisionado do "Tren Mixto", etc.

Hai aínda uns últimos e exóticos integrantes desta paisaxe humana galega. Son os ligados á romántica inglesa lady Woolf que desde un idealizado pasado montan unha ridícula pero entrañablẽ historia de amor. Este relato está unido á idea de parodia mesmo dende o nome de Agnes Woolf (que podemos interpretar como "Cordeiro lobo") ata a caracterización dos rapaces americanos (na súa inxenua ignorancia e idealización europea) e a esaxeración romántica da historia (amores con conversión relixiosa e final en tise). Aínda sendo unha parodia, esta historia sérvelle a Otero para facernos enxergar unha diferente e máis ampla concepción socio-cultural para Galicia, ligada á posible relación co mundo exterior (principalmente o de orixe celta), representación simbólica do coñecido atlántismo de *Nós*. Do pasado xorde o outro personaxe "literario" da novela, Xoán Ro-

dríguez do Padrón, un novo *devalar arredor de si* que conta o vivir e as relacións de Galicia co mundo europeo a comezos do século XV, inicio da decadencia galega.

E esta é, en síntese, a paisaxe socio-económica que se perfila en *Devalar*.

CONCLUSION

Tecnicamente temos, pois, unha pintura literaria que usa o método e a filosofía impresionistas. Como para os impresionistas, en *Devalar* todo é paisaxe. Natureza propiamente dita, cousas e persoas vense na variedade que as diferentes tonalidades do paso do tempo lles conceden. Pero indiquemos, a través de coincidencias máis puntuais, semellanzas entre obras impresionistas e o *Devalar* oteriano. Así, como en *A música nas Tullerías* de Manet (cadro que se pode considera-la primeira mostra da pintura moderna impresionista), nada hai en *Devalar* de arbitrario senón que hai unha meditada busca da visión de conxunto dunha sociedade da que a apariencia concreta queda traducida por unha visión pura, simbólica (23). Tamén, como na serie de cadros sobre a catedral de Rouen de Monet, en *Devalar* (o propio título o indica) non é o efímero o que se quere captar senón *a duración desenrolada, dinámica* e o seu facerse a través da experiencia da sensación. Finalmente, como ocorre nas últimas obras de Cézanne, Renoir ou Monet, *Devalar* é un himno, entre relixioso e pagano, á natureza. Himno co que se concede a todo o existente o later da vida e que produce así a sensación de máximo lirismo poético que captaron críticos como Carballo (24). Destas últimas obras líricas impresionistas non podemos absternos de cita-los excepcionais *Nenúfares* de Monet, entre outras cousas polas semellanzas estructurais que entre este cadro e *Devalar* se poden establecer. Para Jacques Lassaigne (25) hai nesta serie pictórica de Monet (de 80 metros de tamaño) o desexo de reflexar "una meditación sobre la duración y una tentativa de aprehensión global del mundo". Monet limita o campo visual da súa investigación, obsérvao máis preto. Mestura *planos horizontais e verticais*, opacidade e transparencia, de xeito que "ya no se oponen claramente en la conciencia del espectador, el cual se encuentra repentinamente lanzado a un mundo donde los caracteres específicos de las cosas (...) se confunden en un abrazarse fabuloso. Por último, la *disposición circular* reclamada por el propio Monet, (...) aumenta aún más el efecto de un universo insólito. Como ya sabían los arquitectos barrocos, el círculo no permite facilmente a los espectadores situarse, sino que más bien les invita a perderse. De esta forma la confusión viene acrecentada y la mirada, no pudiendo encontrar un determinado punto en que apoyarse, resbala sobre la pared y percibe una especie de deslizamiento del tiempo. Escapando de la confrontación frontal habitual se encuentra inmerso en el seno mismo de la naturaleza, abrazando un paisaje inmenso sin comienzo ni final. (...) Todo está concatenado: la aurora, el mediodía, la tarde, el crepúsculo (...) las categorías y

(23) Ve-la valoración que sobre este cadro de Manet dá Jacques Lassaigne na *Historia de la pintura*, t. III, p. 582, Bilbao, 1979, 3ª edición.

(24) Carballo Calero, R., *Do galego e da Galiza*, Barcelona, 1990, p. 194.

(25) Jacques Lassaigne, *op. cit.*, p. 611.

las jerarquías se esfuman y luego desaparecen. Se despliega una impresión liberadora. El mundo (...) se convierte en un fluído, en una energía liberada" (26). Semellantes sensacións percibirá o lector de *Devalar*. Sensacións que son producto tamén da artellada estructura en *planos horizontais* dos diferentes estratos sociais do vivir galego que se dan mesturados cunha *estructura vertical*, radial, dos diferentes camiñares dese vivir e que se presenta, en final síntese, na *forma circular* do ano (segundo eu mesma analicei en detalle na devandita "Introducción" á 2ª edición de *Devalar* citada na nota 2).

Pero, se na técnica e na intención segue esta novela ó "impresionismo", no contido e na forma hai, sen embargo, unha intención simbólica moi ambiciosa que, sen estar fóra da época, lembra estructuras primitivistas, propias do mundo pictórico medieval relacionables co "Año místico" dos Van Eick ou con obras de Bruegel o Vello ou o Bosco, onde o individual vale como representación simbólica do colectivo. Porque o sr. Froitoso non é só un labrego, senón un tipo de labrego e un estadio histórico desta clase social (e así o home de trinta e tantos anos, ou o rapaz que le a Malebranche, etc.). E é este aspecto de riqueza simbólica no que eu considero máis ambiciosa a invención narrativa de Otero en *Devalar*. Porque a novela non quere só trasmitirnos unha chea de impresións persoais sobre o mundo galego con valor esteticista, senón que, seguindo en certa maneira a crenza de que o intuitivo persoal (27) é válido ideolóxicamente, quere presentar, neste cadro pictórico, a propia visión emotiva da historia cultural e socio-económica e do seu posible futuro (a desaparición da fidalguía e a adecuación ós novos tempos, o papel do galeguismo no porvir de Galicia, etc.), e a súa persoal visión emotiva da xeografía e entorno natural (a ribeira e bocarribeira nos dous primeiros capítulos, a cidade no capítulo 3, a chegada do inverno no capítulo 4, etc.- v. neste aspecto a citada "Introducción" da nota 2), da literatura e cultura (opinións do gramático triste no capítulo 7, ou de Miss Woolf nos capítulos 3 e 8, ou do mesmo narrador na introducción ó capítulo 10, ou dos personaxes protagonistas de "Os Amantes de Santiago"). En resume a súa visión (nas diferentes perspectivas do narrador e dos personaxes) e a da súa xeración sobre o mundo galego pasado, presente e futuro. Avanza así Otero polo segundo camiño artístico citado. Aquel que dende o post-impresionismo conduce ó *expresionismo* que se dá entre as dúas guerras mundiais. E faino en forma tan rica e variada artisticamente que intentar sintetizala neste estudio na súa totalidade sería tarefa demasiado ambiciosa.

(26) Jacques Lassaigne, *op. cit.*, p. 611 e ss. A cursiva na cita é miña.

(27) Cando falamos do intuitivo non intentamos identificar a Otero cos chamados impresionistas de *instinto*, tipo Henri Rousseau, por exemplo. Detrás das intuicións oterianas hai (como detrás das dos grandes pintores impresionistas tipo Monet ou Renoir) unha grande erudición cultural e técnica que enriquece de tal forma a súa producción artística que dificulta por veces a captación, pero tamén é inapreciable pola renovación artística que inicia.

Unha fenda de luz n'*Os camiños da vida,* de Otero Pedrayo

XOSÉ M. SALGADO

O 28 de marzo de 1928, na cidade da Coruña, saía do prelo *Os señores da terra,* primeira parte da triloxía que conforman *Os camiños da vida* (1). Haberá que agardar ata o 12 de xuño dese mesmo ano para que esta obra, considerada pola crítica coma a máis ambiciosa do Señor de Trasalba, *o cume máis ergueito da novela galega en lingua do país* (2), se complete coa aparición d'*O estudante.* Otero ten xa corenta anos cando ve a luz esta obra, na que o autor ourensán quixo *traza-las escuras correntes dominantes no século dezanove galego, baixo a fronda dunha fábula familiar* (3). A súa experiencia da sociedade será xa moi completa cando, por dicilo dalgunha maneira, se decide a abordar en serio a súa tarefa de novelista.

Mais tamén don Ramón era home de pluma rápida; unha pluma que a partir deste ano de 1928 acadará unha velocidade de vértigo e que non esgotará o seu trazo ata o 10 de abril de 1976. Anotamos este feito, porque unha das eivas que se lle sinalan á producción oteriana vén asociada á celeridade do seu *currente cálamo.* E así, tense falado dun Otero anárquico, descoidado e pouco reposado, actitudes estas que se deixan sentir de forma negativa na súa obra. Así mesmo, acostúmase a poñer en tea de xuicio a capacidade de Pedrayo para da-la debida arquitectura ás súas novelas, considerando algunha delas como unha serie de episodios difíciles de relacionar entre si e nas que a aparición de certos personaxes semella arbitraria e inxustificada. E *Os camiños da vida* non escapan a esta negativa apreciación.

Certamente a capacidade fabuladora de Otero e os seus vastos e vizosos saberes andan ás veces moi necesitados de continencia e disciplina, mais pensamos que os calificativos de descoidada e anárquica non poden ser aplicables a esta novela xa que, como teremos ocasión de comprobar, Otero Pedrayo levábaa xestando e remodelando, cando menos, dous anos antes da súa aparición.

Pero se *Os camiños da vida* inician o periodo máis fecundo de Otero coma fabulador, a súa andadura polos eidos da narrativa comezara algúns anos antes.

(1) Otero Pedrayo, R., *Os camiños da vida,* novela en tres partes: "Os señores da terra", "A maorazga" e "O estudante", Nós, A Cruña, 1928. Tódalas referencias que fagamos á obra aparecerán no texto consignándose en números romanos a parte da triloxía correspondente e remitíndonos á grafía arábiga para sinala-las páxinas.

(2) V. Carballo Calero, R., *Libros e autores galegos. Século XX,* II, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1982, p. 142.

(3) V. Otero Pedrayo, R., *Morte e Resurreición,* Aláuda, Ourense, 1932, p. 53.

As noveliñas *Pantelas, home libre* (1924), *O purgatorio de don Ramiro* (1926) e *Escrito na néboa* (1927) anteceden á primeira gran novela do autor de *Arredor de si.* Non descoidou tampouco Otero o mundo do relato breve, e así no ano 1926, nas páxinas da Revista *Nós* verán a luz os seus tres primeiros contos: *O medo* -tinxido de caracteres autobiográficos-, *O luar i os penedos* -perfecta concesión á paisaxe, preñada de lirismo-, e *As onzas,* exposición dunha tráxica historia no marco do mundo pacego (4). Imos centra-la nosa atención neste último relato -incluido como apéndice ó final do noso traballo-, xa que nel están abocetados moitos dos personaxes que poboarán as páxinas d'*Os camiños da vida.*

Enmarcado a través da perspectiva do narrador, é un típico episodio de acción no que non existe ningún tipo de interese pola interioridade dos personaxes, centrando toda a súa evidencia no suceso no que aqueles interveñen. Un ambiente preñado de superstición e de misterio devora e asolaga a narración, estando perfectamente o escenario disposto para tal fin. Así mesmo, cómpre facer fincapé nesa especie de desenlace suxerido, anticipado polas palabras dun dos personaxes -a veciña-, ó que se lle une unha imaxe: os ollos da nai do herdeiro.

Pois ben, n'*Os señores da terra,* a primeira parte da triloxía, a cal, segundo Carballo Calero, contén as mellores páxinas da mesma (5), algo trastocada e, evidentemente, máis concentrada, volvémonos topar coa mesma historia que Otero desenvolvía n'*As onzas.* Deteñámonos no texto. É o momento no que o herdeiro dos Doncos retorna ó pazo, logo de roubar e asasinar a un frade no Priorato da Granxa, contando coa complicidade do Torto de Santa Comba e do maior dos Cordas:

> "Na sala grande había farto rebulicio. Misia Chinta tiña outro ollar e falaba leda e señorial. Estaban dous señores da ribeira que viñeran a tratar cuestiós de rendas co D. Caetano, un creguiño novo, o abade e cousa rara o D. Xosé María que acudira por facer cortesía ós forasteiros chamado por Misia Chinta que estimaba a súa gracia na conversación. Baixo o velón ardían as onzas da xogueta. D. Caetano era soamente un ollar para os cartos e unha man pálida rebulindo os naipes. O herdeiro ó sentir tanta claridade na faciana, diu un paso atrás. Logo repúxose e foi cara o pai para saudar e largarse ó leito. Mais dun esquinal chegou a verba ferinte de D. Xosé María: -"E logo, ¿non se quer divertir un pouco o señorito novo? Figura que non desexa ser desgraciado en amores".
>
> Entón o herdeiro xiado de xenreira sacou unha, dúas, ata cinco onzas vellas, prestixiosas, douradas do tempo que lle aumentaba o valor: as nocas de Carlos III daban ó tapete unha imperial maxestade. Houbo un pasmo xeral, unha sospeita nos miolos de D. Xosé María, un temor na alma da nai.
>
> Ó día seguinte a cousa das dez, Misia Chinta saiu para rega-los novos laranxeiros do xardín. Atopábase moi ben había unha tempada. Pensaba, recreándose, en compo-lo xardín dun modo máis xeitoso, cando viu un mozo que chegaba apegado ó muro e faloulle baixiño: -"Señora, non teña medo- tráiolle unha nova -é preciso ocultar ó señorito-. Véñeno prender. -Ista noite -para Portugal". Era o Corda (I, 112-113).

As conexións entre o conto e o episodio novelesco non son febles nin accidentais. E se marco, ambiente, motivos e circunstancias están repetidos con lixeiras variantes, de igual xeito ocorre con algúns dos personaxes. Quizais isto podería semellar a simple vista, un procedemento usual e típico do narrador do século dezanove que, desta forma, tenta de acrece-la impresión de realismo e verosimi-

(4) "Tres contos", *Nós,* nº 34, 5-X-1926, pp. 5-9.

(5) *Do galego e da Galiza,* Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1990, p. 203.

litude, de maneira que o lector, coma se dun rompecabezas se tratase, vai recompoñendo nas súas mentes a existencia duns personaxes que o narrador lle foi subministrando. Mais non estamos aquí diante dun procedemento tipo Balzac, con eses preto de dous mil personaxes que se van repetindo dunha novela a outra, ligándoas todas entre si para construir un modelo de sociedade complexa. O caso que nos ocupa é diferente incluíndose nel outro tipo de experiencias literarias.

Apréciase en efecto, unha economía de personaxes no episodio da novela respecto dos que aparecían no *conto.* Vexamos isto en detalle:

a) Otero retoma do conto para o episodio novelesco soamente catro personaxes, os cales, aínda que non aparecen nomeados cos mesmos apelativos, a súa correspondencia de identidade en ámbolos dous textos é exacta:

Conto	*Episodio da novela*
Misia Xacinta	Misia Chinta
O crego	O abade (D. Xerome de Castro)
O maorazgo	D. Caetano dos Doncos
O herdeiro	O herdeiro

b) Inclúe no episodio novelesco tres que non aparecían no *Conto:*

D. Xosé María da Pedreira.
Dous señores que viñeran tratar cuestións de rendas con D. Caetano
Un creguiño novo

c) Presentes n'*As onzas* e ausentes da tertulia reflexada na novela están:

O fidalgo das Quintás
As primas de Ourense
A escribana (nai e fillas)
As fillas do morgado
O capitán e a súa muller

Hai que salientar tamén no episodio novelesco a ausencia do *escribano* e dos *fillos do maorazgo* ós que implicitamente se aludía no *Conto.*

Eis pois, a distribución de personaxes en ámbolos dous textos. Mais a non inclusión dalgúns, presentes no contiño de *Nós,* no episodio da novela, non implica que queden fóra das páxinas d'*Os camiños da vida* senón que, pola conta, agás *o fidalgo das Quintás* (6) e *as primas de Ourense,* tódolos demais teñen cabida na novela oteriana. É máis: moitos dos personaxes reducidos a tipos n'*As onzas,* como é o caso de Misia Xacinta e do maorazgo, acadarán verdadeira categoría de caracteres na novela.

Tomando coma criterio referencial a *presencia/ausencia* de personaxes trasvasados d'*As onzas* ó episodio novelesco, examinemos coma mostra, o comportamento de dous deles na novela.

(6) Pola presentación que Otero Pedrayo fai n'*As onzas* do fidalgo das Quintás, non é posible ver nel a un antecedente de D. Xosé María da Pedreira xa que o fidalgo dos Pugas endexamais encamiña os seus pasos cara Compostela, nin ten nai que reclame ó seu carón nin tampouco se ensome esmorecendo na aldea como lle ocorre ó fidalgo das Quintás. O parentesco deste con outros fidalgos oterianos haberá que buscalo no D. Xacobiño do Pombeiro do *Mesón dos ermos,* no señorito Xavier da Pedreira de *Pantelas, home libre* e no primeiro D. Eugenio do Dubra de *La vocación de Adrián Silva.*

Ímonos fixar en primeiro lugar, na motivación básica da conducta de Misia Chinta, conducta que se revela en toda a súa intensidade ó longo das páxinas d'*Os señores da terra.*

Misia Chinta ou Misia Xacinta -con ámbolos apelativos é denominada na obra-, é o único personaxe puro da novela. Idealizada se se quere, presenta un contrapunto utópico ó cadro desolador que ocupa o centro da acción. Ela é o único elemento positivo na familia dos Doncos, representantes dunha fidalguía que sobrevive e vexeta nun presente continuo, case ralentizado en días sen sobresalto, e que fai caso omiso do tempo pasado, do decorrer presente e da súa proxección cara o futuro.

Otero Pedrayo adobía ó personaxe de Misia Chinta con tintes dramáticos. Un drama que comeza para ela no momento en que abandona o colexio da Enseñanza en Compostela para trasladarse ó pazo dos Doncos por mor do seu casamento con D. Caetano. Enterrada en vida, consome o seu tempo "*ollando para os alciprestes* e sofre *vendo chega-la noite crecedeira e medoñenta doutro outono* (I, 14), e tan só *a fermosura do pazo, o nacemento dos fillos e as conversas coa Gumersinda* (I, 17) a consolan un pouco.

A prohibición expresa de D. Caetano de manter relacións coa súa familia fai que pouco a pouco a súa estadía no pazo se faga cada vez máis insoportable e, deste xeito, *foi amerando a saúde de Misia Xacinta: malenconía crecedeira de outono en outono, logo unha doenza calada que foi pasando do espírito ó corpo mimoso e feble* (I, 21).

Na consideración de D. Xosé María da Pedreira, ela é o único *espírito señoril da casa* (I, 67) dentro da degradación dun medio familiar onde o Farruco, o segundo fillo, no cal *a nai doentiña, mirrada tiña posta a esperanza derradeira* (I, 100), aparece coma o derradeiro gromo decadente dunha caste, en perfecta correspondencia cun medio social igualmente degradado, coma o que mostra o cadro da fidalguía galega que aquí se describe.

Coma unha pantasma vivinte en fin, vémola camiñando *adispaciño polos corredores cheos de fraixe e xa acugulados de sombras asexantes* (I, 100) poucos días antes do seu pasamento, ocorrido *ós vinte días da fuxida do morgado cara Portugal* (I, 101).

En actitude similar, observámola na súa comparecencia á tertulia que se describe n'*As onzas,* onde se nos mostra a unha Misia Xacinta medoñenta, ida, co seu pensamento fóra do mundo, a cal, *sentada no sillón e envolta en cobertores só se alegraba unha miguiña cando as moedas lucían e soaban na mesa.*

Non deixa de sorprende-lo seu carácter cambiante no episodio da tertulia inserto na novela, onde a vemos *con outro ollar, leda e señoril,* motivada positivamente pola presencia de D. Xosé María da Pedreira a quen chamara, *porque estimaba a súa gracia na conversación* (I, 112). De tódolos xeitos, o carácter de Misia Chinta ó longo das páxinas d'*Os señores da terra,* adecúase perfectamente ó mostrado por este personaxe n'*As onzas,* permitíndose a licencia o seu mentor, de mostrárnola nunha actitude diferente nese pequeno cadro da novela.

Outro dos personaxes asistentes á tertulia -presente no contiño e ausente no episodio novelesco-, é o *capitán.* Merece a pena retoma-lo texto onde aparece presentado:

> Os derradeiros en chegar foron o capitán e a súa muller. Il era o elemento dinámico daquila tertulia de pantasmas. Ela inda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de ergue-lo patrimonio familiar (casiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) botado a desbarate polas toladas do pai, un vello aínda vedraio, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por frente dos osos navarros de D. Tomás e coñecera as noites de marcha polos penedos vascos, as loitas moi de mañán entre a ñeboeira e o sirimiri, o cariz enemigo das aldeiñas carlistas de corazón. Viñera desterrado porque o seu xenio demasiado franco e destemido non se contiña diante das parvadas estratéxicas dos xenerais da raíña. Vivo e ledo, sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade.

Facilmente recoñeceremos nel ó capitán Antonio Soutelo da novela, o pai de Paio e irmán de D. Adrián, que fai a súa aparición no capítulo que leva por título *O desterro,* primeiro da segunda parte da obra, e que atopa a súa morte nas rúas de Compostela durante os sucesos de 1846, segundo as novas que D. Adrián Soutelo nos refere no *Sherzo da Heroica,* capítulo terceiro desa mesma segunda parte da novela.

De tódolos xeitos hai unha "contaminatio" de, rasgos con outro personaxe que non aparece no contiño de *Nós,* pero que si ocupa un lugar de principalía n'*Os señores da terra.* Estámonos a referir a D. Xosé María da Pedreira, *o elemento dinámico* daquila tertulia de *pantasmas,* que *sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade.*

Poderemos decatarnos así mesmo, de como na muller do *capitán* -a Rosalía da novela-, está asomando outro dos personaxes presentes na triloxía oteriana; trátase da Ramonciña, a futura *Maorazga,* a encargada de defender e de ergue-lo patrimonio familiar case comesto e arruinado por mor do nugallento vivir do herdeiro do pazo dos Pugas.

Na nosa opinión pois, n'*As onzas,* tan breve na súa concentración de asunto coma na sinxeleza da trama, están anunciados moitos dos personaxes que percorrerán as páxinas d'*Os camiños da vida.* Pensamos por outra banda, que Otero dotou a este conto do marco adecuado para o desvelamento dunha serie de conductas e procederes que desenvolverá amplamente nunha das súas mellores novelas.

APÉNDICE

As Onzas

A tertulia estaba ben animada. De cando en cando oíase un decorrer de ferrollos, ladraba o can e entraba na sala un novo personaxe en compaña do frio vento de marzal. Xa estaban dende cedo as escribanas, nai e fillas, ocupando o mellor sitio rente á cheminea (o escribano restaba na casa chorando a luz que lle facía gastar aquil endiañado pleito de Oseira), o crego sentado coma sempre no grande arcaz labrado, atufado de rapé as nocas peludas e deixaba ve-las polainas de guerra baixo o balandrán verdecente; o fidalgo esguío das Quintás cecais soñaba cos tempos da estudiantina, cando en Santiago era admitido nos salós e podía ler libremente daquiles libres que viñan de Francia. ¡Que mal fixera en non demorar na vila! Il, home feito para as luces do século e non para esmorecer na aldea lonxana, deitada coma un can ó pé dun maorazgo bobo e dun crego noxento e tiránico. Mais aquila casiña brasonada, aquilas parras e a nai velliña trouxérano ó tristeiro estado de fidalgote cazador de coellos e farto de cuncas de caldo.

Tamén asistían as primas de Ourense e por decontado as fillas do maorazgo. Pequenas, fracas, dun raro e lucente ollar, andaban de eiquí para alí bufando xordamente entre elas e sen facer a penas caso da pobre nai, medio parva, Misia Xacinta, que sentada no sillón e envolta en cobertores, só se aledaba unha miguiña cando as moedas lucían e soaban na mesa. Os fillos, ¡úlos! Tabernas e feiras había de abondo no pais. Como non estivera algún coa testa rachada nas lousas do camiño das malas mulleres.

O maorazgo, o dono do grande pazo, sentíase triste aquila noite. De ordinario era de poucas falas; naquiles seráns xa longos, pasaba o tempo alcanzando polo corredor de pedra; nin lía os vellos libros da biblioteca, nin cazaba, nin a penas se entendía cos paisanos. Un bimbastro de home, xa vellote que só se lle quentaba a sangue á vista dunha boa moza.

Os derradeiros en chegar foron o capitán e a súa muller. Il era o elemento dinámico daquila tertulia de pantasmas. Ela inda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de ergue-lo patrimonio familiar (casiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) botado a desbarate polas toladas do pai, un vello aínda vedraio, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por frente dos osos navarros de D. Tomás e coñecera as noites de marcha polos penedos vascos, as loitas moi de mañán entre a neboeira e o sirimiri, o cariz enemigo das aldeiñas carlistas de corazón. Viñera desterrado porque o seu xenio demasiado franco e destemido non se contiña diante das parvadas estratéxicas dos xenerais da raíña. Vivo e ledo, sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade.

Sentáronse e comenzou a xogueta. O grande velón botaba unha luz pálida de lámpada de estudio sobre o fato de cabezas atentas ó correr das cartas. A señora fixaba na mesa o seu ollar abobado; o maorazgo non xogaba. Tristeiro e valeiro de pensamentos, paseaba pola grande sala e a cada volta perdíase na escuridade facendo renxe-las vellas táboas do piso.

De súpeto parouse e sentiu un arrepío de medo: na alacena onde se gardaba a louza xurdira unha nota cristalina, soa, temerosa na noite, unha pinga de psalterio de dúas copas que se tocaban. O maorazgo pensou: "É un aviso". E quedou sen enerxía, disposto para a desgracia que sen dúbida aletexaba polos arredores do pazo naquila noite fría de marzal.

Nas verbas dos xogadores, no estralar do fogo, no ar frío que viña polas fendas das madeiras, non había nada de particular. Só a espera dalgunha cousa.

Salaiou o grande portón da muralla e os ollos mortos do pai miraron o fillo máis grande entrar pola sala. Cativo, torto, enrugado, de ollos baixos, non parecía leva-lo sangue dunha caste fidalga.

Era o herdeiro. Á morte do pai non se porían marcos nos eidos. Os irmáns pequenos terían que vivir cáseque da súa esmola. Respetando e temido pola torta intención, tiña sona nas festas e nos fiadeiros de tódalas parroquias veciñas.

Aquila noite estaba máis pálido; as súas mans finas luciron na mesa botando as cartas con mestría. O xogo creceu coa súa presencia, houbo emoción nos vellos e interés no capitán, ata entón soamente cortés. De súpeto fíxose un grande silencio e abateuse unha sombra nos rostros, cando o herdeiro pousou na mesa unha tras outra, ata sete onzas de Carolus III.

Rematada de présa a tertulia, o pensamento de todos falou pola franca boca da muller do capitán. Era veciña de sempre e estimaba á xente do pazo. O herdeiro tiña a súa mesma idade. Colleuno a un lado:

-¡Ti fixeches algo malo! -dixo tremando angustiada.

Un falso sorrir latexou nos beizos do mozo. Os veciños fóronse axiña para as súas casas. Pechouse o portón e acugulouse o silencio nas salas do pazo. A nai tolleita e parva tiña ollos de espanto.

A noite longa e fría foi percorrida por grandes ventos ouveantes. Ó rompe-lo día, a dúas leguas do pazo, as primeiras vellas que correron á misa atoparon o gandeiro morto no camiño fondo onde inda reinaba a noite. Ferido en loita franca ó voltar da feira, tiña sido rematado por man aristocrática polo prezo dunha xugada de bois.

Estrategia narrativa de Valle-Inclán, en *La media noche*

BENITO VARELA JÁCOME

La renovación del discurso narrativo valleinclanesco se inicia con *La media noche* y culmina en *Tirano Banderas* y la trilogía *Los amenes del reinado*. Cinco novelas históricas de contenidos y técnicas distintas. En el *Tirano,* el autor utiliza préstamos novelescos y situaciones y personajes de la conflictividad histórica mejicana. *La corte de los milagros, Viva mi dueño* y *Baza de espadas* son modelos dinámicos de *roman fleuve,* exploración de la turbulenta situación española de las vísperas del 68, diversificado retablo de la áspera realidad sociopolítica.

El novelista gallego se inscribe dentro de la nueva concepción de la novela histórica. Quedan muy atrás el romanticismo de la desilusión, el realismo crítico, el "humanismo democrático", los héroes problemáticos, según la concepción de Georg Lukacs (1). Se desliga, incluso, del "crepúsculo de los mundos imaginarios" y de los procesos subyacentes de Proust y Joyce.

La media noche deriva de la "desgarradora vivencia" de un día de guerra en el frente francés, en 1916. No podemos olvidar las situaciones límite de la conflagración internacional. El desfile de la violencia, la muerte, la prisión, el exilio y la miseria, ejerce una influencia decisiva. Para Aldous Huxley (2), la generación anterior al conflicto bélico se movía dentro del dominio "animal racional"; la siguiente se orienta hacia el "animal subconsciente". Valle-Inclán se mantiene dentro de la primera dimensión y prescinde de la profundización subconsciente.

El montaje de los eventos históricos, documentados o vividos, está movido por los procedimientos divulgados por las primeras corrientes vanguardistas, por el simultaneísmo, por las recientes teorías filosóficas sobre el tiempo. Por otro lado, se decide por el protagonismo colectivo, pero con una reducción radical del tiempo, a diferencia de los dilatados espacios cronológicos de dos ciclos franceses: *Les Thibault,* de Roger Martin du Gard, publicado a partir de 1925, y de *Les hommes de bonne volonté,* de Jules Romains, iniciado en 1932.

(1) Cfr. Lucien Goldmann, *Pour une sociologie du roman,* Paris, Ed. Gallimard, 1964, pp. 24-26.

(2) Cfr. Benito Varela Jácome, *Renovación de la novela en el siglo XX,* Barcelona, Destino, 1967,

1. TESTIMONIOS EPISTOLARES DE LA GRAN GUERRA

Varios escritores españoles son testigos de excepción de la primera guerra mundial. El novelista asturiano Armando Palacio Valdés nos deja un testimonio de sus crónicas en el libro *La guerra injusta.* Corpus Bargas actúa como corresponsal acreditado en el Estado Mayor francés. Ramiro de Maeztu sigue la campaña con el ejército inglés. Blasco Ibáñez, residente en París, al iniciarse la guerra, vive de cerca las situaciones del conflicto que le proporcionarán materia para su novela *Los cuatro jinetes del Apocalipsis* (1916).

Para contrarrestar la propaganda alemana, el gobierno francés intenta contar con personalidades políticas y literarias. Y de este proyecto derivan sus contactos con Lerroux y Blasco Ibáñez, y la invitación a Valle-Inclán, para visitar el frente de combate. El intermediario de esta gestión es Jacobo Chaumié, traductor de *Mi hermana Antonia* y parte de *Romance de lobos* (3).

Las gestiones de don Ramón vienen de muy atrás, como lo demuestra esta carta, remitida a su amigo padronés, don Estanislao Pérez Artime (Tanis) (4):

Madrid, 10-I-1915

Mi querido Tanis: Desde el día que llegué hice la recomendación de las laminas para la Tertulia (¿no se llama así esa Sociedad de recreo?).

Pronto te escribiré una larga carta comunicándote nuevas de la guerra.

Yo tengo el compromiso de ir a Francia, muy pronto. Quieren que escriba un libro de la guerra. Que el Gobierno francés me haya encomendado esta misión te confieso que me llena de orgullo. Otro sacaría de ello un gran provecho, pero a mi me costará los cuartos, cuando menos en los primeros tiempos. Claro que al final, una vez publicado el libro, espero que haga ruído. Se publicará antes que en castellano en francés, inglés y ruso.- Mucho me alegraré que tu madre esté ya bien. Mis afectos para todos. Hasta que te escriba más largo te manda un abrazo tu amigo.

Ramón

A pesar de esta anticipación, el proyecto debió pasar por distintas fases, porque en las sucesivas cartas a Tanis, en 1915, no aparecen otras referencias. Sin embargo, el novelista demuestra una especial preocupación por el conflicto, seguido a través de la prensa madrileña y de las noticias difundidas en las tertulias. Su información se plasma en esta larga carta, remitida en la fecha en que la ofensiva sobre Verdún logra sus primeros objetivos. Por cierto que Valle-Inclán muestra su postura aliadófila y se permite una estrategia de mesa de café, basada en aventurados movimientos envolventes de los ejércitos aliados (5):

(3) Cfr. Corpus Barga, "Valle-Inclán en la más alta ocasión", *Revista de Occidente*, 44-45, 1966, pp. 294-295.

(4) Hace años, la familia de Pérez Artime me permitió la consulta de las cartas que transcribo. La parte esencial del texto epistolar siguiente, fue publicado por José Caamaño Burnacell, en "Los dos escenarios de *La media noche*", *Papeles de Son Armadans*, t. XLIII, nº CXXVII, p. 139.

(5) Raimundo García Domínguez ("Borobó") glosa esta carta en "Valle-Inclán explica las razones del ataque alemán a Verdún", en *ABC*, 28 de mayo de 1965.

Hoy- 28-II-1916

Querido Tanis:

Hoy recibo una carta tuya. Tienes mucha razón al quejarte de mi silencio, y no quiero dejar pasar un día más sin responder a tus cartas.- Quisiera poder darte algunas noticias de la guerra, pero es muy poco lo que se sabe con certeza. Los alemanes tienen prisa por llegar al fin, y a esto responde el formidable ataque á Verdun. El plan de los aliados era inmovilizar la guerra en Francia, en Italia, en Rusia y en los Balcanes. Alcanzado este objetivo, maniobrar con el ejército ruso del Caucaso, llegar a Trebisonda, y revolverse contra Constantinopla. Entanto las tropas inglesas del Egipto, un millón de hombres, emprenderían una expedición a través del desierto para llegar también a Constantinopla. Los rusos llevarían un ejército al Mar Negro, para ayudar al mismo fin. Y los restos del ejército servio, con tropas italianas, en total 500.000 hombres, harían un desembarco protegidos por las escuadras aliadas. Ante acometida tan formidable Constantinopla sucumbiría, y este hecho decidiría la intervención de Grecia y Rumanía á favor de los aliados. Esta sería la segunda fase de la guerra: Grecia y Rumanía, atacarían a Austria por la Galitzia, é Italia por los Alpes.- De este triple ataque se espera que Austria pida la paz.- Ahí tienes explicado por que los alemanes atacan a Verdun con tanto empeño. Es para ellos cuestión de vencer ahora o nunca. Para los alemanes la guerra tiene que decidirse ahora en Francia. ¿Qué pasará?. Allá veremos. Mis afectos a todos. Un abrazo de tu viejo amigo.

Ramón

Por fin, en el mes de mayo de 1916, llega a París y se instala con la familia Chaumié. Corpus Barga (6) nos brinda un testimonio de su llegada y nos introduce en un restaurante del Barrio Latino, frente al Jardín de Luxemburgo:

"--*Le Matin* -le dije yo-, ha publicado esta mañana el retrato de usted anunciando su llegada. El patrón de este restorán se ha enterado que es usted un gran escritor y le ha identificado por las barbas en cuanto hemos entrado; en seguida ha considerado como un gran honor y una buena publicidad para su establecimiento que usted acuda a él, sobre todo, siendo el primero en que va usted a comer en París".

El periodista madrileño registra, además, la visita del autor de las *Comedias bárbaras* a las trincheras y alude a su estancia durante dos días con los aviadores franceses y al vuelo nocturno sobre el frente.

Además, nuestro escritor nos brinda otro testimonio epistolar de la estancia en los frentes de Alsacia y los Vosgos:

París -12-V-1916

Querido Tanis: No quiero dejar de enviarte dos letras en este breve descanso que hago en París, -ya de vuelta de Alsacia y las Vosgas-. Pronto saldré para la Champaña. En Alsacia he visitado las trincheras de primera línea, pero ni he visto un alemán, ni he oído un tiro. Ví montes que eran bosques espesos, segados por la metralla como si hubiese pasado el hacha de un terrible leñador. La moral de las tropas francesas es admirable. Tienen una fé religiosa en la victoria. -Las posiciones que los franceses ocupan en Alsacia dominan la gran llanura, y divisan los Alpes Suizos, y la Selva Negra, en el Gran Ducado de Baden.- París en estos momentos está lleno de un sentimiento profundo de amor y de respeto al Ejército. En los tranvías, cuando entra algún mutilado, las señoras se levantan y le ceden su puesto. ¡Y son tantos los mutilados!.

Otro día te escribiré más largo. A todos mis afectos. Te abraza tu viejo amigo,

Ramón

Ya de regreso en España, Valle-Inclán escribe, en Cambados, sus vivencias bélicas, para "Los Lunes" del periódico *El Imparcial,* con el título *Un día de guerra.*

(6) Art. cit., pp. 288-289.

Visión estelar. Las primeras entregas se insertan desde el 11 de octubre al 18 de diciembre, de 1916, con el rótulo "Parte primera: La media noche". Ya en 1917, entre el 8 de enero y el 26 de febrero, aparecen las colaboraciones de la "Segunda parte: En la luz del día". Tres meses más tarde, recoge la primera serie en el libro *La media noche. Visión estelar de un momento de guerra* (7).

Debemos resaltar que las precisiones epistolares entran en las páginas del libro. Y, lo mismo que en las cartas, la postura del novelista gallego es, antes que nada, francófila. Los alemanes son nominados "enemigos", y se les atribuyen, constantemente, las destrucciones de la retaguardia y la cruel historia de las dos hermanas violadas. A veces, emplea tonos sentenciosos y calificaciones parciales:

> "El francés, hijo de la loba latina, y el bárbaro germano, están otra vez en guerra."
>
> .....
>
> "¡El dolor de la guerra estremece y conforta el alma de Francia"
>
> .....
>
> "-Para el alma francesa, armoniosa y clásica, el teutón continúa siendo el bárbaro."

Tampoco falta la denuncia parcial de supuestos abusos con los soldados alemanes: emborracharlos, para darle bríos; "trincarlos" a las ametralladoras, y los azotes de los oficiales.

Pero, incluso, denuncia el comportamiento del bando aliado: las acciones de los ingleses y la caballería india que no dan cuartel a los vencidos. Sin embargo, su compromiso se vincula con ellos. Podemos aportar otro testimonio, ya de finales de la contienda, de abril de 1918: una carta dirigida a su receptor habitual, comunicándole su preocupación por los reveses aliados:

> "Como verás por los periódicos la guerra no va bien para los aliados. Yo creo que todavía se alargará mucho tiempo á pesar de todo lo que se dice en contrario, y que estas batallas de ahora no serán mas que las de Ipres y del Iser.
>
> Si la guerra se alarga, como me parece seguro, la situación de España va á ser muy difícil." (8)

2. ESTRUCTURA DEL DISCURSO NARRATIVO

El discurso diegético de *La media noche* se estructura en contrapunto, en simultaneísmo, entre las trincheras y la retaguardia (9). La fragmentación en cuarenta unidades narrativas resuelve, en parte, la pretendida focalización múltiple. La secuenciación de las situaciones bélicas se desarrolla en un tiempo reducido, iniciado a media noche y concluído cuando el alba se proyecta sobre la geografía mutilada. Media docena de horas de una noche de mayo de 1916, punteada de *shifters* temporales, generalizadores o concretos:

---

(7) Primera edición: Madrid, Imprenta Clásica Española, 1917. Cito por esta primera edición.

(8) La crisis llega para los aliados en los primeros meses de 1918, mientras no llegan los contingentes norteamericanos, sobre todo desde el 21 de marzo con la primera gran ofensiva alemana.

(9) Cfr. Darío Villanueva Prieto, "*La media noche*, de Valle-Inclán: Análisis y suerte de su técnica narrativa", *Homenaje a Julio Caro Baroja*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, 1978, pp. 1031-1054. Trabajo básico para el estudio de la estructura narrativa, el espacio y el tiempo en esta novela valleinclanesca.

"filo de la media noche"	"paliden las estrelas"
"las doce de la noche"	"bajo el cielo nebuloso del alba"
"ya cantó tres veces el gallo"	"en el ápice de la noche y el día"
"filo del amanecer..."	"cuándo la luz del alba que comienza..."
"convoyes en las nieblas del amanecer"	

Para llenar de eventos bélicos este espacio temporal limitado, nuestro autor recurre a dos procedimientos muy distintos: la sapienza astrológica que "descarna el alma que quiere mirar al mundo fuera de geometría", y la focalización externa, directa, con un objetivo angular reducido..Reitera, además, la estructura contrapuntística, el simulataneísmo de situaciones. Podemos seleccionar como ejemplo de encuadres múltiples el capítulo tercero, con la alternancia, en yuxtaposición, de tres sistemas de indicadores:

juego de luz y sombra	transportes	movimientos humanos
sombras de la noche	largos convoyes	soldados descensando
los cohetes "abren	filas de carros	escolta de veteranos
sus rosas"	al abrigo de los bosques	"un ciclista con orden
reflectores sobre la	carros de municiones	de ruta"
campiña	carros con los faroles	el sargento la deletrea
"espectro de un pueblo	apagados	
en ruínas"		
cañonazos		

El simultaneísmo es una recurrencia frecuente del novelista. En los capítulos XXXIV-XXXVII, se suceden, en contrapunto, espacios tangenciales o alejados. Las representaciones espaciales y los eventos del proceso bélico configuran tres bloques interrelacionados. Por un lado, la visión globalizadora, panorámica, *estelar,* de la lucha, transmitida en una decena de unidades de numeración discontinua, en alternancia con las "visiones" de la destrucción de la retaguardia.

La retaguardia se representa en una veintena de capítulos, centrados en los bombardeos, el derrumbe, los iíncendios. El procedimiento de avance focal, en *traveling,* capta los largos convoyes de municiones, las cabalgadas de los escuadrones de caballería, los caminos embarrados, fugazmente iluminados por cohetes y reflectores. Todas estas unidades se intensifican con el eje dramático del "dolor de la guerra". Entre los núcleos diegéticos básicos destacan: la muerte del niño ante la casa incendiada; la tensa historia de las hermanas violadas; los contrastes cruentos del hospital de sangre; la operación, de factura expresionista, de los marineros temerosos que arman de velas a los cadáveres hidrópicos, para alejarlos de la playa...

Las diversas acciones de la primera línea, la lucha en las alambradas, los asaltos de los dos bandos a las trincheras, se exploran, con distinta presencia, a lo largo de unas quince unidades narrativas. Los tres bloques alternantes se estructuran en este orden:

Visión astral	Retaguardia	Vanguardia
I-referencias II		II
	III	
IV-V		VI-VII
refer. VIII-IX	VIII	IX
	X-XI-XII	XIII
	XIV XIX	
	XV-XVI-XVIII	
	XX-XXI	
	XXII	XXIII-XXIV
	XXV	XXVI-XXVII
XXVIII-XXXIX		
	XXX	XXXI-XXXII
	XXXVIII-XXXIX	
XL		

3. COSMOVISION ASTRAL

En la estructuración del discurso diegético de *La media noche,* nos interesan, especialmente, la estrategia narrativa y las técnicas para reproducir las múltiples funciones bélicas. El propio novelista esboza una teoría visional, en la "Breve noticia" preliminar. Su intencionado propósito consiste en "condensar en un libro los varios y diversos lances de un día de guerra en Francia". El dilatado frente de batalla, "que desde los montes alsacianos baja a la costa del mar", imposibilita la visión globalizadora, basada, únicamente, en "la humana y geométrica limitación que nos veda ser, a la vez, en varias partes".

Este planteamiento genera el conflicto entre la focalización directa, ocular, y la visión *astral,* desde "los ojos de las estrellas". La perspectiva limitado por la posición del narrador está sujeta "a las leyes geométricas de la materia corporal y mortal". En cambio, lo deseado sería la "intuición taumatúrgica" de estar, a la vez, en varios lugares, con la proverbial multiplicidad de Cagliostro.

Esta concepción "que parece fuera del tiempo y del espacio", que no es ajena a la literatura, le proporciona una triple perspectiva focalizadora:

- la visión del mísero soldado que lucha "sumido en la trinchera".
- la del general "que sigue los acontecimientos de la batalla, encorvado sobre el plano"
- los cientos de miles de relatos distintos de los combatientes que regresaron a sus hogares (10).

Esta perspectiva múltiple configurará una visión, cifra de todas:

"Desaparecerá entonces la pobre mirada del soldado, para crear la visión colectiva, la visión de todo el pueblo que estuvo en la guerra, y vio a la vez desde todos los parajes todos los sucesos. El círculo, al cerrarse, engendra el centro, y de esta visión cíclica nace el poeta, que vale tanto como decir el Adivino." (11)

(10) *La media noche*, p. 6.
(11) Id., pp. 7-8.


La propia experiencia del escritor del vuelo nocturno sobre el campo de batalla, en un avión militar francés, le sugiere la perspectiva panorámica, la contemplación desde las alturas, en picado, sobre un dilatado horizonte. Corpus Barga (12) refiere esta aventura entre los aviadores y transcribe las palabras que le dice don Ramón, antes de regresar a Madrid:

> "-El vuelo de noche ha sido una revelación. Será el punto de vista de mi novela, la visión estelar."

El capítulo I de *La media noche* confirma esta vivencia inquietante. En la tiniebla del cielo, los bombarderos, con su carga de explosivos, "para destruir, para incendiar, para matar", vuelan contra el viento, atraviesan "cóncavos nublados"; planean "sobre el humo y las llamas de los incendios". Mediante el gran angular de la perspectiva astral, asume la visión totalizadora que le permite recorrer la extensión del frente de combate, "desde los bosques montañeros de la región alsaciana, hasta la costa brava del mar norteño": doscientas leguas de trincheras, con cientos de miles de soldados:

> "y solamente los ojos de las estrellas pueden verlos combatir al mismo tiempo." (13)

El esfuerzo efectivo de querer "ser centro y tener de la guerra una *visión astral,* mirar el mundo fuera de geometría", se repite en varios capítulos. En la breve unidad narrativa quinta, además de la confluencia de sensaciones auditivas, la visión astral se ramifica de esta forma:



En el capítulo VIII, la exploración fragmentada de la retaguardia y la panorámica del dilatado frente se expresan así:

> "Los dos fosos enemigos galguean por negros bosques y resonantes quebrados, cuándo despeñados, cuándo cimeros. Cruje astillado el tronco de los abetos, y al doblarse bajo la tempestad de nieve y de metralla, el ramaje ciega los caminos." (14)

El enfoque múltiple, en contrapunto de movimientos, acciones y espacios, se repite en otras unidades. En el capítulo XXVIII, alternan la visión "estelar" y la perspectiva externa del relevo de tropas en todo el frente de batalla. La retaguardia de la dilatada trinchera "ondula desde el mar a los montes alsacianos". La focalización múltiple se estructura en sistema contrapuntístico entre los soldados que van de relevo y los que retornan a la retaguardia. El sincronismo se aplica a las tensiones de la lucha y a las inclemencias climáticas, en el capítulo XXIX:

(12) Art. cit., p. 297.
(13) *La media noche*, p. 12.
(14) Id., pp. 26-27.

"Esta misma hora es de nieve y ventisca en los montes alsacianos, de niebla espesa en el mar, de fría lividez en la Champaña" (15).

A través de las doscientas leguas de foso cenagoso, lleno de ratas y resplandor, tiritan las manos doloridas de los soldados sobre los fusiles. El retumbar de la guerra -estallido de bombas, eco profundo de las minas y restallar de ametralladoras- sobresalta a los combatientes, ante los parapetos que se desmoronan. Y la imagen horrenda de la muerte rompe la visión panorámica, para fragmentarse en enfoques concretos:

-lamentos de los heridos
-cuerpos cubiertos de sangre
-largas hileras de muertos aplastados sobre la tierra
-revolar de cuervos que se abaten bajo el cielo del alba

La visión panorámica, totalizadora, con el relieve de situaciones límite, corona la novela. Al lado del simultaneísmo de los campamentos -Ipres y Arras, Verdun y Reims, Thann y Metzeral-, se reproducen las carreteras de la retaguardia, los ventorros, las granjas, los espacios suburbanos llenos de soldados, el galopar de las patrullas de caballería. La visión diversificadora se amplía con enfoques sucesivos de escenas dinámicas o estáticas, en contrapunto. Con una técnica cinética, Valle-Inclán encadena una treintena de planos, para reflejar todo el movimiento de la retaguardia. El proceso de representación de la trágica realidad bélica se transmite con un intencionado simultaneísmo, con un acento épico sintetizador:

"En la retaguardia de las trincheras se tienden bosques quemados por los gases asfixiantes, granjas saqueadas, aldeas en escombros, iglesias con el campanario mocho... Es una sucesión de imágenes desoladas que no se interrumpe desde la costa norteña a los montes de Alsacia. En los atrios de las viejas ciudades estallan las granadas, caen las piedras de las catedrales, los pórticos coronados de santos tiemblan en sus cimientos, se rompen los rosetones, y las golondrinas vuelan asustadas por las naves desiertas. En la luz del día que comienza, la tierra, mutilada por la guerra, tiene una expresión dolorosa, reconcentrada y terrible." (16)

4. SITUACIONES LIMITE DE LA RETAGUARDIA

Las zonas de la retaguardia, además de puntos claves de aprovisionamiento y de descanso de las unidades de combatientes, son escenarios de destrucción de monumentos, de incendios de aldeas y cosechas, de la lucha con la muerte en los hospitales, de brutales tragedias protagonizadas por gentes inocentes. Las poblaciones bombardeadas se perfilan, entre las sombras nocturnas, como expresión trágica de la guerra:

"Ciudades cercadas por serenos ríos, villas sobre provinciales carreteras, aldeas entre prados, levantan sus ruínas frente al campo de batalla. Las casas, negras del incendio, con la techumbre hundida entre los cuatro paredones, y desmoronándose las tripas de cascote, son ruinas de una emoción árida y acongojada." (17)

(15) Id., p. 82.
(16) Id., pp. 112-113.
(17) Id., cap. XXVIII, p. 79.

Los primeros planos del "espectro del pueblo en ruínas, quemado y saqueado", se repite. En el encuadre de Metzeral, incendiado, las casas de la ribera muestran "sus esqueletos rojos y humeantes", con la caída sorda de los muros y la techumbre (c. VIII). Al estampido de las bombas, brotan las llamas de los incendios:

> "Arden las mieses, y las sobrecogidas aldeas, y las ciudades que lloran, al derrumbarse las torres de sus catedrales."

La ciudad bombardeada de Arras se diseña en la noche. Las bombas socavan profundos hoyos en las plazas; en algunas áreas urbanas, los edificios "se aplastan y desparraman por tierra"; en calles enteras, "los esqueletos se mantienen en pie, con las fachadas en escombros. Destaca, en este cuadro de destrucción la catedral:

> "Negras y destripadas humean las casas; la catedral es un montón de piedras; los sillares desbordan por las bocas de cuatro calles y las ciegan. Rosetones y cruces, gárgolas y capiteles mutilados asoman entre los escombros." (18).

Además de su interpretación novelística, Valle-Inclán nos ha dejado un testimonio epistolar sobre el tremendo castigo a las ciudades de retaguardia. Esta es la estremecida visión del derrumbe de los barrios de Reims y la dura lucha en la Champaña, en la carta remitida a Pérez Artime, fechada en París el tres de junio de 1916:

> Querido Tanis: Te envío estas letras en vísperas de salir para Verdun, después de haber visitado Reims y la Champaña. Reims es una ruína lamentable. La catedral, de sus magníficas esculturas de la fachada no tiene una sola con cabeza. Es un dolor. Han caído sobre ella cientos de bombas. El barrio que está detrás de la catedral es una escombrera. Ni una casa ha quedado en pie. Era el barrio industrial, lleno de fábricas de tejidos y fue destruído metodicamente, sin duda, para acabar con la competencia industrial. Pero estas bravas gentes de Reims se han acostumbrado al bombardeo y los niños juegan en las plazas, en medio de los grandes hoyos que abren las bombas.
>
> En la Champaña la guerra es muy dura. Se pelea en un país llano y yermo, que recuerda algo el paisaje de Castilla. Las trincheras son grandes zanjas en muchas partes llenas de agua, y siempre enlodadas: Verdaderos pecinales. En las trincheras de primera línea se habla en voz baja. Los alemanes están a veinte pasos. Yo he volado sobre las trincheras alemanas, y jamás he sentido una impresión que iguale a ésta, en fuerza y en belleza. He visto hundirse entre llamas un avión francés, y el entierro de los dos bravos que lo tripulaban. No tenían forma humana. Eran una masa sangrienta...

La destrucción material genera el inmenso *dolor de la guerra.* Está representado por los extensos campos de cruces; la larga fila de muertos; los rostros lívidos, bajo "el cono de luz de las linternas", las cabezas truncas, recubiertas de barro y sangre. Las situaciones límite se repiten. Sirve como ejemplo, el matrimonio que contempla como se quema su casa y, al mismo tiempo, vive el dolor de la muerte del hijo pequeño representado por los lamentos de la madre y los gritos insistentes, obstinados, de la niña. Mientras, en contrapunto, desfilan los soldados hacia las trincheras, resuena el cañoneo incesante y resplandecen las llamaradas de los pueblos incendiados.

(18) Id., cap. XIV, p. 41.

El episodio de los cadáveres boyantes se narra con morosidad, en los capítulos X-XII. Cerca de la ciudad flamenca de Furnes, la escuadra de marineros, formada por pescadores de Normandía y Bretaña, contempla con crédulo temor supersticioso, los cuerpos hinchados de los soldados muertos, semienterrados en la arena:

> "Sopla el viento del mar, y la resaca arrastra hacia la orilla los cadáveres amoratados e hidrópicos de algunos soldados alemanes: Flotan entre aguas: Una ola los levanta en la espumosa cresta, otra los anega. Sus botas negras y encharcadas se entierran en la arena, sus grandes cuerpos hinchados tumban sordamente." (19)

La creencia de que los ahogados no deben enterrarse tiene a los marineros en tensión; piden permiso al teniente de navío para ponerles velas. Entran en el agua fosforescente y ejecutan la áspera y macabra operación de convertirlos en veleros. El escritor gallego intensifica las fórmulas lingüísticas, hasta conseguir esta escena de técnica expresionista:

> "A lo largo de la playa flotan más de cien cadáveres alemanes inflados y tumefactos. Uno hay que no tiene cabeza, otros descubren en el vientre y en las piernas lacras amorotadas, casi negras. Comienza la faena de ponerles velachos con las pértigas y lienzos de las tiendas. Valiéndose de los vicheros, les hacen brechas en la carne hidrópica, y clavan los astiles donde van las lonas. Luego, supersticiosos y diestros, los empujan hasta encontrar calado: Sesgan la vela buscando que la llene el viento, y, al tobillo o al cuello, les amarran las escotas. Los muertos se alejan de la playa como una escuadrilla de faluches..." (20)

Otro proceso de tensiones dramáticas, derivadas de la brutalidad de la guerra, se desarrolla, sin solución de continuidad, desde el capítulo XIV, hasta el final del XIX. El discurso narrativo interpreta la historia de las dos muchachas violadas por un soldado alemán. En la ciudad de Arras, destruída por los bombardeos, se inicia el viaje inquietante de una viuda de guerra y sus dos hijas, hacia el hospital. El resplandor lunar descubre a sus ojos asustados la trágica violencia de la lucha. Los rostros de las hermanas Carolina y Enriqueta reflejan los signos de su drama: palidez, cabellos revueltos, ojos llorosos. Una mujer se lamenta continuamente, con las manos en la cintura.

El itinerario fantasmal, lleno de sobresaltos, concluye en la puerta del centro hospitalario. Y entre sus sollozos y palabras entrecortadas, el lector descubre que fueron brutalmente violadas por un combatiente enemigo. El discurso diegético de esta historia límite se estructura en un tiempo reducido, con el encadenamiento de funciones básicas:

Agentes Carolina y Enriqueta	función límite (pasado) violadas por soldado alemán	itinerario en carro violencia	obstáculos trayecto nocturno, controles filas de muertos	hospital caballos destripados congoja llanto	llegada desenlace entrada en el zaguán sugerencia aborto	Reconocimiento médico-

(19) Id., p. 34.
(20) Id., pp. 37-38.

La historia dramática de las hermanas violadas se enlaza, en el hospital con otras situaciones límite: la llegada de cuarenta carros de la Cruz Roja, con sucesivas escenas de sangre; la "vía dolorosa, llena de quejas y largos ayes" de los heridos hacinados en los pasillos; las quejas delirantes; la sucesión de intervenciones precipitadas.

Valle-Inclán consigue activar funtivos intensificadores de las distintas secuencias; el encadenamiento de enfoques configura un sistema de dinámicas situaciones tensionales, con yuxtaposición de acciones gestuales, en contrapunto:



5. LA LUCHA EN LAS TRINCHERAS

Otro bloque, también discontinuo, representado por una veintena de capítulos, se centra en las trincheras, en la lucha encarnizada, en el espacio hostil de los fosos y del campo de alambradas. Encontramos un primer ejemplo en el encadenamiento de los movimientos cautelosos de los centinelas de "pérdida" hacia la avanzada alemana. Este capítulo VI es un modelo de fragmentación en funtivos tensionales que conducen a un final irreversible:


-se arrastran cautelosos sobre la nieve
-avanzan entre el "sordo rumor de marejada"
-se aplastan, cuando los reflectores laminan el campo
-corren entre la metralla que siega el bosque

-pisan un montón de cadáveres, enterrados en la nieve
-pasan entre los muertos, llevándose su olor
-al tocar la alambrada, violenta sacudida los lanza por los aires
-caen ardiendo "simulan dos peleles"

La misma ocurrencia de movimientos de avance y violencia está protagonizada por los alemanes, en el capítulo siguiente:

-los alemanes salen de sus trincheras -en la oscuridad, llegan a las avanzadas francesas -bajo los reflectores, se arrastran sobre la nieve -los franceses abren fuego	-los alemanes se incorporan y arrojan granadas -unos caen, otros los secundan -combaten en oleadas -fuego francés de fusil -las granadas caen en trinchera -gritos de los alemanes, al penetrar en el foso (21)

La visión de la trinchera, cifra de oscuridad, fango y tumulto, se funde con el enfoque, en *traveling*, del perro que porta el comunicado del desesperado ataque germano. La focalización externa, sin instancia delegada, delimita y recorta sucesivos encuadres de las trincheras inundadas, ya desde el segundo capítulo:



La lucha se centra, también, en las trincheras en otras unidades narrativas. En el capítulo XIII, los cronotipos de presente actualizan la visión de los fosos y las casamatas convertidos en arroyos de fango. Las trincheras azotadas, los taludes derrumbados, por "la lluvia de bombas", en "un ciclón de fuego", alternan con la lucha generalizada a lo largo del frente (c. XXIII).

La focalización externa, objetivizada, se repite en las unidades narrativas finales. Pero también el autor se introduce, a veces, en el relato, para reflexionar, con un enfoque aparentemente neutro, las situaciones de violencia, para confesar su postura francófila. Pero la filtración subjetiva es sustituída por la óptica externa. Puede constatarse esta perspectiva en los capítulos XXVI y XXVII, con el engarce tensional de funtivos dramáticos, alucinantes:

(21) Id., pp. 22-26.

-soldados que se mueven, guiados por la linterna sorda del cabo

-avanzan por la trinchera anegada — resbalando / cayendo / levantándose

-abren un desagüe, "en un lago de barro"
-cavan, enredados en alambradas que desgarran sus carnes
-aparecen muertos enracimados en el fondo
-van sacándolos de entre el cieno, alineándolos sobre el talud

La perspectiva horizontal, con un angular reducido, fijado en el círculo de luz vacilante, nos ofrece encuadres efectivos como estos:

"El cabo mete su linterna por la boca de los abrigos. La luz tiembla sobre el agua dormida; las ratas trepan asustadizas por el muro de tierra, y unas botas negras e hinchadas rompen la luz de la charca. Las aguas hacen un círculo en torno. Los pies del muerto tienen un ligero vaivén"

.....

"Un perro de lanas nada, teniendo en los dientes el brazo de un cuerpo que se hunde. Se ve la mano lívida. El perro nada hacia la luz." (22)

Las tensiones dramáticas de la primera línea se dinamizan en el capítulo XXXII, con el avance y el salto de los aliados a la defensa alemana, en un trágico contrapunto el movimiento obstaculizado de la columna, el tumulto del combate, la violencia y la muerte:

dinámica del avance	violencia-muerte
-los soldados resbalan chapotean -se hunden en el agua, en los tremedales -oleadas de asalto -combatientes con la granada en la mano -avance a la carrera,/ arrastrándose	-heridos se desangran en la alambrada -muertos aplastados, desnudos, desgarrados -los heridos reptan por las esguevas -clamor estremecido de socorro -las trincheras, atuídas de cadáveres

El relato impresionante se interrumpe, se quiebra, con el engarce enmarcado de un canto personalizado, elegíaco: alegato antibelicista, excesivamente enfático y reflexivo (c. XXXIII). Pero en las cuatro unidades siguientes, la narración retoma su ritmo, su climax trágico. En un coro intensificado se entremezclan los vivas, los gritos, los lamentos, el retumbar del cañón y el teclear de la fusilería. Se suceden los enfoques de situaciones límite: la carne chamuscada, los plantos de los heridos; un soldado alemán, envuelto en llamas, corre dando gritos; se destacan los combtientes recubiertos de sangre y de lodo; los rendidos piden clemencia; la caballería india alancea a los atrapados sin cuartel...

(22) Id., pp. 76-77.

A moura na literatura popular galega: Achegamento antropolóxico e estructural a algúns relatos

DOLORES VILAVEDRA

"Innombrables sont les récits du monde."
R. Barthes.

A literatura popular galega é rica en contos, lendas e narracións de diversa índole que foron transmitidas por vía oral nunha sociedade non urbana e que ben pronto espertaron o interese de historiadores e eruditos que pretendían atopar nelas argumentos a prol da existencia dunha personalidade racial, cultural e política intrinsecamente galega.

A recollida e o estudio das formas épicas e líricas da nosa literatura popular, que tivo precursores eminentes como Murguía, comeza a abordarse con pretensións científicas no labor do "Seminario de estudos galegos" e dos seus continuadores: Risco e Carré Alvarellos (entre outros) dispuxeron así de material abondo no que sustenta-las súas teses atlantistas e celtistas.

Os anos 60 e 70 abren novas vías para afronta-los estudios da literatura popular: estamos a falar do desenvolvemento científico da antropoloxía cultural e do camiño aberto pola xa clásica *Morfología del cuento* de Vladimir Propp (1) que puxo de manifesto a existencia de constantes na estructura discursiva do conto popular cun procedemento de análise desenvolto, rectificado e matizado por continuadores da escola estructuralista francesa tan ilustres como Etienne Souriau ou Claude Brémond. A isto hai que engadi-los traballos resultantes da consolidación da semioloxía como ciencia que durante algún tempo centrou o seu interese na investigación do folclore, co apoio de disciplinas afíns como a mitoloxía ou a etnografía: as obras de Greimas ou Lévi-Strauss son exemplo desta fértil interdisciplinariedade.

Estas páxinas son o resultado dun achegamento á nosa literatura popular, en concreto a un corpus delimitado por unhas características moi peculiares que o dotan de evidente unidade, tentando facer unha análise que:

-ofreza unha mostra da complexidade e polivalencia dun feito cultural que vai máis alá do puramente literario polo que pode e debe ser estudiado dende múltiples perspectivas.

-demostre a existencia, en certos niveis da estructura do relato, de recurrencias que poden chegar a ser tan significativas que servan para caracterizar, dende o punto de vista do seu funcionamento semántico, a un corpus.

(1) Propp, V.: *Morfología del cuento*, Madrid, Fundamentos, 1974.

O CORPUS: PRESENTACION E DEFINICION

O noso estudio centrouse (por obvias razóns de espacio e pola necesidade de limita-los obxectivos do traballo) en seis relatos, moi breves, tirados da antoloxía *Lendas galegas de tradición oral* de X. M. González Reboredo (2) e que aquí ofrecemos en apéndice, todos eles protagonizados por unha moura e que presentan unha serie de constantes que se repiten con variacións non demasiado relevantes, tanto na estructura discursiva como nos elementos que conforman a historia e que son a transposición fabulativa de rituais arcaicos, de orixe dificilmente localizable.

A consideración que González Reboredo fai destes relatos como "lendas" ven dada non pola súa estructura discursiva (que moitas veces é coincidente coa doutros xéneros da literatura de tradición oral) senón por unha clasificación baseada en criterios funcionais e de contidos na que o *mito* se define como un discurso que recolle feitos trascendentais e básicos da cosmovisión do grupo social, a *lenda* como un relato coa participación de forzas ou seres sobranaturais pero sen localización espacial e temporal concreta e o *conto* como todo relato sen localización espacial nin temporal e sen carácter trascendental.

Recoñecendo a funcionalidade desta clasificación cómpre, na nosa opinión, engadir outras valoracións e outros criterios que a maticen dende perspectivas teóricas diferentes mais, na nosa opinión, complementarias.

Así, segundo R. Pinón (3) o *mito* e a *lenda* teñen un carácter máis trascendente que o *conto:* transmiten ideas fundamentais sobre a cosmovisión do grupo social no que aparecen, mentres que o *conto* é un mero divertimento intrascendente.

Para Propp (4), a distinción entre os xéneros ven dada pola función social que cada relato desempeña, en relación coa valoración que o narrador e os receptores lle dean. Califica logo o conto maravilloso de *mítico* na medida en que o conto, na súa xénese, se funda no mito e establece a diferencia entre eles en función da súa finalidade última: o mito aspira a ser crido.

Cencillo (5) propón falar de mítico, non de mitos, distinguindo dous niveis: a lenda e o conto como dexeneración de mitos orixinais (na liña de Lévi-Strauss) e os relatos non absolutamente míticos, nos que atopariamos restos de antigas mitoloxías.

Na mesma liña, Dumézil (6) e Greimas (7) consideran tamén o conto como o resultado dun proceso de degradación dos mitos, caracterizándose estes por establecer unha correspondencia entre o universo divino e o humano que fai do primeiro un reflexo do segundo, da súa organización e problemas. Este proceso de degradación tería como consecuencia unha desemantización manifestada na

(2) González Reboredo, X. M.: *Lendas galegas de tradición oral*, Vigo, Galaxia, 1983.
(3) Pinón, R.: *El cuento folklórico*, B. Aires, 1965.
(4) Propp, V.: *op. cit.*
(5) Cencillo, L.: *Mito, semántica y realidad*, Madrid, Edit. Católica, 1970.
(6) Dumézil, G.: *Del mito a la novela*, México, FCE, 1973.
(7) Greimas, A. J.: "Eléments pour une théorie de l'intreprétation du récit mythique" en *Communications*, 8, 1966. Idem: *Du sens; essais sémiotiques*, París, Seuil, 1970.

desaparición dos nomes propios dos personaxes antropomórficos e na sustitución das funcións míticas pola introducción de obxectos máxicos e seres extraordinarios.

Non podemos deixar de falar dos *micro-relatos,* a cabalo entre o mito e o conto, que describen un acontecimento ou un ser mítico nas súas diversas manifestacións. Teñen como principal característica a credibilidade que narrador e narratario manifestan respecto ós seus personaxes e acontecementos.

Cómpre, pois, matiza-lo calificativo de "lendas" que G. Reboredo propón para os nosos relatos e pasar a consideralos como unha especie de híbridos que poderiamos chamar "lendas míticas": protagonizadas sempre por personaxes sen existencia histórica pero cunha certa localización temporal e/ou espacial (que non atopariamos no conto) e que non esixen a presencia dos rituais (máis ou menos complexos) característicos do mito propiamente dito.

De tódolos xeitos, esta tentativa de clasificación non se corresponde cunha xerarquización semellante da narrativa oral na conciencia das sociedades productoras: así, todo enfoque que vaia máis alá da forma do discurso para intentar unha análise semiolóxica ou antropolóxica, poderá valorar globalmente o conxunto da narrativa popular coa certeza de obter resultados de validez científica.

ANALISE DAS CONSTANTES DIEXETICAS: A SUA FUNCION

Intentando xa unha análise das constantes estructurais da historia e do discurso que presentan as lendas seleccionadas, hai un feito evidente a destacar: todas teñen como protagonista a unha moura. Para un profano que se achegase por primeira vez a estes textos, resultaría sorprendente tal proliferación destes seres na literatura popular dunha das culturas peninsulares menos arabizadas. Pero para os estudiosos da cuestión as características desta raza mítica están ben claras: resulta evidente que as nosas mouras non son musulmanas pois comen carne de porco, beben viño e aparecen sempre baixo a fasquía de fermosas damas loiras. Sobre a súa orixe, hai diversas teorías. Intentaremos presentar aquí unha breve síntese dalgunhas delas.

Caro Baroja (8) establece unha relación entre as mouras galegas e certos mitos arcaicos europeos como as "donas d'aigua" catalanas, as "vilas" iugoslavas e as "korrigan" bretonas. Todas teñen en común o feito da súa entidade mítica, a súa grande beleza e o feito de que se lles aparecen ós humanos en certos lugares e en circusntancias especiais, establecendo con eles relacións de melloramento e degradación. As nosas mouras serían logo, segundo Caro Baroja, exemplo da herdanza de antigas mitoloxías que culturas rurais tradicionais como a galega conservan por tradición oral en relación coa persistencia de estructuras de mentalidade e de organización económico-social preindustriais.

Risco (9) considera que os heroes máis modernos sustitúen ós máis antigos e que os sustitúen precisamente nas súas funcións, en coherencia cun principio

(8) Caro Baroja, J.: *Ritos y mitos equívocos*, Madrid, Istmo, 1974.

(9) Risco, V.:"Da mitoloxía popular galega: os mouros encantados", *Nós*, nº 43 e 45, 1927. Idem: "Ensaio dun programa pro estudo da literatura popular galega", *Nós*, nº 56, 1928.

básico na antropoloxía (a "lei de Rosières"). Habería entón un sustrato indoeuropeo e posteriores superposicións romanas, cristianas (que eliminarían ós seres máxicos ou os converterían en diabólicos) e da épica medieval, fundamentalmente,dos ciclos artúrico e de Carlomagno. Despois, os seres orixinais irían sufrindo un proceso de degradación e os relatos gañando en incoherencia e despersonalización.

Estas consideracións de tipo historicista están hoxe superadas polo enfoque funcional que afirma que as sociedades conservan os seus feitos culturais non só pola inercia do pasado senón, sobre todo, porque lles resultan útiles. Así, dende o nacemento das culturas urbanas do Oriente Próximo, o campesino neolítico atopouse sometido a unha presión estructural que lle facía producir para aclimatarse a outros grupos: esta situación establecía, pois, unha gran diferencia entre labregos e non labregos. Se a simboloxía dun grupo social é un xeito de afirmalo ou negalo de maneira simbólica, este grupo de relatos que estamos a analizar constitúe unha afirmación simbólica dunha realidade social que, aínda hoxe, distingue perfectamente entre labrego e non-labrego. Esta interpretación de Glez. Reboredo é rexeitada (aínda que con matices) por Mar Llinares que afirma:

> "Nun senso estricto, os mouros non son nada en si mesmos, senón que son utilizados para expresar simbolicamente conceptos que preocupan á sociedade popular galega. Os mouros son un dobre simbólico dos campesinos, cos que expresan cousas como o concepto de humanidade: o mouro é o non humano; o de alteridade: o mouro é "o outro" por definición". (10)

Cómpre dicir que esta interpretación non nos parece tan distante da de Glez. Reboredo como a súa autora semella crer. A moura sería, pois, unha simbolización radical do non-labrego. Esta explicación vese confirmada por unha serie de contraposicións entre os dous universos que reforzan a súa separación radical:así, os mouros aparecen caracterizados como as figuras opostas pero paralelas ós humanos.

Labregos	*Mouras (e mouros)*
Habitan nas vilas	Non habitan nas vilas, senón en lugares especiais
Son cristianos.	Non son cristianos.
Non teñen poderes máxicos.	Teñen poderes máxicos.
Viven dunha actividade agraria.	Viven dos seus tesouros e riquezas, de orixe descoñecida.

Cómpre agora engadir algunhas consideracións respecto ós lugares nos que habitan ou aparecen as mouras. Atopámolas case sempre nun castro ou preto dun penedo, lugares moi relacionados co tradicional culto ó monte, onde se pensaba

(10) Llinares García, M.: *Os mouros no imaxinario popular galego*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1990.

que vivían as deidades e enclave venerado como sagrado por ser símbolo de duración e eternidade.

Outras variantes do habitual lugar onde aparece a moura que presentan estes relatos teñen igualmente unha gran importancia simbólica: o pozo e a fonte. O primeiro representa o descenso ós infernos e respecto á segunda cómpre non esquecer que nas tradicións órficas as portas do inferno están gardadas precisamente por dúas fontes. En xeral, os mouros non comparten o hábitat estrictamente humano senón que posúen os seus propios espacios e os encontros cos humanos acontecen cando estes se achegan a aqueles. Mar Llinares (11) clasifica estes lugares, seguindo diferentes critrios, en tres grandes apartados:

-lugares onde non é posible a vida humana.

-lugares con restos de actividade cultural.

-lugares naturais pero con algunha característica que os presenta con síntomas de actividade cultural (accidentes naturais con formas xeométricas, rochas con marcas de erosión etc.)

A RECURRENCIA NA ESTRUCTURA DAS ACCIONS

De Propp a Frye, pasando por Mircea Eliade ou Lévi-Strauss, as relacións entre estructura do relato e tradicións mítico-lexendarias foron abordadas dende diversas frontes na procura dun modelo orixinario, dunhas constantes que explicasen a unidade de fondo que presentan os arquetipos.

As aportacións neste terreno do estructuralismo (fundamentalmente do francés) foron encamiñadas a propor distintas tipoloxías narrativas. Na actualidade, os esquemas funcional de Propp, actancial de Greimas ou procesual de Brémond xa non se aplican indiscriminada e sistematicamente como nos tempos da tiranía estructuralista pero os seus mecanismos de análise das estructuras (actanciais, discursivas etc.) que subxacen nos distintos niveis do relato seguen ofrecendo suxerencias enriquecedoras para calquera modelo de análise que pretenda ser orixinal e dialéctico. Animados pola evidente sistematicidade que presentan os acontecementos básicos que desenrolan estes seis relatos, tentamos atopa-lo esquema das accións que se repiten ó servicio da lóxica interna do relato, con independencia das variantes ocasionais que cada texto poida ofrecer ou de que esas accións básicas aparezan máis ou menos desenroladas; ás veces serán o miolo do relato, outras pasarán case desapercibidas para o lector. Cómpre suliñar que é un esquema case maniqueo, artellado en base a oposicións binarias que se poden ramificar indefinidamente: a máis ramificacións, maior complexidade no fondo e na forma.

Partimos sempre dunha *situación inicial* que se desenrola, como xa dixemos, nun lugar semimáxico (castro, penedo, fonte). O primeiro acontecemento nos seis relatos é o *encontro* coa moura que pode ser *directo* ou realizado pola in-

(11) Llinares García, M.: *op. cit.*

tervención dun *mediador.* Ben co heroe, ben co intermediario, a moura establece un *contrato* aceptado en case tódolos casos (veremos máis adiante unha única excepción).


Por medio dese contrato ofréceselle ó heroe a posibilidade de sufrir un proceso de *melloramento* pero, para que esta posibilidade se realice, ten de realizar unha *proba* que pode consistir en:

-unha *escolla* entre dúas opcións.
-unha *tarefa* a desempeñar.

Hai que suliñar que nalgún caso ("Sabeliña e a señora da Pena da Perra") a posibilidade do proceso de melloramento ofréceselle ó heroe como recompensa a unha axuda prestada á moura noutra ocasión.

O heroe pode *fracasar* na realización da proba, ben por mor da súa ambición desmesurada, ben por causa da curiosidade feminina: no primeiro caso estarían os relatos 1 e 5, no segundo os relatos 2, 3, e 6. Pero tamén existe a posibilidade de que o heroe trunfe: "A moura do castro Aira da Vila" sería un exemplo excepcional deste caso. O *éxito* na realización da proba pode verse premiado (esta posibilidade aparece no noso esquema baixo o epígrafe de "retribución", segundo a terminoloxía de Brémond que nel empregamos) con riquezas ou cunha recompensa máis prosaica como é neste caso a mellora no estado dos porcos ("tiña os porcos máis grosos do lugar e iso que case non comían na casa") que pode parecer un elemento intrascendente se non reparamos en que o porco é, posiblemente, o animal máis importante da economía doméstica rural galega e, ademais, símbolo da festa.

O fracaso da proba leva aparellado un incumplimento do contrato e, polo tanto, un *castigo* que nos nosos relatos aparece sempre como unha non-realización do proceso de melloramento (é dicir, a non-obtención das riquezas prometidas) ou como a desaparición física do heroe.



Este sería o esquema xeral. Imos analizar agora algúns exemplos que se alonxan del, que presentan certas complicacións ou que cambian a orde habitual da estructura:

-Dixemos que o contrato fora aceptado en case tódolos casos. Pero en "Teresiña e a moura" non hai tal aceptación: a degradación ven dada polo rexeitamento dun hipotético proceso de melloramento que ofrece a moura.

-"A moura do castro Aira da Vila" comeza cun proceso de amelloramento xa en marcha. A proba a desempeñar é neste caso condición para que o proceso de amelloramento continúe ou para evitar males maiores. A retribución aparece como implícita posto que o heroe cumple puntualmente a condición imposta.

-A "Lenda do Pozo Bastón" e "A Fonte de Ana Manana" presentan algunhas variantes do esquema básico. En primeiro lugar, a tarefa a desempeñar é a de transportar certos obxectos intactos ata os seus destinos: eses obxectos son tres pans e un queixo. A presencia destes obxectos non é casual: o pan e o queixo, símbolos culturais en civilizacións rurais como a galega, transfórmanse en obxectos máxicos dotados de poderes extraordinarios.

Por outra banda, resulta cando menos sorprendente a presencia nos dous relatos dunha figura coxa: unha muller no primeiro caso, un cabalo no segundo. A súa función é a de actuar, gracias á súa imperfección, como intermediaria entre o universo do máxico, do sobrehumano e o universo do real, do humano.

Se todo relato é unha estructura de estructuras elaboradas por medio de diferentes códigos: diexético, simbólico, estilístico etc., a nosa intención con este pequeno traballo foi mostrar como unha análise detida permite en moitos casos acceder ós arquetipos ou modelos básicos que subxacen en gran parte dos códigos empregados na literatura oral e a súa adecuación ó contexto que a produce. O esquema de accións que nos propomos aquí estaría en correspondencia directa cunha estructura básica de comportamentos humanos de tipo xeral pero tamén ven en boa parte determinado polo contexto (social, cultural e económico) que o produce (vid. supra) .Resulta evidente que á nosa análise lle cumprirían, para enriquecela, aportacións interdisciplinares: penso agora no útiles que poderían ser estudios polo miúdo dende a perspectiva simbólica (a numeroloxía tería, sen dúbida, algo que dicir) ou antropolóxica. Pero esa é unha tarefa que vai máis alá das nosas limitacións e dos nosos obxectivos. Quede, pois, a porta aberta á curiosidade doutras disciplinas.

APENDICE

Ofrecemos aquí o texto dos relatos analizados, tal e como aparecen na antoloxía de Glez. Reboredo. As referencias que se fan no noso traballo á orde dos textos corresponde á que presentan aquí.

Texto 1. *A moura do castro de Baínte*

"Estaba unha moura asoellando ouro no castro cando acertou a pasar por alí un home de Baínte, que se quedou a ollar para tanta riqueza e dixo:

-Ai ¡Se me dera un pouco!

O que a moura respondeu:

-¿Quérelo ós puñados ou quérelo ós ferrados?

E o home de Baínte exclamou moi pronto:

-Quéroo ós ferrados.

-Pois logo vai axiña busca-la medida.

Correu o home cara á casa, mais cando voltou coa medida o ouro e a moura xa desapareceran.

E o de Baínte laiábase: Se dixese ós puñados, poida ser que arestora algún ouro fora meu."

Texto 2. *Sabeliña e a señora de Pena da Perra*

"Ia unha vez Sabeliña coidando o gado cabo da Pena da Perra e entonces chamouna unha señora para que a peiteara. Cousa que fixo Sabeliña. En pago a señora meteulle no mandil algo e díxolle que non o mirase ata chegar á súa casa. A nena non reistiu a curiosidade e ollou antes o mandil, vendo sorprendida que só contiña cartos. Arredou con eles e voltou á casa a contarlle á nai o feito. Fixouse entonces que no fondo do mandil quedara un carbón que se converteu en ouro. Volveu correndo onde tirara os demais, pero xa desapareceran. Foi cabo do penedo e a señora colleuna para dentro.

Os familiares de Sabeliña, ao notar a súa falta, subiron ao monte a buscala, berrando polo seu nome, e a nena non contestaba, saíndo de dentro do penedo unha voz que dixo:

-Sabeliña, Sabelón
está frita en aceitón.

Texto 3. *Lenda do "Pozo Bastón"*

Un soldado de Araño foi servir ó Rei a Africa. Alí falou cun mouro que lle preguntou de onde era e de que zona. Cando llo dixo o soldado, o mouro preguntoulle se sabía onde estaba o Pozo Bastón, que alí tiña el enterradas tres fillas e que non sabía o que lle daría se llas trouxese. Deulle ó soldado tres bolos de pan e as instruccións que tería que seguir.

Chegado á casa, deixou os bolos riba da mesa e ó velos a súa muller cortou unha rabanada dun deles. O soldado reprendeuna, pero o mal xa estaba feito. Colleu os pans e foi ó Pozo Bastón; xa alí, botou un ó pozo e saíu unha moza moi guapa. Botou o segundo e saíu unha terceira moza, coxa, que caeu e arrastrou con ela ás outras dúas. E aínda seguen alí."

Texto 4. *A moura do castro "Aira da vila"*

"O castro foi construído polos mouros, que deixaron grandes riquezas agachadas. Para buscar estas riquezas, xuntáronse varios homes con mentes de faceren unha mina, pero colleron medo e non fixeron nada.

No castro había moitos encantos; un era unha tendeira que amosaba moitas cousas e desaparecía. Tamén había cobras que saían voando cara ás casas de Rendal.

Hai poucos anos vivía preto do castro unha muller que tiña os porcos máis gordos do lugar e iso que case non comían na casa. Un día a filla da dona foi busca-los porcos e atopounos preto do castro onde unha moura lles estaba dando de comer. A rapaza colleu medo e quixo volverse, pero a moura chamouna e díxolle:

-Rapaza, vaite para a casa e dille a túa nai que cando mate bos marráns ten que darme a metade, que ben llo merezo.

O chega-la matanza, a dona dos porcos facía sempre as partillas coa moura dándolle un porco enteiro."

Texto 5. *Teresiña e a moura*

"Unha veciña de Frameán tiña, con perdón, seis porcos e tódolos días lle desaparecían sen que a muller soubese por onde lle andaban.

Mais pasou que un día que ía cara a Toldavía, viunos no castro cunha moura que lle estaba a dar millo miúdo. A muller brincouse alá nun instante en procura dos seus animais e a moura díxolle que se lle daba un deles, habíalle manter oito. Mais a muller, que ía que botaba lume, contestoulle que non, e a moura deixouna que marchara en paz cos seus porcos.

Pasado isto, a veciña de Frameán mandou unha filla que lle chamaban Teresa, para o monte cos da vista baixa, mais como non voltaran a casa á hora que adoitaban voltar, a muller saíu a buscar a filla e os animais e ía berrando:

-¡Teresiña... Ai, Teresiña!

E como dunha vez berrara dentro do castro, oíu unha voz que saía debaixo da terra e que dicía:

-Unha asada e outra cocida."

Texto 6. *A fonte de Ana Manana*

Preto do cabo do Meimón, seguindo a corrente do Miño, vai un nacente de auga de entre uns penedos, ó lado de arriba da estrada que vai de Ourense para Castrelo. Este manantial, que era a "taberna" dos labregos que ían para Ourense, é coñecido co nome de a fonte de "Ana Manana", nome que tomou dunha popular e vella lenda.

Alá en tempos moi remotos, un dos moitos galegos que ían á sega en Castela ó vir de volta topou no camiño cun señor moi luxoso, o cal lle preguntou ó galego de onde era; este contestoulle que era de Ourense. O señor preguntoulle, entonces, se tiña algún coñecemento do Meimón.

-Todas as veces que lle vou a Ourense co rianxo ou pagar a renda ou a contribución pásolle por alí -díxolle o galego.

Entonces o señor quitando un queixo de catro esquinas díxolle:

-¿Ti queres ser rico?

Eu quero, quero; si, señor; pero...

Pois mira -díxolle o señor- non tes máis que ir ó Meimón, e o chegar onda unha fontela que hai nuns penedos, ó pé do camiño berras: "¡Ana Manana!" e á terceira vez hache de aparecer unha muller moi bonita e elgante. Entonces ti daslle este queixo, e ela hache de entregar parte dos tesouros que alí ten gardados.

-Se non é máis que iso...

-Tes, tamén, que gardar o segredo e ter en conta que o queixo lle chegue enteiro, porque senón pódeche traer moi malas consecuencias.

-¡Iso bo é de facer!

-Pois toma, e fai como che dixen -e entregoulle o queixo e desapareceu.

O noso galego seguiu o camiño para a súa casa, bailando nun pé só de contento... e tremando co medo de se os ladróns lle saían ó camiño e lle roubaban o queixo.

Antes de chegar ó Meimón meteuse por un atallo de cara á casa porque o desexo de abrazar a muller e bicar os fillos sobrepuxaba ás ansias de riqueza. Mais como as mulleres son tan sabichosas, e a del que ó tempo andaba "daquela maneira", antollóuselle saber o que tiña envolto nun paquetiño. El buscou mil voltas por llo non ensinar, dicíndolle que era un encargo que se non podía ollar, que sequera el mesmo sabía o que era; e ata lle prohibiu que o tocara; mais ela, sen sabelo o home, desenvolveu o paquete, e ó ve-lo queixo antollóuselle e arrabanoulle unha esquina.

O home colleu o queixo, sen decatarse do que a muller fixera, e dirixiuse con el de cara ó meimón. O chegar á fontela chamou: "¡Ana Manana!" e á terceira vez apareceulle unha muller maxestosa, que mesmo semelleba unha raíña con cara de anxo; pero viña furiosa e preguntoulle por que a chamaba. Contestoulle el que lle quería dar un encargo que lle mandaba un home que el non coñecía (e entregoulle o queixo).

-¡Si, home, si; fixéstela boa...! Este é o cabalo que me había levar a min de aquí: mais ti fuches primeiro á casa e a larpeira da túa muller coméulleme unha pata.

E dicindo isto pousou o queixo no chan e ó instante volveuse un precioso cabalo branco... pero faltáballe unha pata enteiriña.

¡Olla para aquí...! -díxolle ela- agora teño que quedar aquí para sempre, xunto cos tesouros que tamén a ti che habían tocar... Toma esta faixa de picote e ponlla á túa muller cando sexa para dar a luz; non che podo facer outro regalo -e coa mesma desapareceu ela e o cabalo.

Dispúñase el a marchar para a casa; mais ocorréuselle, primeiro, envolverlle a faixa a unha sobreiriña que alí había, para ollar que ben lle estaba. ¡A bo santo se encomendou! Aínda ben non acabou de lle dar a última volta cando xa ardeu a faixa e a sobreira.

Dende entón a sobreira non volveu a medrar máis; pois din os vellos, que sempre a acordaron tan felosa como aínda se pode ver hoxe.

Esta foi a orixe do nome cabalístico que dende o tempo leva a fonte do Meimón.

Vixencia actual da 'Literaturwissenschaft'

DARIO VILLANUEVA

Hai xa perto de trinta anos René Wellek (1963: 24) propuña comezar de novo a tarefa de construír unha teoría literaria, un sistema de principios e de valores que posibilitase a crítica das obras de arte verbal en si mesmas e recorrese constantemente ó auxilio da historia literaria. Mais estas tres disciplinas seguíanlle a parecer distintas.

Wellek, xa que logo, delimita de tal xeito con precisión e acerto o eido destas tres grandes ponlas da investigación literaria, ás que cómpre engadir unha cuarta, a Literatura comparada -sobre a que o propio Wellek ten así mesmo penetrantes páxinas no seu libro do 1963- e salienta á íntima comunicación existente entre elas. Todas comparten un mesmo obxecto material -os textos considerados literarios-, que presenta á vez dúas facianas distintas, a *teórica* constituída polo sistema de aspectos constantes e específicos de ditos textos que xustifican a súa natureza estética, e a *empírica.* Esta última, concretada no conxunto heteroxéneo das obras de arte verbal en si, pode ser abordada desde tres perspectivas diferentes, a sincrónica, a diacrónica e a comparativa das que xorden, respectivamente, a Crítica, a Historia literaria e a Literatura comparada.

A presentación nidia do estatuto interno de cada unha destas disciplinas e da súa interdependencia é tarefa obrigada para todo estudioso da Ciencia literaria, mais tamén o convencemento de que ningunha das catro -Teoría da Literatura, Crítica, Historia literaria e Literatura comparada- pode acadar cabal desenvolvemento sen o concurso das outras. Neste sentido, o proceso de coñecemento na nosa área non é desemellante do que Eugenio Coseriu (1967: 16-17) propuña para a Lingüística, que polas características mesmas do seu obxecto ten que se mover constantemente entre os dous extremos opostos do concreto e o abstracto: "Subir de la comprobación empírica de los fenómenos concretos a la abstracción de formas ideales y sistemáticas, y volver luego a los fenómenos concretos enriquecida por los conocimientos generales adquiridos en la operación abstractiva (...) El lingüista, si se nos permite una imagen, debe ser al mismo tiempo botánico y jardinero".

Non tódolos estudiosos da Literatura comparten estas convicciόns. É notoria, por exemplo, a contraposición excluente que se dá ás veces entre a Poética ou Teoría literaria -alicerce de toda Crítica rigorosa- dunha parte e a Historia da Literatura doutra. Nun traballo escrito en 1964 o noso mestre Constantino García debuxaba desde Colonia un panorama da "Literaturwissenschaft" xermana da-

quela época a partir da alternativa "interpretación ou historia literaria", e amosaba a súa actitude favorable a un "novo método de síntese" como o finalmente proposto polo Wolfgang Kayser de *Die Vortragsreise. Studien zur Literatur* (1958), o Emil Staiger do artigo "Problem des Stilwandels" (1961) e, sobre todo, por Friedrich Sengle no seu traballo de 1960 titulado "Zur Einheit von Literaturgeschichte und Literaturkritik" (Constantino García González, 1967: 27-35).

Esta vontade harmonizadora implica non só a obriga de fundamentar empiricamente toda teoría, senón tamén a necesidade perentoria de non perdermos contacto coa realidade dos textos, na que se atopa o contraste imprescindible para determinármo-la a funcionalidade das propostas teóricas sen o que é doado que estas deriven perigosamente -e ben recente está o exemplo da "deconstrucción"- cara ó que Harry Levin denunciaba como pura *logomaguia*. De xeito semellante, sen un sólido alicerce teórico a Crítica e a Historia literaria perden o seu rigor. Engádase que a perspectiva comparatista ofrece inestimables servicios tanto a estas últimas disciplinas como á propia Teoría da Literatura, xa que a presencia das constantes ou leis xerais da literariedade en obras insertas en tradicións parcial ou totalmente independentes outorga ou nega razón ás puras formulacións teóricas.

A relación entre os estudios literarios e lingüísticos máis arriba apuntada suxíreme presentar agora un asunto tan debatido como o da existencia real dunha "Ciencia da Literatura" que abranguería as catro disciplinas de que estamos a falar, pois non por casualidade nos anos cincuenta e sesenta se chegóu a pensar que a única forma posible de acadar un estatuto científico rigoroso para a investigación literaria pasaba pola asimilación total dos modelos lingüísticos. Desta actitude é abondo significativa a seguinte cita de Roland Barthes (1966: 58): "la linguistique peut donner à la littérature ce modèle génératif qui est le principe de toute science, puisqu'il s'agit toujours de disposer de certaines règles pour expliquer certains résultats".

Seméllame que hoxe en día non hai motivo para manter unha actitude reticente verbo do concepto "Ciencia da Literatura", presente xa no limiar de Thomas Mundt á súa *Geschichte der Literatur der Gegenwart* no ano 1842 e consagrado no ámbito xermano cos *Prinzipien der Literaturwissenschaft* de Ernst Elster, do 1897, máis acollido con maior receo fóra de Alemaña por considerarse que o estudio das producción da arte verbal nunca chegarían a se acomodar ó rigoroso estatuto das verdadeiras ciencias, é dicir, as naturais, matemáticas ou experimentais.

Aparte da indudable especificidade do obxecto material dunhas e outras ciencias, o realmente definitivo é o carácter científico ou non do método empregado a partir dun determinado momento da evolución dos saberes. Umberto Eco lembraba como cando Galileo comezaba os seus experimentos non sabía ben que tipo de ciencia estaba a facer, ou se tan sequera se trataba dunha ciencia (Pancorbo, 1977: 77). E non obstante con el e outros coetáneos seus a Astronomía e a Física chegaron a se constituír como verdadeiras ciencias no Rexurdimento, así como o farán a Química no século XVIII, a Bioloxía no XIX e as Ciencias sociais no XX. Quizáis conveña lembrar aquí -como Fernando Lázaro Carreter o fai

no seu prólogo á *Teoría da literatura* de Boris Tomachevski (1982: 8)- que Trotski, no seu artigo de 1924 sobre a escola formalista de poesía e o marxismo, moi crítico por certo verbo dos representantes desta escola, recoñecía nembargantes o seu cientifismo e chegaba a afirmar que con eles a teoría da arte e a arte mesma eleváranse do estadio da alquimia ó da química.

Un herdeiro desa dobre tradición do marxismo e a escola formalista, o semiólogo soviético Juri M. Lotman (1986), titulaba un artigo seu publicado en 1967 en *Voprosy Literatury* de Moscova de xeito moi expresivo, "Os estudios literarios teñen que ser unha ciencia", que contrasta co escepticismo que aínda manifesta Harry Levin (1967) na conferencia que leu ese mesmo ano no Churchill College de Cambridge: *Wy literary criticism is not an exact science.*

Desde semellantes posturas fica, xa que logo, á marxe desa "Ciencia da literatura" a actividade dos que Northrop Frye (1957: 22) chama "críticos públicos", que non tratan de crear unha estructura teórica nin de se introducir nela, que renuncian ó método, polo que o seu labor, sintomático para unha "historia do gusto", non é unha ciencia senón outro tipo de arte literaria. É o que noutras palabras Alfonso Reyes (1942: 97) chamaba "impresionismo", situado no nivel máis baixo da súa "escala crítica" (o que non significa renunciar por principio ás intuicións para transcendelas ó servicio das formas máis esixentes e fructíferas das actividades encadradas no marco da Ciencia literaria). Máis unha vez feita esa renuncia, o propio desenvolvemento das ciencias positivas no último século e os avances da Teoría da Ciencia a que deu lugar favorecen a inclusión nun novo paradigma científico do conxunto de disciplinas que está a ocuparnos, e teñen como obxectivo o coñecemento máis exhaustivo e rigoroso posible dunha realidade tan problemática como é a arte literaria en xeral, as súas concrecións individuais e as series nas que se integran sincronica e diacronicamente.

En efecto, a partir de Einstein o panorama científico contemporáneo ten experimentado fondas conmocións, das que un dos seus expoñentes máximos no plano teórico é o racionalismo crítico verbo da mentalidade positivista desenvolvido por Karl R. Popper.

Nunha das súas obras fondamentais, *Objective Knowledge* (Popper, 1972: 23), salienta o autor que quizais non houbera nunca unha teoría científica tan rexamente asentada coma a Mecánica de Newton, consonte coa que se acadaron moitos dos desenvolvementos positivos do experimentalismo, e nembargantes a teoría gravitatoria de Einstein veu, refutándoa, demostra-lo seu carácter puramente conxectural. Con posterioridade á teoría da relatividade especial e xeral, o famoso principio de indeterminación ou incerteza formulado en 1927 polo pai da nova mecánica cuántica, Werner Karl Heisenberg, admite a existencia de límites no coñecemento do mundo físico que o científico pode obter por canles experimentais. O propio Heisenberg, nun artigo de 1958 que Mario Bunge (1969: 402) comenta, chega a admitir que as leis da natureza formuladas matematicamente na teoría dos *quanta* non tratan xa das partículas mesmas, senón do *noso coñecemento* das partículas elementais, afirmación implícita dun relativismo que non fica moi lonxe do criterio espidamente lingüístico co que Ludwig Wittgenstein e os fi-

lósofos do círculo de Viena están dispostos a admiti-la a presencia do sentido nos enunciados considerados científicos.

Moito máis clarexantes para nós resultan as ideas do mesmo Popper, quen en *Logik der Forschung* de 1935 reaccionaba xa diante do dobre estímulo de Einstein e Heisenberg propoñendo a substitución do criterio de verificabilidade polo de falsabilidade no que se refire ós sistemas científicos (Popper, 1962) concebidos xa como constructos provisionais, relativos a un determinado intre histórico, mais plenamente operativos se están axiomatizados de xeito conveniente, é dicir, se provistos dun sistema de axiomas (que non teñen que ser "verdadeiros") exentos de contradicción, suficientes e necesarios.

Así, fronte ó método apriorístico da ciencia aristotélica e o estrictamente inductivo, Popper propón o emprego sistemático dunha terceira posibilidade de coñecemento hipotético-deductivo definido con xusteza no propio título dunha das súas obras máis coñecidas, publicada en 1963, *Conjectures and Refutations. The Growth of Scientific Knowledge.*

O coñecemento científico acrece, según Popper (1963: 13), por medio de anticipacións inxustificadas (e inxustificables), de *conxecturas.* Estas son controladas pola crítica, é dicir, por intentos de *refutacións* que inclúen *tests* severos. Aínda no caso de que os superen, aquelas conxecturas non poden ser xustificadas categoricamente como verdadeiras, nin tan sequera como "probables", pois como argumentará na súa obra de 1972 xa citada o obxectivo da Ciencia non é o logro da verdade senón unha aproximación gradual a ela a través de sucesivas propostas rexidas polo criterio substitutivo da verosimilitude (Popper, 1972, 67-75).

Cando Popper afirma que as teorías científicas non son unha recopilación de observacións, senón invencións, conxecturas audaciosamente formuladas para o seu ensaio e que deben ser eliminadas se entran en conflicto con observacións (Popper, 1963: 73) está de feito a describi-lo modo de proceder da Ciencia da Literatura máis rigorosa. Un so exemplo disto podería se-lo proceso seguido no eido da Poética contemporánea verbo da teoría formalista da literariedade e a función poética da linguaxe (Cfr. Fernando Lázaro Carreter, 1976, 1976b, 1980).

Nun certo senso, a relatividade e a indeterminación de Heisenberg introducen a variable *suxeito* no proceso científico, e proxéctana sobre da aprehensión do obxecto que non será xa en cada caso exactamente a mesma consonte coas mudables circunstancias derivadas da situación e condicións do que aprehende. Esa era, xa que logo, unha das meirandes tachas que se achacaban ás ciencias do espírito. Nese sentido é moi interesante o epílogo de Hans Georg Gadamer (1965) á súa obra *Wahrheit und Methode,* na que o filósofo xermano recoñece que a escribiu baixo a presión dunha nova vaga de hostilidade tecnolóxica contra as Humanidades que o levou a defende-la mobilidade histórica dos seus achados e a peculiaridade de que as ciencias do espírito teñan por obxecto algo que forma parte necesariamente do mesmo suxeito que coñece (Gadamer, 1965: 642).

O pensamento metacientífico popperiano actuou como eficaz antídoto contra os prexuízos anti-humanísticos que tanto preocupaban a Gadamer, ata o punto de facer que a súa obra perda unha parte da súa vixencia, pois Popper (1963: 17) non só sostén que o coñecimento acrece e se perfecciona ó longo do

tempo gracias á refutación das conxecturas erradas ou "negative feedback", senón que atopa grandes analoxías entre os aparentemente contrapostos coñecementos obxectivo e subxectivo.

Sálvase deste xeito o atranco que para moitos científicos, entre eles algúns investigadores da Literatura, representaba admitir ese "cociente intuitivo" que consonte coa coñecida expresión de Gillo Dorfles aparece xunguido ó "cociente científico" nos exercicios máis sobresalientes das nosas disciplinas. En efecto, como Gadamer (1965: 24) sostén, a investigación realizada sobre o obxecto artístico non pode substituír nin obvia-la propia experiencia da arte, e este aserto ten que ir por diante de toda explicación que se encete sobre a Ciencia da Literatura, para que a propia experiencia de lectores desinteresados non fique á marxe dos novos vieiros abertos polo coñecemento dos alicerces da obra de arte verbal e das ferramentas necesarias para a meirande comprensión de todas e cada unha das súas realizacións. Mais xa non é lexítimo, como María del Carmen Bobes Naves afirma (1985: 19), limitármonos tan só a esas intuicións ou impresións de lectura, que son, xa que logo, un inexcusable punto de arrinque. O estudiante e o estudioso da Literatura "las analiza para justificarlas, para objetivarlas, como es necesario en toda investigación científica". Personalmente estou convencido de que non é precisamente un dos obxectivos menos desexable da Ciencia da Literatura o ensinaren a ler activamente, a racionaliza-lo porqué da "ledicia do texto" á que de ningún xeito temos que renunciar se non desexamos caer na funcionarización sen xenio do noso labor. E ó final de todo o proceso está unha vez máis o reencontro, arriquecido, coa emoción estética, como admitía un escritor tan pouco "intelectual" como Ernest Hemingway cando escribira en *Death in the Afternoon* que en Literatura "as in all arts, the enjoyment increases with the knowledge of the art".

É certo que en toda esta problemática a situación cambiou abondo nos últimos vinte ou vintecinco anos polas causas expostas en páxinas anteriores. Logo dun intenso acoso por parte do obxectivismo experimental contra as ciencias do espírito ás que se negaba todo recoñecemento mentras non acometesen a tarefa imposible de asimilar paradigmas de coñecemento contradictorios coa súa propia especificidade, semella que xurdiu nos últimos tempos unha maina xeira de acercamento entre as ciencias dun e outro tipo, que veu salvalos valores humanísticos que Gadamer, e tantos máis, vían en perigo.

Neste novo marco recuperan o lugar que nunca deberan perder métodos e teorías da Ciencia literaria coma o "circo de comprensión filolóxica" de Leo Spitzer, doadamente traducible no meu criterio á metalinguaxe científica popperiana. En efecto, ese constante movemento de inducción e deducción, de ida e de volta do detalle miúdo á esencia e, novamente, da esencia ó detalle con que o mestre vienés caracterizaba a súa Estilística nunha conferencia pronunciada en Roma no 1960, pouco antes da súa morte, (Spitzer, 1980: 44) non é outra cousa ca formulación, a partir dunha lectura atenta, de diversas conxecturas sobre a unicidade do texto literario, que serán logo contrastadas en novas aproximacións ata a súa derradeira confirmación, modificación ou refutación. Xustamente, nunha das frases dese texto fondamental titulado "Desenvolvemento dun método" na que se sostén que o bo sentido é a única guía válida do crítico (Spitzer, 1980: 58), Leo

Spitzer sitúase na metade do camiño entre T.S. Eliot, para o que o único método válido en crítica literaria era a intelixencia, e esa rotunda afirmación do mesmo Popper (1972: 42): "Toda ciencia y toda filosofía son sentido común ilustrado".

Mais isto non é todo. A identificación empática entre crítico e obra que Spitzer consideraba imprescindible para o bo resultado de toda investigación literaria non era para el senón unha manifestación máis da actitude filolóxica, como non deixou de salientar Fernando Lázaro Carreter no limiar ó libro que estamos a comentar: "Leo Spitzer (1887-1960) o el honor de la Filología".

Nel exprésase a mesma inquedanza que deixaba agromar Gadamer, o rexeitamento do espírito humanista, cerne dos nosos estudios, que nos últimos anos se viron afectados entre nós por unha inflación teórica cada vez máis desconectada dos textos ós que debía servir. O único antídoto que Lázaro Carreter vía efectivo contra ese mal era xustamente "el retorno a la Filología como base para la crítica actual" (Spitzer, 1980: 11) reclamado así mesmo neses anos por Vittore Branca e Jean Starobisnki (1977).

En principio, coido que non debe ser vista con reservas, senón todo o contrario, a capacidade que a Ciencia da Literatura ten para se vencellar e se beneficiar dun grande número doutras disciplinas e saberes. O seu vencello coa Historia, a Filosofía e a Lingüística é evidente, e a ela podemos engadi-los intercambios e contactos que doadamente establece cunha variada gama doutras ciencias, desde a Socioloxía e a Psicanálise á Teoría da información, a Antropoloxía, a Semántica formal ou a Hermenéutica. Esta apertura interdisciplinar arrequece os nosos achegamentos á Literatura, e pode ser dobremente interesante para corrixirmos a formación unidimensional da meirande parte dos cidadáns, pero ten así mesmo os seus riscos, entre eles a dificultade de que o profesor ou investigador domine tanto a ciencia literaria coma a outra ou outras que asimile para acada-lo equilibrio metodolóxico desexable, e a dispersión pretenciosa á que fai referencia o citado limiar de Lázaro Carreter.

Mais as disciplinas enmarcadas na Ciencia literaria non poden desvencellarense nunca do eido que lles é natural, o dos estudios filolóxicos entendidos coa amplitude de criterio que hoxe en día predomina.

Nas Facultades universitarias que levan este nome, a Teoría, a Crítica e o Comparatismo literario desenvolven unha función de carácter propedéutico. A elas correspóndelles senta-los conceptos básicos e proporciona-las ferramentas máis eficaces para o estudio das Historias literarias das diferentes linguas, clásicas, románicas, xermánicas, eslavas, etc., ás que principalmente se empresta atención nos nosos *curricula.*

Esa vontade de servicio e colaboración con tódalas Filoloxías demanda moitos compromisos. O primeiro deles é, xa que logo, o de fuxir dese vicio denunciado por Lázaro Carreter -a pretenciosidade inane- mediante unha perenne esixencia de practicidade que exclúa toda sombra de narcisismo metodolóxico e de logomaquias teoréticas. Non se pode esquecer, nembargantes, que para Antonio García Berrio (1975: 7) "la atonía y arcaísmo observables en amplios sectores de la investigación histórico-literaria española se deben a la perezosa falta de actualización de sus planteamientos metodológicos", e o seu dictame non é arbitrario

pois entre nós dáse coa meirande intensidade o que Paul de Man (1990) consagrou como título dun dos seus últimos libros: *The Resistence to the Theory.* Nese sentido, o influxo beneficioso que desde o cultivo desta disciplina se pode exercer a ninguén se lle agacha, sempre coa actitude de fondo respecto intelectual cara ó historicismo que amosa Claudio Guillén (1989) no seu recente libro *Teorías de la historia literaria.* Pois en definitiva, e consonte co xa exposto, a Historia da Literatura é outro dos puntais disciplinares da "Literaturwissenschaft", e das súas aportacións non pode prescindir nin a Crítica, nin a Teoría nin, xa que logo, a Literatura comparada.

Máis se en páxinas anteriores faciamos alusión a como entre a Teoría e a Crítica debe existir unha constante comunicación bidireccional que evitará a disolución desta última na mera paráfrase ou nota erudita e a perda daquela no empíreo das puras abstraccións, parécenos oportuno estender agora esta entente ata o propio ensino da Literatura.

Esa énfase pedagóxica non estivo ausente dos horizontes que tentaron acadar algunhas das escolas máis influentes de toda a Ciencia literaria contemporánea. E o caso, por exemplo, da Estilística de Spitzer e os mestres españois, pero tamén do New Criticism e a posterior Escola de Chicago: títulos como *An Approach to Literature* (1963) de Brooks, Warren e Pursuer, *Understanding Poetry* (1938) e *Understanding Fiction* (1943) dos dous primeiros, e *Understanding Drama* do propio Brooks e Heilman dan fe diso. E como os novos tempos non só non desaconsellan semellante estratexia senón que parecen reclamala con maior intensidade se cabe, coido prioritaria a tarefa de contribuirmos, a través da docencia e a investigación, ó peche desa cadea que tanto desde a Teoría literaria e a Crítica de obras concretas nela fundamentada como desde a comparación das diferentes literaturas ten que se estender ata a didáctica das mesmas. E todo iso nos termos á vez máis rigorosos e intelixibles, para que esta derradeira actuación sobre dos textos sexa eficazmente fecundada polos achados das pesquisas teóricas de máis altos voos. Receemos daqueles sistemas que á costa da obra literaria fan escuras e pretenciosas elucubracións; de todo método que non probe día a día diante dos propios organismos literarios a súa operatividade como instrumento de comprensión e análise.

O segundo compromiso ó que faciamos referencia fica xa apuntado no que rematamos de dicir. Trátase da claridade expresiva, a precisión no emprego da metalinguaxe e un radical antibizantinismo, que non son precisamente virtudes da Crítica e Teoría literarias máis pretenciosas, alonxadas do rigor filolóxico e adicadas ó xogo irresponsable de sucesivas alianzas cos métodos máis novos, polo xeral importados doutras provincias non filolóxicas da Ciencia e a Filosofía. Como derradeira manifestación do que digo cómpre citar aquí o degrao de contaminación que a Crítica anglosaxona, polo xeral moi sabiamente pragmática, ten sofrido por mor da logomaquia deconstructivista, que por sorte non ten chegado ata nós, quizáis pola eficacia preventiva dos Pirineos.

Según Popper (1972: 51), a busca da verdade so é posible se falamos sinxela e claramente, rexeitando complicacións e tecnicismos innecesarios. Para el, busca-la sinxeleza e a lucidez é un deber moral de tódolos intelectuais, pois chega

a afirmar que a falta de claridade é un pecado e a presunción un crime. As súas verbas, coincidentes cunha das máis coñecidas máximas orteguinas, refírense á actividade filosófica, pero son plenamente válidas tamén para nós, pois sinalan o vieiro a seguir pola Ciencia da Literatura, á marxe de excesos e erros como os máis enriba denunciados ou os que con anterioridade cometeran certos deudos da Semiótica e Fernando Lázaro Carreter así mesmo denunciou (1976b: 29).

Non menos importante é a precisión no emprego da metalinguaxe, non só a favor desa esixencia de claridade e do rendemento didáctico das nosas exposicións senón tamén para cumpli-los tres requisitos de autoconsecuencia, exhaustividade e simplicidade nos que reside o chamado *principio empírico* que Hjelmslev (1969: 22-23) propón como esixencia inexcusable para toda investigación rigorosa.

Tal xusteza conceptual e metalingüística pódese acadar por dúas canles distintas. Acádase, xa que logo, cando se adopta unha determinada teoría, método ou escola crítica con toda a súa terminoloxía, aplicada literalmente, máis dita solución non se compadece doadamente co pluralismo que hoxe en día semella dominar, e por razóns abondo xustificadas, no eido da Ciencia da Literatura. Por iso figúrasenos moito máis conveniente a opción ecléctica que sempre proporcionará unha metalinguaxe máis ricaz e matizada, amén de máis aberta cá posibilidade anterior. Será polo tanto necesario revisar de tempo en tempo a nosa terminoloxía para reducirmos a floración excesiva con que acrece, ó fin de adoptarmos unha soa denominación para cada concepto distinto, a que resulte máis clara e ilustrativa do mesmo, independentemente de cal sexa a súa procedencia, e mantela logo invariablemente ó longo das nosas investigacións.

Esta actitude é tamén froito doutro dos compromisos que a Ciencia literaria ten que asumir para xoga-lo seu papel propedéutico no eido dos estudios filolóxicos. Refírome ó radical antibizantinismo que faciamos noso cando criticabamos, fai anos xa, "el desmedido prurito por parte de cada uno de los distintos autores" obsesionados por "modificar en matices, las más de las veces insignificantes, las clasificaciones de los 'puntos de vista' posibles que otros ya han establecido" nas súas investigacións narratolóxicas (Villanueva, 1977: 22). Como defendía así mesmo Leo Spitzer na exposición do seu método xa comentado, o único que importa é se a categoría empregada polo crítico é en realidade axeitada ó fenómeno descrito, e non quen a usa ou onde foi descuberta. Por iso semellaría ridículo se un físico, ó analiza-las forzas que actúan sobre un obxecto determinado, omitise a lei da gravidade só polo feito de non tela descuberto el mesmo, senón Newton (Spitzer, 1980: 41).

Como corolario do exposto, xorde de novo algo que xa apuntamos e cómpre situar agora nos alicerces de toda concepción e todo exercicio práctico da Ciencia da Literatura. Trátase dun razoable eclecticismo que non limitaremos tan só á harmonización dos diferentes métodos e escolas que nos ofertan o seu instrumental teórico-crítico para o clarexamento do fenómeno literario, senón que o extenderemos ademais á mutua colaboración que ten que existir, consonte co que defendiamos fai un momento, entre as catro disciplinas fundamentais constitutivas da Ciencia literaria sen perxuizo nin merma de ningunha delas, e así mesmo ás tres perspectivas ou ángulos de enfoque desde os que é posible aborda-lo estudio

das obras de arte verbal entendidas como procesos comunicativos: a do emisor, a da mensaxe e a do receptor. Eclecticismo chantado nunha dobre actitude de modestia intelectual, pola que estamos convencidos de antemán de que calquera achado metodolóxico por moi innovador que pareza non o é tanto se temos en conta a traxectoria de vintecinco séculos de desenvolvemento literario. Así tan so albiscaremos a esperanza de leva-las nosas análises e propostas un pouco máis lonxe, ou por mellor rumbo cos nosos devanceiros.

Quizáis conveña, nembargantes, xustificarmos máis en detalle ese eclecticismo que facemos noso, porque non está ceibe de certos riscos, algún dos cales perxudicaría gravemente o bo resultado final dos nosos esforzos.

En efecto, o eclecticismo mal entendido pode levarnos á inanidade de posturas intelectuais non comprometidas, asepticamente "tecnocráticas" se vale a expresión, incompatibles co exercicio esixente dos estudios literarios consonte co meu criterio.

En relación cos métodos e escolas, é forzoso admitir que no período comprendido entre o comezo deste século e mediados dos anos setenta, o que ten predominado foi as posturas exclusivistas, cando non dogmáticas. Como proba diso abonda lembra-lo inmanentismo radical da escola formalista rusa e as homólogas europeas e americanas, a prepotencia dalgúns semióticos certos de seren os únicos practicantes dunha auténtica Ciencia literaria, cando non as aplicacións no noso campo de sistemas pechados, omnicomprensivos da realidade social e humana como o marxismo ou a psicanálise.

Mais nos últimos lustros os ventos semellan ter cambiado de rumbo, e hoxe en día predomina a actitude contraria, resumida nunha verba: Pluralismo.

Un dos máis destacados representantes do grupo de Chicago, Wayne C. Booth (1979) consagraba esa actitude no título do seu libro *Critical Undestanding. The Powers and Limits of Pluralism* e reiterábao no seu artigo do número monográfico da prestixiosa revista *Critical Inquiry* (12, primavera do 1986) adicado a este tema, vencellando ademais esa noción á practica docente: "Pluralism in Classroom". E como testemuña do mesmo no noso ámbito cultural sérvenos un epílogo de Antonio García Berrio (Pedro Aullón de Haro, compilador: 1984) titulado de xeito abondo expresivo: "Más allá de los 'ismos': Sobre la imprescindible globalidad crítica". O autor non agacha aquí a súa evolución desde o rotundo inmanentismo lingüístico e textual que o caracterizaba, denunciando "un nítido proceso de agotamiento de los *ismos*", quizáis debido a "los desarrollos aberrantes de las demasías metodológicas". Seguir a se someter á súa tiranía refrexaría "una pura y simple tacha de limitación e importencia, y no de todo lo contrario", fronte á que se nos ofrece como solución: "hacer entrar en colaboración el mayor número posible de modelos parafrasísticos del texto objeto, servido desde todas las experiencias y disciplinas razonablemente conexas con la serie literaria" (P. Aullón de Haro, compilador 1984: 366).

Resulta xa que logo ilustrativa en degrao sumo a declaración que García Berrio fai da independencia disciplinar da Crítica en relación coa Lingüística, da "naturaleza de mediación o lectura interpuesta" que aquela ten, e da urxencia de remata-lo inmanentismo formalista con consideracións sociolóxico-ideolóxicas.

Abrir, nunha verba, o texto ó seu contexto, o que tan só uns anos sería rexeitado como lesa traizón ás esencias do obxecto literario. O propio García Berrio (1978: 52) adiantara xa a súa postura actual cando afirmara: "Personalmente me siento intermediario entre la lingüística y la historia literaria, y (...) entre las gramáticas formales y las deducciones sociológicas de los textos (...) Creo que es preciso restituir a la Filología su condición olvidada de gran ciencia de los textos y saber que se puede estar operando fructíferamente en un aspecto de ella, siempre que no se olvide que es preciso esforzar las propias conclusiones en el sentido de la totalidad".

Como sinal do mesmo cómpre amosa-la notable apertura da Semiótica literaria a consideracións contextuais, favorecida polo destacado desenvolvemento que no seu paradigma metodolóxico ven experimentando dun tempo a esta parte a Pragmática, pola que o discurso semiótico se pon en relación con quen o produciu e os seus destinatarios, coas coordenadas de espacio e tempo que os condicionan, con outras series literarias ou artísticas en xeral, coa propia historia e a evolución social, tal e como propón Jonathan Culler (1981: 214) nun capítulo do seu libro *The Pursuit of Signs* titulado "Literary Theory in the Graduate Program".

Polos anos nos que García Berrio encetaba a evolución xa comentada, e incluso un pouco antes, María del Carmen Bobes Naves presentaba a obra de W.O. Hendricks (1976: 7-21) identificando a crítica semiolóxica cunha tradición integradora na que teñen o seu lugar o formalismo ruso, a semiótica filosófica e a lingüística estructural, e describindo o seu método "como un conjunto de presupuestos más o menos generales, de posibilidades teóricas, de modelos explicativos entre los que el investigador puede elegir el más adecuado (en conjunto o en partes determinadas) para el texto que analice, o para el aspecto que quiere conocer". Ela mesma xa tiña defendido antes, na súa lectura semiolóxica de *Cántico* (Bobes Naves, 1975: 250), a lexitimidade de calquera esquema analítico se é aplicado coherentemente e consonte coas peculiaridades do texto a estudiar.

Semellantes actitudes e, incluso, evolucións rexístranse nos últimos lustros de xeito xeneralizado. Miguel Angel Garrido Gallardo (1982: 46-47), nun ponderado balance titulado "La moderna teoría literaria en España (1940-1980)", concluía que despois de sucesivas xeiras de predominio da Estilística, a denominada "crítica militante", os formalismos estructuralistas e os estudios semiolóxicos, "está apareciendo una crisis de la conciencia 'tecnocrática' de la crítica literaria, lo que hace que, sin abandonarse totalmente los instrumentos analíticos del estructuralismo y la semiología, se vuelva a poner de relieve la importancia que tiene la capacidad personal en la interpretación literaria, enlazándose así con los aspectos más positivos de las escuelas filológicas de principios de siglo".

Se a finais dos sesenta a Lingüística do texto era espallada desde as Universidades alemanas de Constanza e Bielefeld (co concurso posterior e decisivo do holandés Teun A. van Dijk), hoxe en día ambalas dúas sobresaen por seren as lumieiras da Estética da recepción e a Teoría empírica da Literatura, respectivamente. E cando un dos máis sobranceiros representantes desta última tendencia, Siegfried J. Schmidt, semella amosar un leve despego verbo da integración de métodos da que falabamos, o traductor e adaptador da versión inglesa do seu

Grundriss der Empirischen Literaturwissenschaft, Robert de Beaugrande, sáelle ó paso coa seguinte nota: "I am less inclined than Prof. Schmidt to view this pluralism as a sign of crisis. It might simply reflect the need for multiple models to capture the rich interpretative potential of important works of literature" (S.J. Schmidt, 1980: 170, nota 9).

No mesmo número de *Critical Inquiry* onde aparece o artigo de Wayne C. Booth xa glosado por nos, Ihab Hassan (1986) propón unha hipótese realmente suxerente, que non pode ser valorada polo miúdo no noso traballo: a de que o pluralismo imperante na actual Ciencia da Literatura é froito das determinantes sociais, intelectuais, estéticas e filosóficas do chamado postmodernismo. Máis o que semella fóra de toda dúbida é a práctica unanimidade con que tanto en Europa coma en América foi asumida esta posición ecléctica. Un dos documentos máis interesantes e ilustrativos da situación na que se atopa a Ciencia literaria no tempo presente é, na miña opinión, a extensa enquisa realizada polos editores da revista *New Literary History* baixo o rótulo "Literary Theory in the University: A Survey" entre varias ducias de profesores, investigadores e estudiantes graduados dalgunhas das meirandes Universidades dos Estados Unidos, Reino Unido, Canadá, Alemania, Polonia, Rumanía e Iugoslavia (Varios Autores, 1983).

As preguntas daquela formuladas foron tres: sobre as funcións e obxectivos da Teoría literaria hoxe en día; sobre as repercusións prácticas que a teoría tivera na investigación, docencia e formación dos entrevistados; e, finalmente, qué efectos positivos e sobre todo negativos se lle poderían atribuír no contexto do ensino superior. Entre as respostas habería moito que comentar aquí, máis so salientarémo-la ratificación que nelas se atopa de moitas das concepcións expresadas en páxinas anteriores do noso traballo: a Ciencia da literatura como área interdisciplinar, urxida pola esixencia da súa aplicabilidade á docencia e á análise de textos, necesitada da máxima coherencia e simplicidade nas súas formulacións e alonxada do narcisismo teorético e a eutrapelia metalingüística que tanto ten perxudicado a súa credibilidade. Mais se unha desas concepcións sobrancea entre as demais pola súa reiteración por parte da meirande parte dos entrevistados, esa é sen dúbida o pluralismo polo que estamos a postular.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Aullon de Haro, Pedro (comp.) (1984): *Introducción a la crítica literaria actual,* Madrid, Playor.

Barthes, Roland (1966): *Critique et verité,* Paris, Du Seuil.

Bobes Naves, Mª del Carmen (1975): *Gramática de 'Cántico' (Análisis semiológico),* Barcelona, Planeta/Universidade de Santiago de Compostela.

——— (1985): *Teoría general de la novela. Semiología de 'La Regenta',* Madrid, Gredos.

Booth, Wayne C. (1979): *Critical Understanding. The Powers and Limits of Pluralism,* Chicago/London, The University of Chicago Press.

Branca, Vittore, e Starobinski, Jean (1977): *La filolologia e la critica letteraria,* Milano, Rizzoli.

Bunge, Mario (1969): *La investigación científica,* Barcelona, Ariel. 2ª edición corrixida, 1983.

Coseriu, Eugenio (1967): *Teoría del Lenguaje y Lingüística general,* Madrid, Gredos.

Culler, Jonathan (1981): *The Pursuit of Signs, Semiotics, Literature, Deconstruction,* Ithaca, Cornell University Press.

De Man, Paul (1990): *La resistencia a la teoría,* Madrid, Visor.

Frye, Northrop (1957): *Anatomy of Criticism. Four Essays,* Princeton, Princeton University Press, nova edición, 1973. Traducción ó castelán de Edison Simons, Caracas, Monte Avila, 1977.

Gadamer, Hans Georg (1965): *Wahrheit und Methode,* Tübingen, J.C.B. Mohr. Versión española de Ana Agud Aparicio e Rafael de Agapito, *Verdad y método. Fundamentos de una hermenéutica filosófica,* Salamanca, Sígueme, 1977.

García Berrio, Antonio (1975): *Introducción a la poética clasicista: Cascales,* Barcelona, Planeta.

——— (1978): "Lingüística del texto y texto lírico (La tradición textual como contexto)", *Revista española de Lingüística,* 8, 1.

García González, Constantino (1967): "Interpretación o historia literaria (Problemática de la Ciencia literaria alemana)", *Revista de Literatura,* 61-62, pp. 5-35.

Garrido Gallardo, Miguel Angel (1982): *Estudios de Semiótica literaria,* Madrid, C.S.I.C.

Guillén, Claudio (1990): *Teorías de la historia literaria,* Madrid, Espasa-Calpe.

Hassan, Ihab (1986): "Pluralism in Postmodern Perspective", *Critical Inquiry,* 12, pp. 503-520.

Hendricks, W.O. (1976): *Semiología del discurso literario,* Madrid, Cátedra.

Hjelmslev, Luis (1969): *Prolegómenos a una teoría del lenguaje,* Madrid, Gredos.

Lázaro Carreter, Fernando (1976): *¿Qué es la literatura?,* Madrid, U.I.M.P.

——— (1976b): *Estudios de Poética,* Madrid, Taurus.

——— (1980): *Estudios de Lingüística,* Barcelona, Crítica.

Levin, Harry (1967): *Why literary criticism is not an exact sacience,* Oxford, Cambridge University Press.

Lotman, Juri M. (1986): "Los estudios literarios deben ser una ciencia", en Desiderio Navarro (traductor e compilador), *Textos y contextos. Una ojeada en la teoría literaria mundial,* La Habana, Editorial Arte y Literatura.

Pancorbo, Luis (1977): *Ecoloquio con Umberto Eco o la magia imposible de la semiótica,* Barcelona, Anagrama.

Popper, Karl R. (1962): *La lógica de la investigación científica,* Madrid, Tecnos. Nova edición, 1982.

——— (1963): *Conjectures and Refutations. The Growth of Scientific Knowledge,* London, Routledge and Keagan Paul. Traducción ó castelán de Néstor Mí-

guez, *Conjeturas y Refutaciones. El desarrollo del conocimiento científico,* Barcelona-Buenos Aires, Paidos, 1983, 3ª ed.

——— (1972): *Objective Knowledge,* Oxford, The Clarendon Press. Traducción ó castelán de Carlos Solís Santos, *Conocimiento objetivo. Un enfoque evolucionista,* Madrid, Tecnos, 1974, 1982.

Reyes, Alfonso (1942): *La experiencia literaria,* 3ª edición, México, F.C.E.

Schmidt, Siegfried J. (1980): *Grundriss der Empirischen Literaturwissenschaft. Band I. Der gesellschaftliche Handlungsbezeich Literatur,* Braunschwei-Wiesbaden, Vieweg und Sohn. Traducción inglesa e revisión por Robert de Beaugrande, *Foundations for the Empirical Study of Literature. The Components of a Basic Theory,* Hamburg, Helmut Buske Verlag, 1982.

Spitzer, Leo (1980): *Estilo y estructura en la literatura española,* Barcelona, Crítica.

Tomachevski, Boris (1982): *Teoría de la literatura,* limiar de Fernando Lázaro Carreter, traducción de Marcial Suárez, Madrid, Akal.

Varios Autores (1983): "Literary Theory in the University: A Survey", *New Literary History,* XIV, 2.

Villanueva, Darío (1977): *Estructura y tiempo reducido en la novela,* Valencia, Bello.

Wellek, René (1963): *Concepts of Criticism,* New Haven, Yale University Press. Traducción de Edgar Rodríguez Leal, *Conceptos de crítica literaria,* Caracas, Universidad Central de Venezuela.

V

MISCELANEA

Antonio Rey Soto e o cinema

JOSE Mª FOLGAR DE LA CALLE

Antonio Rey Soto naceu en Santa Cruz do Arrabaldo (Ourense), o 18 de febreiro de 1879, e morreu en Madrid o 20 de febreiro de 1966.

Iste traballo non é un lugar para analisar o papel de Soto nas letras galegas, cousa que, desde un punto de vista do emprego da lingua como ferramenta de identidade cultural, queda bastante clara para a opinión de Ricardo Carballo:

> "Sacerdote, é, con Ramón del Valle-Inclán, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Xavier Bóveda, Goy de Silva, un dos máis destacados poetas modernistas galegos que escriben en castelán. A súa producción en galego é moi escasa" (1).

Tampouco hai espacio niste traballo para enxuiciar a súa biografía persoal, e a súa biografia literaria. Tampouco é lugar para tratar das relacións que mantivo coa súa protectora, a marquesa da Atalaya Bermeja (2), inda que nos anos dos seus traballos cinematográficos, estas relacións tiveron unha crise.

Nas referencias cronolóxicas publicadas na prensa galega (3), recollemos unha que fai mención da actividade cinematográfica do académico na década dos 20:

(1) R. Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo 1975, 2 ed., p. 606. Carballo nomea, logo, algunha das súas poesías en galego, e máis a traducción ó galego dunha sátira de Horacio. Máis recentemente (R. Carvalho, *Letras galegas*, Associaçom galega da lingua, A Corunha 1984, p. 69, engade ós escritores indicados outros, ós que encerra neste xuicio: "mais a lingua destes poetas era a mesma de Rubén Darío, ainda que alguns deles empregárom o galego nalgunha ocasiom", se ben precisa, despois, que "Rei Soto, se calhar mais especificamente modernista, foi tamen mais esporadicamente galego", p. 212. Unha consideración específica sobre a súa adscripción á cultura galega en L. Vázquez, "En torno a Rey Soto como "poeta galego"", *Estudios*, 128(1980),87-98.

(2) "... la marquesa podía ser -y dicen que fue- fuente de inspiración para el poeta. Y este pudo consumirse, y se consumió, en fuego interior, dominando o tratando de dominar sus pasiones. Ellas fueron las que lo derramaron en versos, muchas veces autobiográficos", Oriol de Montsant, "Elegía desde América por un recio poeta español", en *La vanguardia*, 24.3.1966.

(3) V., por exemplo, *El correo gallego*, *Diario de Pontevedra*, *La región*, do día 22 de febreiro de 1966, que reproduciron un texto do "redactor de Cifra, M. Fraga de Lis", coa noticia da morte de Soto. Naqueles anos os xornais non eran diarios, e os luns só se publicaban "La hoja del lunes" e os vespertinos. O 20 de febreiro fora domingo.

Grial 12 (1966), número da revista dos meses de abril-xunio non fai referencia á morte de Rey Soto. Pola contra, nas "notas", aparece unha necrolóxica de F.O'Connor, morto en Dublin, e unhas liñeas para o "cincuentenario do pasamento de Jose Verissimo".

En 1920, Rey Soto entrou na Academia galega, xunto con R. Cabanillas, nunha sesión celebrada en Mondariz. *A nosa terra* adicou varias páxinas a reproduci-lo discurso do de Cambados, e do de Soto nin siquera deu o seu título, cfr. o nº 129, 5.10.1920.

"...Rector de la Iglesia de la Cruz del Milagro de Santiago de los Caballeros de Guatemala, y director artístico de la productora cinematográfica Celta-Films (sic) enmarcan algunos de los hitos más notables de su activa y fecunda vida"(4).

****

"Ante el impacto de la civilización moderna, le preocupa la posición de la Poesía frente a la Ciencia, a la Técnica y a la Filosofía (...) Sólo encuentra en las ciencias históricas un método y pervivencia aparte y de utilidad siempre nueva. Y a esto -pienso yo- se debe que en Rey Soto alterna la labor creadora en las letras con la investigadora en el terreno histórico. *No tengo como característica su efímera y fugaz dedicación al cine.* Los aspectos crematísticos, que en la manifestación del séptimo arte adquieren tanto relieve, no encajan con el temperamento del poeta" (5).

1. REY SOTO E CELTA FILM

Rey Soto quedara "deslumbrado" polo cinema en Norteamérica, se damos por boas as verbas de J.Mª Delgado(6), se ben, cando menos, é sorprendente que Soto non fale siquera do fenómeno nas súas "meditaciones de Nueva York" e noutras crónicas para o xornal *El mundo*, da Habana, no ano 1922(7). De tódalas maneiras, froito desa admiración é, sen dúbida, o guión cinematográfico *El dolor del almirante*, escrito tamén no ano 1922, e que pon en relación a suposta orixe galega de Colón coas loitas dos irmandiños(8). Máis que guión cinematográfico é unha narración novelada, que contén algunhas indicacións para un "cuadro" do filme que se podería facer.

O día 5 de agosto de 1922, A. Rey Soto, A. Méndez Laserna e C. Reguenga firman, en Vigo, un contrato privado para o establecemento dunha empresa que se vai chamar CELTA FILM.

Unha copia do contrato está na Biblioteca do mosteiro de Poio que garda, a súa vez, a biblioteca, documentos e obxectos varios que foron de Antonio Rey Soto (9). Posto que a transcripción literal do documento está recollida neste traballo, vou salientar, somentes, dúas cousas:

(4) R. Fernández-Pousa, "Vida y obra de Antonio Rey Soto", en *Faro de Vigo*, 3.3.1965. O artigo apareceu tres anos despois, con lixeiras adaptacións orixinadas pola desaparición do escritor, en *El correo gallego*, 28.2.1968, co titular "El poeta Antonio Rey Soto". Por último, éste foi transcrito, literalmente, en R. Fernández-Pousa, *Hombres de Galicia*, Publicaciones españolas, Madrid, 1968, pp. 10-12, co título "Antonio Rey Soto, insigne poeta de Galicia". Os datos aportados por Pousa figuran tamén nas solapas dos tomos das *Obras completas* de Rey Soto, onde se di que forman parte da entrada Rey Soto de *Who's who in Spain*, edición de 1963.

(5) J. Mª Delgado, "Rey Soto. Su personalidad y su obra", *Estudios*, 58 (1962), p. 489. O suliñado é noso.

(6) *Ibid.*, p. 478.

(7) A. Rey Soto, *Obras completas IV. Período hispanoamericano. Obras en prosa*, ed. Estudios, Madrid 1966, pp. 68-104.

(8) *Ibid.*, pp. 46-68.

(9) Tiven coñecemento da documentación que agora comentamos no ano 1982, cando recollía materiais para un estudio cinematográfico sobre os primeiros pasos do cine en Galicia, na Biblioteca do mosteiro de Poio. Daquela, o bibliotecario, p. Sanlés, puxo nas miñas máns papeis de Rey Soto que tiñan algo que ver co cinema. Agora, o actual bibliotecario, frei Jerónimo López, completou a aportación anterior. A eles debo, pois, unha grande parte do "descubrimento".

- a empresa vai adicarse, nun principio, a facer películas "sobre asuntos de Galicia y Asturias, precedidas de conferencias literarias", actividade que será o labor de Soto, segundo se especifica no apartado 3.

- o capital empregado, "setenta y cinco mil pesetas", ten como cobertura unha perda de ata o 50%, momento no que Méndez, que é o único capitalista, retirará a súa participación, suspendendo a empresa o seu funcionamento (ap. 11).

Nos anos 20, houbo unha relativa popularidade do cine español, no conxunto do cinema que se exhibía nas pantallas do reino de España. Zarzuelas e filmes de tema taurino proliferaron neses anos. O éxito dunha película como *La verbena de la Paloma*, ou doutra, relacionada con Galicia, *La casa de la Troya*, sinalaron un camiño (10), que seguiron productoras de corta vida, fundamentalmente de Madrid, que puxeron

> "en circulación una oferta fílmica que, al margen de su heterogéneo valor, amplifica la capacidad de convocatoria del cinema español (...) Tales empresas se verán abocadas, en términos de amortización o beneficio, a un callejón sin salida" (11).

Galicia participou, mínimamente claro está, nesa eclosión productora, e a Celta Film foi un dos exemplos galegos na terceira década deste século.

A empresa tentou conseguir nome, e alguns cartos, coa exhibición dun documental, *Un viaje por Asturias y Galicia*, presentado cunha certa distribución comercial. Pero os tempos deses documentais eran pasados, posto que o público galego estaba afeito ós filmes de argumento, situación creada e consolidada na década anterior.

Por outra parte, *Un viaje por Asturias y Galicia*, foi un filme dependente, non autónomo, pois Soto quería mostrar, coas imaxes, máis ben demostrar con elas, o que ia expoñendo nas súas conferencias:

> "Daré en las principales capitales conferencias sobre temas españoles, y como he de decir mucho y bueno de España, para que no tomen mis afirmaciones por una fanfarronería española o por fantasías de poeta, acompañaré con proyecciones cinematográficas lo que vaya diciendo" (12).

Queda claro o carácter auxiliar da cinta, do que se deduce a case nula rendibilidade monetaria. A explotación da película queda suxeita ós comentarios de viva voz na sala por parte do poeta, quérese dicir, suxeita á capacidade de convocatoria do orador (13).

---

(10) Cfr., J.A. Cabero, *Historia de la cinematografía española: once jornadas: 1896-1948*, Cinema, Madrid 1949, p. 223. F. Méndez-Leite, *Historia del cine español,I*, Rialp, Madrid 1965, p. 187.

(11) J. Pérez Perucha, "1896-1929", en A.M. Torres (coord.), *Cine español (1896-1988)*, Ministerio de Cultura, Madrid 1989, pp. 70 e 71.

(12) Declaracións de Soto recollidas en *La correspondencia de España*, 9.3.1923.

(13) L. Vázquez, "No centenario do seu nacemento. Antonio Rey Soto (1879-1979), *Encrucillada* 15 (1979),p. 498. O director artístico da Celta Film cumplía, desa maneira, a parte que, na difusión do producto estaba sinalada no ap. 3 do contrato de creación da entidade.

ANTONIO MÉNDEZ LASERNA

ESPECTACULOS

TEATRO LINARES RIVAS LA CORUÑA
" ROYALTY SANTIAGO
" RENACIMIENTO EL FERROL
" ROBLEDO GIJÓN
" GOYA MADRID
" PINACHO VIGO
CINE ROYALTY "
IDEAL CINEMA "

Vigo, Septiembre 6 1922

Muy Sr. nuestro

Con fecha primero de Agosto se constituyó en Vigo la Editorial Cinematografica "Celta Film" cuyo primer asunto [illegible] a su conocimiento habra llegado por conducto de la prensa [illegible] hacer un film que traslade a la pantalla, todas cuantas bellezas encierran las Regiones hermanas del Noroeste de España, Galicia y Asturias.

La Dirección Artistica ha sido encomendada al laureado y prestigioso escritor Antonio Rey Soto, que al frente de experimentados operadores sabra compendiar en este primer film los encantos y bellezas de estas Regiones y despertar en los corazones del publico a que se destina, la *morriña* que los gallegos y astures de allende los mares llevan dentro de su descubriéndoles al mundo en que actuan, no como ahora aparecen, tal que hijos de una region empobrecida y depauperada, sino como lo que realmente son hermanos de nuestros grandes prestigios nacionales en todos los órdenes del saber humano Rodriguez Carracido, Pedregal, Valle Inclan, Melquiades Alvarez, Linares Rivas, Palacios, Buhilla, Llorens, Manolo Quiroga, Varela Radio, Bugallal, Camba, etc., etc.

Y presentandoles como cruzados de estas tierras privilegiadas donde hay castillos y fortalezas que vieron salir de sus muros los épicos conquistadores de la Edad Media, y existen monasterios, iglesias y abadias de romántica y desconocida historia y se levantan ciudades y pueblecillos con rincones rebosantes de poesia y de ensueño, tierras donde hay también fabricas, escuelas y asilos, balnearios y casinos, playas de moda y laboratorios cientificos, y sobre todo esta el encanto de la musica popular, el colorido de sus fiestas, romerias y ferias, que hacen de estas comarcas, las más pintorescas e interesantes del mundo.

Nuestro Director Artistico, regresó los primeros dias [illegible] America, donde su [illegible] forma imborrable, todo [illegible] cordial y al calor del entusiasmo [illegible] pertar un aliento [illegible] razones hermanos, se ha fundado [illegible] Film, cuya primera producción es avidamente esperada [illegible] de un millon de almas.

Prescindida de la palabra de Rey Soto, que en sus conferencias explicara la historia de todas y cada una de las partes que integran la pelicula, ésta será llevada a Cuba, Puerto Rico, Méjico, Panamá, Colombia, Venezuela, Perú, Chile, Argentina y Uruguay, donde los Centros Gallegos, Sociedades Españolas y Agrupaciones Astures, nos brindan sus teatros y cooperación más fervorosa.

Es pues de tal importancia y extensión este film, que creemos no escapa a su buen criterio, el alcance, eficiencia y ventaja de los anuncios en ella intercalados y que por ser limitado el metraje del mismo, daremos preferencia a aquellas industrias que consideramos modelos en España, las cuales una vez filmadas por nuestros operadores, serán exhibidas en el curso de la pelicula y precedidas de leyendas encomiasticas, a fin de que en el espectador cause la impresión de agrado que debe ser la expresión del sentimiento en todo patriota, al contemplar lejos de su pais todo aquello que sus coterráneos, han sabido crear, honrando a su Región y a su Patria.

Dada la rapidez que a este primer film se está imprimiendo, rogamosle nos envie su conformidad, para que su [illegible] industria, quede anotado con la debida preferencia en [illegible] que visitarán nuestros operadores.

Aprovechamos esta oportunidad para ofrecernos de Vd. atos S. S.

q. e. s. m.
POR LA "CELTA FILM"
El Representante.

Carlos [illegible]

Reproducción dun texto da "Celta film", que foi recollido, total ou parcialmente, por varios xornais galegos e americanos (do fondo A. Rey Soto na Biblioteca do mosteiro de Poio).

1.1 As filmacións

O número de planos de *Un viaje por Asturias y Galicia*, está recollido no apéndice II deste traballo: 126 para a primeira xornada, ou película, "El paisaje"; 73, para "Las costumbres", e 70 para "El arte", terceira parte.

Un número tan grande de lugares e de persoas precisaba dunha movilidade e dunha disponibilidade superior, para aqueles tempos, a de calquera outro filme de ficción, de tipo medio. A "rodaxe" empezou no outono de 1922, e chegou ata mediados de setembro do ano seguinte.

O catro de xaneiro de 1923, Celta Film ten un novo director xerente, Higinio Troncoso. Pasa a chamarse Editorial cinematográfica Celta Film. Reguenga e Rey Soto seguen coas súas funcións.

Debemos a minuciosidade de Rey Soto o testimonio dalguns dos gastos durante o traballo en Galicia. Esas notas son unha pequena aportación ós custos diarios dunha rodaxe dun documental en Galicia neses anos. Nas contas non están comprendidas as dietas do director artístico, nin o material cinematográfico empregado.

Se damos por boa a cifra de 42.000 pesetas para a rodaxe de *La verbena de la Paloma* (14), a cantidade posta por Laserna, un ano despois é, de certa importancia, sobre todo se pensamos que o diñeiro é para a rodaxe dun documental que, nun principio, non precisa da intervención de actores profesionais.

A prensa galega daba conta dos traballos, e asimesmo de proxeccións parciais do filme. En Mondariz, en setembro de 1923, o operador Alonso (15) e Soto filman imaxes do balneario, dos bañistas e dos seus propietarios (planos 29 a 32, da primeira película), que serían proxectados nun cinema da localidade, xunto con outros fragmentos do filme: "se exhibieron ante los invitados a la prueba, varios trozos de la grandiosa película"(16).


A indicación do xornal vigués mostra, ás claras, que a obra non estaba totalmente montada. A sesión de Mondariz, que contou co acompañamento oral de Rey Soto, fora precedida doutras exposicións, sendo unha das máis notables a de Madrid, nunha conferencia no Ateneo, que mereceu unha crónica de Francisco Camba para *La voz de Galicia*, na que facía unha loubanza das imaxes ofrecidas (17).

(14) F. Méndez-Leite, *op. cit.*, p. 187.

(15) Luis R. Alonso era un operador español que traballou na Celta Film, nunha parte de "Un viaje", e no filme *Maruxa*, dirixido por H. Vorins. É bastante probable que o seu documental, *Un viaje por Galicia*, subvencionado en parte polas diputacions galegas, tivera a súa orixe na rodaxe da "viaxe" de Soto, seis anos antes, do que tamén poida que aproveitara algunha toma. Para Alonso, v. F. Vizcaíno, *Diccionario del cine español. 1896-1968*, ed. Nacional, Madrid 1970 3ª ed.; para o traballo de Alonso en Galicia, v. E. García Fernández, *Historia del cine en Galicia (1986-1984)*, La voz de Galicia, La Coruña 1985, pp. 96, 105-6, e 133, n. 113.

(16) *Galicia*, 13.9.1923.

(17) *La voz de Galicia*, 20.3.1923, en L.M. Quiroga, "El cine a través de la prensa diaria coruñesa en la década 1920-1930", universidade de Santiago de Compostela 1983, p. 203 (tese de licenciatura inédita).



Relación autógrafa de Soto, relativa ós gastos da rodaxe do filme documental, no mes de nadal de 1922 (Biblioteca do mosteiro de Poio).

A publicidade deste documental foi relativamente notable, sendo o propio Rey Soto o encargado de face-la con sesións previas parciais, como as nomeadas, e coa axuda da prensa local, á que se facía chegar notas e máis notas, lóxicamente 'interesadas'.

Un exemplo desta forma de publicidade é iste texto de *Faro de Vigo* do 21 de abril de 1923, cando estaban a rematar os traballos de filmación:

> "Galicia entera tendrá que agradecer un día el que nuestros hermanos, alejados de nosotros por azares de la vida, aquellos que buscan lejos de la madre Patria el sustento de los suyos, puedan admirar dentro de brevísimo plazo sus "casiñas" de la aldea que los vio nacer, las campiñas frondosas, las típicas romerías, las ciudades populosas de nuestra tierra, en fin, todo lo que lleva hasta el alma del ausente recuerdo de amor (...) Para esta hermosa película, hemos visto en las salas de espectáculos, en Bares y Comercios, unos artísticos carteles anunciadores, que para tal efecto pintó el laureado artista don Carlos Sobrino, hoy ausente de nosotros (...) Todas las personas que vieron estos carteles, hicieron grandes elogios de ellos recordando de este modo al artista sublime y teniendo para la empresa "Celta Film" palabras de admiración y cariño".

Segundo os rótulos, Sobrino aparecería no filme, xunto con outros artistas vigueses (pl. 122), e pintando (pl. 124, da primeira xornada).

Rey Soto non filmaba só persoaxes e paisaxes. Aproveita algun que outro "suceso" local para que poida estar na película. Por exemplo, a chegada dun presidente da Arxentina, en agosto de 1922, a cidade de Vigo (planos 99 a 103, da primeira "jornada"), ou, tamén, o enterro dun cardeal, en Santiago, en nadal do mesmo ano (pl. 17, da segunda película). Filmacións como estas achegan "A viaxe" ó campo do noticiario, e rompen, dalgunha maneira, a intención artística, xeográfica e cultural do resto das imaxes.

Durante moito tempo, as filmacións cinematográficas estiveron expostas a moitos perigros, entre eles, o da súa desaparición pura e simple. Os materiais deses anos son especialmente fráxiles, e os conservados teñen un grande risco de desapareceren, polo envellecimento dos compostos químicos dos filmes.

Un deses riscos era, e segue sendo, o dos incendios. En setembro de 1923, desaparecía polo lume o cine Pinacho, en Vigo, propiedade de Méndez Laserna. O incendio estivo a punto de facer desaparecer a película de Soto, pois

> "en el mismo local tenía establecido su laboratorio la "Celta Film", a quien alcanzan pérdidas de importancia. Se han salvado, no obstante, las dos películas "Maruxa" y "Un viaje a través de Galicia y Asturias", impresionadas por la mencionada empresa y que debían ser dadas a la publicidad en breve plazo"(18).

Cumplindo a súa idea, Rey Soto levou a América a película, a finais de 1923:

> "Aunque el cine es mudo, la cálida palabra de Rey Soto, en cada proyección, dará vida al paisaje, a las costumbres, al tipismo... del alma gallega y asturiana, haciendo vivir emociones profundas en los que han tenido que abandonar sus lares y casonas. El excesivo trabajo en esta original forma de hacer cine sonoro en el año 23 y 24 derrumba, otra vez, la salud de Rey Soto" (19).

(18) *El compostelano*, 18.9.1923.
17 *Muchas veces oyó Carmiña la leyenda del castillo, y en su soñadora imaginación sentía revivir las figuras y la historia, que el legado tradicional había corrido a través de los siglos.*

18 "*Allá por las primeras centurias de nuestra era, cuando los villanos gemían bajo el yugo tiránico de los señores de feudo, vivían en aquel lugar dos humildísimos pastores: Andrea y Tiago*".

(por sobreimpresión, Carmiña muda de traxe e de época)

19 "*Sin más amparo que el de Dios, ni más porvenir que el azar, decidieron unir sus destinos, y así, una mañana, la anhelante pregunta del galán halló eco en el corazón propicio de la zagala*"

(arredores do castelo de Vila da Feira)

20 "*En aquel entonces, era señor del castillo, y tirano de catorce villas más, Don Xácome de Veiga, quien pasaba, para alivio feudatarios, no cortas estancias junto a su rey*"

21 "*¿Es acaso, tu mujer?*"

(Xácome a Andrea-Carmiña, que, xunto con Tiago, se poñen de pé ó sentiren a presencia do señor, que chega acompañado de dous criados. Xácome colle o queixo da moza).

22 "*Todavía no, señor; pero nos casaremos antes de que llegue el invierno, si Dios lo quiere*"

23 "*Si Dios lo quiere ... y lo quiero yo. ¿Ignoras, deslenguado, mis derechos? Te casarás con ella, si Dios lo quiere, y cuando yo te la devuelva*"

24 "*¡Apoderaos de la moza!*"

(Xácome ós seus criados)

25 "*Y aquella misma noche, pretendió el impúdico señor de horca y cuchillo mancillar la flor blanca de su pureza haciendo valer sus torpes derechos*"

26 "*Presentía Tiago la cobarde hazaña; y al filo de las diez ...*"

27 "*He jurado ante Dios, que Andrea será mi esposa inmaculada, y ¡ay de quien trate de mancillar su honra!*"

(Tiago aparece no fondo do comedor, onde Xácome está a cear con Andrea, servidos polos criados)

28 "*Y la tragedia surgió violenta en un arrebol de sangre*"

(Tiago mata a Xácome. Final do "flash-back")

A pantasma do iberismo no Portugal do século XIX

PILAR VÁZQUEZ CUESTA

No pensamento político peninsular da pasada centuria e comenzos da actual o chamado "iberismo" ocupa un lugar de extraordinaria importancia. Tanto este substantivo como os adxectivos "iberista", e "ibérico" co significado de "iberista", aparecen de continuo en libros, artigos de xornal ou de revista, discursos parlamentarios, mitins de partido, informes diplomáticos oficiais ou oficiosos e ata en cartas privadas (1), facendo crer ó lector pouco informado que a meirande parte dos habitantes da Península querían a súa unificación. Non é así, porén. O que acontece é que estas etiquetas se aplican a doutrinas moi diferentes: desde soños de unión ou federación dos pobos peninsulares relegados a un futuro máis ou menos remoto ata plans concretos e factíbeis de aproximación política, económica e cultural entre Portugal e España.

Existe ademais un iberismo monárquico e outro republicano e, se o primeiro pode ser unionista ou dualista, o segundo defende quer a federación de Portugal e España quer a división desta última, ou dos dous países, nun número variábel de estados ou "cantóns" que axiña se federarían. É claro que para atinguir unha Federación Ibérica Republicana se fai necesario o desenvolvimento previo dun proceso revolucionario; pola contra existen dúas vías teoricamente pacíficas que levarían á formación dunha Iberia monárquica, unitaria ou dual: os enlaces matrimoniais entre Borbóns e Braganzas ou a substitución, en calquera dos dous reinos, da dinastía propia pola do outro.

A política de casamentos entre individuos das dinastías reinantes en Castela e Portugal fora tradicional durante toda a Idade Media e máis intensa ainda nos séculos XV e XVI. Nos séculos XVIII e XIX continuou sendo fervorosamente practicada por Portugal e España, o que posibilitaba en calquer momento a unión ibérica. Pero non era só que esta se pudese producir en calquera intre de casualidade, unha Iberia monárquica e unitaria constituía ademais para moitos españois un vello desexo que a Restauración da Independencia lusitana en 1640, despois de sesenta anos de monarquía dual, non dera extinguido. Proba disto é o feito de que o principal engado de que se serve o negociador lusitano ante a Rexencia de Cá-

(1) E curioso observar que, mentres a verba "iberismo" aparece en calquera dicionario manual portugués definida como "a doutrina dos que preconizam a união ibérica" ou "partido dos que advogam pela federação de Portugal com a Espanha" e no *Diccionari Català-Valencià-Balear* de Mosén Alcover como "tendència o doctrina favorable a la unitat política o cultural de la Península Ibérica", a Real Academia Española de la Lengua só moi recentemente a ten incluido no seu *Diccionario*.

diz (2) para facer valer os direitos ó trono de España da esposa do Príncipe Rexente (3) (o futuro D. João VI), Dª Carlota Joaquina, estando o seu irmán, Fernando VII, prisioneiro de Napoleón, é que nos herdeiros da egrexia señora se reunirían as dúas coroas da Península (4).

Trinta anos máis tarde, cando entre 1842 e 43, sendo rexente Espartero, comenzan a negociarse as vodas de Isabel II e a súa irmá Luisa Fernanda, axiña hai quen avisa de que a Raíña de Portugal, Dª María II, ten dous fillos pouco máis novos ca elas: o Príncipe D. Pedro, herdeiro da coroa, e o Infante D. Luis. Data precisamente desta época a aparición do xornal "La Iberia", que na súa primeira etapa (de 1 de agosto de 1842 a 31 de Marzo do 43) ten como obxectivo primordial mentalizar a opinión pública española sobre a conveniencia duns casamentos que inexorabelmente levaban á Unión Ibérica.

Na década dos cincuenta o utilitarismo rexeneracionista portugués tan ben personificado por Fontes Pereira de Melo -o enxeñeiro que nun discurso parlamentario chegaria a afirmar: "se fosse possível passar uma lei para que a Nação Portuguesa viajasse por três meses, estávamos salvos" (5) -valorará primordialmente as avantaxes materiais da Unión Ibérica. Portugal gañaría moito se desaparecesen as fronteiras entre os dous reinos peninsulares subordinándose ós intereses do Comercio a rede de ferrocarrís de ambos e unificándose a economía. E -como dicía Antonio Rodrigues Sampaio, o vello león setembrista de "O Espectro", o republicano da "Comissão Revolucionária" de Lisboa de 1848, convertido agora ó rexeneracionismo- "Si nos pusiesen en la alternativa de ser miserables con nuestra nacionalidad y sin el camino de hierro, o felices con él pero arriesgando perder la nacionalidad, optaríamos por la prosperidad con la libertad, fuese el que quisiera el peligro para nuestra independencia" (6). Por iso considerábase tan beneficioso para Portugal o casamento da filla mais vella de Isabel II, a Princesa Dª Isabel, con D. Pedro V. Porque -como numa *Memória sobre Portugal e a Espanha* aparecida en 1856, argumenta Cláudio Adriano da Costa, seguindo a tese de D. Sinibaldo Mas en *La Iberia* (7)-: "o país menor tem um varão reinante, o país maior uma princesa por sucessor ao trono" (8), casandoos remataría sen problemas o camiño de ferro de Lisboa a Badajoz.

Mais, em cambio, cando, moi próximo xa o seu derrocamento, en decem-

(2) D. Pedro de Sousa e Holstein, futuro Duque de Palmela.

(3) Desde que en 1792 a súa nai, Dª Maria I, toleara o Príncipe D. João dirixía os negocios do Reino, aínda que só sería nomeado Rexente en 1799, cando tinha desaparecido xa calquera esperanza de curación daquela, e aclamado Rei á morte da devandita Raíña no ano 1816.

(4) V. *Despachos e correspondência do Duque de Palmela.* Coligidos e publicados por J.J. dos Reis e Vasconcelos. 2 vols., Lisboa, 1851.

(5) Nun discurso pronunciado o 2 de abril de 1856 e reproducido en parte por Oliveira Martins no seu *Portugal Contemporâneo* (7ª ed., 3 vols., Lisboa, 1953, t. III, p. 258).

(6) "O Leiriense", 13 de decembro de 1854. Transcrebemos a cita en español por tela tomado do libro de D. Angel Fernández de los Ríos *Mi misión en Portugal* (París-Lisboa, s.a., p. 201).

(7) Desta obra aparecen en Portugal tres edicións entre decembro de 1851 e 1853. A edición española data de 1851.

(8) Tomado do *Portugal Contemporâneo* de Oliveira Martins (t. III, p. 248).

bro de 1866, Isabel II visita a Corte lusitana en compañía da sua primoxénita (9), oficialmente para devolver a breve visita que lle fixeran un ano antes os monarcas portugueses ó seu regreso de Italia e Francia, segundo se rumoreaba para concertar o casamento de "la chata" co Infante D. Augusto, irmán de D. Luis I, a xa remota posibilidade de que recaisen na parella as dúas coroas da Península é unanimemente rexeitada pola opinión pública do veciño país.

A substitución dos Borbóns por Braganzas moito menos tiránicos e corrompidos ca eles constitue durante todõ o século XIX unha aspiración da que -para nos entender- chamaríamos esquerda monárquica española, aspiración que cristaliza en accións sempre que a ocasión se revela propicia.

En efeito, o 24 de agosto de 1826, un grupo de emigrados españois dirixe desde Gibaltrar ó Emperador D. Pedro I do Brasil un memorial en que lle facían saber as suas esperanzas de que algún día chegase a cinguir "la triple corona" de que tan digno se mostraba e declaraban recoñecelo xa como rei "para cuando, apiadada la Providencia, torne a la Iberia su prestigio uniéndola al paternal dominio de un Braganza" (10). Tres anos despois, en 1829, nun documento subscrito por coñecidos "comuneros" como Flores Estrada, Díaz Morales, Juan Rumi ou Andrés Borrego, reiterábase a D. Pedro a solicitude de que se dignase aceitar o trono español. E, en 1830, unha reunión conxunta dos conselhos directivos das Sociedades secretas de España e Portugal acorda ofrecer ó devandito príncipe o título de "Emperador de Iberia" e manda a Río de Janeiro un emisario do que descoñecemos o éxito ou o fracaso mais que algo debeu ter a ver coa decisión que dalí a pouco tomaría o pai de Dª Maria da Glória de abandonar o Brasil e vir para Europa.

Verdadeiramente sedutoras son tamén as cartas que, desde o desterro, dirixe ó Emperador D. Pedro I o Xeneral Saldanha, convertido ós ideais ibéricos no clima de efervescencia política peninsular que a fins da década dos vinte se respiraba nun Londres cheo de exilados españois e portugueses. "Pensai, Senhor, na condição miserável da infeliz Espanha!... Quem pode dizer que fortuna o céu tem reservada para V.M. na Península se os seus inimigos forçarem a empregar meios conhecidos embora violentos?" (11) -escrébelle o 10 de Xuño de 1827-. E, noutra carta datada a 5 de xaneiro do ano seguinte, na que se fai referencia ó que dixera Napoleón de que, se un príncipe de sangue real desposase a causa do povo podería dictar leis a toda Europa, pregunta o intrépido militar: "É possível que V.M., em vez de reinar sobre 14 milhões de homens como são os espanhóis e os portugueses, e com os quais até poderá sustentar a sua autoridade na América, prefira governar só 3 milhões de gente de várias cores, gente que traz no peito a mais negra ingratidão?" (12). Ainda nas vésperas da sua fracasada viaxe a Portugal de

(9) Sobre esta viaxe de Isabel II apresentou unha comunicación no Coloquio sobre "A Diplomacia na História de Portugal" celebrado en Lisboa baixo os auspicios da "Academia Portuguesa da História" do 5 ó 8 de abril de 198 o entón Primeiro Secretario da Embaixada de Portugal en Madrid, D. José Bouza Serrano.

(10) V. Vicente Llorens Castillo: *Liberales y románticos*, México, 1954, p. 122.

(11) *Portugal Contemporâneo*, t. I, pp. 58-59.

(12) *Ibidem.*

comenzos de 1829, animaría así Saldanha a D. Pedro I do Brasil: "As dificuldades estão removidas; e, se arranjar em Lisboa o dinheiro necessário, em dois ou três meses haverá um movimento em todas as províncias de Espanha para elevar V.M. ao trono desse país" (13). A el, como bon patriota, restáballe só "tratar da realização dos bons desejos de todos os portugueses e espanhóis" (14).

Pero, se -encontraposición ó traicioneiro e tiránico Fernando VII- o xeneroso e valente D. Pedro I do Brasil e IV de Portugal, que sen que ninguén llo pedise outorgara ó país en que nacera e onde nen sequer pensaba reinar una Carta Constitucional e loitara despois coas armas na man en defensa dos principios do liberalismo, fora o rei soñado para a sua patria polos liberais españois de fins da década dos 20, a meados da do 50 é o mozo e simpático D. Pedro V o ideal de monarca constitucional que desexan para España os que continuan a ser monárquicos mais non poden seguir aturando os escándalos morais e financeiros da Corte de Isabel II. Afábel no trato, novo e aposto, sumamente culto, o primoxénito de Dª Maria II, moi perto xa da maioría de idade, reunía todos os requisitos necesarios para ser o candidato daqueles que crían na soberanía popular e pretendían que o seu país tivese un goberno honesto, civilizado e progresista sen expolo ós riscos dunha república. Que en 1853 o Goberno español prohibise ós xornais publicaren artigos sobre a Unión Ibérica demostra ata que punto era este en España un tema actual e vivo pouco antes da revolución do 54. E non menos significativo resulta o feito de que, poucos dias antes de que estalase esta, o 15 de xuño dese mesmo ano, reapareza e agora por moito máis tempo, o diario "La Iberia", órgano xornalístico do Partido progresista, do que o nome revela ben ás claras as suas ideias sobre o futuro da Península.

Vacante o trono de España en 1868 co triunfo da Gloriosa, o rei de Portugal D. Luis I e, de non poder ser el, o seu pai D. Fernando de Coburgo, Rexente durante a minoría de idade de D. Pedro V, constituen os candidatos favoritos da fracción máis radical do Partido progresista. Trátase nos dous casos de personalidades que desempeñaran xa con grande acerto o papel de monarca constitucional mais tamén de camiños abertos para unha mais ou menos próxima Unión Ibérica. E é precisamente a posibilidade de comprometer con esa posibel Unión Ibérica o primeiro a sua coroa, o segundo unha reputación gañada a pulso o que impide a ambos aceitar o trono español.

No senso contrario, a verdade é que non hai novas de monárquicos portugueses que tivesen preferido os Borbóns ós Braganza. A non ser que coidemos espontáneos (e non redixidos por D. José María Pando, Ministro Plenipotenciario en Lisboa da España Constitucional) os pasquins aparecidos en xullo de 1820 na capital portuguesa co seguinte texto:

"És infeliz Portugal
pois promete abrir-te a cova
quem contigo se apelida
antepondo Vila Nova.

(13) *Ibidem.*
(14) *Ibidem.*

A tua sorte fatal
pura compaixão me mete:
Se és infeliz com seis
por que não procuras sete?" (15)

Aparentemente sibilinos eses versos facían alusión ó "Secretário de Estado dos Negócios Estrangeiros do Reino" Tomás Vila Nova de Portugal, pertencente á fracción máis conservadora da Corte de D. João VI, a cal permanecía no Brasil nove anos despois de que as tropas de Napoleón abandonasen Portugal. A pouca simpatía de que gozaba este Ministro na súa patria e o recente triunfo en España do liberalismo eran nos devanditos versos aproveitados para animar ós portugueses a trocar o seu rei -un rei que, ademáis de absoluto, convertira Portugal, coa súa prolongada ausencia do país, en colónia da sua excolonia, o Brasil- polo constitucional Fernando VII.

No referente ó Iberismo republicano (16), había algúns que se limitaban a propugnar unha confederación dos dous Estados da Península que en certo modo reproducía baixo forma republicana o sistema dual da monarquía de Felipe II. A referida confederación só afectaría ás relacións exteriores e á organización do Exército, e podería en calquera intre desfacerse se España ou Portugal -que manterían unha Constitución propia aínda que consensuada e Asembleas lexislativas con plenos poderes- xulgaban isto convinte.

Outros consideraban condición *sine qua non* para a federación ibérica a transformación de España en república federal, distinguindo nitidamente a confederación con Portugal -a quen non se impuña o sistema federal- da federación española, porque -como dicía F. Tubino en *Patria y Federalismo*- "todas estas provincias y reinos, aunque distintos y en cierto grado autónomos, son miembros de un mismo cuerpo, del gran ser nacional llamado nación española, y han contribuido tanto más a conservar la unidad nacional, cuanto más ha respetado ésta su manera de ser interior, su individualidad" (17). Deste xeito, Portugal se confederaría con dezaseis Estados españois: "Navarra, Vascongadas, Aragón, Cataluña, Valencia, Galicia, Asturias, Castilla la Vieja, Castilla la Nueva, Extremadura, Andalucía, los Archipiélagos balear y canario, Cuba, Puerto Rico y Filipinas".

Pero os máis querían convertir tamén Portugal nunha república federal, sendo os Estados ou Cantóns lusitanos os que se confederasen cos españois, o que levantaba un problema: mentres en España podían restaurarse como "cantóns" os antigos reinos medievais, en Portugal, por non existiren estes, a división do país tiña que efectuarse con criterios xeográficos ou administrativos. E isto, unido ó problema da inclusión ou non na Confederación das colonias españolas (das portuguesas nen se fala), fai que o número de membros varíe moito duns proxectos a outros.

Por exemplo, no que parece ter xurdido en 1820, no periodo que media entre a instauración en España do sistema político constitucional e a sua implan-

(15) Tomado da *História de Portugal. Edição Monumental da Portucalense Editora*, Director literário Damião Peres, 8 vols. e 2 Suplementos, Barcelos, 1928-1981, t. VII, p. 45, col. 2.

(16) V. María Victoria López Cordón: *El pensamiento internacional del federalismo español*, Barcelona, 1975.

(17) Madrid, 1872, p. 212.

tación en Portugal (¡pouco máis de catro meses!), son sete as futuras repúblicas federadas de Iberia: cinco españolas e dúas portuguesas ("Lusitânia Citerior e Lusitânia Ulterior") (18).

Mais para José Félix Henriques Nogueira -de quem os *Estudos sobre a Reforma em Portugal* (editados en 1851) constitúen un clásico da descentralización administrativa, e que en varios traballos publicados na Imprensa periódica ou nos *Almanaques Democráticos* para 1852, 1853, 1854 e 1855 se mostra abertamente partidario de calquera solución de carácter iberista- o número de Estados que constituirían a Iberia era ainda unha custión a debater. Non obstante, no de 1855, nun comentario feito co título de *Cidade Capital* ó artigo nº 4 do Projecto de "Bases para a Constituição Federal dos Estados Unidos de Ibéria" incluido no libro impreso no Porto *Federação Ibérica ou Ideias Gerais sobre o que Convem ao futuro da Península por um Português,* o ilustre publicista concorda coa división de Portugal en tres Estados (catro tal vez cos Azores) (19), absténdose prudentemente de suxerir como se debía de dividir España.

Hai, porén, autores moito máis ousados. Así, por exemplo, en *La regeneración de España* que en 1860 publica en Barcelona (co pseudónimo de Evaristo Ventosa) Fernando Garrido, propónse a creación de quince "estados o reinos" españois -Castilla la Vieja, Castilla la Nueva, Vascongadas, Aragón, Navarra, Cataluña, Baleares, Asturias, Galicia, Extremadura (incluindo a portuguesa), Sevilla, Valencia, Andalucía, Murcia e Canarias- e tres portugueses. E o seu descoñecimento da realidade xeográfica lusitana é tamaño que non só reduz Portugal a Trás-os-Montes, a Beira e o Alentejo, atribuindo ós dous primeiros Estados capitais (Porto e Lisboa) que nen sequer están situadas dentro das devanditas rexións senón que confunde a "Estremadura portuguesa (pequena província litoral que envolve Lisboa) co Alentejo, ese si prolongación natural da Extremadura española. Vinte anos máis tarde, en 1881, cando apareza o seu libro *Los Estados Unidos de Iberia,* Fernando Garrido elevará a dezaoito o número dos membros da parte española, incorporando á Federación como tres Estados as colonias que aínda lle restaban a España -Filipinas, Cuba e Puerto Rico- e engadindo León mais incluindo Sevilla en Andalucía, e deixará ós republicanos portugueses a tarefa de estruturar federalmente a sua patria.

Trece eran en troques os cantóns españois que en 1870 recoñecera a Asemblea Federal da que Fernandez Herrero recolle as conclusións nun folleto titulado *El Federalismo. Organización, resoluciones y conducta del partido según el manifiesto de la Asamblea Federal.* Deles, dez eran continentais (Cataluña, Valencia y Murcia, Granada y Córdoba, Sevilla y Extremadura, Castilla la Nueva, Aragón, Vascongadas y Navarra, Castilla la Vieja, León y Asturias e Galicia), dous insulares (Baleares e Canarias) e o último estaba formado polas colonias. Portugal dividíase en tres cantóns separados polos ríos Douro e Tejo.

(18) O plan tiña orixe masónica, segundo consta nun oficio enviado ó Embaixador de Portugal en París, Marqués de Marialva, polo Ministro en Madrid, D. António Saldanha da Gama, o 2 de agosto de 1820 (V. Simão José da Luz Soriano: *História da Guerra Civil e do Estabelecimento em Portugal do Governo Parlamentar,* 17 vol., Lisboa, 1866-90, t. I, pp. 403-404).

(19) *Obra Completa,* Edição organizada por António Carlos Leal da Silva, 4 vols., Lisboa, 1976-82, t. I, p. 292, nota.

Vemos, pois, qué distinta é a imaxe que se fan da Iberia os políticos dos diversos partidos que máis ou menos explícitamente incluen nos seus programas a unificación da Península. Pero máis diferente é aínda a carga afectiva que pesa sobre esta verba nos dous Estados que a integran. Pois, se para un español ser ou non ser iberista non pasa de problema intelectual, para un portugués constitue un verdadeiro drama de conciencia. A sua personalidade enteira comprométese nunha opción entre dúas posibilidades, ningunha das cales o satisfai por completo. Dunha banda, o espellismo de grandeza e poder que tería unha Iberia unida. Doutra, sentimentos moi enraizados no subconsciente colectivo que se arrepían ante a máis remota posibilidade de perigo para a patria. ¿Como resolver esta contradición entre o que parece esixir o signo dos tempos -unificación de antigas áreas plurinacionais en fortes Estados modernos, federalismo político ou económico- e o seu medo a perderen a libertade? Só inventando solucións, pero solucións de compromiso, oportunistas e variábeis ó teor das circunstancias do momento, coas que tratar de aumentar a riqueza e a forza política do país salvagardando ó mesmo tempo a sua independencia.

Como, ata cun monarca portugués e Lisboa por capital, España non ten medo de ser absorbida por Portugal, mentres que este está temendo sempre que a sua veciña de Península tente convertilo nunha rexión española, a palabra "iberismo" revéstese de connotacións totalmente distintas dun e do outro lado da fronteira. Ideoloxía ben vista no país que non arrisca nada co seu triunfo, os que a profesan naquel do que pon en perigo a identidade teñen por contra que estar de continuo a defenderse da acusación de seren pouco patriotas. Profesar ideais iberistas é algo tan mal visto en Portugal, provoca tal desacougo interior, tan insidiosos e xordos sentimentos de culpabilidade que hai poucos portugueses coa coraxe necesaria para confesar abertamente o seu iberismo, aínda que sexan moitos os que colocan este sambenito ós seus nemigos. Porque marcar con este estigma o partido contrario é un bon xeito de impedir a sua suba ó poder ou, se ocupa xa este, de botalo do goberno. Por iso a chata do iberismo é lanzada por uns ós outros como unha pelota chegando a producir a impresión nalgúns momentos -como, por exemplo, a fins da década dos sesenta, en que se discute a posibilidade de que un Braganza ocupe o trono español, ou ó comenzo dos noventa, cando ten lugar a profunda crise espiritual provocada polo Ultimatum británico- de que, inexplicabelmente e contra toda lóxica, en Portugal coexistía un iberismo xeralizado cun odio xeral á Iberia.

Pero non se utiliza o iberismo unicamente como arma política. Álzase a pantasma ibérica ante os ollos dos gobernantes para obligalos a mudar de rumo. Con que Portugal, no colmo da desesperación, poida preferir unirse a España a continuar sendo explotado por Inglaterra ou convertido en colonia do Brasil ameazan, entre 1817 e 1820, os exiliados liberais de Londres a D. João VI para que regrese de Rio de Janeiro onde permanecía aínda con toda a Corte nove anos despois de que as tropas napoleónicas tivesen sido expulsadas de Portugal. E este argumento adquirirá aínda máis forza cando o 9 de marzo de 1820 Fernando VII

xure a Constitución de Cádiz (20). E é tamén empregado de novo tras o levantamento liberal de 24 de agosto dese mesmo ano nun escrito á Rexencia de Lisboa datado o 3 de setembro. Unha década máis tarde, o ano 1830, voltarán a servirse del os compoñentes da segunda emigración liberal a Inglaterra para forzar ó Goberno británico a concederlles claramente o seu apoio na guerra que manteñen cos miguelistas. Escreve o seu voceiro, o grande escritor romántico Almeida Garrett no opúsculo titulado *Portugal na balança da Europa:* "se a intriga estrangeira ajudada pela traição doméstica prevalecerem e nos tirarem a condição *sine qua non* da nossa independência ou *directamente* destruindo a Constituição, ou indirectamente anulando-a nos seus efeitos como até aqui têm conseguido, então, relutantes e forçados mas deliberadamente resolutos, só nos resta lançar mão do segundo membro da alternativa: unir-nos para sempre à Espanha" (21).

Non esquezamos, sen embargo, que se trata dun último e definitivo argumento de presión dialéctica, pois a unión con España non é apresentada como un ben senón como o peor que lle pode acontecer a Portugal e do que serán responsabeis os que tan inepta e egoistamente están a xogar co destino da nación. Ten tal carácter de supremo desastre que, xa nos anos oitenta, pode convertirse en símbolo desa catástrofe salvadora, ese tocar fondo providencial que chega a ser a única esperanza que alenta a flor e nata da xeración lusitana do setenta cando se ve impotente para levar a efeito esa total transformación da vida portuguesa coa que soñara na súa mocidade.

Pero, ademais, o terribel cocón do iberismo -remedado por axentes secretos a soldo- ten en Portugal a virtude de frear calquera iniciativa tendente a aproximar no terreno político, económico, e ata cultural, os dous Estados da Península. É este o xogo suxo do Duque de Montpensier (que moi astutamente escollera Lisboa como base de operacións ó ter que abandonar España en xullo de 1868) para neutralizar a D. Luis e D. Fernando de Coburgo (22), os candidatos á coroa española preferidos polo Partido Progresista e máis perigosos rivais da sua esposa, a Infanta Luisa Fernanda. Pois con toda seguranza non eran espontáneos senón pagos por el -infatigabel urdidor de intrigas coa fin de acordar no pobo portugués o daquela adormecido sentimento de "o perigo espanhol"- a meirande parte dos cartaces iberistas e vivas a Iberia que rompen de socato a tranquilidade

(20) V. por exemplo, os artigos aparecidos en "O Campeão Portuguez" de Londres -xornal editado polo frade exclaustrado José Liberato Freire de Carvalho- o 10 de xuño e 16 de setembro de 1820.

(21) 2ª ed., Porto, 1867, p. 320.

(22) Segundo unha correspondencia do representante da Agencia Fabra en Lisboa, datada o 12 de agosto de 1869, correspondencia que divulgaría a imprensa española, Fernández de los Ríos recebera instrucions para propor a D. Luis I, no caso de que aceitase a coroa española, as seguintes condicións: "Portugal e Espanha conservariam a autonomia sob o cetro do rei D. Luís. Os ministérios de cada uma das nações seriam independentes excepto os da Guerra e Fazenda. O rei residiria em Madrid mas iria a Portugal para presidir a abertura do Parlamento. Numa palavra Espanha e Portugal seriam o que hoje são a Áustria e a Hungria". Desmentida a noticia por Fernández de los Ríos, a "Correspondencia de España", órgano da candidatura de Montpensier, insistía aínda um mes máis tarde: "La cuestión quedó, pues, regulada del siguiente modo: D. Luis de Portugal abdicará la corona que hasta ahora ceñía en su hijo primogénito. Este tendrá por tutor hasta su mayoría de edad a D. Fernando, el cual será nombrado regente del reino. Quedará establecido que en el hijo de D. Luis recaerán a su tiempo las coronas de España y Portugal conservando, sin embargo, cada Nación su autonomía, su administración y su parlamento".

da calma vida lisboeta logo que se comenza a falar das candidaturas lusitanas. Pero estes cartaces producen tal reación patriótica no pobo portugués (algúns dos supostos iberistas son botados ó Tejo, multiplícanse os artigos, folletos, libros e discursos contra a Unión Ibérica e a celebración do "Primeiro de Dezembro" toma, case dous séculos despois da Restauración da Independencia lusitana, un marcado carácter antiespañol) que fan inviábeis as devanditas candidaturas, deixando así o campo libre ó pérfido Duque.

Non podemos pensar, con todo, que esta raposeira utilización do iberismo sexa unha xenial invención de Montpensier. Na realidade o que el facía era continuar unha vella tradición iniciada nos comenzos do século XIX. Pois non só se serviron do temor portugués á Unión Ibérica aqueles Borbóns que, como Fernando VII ou Isabel II, nun determinado intre do seu reinado temeron verse substituidos por algún membro da Casa de Braganza senón tamén potencias estranxeiras como Francia ou Inglaterra temerosas de que a Península -fortalecida pola unión- saíse da súa situación de dependencia tocante a elas. Enormemente sospeitosa resulta, por exemplo, a noticia aparecida no "Times" de Londres o 25 de xuño de 1819 de que Portugal ia ser anexionado a España, a cal, en troques, cedería a Inglaterra a illa de Cuba, ademais de dous portos. E proba do receo que ó mais antigo aliado de Portugal lle producía calquer tipo de colaboración lusoespañola é o feito de non terse permitido en 1830 a incorporación de Saldaña cun grupo de voluntarios portugueses ó Exército de Mina nen, en 1832 e 33, a participación dos emigrados liberais españois de Gran Bretaña nas expedicións de D. Pedro e de Napier. Ainda máis, cando en 1834 Espoz e Mina desembarca de incógnito no Porto, xa en poder dos seus correlixionarios lusitanos, é expulsado por estes a consecuencia das presións que exercen os gobernos británico e francés. Porque tamén Francia -que desde había séculos interviña constantemente nos asuntos españois prefería calquera cousa á unión das duas coroas da Península nunha mesma testa -como o propio Luis Felipe confesara ó Conde de Colombiu (23).

¿Quer isto dicir que no Portugal do século pasado non había verdadeiros iberistas? Efectivamente eran menos e estaban máis condicionados polas circunstancias do que se cría deste lado da fronteira. Porque, aínda considerando unha fatalidade histórica a unificación final da Península, supeditaban a aceitación da mesma ó triunfo do sistema político de que eran partidarios: república ou monarquía. E a España que amaban e á que non lles importaría que o seu país se unise levaba sempre un adxectivo definidor: era a España absolutista, a España liberal, a España republicana, a España socialista... Na realidade -pasada a epidemia iberista dos anos cincoenta na que ó utilitarismo rexenerador hai que engadir o idealismo inxenuo dun grupo de mozos (24) feliz ante a perspectiva dun mundo sen

(23) Contao o propio Cea Bermúdez nun Despacho datado en París a 21 de Setembro de 1833.

(24) Tanto Henriques Nogueira como Latino Coelho -que en 1851 traducira *La Iberia* de D. Sinibaldo Mas baixo o pseudónimo de "um philo-ibérico", engadíndolle un prólogo no que se alviscaba xa un iberismo menos conservador que o do autor do libro- e José Maria do Casal Ribeiro -que en 1853 ou 54 defendia a ideia duma república federal ibérica nun artigo aparecido na "Revue Lusitanienne" (que editaba en Lisboa un exilado do golpe de estado bonapartista do 2 de decembro, Ortaire

guerras- o que atopamos pola banda portuguesa non é tanto iberismo como amor a España, admiración pola súa Cultura, conciencia do beneficiosa que resultaría para os dous Estados peninsulares a sua colaboración nos campos económico e intelectual (ainda máis no primeiro deles con vistas á formación dun futuro *Zollverein* ibérico e ata iberoamericano).

Compre ter en conta tamén o factor etario. Moitos dos iberistas que se citan sempre en España -Latino Coelho, Casal Ribeiro, Antero de Quental, Oliveira Martins- forono só cando eran estudiantes ou profesionais ainda non integrados no sistema e, convertidos máis tarde en políticos influintes ou intelectuais famosos, renegarían dos seus ideais de mocidade, que inxenua pero moi inoportunamente lles están continuamente a lembrar os admiradores do outro lado da fronteira como se as persoas non tivesen dereito a cambiar de xeito de pensar co correr dos anos.

Non debemos esquecer tampouco que a súa proxectada «Federación de Repúblicas Ibéricas» era vista tan só como un primeiro paso -que por certo se consideraba bastante doado dar- para a constitución da Unión da Europa Latina, que confederándose coa Xermánica e Anglosaxona daría lugar ós «Estados Unidos de Europa», preludio a sua vez desa «Unión Universal dos Pobos» que remataría, e de xeito definitivo, con tódolos conflitos internacionais que ata entón asolaran á Humanidade e daría cabo da esgotadora carreira dos armamentos, permitindo que os recursos económicos dos pobos se utilizasen para o seu propio benestar (25).

¿Como se explica entón a falta de perspicacia española para distinguir a utopía dunha solución política viábel, para diferenciar o iberismo da simple simpatía ou interés por España, falta de perspicacia que obstaculiza ata no terreno cultural calquera iniciativa tendente á aproximación dos pobos peninsulares e reporta graves complicacións sociais e traumas psicolóxicos a aqueles portugueses que amaban o país veciño sen quereren por iso deixar de ser portugueses? Tal vez polo feito de que moitos españois proxectaban sobre os cidadáns do outro Estado da Península os seus propios anceios. Anceios que, aínda con raíces en diversas frustacións históricas, compartían o españolismo ideolóxico e os nacionalismos periféricos. Porque, se o primeiro trataba de mitigar, coa convicción de que había de chegarse no futuro a unha Iberia unida, a dor que lle producía unha ferida ainda non cerrada a pesar dos tres séculos que transcorreran desde a Restauración da independencia lusitana, os segundos vían na integración nunha nova estrutura política peninsular da única nacionalidade ibérica que fora capaz de resistir a presión centralizadora de Castela unha oportunidade de obter maiores cotas de autonomía e libertade para os seus pobos. Por iso, non só os políticos de Madrid senón tamén a intelectualidade catalá e galega (ignoramos por enteiro o que acontecía coa vasca) crían que estaban a tratar con xigantes cando o que había eran moiños de vento.

Fournier), e en varios do xornal "O Progresso", que dirixía o seu irmán bastardo José Carlos Caldeira, editor portugués da obra de D. Sinibaldo Mas- tiñan nacido en 1821.

(25) É isto o que acontece durante a crise do Ultimatum como pode verse no meu libro *A Espanha ante o Ultimatum*, Lisboa, 1975, pp. 74-81 y 111-122.

ÍNDICE XERAL

TOMO I

LIMIAR 5

BIOBIBLIOGRAFIA 7

F. FERNÁNDEZ REI, O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego 15

I. LINGÜÍSTICA

Mª. C. ARES VÁZQUEZ, O pronome persoal suxeito na prosa galega medieval 49

R. BALTAR VELOSO, Una pescadilla filológica 57

Mª C. BARREIRO GARCÍA, Contribución ó léxico medieval da construcción en galego 59

L. BLANCO RODRÍGUEZ, Léxico de Náutica na narrativa de Alfredo Conde 67

J. BLANCO VALDÉS, Sobre problemas no tratamento descriptivo da palabra composta 73

M. BREA, Aproximación ó estudio das palabras compostas 77

F. A. CIDRÁS ESCÁNEO, As construccións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización 101

X. H. COSTAS GONZÁLEZ, O sufixo -EIRO con valor individualizador no suroeste galego 127

A. Mª DOMÍNGUEZ FERRO, Aproximación al "contrasto" de Cielo D'Alcamo. Estudio de los rasgos lingüísticos sicilianos 133

M. FERNÁNDEZ PÉREZ, Consideraciones en torno al género en español 149

E. FIDALGO FRANCISCO, A onomatopeia como creadora de denominacións da chuvia/chover 163

T. GARCÍA-SABELL TORMO, Puntualizacións á influencia da escola trobadoresca provenzal no léxico da lírica galego-portuguesa 171

X. Mª GÓMEZ CLEMENTE, Notas sobre a expresión concesiva no galego medieval 179

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Unha mostra do tratamento da *Homonimia* nos diccionarios galegos 199

V. JACOMUZZI, Dire l'indicibile: Il neologismo nel *Paradiso* dantesco 215

T. JIMÉNEZ JULIÁ, Elipsis nominal y no realización en español 223

J. LAGO GARABATOS - M. LÓPEZ DÍAZ, À propos de l'allusion publicitaire 243

Mª X. LÓPEZ CASTRO, Unha mostra da fala de Lier (Sarria) 249

R. Mª LÓPEZ GATO, A negación total ou conexional en galego medieval 269

Mª S. LÓPEZ MARTÍNEZ, A propósito dalgunhas estructuras sintácticas do verbo *mandar* en galego 283

H. MONTEAGUDO, A modernización do léxico galego en *Sempre en Galiza* e a norma léxica do galego culto actual 293

E. MONTERO CARTELLE, La trayectoria y el origen del pleonasmo en la expresión concesiva del castellano medieval y clásico 321

Mª D. OLIVARES VAQUERO, Contribution à l'étude de la répétition 337

Mª N. DE PAULA POMBAR, Vicente Risco e o seu proxecto dun *Diccionario ideolóxico da lingua galega* 347

J. PENA, Consideraciones en torno a la *palabra* y al *morfema* 365

L. PINO SERRANO, La forme latina "UNUS" et l'article dit "INDEFINI" 375

Mª R. PORTELA YÁÑEZ, Algunas muestras de cambios semánticos atribuibles a la influencia del cristianismo 385

H. POUSA ORTEGA, O fenómeno da ditongación goianesa. Características principais 403

J. REDONDO, La adaptación ática de ὡς como conjunción final a partir del s. V a.C., en una nueva perspectiva 419

E. RIVAS QUINTÁS, Familias léxicas e campos semánticos prerromanos 427

X. L. RODRÍGUEZ, Algúns vocábulos e expressões de Cerveira 443

G. ROJO, Frecuencia de fonemas en español actual 451

Mª D. SÁNCHEZ PALOMINO, A alternancia *on/l'on* nun *corpus* dos séculos XIV e XV 469

I. SÁNCHEZ REGUEIRA, Español coloquial na gramática de Mathias Kramer (s. XVII) 483

A. SANTAMARINA, De lexicografía galega. Un diccionario máquina 491

A. VEIGA, Sobre a decadencia do subxuntivo en prótases condicionais en galego e español e a subxuntivización da forma *cantara* 497

TOMO II

II. HISTORIA EXTERNA, HISTORIOGRAFIA, SOCIOLINGÜÍSTICA

X. ALONSO MONTERO, O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s) 7

R. ÁLVAREZ BLANCO, Á procura dunhas bases para a unificación: A contribución de Antonio Couceiro Freixomil 19

A. I. BOULLÓN AGRELO e F. R. TATO PLAZA, A cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago: datos para a historia dunha reivindicación 33

E. X. GONZÁLEZ SEOANE, Ideas sobre a fragmentación dialectal do galego no século XIX 55

X. GRAÑA NÚÑEZ, Aproximación ó castelanismo 69

Mª C. HENRÍQUEZ SALIDO, Contributos para umha história da lingüística galega (1964-1974) 83

C. HERMIDA, A consideración social do galego no século XIX e os intentos de modificala 95

C. LÓPEZ TABOADA, Un *Appendix Probi* na Galicia do XIX 105

R. MARIÑO PAZ, Estudios, informacións e ideas sobre o galego entre os séculos XVI, XVII e XVIII 125

X. MAURE, Un enfoque dos problemas ortográficos da lingua galega 135

Mª C. NOIA CAMPOS, Aspectos gráficos e lingüísticos na transcrición do século XVIII duns documentos medievais 145

X. L. REGUEIRA FERNÁNDEZ, A contribución alemana á lingüística galega 155

M. A. RODRÍGUEZ NEIRA, Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia 179

M. TABOADA, Primeras fuentes de la gramática de la R.A.E. de 1771 (1ª edición) 195

Mª J. VÁZQUEZ LÓPEZ, A lingua na radio galega 211

III. FILOLOXÍA E LITERATURA MEDIEVAIS

G. AVENOZA, Traducciones y traductores. El libro de Valerio Máximo en romance 221

C. F. BLANCO VALDÉS, La tençon entre Joan Baveca y Pedr'Amigo de Sevilha a la luz del *De amore* de Andreas Cappellanus 231

A. BOILÈVE-GUERLET, La *Danza general de la muerte* dans le contexte de l'Europe medievale 243

J. CASAS RIGALL, Notas sobre la *annominatio*. Sus valores en la poesía amorosa de Jorge Manrique 259

E. CORRAL DÍAZ, A denominación *dona* nas cantigas de amigo 275

X. L. COUCEIRO, Notas a unha cantiga dionisíaca 285

J. M. DÍAZ DE BUSTAMANTE, Sobre la tradición elocutiva en las cantigas con textos latinos de los Cancioneros gallego-portugueses 293

F. FERNÁNDEZ CAMPO, La estética de la violencia en Bertran de Born 309

C. FLORES, Sobre unha adiviña galega e as súas relacións cun *fabliau* do século XIII 315

I. GONZÁLEZ, La comparazione nel *Paradiso* dantesco 319

P. LORENZO GRADÍN, A pastorela peninsular: cronoloxía e tradición manuscrita 351

R. LORENZO, Un documento galego de 1466 361

X. I. PÉREZ PASCUAL, A narración das cruzadas da *Crónica xeral de 1404* 387

E. SÁNCHEZ TRIGO, El mundo natural en *Flamenca* 393

J. Mª VIÑA LISTE, De los sos oios tan fuertemientre llorando... 401

IV. LITERATURA MODERNA E CONTEMPORÁNEA. TEORÍA DA LITERATURA

A. AZAUSTRE GALIANA, La amplificación en *Virtud militante*, de Francisco de Quevedo 417

D. BLANCO PÉREZ, Un novo capítulo na historia literaria de Galicia: José Casal Lois 435

X.Mª DOBARRO, Dous poemas inéditos de Alberto Camino 443

A. FIGUEROA, Outras lecturas dende a nosa cultura 451

L. IGLESIAS FEIJOO, El estreno de *Aguila de Blasón* de Valle-Inclán en 1907 459

M. MÍGUEZ BEN, Rosamond Lehmann: *The Echoing Grove* y la alusión literaria 473

Y. NOVO, El ciclo temático penitencial en las *Rimas sacras* (1614) de Lope de Vega 485

A. POSES SOBRAL, Relatos intercalados y narraciones en el *Quijote* y el *Orlando Furioso* 499

Mª C. RÍOS PANISSE, Sobre o estilo de *Devalar* 519

X. M. SALGADO, Unha fenda de luz n'*Os camiños da vida*, de Otero Pedrayo 545

B. VARELA JÁCOME, Estrategia narrativa de Valle-Inclán, en *La media noche* 553

D. VILAVEDRA, A moura na literatura popular galega: Achegamento antropolóxico e estructural a algúns relatos 567

D. VILLANUEVA, Vixencia actual da *Literaturwissenschaft* 577

V. MISCELANEA

J. Mª FOLGAR DE LA CALLE, Antonio Rey Soto e o cinema 593

P. VÁZQUEZ CUESTA, A pantasma do iberismo no Portugal do século XIX 619